



Facultade de Filoloxía

Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e
Lingüística Xeral

Contra a morte das linguas: o caso do galego

TESE DOUTORAL

Miguel Moreira Barbeito

Santiago de Compostela

2011



Facultade de Filoloxía

Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e

Lingüística Xeral

Contra a morte das linguas: o caso do galego

Tese de doutoramento realizada por Miguel Moreira Barbeito baixo a dirección da

Dra. Teresa Moure Pereiro

Asdo. Miguel Moreira Barbeito

Vº e pr. Dra. Teresa Moure Pereiro

Santiago de Compostela, 2011

Creerán algú que porque, como digo, tentéi falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léngua. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra e na nosa léngua [...].

Rosalía de Castro, prólogo de *Follas Novas*.

Esta tese doutoral realizouse ao abeiro do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Icite (2006-2010), da Consellaría de Economía e Industria, concretamente no Programa *María Barbeito* de axudas a contratos predoutorais de formación de doutores (DOG de 13 de agosto de 2008 e DOG de 8 de outubro de 2010), entre decembro de 2008 e xuño de 2011. O presente traballo inscríbese, asemade, dentro do Proxecto de Investigación GI-1944 *Linguaxe, retórica e ideoloxía*, cuxo investigador principal é o Dr. J. J. López Rivera.

Non podo deixar expresar a miña gratitude á Dra. Teresa Moure e agradecer todo o labor desenvolvido por ela, sobordando con moito o que cabería agardar da dirección dunha tese de doutoramento, achaiando as pexas que se presentaban no camiño e acompañándome en todas as súas etapas. O seu consello, a súa axuda, o seu propio exemplo e, en suma, a súa amizade, contribuíron á conformación deste traballo, que de seguro non existiría de non ser ela a miña mentora. Asemade, esta tese doutoral é o resultado dun proceso de aprendizaxe que arrincou no terceiro curso da licenciatura, cando nas súas aulas fiquei abraiado dun xeito, para min novidoso, de facer lingüística. Por todo isto, este agradecemento non se limita á presente investigación —que tamén, claro—, senón que abrangue as etapas previas que determinaron, sen dúbida, este traballo.

Tamén me gustaría agradecer á miña nai, María, e ao meu pai, Miguel, por apoiar sempre e en todas as acepcións da palabra esta tese de doutoramento; pois foron —e son— o asentamento, o fundamento e a base, en que esta descansa. Mesmo nos momentos máis difíciles, cando o desánimo propiciaría o abandono dunha tarefa como a investigadora, tan apaixonante como complexa e, por veces, escura. Actuaron desde o comezo como firmes promotor@s da investigación, dando unha auténtica lección ás institucións sobre o verdadeiro significado do concepto de compromiso.

Vaia por diante o meu agradecemento á miña compañeira, Gema, porque non sempre é doado compartir a vida cunha persoa embarcada na elaboración dunha tese de doutoramento, por ser este un traballo absorbente que non entende de horarios. Ao aceptar o roubo de parte do noso tempo, demostrou, sobradamente, que a paciencia é unha gran ciencia.

Tamén ás miñas irmás, Natalia e Carmen, e á miña familia toda, un verdadeiro clan onde as persoas máis vellas aprendéronme o cariño polo que é noso, e as máis novas mostráronme que hai razóns abondas para sermos optimistas. A miña gratitude ás persoas queridas e ás verdadeiras amizades que xurdiron neste percorrido tanto dentro como fóra da facultade. Mais tamén quería agradecer a aqueloutras que, sen o saberen, contribuíron a que esta tese sexa como é por medio de conversas, confidencias, discusións, debates ou foros para matinarmos as ideas; colaborando, en fin, no proceso de fornecemento de novo coñecemento, que constitúe o xermolo de toda investigación.

A todas elas vai dedicada esta tese de doutoramento.

Finalmente, fago constar que todos os erros, incongruencias e *lapsus linguae*, que de seguro se detectarán neste traballo, son unicamente responsabilidade miña.

Índice

Resumo	15
Introdución	21
1. Como afronta a lingüística, como ciencia, a perda da diversidade lingüística. Perspectiva histórica e posibilidades de actuación reais	27
1.1 Estado da cuestión. A epistemoloxía lingüística a debate: a lexitimación da lingüística teórica para intervir no proceso de perda da diversidade lingüística	27
1.1.1 <i>Doxa e episteme</i>	27
1.1.2 A lexitimación da lingüística	31
1.1.3 As pexas do sistema	33
1.1.4 A investigación científica	38
1.1.5 O método científico	44
1.2 Mitos e realidades manipuladas	50
1.3 Discusión conceptual	55
1.3.1 Desacordo terminolóxico e causas da morte de linguas	55
1.3.2 A linguo-diversidade nas enciclopedias, manuais e atlas lingüísticos	58
1.3.3 As causas reais da substitución lingüística	63
1.3.3.1 T. Skutnabb-Kangas	63
1.3.3.2 C. Junyent	65
1.3.3.3 R. M. W. Dixon e a análise da linguo-diversidade desde as antípodas	69
1.3.3.4 N. C. Dorian e o concepto de <i>semi-falante</i>	70
1.3.3.5 C. Hagège	72
1.3.3.6 O criterio numérico	77
1.3.3.7 O concepto de <i>derradeir@s falantes</i>	79
1.4 A morte das linguas e a(s) postura(s) da lingüística	81
1.4.1 Visións contrarias á perda da diversidade lingüística	82
1.4.1.1 O dominio do inglés	82
1.4.1.2 Os universais da linguaxe	86
1.4.1.3 Bio- e linguo-diversidade	94
1.4.1.3.1 O dilema da <i>persoa prisioneira</i>	99
1.4.1.4 O <i>lingüicidio</i>	106
1.4.2 Visións proclives á perda da diversidade lingüística	116

1.4.2.1 A ilexitimidade do ataque á diversidade	116
1.4.2.2 Revisión das causas da morte de linguas	120
1.4.2.2.1 Desaparición natural dunha lingua: os casos das provincias de Saundum (Papúa Nova Guinea) e Nariño (Colombia)	121
1.4.2.2.2 Desaparición motivada dunha lingua: o caso do haitiano	122
1.4.2.2.3 A cosmovisión e a hipótese de relatividade lingüística	124
1.4.2.2.4 Identidade lingüística e nacional	127
1.4.2.3 S. S. Mufwene e o argumento da creación de novas linguas	131
1.4.2.4 A terminoloxía da morte	136
1.4.2.4.1 O paradigma da morte das linguas	138
1.4.2.4.2 O paradigma do xenocidio lingüístico	140
1.4.2.4.3 O tema da morte na lingüística galega	141
1.5 Linguo-diversidade e economía	153
1.5.1 O carácter antieconómico das linguas minoritarias	153
1.5.2 Novos principios económicos	163
1.5.3 O <i>imperialismo lingüístico</i>	166
1.5.4 A economía da linguaxe, a rotura do hermetismo social e a teoría dos vasos comunicantes	169
1.6 Conclusión	172
2. Dereitos lingüísticos	175
2.1 O dilema da persoa falante dunha lingua minorizada	175
2.1.1 A necesidade dunha ética das linguas	176
2.2 A interpretación tradicional dos dereitos (humanos e lingüísticos)	180
2.2.1 A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos	186
2.2.1.1 Consideracións iniciais: moderación e eurocentrismo	186
2.2.1.2 A territorialidade dos dereitos lingüísticos na DUDL	191
2.2.1.3 Dereitos individuais inalienábeis e dereitos colectivos na DUDL	192
2.2.1.4 As linguas minoritarias e o status de oficialidade na DUDL	194
2.2.1.5 A vinculación da DUDL coa <i>Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias</i>	201
2.2.1.6 O multilingüismo na Unión Europea	203
2.2.1.7 O caso de Austria	217
2.2.1.8 Confusións terminolóxicas	218

2.2.1.9 O trato da topoantroponimia, a etiquetaxe e a publicidade na DUDL	219
2.2.1.9.1 A controversia da toponimia e o caso de A Coruña	219
2.2.1.10 A DUDL como punto de partida	224
2.3 Presentación dun novo paradigma máis abarcador	226
2.3.1 Unha nova re-interpretación do concepto de <i>individual</i>	226
2.3.2 Unha nova re-interpretación do concepto de <i>nación</i>	231
2.3.3 Unha nova re-interpretación do concepto de <i>dereito lingüístico</i>	235
2.3.3.1 A ilexitimidade do dereito-a-non-falar unha lingua	237
2.3.3.2 W. Kymlicka e os dereitos individuais diferenciados en función do grupo	239
2.3.4 Un novo paradigma	243
2.3.4.1 Novos conceptos	245
2.3.4.2 A discriminación positiva	246
2.3.4.2.1 A desigualdade do liberalismo capitalista	248
2.3.4.2.2 O racismo ou a discriminación da poboación negra	249
2.3.4.2.3 O sexismo ou a discriminación das mulleres	250
2.3.4.2.4 A teoría da antidiscriminación	251
2.3.4.2.5 As medidas de acción positiva en contextos de conflito lingüístico	252
2.3.4.2.6 Resulta tan positivo aplicarmos medidas de acción positiva?	256
2.3.4.3 As linguas como elementos básicos de cohesión social	261
2.3.4.4 O caso da antropóloga	263
2.3.4.5 A hipótese da linguo-diversidade	265
2.3.4.5.1 As hipóteses refutadas	265
2.3.4.5.2 A formulación da hipótese definitiva	266
2.3.4.5.3 A lexitimación do trato desigual e as medidas de acción positiva	268
2.3.4.5.3.1 A importancia do entusiasmo	274
2.3.4.5.3.2 A cuestión da lingua: un tema de opinión social	276
2.3.4.5.4 O individual fronte ao colectivo: dúas realidades complementarias	285
2.3.4.5.4.1 A problemática do colectivo	287
2.3.4.5.4.2 As xeracións de dereitos humanos	294
2.3.4.5.5 O emprego ilexítimo dos dereitos lingüísticos	297
2.3.4.5.6 O mito do español	303
2.3.4.5.7 A opción <i>mixta</i>	306
2.3.4.5.8 O galego e a inmigración	311

2.3.4.5.9 Os dereitos positivos e negativos e a interpretación do individuo como minoría cultural	316
2.4 Os dereitos lingüísticos e os movementos altermundistas. Todas as revolucións están conectadas	318
2.4.1 O compromiso do pensamento ético responsábel	318
2.4.2 A ecolingüística	321
2.5 Conclusión	341
3. Planificando (lingüisticamente)	343
3.1 A importancia da consolidación do estándar en política lingüística	350
3.1.1 O galego no ensino	355
3.1.2 Unha ingua de calidade	360
3.2 Proposta de planificación lingüística para o galego actual	365
3.2.1 Contexto de aplicación	366
3.2.2 Persoas a quen se destina	371
3.2.3 Recursos	371
3.2.4 Obxectivos	372
3.2.4.1 Obxectivos xerais	372
3.2.4.2 Obxectivos específicos	373
3.2.5 Cronoloxía	374
3.2.6 Axentes normalizadores	375
3.2.7 Avaliación	375
3.2.8 Proposta dobremente ecolóxica	375
3.3 Conclusión	376
Recapitulación	379
Referencias bibliográficas	485
Anexo I. Índice de cadros e gráficas	415
Anexo II. Imaxes de <i>De cabeza</i> , de C. Guo-Qiang	416
Anexo de lexislación	417
Anexo de xurisprudencia	419

Resumo

O presente traballo de investigación procura unha aproximación ecolóxica ao proceso de morte de linguas, baseándose nun modelo metodolóxico que vai do xeral ao particular. En efecto, primeiramente analizamos a situación das linguo-diversidade a nivel planetario, incidindo nas causas que o motivaron, as distintas explicacións que se deron a este fenómeno ao longo do tempo, así como a descrición da situación actual e as súas posibilidades de futuro. En segundo lugar, nos circunscribimos ao contexto concreto dunha lingua minorizada que se atopa aínda hoxe inserida nun proceso de substitución lingüística, como é o caso do galego.

A situación actual da lingua galega, que responde a un proceso histórico de substitución lingüística iniciado polo español, determina que a lingua propia do país sobreviva no seu territorio como minorizada no contexto de conflito lingüístico. Mais para chegarmos até aquí e propoñermos alternativas para a redignificación do nosa lingua, en particular, e das demais minorizadas, en xeral, cómpre detérmonos nalgúns aspectos previos, que en principio poden resultar rechamantes, mais que finalmente a súa vinculación adquirirá significado.

Esta investigación comeza cunha breve introdución, construída en forma de convite para que todas as persoas que se acheguen a ela non dubiden e se entreguen a súa lectura, recomendando en todo momento unha predisposición para deixarse levar polo sendeiro deseñado, con independencia de que ao seu remate poidan concordar ou non cos argumentos expostos. Asemade, neste apartado tratamos de explicar os motivos, tanto biográficos como intelectuais, que determinaron a elección do propio tema desta investigación como o trato que dela se fai; salientando as causas da vinculación de conceptos que poidan resultar máis discordantes.

O primeiro capítulo está dedicado a cuestións xerais relacionadas coa propia natureza do fenómeno de morte de linguas a nivel planetario. Este feito responde ao trato que facemos do tema central da tese sempre desde a perspectiva da lingüística xeral. Deste xeito, comezamos cun estado da cuestión da ciencia actual, incidindo nunha serie de aspectos conflictivos que, ao noso modo de ver, cómpre solventar para evitarmos que a investigación se transforme nunha simple acumulación de coñecemento preexistente. Por ese motivo consideramos oportuno traermos aquí cuestións epistemolóxicas, aínda que en principio poida semellar que se arredan do que cabería agardar dunha tese de doutoramento como esta.

Por moito que poida semellar que o interese pola diversidade lingüística é un aspecto característico das últimas décadas, o certo é que esta cuestión inspirou moitas preguntas e inquedanzas na maior parte das culturas desde hai séculos, ou mesmo milenios. Por este motivo consideramos oportuno realizar un percorrido por algunhas das interpretacións mitolóxicas sobre a linguo-diversidade, co obxectivo de comprobarmos como foi asumida en diferentes e distantes tradicións. Ao mesmo tempo, tamén procuramos analizar as posíbeis repercusións destes mitos no pensamento actual, así como o uso consciente que o poder fixo deles. Con todo, pode que resulte sorprendente comprobar que non todas as culturas o fixeron dun mesmo xeito, tal e como teremos ocasión de ver.

Doutra banda, baixo o noso punto de vista resulta oportuno analizarmos as diferenzas terminolóxicas existentes no eido da morte de linguas. Entendemos que é unha cuestión necesaria porque as palabras que empregamos para nomearmos calquera aspecto da realidade manifestan a nosa postura ante esa cuestión, moito máis nun asunto tan connotado como a diminución da diversidade lingüística que define o momento actual; de tal xeito que atopamos notábeis diferenzas en función do grao de implicación que teñamos coa recuperación da linguo-diversidade. Así, por exemplo, unha persoa non motivada coa recuperación das linguas minorizadas non describirá o proceso mediante conceptos como *asasinato de linguas* ou *lingüicidio*, empregados por aquelas outras verdadeiramente comprometidas.

Unhas razóns semellantes ás que implican o emprego dun tipo de terminoloxía ou outro, determinan tamén a presenza ou ausencia do propio fenómeno da morte de linguas nas diferentes obras de consulta, manuais, atlas ou monografías, no eido da lingüística. Son moitos os textos que, querendo silenciar a drástica redución da diversidade lingüística, optan por ignorar esta cuestión fundamental que sen dúbida vai determinar non só o estado da lingüística como ciencia, senón tamén da propia facultade da linguaxe humana.

Dentro da lingüística podemos diferenciar, a grandes trazos, dúas liñas en función da súa postura perante o proceso de morte de linguas. Deste xeito distínguense dunha banda, aquelas persoas que consideran a diminución do número de linguas do mundo como un feito inaceptábel, e, doutra banda, as que se mostran favorábeis á perda da diversidade lingüística. Dentro das primeiras, a maior parte delas coincide en sinalar o incesante avance das linguas maioritarias como causa da

morte das linguas minorizadas; tanto a nivel local, onde se producen os conflitos directos entre a lingua oprimida e aquela outra que procura estenderse no seu territorio, como a nivel global, en que a expansión dunha lingua natural para a comunicación internacional motiva, tamén, a drástica redución da diversidade lingüística. Novamente incidimos nas causas da diminución da diversidade lingüística, salientando que as desaparicións motivadas por axentes naturais non son representativas do concepto de morte de linguas característico desta investigación.

Neste apartado salientamos, máis unha vez, a necesidade de vincularmos a ciencia e a ética, en xeral, e a lingüística e a ética, en particular. Ao noso modo de ver, resulta oportuno difundir socialmente un modo de actuar consciente e solidario, desbotando deste xeito o concepto de liberdade individual característico do liberalismo decimonónico, para espallar unha idea de compromiso colectivo. Cómpre incidir en que o fomento do ben común redanda, tamén, no beneficio a nivel individual. Por este motivo presentamos o dilema da persoa prisioneira, pois entendemos que na súa formulación recolle completamente este necesario cambio de mentalidade, promocionando a evolución do *eu* ao *nós*.

Por último neste capítulo, analizamos a relación existente entre a linguo-diversidade e a economía. Moitas veces se repetiu que neste mundo rexido polo sistema capitalista, as linguas minoritarias resultan antieconómicas e, por tanto, insostíbeis. Pois non só non producen novo capital, senón que resultan moi custosas para os grandes estados, ocultando o inmenso custe económico e social que implican os procesos de substitución lingüística desenvolvidos polas linguas dominantes. Mais o certo é que, baixo o noso punto de vista, existen diversas cuestións que non poden ser reducidas a criterios económicos. As linguas, os ríos ou o propio aire, non poden ser interpretados mediante principios económicos; non son caros nin baratos, simplemente se escapan desta consideración. Non poden ser as linguas as que se adapten aos principios da economía, senón a economía ás características das linguas.

O segundo capítulo desta investigación céntrase na categoría de dereitos lingüísticos, ao tempo que focaliza a atención en maior medida na situación concreta do galego, como exemplo de lingua minorizada. Ao mesmo tempo, continuando co paralelismo co eido da ética, propoñemos un dilema baseado nas persoas falantes de linguas minorizadas. Neste mesmo sentido, propoñemos unha ética das linguas, enunciando unha serie de principios éticos relativos ao respecto e á conservación de todas as linguas do mundo.

Dentro da análise da interpretación tradicional dos dereitos lingüísticos, incorporamos un apartado dedicado á Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos. Entendemos que, pese á súa moderación e eurocentrismo, constitúe un referente fundamental no recoñecemento dos dereitos lingüísticos a nivel internacional. Consiste nunha iniciativa de gran valor que pretendía tirar luz sobre un tema que até o momento pasaba desapercibido para a maior parte da poboación, como o é o recoñecemento da situación en que sobreviven ás máis das linguas do mundo. Esta declaración constitúe un fundamental punto de partida que cómpre valorar e considerar como se merece.

Posteriormente á análise da situación dos dereitos lingüísticos, presentamos o noso propio paradigma que pretende ser máis abarcador. Esta nova proposta fundaméntase na reinterpretación de tres conceptos, ao noso modo de ver, fundamentais, como son a noción de *individual*, de *nación* e de *dereito lingüístico*. Tal e como teremos ocasión de comprobar posteriormente, a especial relación entre os integrantes desta tríade determinará a formulación da hipótese principal desta investigación, denominada hipótese da linguo-diversidade.

Esta tese de doutoramento, do mesmo xeito que calquera outro traballo de investigación, posúe unha historia que non sempre responde a un modelo de evolución lineal. Moi ao contrario, en ocasións é preciso desbotar unha idea para podermos reconducir o camiño. Da mesma maneira, neste traballo tamén rexeitamos unha hipótese previa, ao comprobarmos que ficaba refutada polos datos. Decidimos non ocultar esta información incluíndo unicamente a hipótese definitiva, pois entendemos que toda investigación implica cambio e evolución, polo que os pasos previos, aínda sendo errados, serven para afianzar as etapas seguintes.

A hipótese da linguo-diversidade vén determinada por aspectos que poden semellar distantes, mais que realmente non o son tanto. Por exemplo, entre outros moitos, a interrelación entre o individual ou o colectivo, decisiva na formulación do noso concepto de dereitos lingüísticos; a importancia de difundirmos o entusiasmo para contribuír á conservación das linguas minorizadas; a teoría da antidiscriminación; ou o emprego terxiversado dos dereitos lingüísticos, que pretende lexitimar o abandono da lingua propia do lugar onde vivimos en beneficio da dominante que se impón no proceso de substitución lingüística.

Como peche deste capítulo incluímos un apartado centrado na vinculación da reivindicación dos dereitos lingüísticos cos movementos altermundistas. Dado que baixo o noso punto de vista todas as revolucións están conectadas, acreditamos na necesidade de adherirmos a loita pola conservación da linguo-diversidade a outras reivindicacións tamén lexítimas. Deste xeito, procuramos cinguir os argumentos da ecolingüística aos do ideario altermundista, sendo conscientes de que a fragmentación das revolucións característica do individualismo liberal as conduce inevitabelmente ao fracaso.

O terceiro capítulo deste traballo ocúpase da planificación lingüística. Sabemos que tradicionalmente as investigacións deste tipo non elaboraron aplicacións prácticas dos principios teóricos propostos, mais neste caso consideramos oportuno facer unha proposta de planificación da lingua galega que incluíse as ideas desenvolvidas ao longo dos capítulos precedentes. Deste xeito, a proposta que presentamos, respectuosa cos principios éticos salientados, fundaméntase en dous aspectos que son, ao noso modo de ver, fundamentais para a recuperación de calquera lingua minorizada nun proceso de substitución lingüística: a consolidación do estándar, e a difusión social dun modelo lingua de calidade. Ambos os dous aspectos, aínda estando intimamente relacionados, requiren a implicación de axentes normalizadores distintos: as institucións con competencias lingüísticas e o conxunto de falantes da lingua, respectivamente. O labor destes dous colectivos resulta igualmente importante, porque ningún deles abonda por si propio para acadar a plena normalización da lingua.

Por último, esta tese de doutoramento conclúe cun apartado dedicado á recapitulación das principais ideas desenvolvidas nela. Neste punto incidimos nos argumentos que poidan resultar máis proveitosos, quer pola súa importancia, quer pola orixinalidade do trato que lle outorgamos; analizándoos nesta última etapa do traballo desde unha perspectiva anovada, que vén determinada pola aprendizaxe adquirida no seu percorrido. Ao mesmo tempo, procuramos peneirar o coñecemento con tino empregando as ferramentas presentadas nesta investigación, co fin de evitarmos que fiquen silenciados aqueles aspectos da realidade que en verdade importan.

Introdución

Desde estas páxinas queremos facer un convite para realizarmos un novo camiño, un desafío para o que as persoas que o decidan acometer deberán estar preparadas non só física, senón tamén mentalmente. Ademais, cómpre que estean dispostas a se deixar guiar polo itinerario que previamente trazamos; porque por moito que en ocasións semelle que este se desvía do camiño tradicional, atravesando lugares agrestes que poidan resultar innecesarios, probabelmente adquirirá significado unha vez percorrido na súa totalidade. Pretendemos que aquelas persoas que nos acompañanen, se liberen dos prexuízos, e se deixen levar por esta peculiar ruta que escapa dos mapas convencionais, por suxerir novos xeitos de chegarmos a un mesmo fin.

Neste momento, pois, damos comezo á primeira fase desta aventura, polo que, tal e como acontece en todas elas, cómpre abastecérmonos daquilo que sexa oportuno. Se para a realización de calquera outro camiño resulta preciso prepararnos mediante pequenos paseos e adquirir os produtos necesarios, como un bo calzado e roupa axeitada para o tempo e o lugar escollidos, para esta ruta debemos procurarmos unha predisposición permeábel ás reflexións que todo camiño, tanto se é individual como colectivo, implica nas persoas que o protagonizan. Isto é, resulta necesaria unha actitude proclive, aínda que sexa só durante o tempo que dure o itinerario, ao proceder característico deste, co fin de percorrerlo de xeito máis proveitoso. Con independencia de se finalmente concordamos co itinerario suxerido, ou non.

Porén, antes de comezarmos este camiño compartido, convén aclarar algúns aspectos que poden resultar rechamantes, debido á súa aparente desconexión. Desde o propio título do traballo relaciónanse conceptos que posibelmente ficasen sen emparellar, como carreiros que non converxen, cando menos tal e como aquí o suxerimos. Con todo, en determinadas ocasións cómpre non collermos atallos, senón realizarmos todo o percorrido para contemplarmos unha mesma cuestión desde unha perspectiva anovada, diferente e máis ampla; isto é, desde un prisma que nos permita considerar novas vías para solventar as pexas do camiño que nos aflixen desde hai longo tempo.

No entanto, resulta necesario sinalar que a elección do tema para o desenvolvemento da presente tese de doutoramento non xorde dun acto espontáneo, senón que responde a un itinerario consciente, trazado conxuntamente coa directora desta, a Dra. Teresa Moure Pereiro, hai xa algúns

anos. Este itinerario está determinado fundamentalmente por dous factores: dunha banda, a motivación persoal e, doutra, unha inquedaanza intelectual. Ambos os dous condicionaron a elección do tema e fixeron posíbel que o traballo se inserise na escola lingüística liderada pola directora da tese, na Universidade de Santiago de Compostela.

Esta póla escindida da lingüística xeral caracterízase polo desenvolvemento da súa actividade —quer docente, quer investigadora— de xeito comprometido coa sociedade en que se sitúa, de tal xeito que sen abandonar os aspectos que afectan á disciplina a nivel planetario, non fica allea á problemática local, como o é, no noso contexto, a situación de conflito lingüístico en que se atopa a lingua propia do país. Esta actitude consciente resulta pouco usual, xa que a historia da ciencia en xeral, e da lingüística en particular, caracterízase por vivir de costas á realidade. De aí a visión xeneralizada que transcende das persoas dedicadas á investigación, concibidas socialmente como especialistas con bata branca, illadas do mundo, pechadas no interior dos seus gabinetes e, ás máis das veces, algo neuróticas.

Como dicíamos, o deseño desta ruta comezou hai algúns anos, concretamente no quinto curso da licenciatura. Nese momento establecemos tacitamente os alicerces deste proxecto, ao comezarmos esta entusiasta andaina elaborando unha análise dos dereitos lingüísticos mediante o traballo academicamente dirixido —T.A.D.— *Unha achega crítica á Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos*. O devandito traballo serviu, a un mesmo tempo, como unha primeira aproximación ao eido da investigación en si propia, así como ao tema dos dereitos lingüísticos, sempre desde a perspectiva dunha lingua minorizada dunha nación sen estado.

Simultaneamente, a colaboración, durante ese mesmo curso académico, co proxecto de investigación *Linguas do mundo: o inventario da linguo-diversidade* (Ref. PGIDT00PXI20406PR), cuxa investigadora principal era a Dra. Teresa Moure Pereiro, serviu para achegarnos á agónica situación en que sobreviven gran parte das linguas do mundo; salientando a necesidade de desenvolvermos estratexias dirixidas a estancarmos a perda da diversidade lingüística. Como resultado desta colaboración e máis da realización do T.A.D. obtivemos, fundamentalmente, dúas conclusións: o convencemento de querer continuar cubrindo etapas na carreira investigadora e a necesidade de afondarmos nunha cuestión de importancia radical, como o é a recuperación da linguo-diversidade, a nivel planetario, e do galego, a nivel local.

Xa na primeira etapa do doutoramento, profundamos no concepto de morte de linguas ao elaborarmos o traballo de investigación tutelado —T.I.T.— *A caída de Babel. A morte das linguas: o caso do galego*. Neste caso, abordamos o tema desde unha perspectiva global para nos circunscribir despois ao noso contexto, entendendo as moitas posibilidades que este proceder nos brinda. Por este motivo, a elección deste tema para a elaboración da tese doutoral constitúe a evolución lóxica desta carreira investigadora que agora comeza, pois a fusión da inquedaanza por frearmos a perda da diversidade lingüística e máis a análise e promoción da nosa lingua propia, constitúe unha constante nas etapas previas que forzosamente debería vertebrar este treito final do doutoramento.

Doutra banda, cómpre salientar que esta é —ou pretende ser— unha investigación entusiasta e positiva, redactada desde un prisma non catastrofista; convencida de que verdadeiramente existe un futuro certo para o galego, así como para o resto de linguas do mundo que se atopan nun contexto de conflito lingüístico. Por tanto, entendemos que os procesos de substitución lingüística non son definitivos, por moi avanzados que estean. Senón que existe sempre a posibilidade de os reverter en beneficio das linguas discriminadas nos seus territorios históricos.

Pretendemos superar a etapa dos lamentos e das queixas, dos malos agoiros característicos dunha etapa previa da lingüística. Con todo, non quere isto dicir que manteñamos unha actitude inxenua respecto do estado pasado, presente e futuro nin da linguo-diversidade, nin do galego, pechando os ollos á realidade. Senón que acreditamos firmemente na necesidade de manter unha actitude positiva para transmitirmos este entusiasmo e compromiso tanto ás persoas que, neste contexto, xa falan galego, como a aquelas outras que empregan español ignorando a lingua que o poder lles usurpou, tal e como despois teremos ocasión de desenvolver.

Como dicíamos, nesta investigación asociamos dúas nocións que tradicionalmente non se relacionan na lingüística, como son a morte de linguas e o caso concreto do galego. Este vínculo vén dado polo trato que facemos de ambos os dous temas; isto é, aplicando a tradición da lingüística xeral a un tema concreto. Porén, este é o proceder habitual na liña de traballo iniciada e desenvolvida pola Dra. Teresa Moure Pereiro na USC, polo que, como é lóxico, tamén o desta tese doutoral ao se situar dentro dela. Este modo particular de *facer ciencia*, caracterízase pola aplicación dos principios da lingüística xeral a cuestións diversas, como, por exemplo, a diminución

da diversidade, os dereitos lingüísticos —caso desta investigación— ou a linguaxe discriminatoria, entre outras moitas.

Por este motivo vinculamos estas dúas nocións, analizándoas baixo o prisma da lingüística realmente comprometida coa realidade. Nesta escola lingüística procuramos achegar un coñecemento que sexa realmente efectivo para solventar os problemas da sociedade actual. Deste xeito, ao entendermos que a dramática situación en que sobreviven moitas linguas do mundo fai perigar seriamente a linguo-diversidade, decidimos establecer esta cuestión como eixo central desta tese de doutoramento. Alén disto, somos conscientes de que no noso país vivimos desde hai longo tempo nunha situación de substitución lingüística que aboca á lingua propia á desaparición, nun curto período de tempo. Polo que decidimos, partindo da análise xeral da situación das linguas a nivel planetario, circunscribirmos ao caso concreto dunha delas, que se afana na actualidade por conseguir o espazo no mundo que lexitimamente lle corresponde: o galego.

Doutra banda, centrándonos especificamente na tese doutoral, resulta necesario comentarmos algúns aspectos para facilitar a súa lectura. Por exemplo, a estrutura. O presente traballo divídese en tres capítulos principais, enmarcados por unha introdución e máis unha recapitulación que o abranguen de xeito circular. O primeiro capítulo pretende elaborar un *statu quo* ecoloxicamente orientado. Constitúe unha aproximación a aspectos xerais, mais de grande importancia para establecermos a base en que se asenta esta investigación, como cuestións epistemolóxicas, o trato que as diferentes civilizacións fan da linguo-diversidade, as diferenzas terminolóxicas, as distintas posicións que adoptou a lingüística perante a diminución da linguo-diversidade ou a complexa relación que se establece entre a linguaxe e a economía.

O segundo capítulo céntrase na categoría de dereito lingüístico, abordándoo desde unha perspectiva ética. Ao adoptarmos o prisma da ecolingüística, esta investigación procura un equilibrio entre a lingüística e máis a ética, necesario, baixo o noso punto de vista, neste anovado enfoque que propoñemos para a análise da situación actual da linguo-diversidade. Deste xeito, neste capítulo incluímos unha proposta de ética das linguas, así como unha presentación do trato que tradicionalmente se fixo dos dereitos lingüísticos; a continuación presentamos o noso propio paradigma, onde convidamos á reflexión sobre conceptos fundamentais, para, de seguido, basearmos neles a elaboración da nosa hipótese de traballo. No último apartado relacionamos o contido desta investigación con distintos movementos altermundistas, dado que, baixo o noso punto

de vista, cómpre non compartimentar as reivindicacións lexítimas, sen importar do eido que sexan, senón unir os esforzos para acadarmos un mundo mellor.

O terceiro capítulo constitúe en si propio un feito non moi habitual nunha tese de doutoramento adscrita á área de lingüística, pois supón unha aplicación práctica dos principios teóricos desenvolvidos previamente no traballo. Porén, baixo o noso punto de vista, nunha investigación como esta non está de máis presentarmos, aínda que for unicamente de xeito conciso, unha aplicación real dos argumentos esgrimidos no traballo, nun contexto de substitución lingüística. Nun primeiro lugar, propoñemos unha reflexión sobre algúns aspectos previos a todo proceso de normalización lingüística, mais que deben estar necesariamente presentes, como a importancia de difundirmos socialmente o estándar así como o emprego dunha lingua de calidade. Constitúen cuestións que poden resultar evidentes para o conxunto de falantes dunha lingua plenamente normalizada, mais que non o son tanto para outras, que coinciden en ser as minorizadas nos seus respectivos territorios. Alén disto, incluímos unha breve proposta de planificación lingüística para a lingua galega, incidindo naqueles aspectos que, ao noso modo de ver, resultan máis importantes.

Por último, cremos que resulta necesario xustificar o feito de comezarmos esta tese doutoral facendo referencia a cuestións puramente epistemolóxicas, que en principio non estarían directamente vinculadas co tema central que nos ocupa. Porén, consideramos preciso dedicar algunhas páxinas a este asunto —pese a ser complexo— por entender que cómpre tamén adoptarmos desde a investigación comprometida unha postura ética a este respecto. Certamente, na actualidade existe unha tendencia xeneralizada a elaborar as achegas científicas sen seguir os principios metodolóxicos tradicionais. Moi ao contrario, preténdese facer da opinión e máis da erudición, coñecemento novo e non trivial. Esta tendencia, cada vez máis estendida, determina que moitas dos traballos científicos non sexan máis que unha concatenación de ideas ou argumentos preexistentes; ao tempo que, estas achegas non contribúen a resolver ningunha situación de conflito, senón que remiten a cuestións inocuas que non determinan o avance da sociedade.

Por este motivo, tal e como de seguido teremos ocasión de comprobar, incidimos na necesidade de traer aquí estas e outras cuestións metodolóxicas, incidindo na necesidade de difundirmos unha epistemoloxía lingüística, coa intención, sempre, de contribuír a mudar esta situación; pois nesta investigación apostamos en todo momento pola aplicación das ferramentas

científicas na resolución dos problemas concretos, como o é a diminución da diversidade lingüística.

Comecemos o camiño.

1. Como afronta a lingüística a perda da diversidade. Perspectiva histórica e posibilidades de actuación reais

1.1 A lexitimación da lingüística teórica para intervir no proceso de perda da diversidade lingüística

1.1.1 *Doxa e episteme*

Platón, no libro V da súa célebre obra a *República* (370 a. C. [2005: 477^a-478^d])¹, comenta:

-Logo, se hai intelección do que existe e necesariamente ignorancia do que non existe, respecto do que está entre ambos os dous, hai que buscar un intermedio de ignorancia e coñecemento, se é que algo así existe?

-Seguramente.

-Acaso chamamos “opinión” a algo?

-Como non?

-A unha capacidade diferente do coñecemento, ou a unha mesma cousa?

-A unha diferente.

-En consecuencia, a opinión aplícase a unha cousa e o coñecemento a outra, de acordo coa capacidade de cadaquén.

-Así é.

-Logo o coñecemento non se orienta por natureza ao que existe, isto é, a coñecer como é o que existe? [...] Dis que o coñecemento é unha capacidade, ou en que xénero o colocas?

-Nese -dixo-, e é a máis poderosa de todas as capacidades.

-E que? Colocaremos a opinión coa capacidade, ou con outra clase de cousas?

-Con ningunha outra cousa -dixo-, pois aquilo co que podemos opinar non é outra cousa que a opinión.

-Porén pouco antes aceptaches que o coñecemento e a opinión non son unha mesma cousa.

-Como podería alguén lúcido colocar na mesma categoría o infalíbel que o que non o é? -dixo.

-Ben -dixen eu-. É evidente, por certo, que acordamos que a opinión é algo diferente do coñecemento.

-Así é.

-Logo cada un deles, por ter unha capacidade diferente, se orienta por natureza a obxectos diferentes?

-Necesariamente.

¹ A versión en galego é nosa a partir da tradución ao español.

-E o coñecemento sen dúbida se orienta por natureza ao que existe, isto é a coñecer o que é tal e como é?

-Si.

-E dicimos que a opinión opina?

-Si.

-Acaso coñece o mesmo que o coñecemento? Así serán unha mesma cousa o cognoscíbel e o opinábel? Ou iso é imposíbel?

-É imposíbel -dixo-, a xulgar polo que acordamos. Se realmente unha capacidade específica se orientar por natureza a algo específico, e hai dúas capacidades diferentes, opinión e coñecemento, cada unha diferente da outra, segundo dicimos, de alí se deduce que non é posíbel que o cognoscíbel e o opinábel sexan unha mesma cousa.

-Se o que existir é cognoscíbel, o opinábel tería que ser algo diferente do que existir?

-Algo diferente.

-Acaso, entón, opínase sobre o que non existe? Ou é imposíbel mesmo opinar sobre o que non existe? Pensa: quen opina non refire a súa opinión a algo? Ou é posíbel á vez opinar mais non opinar nada?

-É imposíbel.

[...]

-Logo, está [a opinión] fóra destas capacidades, sobordando en claridade ao coñecemento ou en escuridade á ignorancia?

-Ningunha das dúas cousas.

-E acaso -dixen eu- che parece que a opinión é algo máis escuro que o coñecemento e algo máis claro que a ignorancia?

-Iso mesmo -dixo-.

-E sitúase entre as dúas?

-Si.

-Por tanto, a opinión é un intermedio entre ambas as dúas.

-Exacto, claro.

A filosofía platónica refírese, como vimos de ver, á distinción clásica entre *doxa* e *episteme*, ou se se preferir, entre opinión e coñecemento, cuxa estrutura básica estaba xa presente na filosofía grega anterior, por exemplo en Parménides. Ao mesmo tempo Platón salienta tamén a contraposición entre o que se chamou coñecemento metodolóxico ou científico e a erudición ou a opinión persoal. Este bipolarismo entre científicidade, empirismo e rigor, fronte opinión, conxectura e improvisación, callou fondo na clasificación dos saberes provocando que se construíse unha identidade elevada e superior para as ciencias experimentais ou *puras* e outra identidade inferior, menos importante, mesmo sen chegar ao nivel de ciencia, para os saberes humanos. Co devir do tempo a distinción entre ambos os dous eidos acrecentouse e mesmo adoptou claramente unha

postura de xénero tornándose así nunha dupla discriminación, en tanto que as ciencias experimentais deron en se considerar masculinas e apropiadas para os varóns, entrementes as humanas conceptualizábanse como femininas e máis acaídas para as mulleres.

O sistema patriarcal, que está tamén detrás das intencións de quen pretender prestixiar uns saberes en detrimento doutros, revestiu de cientificidade só un certo tipo de coñecemento por ser o que máis se aviña aos seus intereses. O prestixio que se enxerga nestes procesos de discriminación máis ou menos encubertos determina que a balanza do poder torne a se inclinar, máis unha vez, cara ao mesmo lado cando en realidade, tal e como T. Moure (2000: 40-41) salienta:

[...] boa parte do quefacer científico rodéase de procesos que non teñen nada que ver coa investigación. O químico pesa, mide e conta coma o comerciante, o botánico ou arqueólogo recollen mostras de datos cun rigor que tamén se observa no coleccionista.

No entanto o poder encargouse de establecer que cando un químico pesa, mide ou calibra faino dun xeito máis rigoroso, técnico e profesional que unha pasteira á hora de calibrar as cantidades para a súa receita, que non pasteiro, porque xa se sabe que son practicamente en exclusiva homes quen chegan a alcanzar postos de prestixio dentro da elite da gastronomía, por moito que foran (e sexan) mulleres quen desde antigo dedicaron vida, tempo e esforzo ao mundo da cociña no interior dos fogares. Por tanto, tamén esta é unha cuestión de xénero.

É así como a lingüística se tornou nunha disciplina herdeira dunha dupla discriminación: como saber relacionado coa doxa e máis como coñecemento feminino, ao mesmo tempo que se manifestaba perante os ollos do poder como unha disciplina pouco produtiva, en termos económicos, por non xerar beneficios a curto prazo nin resultar de aplicación directa para os intereses económicos do sistema capitalista, por moito que a ciencia non sempre teña que servir, no sentido capitalista da palabra, para algo. De aí que ficase, pois, sempre moi mal tratada nas estatísticas relativas ás saídas profesionais directas, de igual maneira que o resto das ciencias humanas, nesta estreita e perigosa vinculación entre coñecemento e mercado.

Aínda hoxe quen a lingüística se dedicar profesionalmente ten que se enfrontar adoito con situacións discriminatorias. Trátase dunha ciencia de segunda, supeditada académica e administrativamente á filoloxía, relegada e apartada dos contextos máis senlleiros e influentes da sociedade, mesmo cando o tema lle ocupar de xeito directo, como é o caso da perda da diversidade

lingüística, xa que, tal e como T. Moure (2000: 53) sinala, o ritmo ao que se están perdendo as linguas faladas na actualidade salienta a necesidade de desenvolvermos tarefas de normalización; ademais, se non entendemos que a teoría gramatical non se limita a analizarmos unhas poucas linguas de Occidente, en poucos anos desaparecerán ás máis delas. E a lingüística, do mesmo xeito que o resto de ciencias humanas, perderá gran parte do seu campo de traballo e da súa fonte de datos empíricos. O descoido da relación entre a teoría e a aplicación constitúe, de acordo con esta autora, un erro que condicionará a investigación dos vindeiros anos.

A este respecto xa o propio F. de Saussure (1917 [2005: 114]) salientaba que é obriga da lingüística como ciencia da linguaxe humana ocuparse da cada vez maior perda da diversidade lingüística e deste xeito comenta que:

A materia da lingüística é constituída, en primeiro lugar, por todas as manifestacións da linguaxe humana, tanto dos pobos selvaxes canto das nacións civilizadas, quer de épocas arcaicas, clásicas, quer de decadencia, a ter en conta en cada período non só a linguaxe correcta e a “linguaxe bela”, mais tamén todas as formas de expresión. E isto non é todo: fuxindo a linguaxe con moita frecuencia da observación, o lingüista deberá ter en conta os textos escritos, pois só eles o fan coñecedor dos idiomas pasados ou distantes.

Deixando a un lado a visión —que posteriormente se daría en denominar— estruturalista da lingüística propia de F. de Saussure, fica claro que o obxectivo principal desta como ciencia non é outro que o estudo da linguaxe humana. Así, como T. Moure (2000: 39) sinala:

Tal declaración pode parecer inocua pero, analizándoa con certo detalle, deixa translucir dúas inquietantes tomas de postura. En primeiro lugar supón que a lingüística, sexa o que for, é unha ciencia, o que reclama xa algunha explicación adicional. En segundo lugar, a disciplina autoxustifícase presentando o seu punto de vista como idóneo; ó erixirse na *verdadeira* ciencia da linguaxe aproxímarase mellor a este obxecto do que poidan facelo bioloxía, psicoloxía, antropoloxía ou filosofía, se houberse ocasión para a disputa. Ante semellante estado de cousas, convén reflexionar sobre o tipo de coñecemento que esta disciplina proporciona; noutras palabras, convén facer epistemoloxía da lingüística.

De aí que, como ciencia especializada nas linguas, cómpre que sexa esta cando menos unha das partes implicadas, senón a principal, no proceso de recuperación da linguo-diversidade. Logo de décadas analizando minuciosamente as linguas, por moito que na maior parte dos casos foran só algunhas das linguas da familia indoeuropea, a lingüística xa non é que estea lexitimada para

intervir directamente na recuperación do seu obxecto de estudo, senón que a súa participación no proceso constitúe un imperativo ético ineludíbel. Resulta necesario, pois, recuperarmos o espazo das linguas minorizadas roubado por parte das dominantes supón un deber moral de que a lingüística non pode evadir a súa responsabilidade, por moito que tradicionalmente o coñecemento teórico se preocupase moito por se manter afastado das súas correspondentes aplicacións prácticas.

1.1.2 A lexitimación da lingüística

Nunha situación global en que o número de linguas é a cada ano que pasa inferior ao precedente e nun contexto local caracterizado pola crispación lingüística entre a lingua propia minorizada, o galego, e a foránea, o español, mesmo desde ámbitos non relacionados con ela, a lingüística teórica ten que tomar posición necesariamente perante estas dúas situacións de xeito imprescindible adoptando sempre unha actitude de firme compromiso coas linguas minorizadas nos seus territorios historicamente definidos e precisadas de apoio, porque manter unha postura ética responsábel implica defender sempre as minorías, sexan do tipo que foren. O desenvolvemento de plans de normalización lingüística acaídos para cada lingua e contexto resulta unha tarefa imprescindible en que poden intervir outras disciplinas, mais á que a lingüística, como ciencia da linguaxe, non pode manterse allea, tal e como comprobaremos no capítulo terceiro desta investigación. Tamén a reivindicación do espazo físico roubado ás linguas minorizadas e a recuperación das funcións lingüísticas de que as linguas poderosas se apropiaron de xeito indebido constitúen aspectos básicos para pórmos freo á perda da diversidade lingüística en que a lingüística teórica pode facer achegas proveitosas como ciencia especializada, demostrando que a discriminación de que foi vítima por parte do patriarcado carece de fundamento nun mundo en que a igualdade na diferenza implícita na diversidade sexa respectada.

Tal e como veremos posteriormente, todas as revolucións están conectadas, e do mesmo xeito, pois, todas as discriminacións tamén o están. Non podemos considerar illadamente, como se de compartimentos estancos dun buque se tratar, a situación das linguas minorizadas, das ciencias humanas, das mulleres ou de calquera outro colectivo discriminado. Non podemos tentar comprender illadamente as motivacións que están detrás destas situacións de desequilibrio intencionado, en tanto que todas elas partillan un mesmo denominador común. O sistema capitalista patriarcal establecido desde hai séculos converteu todo o que nos rodea en mercadorías, ben sexan produtos, ben sexan persoas ou calquera dos elementos que conforman o ecosistema en que

vivimos. A extrapolación das leis do mercado para todos os contextos sociais supón unha ferramenta de gran valor para o poder establecido; con todo, resulta manifestamente perigoso para os colectivos explotados, discriminados e subestimados. Deste xeito, a sociedade constrúese para satisfacer os intereses do sector dominante, que non é en absoluto un ente abstracto, senón que ten unha cor de pel, un sexo, unha idade e mesmo unha orientación sexual determinados. É por iso que o mundo se constrúe en masculino en todas as esferas que poidamos imaxinar, mesmo naqueles aspectos máis sutís que poidan escapar aos ollos menos observadores, como a linguaxe, que tradicionalmente pasa por inocente para a sociedade en xeral, cando en realidade resulta completamente discriminatoria e sexista, tal e como veremos neste traballo.

A teoría feminista xurdiu co firme propósito de restituír ás mulleres o espazo que lexítimamente lles corresponde na sociedade en igualdade de condicións cos homes. As disciplinas humanas reclamaron o seu status de cientificidade fronte á histórica opresión que as consideraba simple acumulación de opinións sen fundamento; porén, no caso das linguas do mundo precisadas de apoio urxente para non desapareceren definitivamente por mor da discriminación de que son vítimas, a lingüística só se pronunciou, até agora, de xeito tímido e inconexo a nivel internacional. Certo é que se fixeron notábeis achegas a este proceder, mais cómpre unha actuación conxunta, análoga ao feminismo, para pórmos freo ao incesante avance das grandes linguas por conseguiren un espazo no mundo cada vez maior á costa das minorizadas. Posibelmente porque non sexan vistas as linguas como algo necesario, senón como simples accesorios, como inocuos instrumentos de comunicación, a sociedade, en termos xerais, non sente a necesidade de actuar firmemente neste eido, moi ao contrario, non está sensibilizada coa perda da diversidade lingüística, non é consciente da desigualdade existente, como si o é —por moito que sexa a grandes trazos e de maneira superficial— doutras tamén ilexítimas discriminacións, como, por exemplo, da discriminación racial ou mesmo da discriminación dos animais. Con máis razón aínda, a lingüística ten que se tornar en ciencia comprometida coa situación en que sobreviven a maior parte das linguas do mundo, sen se centrar só nun puñado delas, nomeadamente da familia indoeuropea, xa que até o 90% delas pode desaparecer en menos de cen anos, tal e como M. Krauss (1992) salienta. Cómpre elaborarmos unha nova e fecunda teoría lingüística afastada das limitacións impostas polo estruturalismo clásico, facéndoa permeábel ás necesidades da sociedade actual. Resulta necesario, como di T. Moure (2000: 56), unha epistemoloxía lingüística, pois a investigación lingüística non só describe a linguaxe, senón que tamén procura obter un coñecemento transcendental, que soborde a simple acumulación de información sobre as linguas para explicar moitos dos fenómenos humanos.

T. Moure (2000) sinala que a epistemoloxía lingüística pretende ser unha invitación á análise do coñecemento que a lingüística achega e da súa contribución ao avance do saber humano en xeral.

Esta dimensión aplicada é á que estamos a apelar para pórmos freo a problemas materiais concretos, como o é a perda da diversidade lingüística. É hora de que a lingüística poña en práctica todo o coñecemento teórico acumulado sobre as linguas en beneficio destas. Non se trata de atesourar coñecemento trivial, senón de o empregar para respondermos cuestións que nos afectan directamente desde antigo, como por exemplo: por que unha lingua asolaga outra?, por que unhas sobreviven e outras sucumben nos contextos de substitución ou conflito lingüísticos? ou, como atallar estas situacións de imposición? A tipoloxía lingüística, o estudo dos universais, a lingüística aplicada, a sociolingüística ou a planificación lingüística, entre outras, son parte fundamental da lingüística teórica que poden —e deben— ser empregadas neste momento para establecermos unha estratexia conxunta perante o tema que nos ocupa: a morte das linguas. Porén, como de seguido comprobaremos, a máxima *o que non se nomea non existe* resulta moi rendíbel neste eido para o poder.

1.1.3 As pexas do sistema

O silenciamento dos contextos de evidente discriminación supón unha ferramenta moi valiosa para o sistema, dado que, como ben é sabido, o que non se nomea, o que nin se recoñece, non existe. Esta sentenza difundida pola teoría feminista para manifestar a invisibilización das mulleres na linguaxe sexista propia do patriarcado, resulta tamén acaída para describirmos a situación das linguas minorizadas do mundo. O primeiro chanzo para pórmos freo á situación de desigualdade histórica é mostrar ao conxunto da sociedade a existencia dun tal problema e procurar solucións efectivas. Neste aspecto a lingüística teórica dispón do seu criterio científico para amosar ao mundo a situación en que sobreviven a maior parte das linguas e, a partir de aí, suxerir solucións e alternativas viábeis para atallar a cuestión.

De acordo con T. Moure (2003a: 25-26):

Os lingüistas estaban actuando coma se só puidesen adquirir o estatus de *científicos* a condición de non interviren na realidade. Se cadra por iso, ata hai ben pouco, refugaron intervenir en cuestións relativas ás dimensións sociais do feito lingüístico, do estilo das reformas ortográficas ou da

feminización da linguaxe que unha sociedade máis crítica coa cuestión de xénero lles está a reclamar. [...] Ao expoñermos unha tal situación, non se pode por menos que declarar que a disciplina non é inocente. A lingüística [...] ten unha notable responsabilidade na difusión de numerosos mitos relativos á linguaxe. [...] Algunhas persoas traballaron desde hai séculos, non só para comprender o mundo mellor do que o facían os seus coetáneos, tamén para convencelos e convencernos, para superar resistencias e construír argumentos con que demostrar as súas ideas. [...] Fronte a isto, moitos individuos supostamente ben informados insinúan sen precaucións que o inglés é a lingua mellor dotada para a expresión científica internacional ou que as linguas con casos, como o alemán, son máis difíciles de aprender que as linguas sen declinación coma o galego. E fano porque a lingüística ten renunciado a fornecer ao coñecemento común cunha opinión de especialista. Este estilo de renuncia, ademais de grave, é indicativa de que a lingüística profesional se gaba de ser unha ocupación non comprometida, que contempla como cae a auga da billa sen poñer tapón no sumidoiro. [...] O compromiso ético implícito na lingüística dos últimos anos descobre que esta disciplina levaba mirando en exceso a linguas dunha pequena parte do mundo.

O problema é que o poder máis homoxeneizador emprega todos os seus recursos para evitar este compromiso e as institucións competentes porfiarán en satisfacer os seus intereses; isto é, producir máis para obter máis beneficios. De aí que a concienciación da sociedade resulte de vital importancia para podermos empregar os recursos, poucos, que as viciadas democracias actuais poñen ao dispor da poboación descontenta. Coa visibilización do conflito lingüístico preténdese que a sociedade lle conceda a importancia que realmente ten, procurando que sexa consciente da decisiva forza que a súa implicación no tema posúe —de acordo con C. Fernández Liria *et alii* (2008³)—, implicando os individuos na re-construción do colectivo. A primitiva democracia grega contaba, a este respecto, cun espazo físico fundamental en toda cidade dedicado á confrontación das ideas, ao debate, á matización, onde xulgar criticamente os aspectos ideoloxicamente comprometidos. Esta ágora, ausente nas sociedades occidentais modernas que non conciben a existencia dun espazo baleiro no centro das cidades para o debate das ideas, contribuiría a dar voz ás persoas disidentes coa orde establecida, permitindo o natural desenvolvemento da democracia².

Por moito que se pretenda ocultar e facer pasar por normal o que non o é, vivimos en Galiza nun contexto de evidente conflito lingüístico de graves consecuencias para o galego, que non para o español, aínda que se procure retorcer a realidade para que semelle distinta. Por este motivo a UNESCO, organismo internacional non sospeitoso de filiación galega, contemplaba, até a edición

² Neste sentido o movemento social do 15M, con todos os matices e reservas que poida producir, tirou á luz o tema da reconquista dos espazos públicos como lugares de expresión política, como ágoras.

de 2010 do seu *Libro vermello*, o galego como unha lingua ameazada que non tiña garantida a transmisión á seguinte xeración. As razóns que motivan a eliminación do galego desta taxonomía de linguas que sobreviven en precario nada ten que ver cunha pretendida mellora da súa situación, xa que nin se freou a perda de falantes nin se recuperaron as funcións lingüísticas usurpadas por parte da lingua dominante, senón que as persoas encargadas da elaboración deste documento deron en considerar o galego de xeito conxunto co portugués, por moito que non sexan unha mesma cousa, e dada a boa situación de que goza a lusofonía no mundo actual —por se situar entre as dez linguas máis faladas do mundo—, o galego desaparece deste informe ao tempo que perde perante a UNESCO, dunha banda, o status de lingua autónoma, e doutra, a necesidade de promoción e protección que esta institución aplica ás linguas consideradas en perigo ou moribundas. Este é exactamente o risco que sinalan os sectores máis críticos co movemento lusista, que dentro da defensa do galego recomentan a integración no portugués para deste xeito non sucumbir ao avance do español; isto é, que o galego se dilúa no portugués e deixe de ser o que até agora é, unha lingua independente e autónoma³. A este respecto, G. Sanmartín Rei (2010: 101) salienta:

Cando recentemente a UNESCO deixa de considerar o galego unha vía en perigo de extinción amparándose no feito de este existir en pleno apoxeo e esplendor a través do portugués, as raíces da defensa da ecoloxía das linguas sofren un paralelismo claro coa ecoloxía entendida dunha maneira superficial. Trátase, daquela, dunha medida que en nada pretende restaurar a dignidade da identidade lingüística do pobo galego e foxe da explicación da etioloxía dun proceso xusto de restitución colectiva.

Quere isto dicir que, de acordo coa interpretación de T. Moure (2008a) ao respecto da situación crítica do ecosistema, existen —tal e como posteriormente ampliaremos nesta investigación— dous xeitos de actuarmos perante esta situación, dunha banda as denominadas estratexias medioambientalistas, que non procuran a resolución do conflito e só propoñen medidas paliativas, e doutra as alternativas ecolóxicas, que achegan propostas radicais efectivas, mais que implican un cambio na sociedade fundamentado en principios éticos.

³ O feito de non concordarmos nesta investigación cos principios da tradición galega do lusismo ou reintegracionismo non implica en absoluto que non recoñezamos o seu extenso traballo ao longo destes anos, en tanto que constitúe en si propia unha fecunda liña de traballo inserida na lingüística galega que procura alternativas reais para o futuro da nosa lingua.

Outras persoas especialistas no eido da sociolingüística galega postuláronse tamén ao respecto da exclusión do galego do catálogo das linguas moribundas e en perigo da UNESCO así como das consecuencias que este feito ten para unha lingua minorizada que sobrevive nun contexto de conflito lingüístico. Así, podemos sinalar a opinión de X. R. Freixeiro Mato (2010: 14-15):

No Atlas das Linguas en Perigo no Mundo [...], no ano 2001 o galego figuraba dentro do grupo de linguas “en perigo”, xunto co éuscaro, en canto o catalán aparecía no de linguas “potencialmente en perigo”. Porén, na terceira edición presentada en 2009 e dispoñíbel en internet con actualización constante o éuscaro mantense entre as 2.500 linguas en perigo no mundo, mais o galego foi eliminado del pola súa proximidade do portugués. Trátase, pois, dunha cuestión metodolóxica e non de teren mudado favorablemente as condicións do galego. Esta non é unha das linguas en perigo do mundo porque, con efecto, co nome de ‘portugués’ se fala en varios continentes e goza de plena normalidade como lingua oficial e estados como Portugal ou o Brasil, que ten 190 millóns de falantes. Mais onde non goza da mesma normalidade é precisamente onde conserva o seu nome orixinario de ‘galego’, que remite para a Gallaecia histórica en que se formou. É xustamente na Galiza onde non ten garantido o seu futuro.

Tamén M. P. García Negro (2010a: 176) manifestou a súa visión ao respecto deste asunto, postulándose tamén como contraria á consideración do galego como lingua maioritaria ou dominante no seu territorio cando di:

Proclamar que hoxe o galego aínda é “maioritario” ou “hexemónico” ou é unha broma de mal gusto ou un lamentábel engano. Maioritario, onde?: nos usos primarios, nas palabras que leva o vento, en todo o repertorio de utilizacións marcadas pola distribución diglósica. Maioritario, en que institucións?: ¿nos medios de comunicación, na Igrexa, na Xustiza, no ensino, na Universidade, na rotulación comercial, na correspondencia oficial, nas escrituras notariais, nos estadios de fútbol, nas esquelas funerarias, nas lápidas dos cemiterios, nas emisións radiais ou televisivas...? ¿Onde? A utilización desta falsa noción quer ser adormecedora e desactivadora: se o galego é maioritario, tal e como Fraga proclamaba hai catorce anos, ¿a que mobilizarse por el?, ¿a que se preocupar polo seu futuro?

Vivimos, desde hai longo tempo, nunha situación de discriminación lingüística que nos últimos avanzou un chanzo máis tornándose mesquiña e falaz, posto que, xa non só se impón desde o poder unha lingua foránea, mesmo xa non se procura facelo pasar por algo normal, senón que a falacia se estende máis, como se dunha goma elástica se tratar, para tentar pasar o verdugo por vítima, isto é, o español como a lingua presuntamente desfavorecida neste conflito lingüístico. Mentres estes argumentos sen sustento non eran máis que o ideario de asociacións marxinais que só

representaban a unha minúscula porcentaxe da poboación, a cuestión non pasaba de anecdótica por mentireira e demagóxica. Porén, cando estes mesmos argumentos se converten nos ideais asumidos pola administración que impón a redacción dunha lexislación completamente anti-galega, a situación muda notabelmente, en tanto que o anecdótico convértese en alarmante por constituír o primeiro sinal do retroceso no —lento— proceso de normalización da lingua galega da era democrática.

Institucións consagradas no país con criterio técnico e científico avalado en materia lingüística tomaron posición rotundamente en contra, primeiro, das *Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (*Bases*, de agora en diante), e do propio Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, despois. O Consello da Cultura Galega, o Sistema Universitario Galego e, sobre todo, a Real Academia Galega, entre outras moitas institucións, colexios profesionais, asociacións culturais, sindicatos e un longo etcétera, deron unha resposta negativa absolutamente contundente a ambos os dous documentos administrativos e aconsellaron ao goberno galego reconsiderar a súa postura perante o trato dado á lingua propia. De nada serve, logo, contar con estas institucións sufragadas con fondos públicos se no momento en que son necesarias a administración ignora as súas recomendacións de parte a parte. Do mesmo xeito que tamén desoe as consideracións da Academia ao respecto do nome do país, xa que por moito que esta recoñeza a dupla denominación o goberno continúa a lexitimar só unha delas.

Ademais da negativa a estes dous documentos —as *Bases* e máis o propio Decreto 79/2010— por parte das institucións con autoridade en materia lingüística, cómpre salientar o rexeitamento social maioritario referendado nas rúas en manifestacións e concentracións históricas, até entón nunca vistas en reivindicacións lingüísticas. Tales documentos lembran as cartillas de racionamento na súa teima por dosificaren a presenza do galego, en vez de actuaren, como se esperaría nunha planificación lingüística, como un verdadeiro decreto do ensino que debese procurar unha situación digna para a lingua propia do país.

As sociedades actuais presuntamente democráticas, como a nosa, recoñecen máis ou menos dereitos e deberes ás persoas que moran nos seus territorios; con todo, a cidadanía non constitúe un ente abstracto e inocente carente de obrigas, senón que é responsábel indirecta das decisións do executivo elixido cos seus votos. Vivimos nunha democracia representativa, isto é, unha persoa

calquera non determina a lexislación que regula á sociedade, senón que elixe outras como representantes que se encargarán conxuntamente destas tarefas. Cando un partido político desenvolve reiterativamente políticas desafortunadas, quer lingüísticas, quer sanitarias, ou do tipo que for, resultando reelixido en diferentes comicios, é tamén responsabilidade de quen o vota por o referendar nas eleccións. Por este motivo, cómpre sensibilizar a sociedade sobre a importancia da súa participación nesta toma de decisións para que deste xeito o voto sexa realmente unha escolla meditada ao matinar nas consecuencias e repercusións dunha acción tal, outorgándolle o noso apoio á proposta que máis se acomodar ás nosas inquedanzas, entre elas, como é natural, o respecto e promoción pola nosa lingua —sobre todo cando se trate dunha lingua minorizada no seu propio territorio— e a política de normalización lingüística características do seu programa.

Mais, nesta investigación acreditamos en que a ciencia ou o coñecemento non trivial, resultan produtivos tamén para a resolución deste tipo de conflitos, en que as ferramentas epistemolóxicas manifestan ser moi útiles, de seren tidas en conta. Tal e como de seguido comprobaremos

1.1.4 A investigación científica

De vello é sabido que non é, nin pode ser, unha mesma cousa a erudición e máis o coñecemento novo e non trivial por moito que ás máis das veces sexan confundidos, sobre todo nos últimos anos. A ciencia moderna teima en se asentar nun principio de actuación que vén contravir os alicerces que desde antigo a sustentan, xa que a acumulación de saber, por moito que poida resultar beneficiosa para o devir dunha sociedade, non pode equipararse coa *episteme* en que forzosamente debese basearse a investigación científica. O rigor da tarefa investigadora require por parte das persoas que a ela se dedicaren un firme compromiso para achegar coñecemento novo, algo que na actualidade non resulta en absoluto habitual. A investigación ten que se fundamentar na elaboración de hipóteses contrastadas que contribúan, dun xeito ou doutro, a cambiar a realidade; a investigación científica ten que se re-converter nunha relación íntima e biunívoca entre coñecemento e metodoloxía, hipóteses e datos empíricos, procurando a un mesmo tempo o fluxo de ideas orixinais que fagan avanzar a sociedade.

Na historia recente da investigación científica —obviamente tamén da lingüística— ponse de manifesto o risco que corre esta de se converter en erudición ou coñecemento non analítico e

trivial. Cómpre pois reivindicarmos o emprego dun método verdadeiramente científico baseado nos principios clásicos de observación, hipotetización, experimentación e análise dos resultados; un método que manifeste claramente que a ciencia non é só acumulación de saber. Así a transparencia, o cuestionamento constante do novo coñecemento, o emprego de hipóteses rigorosamente desenvolvidas e o obxectivo de procurar coñecemento non ordinario e non trivial, constitúen criterios fundamentais para toda investigación científica, tal e como M. Bunge (1968) estableceu ao respecto.

Son dous os camiños ou xeitos de produción de coñecemento científico novo que tradicionalmente a filosofía da ciencia distinguiu. Desta maneira, entrementes o método científico ou hipotético dedutivo recomenda a elaboración de hipóteses a partir dun problema real para despois deducir as consecuencias da aplicación destas propostas e comprobar cos datos se realmente son certas ou non, o método indutivo consiste na elaboración de hipóteses a través da propia experiencia de quen investiga, isto é, partindo do coñecemento previo á lei xeral. Ambas as dúas metodoloxías supoñen camiños válidos para a investigación científica, con todo o método hipotético dedutivo contou tradicionalmente cun maior número de apoios.

A motivación da investigación científica responde a un interese crítico sobre algunha circunstancia da realidade con vontade de a transformar dalgún xeito; supón unha intervención intelectual rigorosa e orixinal coa intención de facer avanzar a sociedade. Utilizaremos un exemplo. Ao chegar Tales de Mileto a Exipto ficou abraiado da magnitude da pirámide de Keops; marabillado como estaba da súa grandiosidade magoábase de que fose imposible calibrar a altura da construción máis visíbel do mundo até entón coñecido. O filósofo pasaba horas mirando a pirámide cavilando como podería calcular a súa altura, até que un día reparou e en que o sol, tratándoos a ambos os dous por igual —á pirámide e a si propio—, proxectaba nun determinado momento do movemento de rotación da Terra unha sombra que medía exactamente a súa altura, polo que deduciu que nese intre a sombra da pirámide debería representar tamén a altura real desta. Así o filósofo fixo posible o imposible mediante a aplicación do método científico.

Cadro 1: *A hipótese da altura da pirámide de Keops*

Problema	Debido ás grandes dimensións da pirámide, como calcular a súa altura?
Hipótese	Se nun determinado momento do día a miña sombra mide exactamente o mesmo que eu mido, do mesmo xeito a sombra que proxecte a pirámide nese intre será igual á súa altura.

Vexamos un segundo exemplo. C. G. Hempel (1973: 16 e ss.) achega o caso de I. Semmelweis, obstetra do Hospital Xeral de Viena, quen iniciou unha investigación na procura dunha explicación do elevado número de mulleres da súa unidade de maternidade falecidas logo de contraer a febre de posparto, a diferenza da outra división do mesmo hospital en que a porcentaxe de mulleres mortas por esta mesma doenza era notoriamente máis reducida.

I. Semmelweis comezou a considerar distintas hipóteses que explicasen a elevada mortalidade das mulleres da súa unidade. Na primeira delas considerou a posíbel influencia de epidemias, como o cólera. Porén resultou refutada polos datos, pois estas deberían afectar tamén ás mulleres doutras unidades e máis ás que, por moraren lonxe do hospital, parían camiño a este. En segundo lugar, considerou as condicións físicas de amoreamento en que estaban as pacientes, mais os datos concluíron refutando tamén esta hipótese, debido a que na outra unidade de maternidade do mesmo hospital, cunha porcentaxe inferior de falecidas, a saturación de pacientes era mesmo maior debido a que as mulleres, sabedoras da alta mortandade que caracterizaba a división de I. Semmelweis, pedían ser ingresadas na outra. A terceira hipótese que considerou tiña que ver cos recoñecementos pouco coidadosos realizados ás pacientes por parte do alumnado de medicina en prácticas. Novamente os datos refutaron, en tripla negación, a hipótese: primeiramente porque as lesións producidas de xeito natural no parto excedían en importancia ás ocasionadas polo persoal en prácticas nos recoñecementos; en segundo lugar, porque na outra unidade de maternidade as parteiras en prácticas realizaban recoñecementos análogos ás pacientes; e en último lugar, porque, nun intento de comprobar se a presenza do alumnado en prácticas estaba directamente relacionada coa morte das mulleres, reduciuse á metade o número deles e procurouse que tivesen un contacto mínimo coas pacientes, con todo o índice de mortes mesmo aumentou nese período. Posteriormente I. Semmelweis enunciou unha hipótese de base psicolóxica relacionada co debilitamento físico que podería causar nas pacientes ver e escoitar o sacerdote outorgar a extrema unción ás mulleres moribundas, facéndoas deste xeito máis vulnerábeis á febre puerperal. Porén a hipótese ficou refutada logo de mudar a rutina do sacerdote e comprobar que a mortalidade das mulleres non

descendía. A quinta hipótese considerada por I. Semmelweis consistía en cambiar a postura das mulleres durante o parto, xa que na outra unidade de maternidade do hospital era diferente, no entanto, máis unha vez, a porcentaxe de mulleres mortas pola febre mantéñase.

Finalmente, tal e como acontece moitas veces na investigación, a solución ao problema chegou por casualidade. A morte dun colega de I. Semmelweis logo dunha ferida producida cun escalpelo durante unha autopsia proporcionou a base para a hipótese definitiva, dando en considerar que era a materia cadavérica a causante da elevada morte por febre puerperal, xa que o seu equipo recoñecía as pacientes de maternidade despois de realizar diseccións na sala de autopsias lavando as mans só superficialmente. Así, facendo que todo o persoal tivese uns hábitos hixiénicos máis exhaustivos e máis empregando unha solución química logo das diseccións, conseguiu reducir drasticamente a mortalidade por febre puerperal nas pacientes da súa división de maternidade, mesmo por debaixo da porcentaxe da outra unidade do mesmo hospital.

Cadro 2: *As hipóteses da febre de posparto*

Problema	Hipótese	Comprobación empírica
Febre puerperal	Influencias epidémicas descritas como cambios atmosférico-cósmico-telúricos	Refutada
Febre puerperal	Amoreamento das pacientes nas instalacións hospitalarias	Refutada
Febre puerperal	Recoñecementos pouco coidadosos por parte do alumnado en prácticas de obstetricia	Refutada
Febre puerperal	Explicacións psicolóxicas relacionadas cos temores producidos pola presenza do sacerdote	Refutada
Febre puerperal	Diferenza de posición das pacientes no leito durante o parto con respecto doutra división do mesmo hospital	Refutada
Febre puerperal	Transmisión por parte do persoal médico ás pacientes de materia cadavérica debido á prácticas de hixiene non rigorosas	Referendada

Segundo o noso parecer resulta necesario aplicarmos no eido da diversidade lingüística un método semellante ao visto en ambos os dous exemplos precedentes co gallo de nos servir das

ferramentas que a investigación científica posúe para se enfrontar a un problema concreto da sociedade —como o é a morte das linguas do mundo— e así poder aplicar o proceder científico nun contexto de substitución lingüística como o que estamos a vivir co propósito sempre de o reverter.

Nos primeiros anos do século XXI o ser humano atópase cunha situación até agora descoñecida. En etapas anteriores da historia o número das linguas non só non decrecía senón que mesmo aumentaba ao se asentaren individuos en novos territorios e se escindiren as pólas das familias lingüísticas. Porén, desde hai uns anos, nun mundo cada vez máis dominado pola mundialización imperante a todos os niveis, a poboación manifesta unha clara apatía cara ás linguas minorizadas que desaparecen pola opresión das dominantes, de igual xeito que a sociedade semella estar afeita a escoitar como se fala da morte nas guerras doutras latitudes ou da fame das crianzas máis desfavorecidas do mundo. Así pois, aplicando o mesmo proceder que Tales e I. Semmelweis, cómpre procurarmos unha solución mediante a investigación científica para a precaria situación en que sobreviven as máis das linguas do mundo, poñendo de manifesto a fragilidade que caracteriza a diversidade lingüística, xa que non estamos a falar da morte dunha lingua en concreto —aínda que sería tamén merecente por si propia dun proceso de normalización lingüística co propósito de lle devolver o espazo que lexítimamente lle corresponde— senón da desaparición do 90% delas nun período inferior a cen anos, alén de que cada lingua perdida contribúe ao descoñecemento real da facultade da linguaxe humana e supón a perda dun xeito único de interpretarmos a realidade e construírmos o pensamento. Esta feito global pode ser observado claramente nun caso particular como o é o conflitivo contexto en que o galego se atopa desde hai xa longo tempo, seguindo o mesmo proceder de Tales de Mileto: facer posíbel o imposíbel, isto é, ir do particular ao xeral analizando o contexto máis próximo para extrapolar as conclusións ao máis global.

O persistente proceso de morte das linguas do mundo refutou a hipótese previa que sostíña a aplicación dos dereitos lingüísticos, tal e como tradicionalmente se interpretaron, como ferramenta útil para pór freo á perda da diversidade lingüística. Neste sentido, cómpre pois adoptarmos o método científico para a formulación dunha nova teoría, dunha nova lei xeral que denominaremos *hipótese da linguo-diversidade*, e aplicármola nesta investigación para a defensa das linguas minorizadas na actualidade nos seus asentamentos históricos. Unha primeira enunciación desta hipótese sería: dado un problema real como o é a perda da diversidade lingüística, debida, na práctica totalidade dos casos, á presión que exercen as linguas maioritarias sobre as minorizadas, aplicaremos unha nova concepción dos dereitos lingüísticos baseada nunha reinterpretación do

concepto de colectivo —tal e como posteriormente desenvolveremos— co obxectivo de deter a morte das linguas. Se aplicarmos esta nova categoría de dereito lingüístico no contexto de conflito lingüístico galego, restituiriámoslle o espazo lexítimo que á lingua propia cando menos lle corresponde de acordo coa lexislación existente.

Cadro 3: *A hipótese da linguo-diversidade*

Problema	A situación actual das linguas do mundo manifesta un aumento, cada vez maior, da perda da diversidade lingüística
Hipótese	A perda da diversidade lingüística débese maioritariamente á presión que exercen as linguas maioritarias sobre as minorizadas, polo que de aplicarmos unha nova concepción dos dereitos lingüísticos, baseada na reínterpretación do colectivo, producirase o estancamento da morte das linguas
Implicación contrastadora	De aplicarmos esta nova categoría no contexto de conflito lingüístico galego restituiriámoslle o espazo lexítimo que á lingua propia corresponde, concluindo que, cando menos neste contexto, a hipótese está referendada e proporcionando un mecanismo de actuación contrastado para a recuperación da linguo-diversidade

O problema real que motiva o xurdimento desta hipótese pode resultar obvio para o sector da lingüística máis comprometido coa recuperación das linguas minorizadas, mais para a sociedade en xeral non o é tanto, xa que continúa interpretando erroneamente a morte das linguas como parte dun proceso case biolóxico e mesmo natural. Ademais, como xa se indicou, a hipótese previa que salientaba a aplicación dos dereitos lingüísticos, tal e como tradicionalmente se concibían, resultou refutada polos datos, dado que, no entanto de diminuír, o proceso de morte das linguas non deixa de aumentar. Isto é, convencionalmente os dereitos humanos, en xeral, e os dereitos lingüísticos, en particular, escindíronse en individuais e colectivos debido a diversas razóns, tal e como veremos posteriormente. Dunha banda a opción individualista foi empregada polo liberalismo imperante como un escudo con que se defender das lexítimas reivindicacións que se facían desde a marxe do poder co propósito de recuperar unha existencia digna. Entrementes, doutra, a concepción colectiva dos dereitos foi brandida historicamente, en contextos como o galego, en xusta defensa como ferramenta para acadar para as linguas oprimidas unha existencia digna no seu propio territorio. Con todo, ambas as dúas escollas poden refutarse: a primeira delas por constituír unha defensa imperialista e falaz dos dereitos e contribuír de xeito encuberto á diminución da diversidade lingüística e a segunda por non dar acadado os seus obxectivos, dado que a perda da diversidade

lingüística non só non se estancou, senón que aumenta notoriamente a unha velocidade cada vez maior. É por esta razón que cómpre unha alternativa urxente que sexa realmente efectiva antes de que a diversidade lingüística se esgote definitivamente neste mundo cada vez máis globalizado.

1.1.5 O método científico

A hipótese que propoñemos resulta complexa canto á súa aplicación e contrastación. Con todo a situación actual das linguas do mundo tamén o é. A cuestión radica en que non podemos resolver temas complexos como se fosen simples e o desenvolvemento desta hipótese constitúe un asunto que precisa ser tratado con vagar, peneirando ben as solucións ou posibilidades que nos achega. A aplicación desta hipótese no contexto de conflito lingüístico galego supón un marco idóneo para a súa comprobación por constituír un caso de conflito lingüístico, dado que os datos de que na actualidade dispoñemos manifestan abertamente que a realidade sociolingüística en que vivimos constitúe un caso paradigmático de conflito lingüístico ou un proceso de substitución lingüística, se se preferir, en contra dalgunhas opinións que sen argumentos negan a realidade galega contemporánea.

Algunhas hipóteses, como as de Tales e I. Semmelweis, que denominaremos *hipóteses de tipo A*, poden ser comprobadas empiricamente de xeito rápido e máis ou menos sinxelo. Porén existen outro tipo de hipóteses, que denominaremos *hipóteses de tipo B*, que non poden ser comprobadas nun curto período de tempo, senón que precisan acudir ao ámbito dos supostos para deducir a súa aplicabilidade. Dentro das de tipo B inclúense, por exemplo, as hipóteses da esfericidade da Terra, do heliocentrismo, da relatividade ou, sen pretender compararse a tan ilustres predecesoras, da linguo-diversidade, en tanto que as catro teñen que ser contrastadas no eido dos supostos e dos indicios que as confirman, máis que na comprobación directa mediante datos empíricos. Vexámolo máis polo miúdo.

O astrónomo grego C. Ptolomeo estableceu no século II que a Terra non era plana como se pensaba, senón esférica. Esta hipótese dáse por aceptada hoxe en día e goza actualmente dunha aplicabilidade universal, tanto é así que mesmo resultaría irrisorio que alguén afirmase o contrario, por moito que non fose posíbel comprobar por nós propi@s até hai poucos anos se esta era verdadeiramente acertada ou non. Acreditabamos nela polas probas que así o confirmaban, no

entanto non estaba comprobada do mesmo xeito que as hipóteses da febre puerperal, senón pola existencia de indicios que confirmaban a veracidade da hipótese ptoloméica, tales como:

- a. A esfericidade dos demais planetas.
- b. O xeito en que os barcos aparecen e desaparecen no horizonte.
- c. Estrelas visíbeis desde un punto da Terra e non desde outro.
- d. A sombra da Terra nas eclipses.
- e. As fotos tomadas desde grandes alturas.

Estes indicios, entre outros, viñan referendar a hipótese da esfericidade terrestre formulada por C. Ptolomeo. Porén acreditabamos nela polas probas que a corroboraban, non por estar verificada do mesmo xeito que as hipóteses de tipo A, cando menos até o momento en que apareceu a fotografía espacial.

Do mesmo xeito, a mediados do século XVI o astrónomo N. Copérnico, retomando as teorías de Aristarco, elaborou a hipótese do heliocentrismo desbotando as teorías xeocéntricas que situaban a Terra no centro da galaxia. Esta hipótese tamén goza dunha aplicación internacional e ninguén contravén na actualidade a súa enunciación —por moito que o fundamentalismo relixioso máis ortodoxo continúe a día de hoxe nalgúns latitudes a considerar falsa por contravir os designios da divindade en cuestión. N. Copérnico baseou a súa hipótese en cálculos matemáticos, porén tampouco non podemos comprobar a veracidade da súa teoría —de non sermos astronautas—, senón que acreditamos nela polos indicios que a sustentan. Da mesma maneira a teoría da relatividade elaborada por A. Einstein está corroborada polas probas que a referendan, mais non podemos comprobala dun xeito tan evidente como as hipóteses de I. Semmelweis; con todo, non por iso deixa de ser certa e acaída.

C. G. Hempel (1973) sostén que a investigación científica ten que se basear na produción de coñecemento novo por medio de, como comentabamos, dous métodos diferentes: o dedutivo ou o indutivo. O autor denomina *H* á hipótese e *I* á implicación contrastadora da hipótese. Desta maneira, segundo o método indutivo, o resultado favorábel da contrastación de *I* non proba que *H* sexa verdadeira, xa que podería resultar non contrastada por outra *I*, ou mesmo incompleta, do mesmo xeito que a hipótese inicial da febre puerperal, xa que o propio I. Semmelweis comprobaría posteriormente que non só a materia cadavérica produce nas pacientes a febre

posparto, senón tamén a materia en proceso de putrefacción de organismos vivos no caso de padeceren estes certo tipo de enfermidades.

Un exemplo do proceder característico das inferencias indutivas sería:

A aplicación dunha nova concepción dos dereitos lingüísticos supón un avance cualitativo fundamental para o galego se normalizar e abandonar o estado de lingua minorizada no proceso de substitución lingüística en que sobrevive.

Todas as linguas minorizadas sairán favorecidas de lles aplicaren unha nova interpretación dos dereitos lingüísticos.

A verdade das premisas non garante a verdade da conclusión, xa que as premisas dunha inferencia indutiva implican só a conclusión con certa porcentaxe de probabilidade, isto é, só neses determinados contextos. Analogamente, podemos achegar o caso do pavo indutista de B. Russell: ao chegar á granxa, este pavo vía que cada día xantaba ás nove da mañá, mais antes de sacar conclusións precipitadas quixo recoller un número de casos importante, mesmo contemplando distintos contextos, como días fríos, chuviosos ou despexados. Deste xeito ía engadindo as novas variábeis ao seu corpus, até acadar unha base de datos empíricos suficiente para poder inducir que cada día xantaba ás nove da mañá. Porén, a súa hipótese ficou drasticamente refutada, dado que un día, o granxeiro no entato de o alimentar cortoulle o pescozo. Como vemos, neste caso a verdade das premisas tampouco non garante que a conclusión sexa verdadeira.

Pola contra as premisas dunha inferencia dedutiva implicant con certeza, entrementes unha serie de resultados favorábeis contrastando $I_1, I_2, I_3 \dots I_n$, indica que, cando menos neses contextos concretos, a hipótese está confirmada. O razoamento característico das inferencias dedutivas consiste en, por exemplo:

- A aplicación dunha nova interpretación dos dereitos lingüísticos contribúe á mellora da situación das linguas minorizadas.
- O galego é unha lingua minorizada.

Logo a aplicación dunha nova interpretación dos dereitos lingüísticos no contexto galego contribuirá a mellorar a súa situación recuperando o espazo que lexitimamente lle corresponde no seu territorio histórico.

As hipóteses, en tanto que intentos de resposta a problemas concretos, teñen que guiar a investigación e, tal e como C. G. Hempel (1973) sinala, non poden obterse os datos de forma previa á existencia das hipóteses. O autor tamén se refire a dous tipos de hipóteses diferentes: aquelas que se caracterizan por unha inspección ou observación directa —aquelas que denominabamos hipóteses de tipo A— e máis as de contrastación por procedementos indirectos —ou hipóteses de tipo B. A análise dos datos preexistentes que poidan servir para a contrastación da hipótese ten que ser rigorosa e lóxica, xa que, por exemplo, de pouco serviría clasificarmos as linguas minorizadas en función do historial médico do seu conxunto de falantes ou polo seu aspecto físico, pois estes datos non son en absoluto relevantes para solucionarmos a perda da diversidade lingüística; mais si o é como responden á aplicación da hipótese da linguo-diversidade: normalización da lingua, presenza no ensino ou apoio político, entre outros moitos parámetros.

A investigación científica é, de acordo con C. G. Hempel (1973), indutiva en sentido amplo, xa que implica aceptar hipóteses sobre a base de datos que non as fan dedutivamente concluíntes, senón que só as confirman en certo grado, en certo contexto. Segundo isto, como resolver a seguinte incógnita:

Cadro 4: *Contrastación da hipótese da linguo-diversidade I*

Hipótese	Condicionais lóxicas	Contrastación empírica
A perda da diversidade lingüística débese, na práctica totalidade dos casos, á presión que exercen as linguas maioritarias sobre as minorizadas. Se aplicarmos unha nova interpretación dos dereitos lingüísticos, producirase o estancamento da morte das linguas e mesmo recuperaranse algunhas linguas xa desaparecidas	Se aplicarmos esta nova categoría no contexto de conflito lingüístico galego restituiremoslle o espazo lexítimo que á lingua propia lle corresponde no seu territorio histórico	?

A tendencia actual, tanto en lingüística como fóra dela, supón aplicar un bipolarismo estéril á concepción de dereitos lingüísticos que conclúe por os escindir de xeito irreconciliábel en individuais e colectivos⁴. Nun momento histórico caracterizado pola perda agónica da diversidade lingüística xurdiron, como viamos, dúas respostas con propósitos manifestamente enfrontados. Entrementes a tradición liberal propoñía a aplicación dos dereitos lingüísticos individuais como defensa dos intereses das grandes linguas do mundo, o sector máis comprometido coa diversidade promovía a interpretación colectiva destes coa finalidade de lexitimar as linguas oprimidas nos contextos de substitución lingüística, como é o caso da lingua galega. Con todo, a hipótese dos dereitos colectivos ficou tamén refutada polos datos, dado que, a nivel local, a situación das linguas minorizadas en que foron aplicados os dereitos colectivos non deu mellorado como para abandonaren estas a categoría de linguas en perigo ou moribundas —baste pensar nun contexto como o galego—, do mesmo xeito, a nivel global, a perda da diversidade lingüística lonxe de diminuír non deixa de aumentar a cada ano que pasa.

De acordo con isto, podemos concluír que as implicacións enunciadas na hipótese principal non se deducen directamente dela por si propia, senón que presupoñen a existencia dunha premisa supeditada consistente en que, visto que a aplicación da categoría dos dereitos lingüísticos, tal e como tradicionalmente se concibe, non abonda para pór freo á perda da diversidade lingüística, a nova interpretación dos dereitos lingüísticos si suporá a solución definitiva para o proceso de morte de linguas. Esta argumentación implícita denomínase *hipótese auxiliar*. Polo tanto a ecuación complícase máis, xa que, segundo C. G. Hempel (1973: 43), non abonda dicir que se H for verdadeira I tamén o será, senón que só se H e máis a hipótese auxiliar (A) foren verdadeiras I tamén o será. Con todo se na contrastación I resultar refutada, non se segue necesariamente que H sexa falsa; pola contra pode ser que A sexa non-verdadeira. Daquela é recomendábel modificar A, antes de desbotarmos H.

A hipótese da linguo-diversidade, como as demais integrantes do tipo B, manifesta a súa veracidade no eido dos supostos e indicios e non no empirismo máis estrito. Así pois, perante o problema do aumento da morte de linguas, como contrastar a hipótese da linguo-diversidade? Dado que por moito que constituía unha hipótese de tipo B cuxa contrastación se realiza por medio de

⁴ Esta argumentación, presentada xa previamente, desenvolverase de xeito completo no capítulo segundo desta investigación, concretamente nos apartados 2.2 e 2.3.

procedementos indirectos, como a comprobar empiricamente? Pois ben, segundo a nosa interpretación, seguindo un procedemento que vaia do particular ao xeral, sería posíbel aplicar esta hipótese nun caso concreto de conflito lingüístico para certificar a súa eficacia; con todo, se finalmente resultar comprobada non implicaría directamente a veracidade da hipótese senón só que se cumpre, cando menos, nesa circunstancia. Do mesmo xeito, en lóxica argumentación, se ficase refutada tampouco non tería que implicar a negación da hipótese, senón a non viabilidade nese contexto determinado. Así, segundo a nosa visión, a hipótese podería aplicarse nun proceso concreto de substitución lingüística para se ir estendendo posteriormente a outros análogos, como se dunha arañeira se tratar, e multiplicar os seus efectos positivos, se os houber, impedindo que continúe a perda da diversidade lingüística, demostrando daquela que a ciencia tamén serve para as causas xustas dos colectivos minorizados, e, máis aínda, que desde o local é posíbel —e desexábel— transformar o universal. Desafortunadamente resulta complicado poñer en práctica esta hipótese debido a que cumpriría contar co apoio da administración do territorio do conflito lingüístico en cuestión, o que non é en absoluto doado. Ao longo desta investigación procuraremos contrastar a hipótese da linguo-diversidade suxerindo camiños alternativos e estratexias para-oficiais que conclúan unha alternativa certa.

1.2 Mitos e realidades manipuladas

Desde o principio dos tempos e en todas as culturas tratouse de explicar, con maior ou menor éxito, a diversidade en xeral e a lingüística en particular. O feito de as comunidades veciñas empregar unha lingua distinta deu moito que pensar ao longo dos séculos e mesmo aínda hoxe continúa a ser un aspecto conflitivo. Con todo, o trato que se lle deu a esta cuestión non foi sempre igual, isto é, non todas as culturas entenderon a linguo-diversidade dun mesmo xeito. Moi ao contrario, entrementes algunhas contemplaban a existencia de múltiples linguas como algo negativo que debería ser aniquilado, non faltaron explicacións mitolóxicas que mostrasen esta realidade como unha cuestión respectábel e como fonte de coñecemento.

No caso das culturas que fomentaron unha visión negativa da diversidade lingüística, a maior parte delas manifestan unha concepción da linguaxe humana fundada unicamente na súa vertente comunicativa, o que motiva que as linguas do mundo sexan consideradas como un atranco para a sociedade por dificultaren a mutua intelixibilidade entre as persoas. Porén, a linguaxe humana transcende notabelmente, tal e como sinala a hipótese da relatividade lingüística, a función comunicativa, en tanto que determina o pensamento e o xeito en que interpretamos a realidade; isto é, cada lingua outorga unha cosmovisión determinada e diferente ás demais, ao conformar as ideas e o pensamento soborda o feito de constituíren simples instrumentos concibidos para nos expresar e intercambiar información .

Por ser quizais culturalmente a máis próxima a nós, así como a máis estendida no noso contexto, comezamos analizando a mitoloxía xudeu-cristiá, que se sitúa á cabeza das interpretacións negativas considerando a diversidade lingüística como unha maldición, como un castigo divino por unha *mala* conduta humana, reforzando máis unha vez desde a xerarquía eclesiástica o produtivo e rendíbel —para ela propia— concepto de pecado na súa freguesía. Así o recolle a *Biblia* (*Antigo Testamento, Pentateuco, Xénesis*: 1:11:1-1:11:9):

Toda a terra tiña entón unha soa lingua e unhas mesmas palabras.

E aconteceu que ao emigraren de Oriente, atoparon unha chaira na terra de Sinaí e establecéronse alí. [...] E dixeron: “Vide, edifiquemos unha cidade e unha torre cuxa cúspide chegue ao ceo. Fagámonos un nome, non vai ser que nos dispersemos sobre a face de toda a terra”.

Jehovah descendeu para ver a cidade e a torre que edificaban os fillos [*sic*] dos homes [*sic*].

Entón dixo Jehovah: “Eis que o pobo está unido, e todos falan o mesmo idioma. Comezaron a obra, e agora nada lles impedirá facer o que se propoñen.

Imos, pois, descendamos e confundamos alí a súa lingua, para que ninguén entenda a fala do seu compañeiro.” [...] Por tanto, o nome de dita cidade foi Babel, porque Jehovah confundiu alí a linguaxe de toda a terra, e desde alí os dispersou sobre a face de toda a terra.

O mito xudeu-cristián acolle moitas interpretacións posíbeis. Entendido sempre como un castigo por un mal comportamento da súa descendencia, o Deus vingativo condena, máis unha vez, o seu pobo á incompreensión e ao illamento por medio da diversidade lingüística, presentada, pois, desde o comezo dos tempos como o resultado da furia divina. Deus obriga a súa prole a falar linguas diferentes, impedindo ou dificultando a comprensión mutua, para que deste xeito cesen no empeño de construíren unha torre que alcance o ceo e os faga célebres na Terra. Se tirarmos do fío e procurarmos darlle continuidade a este mito de acordo cos acontecementos actuais, quizais debamos concluír que a morte das linguas non é máis que a volta ao estado inicial, isto é, Deus estaría a levantarnos o castigo logo de tantos séculos achegándonos ao monolingüismo bíblico pre-babeliano. Dito noutras palabras, estaríamos a identificar o monolingüismo internacional co estado lingüístico ideal. Segundo J. C. Moreno Cabrera (2006: 41) a ideoloxía monolingüista preséntase cunha dupla orientación. En primeiro lugar como unha superación do mito da Torre de Babel por medio dunha proxección cara ao pasado en tanto que no principio dos tempos «toda a terra tiña entón unha soa lingua e unhas mesmas palabras», e, en segundo lugar, como unha proxección cara ao futuro, xa que a humanidade acadará no futuro máis ou menos afastado unha sociedade monolingüe en que a comunicación non estea trabucada pola diversidade lingüística. O certo é que non por partillarmos unha lingua comprendemos mellor a nosa veciñanza, senón que a falta de comprensión e as malas interpretacións dos discursos prodúcense decote mesmo entre falantes dunha mesma lingua. É por este motivo que o mito da lingua común como ponte entre civilizacións e fonte de intercomprensión non é máis que iso: un mito, unha interpretación da realidade manipulada e falaz.

A lingüista catalá C. Junyent sostén (1998: 26), nesta mesma liña de interpretación, que o mito da Torre de Babel contribuíu en gran medida a difundir en Occidente a percepción da diversidade lingüística como unha maldición, como un óbice para acadar a comprensión entre falantes de linguas diferentes. Mais manifesta que todas as culturas procuraron algunha explicación para a linguo-diversidade e que non todas elas acadaron interpretacións negativas para esta realidade. A autora sinala o caso da tribo Acoma, de Novo México, xa que, segundo a súa

explicación mítica, a deusa Iatiku fixo que as persoas falasen linguas distintas para non pelexaren tanto entre elas. Resulta curioso que hoxe en día se reivindicue o positivo do monolingüismo aducindo que suporía unha mellor intercomprensión dos pobos, facilitando, pois, a convivencia no planeta, cando xa hai tantos séculos se presentaba a diversidade lingüística como un medio para acadar ese mesmo fin. Asemade resulta tamén moi significativo que sexa unha deusa —fronte a imaxe do Deus vingativo característica do mito xudeu-cristián— quen propoña unha visión positiva da linguo-diversidade recoñecéndoa como un medio fundamental para acadar a estabilidade entre os seres humanos, manifestando pautas da conduta tradicionalmente feminina, como é a resolución de conflitos ou a restauración da orde establecida. Logo, semella ser esta tamén unha cuestión de xénero.

Do mesmo xeito, no caso da mitoloxía exipcia proxecciónse calidades positivas sobre o plurilingüismo. A tradición recoñece o deus Dyehuty / Thot como o inventor das linguas e da palabra, encargado de as distribuír nos distintos pobos. Este deus gozaba dunha alta consideración e valía debido a que era visto como unha divindade de inxente coñecemento. Así pois, a tradición mitolóxica exipcia consideraba a diversidade lingüística como algo positivo, natural, espontáneo e fonte de sabedoría.

A lingüista T. Skutnabb-Kangas (2000: 214) sinala a este respecto que:

Myths and stories have also interpreted the desirability, or otherwise, of diversity. In Western thinking there seems to be a possibly stronger inherigance of seeing homogeneity as positive and natural than in many other parts of the world. The Bible definitely sees, in the Babel tower story, the diversity of languages as a curse, a **punishment for peoples' pride**. Diversity has also been seen as a result of people quarrelling with each other. It could be a **punishment for quarrelling**, as the Dolgan fairytale indicates [...]. Diversity could also be in order to **prevent** further **quarrelling**, as Iatiku did [...]. As opposed to the Bible, the Qur'ān 'has established language variation as one of the great signs of Allah on earth', according to Abdussalam [...]. This seems to be true not only for linguistic but also ethnic/racial diversity [...]. Many other myths (maybe especially indigenous creation stories?) seem to consider diversity as positive too. Accepting diversity as more positive than homogeneity may also preclude many either-or stances. Choices of a kind where other alternatives are necessarily excluded may make both-and stances impossible —and bilingualism and multilingualism are both-and because they imply adding other languages to one's repertoire rather than learning others at the cost of the original one(s), in a subtractive way [...] [a énfase engadida é da autora].

No século XXI pode semellar que temos moi superados estes mitos e que non nos afectan en absoluto as explicacións fantásticas que as xeracións precedentes daban aos problemas con que se atopaban na vida cotiá. Porén non é tal. Aínda hoxe, tantos séculos despois, a nosa tradición cultural e o noso coñecemento colectivo están determinados por estas explicacións míticas carentes de argumentación científica algunha que as sustentaren. É por iso, como di C. Junyent (1998: 34), que resulta fundamental a des-mitificación de Babel para arrincarmos de raíz a concepción da diversidade lingüística como unha maldición, como un castigo, e pasar, segundo ela, do libro da *Xénese* ao dos *Feitos dos apóstolos*, onde se narra o milagre de Pentecostés que considera positivamente a capacidade de falar e comprender linguas diversas. Debemos, pois, avanzar *De Babel a Pentecostés*, citando a obra de J. C. Moreno Cabrera (2006), onde salienta que (2006: 9):

En la *Biblia* encontramos precisamente dos episodios que dan una perspectiva teológica a ambas posturas. Se trata del suceso de la confusión de lenguas asociada a la Torre de Babel [...] y del episodio de las lenguas de fuego asociado a la celebración del Pentecostés [...]. En el primero, la confusión de las lenguas supone un castigo y, en el segundo, el conocimiento y entendimiento de las lenguas es un premio, un don divino.

O curioso é que por moito que a *Biblia* acollese as dúas posturas perante a interpretación da diversidade lingüística —negativa no mito da Torre de Babel e positiva no de Pentecostés e as linguas de lume— soamente transcendese popularmente unha delas, a primeira, aquela que salienta o carácter negativo das linguas e que coincide ademais coa interpretación que o poder homoxeneizador sostén na actualidade. Este feito supón, de acordo con T. Moure (2005b: 140), achegármonos á diversidade lingüística sempre desde o prexuízo:

O mito de Babel ten sido ben nocivo porque nos ensinou a mirar a diversidade como un castigo. Substituíamos esa imaxe magoenta por outra que identifique a diversidade cunha enorme riqueza. En vez de discutir cal modelo debe impoñerse, os nosos esforzos orientaranse a aprender a ver cos ollos do Outro. As linguas internacionais serán, ante todo, auxiliares. Sexa cal sexa o modelo de LIA [lingua internacional auxiliar] que se estableza, o seu uso só será coma o aceno amable e a mímica: remedios puntuais para solventar o aquí e agora.

Rachar con Babel e a súa lonxeva traxectoria implica, pois, unha xusta toma de conciencia ao lexitimar as linguas, grandes e pequenas, neste mundo globalizado. Implica considerar a diversidade como unha realidade que nos achega —e nunca nos afasta— en tanto que falantes de linguas humanas. Implica, ao fin, asumirmos unha actitude verdadeiramente ética e

verdadeiramente responsábel en cada un dos procesos de substitución lingüística abertos na actualidade, tal e como posteriormente comprobaremos, apostando en todo momento pola recuperación das linguas minorizadas nos seus territorios historicamente definidos.

1.3 Discusión conceptual

1.3.1 Desacordo terminolóxico e causas da morte de linguas

Cómpre fiar moi fino á hora de nos referirmos ao concepto de *morte de linguas*, porque, de xeito xeral, sabemos *a priori* que alude ao feito da desaparición dunha lingua, porén son diversas as causas que a propician así como as características que a definen. A variedade neste campo abrolla desde o primeiro momento, xa que, como veremos, adoitan empregarse diferentes termos para denominar este fenómeno. Así atopamos *morte dunha lingua*, en G. L. Campbell (1994) e W. U. Dressler (1988), *suicidio inducido*, en C. Junyent (1999⁵), *lingüicidio* ou *asasinato dunha lingua*, en T. Skutnabb-Kangas (2000) ou T. Skutnabb-Kangas & R. Phillipson (1994), *substitución lingüística*, en C. Junyent (1999⁵), entre outros. A gran disparidade terminolóxica está directamente relacionada coas distintas percepcións da natureza do propio fenómeno da morte de linguas, entendido de xeito diferente por cada especialista que se aproximou até el. Por exemplo, D. Crystal (1993²: 216) recolle no seu dicionario enciclopédico unha concisa, mais completa, definición do que supón ao seu ver o fenómeno de morte de linguas:

Language death The situation which arises when a language ceases to be used by a community; also called **language loss** or **obsolescence**, especially when referring to the loss of language ability in a individual. The term **language attrition** is sometimes used when the loss is gradual rather than sudden [o subliñado é do autor].

Pola súa banda, C. Junyent (1999⁵: 12-14) sinala fundamentalmente dúas causas da morte de linguas: a morte do conxunto de falantes dunha lingua e a substitución da lingua propia por outra allea como resultado dun contexto de conflito lingüístico. O exterminio dunha poboación enteira, e por extensión das persoas falantes da lingua propia dese determinado territorio, non constitúe por fortuna o caso máis frecuente, no entanto, si aconteceu e en máis dunha ocasión⁵. Nesta situación, de sobreviviren algunhas persoas, poderían continuar a falar a lingua durante unha ou dúas xeracións, mais probabelmente deixarían de o facer por medo ás represalias ou mesmo ao

⁵ Esta causa, sinalada pola autora, non resulta realmente representativa do fenómeno da morte de linguas — tal e como veremos—, xa que con este concepto nos estamos a referir a un proceso de substitución lingüística nun contexto de conflito lingüístico e non á desaparición física das persoas que empregan a lingua minorizada en cuestión.

xenocidio. Con todo, a comunidade de falantes dunha lingua calquera pode desaparecer tamén por motivos alleos á vontade humana: déronse casos en que unha catástrofe natural ocasionou a desaparición dunha sociedade enteira, e, por tanto, tamén da súa lingua. A este respecto D. Crystal (2003: 110) comenta que:

O número de usuarios dunha lingua pode reducirse gravemente [...] a causa de catástrofes naturais. Anque é practicamente imposible obter datos precisos, é evidente que as pequenas comunidades de zonas illadas poden acabar sendo decimadas e aniquiladas por terremotos, furacáns, maremotos, inundacións, erupcións volcánicas e outros cataclismos.

O autor recolle na súa obra un caso concreto en que unha catástrofe natural acabou cunha comunidade lingüística completa (2003: 110-111):

O 17 de xuño de 1998 un terremoto de magnitude 7,1 [...] que sacudiu a costa da provincia de E. Saundum, en Nova Guinea Papúa, acabou coa vida de 2.200 persoas e deixou sen fogar a outras 10.000; as aldeas de Sissano, Warupu, Acop e Malol foron destruídas, e un 30 por cento da poboación acop e varapú morreu. Os investigadores do Summer Institute of Linguistics xa identificaran os habitantes destas poboacións polas características da súa fala e xustificaran a existencia de catro linguas suficientemente distintas, pero o asunto quedou sen resolver porque de acordo con *Ethnologue* (1996), aínda era necesario realizar estudos en tres deses casos, e xa se empezara a traballar no cuarto. [...] Hai que poñer entre interrogantes a pregunta de se estas comunidades (e por conseguinte as súas linguas) sobrevivirán ó trauma [...].

Trátase pois dun caso concreto, e ademais bastante próximo no tempo, do alcance que poden ter as catástrofes naturais sobre o devir dunha lingua e súa comunidade de falantes, debido, neste caso, á destrución do espazo propio da comunidade. Porén, segundo D. Crystal (2003: 111), «o hábitat pode converterse en inhabitable por mor dunha combinación de condicións climáticas e económicas desfavorables». O autor refírese, fundamentalmente, a fames ou secas extremas que poden ocasionar a morte dos membros dunha comunidade lingüística ou ben a súa dispersión, mais a consecuencia das dúas circunstancias é sempre a mesma: a desaparición da(s) lingua(s) en cuestión. D. Crystal tamén recolle na súa obra a transcendencia que tiveron distintas enfermidades e pandemias para moitas linguas e, por tanto, tamén para as persoas que as falaren. Deste xeito, o autor (2003: 112) salienta que:

Xa se estableceu o efecto histórico que tiveron as enfermidades importadas sobre os pobos indíxenas durante o primeiro período colonial, aínda que de momento non se valorase plenamente o alcance extraordinario dos seus efectos. Douscentos anos despois da chegada dos primeiros colonos europeos a América, un 90 por cento da poboación indíxena, segundo datos dispoñibles, morreu a causa das enfermidades que levaban consigo tanto animais como persoas.

Con todo, non é preciso distanciarnos á época da conquista de América por parte dos europeos para procurarmos casos deste tipo, xa que temos exemplos abondos en tempos recentes, mesmo na actualidade, onde se veñen de espallar enfermidades polas zonas máis desfavorecidas do planeta, aínda que nestes casos cómpre considerar outros factores engadidos —como os políticos e máis os económicos— en tanto que moitas das epidemias do chamado Terceiro Mundo poderían ser salvadas se as potencias occidentais puxesen un interese maior nesta cuestión.

No entanto, tal e como comentabamos previamente en nota ao rodapé, estes fenómenos non resultan en absoluto representativos do concepto de morte de linguas, consistente na substitución da lingua propia dun territorio por outra foránea logo dun conflitivo proceso de desequilibrio lingüístico. Deste xeito o exterminio de que estamos a falar non é de individuos senón da identidade persoal e social, isto é, este proceso non consiste na aniquilación física das persoas, senón que se trata de minar a integridade dos individuos rematando, deste xeito, coa súa forma particular e única de entenderen o mundo que vén determinada pola lingua. Estamos a falar, pois, dunha das formas de extermio máis crueis, xa que cando un individuo se ve forzado a renunciar á súa propia lingua non deixa de lado simplemente o seu medio de comunicación, senón que está a renunciar —de xeito indirecta ou directamente motivado— a un sinal básico de identidade e máis a súa cosmovisión, o que supón un proceso de re-adaptación cultural que favorece a marxinação social e máis a aculturación.

A substitución lingüística é un proceso rápido que pode ser complementado en só catro xeracións, de acordo con C. Junyent (1999⁵: 14). Resulta de vital importancia analizar os síntomas iniciais que indican os problemas na transmisión dunha lingua para así os poder atallar desde o primeiro momento. Mais o fenómeno da substitución da lingua propia por outra está moi pouco estudado. Debémonos preguntar por que unha comunidade abandona o uso da súa lingua propia en

beneficio doutra, ou cales son os mecanismos que poden obrigar a o facer. Ao mesmo tempo, por que resulta tan doado e rápido para unha lingua dominante a usurpación das funcións lingüísticas da lingua minorizada no seu propio territorio, e, pola contra, tan complicada e lenta a recuperación e revitalización dunha lingua minorizada. A realidade é que, paradoxalmente, a perda da diversidade lingüística tivo —e ten— na lingüística teórica un trato nesgado, no mellor dos casos, e inexistente noutros.

1.3.2 A linguo-diversidade nas enciclopedias, manuais e atlas lingüísticos

As grandes obras de información e consulta con que contamos neste eido do coñecemento son, dunha banda, os manuais de lingüística e, doutra, as enciclopedias e máis os atlas lingüísticos. Debido á falta de traballos amplos e completos sobre o fenómeno da morte linguas, alén dalgúns capítulos incluídos en obras maiores, artigos científicos e algunhas, poucas, monografías ao respecto, consideramos a posibilidade de realizar unha busca nestas ferramentas de traballo de que dispoñemos. Con todo, a pesar da importancia deste fenómeno e as consecuencias que terá a moi curto prazo de tempo, o certo é que o trato deste tema nas obras de consulta resulta, na maioría delas, deficiente, por non dicir inexistente, en moitos casos. Obras de referencia no ensino universitario elaboran amplos panoramas da lingüística desde as súas orixes até os nosos días, mais pasan por alto o fenómeno da desmedida desaparición das linguas na actualidade, isto é, a perda do noso propio obxecto de estudo. Na actualidade, como indica T. Moure (2001a: 61-62), sería imposible pensar na realización dun manual de zooloxía que non reparase, aínda que fose só de xeito superficial, nas especies animais en perigo de extinción, como tampouco non sería posible pensar nunha monografía sobre os felinos que non comentase a precaria situación que caracteriza a loita pola supervivencia do lince ibérico. Porén na lingüística a situación máis espallada é xustamente a contraria, xa que moitas das obras realizadas por persoas especialistas no eido nin sequera mencionan o fenómeno, aínda que sexa de forma nesgada, e non por negármonos a ver a realidade esta vai mudar sen que nada fagamos, moi ao contrario o ritmo de desaparición das linguas do mundo non deixou de aumentar nos últimos anos.

Existen, no entanto, honrosas excepcións que se afanan por atallar unha solución para a agónica realidade de gran parte das linguas do mundo. Traballos con maior ou menor repercusión que pretenden representar a situación, quer o panorama xeral característico da linguo-diversidade,

quer o contexto particular dunha lingua minorizada que procura o seu espazo lexítimo enfrontada no marco dun conflito lingüístico cunha lingua dominante e imperialista. Dentro do eido das enciclopedias e manuais lingüísticos destaca D. Crystal (1987), onde se inclúe un apartado dedicado á diversidade lingüística que fai referencia á morte de linguas. Outra obra que salienta por riba das demais no trato deste tema é R. E. Asher & J. M. Y. Simpson (1994), onde atopamos entre as súas entradas artigos como “Language death” ou “Linguicide”, asinados por especialistas de sonda internacional neste eido, como G. L. Campbell (1994) ou T. Skutnabb-Kangas & R. Phillipson (1994), respectivamente.

No ámbito dos atlas lingüísticos, cómpre recoñecer que na súa maioría recollen casos de linguas que sobreviven en precario aludindo, en moitas ocasións, ao fenómeno da morte de linguas. No caso dos atlas procuramos tamén rastrexar o trato que estas grandes obras facían da situación do galego e, como veremos deseguido, os resultados son dispares. M. Moseley & R. E. Asher (2007²) fai mención a algunhas linguas extinguidas así como ás linguas da poboación inmigrante. Refírese tamén á situación de linguas en perigo ou aquelas que van morrer irremediabelmente nun futuro non moi distante, como o caso das linguas minoritarias de Sudán, particularmente na zona do val do Nilo e máis no oeste de Darfur, as cales debido á presión do árabe están a desaparecer —como é o caso do birgid— ou ben farano nun curto período de tempo. Os autores aducen como causa destes procesos de substitución lingüística a escasa competencia da poboación máis nova nestas linguas indíxenas, a non transmisión á seguinte xeración e o emprego do árabe como lingua franca e como única lingua no ensino, alén do uso xeneralizado desta lingua na administración. Canto ao galego, recolle a súa existencia e menciona o status de cooficialidade dentro do Estado español.

O exemplo do *Ethnologue* (M. P. Lewis, ed., 2009¹⁶) constitúe sen dúbida o proxecto máis amplo, enriquecedor e apaixonante, de que até agora dispoñemos. Esta obra comezou a súa andaina en 1951 e vén de publicar a súa décimo sexta edición. Será esta última a empregada habitualmente na investigación, aínda que en ocasións traballaremos con versións previas ao elaborarmos unha comparación das tres últimas edicións da obra. Desde hai medio século este proxecto procura divulgar a diversidade lingüística de xeito completo e rigoroso, lexitimando as linguas minorizadas do mundo que sobreviven en precario, outorgándolles un espazo digno na investigación lingüística e permitindo cando menos a súa visibilización. O fundador e responsábel das sete primeiras edicións foi R. S. Pittman, ed. (1951¹-1969⁷), a editora das sete seguintes foi B. F. Grimes, ed.

(1971⁸-2000¹⁴), R. G. Gordon, Jr., ed. (2005¹⁵) foi o encargado da décimo quinta edición, mentres que M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶) é o responsábel da actual versión.

M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶) recolle o galego dando debida conta da súa orixe, evolución e situación actual, salientando que se trata dunha lingua oficial, que posúe unha Academia, así como unha tradición literaria secular. Alude tamén ao crecente sentimento de identificación étnica que define a comunidade lingüística do galego parella á identificación lingüística. Ao mesmo tempo realiza tamén unha completa mención das linguas do mundo en perigo, xa que inclúe un apartado integramente dedicado a este tema así como aos factores que motivan a non transmisión da lingua propia á seguinte xeración e a perda da diversidade lingüística. Sinala un total de 457 linguas con menos de 50 falantes ou ben cuxos falantes constitúen unha pequena fracción da comunidade en que se insiren. Mesmo recolle unha reflexión sobre como identificar o nivel de ameaza dunha lingua por medio do escaso número de falantes, o bilingüismo social, a urbanización, a modernización, as migracións, a industrialización, as funcións da lingua na sociedade ou a transmisión á seguinte xeración.

Tanto a obra de K. Katzner (2002) como a de G. L. Campbell (1991) omiten calquera referencia ao galego. A primeira delas, a pesar de incluír un apartado dedicado ás linguas minoritarias da familia ítalo-romance, non recolle a existencia do galego, mais si aparece o catalán, o sardo e o provenzal. Ademais elabora unha breve mención á morte das linguas entendida como resultado da substitución dunha lingua minoritaria por unha dominante, sinalando os medios de comunicación como un dos causantes desta substitución. A segunda —G. L. Campbell (1991)— tampouco non recolle o galego, porén si o catalán que aparece como a lingua minoritaria máis importante do oeste europeo. Ao mesmo tempo tampouco non fai referencia ao fenómeno da morte de linguas.

Mención especial merece a obra de A. Meillet & M. Cohen (1924), a cal, a pesar do lapso temporal que a separa das obras sinaladas até agora, si recolle o galego, situándoo en Galiza e incluíndoo no grupo do portugués.

As razóns que explican esta serie de presenzas e ausencias nos materiais consultados radican en que a pretendida neutralidade que se tenta transmitir na investigación científica as máis das veces fica nun bo principio de actuación máis que nunha realidade. Neste sentido J. J. López Rivera & T. Moure (2002: 619) sinalan que en lingüística se sobredimensionou a procura da obxectividade, a cal pasa a ser «lei de actuación e consecuencia» desa pauta de conduta ao un mesmo tempo. Así pois, a obxectividade debería guiar todos os estudos que se enmarquen dentro da investigación, con todo, como comprobamos anteriormente, non sempre é así, senón que en moitas ocasións se trata de silenciar a realidade para a achegar a uns determinados intereses, terxiversándoa para a acomodar ás hipóteses de traballo máis rendíbeis. Tanto é así que, segundo J. J. López Rivera & T. Moure (2002: 620):

Só moi de vagar foi gañando terreo a idea de que, se ben a investigación é en grande medida un descubrimento, tamén é unha elaboración [...] onde se combinan os condicionamentos evidentes que actúan sobre os investigadores co labor calado de influencias menos rechamantes [...]. Por ese burato infiltranse factores que, mesmo sen dependeren estrictamente dos fenómenos analizados, acabarían por determinalos dun xeito decisivo.

Deste xeito poderíamos concluír que na actualidade non se producen aproximacións inocentes no eido da investigación antropolóxica ou sociolóxica, posto que tras calquera investigador se agocha a súa ideoloxía. É por iso que J. J. López Rivera & T. Moure (2002: 620) pretenden analizar a «incidencia de compoñentes ideolóxicas diversas nunha investigación lingüística particular», elixindo para tal efecto o *Ethnologue*, debido a que sobresaie entre as obras deste eido por mor do seu compromiso e rigor. Un traballo, ademais, que se inscribe na liña da ecolingüística, preocupada polo recoñecemento dos dereitos lingüísticos de todas as linguas do mundo—sobre todo daquelas que sobreviven nunha situación discriminatoria no seu propio territorio histórico—, constituíndo pois unha póla da lingüística teórica ideoloxicamente comprometida. No entanto, mesmo nun traballo de carácter tan sensíbel coa linguo-diversidade como é o *Ethnologue* achamos que pode estar (2002: 621) «impregnado de contradicións e, malia que se apunta á defensa das minorías, ás veces acaba reproducindo esquemas de valores máis homoxeneizadores», canto máis noutras obras que non manteñen este compromiso de apoio das linguas minorizadas. Alén disto, tamén temos que considerar con cautela os datos proporcionados canto ás linguas recollidas, en vista de que na entrada correspondente ao Estado español, entre as catorce linguas que sinala, inclúe o quinqui ou mesmo o caló, variedades que —sen ánimo de

denigrarmos calquera índice de linguo-diversidade— dificilmente poderíamos considerar en pé de igualdade coas formas históricas como o galego.

Mais o que non lle podemos negar ao *Ethnologue* é o achegamento que fixo do fenómeno do multilingüismo, que tan esquecido estaba por estas latitudes, salientando o dominio das grandes linguas con manifestos intereses hexemónicos e imperialistas, algo que «podería formar parte dun programa de abertura da focalización exclusivista que fai a lingüística sobre algúns códigos existentes» (2002: 633). No *Ethnologue* perséguese a «exaltación do patrimonio lingüístico» ao tentar incluír no seu catálogo de linguas do mundo todas as manifestacións por poucos falantes que teñan. Constitúe unha oportunidade óptima para a reflexión sobre o que podería ocasionar a perda da diversidade lingüística, xa que ao mostrar unha listaxe de linguas do mundo tan completa sen ocultar en ningún momento a ameaza da perda de diversidade lingüística, supón unha advertencia perante a morte actual de linguas. Segundo J. J. López Rivera & T. Moure (2002) o *Ethnologue* cuestiona a validez das teorías lingüísticas habituais en tanto que foron elaboradas cunha reducida base empírica, á vista do número de linguas salientado nesta compilación. Desta maneira sinalan a inviabilidade dos estudos baseados no escrutinio das escasas linguas de Occidente asumidas, presuntuosamente, como representativas do conxunto de códigos lingüísticos do mundo.

Anteriormente sinalabamos a inviabilidade de fundamentarmos a ciencia na simple acumulación de saber; do mesmo xeito, pois, tamén cómpre termos cautela á hora de analizarmos as achegas científicas xa que todas elas posúen unha ideoloxía que as sustenta de xeito máis ou menos transparente. A cuestión máis importante consiste en saber que a ciencia ten que comprometerse coa sociedade mantendo sempre uns principios éticos e non sucumbir aos intereses do poder. Xa que, de acordo coa escritora nixeriana C. N. Adichie⁶, cada vez que nos dobregamos perante os imperativos do poder contribuimos á perpetuación dunha visión simplista e incompleta do mundo, transmitindo unha historia única, un único modelo de realidade —conscientemente nesgada. C. N. Adichie sinala que este mecanismo do poder é tan forte que mesmo nega ás persoas a súa propia identidade. É por iso que, segundo a autora, cada vez que rexeitamos a historia única e asemade somos conscientes de que non existe unha única historia sobre ningún lugar, *recuperamos unha sorte de paraíso*.

⁶ C. N. Adichie leu a palestra *The danger of a single story* no Foro TED *Ideas worth spreading*, en Oxford no ano 2009.

1.3.3 As causas reais da substitución lingüística

1.3.3.1 T. Skutnabb-Kangas

Como xa comentamos previamente, a drástica diminución da linguo-diversidade pouco, ou nada, ten que ver coas causas naturais que determinan a desaparición dunha comunidade enteira de falantes dunha lingua. Pola contra, as motivacións reais que provocan a morte das linguas remiten sempre aos intereses dos grupos máis poderosos, que ven nas nacións —as máis das veces, sen estado— das linguas minorizadas novos territorios para adherir aos seus propios estados no seu afán neo-imperial, sen consideraren en ningún momento a existencia doutras realidades sociais, culturais ou lingüísticas. A este respecto, a lingüista finesa T. Skutnabb-Kangas (2000: 312) salienta acadamente as tres causas reais que motivan na súa opinión a diminución do número de linguas do mundo, que son o xenocidio físico, o xenocidio lingüístico e a invisibilización da lingua mediante a dialectalización.

Na súa investigación, T. Skutnabb-Kangas desenvolve amplamente estas tres causas que orixinan segundo ela a morte das linguas máis desfavorecidas. A autora atreveuse a definir desde a súa perspectiva de especialista da lingüística a realidade tal e como é, sinalando unha por unha as causas reais da morte de linguas sempre baixo o rigor científico. Desta maneira, T. Skutnabb-Kangas (2000: 312) sinala en primeiro lugar:

The most dramatic way of reducing the number of peoples (and thus languages) is physical genocide. The prevention and punishment of physical genocide is regulated by a UN Convention. Physical genocide is nevertheless still attempted in relation to too many groups. Physical genocide has by no means been only attempted and committed by a dominant group vis-a-vis dominated groups with a different ethnicity, language, or culture, even if this has historically been the most common situation. Genocide in Tasmania, Australia, and much of the Americas is well documented, as is the European World War II Holocaust. Even where the genocide was not complete, a decimation of the original population was the result. But many if not most of the situations presented as massive intra-group (e.g., Cambodia) or intra-statal (in Latin America, e.g., Guatemala, Nicaragua) genocide during the last decades, have in fact been engineered or actively supported (via arms sales, through training, politically, etc.), and/or financed (mostly indirectly) by the large Western powers, most aggressively the USA, Britain, and France [...]. Genocide is of course not exclusively a Western responsibility.

Elites in other parts of the world have either cooperated or taken the initiative themselves —and still do.

Canto á segunda causa da morte de linguas a autora (2000: 312) salienta que:

Another way of reducing the number of possible nations (and thereby nation-states) is to commit linguistic genocide. This represents (actively) killing a language without killing the speakers (as in physical genocide) or (through passivity) letting a language die [...]. Unsupported coexistence mostly also leads to minority languages dying.

Por último, T. Skutnabb-Kangas (2000: 312) sinala ao respecto das causas que propician a morte das linguas minorizadas o seguinte:

A third way of enabling the reduction of the number of possible nation-states, by reducing the number of languages, is [...] to hierarchize different groups which might want to form a nation and therefore eventually a nation-state, through labelling them so that only some groups are seen as possessing the necessary prerequisite, a language, whereas others are labelled as not possessing a language, but only a way of communicating, an idiom, which is not a language and is then called something else, a labelling process used as one of the joint strategies in many of the -isms regulating power elationships in the world.

Nesta obra, clave para a historia da lingüística como ciencia por ser a primeira en que se fala abertamente da realidade desde o prisma profesional de especialista na materia, a autora visibiliza as razóns reais que se agochan tras cuestións fundamentais para a sociedade, como a desigualdade entre homes e mulleres, entre linguas, entre estados ricos e pobres ou entre clases sociais, alén de outros moitos contextos de discriminación. T. Skutnabb-Kangas (2000) incide acaídamente na radical importancia que teñen os factores extralingüísticos no desenvolvemento dos actuais procesos de substitución lingüística, en que os intereses económicos dos grandes estados determinan a desaparición de innúmeras linguas minorizadas nos seus propios territorios por mor do incesante avance das dominantes. Unha realidade que hoxe en día pode gozar dunha maior difusión, mais que até o momento da publicación deste traballo fundamental da lingüista finesa ninguén desde a lingüística teórica o manifestara de xeito tan claro e, ao mesmo tempo, perfectamente

argumentado, aducindo ademais unha inxente cantidade de información para convertermos a linguo-diversidade en materia docente a todos os niveis educativos.

Con todo, resulta necesario salientar que, por suposto, na tradición do noso pensamento nacionalista estes factores estaban presentes. Cómpre reflexionar, neste sentido, sobre os mecanismos que peneiran o coñecemento e o estatúen. A diferenza tradicional entre sociolingüística académica e militante —*vid.* H. Monteagudo (2000)⁷— escurece que o que se publica en obras como T. Skutnabb-Kangas (2000) en inglés no século XXI, estaba xa algo máis que intuído no prólogo de *Follas Novas* de Rosalía de Castro no século XIX.

1.3.3.2 C. Junyent

Dentro do estudo dos procesos de substitución lingüística salienta o traballo da lingüista catalá C. Junyent, profesora da Universitat de Barcelona e membro do Grupo d'Estudi de Llengües Amenazades —que procura a lexitimación das linguas minorizadas nos innúmeros contextos de conflito lingüístico existentes—, alén de colaboradora con diversos proxectos relacionados coa defensa da linguo-diversidade, como a *Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos* (1996) ou o *Decàleg lingüísticament sostenible* (2008). Este último constitúe un acaído exemplo do importante labor que pode facerse pola re-dignificación das linguas desde as universidades dunha pequena nación sen estado falante dunha lingua minorizada. Os principios básicos deste decálogo son:

1. Respecta todas as linguas.
2. Interésate polas linguas da túa contorna.
3. Non temas aprenderes novas linguas.
4. Non renunciés ás fontes de coñecemento que ofrecen as distintas linguas.
5. Dá voz ás minorías e escóitaas.

⁷ O carácter polémico desta subdivisión da sociolingüística galega reside en que diferenciar estas dúas correntes académicas implica supeditar a segunda á primeira, considerándoa de inferior valor pola carga ideolóxica e a politización en que se sustenta.

6. Non impoñas linguas dominantes e sementa linguas ameazadas.
7. Falar unha lingua pequena permitirá que te fagas ouvir.
8. Practica a diversidade lingüística cando te movas polo mundo.
9. A lingua non cha poden quitar se ti non quixeres.
10. Non exclúas ninguén dunha lingua.

Como vemos, trátase dunha grande iniciativa, exemplo do potencial concienciador social das accións deste tipo: non cómpren orzamentos inxentes para a visibilización da realidade lingüística, senón medidas comprometidas que desacouguen e movan as consciencias das persoas potencialmente alleas a estas cuestións.

A lingüista C. Junyent (1999⁵: 42) salienta que na maior parte dos contextos de substitución lingüística se observan algunhas constantes como, por exemplo, a idade. A diminución de falantes pode vincularse con diferentes grupos xeracionais polo que é posíbel considerar a idade como indicador do proceso de substitución lingüística, de tal xeito que, en xeral, as persoas de maior idade son quen simpatizan coa lingua recesiva mentres que, canto máis diminúa a franxa de idade, menor apego haberá por esta, chegando ao punto de que a poboación máis nova se inclina maioritariamente cara ao emprego da lingua dominante. En segundo lugar, a autora (1999⁵: 43) sinala a variábel do sexo. Tradicionalmente outorgóuselles ás mulleres o rol de transmisoras e conservadoras das linguas —de instalación—, en tanto que mantiñan un contacto máis próximo coa descendencia, alén de que nos procesos de substitución lingüística os derradeiros falantes da lingua recesiva son case sempre *derradeiras* falantes. Con todo, hai estudos que sinalan que a consecuencia da incorporación das mulleres ao mercado laboral abandonan de xeito rápido a súa lingua en beneficio da dominante en cuestión, asociándose, deste xeito, con maior dilixencia o cambio lingüístico coa promoción sociocultural. En terceiro lugar, a clase social (1999⁵: 45). Cómpre non esquecermos que en moitas ocasións o cambio social vén determinado, entre outras cousas, polo cambio de lingua, isto é, tradicionalmente emparéllase o emprego da lingua recesiva coas clases máis baixas e a dominante coas máis altas. Por último C. Junyent (1999⁵: 46) sinala a orixe como trazo indicativo da substitución lingüística ao tempo que salienta que «a progresiva urbanización da sociedade supón a recesión das linguas ameazadas», o cambio do medio rural ao urbano pode ocasionar o abandono da lingua ameazada sempre en favor da dominante.

C. Junyent considera a substitución lingüística como o eixe fundamental do fenómeno da morte de linguas e salienta (1999⁵: 75-80) que as causas deste proceso son basicamente dúas: a demografía e o prestixio. No referente á primeira, sinala a existencia dunha correlación inversamente proporcional entre o número de falantes dunha lingua e as súas posibilidades de extinción. Así, canto menor sexa o número de falantes dunha lingua, maior será a súa posibilidade de desaparición, e viceversa. Porén, como sabemos, existen excepcións a esta regra e danse casos de linguas cun número moi reducido de falantes que sobreviven sen seren ameazadas. Ao mesmo tempo, pode darse o fenómeno contrario: que unha lingua cunha gran comunidade de falantes estea en perigo de extinción, como acontece na actualidade en Perú co quechua, ou mesmo no noso país co galego, xa que a pesar de pertencer a elite das linguas por contar con máis dun millón falantes —situación en que apenas se atopan arredor do 4% das linguas faladas hoxe en día—, sitúase na categoría de lingua ameazada posto que non está a se producir a transmisión á seguinte xeración.

En segundo lugar, a autora sinalaba o prestixio como causa dos procesos de substitución lingüística. Moitos deles prodúcense cando as comunidades onde cohabitan dúas linguas en conflito consideran pouco produtivo transmitiren as súas linguas propias ás xeracións máis novas como se as linguas fosen pouco valiosas ou útiles. A autora salienta o determinante compoñente individual desta toma de decisión, porén certamente non podemos esquecer que está motivada polo macrocompoñente social e as imposicións que veñen determinadas desde o poder lexitimando en todo momento a difusión da lingua maioritaria foránea en detrimento da propia do territorio. Deste xeito C. Junyent opón na seguinte táboa as características concretas dunha lingua prestixiada coas que definen unha lingua desacreditada (1999⁵: 80):

Quadro 5: *Linguas (des)prestixiadas*

Lingua non-prestixiada	Lingua prestixiada
Pouco prestixio	Moito prestixio
Procedencia rural	Procedencia urbana
Minoría	Maioría
Economía inferior	Economía superior
Status político inferior	Dominación política
Relixión tradicional	Relixións universais ou agnosticismo
Tipo de vida tradicional	Tipo de vida moderna
Pouca formación	Ampla formación
Actividades económicas tradicionais	Actividades económicas modernas

Lonxe de caer na xeneralización, o certo é que a situación sociolingüística característica de Cataluña e o seu enfrontamento catalán-español, aseméllase, *mutatis mutandis*, ao contexto de conflito lingüístico que vivimos en Galiza. Obviamente atopamos notábeis diferenzas, porén o esquema básico é o mesmo: existencia dunha lingua propia cunha tradición histórico-literaria autónoma e secular, aumento do sentimento de autoidentificación na lingua minorizada e presenza dunha lingua foránea opresora —común en ambos os dous contextos: o español— que se impón como lingua dominante no proceso de substitución lingüística en que ambas as dúas se insiren. Porén, se en Galiza a maior parte dos gobernos desenvolveron unha serie de estratexias encamiñadas a acoutaren a presenza do galego en todos os eidos da sociedade, o trato da lingua propia de Cataluña recibido pola súa administración foi manifestamente distinto: o feito de ocuparen diferentes partidos de esquerda os postos de responsabilidade na administración na etapa democrática, fixo que o catalán, aínda inserido nun proceso de substitución lingüística, acadase unha presenza social moito máis preeminente que a do galego en Galiza, ao tempo que souberon reforzar no desenvolvemento das medidas de normalización lingüística, un evidente sentimento de autoidentificación na lingua propia, fundamental para acadar a plena recuperación das linguas minorizadas.

1.3.3.3 R. M. W. Dixon e a análise da linguo-diversidade desde as antípodas

Cómpre salientarmos neste eido a importancia do lingüista R. M. W. Dixon, un persoeiro imprescindíbel na loita pola conservación da linguo-diversidade que traballa desde Australia, desde un dos lugares do mundo onde a morte das linguas manifesta a súa cara máis crúa e devastadora. R. M. W. Dixon dirixe desde 1996 o Research Centre for Linguistic Tipology —RCLT de aquí en diante—, unha entidade dependente da Universidade de La Trobe que trata de atallar o problema da perda da diversidade lingüística dedicándose ao estudo das moitas linguas de Oceanía que están en grave perigo de desapareceren nun curto perigo de tempo. O RCLT ten o obxectivo de recadar o maior banco de datos sobre as linguas do mundo para así poder realizar xeneralizacións indutivas sobre a linguaxe humana. Investigan se verdadeiramente podemos atopar, ou non, en todas as linguas do mundo as categorías de substantivo e verbo ou as variacións tonais ao tempo que estudan as relacións que se producen entre distintas categorías gramaticais. O maior esforzo do RCLT dedícase ao proxecto que dirixen R. M. W. Dixon e A. Y. Aikhenvald, o cal pretende acadar un coñecemento completo das categorías da linguaxe humana por medio da investigación da relación entre as categorías gramaticais das linguas do mundo así como a interrelación entre as categorías gramaticais e os parámetros non-lingüísticos. O RCLT organiza anualmente diversos congresos, reunións e simposios sobre distintos aspectos da tipoloxía lingüística e conta tamén cunha serie de especialistas visitantes que contribúen a ampliar os horizontes do centro de investigación.

Segundo R. M. W. Dixon (1997: 107-110) existen catro posíbeis causas que explicarían, en termos xerais, a morte dunha lingua. En primeiro lugar a perda da poboación, en segundo lugar o abandono forzado da lingua propia relacionado coa imposición e obriga, seguidamente o cambio voluntario de lingua vinculado con cuestións de prestixio e funcionalidade e, por último, o cambio involuntario de lingua relacionado coa ritualización e perda de funcións da lingua recesiva, sobre todo en casos de conflito lingüístico entre unha lingua minorizada e outra dominante. Como vemos, o autor divide o proceso de substitución lingüística en tres subapartados, que corresponden coas causas segunda, terceira e cuarta: morte dunha lingua motivada pola imposición dunha lingua foránea —2—, por cuestións de prestixio —3— e máis pola ritualización e perda de funcións lingüísticas da lingua recesiva —4.

1.3.3.4 N. C. Dorian e o concepto de *semi-falante*

Como estamos a comprobar nesta breve análise da noción de morte dunha lingua, esta non ten un único significado, senón que segundo as diferentes aproximacións manifesta distintos sentidos ou matices. De acordo con N. C. Dorian (1977) este fenómeno remítenos a unha situación de substitución total dunha lingua propia por outra, mais N. Denison (1982) opina que non podemos falar da morte dunha lingua cando sobrevive dalgún xeito algunha das súas variantes, soamente sería posíbel referírmonos á morte dunha lingua cando esta desaparece completamente. Na súa opinión a morte dunha lingua comeza cando unha sociedade bilingüe non transmite á súa descendencia a lingua de seu, considerando que non lles vai resultar de proveito no futuro por constituír a variedade desprestixiada no seu territorio, ao tempo que as crianzas xa non están motivadas para adquiriren a lingua en cuestión. Porén para chegarmos até esta situación entra en xogo un factor extralingüístico fundamental, visto anteriormente, como é a perda de prestixio dunha lingua que vén determinada en moitas ocasións polos intereses económicos da comunidade maioritaria en que se insire ou que a asoballa.

Diferentes especialistas do eido da lingüística sinalaron N. C. Dorian como a primeira persoa en se referir á perda de diversidade lingüística coa etiqueta de *morte de linguas*. Alén disto, a autora (1977) introduciu tamén un interesante concepto relacionado coas linguas que sobreviven en precario. Trátase dun tipo moi específico de falantes denominado por ela propia como *semi-speakers* —semi-falantes, de aquí en diante—, caracterizado polo emprego dunha lingua recesiva na súa comunidade mais cun dominio desta bastante deficiente. Isto é, este colectivo de falantes decide usar a lingua non-prestixiada da comunidade como un acto de conciencia e rebeldía, a pesar de carecer das competencias lingüísticas básicas nela.

Segundo a autora (1980: 89) existen cando menos tres situacións que propician o xurdimento de semi-falantes: o cruzamento xeracional que produce a socialización lingüística fóra do contorno familiar, o enaltecemento do sentimento de identificación coa comunidade de orixe sobre todo en persoas marcadas pola emigración ou o exilio e, por último, unha personalidade característica influída pola inquietude e máis o gregarismo. N. C. Dorian (1980: 93) considera a existencia dunha posíbel cuarta condición que motiva a aparición de semi-falantes, consistente, segundo ela, no nacemento tardío dunha persoa nunha familia numerosa. Demostrouse que este

feito fai que os individuos de menor idade da unidade familiar tendan a ser semi-falantes na lingua desprestixiada motivados pola presenza de parentes de maior idade falantes da lingua recesiva. O colectivo de semi-falantes caracterízase, en termos xerais, pola súa forte concienciación coa situación das linguas ameazadas e a súa fundamental actuación individual co propósito de evitar a desaparición destas a pesar de non posuíren un dominio fluído nas linguas recesivas. N. C. Dorian (1980: 88) insiste en que se trata dun fenómeno estreitamente vinculado coa morte de linguas, mais non se dá en todos os casos de substitución dunha lingua ou dialecto recesivos, xa que se rexistraron casos de linguas en perigo en que non xurdiron exemplos de semi-falantes.

Cómpre matinar nos un intre neste concepto e reflexionarmos sobre se sería posíbel achar casos de semi-falantes en comunidades lingüísticas próximas a nós, ou mesmo no noso país. Ten algo que ver este fenómeno co concepto emerxente de *neofalante*? Efectivamente, semellanzas hai, abonda con botar unha ollada para nos decatarmos de que o galego conta cun número importante de semi-falantes e falantes reconvertidos que comparten unha serie de inxerencias e motivacións. En ambos os dous casos estamos a falar dun colectivo de falantes que se achega á lingua propia, a minorizada no proceso de substitución lingüística, tendo como lingua inicial a dominante no conflito lingüístico correspondente. En ambos os dous contextos danse casos de individuos que adoptan o emprego da lingua minorizada como un acto de rebeldía e subversión, como unha toma de postura ética responsábel perante a situación de desequilibrio lingüístico en que viven, por moito que carezan da competencia lingüística necesaria na lingua oprimida.

Con todo, resulta evidente que existen tamén notorias diverxencias entre os dous conceptos. Entrementes no caso da noción de *neofalante* a concienciación lingüística resulta a característica máis salientábel, no que respecta ao concepto de *semi-falante*, como dicíamos, non sempre supón o xurdimento de falantes cuxa conciencia de lingua mova os seus intereses, tal e como N. C. Dorian salientaba. Isto débese a que tanto a primeira causa que motiva a aparición de semi-falantes sinalada pola autora —cruzamento xeracional que propicia a socialización fóra do ámbito familiar— como a cuarta —nacemento tardío dun individuo nunha unidade familiar numerosa—, non motivan no contexto galego a aparición de neofalantes, xa que de apareceren, caracterízanse sempre pola súa toma de conciencia perante a situación da lingua oprimida no proceso de substitución lingüística: o galego, e non determinada por ningún destes dous factores previamente sinalados.

1.3.3.5 C. Hagège

Doutra banda, C. Hagège recorre á teoría saussureana para explicar parte da súa argumentación en torno á morte de linguas. Deste xeito sostén que (2002: 38) a desaparición da fala non implica a morte da lingua xa que as linguas mortas, as que xa non son faladas, poden ser recuperadas aprendendo a súa gramática ou mesmo a súa fonética, asimilándoas en tanto que organismos como con calquera outra lingua viva. Así entende, en contra doutras opinións, que unha lingua non falada non ten que estar morta, senón que unha lingua morta é só aquela que perdeu o uso da palabra. Segundo C. Hagège (2002: 39) unha lingua morta segue a existir debido a desaparición dunha lingua non é mais que a da fala.

As palabras do autor (2002: 57), unha lingua pode estar morta de moitos xeitos, manifestan a ampla concepción que ten deste fenómeno. Unha lingua morre cando fica sen falantes, mais o autor sostén que cando desaparece sendo unha lingua de prestixio permanece contemplada como parte da cultura, tal e como acontece no caso do latín e o grego. Ao mesmo tempo afirma que unha lingua desaparecida do uso pode conservarse nun estado que non sexa o de viva, no sentido de permanecer no intercambio lingüístico, mais sen estar morta (2002: 62). Así a desaparición lingüística pode ter até tres perfís distintos, segundo C. Hagège (2002: 77):

1. En primeiro lugar a *transformación*: unha lingua no devir da súa historia pode sufrir unha serie de cambios que supoñan o xurdimento dunha nova lingua, como aconteceu co latín e as linguas romances.
2. En segundo lugar a *substitución*: consistente no cambio, quer voluntario, quer forzoso, dunha lingua por outra.
3. Por último a *extinción*: cando desaparece completamente unha comunidade lingüística.

Na opinión de C. Hagège (2002: 78) unha lingua morre cando deixa de ter falantes nativ@s, que son quen empregan a lingua desde o comezo da súa vida no ámbito social e máis familiar, falantes que posúen a denominada *competencia nativa*, entendida como un «coñecemento completo e unha capacidade de emprego espontáneo» (2002: 78), convertendo a lingua nun instrumento de comunicación propio en todas as circunstancias da vida cotiá. Deste xeito unha lingua viva será a

dunha comunidade lingüística que renova o conxunto de falantes nativ@s, entrementes unha lingua morta será aquela en que a competencia nativa desapareceu na súa totalidade, xa que non se transmite de xeito completo, perdendo forza paulatinamente en cada intercambio xeracional.

Porén, en contra da opinión do autor, o certo é que é posíbel adquirir a competencia nativa nunha lingua distinta da lingua de instalación. Non temos máis que ollar o que acontece no noso país. Unha persoa falante nativa de español, pola razón que sexa, que opta conscientemente polo abandono da súa lingua inicial pode acadar, e de feito farao, a competencia nativa desexábel en galego. Na nosa opinión os conceptos propostos por C. Hagège de *falante nativo* e máis de *competencia nativa* poden resultar pertinentes, con todo non son aplicábeis en todos os contextos. Casos abondos existen no país que veñen referendar a nosa argumentación ao respecto da competencia das persoas nativas, porque se o feito de ser falante de galego desde o berce supón o emprego del como lingua *natural*, certo é tamén que a adquisición da competencia nativa por parte do colectivo de neofalantes resulta doada, acadando mesmo un maior sentimento de autoidentificación nela alén dunha maior proximidade á normativa da que terán nunca gran parte dos individuos falantes nativos de galego, no sentido estrito que lle outorga C. Hagège ao termo.

É por iso que nunha situación como a que estamos a vivir en que as linguas desaparecen a unha velocidade nunca vista, non deberíamos ser tan inflexíbeis cos conceptos relativos á supervivencia destas, como, por exemplo, o de falante con competencia nativa. Esixirmos *pureza de orixe* cando a lingua está precisada de axuda constitúe unha actitude irresponsábel e desleixada, canto máis cando esta se atopa nunha situación de desvantaxe no contexto de conflito lingüístico e en perigo de desaparecer nun cada vez máis curto período de tempo. De feito, cómpre non esquecermos que as persoas que protagonizaron no século XIX o Rexurdimento da nosa lingua non tiñan maioritariamente o galego como lingua inicial, *stricto sensu*, e, no entanto, contribuíron á mantenza da lingua moito máis que outros seus contemporáneos que si posuían a competencia nativa no sentido de C. Hagège. A este respecto, G. Sanmartín Rei (2009a: 41) salienta acaidamente que:

Repítese até a saciedade, nas aulas, nos manuais, en conferencias e debates, que foron as masas labregas e mariñeiras, o pobo traballador, as que conservaron e transmitiron o galego para hoxe podermos gozar del e sermos un novo elo da cadea. Reitérase isto sen lembrar que foron escritores e

escritoras (cuantitativamente menos mais de grande importancia cualitativa) as persoas —tamén pobo e tamén traballador— que fixeron posible a súa restauración culta comezando un proceso de dignificación sen cuxa axuda de ben pouca utilidade nos sería hoxe un idioma ágrafo e carente de recoñecemento social

Por este motivo cómpre sermos prudentes á hora de tratarmos conceptos como o de competencia nativa, xa que tal e como vemos non é preciso demostrar que descendemos dunha liñaxe de falantes de galego desde os tempos de esplendor da lingua na etapa medieval para contribuír ao lexítimo proceso de re-dignificación dunha lingua minorizada no seu territorio historicamente definido —neste caso o galego. Posteriormente retomaremos este argumento.

Tamén C. Hagège enumera na súa obra unha serie de posíbeis causas da desaparición dunha lingua, que son segundo el (2002: 79-101):

- a) Ausencia de aprendizaxe da lingua de instalación no fogar debido as persoas temeren que puidese prexudicar a súa descendencia no futuro.
- b) Descenso da natalidade na comunidade de falantes da lingua recesiva.
- c) Bilingüismo desequilibrado.
- d) Conflito lingüístico entre dúas linguas en desigualdade de oportunidades.
- e) Presenza de persoas subusuarias dunha lingua ou falantes ritualizadas (como xa vimos ao comentar o concepto de semi-falantes, en N. C. Dorian (1977), e neofalantes), así como o *semilingüismo* ou falantes con *dobre incompetencia*, por exemplo nunha situación de emigración en que os individuos non posúen un nivel óptimo na lingua receptora nin conservan unha competencia desexábel na súa lingua de instalación.
- f) Alteración da lingua recesiva e denegación da súa lexitimidade.
- g) A invasión polo préstamo constitúe un signo da pronta substitución que non deixa ademais ningún campo inalterado.
- h) Os procesos de erosión consistentes na perda de vocabulario en campos específicos supón un indicador inequívoco da obsolescencia da lingua, a perda dos trazos recesivos, propios, característicos e diferenciais de cada lingua, nivelacións analóxicas ou calcos, flutuacións,

así como o caso de persoas anciás que non poden lembrar a lingua que falaban na súa primeira etapa da vida.

i) Pidginización da lingua recesiva, xa que tanto nas linguas que sobreviven en precario como nos pidgins danse situacións análogas, como a tendencia á invariabilidade, á análise, ao emprego de trazos recorrentes nas linguas, presenza de individuos novos non sometidos á intervención normativa das persoas adultas, variación, ausencia de norma (pola súa inexistencia, nos pidgins, ou polo seu desgaste, nas linguas moribundas).

k) Existencia de fenómenos que semellan desmentir os prognósticos de extinción mais que realmente veñen ao confirmar, como as intencións de convivencia, a creatividade propia de individuos subusuarios, así como a preocupación polos estilos estereotipados e por un rigor purista, mais non acadan que a lingua deixe de se falar, senón que se trata de usos rituais, debido á perda do emprego cotiá da lingua recesiva e a existencia de hiperexcebrismos, característicos da lingua desgastada (2002: 101) que indican a morte inmediata desta.

Esta serie de causas pode ser agrupada en tres grandes clases, segundo C. Hagège (2002: 103-116). En primeiro lugar as causas físicas, pola desaparición total dos membros da comunidade lingüística motivada por catástrofes ou epidemias así como pola morte das persoas que constitúan as derradeiras falantes dunha lingua en concreto, mais tamén no caso de deportacións ou diásporas. En segundo lugar causas económicas ou sociais, pola presión dunha economía superior ou pola creación dunha clase social máis elevada que fala a lingua dominante. Neste sentido, podemos adoptar termos da ecolingüística para explicar as causas económicas xa que unha lingua debe adaptarse ás necesidades da contorna ecolingüística para poder sobrevivir (2002: 108). Ao mesmo tempo C. Hagège toma termos darwinianos e así sostén que a lingua dunha comunidade lingüística cunha economía superior asoballa outra máis débil debido aos principios que rexen a selección natural (2002: 109).

As causas económicas ou sociais provocan o abandono das actividades tradicionais producindo o declive da vida rural. En derradeiro lugar sinala as causas políticas ou lingüicidio, que consiste en que os estados poderosos non fan nada por evitar a desaparición das linguas minorizadas nos seus propios territorios históricos, ocasionando o exterminio destas mais sen mataren os individuos que as falaren. Trátase dunha «eliminación concertada dunha ou varias linguas» (2002: 115), que recorre exclusivamente a medios políticos. Nesta última subdivisión teñen moito que ver

os medios de comunicación, así como unha desaforada promoción do *unilingüismo* e da mentalidade monolingüista universal. A este respecto, no seu ensaio en defensa da linguo-diversidade, T. Moure (2005b: 132) non dubida á hora de sinalar os culpábeis desta situación e sostén que o ritmo de perda da diversidade lingüística e cultural supera xa ao da biodiversidade. Tanto é así que, como xa comentabamos, corremos o risco de perder o noventa por cento das linguas antes de que remate o século e existen, de acordo con diversos especialistas, responsábeis directos desta situación perfectamente coñecidos: por unha banda, os sistemas educativos, que ao transmitiren unha imaxe artificial da realidade das linguas circunscribíndose sempre á familia indoeuropea, propician o ascenso do inglés e o descoñecemento do resto das linguas do mundo; por outra, os medios de comunicación, que divulgan a imaxe dun mundo homoxéneo e global, cando a realidade dista abondo de ser así. Deste xeito, a sociedade obríganos a convivir decote con diversas formas de des-cortesía cara á diversidade, tal e como T. Moure salienta, minando a integridade das persoas falantes de linguas minorizadas ao transmitir a idea de que resulta imposible vivirmos nesas linguas, cando sabemos que non é así.

T. Moure (2005b: 134, 136-137), avoga como solución para a atallar a morte das linguas pola adopción do eco-multi-lingüismo radical, que supón liberármonos dos intereses do poder ao tempo que implica unha actitude aberta perante a diversidade e de rebeldía fronte á visión nesgada da realidade que nos imprime, en moitas ocasións, vivirmos en Occidente; sen esquecer, de acordo coa autora, que o feito de existir un gran número de linguas non pode facernos crer que soamente podemos acceder a un par delas, aínda que o poder nos incite a nos achegarmos unicamente a aquelas cunha maior presenza no mercado, e a afastarnos as máis cativas numericamente. Con todo, a cuestión das linguas non pode analizarse considerando só aspectos como o número de falantes que a empregaren ou os mercados en que resultan útiles, tal e como de seguido comprobaremos.

1.3.3.6 O criterio numérico

De acordo co principio que procura unha taxonomía das linguas do mundo en base ao número de falantes de que estas dispoñen, a listaxe das vinte linguas máis faladas sería a que segue⁸. Porén, son estas vinte linguas certamente as máis *importantes*, en termos económicos, do mundo? Reparemos nos datos.

Cadro 6: *O cume da pirámide ou as grandes linguas do mundo*

Clasificación	Lingua	Territorio orixinal	Número total de territorios	Millóns de falantes
1	Mandarín	China	20	845
2	Español	Estado español	44	329
3	Inglés	Inglaterra	112	328
4	Árabe	Arabia Saudí	57	221
5	Hindi	India	20	182
6	Bengalí	Bangladesh	10	181
7	Portugués	Portugal	37	178
8	Ruso	Rusia	33	144
9	Xaponés	Xapón	25	122
10	Alemán	Alemaña	43	90,3
11	Xavanés	Indonesia	5	84,6
12	Lahnda	Pakistán	8	78,3
13	Telugú	India	10	69,8
14	Vietnamita	Vietnam	23	68,6
15	Marathi	India	5	68,1

⁸ Os datos presentados no Cadro 6: *O cume da pirámide ou as grandes linguas do mundo* proceden de M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶).

Clasificación	Lingua	Territorio orixinal	Número total de territorios	Millóns de falantes
16	Francés	Francia	60	67,8
17	Coreano	Corea do Sul	33	66,3
18	Tamil	India	17	65,7
19	Italiano	Italia	34	61,7
20	Urdu	Pakistán	23	60,6

Se fose certo que a importancia das linguas reside exclusivamente no seu número de falantes, a maior parte da poboación do mundo sabería que entre as vinte linguas máis faladas na Terra, dos máis de seis milleiros que existen, se atopan, por exemplo, o hindi, o telugú, o urdu ou o bengalí. Fica claro que o número de falantes non é máis que un novo subterfuxio para encubrir o criterio que se acubilla detrás da verdadeira taxonomía das linguas: o emprego das linguas máis poderosas para satisfacer os intereses económicos dos grupos dominantes.

Pensemos agora por un momento nun manual de medicina que limitase o seu estudo das doenzas ás que se producen só nestas latitudes. Do mesmo xeito, non podemos dar por bo un manual de lingüística centrado exclusivamente nas características das linguas indoeuropeas ou que non analice acaidamente os procesos de substitución lingüística causantes da desaparición das máis das linguas. Trátase dunha negación da diversidade que resulta claramente inaceptábel. Unha análise respectuosa da linguo-diversidade centraríase no maior número de linguas posíbel, sendo os seus resultados verdadeiramente representativos da categoría de linguaxe humana, porén pode que refutasen as máis das teorías lingüísticas existentes até o momento por se fundamentaren na pretendida universalidade das características das linguas da familia indoeuropea, e de aí que non interese desenvolver este tipo de traballos. Por este motivo desde esta investigación apostamos polo recoñecemento da linguo-diversidade tal e como é, sen manipulacións nin interpretacións terxiversadas.

1.3.3.7 O concepto de *derradeir@s falantes*

Outra noción que cómpre considerarmos neste eido é a de *derradeir@s falantes*. Trátase dun conxunto moi reducido de falantes dunha lingua en concreto que supón o último elo de superviventes dela. Con todo, estamos a nos referir a situacións como a dos sete individuos falantes de cahuilla, en California; dos oito do ngarla, en Australia; dos sete do tuscarora, en Canadá; dos cinco do cahuarano, en Perú ou dos sete do mok, en Tailandia. Constitúen todas elas comunidades lingüísticas reducidas á mínima expresión. Mais o certo é que un gran número de especialistas pregúntase se podemos considerar que linguas como as acabadas de nomear seguen a estar vivas, ou se, pola contra, desapareceron hai xa tempo, de acordo con C. Junyent (1999⁵: 14). Verdadeiramente unha lingua que posúa tan só cinco, dez, quince ou cincuenta persoas que a falen ten bastante mínguadas as súas esperanzas de recuperación. Así e todo, de acordo coa nosa visión do concepto de lingua entendida non só como un instrumento de comunicación senón tamén como un xeito único de conceptualizarmos a realidade e de construírmos o pensamento, podemos considerar que unha lingua vivirá mentres fiquen cando menos unha persoa que a empregue, quer para producir discursos orixinais, quer para perpetuar a súa cosmovisión única.

Zoila é unha *derradeira falante*, concretamente do lacandón, unha lingua falada en Lacanja no estado mexicano de Chiapas. Para esta anciá lacandoa o futuro está moi claro, a súa lingua e a súa comunidade van desaparecer logo da súa morte e máis a das persoas que con ela viven na súa selvática aldea. Ademais, non dubida ao sinalar como causa deste abrupto final para a súa lingua de instalación a imparábel expansión neo-imperial do español⁹:

Pois sí, vaise perder todo, porque agora todos falan español. Antes falabamos puro maia e agora falan español. Si que se vai perder todo. Si que se vai perder todo, vaise perder toda a tradición porque todos falan español.

⁹ Tomado do documental cinematográfico G. Serra (2001): *Última palabra*, Ciudad de México D. F., Centro Nacional de las Artes / Centro de Capacitación Cinematográfica. A tradución ao galego é nosa a partir dos subtítulos en español do documental.

Esta derradeira falante explica deste xeito tan pesimista cal vai ser irremediabelmente o futuro da súa lingua propia, o lacandón, tamén a piques de desaparecer por mor do proceso de substitución lingüística desenvolvido polo español no territorio histórico do lacandón.

No entanto, ficarmos man sobre man entrementes a diversidade lingüística, ou do tipo que for, se esvae resulta unha opción eticamente insostíbel propia dun derrotismo trasnoitado que, de acordo con A. López Fernández¹⁰, non estaría xustificada nin sequera polo pretendido *productivismo extincionista*. Xa que, de acordo co autor:

Permitir pois a perda de biodiversidade é reducir as posibilidades de sobrevivencia humana nas xeracións futuras, é restar posibilidades de pervivencia no planeta a todos os seres vivintes, é, en definitiva, deixar ao capitalismo saírse coa súa.

Este mesmo argumento ten unha aplicabilidade directa no eido da linguo-diversidade, xa que reduce tamén as posibilidades de coñecermos realmente a facultade da linguaxe humana, fai que diminúa a diversidade característica do mundo en que vivimos e permite ao sistema saírse coa súa tamén canto á diversidade de linguas se refire: imponendo a ditadura das grandes linguas, procurando que o mundo se constrúa, cada día máis, en inglés, gabando as falaces virtudes do monolingüismo universal e provocando a desaparición das linguas minorizadas nos seus propios territorios por medio dos procesos de substitución lingüística.

¹⁰ López Fernández, A. (2010): “Na defensa da biodiversidade”, en *Terra e tempo*. Versión electrónica dispoñíbel en <http://terraetempo.org/artigo.php?artigo=273&seccion=8> [29-VI-2010].

1.4 A morte das linguas e a(s) postura(s) da lingüística

Do mesmo xeito que as distintas tradicións mitolóxicas podían ser adscritas a dous polos ben diferenciados en función da súa consideración —negativa ou positiva— da linguo-diversidade, así atopamos, a grandes trazos, dúas correntes dentro da lingüística teórica enfrontadas pola súa posición perante o proceso de perda da diversidade lingüística. Desta maneira podemos falar fundamentalmente dunha postura contraria e doutra permisiva coa morte das linguas, aínda que tamén poderíamos pensar noutros binomios posíbeis, como unha visión recoñecedora fronte a outra negadora da perda da diversidade lingüística ou mesmo unha lingüística que ignora esta cuestión. Mais entendemos que o primeiro deles resulta máis acaído para o devir das linguas, dado que negar hoxe en día a diminución da diversidade lingüística supón, á vista dos datos recadados, unha postura eticamente inviábel e cientificamente insostíbel, moito máis dentro da propia lingüística.

O certo é que este asunto de importancia radical para a lingüística como ciencia foi tratado de xeito tanxencial até hai relativamente poucos anos. A maior parte da comunidade científica está centrada en temas de investigación que evolucionan desde a tradición estruturalista, preocupada unicamente polo estudo —case nanométrico— das grandes linguas de Occidente; entrementres as persoas especialistas en lingüística esqueceron —consciente ou inconscientemente— preocuparse pola situación das linguas máis cativas, cuantitativa e cualitativamente falando, precisadas de axuda para sobreviviren. De querermos corroborar esta realidade non temos máis que lembrar a pescuda realizada previamente nesta investigación nas obras de referencia dentro da lingüística. Sorprende ver como nelas o trato que se fai, en termos xerais, do tema da morte das linguas é, no mellor dos casos, nesgado, e inexistente noutros.

Retomando a oposición inicial deste apartado, a visión contraria fronte á proclive á perda da diversidade lingüística, resulta pertinente aclarar que as posturas de ambos os dous sectores fundaméntase en factores estritamente extralingüísticos, isto é, refírense a cuestións ideolóxicas, económicas ou culturais, en calquera caso case nunca lingüísticas. E dicimos *case* porque existe unha corrente dentro do sector contrario á perda da diversidade lingüística que emprega o argumento do empobrecemento do noso obxecto de estudo para sustentar a súa defensa da linguo-diversidade. Porén o resto de motivacións baséanse en criterios estritamente ideolóxicos e en intereses económicos para soste as argumentacións, xa que as linguas son todas igual de válidas para a realización de calquera das funcións lingüísticas, isto é, non hai linguas mellores que outras,

non están máis capacitadas para a investigación científica por posuíren un maior número de falantes, non hai linguas máis acaídas que outras para a comunicación ou interpretacións máis ou menos exactas da realidade en función da lingua empregada. Todas son iguais, tal e como sinalaremos no capítulo segundo desta investigación, de aí que as argumentacións non poidan basearse en criterios lingüísticos, senón que, como veremos a seguir, responden a cuestións nomeadamente extralingüísticas.

1.4.1 Visións contrarias á perda da diversidade lingüística

A maior parte das persoas que integran este grupo coincide á hora de sinalar como causa principal da diminución da diversidade lingüística a implantación do inglés como lingua pretendidamente necesaria para a comunicación internacional. O sistema económico capitalista fundaméntase no consumo por parte da cidadanía dos produtos que el propio crea. Para aumentar exponencialmente os seus beneficios non dubida á hora de nos crear necesidades que en realidade non temos: non precisamos moitos dos artigos que mercamos, do mesmo xeito que non precisamos o inglés para vivir. Porque o inglés, non o esquezamos, é a día de hoxe e desde hai xa moitos anos, un produto, unha mercadoría que move anualmente una cantidade inxente de cartos, constituíndo unha ferramenta fundamental para acadar os intereses das grandes potencias, alén dun negocio máis que rendíbel para o poder establecido.

1.4.1.1 O dominio do inglés

A incuestionábel hexemonía actual do inglés, que campa libre ao longo de todo o planeta, non está baseada na súa pretendida superioridade lingüística, en tanto que todas as linguas están igualmente cualificadas para a comunicación internacional, senón na superioridade económica, política e mesmo militar, da comunidade lingüística que o ampara, que impón o inglés como produto en si propio e máis como ferramenta de dominio da poboación mundial acomodándoa aos seus intereses. D. Crystal (2004: 10) sinala a este respecto que:

A language becomes a world language for one reason only - the power of the people who speak it. But power means different things: it can mean political (military) power, technological power, economic power and cultural power.

A expansión do inglés como lingua internacional oculta unha ideoloxía *monolingüista impositiva*, segundo J. C. Moreno Cabrera (2006: 53), do mesmo xeito que acontece con outras grandes linguas que manifestan ter intencións claramente imperialistas, como, por exemplo, o francés, o mandarín ou o español. Todas elas procuran un mesmo obxectivo cunha dupla orientación: propiciar a desaparición das linguas minorizadas e acadar o ansiado monolingüismo para elas propias nos seus territorios respectivos, primeiro, para se expandir noutros foráneos despois.

Quen propón o inglés como lingua válida para a comunicación internacional acóllese ao argumento da presunta neutralidade desta lingua, mais, como di C. Junyent (1998: 20-21), pode ser neutral a lingua da elite? Pode ser neutral unha lingua que exclúe a maior parte da poboación do mundo precisamente por non a coñecer? A neutralidade que se lle aplica a unha lingua cuxo maior empeño consiste en ampliar os seus horizontes aínda que sexa á costa de suprimir a diversidade lingüística resulta, cando menos, sospeitosa ao tempo que se sustenta en argumentos falaces, porque a neutralidade non pode formar nunca parte das características dunha lingua internacional, lingua dominante ou opresora, como a queiramos chamar.

No entanto, reparemos en que a resposta a todos estes interrogantes é negativa non por estarmos a falar do inglés, xa que o mesmo sería se a lingua que ocupase a posición máis alta desta pirámide do poder lingüístico for o francés, o guaraní, o veda ou o galego. Os argumentos que sostemos hoxe en contra do inglés como lingua internacional serían os mesmos se a lingua en cuestión fose outra, dado que a desigualdade existente provocada por esta situación e os intereses económicos que a apoian serían os mesmos en todos os casos. Estaríamos a falar, de calquera dos xeitos, da imposición da lingua dunhas poucas persoas sobre o resto da humanidade. O tempo e esforzo —persoal e máis económico— que ten que investir unha comunidade non falante de inglés para ser competente nel non ten equivalente nas persoas que si o posúan como lingua de instalación. Ademais, o feito de termos o inglés como lingua internacional non é resultado dunha escolla inocente senón da pugna dos grandes estados por ascenderen na escala do poder. Nesta pugna, até hoxe venceu o inglés, mais non é este un posto vitalicio; houbo xa outras linguas hexemónicas — como o latín ou o español— noutros tempos e, de non mudarmos a realidade, haberá outras no futuro.

A cuestión, pois, non é quitar o inglés para poñer outras linguas nas mesmas condicións, senón eliminar este contexto de desigualdade lingüística, xa que o aumento da presenza do inglés a nivel internacional non é o único factor que intervéñe no proceso de perda da diversidade lingüística. Todas as grandes linguas, as maioritarias que exercen o poder nos seus respectivos territorios, determinan a desaparición das linguas máis cativas, numérica ou economicamente falando. Deste xeito, o inglés asoballa as linguas aborixes de Australia, mais o francés coarta os dereitos da comunidade de falantes do bretón e o mandarín os do tibetano, ao tempo que o español promove a desaparición das linguas das outras nacións do estado. De acordo con D. Crystal, (2004: 48-49):

The connection between the arrival of a global language [...] and the increased rate of language loss needs to be recognized, but not oversimplified. The impact of dominant languages on minority languages is a matter of universal concern, and the role of English is especially implicated. But it is important to stress that *all* majority languages are involved: growth of English as a global language is not the sole factor in explaining language endangerment.

A este respecto, T. Moure (2006: 99) sinala: «cómpre preguntarnos por que cala a ciencia da linguaxe sobre cal debe ser a linguaxe da ciencia», evitando deste xeito a súa responsabilidade canto á lingua empregada para a produción científica. Alén disto, a comunidade investigadora ten que facer unha fonda reflexión sobre o modo en que incide nas súas propias achegas o emprego masivo do inglés, dado que este feito, que é xa unha realidade, propicia a aparición de máis artigos de calidade só nunha lingua: o inglés, o que non fai máis que encomiar esta lingua como lingua internacional auxiliar —LIA de agora en diante— aumentando exponencialmente tamén o seu dominio a nivel cultural. De tal maneira que, en primeiro lugar, o que non se publica en inglés non existe, polo que, en segundo lugar, as achegas científicas máis salientábeis e de maior calidade se fan só en inglés.

O problema, como sinala T. Moure (2005b: 131), é que «aceptamos acriticamente que o mundo se constrúa en inglés» permitindo que sexa a única lingua á que dedicar os nosos esforzos, consentindo, ao tempo que manifestamos a actitude típica das colonias culturais, mais colonias ao fin, que sexa a única alternativa cando existen milleiros de linguas máis —polo de agora— ás que nos achegar, sen decatarmos de que non abre o inglés tantas portas como nos vende o poder, sen nos apercibir de que verdadeiramente *outro mundo é posíbel*.

Perante unha situación como esta sorprende que a Universidade, a institución do saber por antonomasia, se gabe de promover na actualidade proxectos como os desenvolvidos ao abeiro do Campus de Excelencia Internacional, que incentivan a impartición das aulas en inglés, o que supón un paso máis na súa expansión imperial a nivel internacional así como na usurpación de funcións propias doutras linguas perpetuando a falacia de que o inglés é a modernidade, a lingua da cultura e do saber¹¹. Todo isto nun momento en que a porcentaxe de aulas en galego en calquera das facultades do Sistema Universitario Galego resulta irrisoria, por minúscula. Os datos relativos ao emprego das linguas nas titulacións de primeiro e segundo ciclo da Universidade de Santiago de Compostela no curso 2009/2010, en base ás horas de docencia, son, segundo o Servizo de Normalización Lingüística da USC¹², os seguintes: 69,09% en español, 27,50% en galego, 1,54% en inglés, 0,43% en portugués e 1,44% noutras linguas. Resulta cando menos paragórico que a porcentaxe de emprego nas aulas da lingua que o Sistema Universitario Galego asume como propia non chegue nin ao trinta por cento do total, porén cómpre non sermos derrotistas xa que situación mellorou notabelmente na última década, en tanto que desde o curso 2003/2004 a progresión, á vista dos datos, foi sempre a mesma: o galego foi paulatinamente gañando terreo en relación inversamente proporcional co español, que o perde en beneficio desta. Deste xeito pasamos dun 82,4% das aulas en español e un 17,2% en galego no curso 2003/2004, a un 69,09% en español e un 27,50% no curso 2009/2010, tal e como vimos de ver. O descenso do español en máis de trece puntos e, sobre todo, o aumento do emprego do galego en máis de dez en menos dunha década dan pulos ao optimismo, por moito que de debullarmos os datos por departamentos atopemos que unha porcentaxe importante deles, o 8,53%, emprega o español na totalidade das súas aulas, isto é, no cento por cento das súas horas lectivas, e que case o corenta por cento dos departamentos supera o 90% da docencia en español.

¹¹ O propósito da universidade compostelá é aumentar gradualmente o número de sesións impartidas en inglés co gallo de introducir o alumnado na xerga técnica propia desta lingua. A cuestión é que o galego, lingua oficial do sistema universitario galego, nin sequera é considerado neste aspecto, á vista dos feitos: logo de lle preguntar ao docente pola recepción da súa clase, *Tumors of the kidney and renal pelvis*, primeira impartida en inglés ao abeiro deste proxecto, contestou que non terían problema ningún xa que o inglés científico non dista moito do español científico. Onde queda, pois, o galego? Semella que non hai lugar para el na universidade moderna, ademais de continuarmos a perpetuar o espallamento do imperio do inglés sabendo que este constitúe a causa principal da morte das linguas do mundo.

¹² Información dispoñíbel en http://www.usc.es/snl/dinamiza/docencia_datos.htm [31-I-2011].

Doutra banda, cómpre incidirmos no feito de que o criterio numérico non pode ser considerado para decidirmos salvar unha lingua ou non. Como persoas residentes en Occidente, estamos en certa medida limitadas pola visión que nos imprime vivir nestas latitudes polo que resulta sinxelo inferir que o habitual sexa que as linguas teñan millóns de falantes, moi ao contrario, tan só entre o tres e catro por cento das linguas do mundo superan o millón de falantes, isto é, asumindo que existen case sete mil linguas na actualidade, soamente arredor de dúascentas superan esta cifra. Ademais, o 25% das restantes non chegan ao milleiro de falantes. Por tanto, a aplicación do criterio numérico como factor decisivo á hora da toma de decisións maniféstase cando menos dubidosa, xa que a situación das linguas de Occidente non resulta en absoluto paradigmática, senón que o normal é, de acordo coa situación lingüística actual, que unha lingua posúa un número de falantes reducido.

1.4.1.2 Os universais da linguaxe

Os datos actualizados apuntan que a cada ano que pasa o número total das linguas do mundo diminúe, e que de seguir con este ritmo ao termo do século en que estamos perderíamos entre un 70 e un 90 por cento —dependendo da fonte consultada, D. Crystal (2004) e M. Krauss (1992), respectivamente—, das linguas do mundo até agora existentes. A diversidade lingüística fornece tantos xeitos de percibirmos o mundo como linguas existen, ópticas únicas e tradicións culturais irrepetíbeis que estamos a perder cunha velocidade atroz. Todas as linguas, por cativas que se nos antollen na nosa perspectiva occidental, deben ser conservadas, e non como simples reliquias ás que venerar ou obxectos museísticos que catalogar, senón como realidades vivas, como cosmovisións fundamentais para acadarmos un verdadeiro coñecemento da linguaxe humana e máis como suxeitos de identidade colectiva básicos para a cohesión das súas respectivas comunidades.

De observarmos a totalidade das linguas do mundo, sería posíbel que se desmontasen abondas teorías lingüísticas baseadas en inferencias, tales como o carácter paradigmático da tripartición clásica do tempo en pasado-presente-futuro, que pode pasar a ser representativa só do puñado de linguas que atopamos nestas latitudes, tal e como R. M. W. Dixon salienta. Sería posíbel, tamén, que este argumento que propoñemos para a conservación da linguo-diversidade se tornase na súa contra debido a que a moitas escolas lingüísticas non lles interesaría que as súas teorías ancestrais fosen desbotadas por considerar, inxenuamente, que as características deste pequeno xardín que constitúe a familia lingüística indoeuropea fosen universais e representativas da linguaxe

humana. A ciencia da lingüística resulta ser, paradoxalmente, das máis conservadoras, xa que cando noutro eido do coñecemento abrolla unha nova teoría e vén referendada por sólidos argumentos por moito que rache co anterior —que é o que acostuma acontecer— a devandita teoría simplemente ocupa o lugar das previas, sen máis. Pois ben, no caso da lingüística a cuestión é moito máis delicada e, cando esta situación se producir, tentaríase desacreditar a nova hipótese para non rachar coa orde establecida.

Doutra banda, dado que as linguas constitúen o obxecto de estudo da lingüística, cómpre que as persoas especialistas nela tomen parte no proceso de recuperación das linguas que sobreviven a día de hoxe en precario, inseridas nos innúmeros conflitos lingüísticos aínda abertos, contribuíndo, así, á freada do fenómeno da diminución da diversidade lingüística. De acordo con R. M. W. Dixon (1997: 136) os individuos dedicados profesionalmente á lingüística deben, en primeiro lugar, documentar as linguas do mundo e as súas características, e, ao mesmo tempo, axudar ás comunidades de falantes a non perderen a súa tradición e máis a transmitiren a súa lingua á seguinte xeración. O traballo de documentación debe facerse, segundo o autor (1997: 138), se non queremos que as futuras xeracións pensen con desprezo en nós, lingüistas de comezos do XXI, por non termos feito nada pola perda da maior parte das linguas do planeta. Deste xeito, cómpre considerar o estudo dos universais desde a lingüística como un recurso científico para evitarmos que continúe diminuído a diversidade lingüística, entendéndoo, pois, como unha ferramenta útil para a preservación da linguo-diversidade.

O traballo neste eido podería comezar pola recollida de datos do maior número de linguas posíbel, acadando desta maneira un arquivo completo que nos permitiría coñecer realmente a linguaxe humana, servíndonos do modelo de *comparación interlingüística*, proposto por T. Moure (2001a: 66), como opción máis recomendábel para a investigación científica, manifestando as carencias dos estudos actuais e mostrando novas alternativas para analizarmos os fenómenos da linguaxe. No momento actual non temos máis que unha morea de datos sobre as grandes linguas de Occidente e máis algunhas ducias de *linguas exóticas* ás que recorremos, no mellor dos casos, para satisfacer a nosa conciencia científica, xustificando, así, a propia cota de participación no proceso de loita contra a perda de linguas. A este respecto W. W. Gibbs (2002: 58) salienta que:

Solamente de una reducida fracción de idiomas hay documentación suficiente como para poner a prueba las teorías sobre la gramática universal, la evolución del lenguaje y otras cuestiones no resueltas de la lingüística y de la antropología.

Desta maneira, o traballo da recollida de datos sobre as linguas do mundo podería fundamentarse na procura dos universais lingüísticos —son as características comúns a todas as linguas do mundo—, o que nos permitiría ter unha visión máis completa da facultade da linguaxe e, ao mesmo tempo, axudaríanos a atallar o proceso de perda da diversidade lingüística. Os datos obtidos na procura dos universais deberían ser postos ao servizo da recuperación das linguas que sobreviven en precario, axudando, como dicía R. M. W. Dixon (1997: 136), ao colectivo de falantes de linguas recesivas a conservaren a súa tradición e máis a transmitiren a súa lingua ás seguintes xeracións.

Con todo, este é un traballo arduo que non pode ser emprendido por unha soa persoa, senón que, á forza, debe ser cooperativo e de carácter internacional. Vivimos na era da información, onde as comunicacións se desenvolven de xeito rápido e sinxelo desde unha parte do mundo á outra, polo que non podemos seguir a nos amparar na falta de medios ou de tecnoloxía avanzada, argumento que, tal e como veremos, se esgrime como pretexto, para desatender a cuestión da morte de linguas. Ademais, a lingüística está xa preparada para recabar os datos lingüísticos. De feito, contamos xa con gran cantidade de información de moitas linguas e abondaría con estudar só aquelas que tradicionalmente foron ignoradas neste eido, para podermos acadar unha verdadeira noción sobre os universais. Abofé que contamos con moreas de datos sobre as linguas dunha familia lingüística concreta como é a indoeuropea: sobre a maior parte destas linguas existen traballos que recollen cada variación gramatical desde hai xa non séculos, senón varios milenios; mesmo dos seus dialectos temos unha detallada información a un nivel de grande especialización, entrementes dunha importante porcentaxe das linguas do mundo non coñecemos, no mellor dos casos, máis que o nome. Deste xeito, sabemos que o gaélico irlandés é unha lingua indoeuropea, celta, insular, que conta con menos de catrocent@s mil falantes en todos os territorios en que se fala, que posúe tres dialectos principais, que se publican obras nesta lingua desde hai séculos e que na actualidade se emprega no ensino en Irlanda como lingua oficial dentro das medidas adoptadas para a súa normalización lingüística. Mais que coñecementos temos nas facultades de filoloxía de linguas como o maithili, lingua que só en India empregan trinta e dous millóns de persoas, o oromo, falada en Etiopía por máis de dezasete millóns, ou o shona, que usan en Zimbabue case once millóns de

individuos? A resposta é moi sinxela, destas tres últimas linguas non sabemos nada. E por certo que nada hai nas linguas de Occidente que as faga mellores que o resto das linguas do mundo, xa que todas, grandes e pequenas, maioritarias ou minorizadas, con exército que as ampare ou sen el, están igualmente capacitadas para desenvolveren calquera función lingüística.

O problema é que até hai moi pouco tempo a lingüística nada dicía das linguas que se empregaban fóra das fronteiras europeas e, desde que comezou a indagar neste inmenso campo de traballo, os resultados das investigacións centradas nunhas e noutras linguas manifestan ser moi diferentes. Dentro dos estudos lingüísticos sábese ben que o beirán, alentexano, algarvio, miñoto, transmontano, azoriano, madeirense e estremeño constitúen os principais dialectos do portugués, e que foi este último, por ser a variedade lisboeta, o que se adoptou como modelo para a construción da variante estándar. Este exemplo de análise tenta opoñer as diferentes formas que a lingüística profesional emprega para se achegar á linguo-diversidade: o rigor e especificidade que empregamos coas linguas e dialectos europeos desaparece cando contemplamos o resto de contextos do mundo. Isto é, o mesmo nivel de diferenciación que atopamos entre os distintos dialectos do latín, hoxe considerados linguas —galego, francés, italiano ou portugués, entre outras—, poderíamolo atopar en códigos como o N|u, |'Auni, ||Kxau, ||Ng!ke que pasan tamén por ser dialectos do N|u, lingua Khoisa empregada no cono sur de África por tan só unha ducia de persoas —M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶). Semella que os escrúpulos e o rigor científico só aparecen cando falamos das linguas da nosa contorna, porque non esquezamos que a lingüística, do mesmo xeito que o resto de ciencias, está dominada pola perspectiva eurocéntrica que procura en todo momento satisfacer os seus propios intereses.

Con todo, cómpre salientar que esta non é unha idea orixinal, nin moito menos. Existe unha liña dentro da lingüística caracterizada desde hai varias décadas por un carácter comprometido e belixerante, que sinala a posibilidade de recorrermos ao estudo dos universais como primeiro paso para atallar a perda da diversidade lingüística: a tipoloxía lingüística. No entanto, o problema da morte de linguas non ficará resolto simplemente recabando datos e traballando despois no gabinete neles, teorizando unicamente sobre se certa característica constitúe, ou non, un universal da linguaxe. Porén a solución deste problema pasa, irrefutabelmente, por aí; isto é, resulta necesario realizar primeiramente este traballo para despois poder acometer de xeito efectivo e completo o problema real da desaparición ou substitución lingüística. Lembremos que o traballo intelectual

resulta fundamental, tal e como sinala F. Rodríguez (1998⁴: 44) cando, a este respecto, di que debemos «ser conscientes que tamén se contribuí á acción co traballo teórico».

Na actualidade contamos xa con algunhas monografías dedicadas ao estudo dos universais da linguaxe, entre as que atopamos obras de grande interese realizadas baixo o máis absoluto rigor científico. A pesar de todo, resultan incompletas, porque non contan cos datos suficientes para elaborar unha obra de carácter máis amplo e realmente representativo da categoría de linguaxe humano.

Outro obstáculo con que nos atopamos á hora de emprendermos este traballo, consiste na ausencia de acordo, xa tradicional nesta ciencia *sui generis* que é a lingüística, canto ao número de linguas que existen na actualidade. A día de hoxe a comunidade lingüística non chegou a un acordo sobre unha noción básica neste eido, isto é, sobre o propio concepto de *lingua*. Deste xeito, a catalogación da diversidade lingüística resulta moi complexa ao tempo que radicalmente diferente en función da fonte consultada, xa que entrementes o que para alguén é claramente unha lingua, para outra persoa resulta evidente que constitúe un dialecto, de aí que o número total de linguas varíe tanto. A maior parte das definicións céntranse na vertente comunicativa das linguas, na liña da tradición saussureana, salientando que constitúe un código semiótico, isto é, de signos, diferenciado e mutuamente inintelixíbel co resto de linguas; outras definicións, as menos, inciden na importancia das linguas como elementos fundamentais de interpretación da realidade, polo que cada unha delas implica unha cosmovisión única, tal e como salienta T. Moure; e por último, algunhas relacionan o recoñecemento das linguas con cuestións extralingüísticas directamente relacionadas con criterios de poder, e así M. Krauss (1992) define as linguas como dialectos con exército, isto é, como unha variedade lingüística amparada por unha administración. Doutra banda, cómpre non esquecermos as dificultades físicas e loxísticas con que nos atopamos, en tanto que existen zonas do planeta escasamente coñecidas por mor das dificultades xeográficas que as definen. Con todo, pode que nesta mesma razón resida o éxito da supervivencia destas pequenas comunidades. De calquera maneira, coincidimos con D. Crystal (2003) cando afirma que a causa fundamental do desacordo canto ao número de linguas vivas radica en que continuamos a descubrir novas comunidades coas súas respectivas linguas.

Unha vez salvadas todas estas dificultades iniciais, debemos dar paso á recollida de datos do maior número de linguas posíbel. Para iso, cómpre un traballo cooperativo a nivel internacional, co fin de axilizar o proceso e repartir a carga das responsabilidades. Ademais, un proxecto desta envergadura precisa dun grande esforzo de investimento que debe proceder, forzosamente, das máis altas instancias. Este obxectivo resulta difícil de acadar, xa que se no Estado español se poñen tantas pexas ao emprego no Senado das catro linguas propias do Estado por motivos —en principio— económicos e a Unión Europea se mostra tamén reticente á hora de investir parte do seu orzamento na tradución dos documentos legais a todas as linguas oficiais dos Estados membros, canto máis se oporán a un proxecto destas dimensións, cando a conservación da diversidade lingüística supón un luxo accesorio segundo a ideoloxía dominante. Cómpre, pois, dirixírmonos ás organizacións internacionais —como a UNESCO— que desenvolven xa proxectos semellantes noutros eidos.

Doutra banda, non debería resultar tan complicado acadar orzamento e persoal interesado para este proxecto, dado que como ben sabemos non constitúe ningunha novidade a existencia de grandes proxectos de investigación de natureza internacional dedicados ao estudo das diferentes características dalgunha das linguas dominantes de Occidente ao longo das comunidades en que se fala. Así, por exemplo, existen bancos de datos de proporcións xigantescas centrados no rexistro das características do inglés propio dos EEUU en comparación co de Inglaterra ou Australia; existen tamén proxectos que estudan o español de América en comparación co peninsular e máis co de outras latitudes. Logo, por que non sería factíbel un proxecto tamén de natureza internacional enfocado á recollida de datos sobre as diferentes linguas do mundo? Por que si o é un proxecto destas características con linguas como o inglés ou o español e non co resto das linguas do mundo?

No entanto, existen, a este respecto, honrosas experiencias, como o é o caso do programa de tipoloxía lingüística EUROTYP, preocupado pola observación duns determinados fenómenos gramaticais nas linguas de Europa. Tamén o *Fondo para as Linguas Ameazadas*, creado por D. Whalen e outros lingüistas, porén non acadou o respaldo necesario para acometer un labor tan complexo. Nesta mesma liña, as fundacións Volkswagen, dunha banda, e Ford, doutra, levan investidas importantes partidas orzamentarias en prol da linguo-diversidade, creando un importante arquivo multimedia sobre as linguas ameazadas e mais un proxecto de ensino de linguas nativas californianas, respectivamente. Outras experiencias semellantes serían o proxecto Rosetta ou os *niños lingüísticos* maorís, consistente, esta última, na introdución das crianzas nun ambiente

monolingüe maorí desde o berce co gallo de asegurar a súa socialización na lingua recesiva da súa comunidade. Como vemos, abondaría con expandir os horizontes deste tipo de proxectos para así abranguer o total das linguas do mundo, reciclando a información con que xa contamos e procurando a que, neste momento, non temos.

Agora ben, se posuímos os medios materiais necesarios e persoal altamente cualificado para acometer esta tarefa, cal é razón de que non se leve a cabo? Fica claro que existen intereses subxacentes por parte das grandes potencias contrarios á realización desta tarefa. As razóns encubertas neste proceso son as mesmas que se empregan para non desenvolver unha loita eficaz contra os procesos de substitución lingüística; isto é, ao sistema capitalista non lle interesa sustentar a diversidade característica dos seus territorios, como viamos, pois neste mundo, a cada máis, globalizado resulta máis sinxelo e rendíbel, en termos do mercado, aniquilar as minorías lingüísticas, para alcanzar así unha homoxeneización en todos os eidos da realidade, que loitar pola súa supervivencia.

Trátase, pois, dun círculo vicioso de onde non damos saída: as linguas están a desaparecer cunha velocidade de vertixe, mais os estados non manifestan interese ningún en solucionar este problema e, para atallar esta situación de morte das linguas, debemos recoller datos sobre o maior número delas, porén, non podemos facelo porque os estados non prestan a súa colaboración ao respecto e, de non realizarmos esta tarefa, a perda da linguo-diversidade continuará a medrar sen freo.

Cómpre aproveitar ao máximo o feito de que, se rabuñamos lixeiramente sobre a superficial aparencia de disparidade que define as linguas do mundo, atopámonos cunha *uniformidade esencial*, en palabras de T. Moure (2001a: 79). Existe un substrato común en todas as linguas do mundo, en tanto que constitúen as distintas plasmacións dunha mesma capacidade humana: a linguaxe. É aí onde debemos focalizar o noso esforzo investigador, na esencia común a todas as linguas, recadando as características comúns á maioría delas, isto é, os universais da linguaxe. Deste xeito, farémonos unha idea completa da linguaxe e as linguas, xa que —T. Moure (2001a: 81) — a explicación dos fenómenos das linguas particulares precisa unha serie de principios xerais: os universais.

Para desenvolver este labor contamos, como xa vimos, co sustento teórico da tipoloxía lingüística, unha disciplina preocupada desde o seu xurdimento pola catalogación e a conservación da diversidade lingüística. Resulta tamén fundamental, para preservarmos a linguo-diversidade, as achegas da tipoloxía lingüística acadadas até o momento, como os avances no estudo da gramática universal ou no eido dos universais. Pola contra, pensemos en que noción da capacidade da linguaxe poderemos ter se continúa a devastadora perda das linguas. De seguirmos así, chegaremos a un estado de monolingüismo xeneralizado en que carecería de sentido tirar conceptos de carácter universal, nin sería posíbel tampouco acadar unha idea completa sobre a natureza da linguaxe humana de nos basear só na ducia de linguas superviventes neste agresivo proceso de perda da diversidade lingüística.

A tipoloxía lingüística serve de ponte entre a gramática e a realidade sociolingüística, lembrándonos que vivimos nun mundo caracterizado pola diversidade tamén a nivel lingüístico, algo que quizais esqueceran as administracións nestas latitudes, debido ao seu interese por perpetuar o dominio centralista e homoxeneizador das grandes linguas que actúan como forzas opresoras nos procesos de substitución lingüística procurando a desaparición das linguas minorizadas nos seus propios territorios.

Alén disto, a utilidade do estudo dos universais noutras disciplinas constitúe unha realidade sobradamente coñecida, tal e como podemos comprobar no capítulo quinto de T. Moure (2001a). As investigacións tipolóxicas sobre os universais aplicáronse en cuestións tan diversas como a orixe e adquisición da linguaxe, a evolución lingüística ou a lingüística aplicada, tanto no eido da didáctica de linguas, como na teoría da tradución ou na lingüística computacional, así como na lingüística clínica ou mesmo na planificación lingüística; demostrando a súa gran produtividade en cuestións tan diversas como as amentadas previamente.

1.4.1.3 Bio- e linguo-diversidade

Constitúe xa un lugar común comparar o proceso da morte das linguas coa perda da diversidade biolóxica. Con todo, existen notábeis diferenzas entre ambas as dúas situacións, por moito que a diversidade lingüística e máis a biolóxica estean relacionadas en tanto que, segundo algunhas interpretacións, alí onde unha goza dunha porcentaxe elevada, tamén a outra a terá, e viceversa. L. Maffi, ed. (2001) e T. Skutnabb-Kangas, (2000: 89) desenvolven esta idea, porén, contrariamente a esta interpretación, C. Junyent considera que esta teoría propia da ecolingüística non reflicte realmente a sociedade, senón que en moitas ocasións non se cumpre quer porque a diversidade lingüística existente foi aniquilada, quer porque a diversidade ecolóxica foi destruída deliberadamente, e en ambos os dous casos por mor da intervención do ser humano.

Segundo esta autora, en innúmeros contextos onde na actualidade hai un reducido número de linguas, pode haber ou non un alto nivel de diversidade biolóxica, e viceversa, xa que tanto unha como outra puideron ser minguadas por axentes externos, refutando desta maneira a teoría ecolingüística. Así por exemplo, Alxeria, un estado que conta cunha gran riqueza ecolóxica que abrangue desde os bosques mediterráneos até a sabana ou zonas desérticas, entre outras, e que se caracteriza por ser unha terra fértil e rica en recursos naturais, dotada dunha alta diversidade de especies que aglutina no seu territorio unha gran parte dos ecosistemas do mundo, conta cun número de linguas moi reducido. Falariamos, pois, dunha relación inversamente proporcional entre a diversidade biolóxica e a lingüística, en clara oposición coa enunciación da teoría da ecolingüística.

T. Skutnabb-Kangas (2000: 70) cuestiónase, a este respecto, como é posíbel que conceptos tan vagos como son a diversidade biolóxica e lingüística sexan operativos, ao tempo que sinala que os problemas que esta indefinición presenta tampouco non foron solventados a día de hoxe polas ciencias naturais, por moito que tradicionalmente se definan como máis exactas. A autora (2000: 82-83) salienta que:

I have made a very simple comparison. For biodiversity, with a very elementary calculation **for the year 2100**, estimating the rate of extinction with today's situation as the starting point, we get the following results: according to the 'pessimistic realistic' estimate above [...], **20%** of all today's biological animal species would be extinct in 100 years' time, while according to the 'optimistic realistic' estimate the figure would be **2%**. The corresponding figure for plants would be **under 13%**

according to the ‘optimistic’ figures from the 1997 **Threatened Plants Report** (34,000 out of 270,000), or **15%** if we add the 6,522 likely ones to the 34,000 [...], and still somewhat higher if we account for today’s lack of knowledge from some of the most diverse areas. In contrast, ‘in the last hundred years about half the known languages of the world have disappeared’, according to Hans-Jürgen Sasse ([...] compare this with the **documented** extinction of 611 species over the last 400 years mentioned above), and **90% of today’s languages might be extinct or ‘on the death row’ in 100 years’ time**, according to Krauss, and **over half** even according to the most optimistic estimates [...]. This shows that there is a very large difference: the threat to languages is far more serious. Linguistic diversity is today disappearing relatively much faster than biological diversity, in the sense that the percentage of languages that will probably perish/be killed in the next century is much larger than the percentage of all biological species that will be killed during the same period [o subliñado é da autora].

Resulta rechamante que, pese a perda da diversidade lingüista superar amplamente á da biodiversidade, esta supuña un asunto de grande interese para a sociedade en xeral —aínda que en moitas ocasións sexa de xeito unicamente superficial— entrementes son moi poucas as persoas preocupadas pola diminución do número de linguas. A perda de especies animais, sendo menor que a da diversidade lingüística, produce unha alarma social que conmove un amplo sector da sociedade, porén non acontece o mesmo coas linguas. Con isto non pretendemos trasladar o interese e preocupación pola diversidade ecolóxica cara á linguo-diversidade, nin moito menos, senón transmitir á sociedade o grao de ameaza infinitamente maior que asoballa ás linguas facéndoa partícipe no proceso de recuperación das linguas, para deste xeito non esquecermos ningún dos eidos precisados de apoio: nin a diminución da diversidade biolóxica nin a perda da diversidade lingüística.

A este respecto C. Junyent (1998: 15) indaga sobre cal é o motivo desta falta de sensibilidade por parte da sociedade sobre un tema tan importante, urxente e alarmante, como o é a perda da diversidade lingüística. Séndomos prudentes poderíamos pensar que a falta de preocupación se debe a:

1. Ao longo da historia moitas linguas desapareceron, o que fai que este fenómeno non resulte estraño para o conxunto de falantes.
2. Ao longo da historia as linguas evolucionaron mediante diversos tipos de cambios, algúns deles tan radicais que mesmo produciron a súa substitución por outra lingua.

Porén, estas explicacións non resultan abundas para sermos conscientes da ausencia de sensibilización coa perda de linguas, en contraste coa situación que nos atopamos coa diminución da diversidade biolóxica. Neste contexto tamén podemos aplicar os dous trazos vistos anteriormente: moitas especies desapareceron, mostra diso son os restos fósiles de que dispoñemos, e, ao mesmo tempo, moitas especies sufriron cambios —ou mutacións xenéticas— que deron lugar mesmo a súa propia desaparición. Ademais, nos dous casos produciuse durante o último século unha notábel aceleración no proceso de perda de diversidade, o que fixo acadar resultados desparellos en ambos os dous exemplos, xa que no caso da bio-diversidade supuxo un aumento considerábel da implicación e sensibilización da sociedade, entremetres no caso da linguo-diversidade non foi, desafortunadamente, así senón todo o contrario. Porén, tal e como T. Skutnabb-Kangas (2000: 318) sinala, tanto o xenocidio lingüístico como o *ecocidio* foron conscientemente misturados en función dos intereses económicos do patriarcado, polo que ambas as dúas reivindicacións deberían loitar xuntas, para acadar o obxectivo común: un estado verdadeiramente igualitario para os colectivos minorizados e máis o respecto da súa dignidade, tal e como ampliaremos no capítulo segundo desta investigación.

Dentro da forte corrente aniquiladora de toda diferenza que nos persegue na actualidade atopamos a homoxeneización lingüística, unha das moitas que ameaza a diversidade que define ao ser humano. Porén é quizais das que menos preocupa ao común da sociedade, das que menos alarma social provocan, segundo C. Junyent (1998: 107). Por que ninguén hoxe estaría a favor da desaparición do oso polar ou da balea azul, mais si do lacandón, falado en México, o dompo, falado en Ghana, ou calquera outra das moitas linguas moribundas que malviven na actualidade? Por que estas opinións son aceptadas sen máis e ninguén será reprobado por tal cousa afirmar? A perda de diversidade lingüística non acadou até agora amparo social algún, por moito que as porcentaxes de extinción sexan notoriamente superiores.

A percepción da perda de diversidade lingüística non é en efecto maior por parte do conxunto de falantes debido, en parte, á influencia do *discurso do político-lingüísticamente correcto*, presentado por L.-J. Calvet e L. Varela (2000). Con este concepto danlle unha volta máis ao discurso do politicamente correcto, achegándoo ao ámbito da lingüística. Con el remiten a unha serie de ideais pretendidamente universais que circulan na actualidade en Occidente. Isto é, do mesmo xeito que non sería aceptábel que alguén dixese en público, por exemplo, que non todos os

seres humanos son merecedores ao mesmo nivel da cobertura dos dereitos humanos, tampouco resulta aceptábel soste a desigualdade entre os colectivos de falantes de diferentes linguas ou o dereito a seren ensinadas soamente para unhas poucas delas.

Porén, este concepto denuncia a hipocrisía do devandito discurso, posto que por moito que promova a igualdade de todas as linguas en calquera nivel, tal e como sinalan L.-J. Calvet e L. Varela (2000: 54), o certo é que non pasa de aí, quédase nunha simple fachada, visto que na realidade as linguas non son consideradas como elementos iguais e merecentes dos mesmos dereitos, senón que as discriminacións por parte das maioritarias están, desafortunadamente, presentes en calquera contexto, en Oriente e Occidente, nos países desenvolvidos e nos que están en vías de se desenvolveren, nos grandes estados e nas comunidades máis reducidas.

Doutra banda, cómpre repararmos nunha hábil estratexema desenvolvida polo pensamento ecoloxista, que soubo estender o seu ideario por medio dunha ideoloxía pragmatista sen esquecer en ningún momento os seus principios éticos, tal e como sinala T. Moure (2005b: 94-95). Conscientes da importancia de involucraren toda a poboación para acadaren os seus obxectivos, o ecoloxismo tirou de argumentos prácticos para concienciar unha importante porcentaxe de poboación salientando que de seguirmos con este ritmo de perda da diversidade biolóxica moitas especies, animais e vexetais, imprescindíbeis para a cura de males humanos, presentes e futuros, desaparecerán sen remedio de non ser que fagamos algo ao respecto para o evitarmos. O emprego do argumento da utilidade da diversidade resultou de gran proveito para acadar a concienciación da sociedade, quen manifestando o egoísmo endémico ao ser humano actúa con maior celeridade cando o fai no seu propio beneficio. É por iso que a lingüística —sempre un paso atrás— non debería desaproveitar o argumento da utilidade da diversidade esgrimido tradicionalmente polo ecoloxismo, xa que salientando a viva voz as perdas que ocasionaría, e ocasiona *de facto*, a diminución da diversidade lingüística implicaría en maior medida a sociedade neste tema.

Baixo o punto de vista desta investigación, a morte das linguas implica unha dupla perda para a sociedade en termos pragmáticos: dunha banda, aceptada a hipótese de que cada lingua supón unha forma única e irrepetíbel de nos achegar e analizar o mundo, isto é, una cosmovisión propia, de xeito parello á ecoloxía, a perda da diversidade lingüística supón a desaparición de ópticas e culturas diversas e únicas, conducíndonos cara a unha homoxeneidade empobrecedora; doutra banda, como vimos anteriormente, a morte das linguas supón tamén a perda progresiva do

noso obxecto de estudo, limitando cada vez máis as posibilidades reais de acadarmos un coñecemento —lexítimo e verdadeiro— da linguaxe, así como a posibilidade de entendermos a propia facultade da linguaxe humana.

A corrente filosófica do utilitarismo, que provén da Inglaterra dos séculos XVIII e XIX aínda que con evidentes reminiscencias da Grecia clásica, recoñece a importancia de maximizar cuantitativamente as consecuencias positivas en todo momento, de aí a conexión co argumento ecoloxista da utilidade da diversidade de que se poden aproveitar innegábeis resultados positivos. As críticas a este marco teórico fundaméntanse na imposibilidade de compararmos a utilidade de X en diferentes individuos. Ao mesmo tempo foi moi criticada a postura do utilitarismo perante o sentido común, xa que as conclusións ás que chega van moitas veces en contra del. Por exemplo: perante unha situación crítica en que deberíamos escoller entre salvar a nosa filla ou salvar dous nenos alleos a nós, o sentido común moveríanos a elixir a nosa filla, mais o utilitarismo defendería salvar os outros dous, en tanto que supón un maior potencial de felicidade futura. Os utilitaristas defendíanse destas críticas levadas ao absurdo afirmando que o sentido común aplicouse en moitos contextos de xeito inxustifico e discriminatorio, auspiciando deste xeito escollas non respectuosas e máis sen contemplar o feito de que o sentido común pode variar dun individuo a outro. Seguindo o sentido común, elixiuse en moitas ocasións o español como lingua de instalación por o considerar máis oportuno —debido ao superior número de falantes, o status social que o acompaña ou o recoñecemento internacional que o referencia neste momento, entre outros—, no entanto, de acordo cos principios do utilitarismo, debemos cuestionar que escolla é en realidade a máis acaída para nós e para o país por ser esa a que aporte maiores consecuencias positivas, ou un maior potencial de felicidade, en termos utilitaristas.

A escolla da opción do monolingüismo en galego e o seu emprego como lingua única en Galiza sería a máis útil, de acordo coa terminoloxía desta corrente filosófica, por propiciar a conservación dunha cosmovisión única, que de calquera outro xeito desaparecería, así como a dun elo máis para o mellor coñecemento desta cadea que constitúe a linguaxe humana. Alén de coincidirmos co utilitarismo, a defensa do galego —así como a de calquera outra lingua minorizada no seu propio territorio— concorda plenamente cos principios da ética que sinala sempre a necesidade de salvagardar os elementos máis febles dos abusos do poder. Por tanto, elixir o español supón darlle alento ao opresor no contexto de conflito lingüístico galego, sabendo ademais que non resulta eticamente aceptábel a defensa do poderoso nin a vulneración dos dereitos do oprimido.

Retrotraéndonos de novo ao século XVIII, non deberíamos parar até conseguir que o respecto polas linguas minorizadas se converta nun imperativo categórico kantiano, isto é, até que se considere unha norma incondicional, necesaria e absoluta, un principio que debe ser obedecido, segundo Kant (1788 [1981]), contemplando o respecto polas linguas minorizadas como unha lei ética promulgada pola razón, para acadarmos, deste xeito, unha sociedade baseada na razón e creada pola vontade.

Mais para facer da opción utilitarista unha realidade cómpre, en primeiro lugar, facer visíbeis os innúmeros contextos de substitución lingüística existentes informando á sociedade da situación real en que se atopan na actualidade a maior parte das linguas do mundo para, despois, procurar a súa concienciación no proceso facéndolle ver que as linguas en perigo necesitan unha actuación individual responsábel co obxectivo de acadarmos beneficio colectivo, isto é, a conservación das linguas minorizadas. E dado que a imprescindible implicación dos individuos no desenvolvemento dos dereitos lingüísticos colectivos constitúe un eixo fundamental nesta investigación, achegamos de seguido un exemplo para contribuír á clarificación das nosas propostas futuras.

1.4.1.3.1 O dilema da persoa prisioneira

O filósofo P. Singer (1995) presenta na súa obra unha versión dun dilema moral, coñecido como *dilema da persoa prisioneira*, co propósito de matinar na importancia da cooperación entre as persoas tendo sempre presente que as escollas individuais —tradicionalmente referendadas polo liberalismo— non sempre son as que proporcionan máis beneficios nin colectiva nin individualmente. Porque a cooperación resulta fundamental en condicións normais, no día a día, mais fica claro que o é aínda máis en condicións extraordinarias, onde o feito de cooperar ou non determina a supervivencia dos individuos implicados. Do mesmo xeito que sinalabamos ao respecto da hipótese da linguo-diversidade, entendemos, tamén neste eido, a necesidade de implicarmos individualmente todas as persoas para acadarmos os obxectivos colectivos.

P. Singer (1995) sinala un exemplo histórico relativo á importancia da cooperación en momentos de crise: a Primeira Guerra Mundial supuxo, alén dos milleiros de mortes, un novo xeito de se enfrontaren as persoas, unha anovada concepción da guerra, o que implicou, entre outras moitas cousas, a aparición das trincheiras. Pois ben, neste contexto, e sen necesidade de asinar contratos nin garantías, espallouse como a pólvora unha práctica de non agresión entre ambos os

dous bandos. Así, e sempre de xeito oculto para os mandos dos seus respectivos exércitos, os soldados disparaban as súas armas, mais sen apuntaren a ningún branco, co obxectivo de conservaren as súas vidas.

Vemos, pois, como a cooperación resulta grandemente beneficiosa e como xorde nas circunstancias máis adversas de xeito espontáneo. Cómpre matinar nos na posibilidade de aplicarmos unha estratexia baseada na cooperación nun contexto como o galego para acadarmos unha solución efectiva no proceso de substitución lingüística, do mesmo xeito que o fixeron os soldados da Primeira Guerra Mundial. Porén, antes diso, reflexionemos sobre as distintas posibilidades que implica actuarmos cooperativamente ou non valéndonos do dilema da persoa prisioneira; isto é, actuarmos individualmente pensando na consecución do beneficio colectivo. Con este motivo, de seguido presentamos a adaptación do dilema que T. Moure elaborou para as súas aulas de *Sociolingüística e planificación das linguas* na Universidade de Santiago de Compostela, debido ás moitas aplicacións que, ao noso parecer, ten en contextos de substitución lingüística:

Imaxina que formas parte dun grupo de prisioneiros políticos que fica detido no cuartel da policía dun afastado país, onde está detido outro grupo de prisioneiros tamén por motivos políticos. A intención da policía é que ambos os dous colectivos confesen as súas conspiracións contra o Estado. Un interrogador entra na primeira cela ofrecendo tabaco, viño e un trato favorábel pretendendo facer un trato:

- Confesade o voso crime! -di-E se as persoas do outro grupo tamén confesaren...

No voso grupo axiña xorden voces discrepantes argüíndo que non coñecedes os integrantes do outro grupo, mais a persoa encargada de vos interrogar, non fai ningún caso ao que dicides e segue dicindo:

- Pois mellor se non os coñecedes, xa que, de confesardes vós e eles non, utilizaremos a vosa confesión para retelos dez anos na cadea. No entanto, a vosa recompensa será ficardes libres. Mais, se sodes tan parvos como para vos negardes a confesar, e son os do outro grupo os que o fan, seredes vós quen ficaredes dez anos neste lugar entrementes o outro grupo é liberado.

Primeira decisión individual: que cómpre facer?

Segunda decisión colectiva: cada grupo delibera sen saber que farán as outras persoas.

Terceira decisión individual tras coñeceren os resultados do outro grupo.

Cuarta decisión colectiva tras coñeceren os resultados do outro grupo.

Quinta decisión individual.

Cando o interrogador volve á cela, unha das persoas do voso grupo, decatándose de que carecedes de información suficiente para tomar unha decisión acaída, pregunta:

- Que acontecerá de confesarmos os dous grupos?

A resposta do interrogador foi inmediata:

- Daquela, como non precisamos xa a vosa confesión, ningún grupo será liberado. Con todo, téndomos en conta que ambos os dous pretendiades colaborar, só estaredes aquí oito anos cada grupo.

Sexta decisión colectiva sobre a mesma cuestión.

Sétima decisión individual tras coñeceren os resultados do outro grupo.

Oitava decisión colectiva tras coñeceren os resultados do outro grupo.

Novena decisión individual.

Máis unha vez o interrogador vai a vosa cela e alguén pregunta:

- E se ninguén confesa?

O interrogador rabiado semella querer bater na persoa que fixo a pregunta. No entanto, finalmente muda de opinión e reconece que nese caso carecerían de probas para os condenar, polo que non poderían retelos moito tempo. Porén, antes de marchares di:

- A policía deste país non se rende facilmente. Aínda podemos retervos aquí seis meses máis, interrogándovos, antes de recibirmos as presións de Amnistía Internacional para vos liberar. Polo que pensádeo ben: confese ou non o outro grupo, sairedes máis beneficiados de confesardes. Ademais, neste momento outro persoa está dicindo isto mesmo ao outro grupo.

Vós pensades nas palabras do interrogador e decatádesvos de que ten razón. Sairedes máis beneficiados de confesardes, faga o que fixer o outro grupo. Se confesardes, as opcións do outro grupo son confesar tamén e estar oito anos na cadea ou non o facer e pasar dez anos. Doutra banda, se o outro grupo non confesa, as vosas opcións son confesar tamén e ficardes libres ou non confesar e pasardes outros seis meses en prisión. Logo semella que o mellor é confesar. Mais nese momento matinades nunha terceira opción. O outro grupo está exactamente na mesma situación. Se é racional que vós confesedes, tamén o é que o outro grupo faga o mesmo. De tal xeito que probabelmente ambos os dous grupos pasedes oito anos en prisión. Pola contra, se ningún dos dous grupos confesar, os dous seredes liberados en seis meses.

Como é posíbel que a elección que parece racional para os dous grupos, individualmente -isto é, confesar- vos deixe nunha situación peor a que teríamos se ambos os dous optamos por non confesar? Que debedes facer?

Décima decisión en grupo sobre o mesmo.

Undécima decisión colectiva tras saberen os resultados do outro grupo.

Duodécima decisión conxunta. Únense os dous grupos e discuten o tema. Caso de non chegaren a un acordo en poucos minutos, nomean persoas intermediarias para as negociacións, cuxo resultado deberán asumir. A primeira cuestión será decidir se as representa unha soa persoa ou varias. Igualmente, nestes momentos, como non haberá acordo, os grupos poden refacerse tendo en conta a opinión de cada persoa.

Logo de moitas comprobacións, semella que o dilema da persoa prisioneira non ten solución. Analizáronse matematicamente todas as alternativas e posibilidades combinatorias posíbeis, porén a conclusión é que constitúe un dilema irresolúbel. Logo, poderíamos sinalar que desde o punto de vista do puro beneficio persoal —sen termos en conta os intereses da outra persoa prisioneira— é racional que cada persoa prisioneira confese; no entanto, se cada individuo fixer o que é lóxico desde o punto de vista individual, todos os implicados rematarán peor que se fixesen unha elección distinta, isto é, pensando no ben común, no beneficio colectivo.

A achega máis importante deste exemplo consiste en que o dilema proba que cando unha persoa escolle individualmente o que máis lle convén, é posíbel que o grupo remate nunha situación peor que se cada persoa escollese o que máis interesa ao beneficio colectivo. Como é obvio, non é probábel que cheguemos a encontrarnos na situación dos soldados da Primeira Guerra Mundial ou das persoas prisioneiras do dilema, porén hai casos abondos da vida cotiá que ilustran a regra xeral que este dilema proba. A este respecto P. Singer (1995: 162) sinala, a modo de exemplo da importancia de orientarmos as nosas actuacións individuais cara ao beneficio colectivo, os atascos de tráfico relacionándoo co dilema da persoa prisioneira; isto é, calquera persoa que ficase retida polo tráfico sabe que, aínda que individualmente pode convirle ir no seu coche, redundaría no ben común empregar o transporte público —mesmo sendo este último máis incómodo que o coche, non tendo a perioricidade que necesitaríamos e ficando tamén retido nos atoamentos de tráfico—, xa que reduciríamos o consumo de combustíbel e contribuiríamos ao descenso dos índices de contaminación atmosférica e acústica, re-deseñando as cidades como espazos lexítimos para as persoas e non para os vehículos.

O propio P. Singer presenta outro dilema en que, a diferenza do dilema da persoa prisioneira, non se trata dunha acción illada na vida dunha persoa —como pode ser a detención nun país alleo—, senón dun feito de cuxa decisión pode derivarse unha cooperación sólida e reiterada ou, pola contra, un traballo individual moito máis gravoso. Vexamos unha adaptación da enunciación do novo dilema que P. Singer (1995: 159-160) presenta:

Max é un pequeno labrego cunha colleita preparada para ser recollida. As nubes prognostican chuvia. A non ser que Max consiga axuda, choverá antes da colleita, e aquel que fiquese sen recoller perderase. É por iso que decide pedirlle a Lyn, a súa veciña, cuxa colleita é sempre serodia, que o axude e a cambio el tamén lle prestará axuda no seu momento. Lyn non o ten claro, pois non sabe se fiarse do compromiso de Max. Se non se pode fiar, non lle convén perder o tempo, xa que pode empregarlo para eliminar as malas herbas que inzan as súas terras.

En certas sociedades poderían subscribir un acordo formal e, caso de o incumprir algunha das partes, esixirlle á outra unha compensación, con todo, de vivir nunha sociedade que carece deses costumes, o mellor é acreditar na palabra do outro fomentando a confianza mutua.

A situación de Max e Lyn é similar en certos aspectos á dos soldados da Primeira Guerra Mundial e dos grupos prisioneiros, porén diferente noutros. Tanto nesta situación como nas outras todas as persoas saíran beneficiadas de cooperaren, polo que forman parte do dilema da persoa colaboradora. A principal diferenza radica en que no problema dos colectivos detidos e máis dos soldados falamos dunha situación, de se dar, illada na vida dunha persoa, entremetres no caso da colleita, referímonos a unha cooperación que de ser operativa pode manterse ano tras ano.

R. Axelrod (1986) propúxose comprobar empiricamente as posibles solucións ao dilema da persoa prisioneira, para o que convocou un concurso en que cada participante achegaba unha estratexia. Deste xeito analizou mediante diferentes comprobacións os dilemas da persoa prisioneira e máis o da persoa colaboradora e concluíu que a estratexia cunha maior presenza foi a denominada *golpe por golpe*; isto é, as persoas actúan, en xeral, en función de como o fagan as demais: coopero só se cooperan comigo. A importancia da descuberta de R. Axelrod reside en que o emprego dunha conduta non egoísta aumenta as posibilidades de sobrevivir, facendo que prosperemos tanto, ou máis, que os individuos que se comportan dun xeito egoísta e non comprometido co colectivo. De tal maneira que se nos comportasemos de xeito correcto con alguén que non o é connosco, converteríámonos, de acordo co autor, en persoas parvas; porén, se todas as persoas correctas

deixasen de cooperar con quen non o é, os individuos ruíns sairían malparados e non explotarían ninguén.

De acordo con R. Axelrod (1986), cómpre non esquecer que os beneficios a curto prazo que brindan as solucións do dilema baseadas no individualismo non deben determinar a escolla verdadeiramente cooperativa, isto é, aquela que procura o ben común e cuxos beneficios redundarán en toda a sociedade a longo prazo.

Doutra banda, resulta necesario salientar que a aparencia divulgativa da enunciación dos dilemas non debese impedir que reparemos na fonda reflexión que suxiren nin na aplicación directa noutros eidos que implican. Valéndose do símil da cadea, P. Singer presenta un dilema moral que incide en cuestións fundamentais para calquera sociedade, como o son a empatía, a solidariedade, a xustiza, a cooperación ou a toma de decisións por consenso, entre outras moitas.

Ao vivirmos nunha sociedade neo-liberal rexida polas leis do mercado e centrada na atomización da poboación co único obxectivo de satisfacer os intereses da clase dominante, podemos esquecer que a pretendida defensa institucional dos dereitos e liberdades do individuo non responde máis que a unha estrataxema con que manter á cidadanía fragmentada, impedindo indirectamente as actuacións colectivas por seren estas máis efectivas á hora de reivindicar as súas reclamacións. Os métodos coercitivos das actuais democracias de Occidente, que fagocitan conceptos tan importantes como os dereitos humanos e lingüísticos, poden ser máis sutís que os característicos doutras épocas ou doutros sistemas de goberno, porén son igualmente efectivos para o poder. Abaste un exemplo: a diversidade, do tipo que for, non interesa aos grupos que na actualidade exercen o dominio económico, logo non se nomea, e se non se nomea, non existe, como ben sabemos.

Con todo, desde a nosa perspectiva de nación sen estado, a lectura destes dilemas presenta unha especial significación. As persoas que vivimos en contextos de desigualdade social a miúdo escoitamos falar de discriminación, dereitos individuais e colectivos, desequilibrio ou ausencia de liberdade, o que responde á situación de conflito en que vivimos, de xeito análogo ás persoas prisioneiras do dilema. Por iso nós, do mesmo xeito que elas, de actuarmos individualmente, sen termos en conta máis que a satisfacción dos nosos propios intereses persoais, contribuiremos irremediabelmente á conservación das desigualdades actuais. Porén, tendo presente que as escollas

individuais —tradicionalmente referendadas polo liberalismo— non son as que proporcionan máis beneficios nin colectiva nin individualmente, cómpre fomentar a cooperación e as actuacións individuais encamiñadas a salvagardaren os intereses colectivos, que redundan tamén positivamente no propio individuo como integrante e beneficiario do colectivo.

Por este motivo, resulta necesario incidir en que o dilema da persoa prisioneira en particular e o principio de cooperación, en xeral, teñen unha clara aplicación noutros eidos, como por exemplo nun contexto de conflito lingüístico. Poñamos por caso un territorio calquera en que cohabitan forzosamente a lingua propia minorizada e máis a lingua foránea opresora. Neste lugar prodúcese desde hai varias xeracións un proceso de substitución lingüística e, a consecuencia disto, unha porcentaxe importante da poboación minorizada abandonou xa a lingua propia, de tal xeito que as persoas de menor idade non son, maioritariamente, conscientes da lingua que lles roubaron. Pois ben, nunha situación como esta, é posíbel que a decisión individual máis racional sexa substituír a lingua propia pola allea, dado que supón a asimilación a un colectivo maioritario con proxección e recoñecemento internacionais así como a apertura a un mercado máis abarcador. No entanto, unha actuación ética responsábel implica conservar a lingua propia, mesmo non sendo xa a lingua de instalación de todas as persoas do territorio, debido a que esta escolla redunda no beneficio dos intereses do colectivo ao contribuír á conservación da súa lingua e tradición cultural e máis á cohesión do propio grupo; do mesmo xeito que o fai non confesaren ningún dos grupos de persoas prisioneiras ou elixirmos o transporte público en detrimento dos vehículos particulares.

Aplicar este proceder ao eido da perda da diversidade lingüística resulta notoriamente beneficioso, xa que cooperar cos individuos falantes de linguas maioritarias que actúan de xeito incorrecto ocasiona a desaparición das linguas minorizadas. Mais, empregarmos a estratexia do golpe por golpe, deixando de cooperar con quen non o faga connosco, implicaría vivirmos nunha sociedade non dominada polas persoas ruíns, contribuíndo a que as linguas minorizadas prosperen nesta sociedade tanto, ou máis, que as que maioritarias.

Porén, a achega máis revolucionaria da aplicación do dilema da persoa prisioneira nun contexto de substitución lingüística resúmese nas seguintes palabras de P. Singer (1995: 162):

Desde el punto de vista del puro interés personal (sin tener en cuenta los intereses del otro prisionero) *es* racional que cada prisionero confiese; pero si cada uno hace lo que, desde el punto de

vista del interés personal, es racional, terminarán peor que si hubieran hecho una elección distinta. El dilema prueba, pues, que cuando cada uno escoge individualmente lo que más le conviene, es posible que todos terminen en una situación peor que si cada uno hubiera elegido aquello que conviene al interés colectivo.

No segundo capítulo desta investigación retomaremos o dilema da cooperación co propósito de o aplicarmos nun contexto de conflito lingüístico como é o noso, porque resulta de grande axuda para comprendermos a necesidade de implicarmos todas as persoas individualmente nos procesos de substitución lingüística co propósito de acadarmos o ben común, isto é, o beneficio colectivo, que redunda, tal e como veremos, tamén no individuo e en maior medida que as escollas individuais, por moito que estas poidan parecer proveitosas a curto prazo.

1.4.1.4 O *lingüicidio*

Ao longo da súa traxectoria profesional a lingüista finesa Tove Skutnabb-Kangas manifestou un gran compromiso coas linguas e culturas minorizadas, procurando sempre co seu traballo que os dereitos —humanos e lingüísticos— das minorías fosen respectados. Á fronte da lingüística realmente implicada coa situación das linguas do mundo elaborou magníficas obras, xa clásicas neste eido, entre as que destaca T. Skutnabb-Kangas (2000), un traballo fundamental e fundacional, porque, como xa vimos, nos achega de xeito claro ao tempo que completo á realidade lingüística en que sobreviven acotío a maior parte das linguas do mundo, visibilizando unha noción —a de dereitos lingüísticos— aínda moi confusa para a sociedade e inaugurando un novo xeito de facer lingüística teórica, nomeadamente máis divulgativo porén sen perder un ápice de rigor científico. Con todo esta obra resulta pouco habitual nos programas de estudos universitarios —agás honrosas excepcións— debido ao silenciamento que impón o sistema sobre este estilo de textos revolucionarios, e dicimos revolucionarios na súa dupla significación: no sentido estritamente etimolóxico de *cambio dunha realidade calquera* e máis no de texto partidario da revolución.

T. Skutnabb-Kangas fala abertamente de conceptos habitualmente confusos e escuros para calquera falante, ben sexa de linguas minoritarias ou non. Non tateja á hora de sinalar abertamente o sexismo da linguaxe ao mesmo tempo que reconece o racismo e o imperialismo lingüísticos como axentes históricos da morte das linguas así como dos procesos de substitución lingüística que están a aniquilar moitas delas aínda existentes na actualidade. Na súa opinión o proceso da morte das linguas non constitúe en absoluto un desenlace natural, lóxico ou evidente, senón que se trata dun

feito que agocha os intereses, fundamentalmente económicos, das grandes potencias. Segundo T. Skutnabb-Kangas (2000: 314) o ocultación que o poder fai da diminución da diversidade lingüística non é en absoluto casual:

Finally, we will also look at one of the many strategies of invisibilising linguistic genocide where it is mainly researchers who are the culprits. When results of linguistic genocide (not only those resulting from education, but in general) start showing and languages ‘disappear’, this can be made to seem ‘natural’, or ‘voluntary shift’, or ‘inevitable’ —therefore, agentless (‘The small dialects must be lost... they must give way before the stronger and more developed... The language of Ambon is disappearing at an increasing rate... It is sensible not to oppose such a gradual, natural process’ [...]). There is nobody to blame, except the people who left their language. Calling linguistic genocide ‘language death’ is one way of making the **genocide** invisible.

Por este motivo a autora, considerando erróneo o concepto de *morte de linguas*, acuñou o de *lingüicidio e xenocidio lingüístico*, isto é, o asasinato consciente de linguas que responde sempre a unhas mesmas pautas perfectamente recoñecíbeis: unha lingua maioritaria pretende estender o seu poder nun territorio que lle é alleo sometendo a súa poboación, deste xeito comeza o proceso de substitución lingüística que maioritariamente conclúe, á vista dos datos actuais, coa desaparición da lingua minorizada no seu propio territorio e a asimilación da poboación culturalmente conquistada á dominante.

T. Skutnabb-Kangas focaliza a súa preocupación no ámbito educativo, como se fai patente xa desde o propio título, e considera fundamental a presión que as linguas dominantes exercen neste eido e o determinante que isto resulta para o devir da lingua oprimida, así como a importancia de recuperarmos un sistema educativo en que a lingua propia de cada territorio se converta na lingua vehicular no ensino. Esta situación fai que os membros de comunidades lingüísticas minorizadas nos sintamos como as persoas da aldea gala de *Astérix e Obélix*, sempre ocultas agardando o próximo ataque das forzas do imperio para nos defender, xa que en efecto esta forma de asoballamento responde ás pautas de conduta dunha nova colonización: o imperialismo lingüístico, que resulta moi produtivo para os intereses do sistema, tal e como comprobaremos en apartados posteriores.

Os seus estudos sobre dereitos lingüísticos, entendidos como inalienábeis ao individuo — non á comunidade lingüística, xa veremos despois as diferenzas— e como parte integrante dos

dereitos humanos, convertérona nunha figura senlleira internacionalmente. Outras persoas especialistas en lingüística relacionaron directamente a diminución do número de linguas coa existencia dunha serie de mitos baseados, como case todos eles, en falacias. Segundo un destes mitos a concesión dos dereitos lingüísticos ás minorías produce a fragmentación dos estados en que estas se integren. A autora cualifica esta situación de reduccionismo monolingüista, unha ideoloxía que empregan os grandes estados para xustificaren os procesos de substitución lingüística en que están involucrados, argumentando que primeiramente reclaman a autodeterminación cultural para solicitaren despois a política, tal e como X. R. Freixeiro Mato (2009b: 59-60) recolle.

Retomando a cuestión da ecoloxía e máis da lingüística, ambas as dúas comparten o ser humano como principal axente de destrución e devastación da bio- e lingüo-diversidade, por tanto o que se pretende facer pasar por morte natural é en realidade un asasinato ao que, no caso das linguas, T. Skutnabb-Kangas (2000) definiu como *lingüicidio*. Con todo, se ben é certo que na actualidade non é admitida socialmente unha actitude contraria ao discurso ecolóxico ou, mellor dito, medioambientalista —de acordo con T. Moure (2008a)— non crea en absoluto alarma social en gran parte da poboación, pola contra, a existencia de asociacións, altos persoeiros dos equipos de goberno ou institucións que dediquen os seus esforzos a defenderen as linguas dominantes nun contexto de conflito lingüístico. Que pasaría se desde a Consellaría de Medio Ambiente dun goberno calquera se salientase publicamente a necesidade de ampararmos a tala indiscriminada das fragas ou a caza da pita do monte? Pois ben, moi ao contrario, no caso das linguas o feito de amparar a forza opresora non só é admitido por gran parte da cidadanía, alienada e anestesiada, senón que mesmo se considera síntoma do progreso da sociedade, modernización e enriquecemento.

Afirmar a necesidade dunha lingua —natural— común para acadar un mellor entendemento a nivel internacional constitúe un argumento habitualmente esgrimido para defender a expansión dunhas poucas linguas en detrimento doutras moitas que sobreviven en precario. Porén, perante o avance do inglés no mundo actual como lingua internacional, por que elixir a lingua propia dun(s) territorio(s) para a comunicación internacional, coa discriminación que esta elección supón, tendo a posibilidade de optar por unha lingua artificial a que todas as persoas teñamos acceso por igual, unha lingua simple, regular, sen excepcións, básica, para as necesidades que imprime o *hic et nunc*, sen ter que nos identificarmos con ela, sen que sexa a lingua de instalación de ninguén?

Evidenciada a ausencia de determinacións oficiais por parte dos organismos e institucións políticas e culturais a nivel internacional, cómpre, de acordo con A. Bastardas i Boadas (2000²: 200-201), para atallar unha solución, tomarmos a iniciativa implantando unha *supralingua* eficaz para a intercomunicación mundial, isto é, que ocupe as funcións que vén desenvolvendo o inglés na actualidade. Unha lingua que sexa respectuosa con todas as comunidades lingüísticas, que limite o seu uso a uns contextos moi determinados, sen acaparar, deste xeito, as funcións específicas de cada lingua propia nos seus respectivos territorios, evitando, así, conflitos innecesarios. A cuestión é que empregando unha lingua artificial para a comunicación internacional acadariamos unha solución óptima para este problema, xa que todos os individuos teríamos as mesmas posibilidades para a aprender, eliminando calquera tinguadura de discriminación lingüística, sendo esta, ademais, unha lingua sinxela, con que non nos teríamos que identificar, e que formaría parte de todos os sistemas educativos de xeito obrigatorio na totalidade das comunidades lingüísticas; ao mesmo tempo, tal e como sinala T. Moure (2005b: 95), ao escollermos unha lingua artificial estaríamos fomentando a diversidade lingüística ao controlar o avance imperialista dalgunhas linguas naturais.

De aceptarmos a vía da lingua artificial atopariámonos —tal e como veremos no capítulo segundo desta investigación ao desenvolvermos a cuestión do emprego dunha lingua artificial como LIA— con outras interrogantes como se convén elixir unha lingua artificial existente ou deberíamos crear unha nova que responda ás necesidades actuais. Isto é, deberíamos introducir o esperanto na comunicación internacional, por ser a lingua artificial máis estendida, ou promover a creación doutra, aséptica, neutra, sen cores ideolóxicas? Desde o século XII até os nosos días contabilízanse centos de proxectos de linguas artificiais, sen considerarmos as linguas, ou proxectos, que circulan desde hai poucos anos na Internet. Cada unha delas é o resultado dunha investigación individual ou colectiva da linguaxe humana e plasma a visión das persoas que as crearon. De analizármolas brevemente decatariámonos de que, sen desmerecer o esforzo, algunhas transmiten unha ideoloxía determinada, outras baséanse en hipóteses lingüísticas desbotadas na actualidade e outras manifestan estar formadas a partir da hibridación dalgunhas linguas pertencentes a unha familia lingüística determinada, case sempre a indo-europea.

Por este motivo é posíbel que a solución máis acaída pase por elaborarmos unha nova lingua artificial baseada nos coñecementos lingüísticos actuais, dando entrada a todas as cosmovisións para que sexa realmente un proxecto solidario ao tempo que eficaz e útil para todas as persoas e en calquera situación. No entanto, para construírmos una lingua *ex novo* destas características non só é

preciso acadar o consenso internacional senón tamén coñecermos amplamente a linguaxe humana, tal e como queda patente nas linguas artificiais até agora creadas. Resulta fundamental posuír un amplo coñecemento das linguas do mundo e dos universais lingüísticos para que o resultado non sexa só representativo dunhas poucas linguas que tradicionalmente coinciden en ser as do poder.

R. M. W. Dixon (1997: 107-110) salientaba, como xa vimos, a existencia de catro posíbeis causas que explicarían a perda dunha lingua: a morte da comunidade de falantes, a perda forzada da lingua, o cambio voluntario e o cambio involuntario de lingua relacionado coa ritualización e perda de funcións da lingua recesiva. Pola súa banda D. Crystal (2004: 56-57) sinala que, dentro da última causa da morte de linguas identificada por R. M. W. Dixon, todos os procesos de asimilación cultural comparten uns mesmos trazos: primeiramente a presión intensa a que se somete a lingua dominada por parte da dominante, en segundo lugar un estadio de bilingüismo en que os individuos perden fluidez na lingua recesiva en favor da opresora, e, por último, as novas xeracións deixan de se identificaren coa súa lingua propia para asumiren como tal a foránea.

Na primeira das situacións prodúcese a discriminación máis evidente: unha lingua opresora tenta ocupar as funcións propias da lingua minoritaria en cuestión. Este proceso pode desenvolverse de xeito diverso segundo o contexto, así pode ser pola forza, dun xeito agresivo, ou de forma progresiva, minando a lingua minorizada paseniño. Na segunda etapa ambas as dúas linguas cohabitan nun mesmo territorio producíndose un perigoso proceso de bilingüismo desequilibrado ou vertical en que a lingua dominante se impón claramente sobre a dominada ou oprimida, porque, tal e como di C. Junyent (1998: 78), o bilingüismo non é máis que un tránsito cara ao monolingüismo na lingua maioritaria. Este feito, silenciado desde o poder na procura do seu propio beneficio, debe de ser estendido entre toda a poboación para a facer consciente da realidade en que vive. Nun contexto como o galego en que a lingua dominante recobre a súa imposición coa vestimenta do bilingüismo *harmónico*, o que en verdade acontece é un proceso de conflito lingüístico. Deste xeito resulta fundamental que os membros da comunidade lingüística tomen conciencia da situación da lingua, xa que por moito que tratemos de normalizar o galego se @s utentes non queren ver a realidade de pouco servirá calquera plan de normalización lingüística, porque unha lingua pode ser minoritaria ou non, pode ter escrita ou ser ágrafa, estandarizada ou sen normalizar, mais a cuestión reside en que para unha lingua ser normalizada, oficializada e transcrita cómpre un compromiso firme por parte do colectivo que a empregue. É o momento de o facer, de tomar conciencia da

realidade da lingua, xa que o galego se atopa nesta segunda e determinante etapa do proceso, aínda é posíbel recuperarmos as funcións lingüísticas e máis as persoas falantes perdidas en beneficio do español; a destrución dos patróns endogámicos, o que N. Dorian (*apud* C. Junyent, 1998: 135) sinala como causa da morte das linguas, non é definitiva para a lingua galega.

O último trazo definitorio dos procesos de asimilación cultural salientado por D. Crystal (2004) consiste na rotura da transmisión xeracional da lingua propia ás persoas máis novas dado que non se produciu nelas a identificación necesaria coa lingua de instalación característica das xeracións precedentes. Obsérvase unha tendencia entre a mocidade a asumir acriticamente o emprego da lingua dominante no conflito lingüístico ignorando a usurpación que o poder fixo da lingua propia do territorio.

Sen poñer en dúbida a valía desta taxonomía explicativa do proceso de asimilación lingüística, gustaríanos comentar algúns aspectos ao respecto. Comezando pola estruturación externa, resulta oportuno sinalar que non necesariamente teñen que se presentar illadamente cada unha das partes, senón que poden ser coincidentes no espazo e máis no tempo. Para referendar esta hipótese amentaremos a situación do galego actual como exemplo. Aínda que se negue desde os sectores máis conservadores da sociedade o certo é —como os datos sociolingüísticos así o confirman— que o español leva séculos tratando de se impoñer no país a costa da lingua propia, o galego. A imposición —primeira etapa do esquema de D. Crystal (2004)—, máis aberta ou máis oculta, é pois un feito innegábel que produciu unha situación de bilingüismo —segunda etapa— vertical en que agora vivimos, ao mesmo tempo que se está a producir, tamén no presente, a rotura da transmisión xeracional —terceira etapa.

Outra obxección á análise que D. Crystal (2004) fai da asimilación lingüística consiste en que ao mesmo tempo que avanza nunha comunidade lingüística o proceso de substitución pode avanzar, tamén, o de recuperación da lingua minorizada; isto é, retomando de novo o caso galego para esclarecer a explicación, no noso contexto está a se producir a rotura da transmisión xeracional o que ocasiona a non identificación coa lingua propia por parte da poboación máis nova, neste caso, o galego. Mais o certo é que neste mesmo contexto está a se producir tamén un forte proceso de recuperación da lingua propia nun sector da poboación, caracterizado por unha forte identificación coa lingua propia e co país, un sector da poboación que se manifesta abertamente como defensor da

lingua propia, que se mobiliza, que se manifesta, que toma postura, que require un ensino en galego para a súa descendencia e que é plenamente consciente do conflito lingüístico en que vive. É por iso que a perda de identificación coa lingua de instalación e o aumento dela poden ser coetáneos, poden coexistir. Tanto é así que, segundo X. R. Freixeiro Mato (2009c: 22), existe un substrato da poboación que será sempre fiel á lingua debido á súa firme postura ideolóxica e por constituír unha «base militante comprometida co idioma»; polo que, tal e como sostén o autor, por moito que diminúa o número de falantes de galego existe unha porcentaxe, arredor do dez e o quince por cento da poboación galega, que garantirá sempre a supervivencia deste grazas á forte identificación que manifesta.

O estudoso H.-J. Sasse (1992a) sinala tres causas da morte de linguas: en primeiro lugar os factores sociolingüísticos, a existencia de fenómenos de presión socio-económica ou socio-psicolóxica que ocasionan que os membros dunha comunidade lingüística minorizada abandonen a súa lingua; en segundo lugar, o comportamento discursivo, isto é, o emprego desigual ou discriminatorio das linguas dun mesmo territorio ou entre as variantes dunha lingua; e, por último, as consecuencias estruturais ou o decaemento lingüístico dunha lingua minoritaria ao tempo que perde funcións lingüísticas en beneficio doutra dominante. De acordo co autor, a desaparición dunha lingua sempre vén motivada por unha combinación das tres causas previamente sinaladas, dado que carece de sentido interpretalas illadamente.

A modo de exemplo, H.-J. Sasse (1992a) refire o caso dunha comunidade multilingüe caracterizada por unha situación de conflito lingüístico. Debido á presión económica e política este contexto de desigualdade xera unha actitude negativa cara á lingua oprimida no seu propio colectivo de falantes que mesmo a chegan a abandonar. Isto provoca unha perda de funcións lingüísticas na lingua minorizada ao tempo que propicia o seu empobrecemento estrutural. Deste xeito, a lingua antes primaria, convértese en secundaria mesmo para as persoas que a teñen como lingua de instalación, deixando xa de o ser para as xeracións máis novas debido á ausencia de estratexias de transmisión lingüística na lingua recesiva. O uso restritivo desta, destinada só a uns determinados contextos, retroalimenta a actitude negativa cara á propia lingua minorizada.

No entanto, o certo é que empiricamente podemos demostrar que na actualidade estamos a vivir unha freada no proceso da ruptura da transmisión xeracional da lingua galega, do mesmo xeito que se está a producir unha leve recuperación de falantes nela. O tempo das mensaxes catastrofistas

sobre a nosa lingua xa é pasado, as teses que empregaban o argumento da morte para chamar a atención da poboación —desenvolvendo unha estratexia moi discutida, que demostrou non alcanzar os seus propósitos— deberían reconducir os seus esforzos cara outras estratexias que poidan ser máis útiles para a recuperación da nosa lingua¹³.

De acordo coa nosa interpretación, cómpre rachar coa terna sinalada por L.-J. Calvet & L. Varela (2000: 58-59): lingua internacional, lingua do Estado e lingua gregaria. Cómpre afastar o inglés —ou calquera outra lingua natural— da categoría de LIA para impedir que continúe a ser a principal causa e a un mesmo tempo beneficiario da maior parte dos procesos de substitución lingüística abertos a día de hoxe. Resulta necesario, pois, desbotar o concepto de lingua de Estado opresora, hexemónica e aniquiladora de linguas minorizadas, para inculcarnos nos gobernos de todo o planeta o principio do respecto polas realidades lingüísticas máis cativas, así como valores e fundamentos éticos alternativos aos omnipresentes económicos. Por último, cómpre tamén enxalzar as linguas oprimidas para que máis nunca sexan gregarias, devolvéndolles as funcións que lles foron usurpadas nos innúmeros procesos de substitución lingüística.

A situación descrita até o momento responde, de acordo con X. R. Freixeiro Mato (2009b: 55), a un contexto de imperialismo lingüístico así como de racismo lingüístico, isto é, discriminación por cuestión da lingua. J. C. Moreno Cabrera (2008: 144-145) sinala a este respecto que a ideoloxía nacionalista imperialista é a evolución da ideoloxía nacionalista colonial decimonónica, que lingüisticamente dexenerou, segundo o autor, nun *delirium tremens* inzado de soños do pasado imperial pretendendo unha expansión das linguas semellante á vivida polo español, inglés ou portugués nos séculos XVI, XVII e XVIII, procurando que as súas respectivas linguas se transformaren no mito do idioma universal. Pola súa banda, L.-J. Calvet (1974) acuñou os termos *colonialismo lingüístico* e *glotofaxia* para definir esta situación caracterizada polo dominio dunha lingua sobre outra(s) debido a unha conquista, quer económica, quer política ou militar, baseada no imperialismo occidental tradicional. Mentres que R. Phillipson (1993²: 47), na mesma liña que T. Skutnabb-Kangas (2000), refírese abertamente ao imperialismo lingüístico do inglés e sostén que se trata dun tipo ou clase de lingüicidio.

¹³ Proba de que o galego comeza un novo rexurdimento son os ataques por parte do goberno conservador, abertamente contrario ao natural desenvolvemento da única lingua propia do país, e máis de asociacións que se presentan como abandeiradas do bilingüismo cando o que propoñen en realidade é un claro monolingüismo, mais na lingua opresora no proceso de substitución lingüística, isto é, en español.

Con todo, J. C. Moreno Cabrera (2000: 225) reconece que non podemos mostrar actitudes inxenuas, isto é, a recuperación por parte das linguas minorizadas das súas lexítimas funcións lingüísticas implica, necesaria e naturalmente, a recesión das linguas maioritarias nos territorios por elas *conquistados*. Deste xeito, as institucións así como o colectivo de falantes da lingua opresora non dubidarán á hora de empregar todos os seus recursos para non perderen a súa posición de dominio lingüístico e, por tanto, social. J. C. Moreno Cabrera sentencia: «nadie renuncia al dominio de buen grado. En estos casos hablarán de imposición y de violación de derechos.» En efecto, estes argumentos poden ser identificados punto por punto no proceso de substitución lingüística que afecta hoxe en día ao galego, como lingua minorizada no seu territorio histórico.

No momento en que unha administración comeza a legislar a favor da lingua propia e minorizada, o que responde a un proceso de xustiza ética, política, historia e lingüística, os grupos do poder comezan a manifestar o seu malestar ao contemplar que a lingua oprimida empeza a recuperar o espazo que lexítimamente lle corresponde facendo perigar o seu status de lingua dominante. É nese —neste— mesmo momento cando abrollan, como cogomelos no outono, argumentos falaces, inxurias e reivindicacións contrarias ao natural desenvolvemento da lingua propia minorizada, como por exemplo, os colectivos imperialistas contrarios á lexítima normalización do galego que falan de inversión de roles, imposición lingüística, discriminación, ideoloxización ou politización da lingua, entre outras moitas. Empregan unha serie de estrataxemas dialécticas carentes de toda base empírica que as referende, tentando facer pasar á vítima por verdugo. Como se detrás do construto español (M. Moreira, 2009: 9) non existise unha ideoloxía monolingüe con pretensións imperialistas e lingüicidas. Nesta dirección argumenta J. C. Moreno Cabrera (2006: 7-8) cando di:

¿Dónde está la comunidad lingüística minoritaria o no asociada a uno de los estados poderosos que no haya sido tachada de retrógrada, tradicionalista, conservadora o nacionalista excluyente cuando intenta que su lengua acceda con los mismos derechos que las demás a las instituciones europeas y deje de ser en el mejor de los casos un mero adorno circunstancial?

Resulta obvio que de ben pouco servirá elaborar políticas presuntamente comprensivas coa diversidade lingüística entrementes o que realmente se procura é o monolingüismo hexemónico na lingua opresora. Certamente non é este o mellor camiño para acadarmos unha sociedade xusta, estábel e pacífica, se é verdadeiramente certo que procuramos, de acordo con P. García Negro

(2009b: 28), «unha outra orde mundial, horizontal, baseada desde a raíz no recoñecemento da diferenza como garante da igualdade.»

Con todo, a visión negativa de J. C. Moreno Cabrera (2008) sobre o nacionalismo pode entrar en contradición. Nesta obra o autor refire unha actitude contraria ao nacionalismo ao mencionar a imposición do español nos territorios do Estado con outra lingua propia. J. C. Moreno Cabrera (2008: 63) censura un elemento clave, ao seu ver, do nacionalismo lingüístico que consiste en presentar a imposición da variante estándar da lingua como parte dun proceso natural de desenvolvemento lingüístico. Un proceder semellante resulta inaceptábel cando se trata dunha lingua maioritaria que pretende implantarse nun territorio foráneo, porén non é tal cando consiste no proceso de normalización lingüística da lingua propia dese territorio. Isto é, concordamos co autor cando sanciona o desenvolvemento imperial do español en Galiza, por exemplo, mais non cando se trata de promover a re-dignificación do galego en Galiza mediante a difusión social da variante estándar da lingua propia como ferramenta cohesionadora integrada na proposta de planificación lingüística desta lingua minorizada no seu propio territorio. Semella que o autor confunde dous conceptos diferentes: nacionalismo lingüístico e imperialismo lingüístico. A este respecto G. Sanmartín Rei (2009a: 20) sinala que:

[...] o nacionalismo lingüístico —que nós preferimos denominar imperialismo lingüístico por razóns de ambigüidade conceptual intencionada entre o nacionalismo imperialista sempre ligado ao colonialismo e o nacionalismo defensivo ou [...] entre nacionalismos dos opresores e nacionalismos dos oprimidos [...].

En efecto, o concepto de imperialismo lingüístico recolle de xeito máis completo a situación descrita por J. C. Moreno Cabrera, debido a que a defensa das linguas minorizadas característica do nacionalismo comprometido nada ten que ver con imposicións propias do neo-imperialismo, tanto económico como lingüístico. Completamente de acordo con G. Sanmartín Rei (2009a), en ocasións parece que J. C. Moreno Cabrera (2008) confunde conceptos ou non practica distincións que poderíamos considerar xa clásicas na teoría do nacionalismo; estamos a falar da oposición entre nacionalismo dos opresores e dos oprimidos establecida por M. Löwy (1999), e adaptada por X. M. Beiras —*vid.* F. Pillado Maior & M. A. Fernán-Vello (2000)— na súa distinción entre nacionalismos emancipadores e opresores. Esta escisión responde segundo X. M. Beiras a un novo contexto socio-histórico en que xorde a necesidade, por parte de marxistas e socialistas, de liberar

as nacións oprimidas. A razón de ser dos nacionalismo emancipadores reside, por tanto, no dereito de autodeterminación lexítimamente esixido polas nacións asoballadas polo poder.

Segundo X. M. Beiras, a reactivación do concepto de estado-nación supuxo un novo enfrontamento entre nacionalismos opresores e emancipadores, opoñéndose os primeiros ás reivindicacións das nacións sen estado, que ficaron tradicionalmente oprimidas polas novas forzas do poder económico. Cómpre, de acordo co autor, abordar a cuestión nacional desde a esquerda, isto é, partindo dos postulados que permitiron a identificación e comprensión da *cuestión nacional*, para deseñar un proxecto común que resolva a situación de conflito característica das nacións sen estado; que foi o que fixo o nacionalismo galego no paso da ditadura militar á monarquía parlamentaria.

Por todo isto consideramos, como xa comentabamos, que a denominación de nacionalismo lingüístico proposta por J. C. Moreno Cabrera (2008) non resulta acaída para definirmos o contexto actual do Estado español; polo que suxerimos para este caso o emprego de imperialismo lingüístico, tal e como G. Sanmartín Rei (2009a) sinalaba a este respecto, para evitarmos confusións conceptuais.

1.4.2 Visións proclives á perda da diversidade lingüística

1.4.2.1 A ilexitimidade do ataque á diversidade

Do outro lado do binomio sitúanse quen non consideran negativamente, de acordo con motivos diversos, a diminución da diversidade lingüística. Se ben é certo que difiren na argumentación, a cuestión é que todos eles¹⁴ coinciden no feito de non considerar negativamente a morte das linguas. O feito de non atopar casos de mulleres lingüistas manifestamente opostas á conservación das linguas salienta que *elas*, como integrantes do maior colectivo minorizado, mostran unha aproximación ao tema da perda da diversidade, sexa do tipo que for, máis respectuosa que *eles*, sendo coñecedoras desde hai séculos do que supón loitar acotío contra a forza opresora

¹⁴ Repárese en que non se trata esta escolla do masculino dun uso deste xénero gramatical co pretendido valor xenérico —emprego en que non acreditamos por o considerar sexista e discriminador—, senón que o traemos aquí porque non atopamos, dentro do eido da lingüística, exemplos de mulleres contrarias á conservación da linguo-diversidade.

para acadar un espazo lexítimo e igualitario no mundo. Manifestan, pois, a empatía característica do xénero feminino, que non sexo, porque é certo que existen mulleres que asimilaron valores masculinos do mesmo xeito que existen homes que asumiron os femininos; trátase, pois, dun comportamento de xénero e non de cuestións relativas ao sexo biolóxico. Como dicía, mulleres e linguas foron tratadas desde tempos inmemoriais de xeito notoriamente discriminatorio. A este respecto, C. Blanco sinala acertadamente que (*apud* C. Junyent, 1998: 54):

A asimilación ou substitución da lingua ou sexo inferiores pola lingua e sexo superiores, é a solución que vén dada polo propio sistema social xerárquico, que conduce a muller e ao falante galego a pasarse ao mundo do home e do castelán para ascender socialmente.

Nun artigo en que reflexiona sobre o estado actual da relación entre xénero e linguaxe, T. Moure (2008b: 21) salienta que:

Edwin e Shirley Ardener (1975, 1978), dous antropólogos sociais británicos, próximos ao feminismo radical, argumentan que cada grupo social xera as súas propias ideas sobre a realidade, mais que non todos poden conformalas publicamente. Na maioría dos casos, o grupo dominante difunde a súa cosmovisión mentres que os grupos menos poderosos fican enmudecidos, sen posibilidade de representaren a súa realidade. Nos seus exemplos, as mulleres manexan realidades diferentes da dominante mais vense forzadas a codificala nos termos dos homes. Como consecuencia, as mulleres entenden mellor aos homes que os homes ás mulleres, porque o grupo enmudecido precisa entender o modelo dominante para traducilo aos seus propios termos, mentres que o proceso á inversa non é necesario.

A dominación lingüística, do mesmo xeito que a de xénero, emprega recursos tan poderosos que o conxunto de falantes de linguas minorizadas tamén precisan entender o modelo da lingua dominante porque a súa realidade está tamén codificada nos termos que ela impón ficando silenciadas baixo o seu xugo, porén manifestan unha actitude paradoxal que evidencia a alienación padecida chegando nalgúns casos a xustificaren as actitudes discriminatorias e vexatorias da lingua do poder. Neste sentido C. Blanco (1995: 26) expresa a súa incompreensión perante as mulleres «cultas, progresistas ou de esquerda avanzada, que, como é lóxico, deberían asumir toda perspectiva liberadora e máis aínda unha que as implica tan directamente» e aínda así manifestan unha actitude abertamente anti-feminista. Do mesmo xeito resulta tamén difícil de entender que existan falantes de linguas minorizadas, vítimas dun contexto de evidente conflito lingüístico, que manteñan unha postura contraria á conservación da diversidade lingüística. Discriminación lingüística e sexista

camiñan da man e comparten un mesmo opresor: o poder, focalizado quer nas linguas maioritarias, quer no patriarcado.

Do mesmo xeito que C. Blanco afirma non comprender ás mulleres que formando parte da *esquerda avanzada* non adoptan un compromiso firme coa causa feminista, isto é, a causa de seu, desde a lingüística comprometida tamén resulta sorprendente que un especialista como S. S. Mufwene que é ademais un dos últimos elos dunha lingua minorizada africana¹⁵, non só non manteña unha actitude belixerante contra a morte das linguas, senón que mesmo xustifique o ascenso do inglés como síntoma de modernidade. O lingüista congolés, resituado no epicentro do imperialismo —lingüístico e económico— como profesor da Universidade de Chicago, sostén que (2008: 208):

This Chapter is not an indictment of please and efforts by some linguists to revitalize the endangered languages, ironically more in the interest of linguistics rather than speakers, so that we may not lose data that can inform us on language universals and typological diversity. I simply wish to shed more light on the phenomena, so that we may know what linguistics can and cannot do, and why in many cases we must be satisfied with documenting the moribund languages, because there is no way we can (help) revitalize them, as even political institutions cannot control the factors that have weakened their vitality.

O autor mófase do argumento sostido pola lingüística comprometida para procurar a conservación da diversidade lingüística manifestando que o individuo que pretende este fin está máis preocupado polas linguas que a súa propia comunidade de falantes, deslexitimando gratuitamente os intereses de quen lamenta a morte das linguas por considerar que esta reducirá notabelmente o obxecto de estudo da lingüística así como coadxuvará á expansión do pensamento único. Consolármonos simplemente documentando linguas moribundas, tal e como sinala S. S. Mufwene (2008), non semella ser a postura máis ética, razoábel ou produtiva, senón todo o contrario, implica aceptarmos a situación sen achegarmos ningunha solución efectiva.

¹⁵ O mbanja, lingua da familia nixer-congoleña cuxo numero de falantes apenas superaba no ano 2000 na República Democrática do Congo as 350.000, de acordo coa última edición do *Ethnologue* (M. P. Lewis, ed., 2009¹⁶).

Do mesmo xeito que S. S. Mufwene nega os argumentos das visións contrarias á morte das linguas, desde ese sector pode tamén cuestionarse a veracidade das súas afirmacións. O autor sostén que (2008: 227):

Globalization need not be associated with uniformity either, as many of the diffusions associated with globalization acquire local characters and therefore reflect some cultural hybridization [...]. The McDonald menu es partly adapted to the local diet, in the same way as Chinese cuisine in restourans is produced differently in different parts of the world [...]. Like Chinese restaurants, McDonald eateries also serve their customers in the local language and adapt their menus to the local demands [...].

Afirmar que a globalización non ten que estar necesariamente asociada coa homoxeneización —a calquera nivel— é unha *contradictio in terminis*, alén dunha falacia. Sostemos que é unha contradición porque un dos principios do movemento da globalización ou mundialización é precisamente o exterminio da diferenza, quer lingüística, quer cultural, política ou económica, por medio da imposición dos seus propios principios fundacionais. No caso concreto que sinala da cadea de establecementos de comida rápida difundida por toda a parte —e que constituíu un dos símbolos do propio proceso da mundialización—, S. S. Mufwene salienta o carácter respectuoso da compañía coa gastronomía e a lingua propia —*local*, segundo o autor— do lugar en que se asenta cada establecemento. No entanto, non temos máis que nos achegar a calquera das moitas terminais que esta multinacional posúe nestas latitudes para comprobar a completa ausencia do galego así como o máis que dubidoso respecto pola nosa gastronomía, posto que a mesma hamburguesa que podemos pedir en Compostela está dispoñíbel en Florencia ou Nova York. Ademais, contrariamente ao respecto lingüístico salientado por S. S. Mufwene, cómpre sinalar que pouco tempo despois de inaugurar un novo establecemento desta cadea nunha cidade galega transcendeu aos medios de comunicación o feito de as empregadas negaren a atención a un cliente por se dirixir este en galego ao facer o seu pedido, alegando o descoñecemento da lingua propia do lugar onde se asenta o devandito establecemento. Alén de que todos os menús están escritos unicamente en español.

Na opinión do autor (2008: 217-218) a lingüística —cómpre especificarmos as palabras de S. S. Mufwene: só o sector comprometido desta ciencia— si soubo identificar a existencia do fenómeno da morte das linguas, porén aínda hoxe non foi quen de desarticular os diversos motivos que a causan ou os responsábeis de a permitiren. En vista de que desde o sector das persoas

proclives á diminución da diversidade lingüística sosteñen que esta ciencia non sinalou correctamente as motivacións do proceso da morte das linguas, convén mostrar brevemente as causas reais así como en quen recae a responsabilidade directa para asentarmos e afianzarmos firmemente os novos coñecementos en argumentos e ideas básicas claras, xa que o descoñecemento delas non pode ser esgrimido como defensa nestes sectores.

1.4.2.2 Revisión das causas da morte de linguas

A diversidade neste eido abrolla desde o primeiro momento, xa que, como vimos, son diversos os termos empregados para nos referir a este fenómeno: morte dunha lingua, suicidio inducido, lingüicidio / asasinato dunha lingua ou substitución lingüística, entre outros. A gran disparidade terminolóxica está directamente vinculada coas distintas percepcións da natureza do fenómeno da morte de linguas, entendido de xeito diferente por cada especialista que se aproximou até el. O certo é que a morte das linguas non é un proceso que comezase nas últimas décadas como consecuencia directa do desenvolvemento da denominada mundialización. Tampouco non xurdiu no século XIX co paso do Antigo Réxime á sociedade do capital, nin tampouco entre os séculos I a. C. e V d. C. coa expansión do Imperio Romano, que foi sementando o latín en cada novo territorio conquistado como se dunha planta se tratar, ao tempo que exterminaba a lingua propia do lugar. Certamente a desaparición das linguas constitúe un proceso case tan antigo como a propia facultade da linguaxe, porén son diversas as causas que a propician así como as características que a definen. O máis importante neste momento é salientar que unha lingua pode desaparecer por motivos diversos, non sendo todos eles pertinentes para o enfoque que esta investigación pretende, en tanto que algúns non son representativos deste fenómeno tal e como aquí se emprega, isto é, como o resultado dun contexto de substitución lingüística. Deste xeito, analizaremos o proceso, para ver o(s) porqué(s) desta afirmación, presentando primeiramente dous supostos que evidenciarán as diferenzas fundamentais entre as dúas causas principais da morte de linguas.

1.4.2.2.1 Desaparición natural dunha lingua: os casos das provincias de Saundum (Nova Guinea - Papúa) e Nariño (Colombia)

Suposto primeiro: pensemos por un momento nunha pequena illa que contase cunha poboación reducida, por exemplo, dun milleiro de habitantes. Todas as persoas desta illa serían falantes dunha única lingua aínda sen catalogar, por mor das súas características definatorias particulares que a configuran como o único membro da súa descoñecida familia lingüística. Debido ao seu illamento físico e social esta comunidade lingüística atópase, socio-economicamente falando, nun estadio *primitivo*: coñece a escrita mais o seu xeito de vida lembraríanos os costumes propios do medievo europeo. Por unha desafortunada casualidade xeolóxica, o epicentro dun maremoto de alta intensidade localizouse preto da illa anegándoa por completo e ocasionando o falecemento de quen nela habitaba. Esta catástrofe natural supuxo en primeiro termo a morte das persoas da comunidade o que, en segundo lugar, ocasionou a desaparición da súa lingua e, por tanto, tamén dun xeito único de nos aproximar ao mundo, ademais de parte fundamental do noso obxecto de estudo por ter esta lingua uns patróns estruturais até o momento descoñecidos e que xamais poderán ser recuperados debido a que desapareceu antes de ser analizada e estudada.

Este suposto, *mutatis mutandis*, reproduce o acontecido en máis dunha ocasión como xa comentabamos previamente. Concretamente, en 1998 un maremoto, que provocou ondas de até dez metros de altura, causou a morte de 3.200 persoas na provincia de Saundum, en Nova Guinea - Papúa. O repentino asolagamento de gran parte da rexión motivou a morte de comunidades enteiras, o que determinou tamén a extinción de varias das súas linguas, por non seren faladas en ningún outro lugar do mundo. Deste xeito abrupto, formas únicas de interpretarmos a realidade desapareceron da planeta para sempre. Anteriormente, en 1979, outro forte maremoto ocasionara a desaparición de seis vilas mariñeiras da provincia de Nariño, en Colombia. As ondas do mar levaron consigo a vida das persoas e máis as súas linguas.

1.4.2.2.2 Desaparición motivada dunha lingua: o caso do haitiano

Suposto segundo: pensemos agora nesta mesma illa cunha poboación arredor do milleiro de habitantes sendo todas as persoas falantes dunha mesma lingua de características novidasas, pola súa singularidade, que a consolidan como único membro da súa familia lingüística. Un día un buque da Armada dun estado occidental recalou na illa co propósito de reparar unha avaría, cando deron en descubrir, por casualidade, que aquel pequeno anaco de terra era rico en petróleo. No mesmo intre en que as autoridades do goberno foron informadas apresuráronse a coaccionar @s habitantes para llela mercar, aproveitándose do seu descoñecemento, e así poder explotar os recursos desta. Durante os anos da explotación petrolífera moitas persoas foron enviadas á illa para se encargaren de dirixir o traballo e máis da construción dunha civilización idéntica á da metrópole. Ao expropiaren a terra para a extracción do petróleo as persoas nativas ficaron sen o espazo preciso para se auto-abastecerem, polo que se viron obrigadas a se empregaren nas empresas petrolíferas para acadaren un salario, irrisorio, e accederen ás mercadorías que viñan da metrópole. Do mesmo xeito que o petróleo marchaba nas adegas dos barcos, a lingua propia esvaíase entre a poboación, que tan só en tres xeracións pasou a pensar na lingua do imperio, dado que a nova sociedade en que a illa se transformara xa non se construía na súa lingua propia, senón na da metrópole, lingua que todas as persoas querían falar para acceder a un posto de traballo nas empresas petroleiras, lingua que lle aprendían ás crianzas no ensino, lingua que empregaba a minoría cuantitativa que ostentaba o poder na illa. Na actualidade, non só a lingua morreu senón tamén a illa enteira, mais non por mor dun maremoto, senón polos intereses do sistema capitalista.

Mais unha vez, a realidade supera o que podería ser un relato de ficción, xa que o exemplo de Haití acóplase, *mutatis mutandis*, ao esquema presentado no segundo suposto. Do mesmo xeito que o resto de países americanos, Haití padeceu as consecuencias propias da colonización europea máis agresiva. Neste caso concreto, foi Francia quen nos séculos XVII e XVIII ocupou e explotou colonialmente este territorio. A metrópole encargouse de levar gran cantidade de poboación subsahariana escrava para traballar arreo na colonia en beneficio non de Haití nin do colectivo escravizado, senón dos intereses franceses.

Esta sobre-explotación ocasionou o progresivo empobrecemento do país. Logo de acadar a independencia no século XIX, Haití ficou nun estado paupérrimo, sendo hoxe o país coa menor renda per capita de América incluído, ademais, na listaxe de países máis endebedados do mundo, o

que fai que máis do 80% da súa poboación viva por debaixo do albor da pobreza. Logo de esgotar os recursos da terra, a metrópole desenténdese da colonia que fica, como no exemplo desenvolvido no segundo suposto, abandonada á súa sorte. Todo isto previamente ao terremoto de 2010, que ocasionou un maior afundimento do país. Lingüisticamente, por mor da imposición da lingua da metrópole e máis pola chegada de innúmeras persoas africanas como escravas, xurdiu un crioulo, un híbrido de base francesa que se denomina haitiano, que veu a substituír a lingua propia do territorio previa á colonización. Esta lingua, maioritaria numericamente, sobrevive nun contexto de conflito lingüístico asoballada polo francés, que aínda hoxe se sitúa como a lingua do poder.

Presentados os supostos, coidamos que resulta evidente que cada un deles está a se referir a realidades completamente diversas. É certo que o fin último que ambas as dúas provocan é o mesmo: a desaparición dunha lingua, mais as causas¹⁶ difiren tanto que non fan posíbel falarmos dunha mesma noción ou concepto. O primeiro suposto refírese á desaparición natural dunha lingua motivada pola morte do colectivo de falantes, quer por unha catástrofe natural —como no suposto primeiro— ou pandemia, quer polo xenocidio deste. A morte dunha lingua causada pola desaparición natural das persoas que a falen non constituirá, como xa vimos, parte desta investigación por non responder ás motivacións que procuramos.

Estes casos, que son afortunadamente os menos, non resultan definatorios do concepto de morte de linguas que propoñemos, non resultan representativos do concepto de morte de linguas consistente na substitución dunha lingua por outra, sen procurar o exterminio de persoas senón da identidade lingüística, persoal e social, isto é, trátase de minar a integridade dos individuos e

¹⁶ Cadro 7: *Causas da morte das linguas*

Desaparición natural (suposto primeiro)		Desaparición motivada (suposto segundo)	
Morte do conxunto de falantes		Lingüicidio / xenocidio lingüístico	Invisibilización da lingua, dialectalización (terceira causa sinalada por T. Skutnabb-Kangas, 2000: 312)
Catástrofe natural e pandemias	Xenocidio	Perda de falantes	Perda de funcións

rematar coa súa forma particular e única de entenderen o mundo que vén determinada pola lingua, de acordo coa hipótese de relatividade lingüística ou de Sapir-Whorf.

1.4.2.2.3 A cosmovisión e a hipótese de relatividade lingüística

O segundo suposto recollido no subapartado previo, centrado no caso concreto da desaparición motivada das linguas, presenta un contexto de lingüicidio que si constitúe un caso paradigmático deste traballo, dado que a lingua en cuestión non desaparece por unha causa natural externa á vontade humana, senón polos intereses económicos concretos dun estado opresor. O lingüicidio ou substitución lingüística constitúe unha das formas de exterminio máis crueis, xa que cando un individuo se ve na obriga de renunciar á súa propia lingua non deixa de lado simplemente o seu medio de comunicación, senón que está a rexeitar a súa cosmovisión e máis un sinal de identidade fundamental, supón un proceso de re-adaptación cultural que implica necesariamente marxinación social e máis aculturación, por moito que M. Sahlins (*apud* M. A. Fernández, 2004: 93) saliente que «el cambio cultural inducido desde el exterior se viene produciendo desde hace milenios, y [...] ello no implica en modo alguno una aculturación». Chegamos, deste xeito, á segunda causa da morte de linguas desta taxonomía: a desaparición motivada ou, noutras palabras, o lingüicidio. Este tipo de procesos, alén de implicar un cambio de código por outro, supón a perda irrecuperábel para a comunidade de falantes dunha parte fundamental da súa identidade, do seu ser como membros da comunidade lingüística asoballada pola lingua dominante no proceso de substitución lingüística. De acordo con J. F. Mira (*apud* A. Bastardas & E. Boix, 1994: 12):

La lengua permite mantener o recrear un sentimiento de *autenticidad*, puesto que es un símbolo diferenciador compartido con las antiguas generaciones del mismo grupo nacional, aunque el contexto histórico de todas estas generaciones haya ido cambiando. Podemos decir pues que *hablar X ha correspondido a ser X, a continuar siendo X* para muchos de estos grupos nacionales.

Porque as linguas, lonxe de ser só ferramentas para nos comunicarmos, constitúen elementos básicos para desenvolvermos cuestións fundamentais para os individuos, como a interpretación da realidade ou a construción da propia identidade. De acordo con T. Moure (2011: 73-75), con frecuencia os materiais didácticos que estudamos definen a linguaxe unicamente como un instrumento comunicativo, o que alén de simplificar a realidade implica centrarse na súa dimensión máis inocua. Segundo esta autora, en lingüística empréganse, cando menos, tres interpretacións distintas sobre a linguaxe, que susticintan un debate interno escurecido pola definición

reducionista máis estendida. Así a linguaxe humana é interpretada como un instrumento para a comunicación, máis tamén como un sistema de representación da realidade ou como un mecanismo de poder.

Neste momento do traballo centrarémonos na interpretación da linguaxe como un sistema de representación do mundo ou de construción da realidade, o que implica aceptar que a linguaxe existe con independencia do medio social en que se desenvolve. A hipótese de relatividade lingüística resultou ser completamente transgresora ao contravir a opinión tradicional sobre a relación existente entre a linguaxe e a realidade: a idea transmitida até ese momento supeditaba a linguaxe á realidade, de tal xeito que no caso do pobo inuit se atribuíu o feito de posuír diversos termos para denominar a neve a morar en zonas extraordinariamente frías. A formulación desta hipótese modificou notabelmente a realidade: é a linguaxe quen constrúe a realidade. Deste xeito, o conxunto de falantes dunha lingua asume, cando a adquire, cuestións implícitas de xeito completamente inconsciente, que conforman a cosmovisión propia e innata en cada unha das linguas do mundo. Así por exemplo, as persoas que teñan o galego como lingua propia terán unha concepción do tempo distinta daquelas outras que falen linguas que non interpreten o tempo en sentido lineal —pasado, presente e futuro— tal e como fan as linguas románicas. Ou, por exemplo, en latín distinguíase entre irmán da nai —*avuncŭlus*— e irmán do pai —*patrŭus*—, así como entre irmá da nai —*matertĕra*— e irmá do pai —*amĭta*—, a diferenza do galego, que só posúe a parella tío/tía, o que motiva que unha mesma realidade sexa interpretada de xeito diferente mesmo en dúas linguas tan próximas; dado que para unha persoa falante de latín constitúen catro realidades diferentes, entremetres para unha persoa falante de galego a oposición consta unicamente de dous termos. T. Moure (2011: 81-82) presenta o caso da interpretación particular que cada lingua elabora das cores, polo que constitúe un exemplo paradigmático do feito de seren as linguas sistemas de representación da realidade, tal e como enunciaba a hipótese de relatividade lingüística:

Por suposto na nosa comunidade cultural existen termos para expresar matices de verde, como *verdegaio* ou *verdello*, ademais da posibilidade, bastante aberta en galego, de irmos procurando un matiz concreto modificando o termo verde co nome dalgún obxecto cun verde típico: igual que verde pistacho ou verde botella, poderíamos falar de verde prado, verde esmeralda, verde oliva, verde musgo, verde lagarto, etc. Mais, dalgunha maneira, a experiencia persoal da cor foi adquirida, para as persoas sen instrución artística específica, na escola, e alí os verdes ficaron encaixados en «claro» e «escuro», os dous matices das pinturas escolares. Se imos ao azul, temos o mesmo efecto. A caixa de pinturas inventariaba dúas variedades: un azul que chamabamos «claro» e que usabamos para pintar o ceo de día, e un azul chamado «escuro», que usabamos para pintar o ceo de noite. Aí está a

cerna do asunto: as nosas retinas apreciaban claramente a diferenza entre o *verde pistacho* e o *verde botella*, ou entre o *azul-ceo-de-día* e o *azul-ceo-de-noite* mais, como a lingua que falamos nos obriga a categorizalas cunha mesma etiqueta —nun caso *verde*, noutro *azul*—, acabamos tratando o distinto como se fose o mesmo. As distincións que unha lingua practica imprímense na mente do falantes, de xeito que estes xa non perciben a realidade directamente, senón traballada, manipulada pola lente da súa lingua. En galés, por exemplo, non opera a nosa distinción léxica entre *verde* e *azul*. Iso non significará que os ollos dos galeses non rexistren a diferenza, senón que a súa categorización da realidade, que aprenden e reproducen coa lingua que usan, non considera esa distinción importante: interpretan o noso verde e noso azul como matices dentro dunha gama de cor, como variantes dunha mesma invariante, tal e como facemos nós cos dous verdes ou os dous azuis da nosa caixa.

Con todo, cómpre salientar que hoxe en día correntes da lingüística máis comprometidas coa diversidade e a conservación das linguas, como a ecolingüística, empregan unha interpretación máis laxa da hipótese. Esta versión máis relaxada da hipótese conxuga a linguaxe como mecanismo de representación da realidade con outros, como o conxunto de crenzas propias de cada tradición cultural, alén das restricións que imprime falarmos unha lingua concreta e non outra.

A forza das linguas como construtoras de xeitos de interpretación da realidade é tan forte, que mesmo actúan como transmisoras de ideas que cada pobo aglutinou co paso do tempo impoñéndoas nas persoas por medio da adquisición da variante padrón de cada lingua. T. Moure (2005a: 101-102) o exemplifica co uso de *puta* ou *maricón* como insultos. Nun momento histórico dominando por unha ideoloxía conservadora outórgaselles a estes termos unha connotación negativa por parte do patriarcado, que é asumida polas persoas que adquiren esa lingua como propia. Na seguinte etapa da evolución, ambos os dous termos desemantízanse, polo que perden a súa alusión a prácticas sexuais e adquiren un uso baleiro que mesmo adquire, segundo o colectivo de utentes, un matiz apreciativo. Con todo, os mecanismos da linguaxe son tan potentes, que as persoas non son conscientes de que cando cualifican un amigo como *maricón* ou unha amiga como *puta* sen achegarlle a connotación negativa o que pretenden é precisamente o contrario, isto é, afirmaren que non o son; porén o efecto final deste uso que nace a maior parte das veces como brincadeira consiste en sinalar que a inclusión en calquera destes dous colectivos si sería negativo. Por este motivo, cómpre matinar nos no uso que cada unha das persoas facemos individualmente da nosa lingua para deste xeito desterrar termos que transmiten unha imaxe que maioritariamente non se corresponde connosco, procurando desta maneira mudar o mundo coa palabra. É por cuestións como esta que a ecolingüística manifesta acaidamente que as linguas non son inocentes, senón que transmiten valores moi determinados e en moitas ocasións completamente trasnoitados.

No entanto, o certo é que desde esta investigación non acreditamos nas interpretacións da linguaxe máis deterministas, isto é, as linguas condicionan a nosa representación da realidade; mais non estamos completamente determinados, senón que os seres humanos contamos coa ferramenta ideolóxica máis potente a este respecto: o espírito crítico, que nos outorga a posibilidade de reaccionarmos, por exemplo, perante o sexismo que o patriarcado inoculou na linguaxe —tal e como comprobaremos no capítulo segundo. É precisamente esta actitude crítica a que reclamamos para o desenvolvemento dos dereitos lingüísticos colectivos que propoñemos na hipótese da linguo-diversidade, en tanto que só, de acordo con T. Moure (2011: 100), «só aquelas persoas que eduquen a súa sensibilidade e orienten a súa potencialidade crítica poderán saír da condena inicial que supón incorporarse a un produto colectivo».

Presentada pois a hipótese de relatividade lingüística, fica demostrado que debería ser aceptada polo seu posíbel valor para clamar contra a morte das linguas. Segundo esta teoría, cada unha das linguas implica unha cosmovisión diferente e única, polo que, tal e como sinalabamos, o actual proceso de diminución da diversidade lingüística ocasiona, neste sentido, a desaparición doutros tantos xeitos de interpretarmos o mundo, tamén diferentes, tamén únicos. Alén de que, tal e como sinalou a ecolingüística, o feito de perder distintas cosmovisións non só afecta ao conxunto de falantes das linguas minorizadas xa desaparecidas, senón que ao se perderen ideas ausentes noutros xeitos de interpretarmos o mundo, os afectados somos todos os seres humanos.

1.4.2.2.4 Identidade lingüística e nacional

De acordo con J. G. von Herder, as linguas manifestan a identidade de cada sociedade e constitúen tamén obxectos políticos. Trátase de elementos construtores de identidades de distinta natureza, que contribúen á creación dun sentimento de pertenza a un grupo con que se comparten trazos definitorios a diferente nivel: xeográficos, étnicos, económicos ou de xénero, entre outros moitos.

Tradicionalmente as linguas foron concebidas como elementos de cohesión social e se empregaron como reforzo na construción das nacións. O desenvolvemento dos estados occidentais contribuíu notabelmente á expansión desta idea, porque aplicando a terna característica do pensamento de G. J. von Herder, construíuse Europa de acordo co modelo: un estado - unha nación

- unha lingua; obviando a diversidade, tanto a nivel lingüístico como social, pre-existente aos novos estados.

Tal e como vimos de ver, as linguas son elementos básicos de cohesión social, tanto que rapidamente se estableceron —falaces— binomios como, por exemplo: Francia-francés, Italia-italiano ou Polonia-polaco. Con todo, a creación de novos estados non sempre vén determinada por unha lingua, senón que o criterio lingüístico con valor diferencial só foi considerado en certos contextos como o europeo. No entanto, tal criterio non foi tido en conta á hora de estruturar o continente africano na etapa pos-colonial, por exemplo, senón que moitas tribos con linguas dispares foron agrupadas nun mesmo estado —por moito que fosen comunidades historicamente confrontadas. Deste xeito unha lingua, tradicionalmente a da metrópole, convertíase en superestrutural. Neste caso, pois, non existía un sentimento colectivo nacionalista que reclamase o seu dereito á autodeterminación previamente ao xurdimento do novo estado, senón que do mesmo xeito que se creou o estado, tamén se creou unha nación *ad hoc*. Facemos estas aclaracións para marcarmos que os novos estados están loxicamente atravesados por innúmeros conflitos internos, xa que foron deseñados polas administracións europeas no interior dos seus gabinetes, aplicando criterios que nunca aceptarían usar nos seus estados de Occidente. Neste caso, os argumentos que determinan o xurdimento de nacións en Europa —como a importancia de compartir unha lingua, unha mesma cultura ou tradición, entre outros moitos— deixaron de ser considerados, pois no continente africano había linguas e culturas de máis, que dificultaban a aplicación destes criterios e contraviñan os intereses do sistema.

Á vista dos datos, semella que o criterio lingüístico non abonda por si propio para a construción dos estados-nación, dado que na actualidade existen só arredor de dous centos que gozan do recoñecemento de autonomía e independencia, no entanto dos máis de seis milleiros que terían que existir para poder aplicarmos o modelo unha lingua - unha nación - un estado. A cuestión é que en moitas ocasións, as persoas que habitan nestas latitudes semellan anquilosadas na perspectiva eurocéntrica ao interpretar o mundo como se só estivese constituído por grandes estados-nación que posúen unha única lingua que presentan como emblema estatal, esquecendo con demasiada facilidade que esta correlación biunívoca non é en absoluto representativa da situación lingüística xeral. As persoas especialistas neste eido salientan que as linguas son un elemento fundamental para a creación dos estados. Con todo, non é o único, senón que estamos a referirnos a un proceso que responde á suma de varios factores. Pola contra, o paradigma actual reproduce

maioritariamente a combinación establecida universalmente entre lingua, poder e sociedade. Xa que segundo R. Vilar Ponte (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 65-66]):

Tendo en conta que nacionalizar un pobo é crear nel unha conciencia colectiva; é facelo decatarse de todo o que é seu en exclusiva e a el pertence dun xeito singular e único, que o fai diferenciar de todos os demais, dandolle personalidade inconfundíbel, converténdoo en algo que destaca polas súas características propias dentro da xuntanza das nacionalidades que integran o mundo; tendo en conta, asemade, que a nacionalización dun pobo é unha tarefa que desde os seus comezos vai directamente encamiñada a facer que os cidadáns dese se decaten de que entre eles existen vínculos raciais, lingüísticos, mesolóxicos, de ambicións comúns e de esperanzas e de aspiracións que a todos afectan por igual; e como resulta que entre todos eses vínculos destaca, pola súa maior eficiencia e polo seu meirande valor acoutador e diferencial, o idioma, expresión tanxíbel do que hai de máis ergueito, de máis supremo na vida dun home como na dunha colectividade, de aí dedúcese que a pretensión de prescindir do idioma nun labor nacionalizador daría como resultado —xa deixando á parte o supremo argumento do imperativo das leis naturais— un esforzo estéril de erguemento que, ao fin e ao remate, ficaría reducido ao máis tristeiro dos fracasos, posto que esa materialidade sen a entraña, sen a medula que lle dá vida —e esta medula, esta entraña acabamos de ver que é o espírito nacional que radica no idioma— sería algo semellante a un corpo inerte, inaxeitado para moverse por si mesmo e, por conseguinte, imposibilitado para facer ningún labor positivo e fecundo, como non fose o de estorbar a marcha progresiva doutros pobos, estorbo que sería o mellor xustificante para a absorción que algún deles forzosamente tería que emprender, e cuxa absorción non é nin máis nin menos que a escravitude que todos condenan e detestan.

En efecto, tal e como sinala o mestre R. Vilar Ponte, as persoas que carecen da identidade nacional que a lingua non só constrúe, senón que tamén transmite a quen a emprega, convértense, en palabras do autor, en corpos inertes. A defensa que na actualidade se fai do plurilingüismo como ferramenta de promoción das linguas dominantes en detrimento das minorizadas nos seus propios territorios, fundaméntase nun principio falso: o suposto de seren todas as linguas iguais para a representarmos a realidade; ou o que é o mesmo, a negación da hipótese de relatividade lingüística. Ao mesmo tempo que o sistema procura a divulgación da idea —tamén falsa— de non seren as linguas sinais básicos de identidade, tal e como G. Sanmartín Rei (2009a: 55) salienta:

[...] baixo esa aparente capa de democracia de ducias de linguas a conviviren sen problemas (ulas?), vanse introducindo dúbidas a respecto de ser a lingua o noso principal sinal de identidade, o que nos fai sermos galeg@s, o que nos constrúe como diferentes.

Ao negar que as linguas sexan construtoras de identidades nacionais, estase a manipular a realidade co único propósito de a acomodar aos seus propios intereses económicos. Supón este proceder un mecanismo ao servizo do poder para ocultar as consecuencias dos procesos de substitución lingüística, que tal e como xa comprobamos, lonxe de constituír o simple cambio dun código comunicativo por outro, ocasionan a perda da identidade colectiva e nacional.

No entanto, en moitas ocasións gran número de falantes rexeitan transmitiren a súa propia identidade colectiva asumindo o emprego dunha lingua foránea en detrimento da lingua propia que maioritariamente coincide en ser a minorizada nun proceso de substitución lingüística, inoculando deste xeito na súa descendencia unha identidade allea á propia, ou, en termos de J. G. von Herder, un *volksgeist* —ou espírito do pobo— distinto. Desta maneira, cando unha persoa se desprende da súa lingua tamén abandona a súa identidade nacional ao tempo que favorece a propia absorción na nación opresora; as linguas constitúen instrumentos básicos de cohesión social, por seren ferramentas fundamentais que nos constrúen como colectivos.

A importancia das linguas como elemento de cohesión social e máis como construtoras da identidade colectiva resulta unha cuestión innegábel; algo que perciben moi ben as persoas que residen fóra do seu territorio orixinal —quer por movementos migratorios, quer por diásporas— e procuran en moitos casos establecer unha comunidade satélite cinguida polo emprego da lingua que as une. Non temos máis que pensar no caso galego: a nosa nación caracterízase desde antigo pola dispersión da poboación en afastados territorios a causa da precaria situación económica consecuencia das explotación por parte das potencias estranxeiras. Deste xeito, alí onde xorde unha comunidade cuantitativamente importante de persoas galegas, fúndase unha asociación en que a lingua propia é a protagonista, mesmo no caso de persoas falaban habitualmente español previamente ao seu desprazamento. Pensemos nos centros galegos de Alemaña, Arxentina, Suiza ou do Estado español, entre outros moitos, que coinciden en sinalaren a importancia da lingua para a conservación da identidade nacional lonxe do seu territorio historicamente definido.

Por este motivo, nesta investigación salientamos a necesidade de entendermos as linguas como construtoras de identidades colectivas, entre elas a nacional. Cómpre detérmonos neste feito, debido a que con gran frecuencia acusouse —e acúsase— o uso que o nacionalismo galego fai da lingua propia de politización, desenvolvendo un novo mito —tamén falso— sobre a lingua galega. Mais esta falacia fundaméntase nun piar verdadeiro, xa que efectivamente foi o nacionalismo

galego quen historicamente loitou —e loita— pola re-dignificación da lingua minorizada na nosa nación. Un feito que o poder pretende desprezar tinguindo o uso que o nacionalismo fai da lingua de *politizado* —como se iso for en esencia negativo. Con todo, completamente de acordo con M. P. García Negro (2010a: 183), a politización de que se acusa o galego ten unha sinxela solución:

¿Queren a solución para que o galego público se deixe de asociar a militantes nacionalistas, profesores de “gallego” ou activistas da Mesa? Practíqueno, esténdano, fagan propaganda del, asúmano como seu (seu, de vostés todos), reclámenlo como propio, adónense del como galegos sen marca política ningunha... ¡Santo remedio! ¡Problema solucionado! Mais, entramentras non se animan a exercicio tan saudábel, deixen de endosaren o problema e a doenza a quen quer propositadamente resolvelo e curala, respectivamente, porque é un verdadeiro fartádego aturar que se dea a volta ás cousas de forma tan contraria ás evidencias e á verdade dos feitos.

Doutra banda, aceptando, pese a todo, que a lingua non sexa o único factor que intervén na conformación da identidade nacional dun pobo, o certo é que nun contexto como o galego, resulta difícil de máis acreditarmos nun movemento social que reivindique a nación galega empregando a lingua opresora no conflito lingüístico, isto é, o español. Deste xeito, desde esta investigación procuramos a unión indisolúbel entre nación, lingua propia e identidade colectiva, como recoñecemento dunha tríade manifestamente defensora da diversidade a todos os niveis e, por tanto, tamén do lingüístico.

1.4.2.3 S. S. Mufwene e o argumento da creación de novas linguas

S. S. Mufwene é un lingüista que, como xa vimos, sitúase dentro das visións contrarias á conservación da linguo-diversidade. Segundo o autor (2008: 218), o proceso de morte das linguas non resulta tan prexudicial porque o relaciona co xurdimento doutras novas. Porén, de ser este argumento certo, cantas linguas nacen por cada unha que morre? Rexenérase a diversidade lingüística á velocidade necesaria para suplir as baixas? E, aínda que así for, sería ético aceptar a morte das linguas sen motivación natural polo feito de apareceren outras novas? A realidade é que este argumento agocha na súa formulación certo embuste, xa que, retomando deste xeito a comparación coa biodiversidade, sería posíbel afirmar que nada acontece pola desaparición do oso polar xa que unha nova especie de ra foi descuberta en Oceanía? Como é obvio, a perda dunha especie animal, vexetal ou dunha lingua sempre é prexudicial e nociva para o ecosistema, sen

importar se xorden ou non outras novas que as substituíren, xa que ningunha vén a ocupar o oco da xa desaparecida. Velaí a falacia desta consideración.

Doutra banda, de observarmos os datos que posuímos sobre a desaparición e xurdimento de linguas apreciaremos que estes manifestan ser deficitarios; isto é, en contra da opinión deste autor, as linguas novas non suplen tampouco numericamente as desaparecidas cada ano como resultado dos procesos de substitución lingüística. Unhas das fontes de datos máis completas e fiábeis de que dispoñemos na actualidade é, como xa comentabamos, o *Ethnologue*, ambicioso proxecto de catalogación lingüística con máis de medio século de historia. De cotexarmos tan só as tres últimas edicións desta obra, isto é, B. F. Grimes, ed. (2000¹⁴), R. G. Gordon, Jr., ed. (2005¹⁵) e M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶), poderemos tirar algunhas conclusións sobre os datos nelas recollidos. Vexamos, primeiramente, a seguinte táboa comparativa do *Ethnologue*¹⁷:

Cadro 8: *As linguas do mundo segundo o Ethnologue*

<i>Ethnologue</i>	Linguas vivas	Linguas case extintas	Variación con respecto á edición anterior
Grimes 2000¹⁴	6809	417	—
Gordon 2005¹⁵	6912	516	103 linguas máis: a maior parte consideradas dialectos en Grimes
Lewis 2009¹⁶	6909	457	· 163 linguas máis: 80 antes consideradas dialectos e 83 novas · 166 linguas menos: 75 fusionáronse con outras e 91 linguas mortas (sen falantes)

Desenvolvamos os datos:

1. Na edición de B. F. Grimes, ed. (2000¹⁴) contabilízanse 6809 linguas vivas. Delas, 417, máis do seis por cento, catalóganse como linguas case extintas. Segundo o *Ethnologue* podemos definir unha lingua como case extinta «cando o número de falantes é inferior a

¹⁷ No subapartado 1.3.2 presentamos xa unha aproximación a este proxecto, obra de referencia no eido da catalogación da linguo-diversidade.

cincuenta ou cando o número de falantes constitúe unha fracción moi pequena do grupo étnico».

2. Na edición de R. G. Gordon, Jr., ed. (2005¹⁵) o número de linguas aumentou en 103 chegando así as 6912, máis o editor recoñece na introdución que a maior parte destas 103 linguas non son linguas que xurdisen desde a publicación da edición previa, senón que xa aparecían antes mais como dialectos doutras linguas. Se agora pasan a constituír unha entrada propia é por as consideraren independentes daquelas. Vemos ademais que o número de linguas case extintas aumenta practicamente en cen, até chegar as 516.

3. Na última edición, M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶), os datos veñen acompañados dunha maior explicación sociolingüística polo que a análise resulta máis completa. O número total de linguas vivas recollidas é de 6909, tres menos que na edición anterior. Este número é o resultado de engadir 163 linguas, 80 destas eran consideradas anteriormente dialectos e 83 linguas non recollidas nas edicións previas; e suprimir 166 linguas, 75 delas por se fusionaren con outras —debido a que tras as novas investigacións dúas linguas consideradas por separado pasan a ser interpretadas como unha soa, ou unha dialecto da outra— e 91 por se considerar linguas mortas pola ausencia de falantes nelas. Dado que entre 2005 e 2009 non se teñen noticias de casos de desaparición natural de ningunha comunidade lingüística completa, estas 91 linguas mortas constitúen outros tantos exemplos de lingüicidio, consecuencia final dos procesos de substitución lingüística.

No entanto, até que punto son fiábeis os datos tirados do *Ethnologue* para soste a veracidade do argumento de S. S. Mufwene? Isto é, obviamente non estamos a cuestionar as 91 linguas mortas salientadas en M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶), mais os casos de novas linguas, mesmo discriminando aquelas que eran catalogadas como dialectos en edicións previas, non constitúen na súa totalidade exemplos de linguas novas, senón de linguas até entón descoñecidas para o equipo de especialistas do *Ethnologue*, que non é o mesmo. A importancia do matiz radica en que as 83 linguas novas recollidas en M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶) non teñen que corresponder necesariamente con códigos xurdidos da evolución lingüística ou da pidginización, senón que probabelmente se trate —na súa práctica totalidade— de linguas até o momento descoñecidas, porén previamente existentes. Por exemplo: comunidades que posúen unha lingua propia cando antes se pensaba, por simple descoñecemento, que empregan a lingua do pobo dominante no territorio; comunidades

illadas, das que se descoñecía a súa existencia, e que contan cunha lingua até o momento non catalogada; ou comunidades falantes dunha lingua previamente considerada dialecto doutra do mesmo lugar.

Á vista dos datos resulta perigoso considerar a morte das linguas como parte necesaria do proceso de evolución lingüística, así como suavizar os seus efectos relacionándoa co cuestionábel proceso do nacemento de linguas, tal e como S. S. Mufwene (2008: 218-221) sostén. Na mesma liña de interpretación maniféstase tamén M. A. Fernández (2004: 93), quen acolle de xeito notoriamente positivo os argumentos que salientan a creación de novas linguas como unha alternativa ao proceso da morte destas:

Creo que debemos dar la bienvenida a puntos de vista tan saludables, ya que ayudan a ensamblar y sistematizar relatos alternativos al de la extinción, por ejemplo, el de la creación de diversidad nueva, o a ver la diversidad existente allí donde los discursos hegemónicos nos llevan a ver lo unitario (¿cuántas lenguas cabrían dentro del inglés si le aplicásemos los mismos criterios empleados para identificar las lenguas de Nueva Guinea?), o dejar de contemplar las lenguas como entidades separadas, bien delimitadas como si fuesen las teselas de un mosaico.

Continúa afirmando que (2004: 119):

Es cierto que buena parte de la diversidad actual va a extinguirse: los lingüistas, junto con los conservadores de la cultura, deberían planificar qué parte de ella interesa *congelar* para que las generaciones del futuro tengan acceso a una muestra de lo que fue; y ello sin olvidar que la herencia cultural aumenta sin parar: pese a los portentosos avances técnicos, hay serios problemas de almacenamiento [!].

Baixo o noso punto de vista, salientar o xurdimento de linguas novas, amentar problemas de almacenamento cando vivimos na época da expansión da informática e soste a existencia da diversidade dentro das grandes linguas de Occidente, resulta tan perigoso para a conservación das linguas minorizadas como pretender pasar o actual espallamento imperialista do inglés por un acto inocente carente de segundas intencións, tal e como L.-J. Calvet & L. Varela (2000: 55-56) sinalan:

La domination actuelle de l'anglais dans les relations internationales est l'aspect le plus voyant de la mondialisation linguistique. Elle est considérée par certains comme un danger [...], alors que pour d'autres elle est au contraire considérée comme une protection des langues minoritaires. [...] Cette

façon d'aborder le problème a le mérite de désamorcer les peurs, de rappeler que l'anglais n'est jamais qu'une langue véhiculaire qui a peu de chances de remplacer en fonction grégaire ou identitaire le français, le quechua ou le bambara.

No medio da agónica situación que están a atravesar as linguas do mundo en que a loita pola supervivencia das minorizadas non é tanto un momento puntual na súa andaina como un xeito de vida, M. A. Fernández realiza as seguintes afirmacións (2004: 89-90):

El tema de la desaparición de las lenguas ha estado siempre presente en la lingüística, y tampoco es ninguna novedad la utilización de metáforas luctuosas en relación con las variedades lingüísticas que han dejado de ser utilizadas en las prácticas comunicativas cotidianas. Lo que ahora resulta novedoso no es, pues, el tema en sí, sino su tratamiento. Es nuevo [...] el *uso intensivo* de la metáfora de la muerte [...] o de otros tropos que [...] evocan igualmente el tema funerario: lenguas amenazadas, lenguas en peligro, la caída de las lenguas, el crepúsculo de las lenguas [...]. Pero además de esta intensificación en el uso, hay también importantes novedades en el ámbito del discurso. [...] La muerte de las lenguas ya no se ve como algo *natural* que sigue a la vida, sino como un producto de la inconsciencia de los humanos, como una catástrofe que se puede y se debe evitar, del mismo modo que se debe evitar la contaminación ambiental o la reducción de la diversidad biológica; de hecho, en los discursos sobre la muerte de las lenguas se establece frecuentemente una conexión cada vez más directa entre diversidad lingüística y diversidad biológica.

En primeiro lugar, logo da anterior pescuda realizada nas obras de referencia da lingüística, estamos en disposición de negar a premisa de M. A. Fernández: *o tema da desaparición das linguas estivo sempre presente na lingüística*. O silenciamento desta cuestión é notorio á vista dos actuais resultados, e responde a uns intereses claros, tal e como vimos de ver. En segundo lugar, o xeito de mostrar o proceso da morte das linguas como algo *natural* ou normal denota, xa, unha clara toma de posición perante a diminución da linguo-diversidade; isto é, procurar restarlle importancia á desaparición motivada das linguas do mundo supón un claro reforzamento dos moitos procesos de substitución lingüística que están vixentes na actualidade, o que está manifestamente en contra da conservación da diversidade lingüística, en xeral, e da normalización do galego, en particular. A continuación deterémonos na cuestión da denominada terminoloxía da morte.

1.4.2.4 A terminoloxía da morte

Continuando co argumento da presunta normalidade da morte das linguas, M. A. Fernández (2004) incide na cuestión de que non resulta novo o tema na tradición da lingüística, mais si o trato que dela se fai. O autor está a se referir á terminoloxía específica empregada neste eido concreto tanto nas visións contrarias á morte das linguas como nas proclives, xa que por moito que estas últimas pretendan considerar negativamente esta nova *metalinguaxe* —en palabras de S. S. Mufwene (2008: 226)— tamén a empregan, incluído M. A. Fernández. Con todo, como xa comentabamos, cómpre non esquecer que as diferenzas terminolóxicas salientan as distintas concepcións que cada persoa posúe deste fenómeno, ou a intencionalidade que cadaquén pretende aplicarlle, inclinando a balanza cara ao lado das linguas minorizadas ou cara ao lado das dominantes. Deste xeito, de acordo con X. R. Freixeiro Mato (2010: 15-16):

En xeral existe coincidencia entre os investigadores en distinguiren substitución e morte das linguas (Freitas 2008: 42), a primeira entendida como proceso e resultado, e a segunda cando unha lingua se deixa de falar definitivamente; quere dicir, a substitución ou mudanza lingüística prodúcese cando unha lingua desloca outra e a morte cando unha lingua fica sen falantes en ningunha parte do mundo. Porén, Sara Thomason (2001: 223) considera enganoso afirmar que unha lingua está morta cando xa non ten ningún falante e pon como exemplo o latín, que, máis do que morrer, evoluiu e deu orixe aos diferentes romances; para esta autora é máis adecuado afirmar que unha lingua morre cando deixa de ser usada regularmente na comunicación oral dunha comunidade lingüística. Por iso Hagège (2000: 93-94) distingue entre transformación, substitución e morte propiamente dita.

Doutra banda, a terminoloxía da morte baseada na concatenación de metáforas lutuosas, tal e como se chamou, xorde nos primeiros textos que no pasado século comezaron a visibilizar o problema da perda da diversidade lingüística transmitindo a súa preocupación ao respecto, tal e como X. R. Freixeiro Mato (2010: 15) salienta:

O que fica claro é que o abandono ou morte das linguas se produce en contextos de contacto lingüístico en que a convivencia se torna desigual e desequilibrada, até que a máis forte acaba por substituír a máis débil. Para se referir a este fenómeno Uriel Weinrich utilizou [...] o termo *language shift*, que definiu como a mudanza do uso habitual dunha lingua polo uso doutra diferente [...]; e Brenzinger [...] fala de *language displacement* para se referir ao proceso que precede a extinción dunha lingua. Hagège [...] usa a expresión *mort* ou *extinction des langues* para indicar que non fican falantes de nacemento dunha lingua e Crystal [...] acode a *Language Death*.

Son moitos as persoas especialistas neste eido que sinalan a N. C. Dorian como a primeira en empregar o termo *morte de linguas* na súas investigacións dos anos setenta, tal e como sinalamos previamente. Este camiño, aínda que paseniño, continuou a ser andado por outros autores e autoras que seguiron a pescudar unha análise profunda deste feito incuestionábel.

Os termos empregados transmiten unha visión das linguas como seres vivos que nacen, que se desenvolven e morren. O feito de recorrermos a esta terminoloxía vén motivado pola vinculación da diminución da diversidade lingüística coa perda da biodiversidade, polo que, do mesmo xeito que un ser vivo, as linguas pasarían metaforicamente polo ciclo vital. Nos últimos anos, ao tempo que a morte das linguas se intensificaba, algunhas persoas especialistas verdadeiramente comprometidas deron un paso máis e xa non sosteñen que as linguas morran senón que na maioría dos casos desaparecen de xeito motivado; é entón cando falamos de lingüicidio ou asasinato de linguas. Persoeiros neste eido como T. Skutnabb-Kangas, R. Phillipson ou D. Crystal, salientan o feito de as máis das linguas non desapareceren por causas naturais, senón que na súa *morte* interveñen factores que a vinculan estreitamente cos intereses económicos das grandes potencias de Occidente. «Calling linguistic genocide ‘language death’ is one way of making the **genocide** invisible», de acordo con T. Skutnabb-Kangas (2000: 314 [o subliñado é da autora]), como xa vimos. Certamente, tal e como G. Sanmartín Rei (2010: 92) sinala, cómpre empregarmos unha terminoloxía clara e directa que evidencie a verdadeira natureza do proceso de morte de linguas:

Para combatermos esta liña de pensamento, cómpre reforzarmos as ideas que sustentan o termo xenocidio lingüístico, lingüicismo ou imperialismo lingüístico e confrontalas con aquelas moito menos decididas na aposta pola diversidade lingüística, que se engloban baixo denominacións que esconden os axentes desa destrución, como morte ou declive das linguas. Porque a aceleradísima destrución da diversidade lingüística e cultural ten a súa orixe nas mesmas forzas económicas que destrúen a natureza e crean un único mercado homoxéneo, tamén desde a perspectiva lingüística.

Porén a maior parte da poboación non escoitou falar nunca do *xenocidio lingüístico*, e isto non é casualidade senón que responde, tal e como sinala a autora, ao desexo das grandes potencias por ocultar os seus propios actos así como a súa responsabilidade no proceso. Unha noción, sostén T. Skutnabb-Kangas, sobre a que non se podía discutir en certas convencións lingüísticas. A lingüista finesa (2000: 365) é moi clara cando di:

When languages disappear, the question is: does this happen as a result of language death or are we talking about language murder? We can now continue the discussion from the Introduction of the concept of **linguicide/linguistic genocide** or **language murder**, as compared to the more passive **language death** [...] or even **language suicide** [...] [o subliñado é da autora].

Certamente T. Skutnabb-Kangas sinala dous paradigmas, dúas aproximacións epistemolóxicas diferentes á desaparición das linguas do mundo que abordan o proceso de xeito oposto, non complementario, focalizando cada un deles a importancia en aspectos diferentes. Deteñámonos, pois, brevemente en cada un deles.

1.4.2.4.1 O paradigma da morte das linguas

A primeira das aproximacións é o *paradigma da morte das linguas* —T. Skutnabb-Kangas (2000: 366-369)— que, segundo a autora salienta, se fundamenta no principio de que do mesmo xeito que todo organismo vivo da natureza ten unha esperanza de vida determinada e que cando esta vence outro candidato, en termos darwinianos, vén ao substituír, por que non ía ser así coas linguas? Como vemos, este paradigma está estreitamente relacionado coa concepción manifesta pola postura proclive á perda da diversidade lingüística que, non interpretando tan negativamente esta recesión, céntrase nas linguas —pocas— que nacen, como xa demostramos previamente nesta investigación. Esta aproximación epistemolóxica mostra unha forte influencia darwinista, debido a que acredita na selección natural como o mecanismo que determinaría, segundo os seus principios, que un individuo / lingua débil morra entrementes un individuo / lingua forte sobreviva. Os conceptos *lingua primitiva*, *lingua moribunda*, *decadencia lingüística* ou *morte das linguas*, que este paradigma abrangue, inciden na idea da diminución da diversidade lingüística como un imposto inevitábel, como un tributo pola modernización, polo avance social e, por tanto, tamén —pretendidamente— lingüístico, asumindo a perda dunha lingua como un custo esixido polo progreso que debe de ser aceptado sen contemplacións.

O carácter máis conflictivo desta afirmación reside nas moitas similitudes que garda cos principios do sistema económico capitalista. Isto é, tal como veremos no apartado 1.5 dedicado ás perigosas relacións existentes entre a economía e a linguaxe, o sistema recomenda que os estados / linguas sexan grandes para ser produtivos e viábeis, do mesmo xeito que os estados / linguas pequenos están abocados ao fracaso, por non seren estes competitivos nin competentes. No entanto,

talvez non queiramos unha sociedade guiada exclusivamente por principios económicos en que os colectivos minorizados, sexan do tipo que for, non teñan un espazo de seu.

A cuestión é que non resulta ético, tal e como sinala este paradigma, responsabilizar ao conxunto de falantes das linguas minorizadas do abandono destas cando sabemos que existe unha potente presión por parte das forzas dominantes. Como é obvio, o individuo ten a última palabra ao respecto de que lingua falar, mais cando unha comunidade ten o estómago baleiro o último que lle importa é a lingua que emprega. Constitúe un erro adoito cometido pensar que os estados occidentais desenvolvidos son o referente cara ao que teñen que evolucionar as comunidades máis pequenas ou *sub-desenvolvidas*, como discriminatoriamente se denominan desde o poder. Debemos procurar sociedades respectuosas coa diferenza, que acollan os grupos minorizados e procuren unha existencia digna para eles, no entanto de os marxinaren ou destruíren.

Tal e como T. Skutnabb-Kangas (2000: 368) explica, o paradigma da morte das linguas baséase nos principios do liberalismo social e económico que procura unicamente o seu propio beneficio:

The concept of language death can be associated with this type of liberal ideology, whether in Eastern Europe, North America [...], or in aid policies worldwide, these invariably supporting dominant languages while sometimes deploring the effects on smaller languages [...]. At the individual level, language death would within this paradigm be seen as a result of voluntary language shift by all younger speakers, while the old ones die [...]. The speakers of minority languages would simply be seen as viewing bigger languages as more useful and functional, and therefore shifting over, in their own best interest, when wanting to ‘modernize’ —it is cumbersome and inefficient to have so many languages [...].

Esta ideoloxía implica o aumento da separación entre as linguas maioritarias ou dominantes e as minorizadas ou oprimidas, facendo ás primeiras máis poderosas e as segundas máis débiles, até o punto de desaparecer como froito da escolla obrigada de quen as falan. Con todo, considerar que as xeracións máis novas de falantes das linguas minorizadas abandonan a súa lingua propia en favor da maioritaria mentres que os membros das xeracións máis vellas morren sendo *derradeir@s falantes* responde a un tópico frecuentemente amentado, mais que non reproduce á realidade de todos os casos de substitución lingüística. Do mesmo xeito que constitúe unha falacia considerar que a totalidade de falantes das linguas recesivas deixan de empregar a lingua de seu para se

acolleren a unha maioritaria de maneira natural e non traumática pensando unicamente nos beneficios da modernidade, cando detrás destes procesos atopamos moitos sentimentos encontrados: tanto de illamento, incerteza, desconsolo, inferioridade como de auto-odio, entre moitos outros. T. Skutnabb-Kangas (2000: 368-369) sostén que:

If we accept this type of antropomorphizing of languages as organisms and believe (as it seems to me many linguists and politicians implicitly do) in some type of neo-evolutionary modernisation theory where ‘knowledge of English is perceived as the precondition of all types of progress’ [...] the parallel seems to mean that those languages and cultures which ‘respond to the demands’ of modernity, technology, the information society and market economies, survive and spread, while those whose speakers ‘cling to traditions’, die—even if we may deplore this ‘development’.

A autora continúa a desenvolver o paralelismo entre as linguas e os organismos: de as linguas denominadas tradicionais ou primitivas non se acomodaren aos imperativos da nova sociedade, asumindo o inglés como un pre-requisito da modernidade, terminarán por morrer, de acordo coa metáfora orgánica, por non se acomodaren á teoría evolutiva actual.

1.4.2.4.2 O paradigma do xenocidio lingüístico

En segundo lugar sitúase o *paradigma do xenocidio lingüístico* —con que T. Skutnabb-Kangas se identifica (2000: 369-374)—, relacionado coa desaparición motivada das linguas tal e como viamos no *Cadro 7: causas da morte das linguas* —*vid.* p. 97. A importancia desta proposta radica en que tanto o xenocidio lingüístico como o lingüicidio implican necesariamente un axente e un obxecto da acción, isto é, ten que haber alguén que cause a morte da lingua en cuestión, un responsábel directo que no paradigma anterior permanecía sintáctica e semanticamente elidido. Por moito que este suxeito poida ser activo, cando atente directamente contra a lingua en cuestión, ou pasivo, cando permita que a lingua morra sen nada facer. A autora considera que o xenocidio lingüístico constitúe unha das vertentes do *lingüicismo* ou racismo lingüístico, que sitúa ao mesmo nivel que o racismo, sexismo, clasismo ou a discriminación por razón de idade. Desde o momento en que propuxo o concepto de lingüicismo —1986— conectouno directamente con dúas realidades: a promoción desmedida e inxustificada do inglés como LIA e a educación das minorías, quer inmigrantes, quer indíxenas.

Pola súa banda, J. C. Moreno Cabrera (2008: 20-21) salienta ao respecto destes dous paradigmas que:

Al contrario, parece hoy bastante vivo, tal como ha puesto de manifiesto Skutnabb-Kangas (2000: 365-378). Esta autora mantiene que la expresión «muerte de lenguas» es sintomática de un paradigma de pensamiento que denomina *paradigma de la muerte de las lenguas* y que mantiene que, como todo en esta vida tiene una duración limitada, las lenguas nacen, se desarrollan, envejecen y mueren, y que la muerte de las lenguas es un hecho lamentable pero inevitable. Según esta autora, esta idea no es inocente, sino que tiene que ver con la ideología del liberalismo económico del siglo XIX según la cual las naciones han de tener un tamaño suficiente para ser viables y, por tanto, las naciones y lenguas locales están destinadas a desaparecer víctimas de la «ley del progreso». Además, opina la autora que esta idea se sigue manteniendo hoy en día. En el mundo de la globalización económica, las pequeñas comunidades que no se incorporan a las corrientes dominantes, están condenadas a la pobreza y al subdesarrollo; por ello, esa incorporación, que supone casi siempre el abandono de un determinado modo de vida, de una cultura y de una lengua, se considera como un paso más en el desarrollo natural de la humanidad hacia cotas cada vez más amplias de progreso, igualdad y dignidad.

Como vemos, o autor retoma a vinculación que T. Skutnabb-Kangas (2000) propoñía entre a diversidade lingüística e a economía. Cuestión complexa e conflictiva que retomaremos, como dicíamos, no apartado 1.5.

1.4.2.4.3 O tema da morte de linguas na lingüística galega

Retomando a cuestión terminolóxica, tamén nas visións proclives á morte das linguas atopamos o emprego desta terminoloxía por moito que a criticaren, e así o vemos, por exemplo, en S. S. Mufwene ou M. A. Fernández, mais tamén nun texto galego xa clásico que se inclúe no paradigma da morte, X. Alonso Montero (1973) —*Informe* de aquí en diante. Desde o momento da súa publicación suscitou unha gran controversia en todos os sectores implicados, dun xeito ou doutro, na situación do galego. Perante os pesimistas prognósticos agoirados polo profesor X. Alonso Montero no seu *Informe* non tardaron en abrollar dúas importantes reaccións encabezadas por F. Rodríguez e G. Rojo, respectivamente.

Entrementres A. Santamarina Fernández (1998) interpreta R. Piñeiro como iniciador da sociolingüística galega, desde outros sectores sinalan que foi X. Alonso Montero quen, retomando o

traballo comezado por Frei Martín Sarmiento, a inaugurou co *Informe*. G. Sanmartín Rei salienta (2009a: 92) a este respecto que:

O gran precursor da sociolingüística galega foi [...] Frei Martín Sarmiento [...] que, á parte de denunciar a exclusión do galego da escola, nos deixou lúcidas reflexións sobre as causas da situación diglósica e de minoración en que se encontra o galego, esixindo que a Igrexa ou a Administración empregasen a lingua do país.

Tanto F. Rodríguez como G. Rojo sinalaban a importancia das expectativas nun tema como o da supervivencia dunha lingua, de aí que consideren o *Informe* como unha obra que incita ao abandono do galego, a pesar de entenderen que o autor xogaba coa alarma como mecanismo activador da conciencia lingüística galega. Efectivamente, de acordo con con N. de Gabriel (2010: 119): «Xa sei que a situación é mala, moi mala, pero que gañamos afirmando que é malísima?: as palabras non sempre teñen os efectos que lles queremos imprimir.»

F. Rodríguez (1998⁴: 40) considera que o *Informe* se insire dentro das denominadas ideoloxías da morte, por transmitir o pesimismo implícito dun prognóstico tan desfavorábel, como se dunha autopsia se tratar:

A modernidade, o progreso, a sociedade capitalista [...], conleva a morte do idioma porque a sociedade se transforma e o que responde á *cultura superior*, ao *status dominante*, ao *universal*, remata por prevalecer. O conflito vé-se cáseque como un conflito atraso/progreso, mundo rural/mundo urbano, ou todo o máis, como un conflito clasista, pero as características específicas non se explican.

F. Rodríguez (1998⁴: 41) salienta que «a tese burguesa paternal da natureza que se destruí, é a mesma que anuncia a morte da lingua». O autor sostén que o estudo de X. Alonso Montero se refire a que o individuo asoballado tenta imitar o burgués, mais nunca fala da razón que explica o feito de que o burguesía e máis o proletariado empreguen linguas distintas. Segundo F. Rodríguez (1998⁴: 41), no *Informe* se apunta a asimilación como o paso da sociedade agraria á modernidade, detestábel polo *prezo moral* que hai que pagar: a perda dunha lingua, a cal adoita xustificarse cinicamente co simple argumento de que a historia é así. X. Alonso Montero sitúase na súa opinión por riba do conflito, como un observador queixoso pola desaparición da especie en cuestión xogando coa concepción biolóxica das linguas. Por último, de acordo con F. Rodríguez (1998⁴: 53),

X. Alonso Montero manifesta no *Informe* a «falta de rigor científico da súa análise e abundancia de subxectivismo», ao mesmo tempo que sostén a ausencia de vinculación entre os problemas lingüísticos e os socioeconómicos e políticos no *Informe*, ignorando as relacións entre a situación do galego e a colonización económica, política e cultural do noso país.

Doutra banda G. Rojo, membro da segunda gran reacción perante o *Informe* de X. Alonso Montero, elaborou unha recensión sobre a obra incidindo no pexorativo que resulta trasladar á sociedade galega a imaxe tremendista do galego moribundo sen posibilidades de rexurdir. O autor tamén sinala que (1974: 243):

El *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* del profesor Alonso Montero ha sido sin duda el libro gallego de mayor impacto dentro y fuera de Galicia durante 1973. [...] el libro apareció en un momento en que el lento proceso de autoafirmación realizado por la cultura gallega en los últimos años parecía haber cristalizado en algo inicialmente válido y además con visos de irreversible. En medio del ambiente de esperanzado optimismo que impregnaba los cada vez más numerosos núcleos preocupados por la problemática gallega, el libro de Alonso Montero cayó –no podía ser de otra manera– como un jarro de agua fría. De ahí las no siempre ecuanímes reacciones que ha provocado hasta el momento.

Ademais de incidir no carácter conflitivo da obra, G. Rojo (1974: 243) non dubida á hora de criticar a natureza mesma do *Informe* censurando que se trata dun texto non orixinal froito da reelaboración evidente de varias obras precedentes do autor:

No es la primera vez que Alonso Montero se ocupa de este tema. Las repeticiones de enfoque, epígrafes, ejemplos, citas, etc., con respecto a trabajos anteriores son inevitables y, naturalmente, justificables. No lo es en cambio el haberse limitado con demasiada frecuencia a traducir páginas ya escritas y publicadas (más de una vez en algunos casos), lo que provoca que el *Informe* tenga en muchas ocasiones todo el aire de clásico “refrito”.

No entanto, alén das limitacións de base do *Informe* presentes desde o seu comezo, a crítica máis importante que pode atribuírselle radica, segundo G. Rojo (1974: 244), na ausencia de interpretación dos datos recollidos na obra. Así, onde só hai exposición debería haber interpretación científica deles desde a perspectiva máis acaída, propoñendo sempre que for posíbel vías de

solución que atallen o problema. Trátase doutro exemplo característico da confusión entre investigación científica e erudición, como vimos previamente no *Estado da cuestión*. Lonxe de argüír coñecemento científico novo e non-trivial a obra supón a acumulación de datos carente de interpretación enfocada, ademais, baixo un prisma erróneo por causar no público receptor a impresión de que todo está perdido, que non hai solución posíbel para o galego. Ao se limitar X. Alonso Montero á descrición de datos salientando o *dramático* futuro que lle agarda á lingua propiciou, de acordo con G. Rojo (1974: 244-245):

[...] el desencanto que el libro [...] produjo en quienes de una u otra forma estaban positivamente interesados en el problema. No se trata, repito, de que el análisis presentado en el *Informe* sea inválido en cuanto a la descripción de hechos. Lo que falla es su interpretación o, más bien, la falta de interpretación. Visto desde otro ángulo, ¿tiene verdaderamente sentido en un hombre interesado más que científicamente por el problema escribir un libro, en gran parte repetición de lo ya publicado previamente, donde de modo deliberado –desde el mismo título– se recargan las tintas negras y se tiende a omitir o nublar todo aquello que podría aportar una cierta dosis de optimismo? En mi opinión no cabe más que una respuesta: existe el riesgo de abandonarse ante lo conseguido y el autor ha querido ponernos en guardia contra ello.

G. Rojo (1974: 245-248) non dubida tampouco á hora de criticar algúns dos conceptos propostos por X. Alonso Montero no *Informe*. Cuestiona a valía e aplicación de termos como *dilingüismo*, *falsos galeguismos* ou *seudopopularismos*, entre outros, amparándose en razoamentos e argumentacións lingüísticas e mesmo propoñendo novas etiquetas para os devanditos conceptos. Así conclúe a súa crítica afirmando que (1974: 249):

[...] el *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* es un libro en el que su autor ha querido darnos los resultados de varios años de meditación sobre el tema. Válido en cuanto a la descripción de hechos, adolece de su falta de interpretación y enfoque evolutivo, lo cual origina en el lector no especializado unha impresión de catástrofe muy de acuerdo con el título de la obra. Como investigación sociolingüística resulta extremadamente superficial y, en algunos conceptos básicos, deficiente. Como libro de divulgación desanimará a muchos convencidos de que hay que trabajar por la salvación de la lengua y la cultura gallegas, impedirá la incorporación de un gran porcentaje de “tibios” a esta tarea y proporcionará inestimables argumentos a los partidarios de precipitar lo que consideran inevitable aculturación final. Será también, sin embargo, –y esto es lo que debe prevalecer–, evidencia palpable de los muchos problemas pendientes de resolución y el acicate que nos impulse a todos a seguir adelante sin conformarnos con lo conseguido hasta o momento.

Logo deste receso para analizarmos brevemente X. Alonso Montero (1973), retomamos a cuestión inicial do conflito terminolóxico arredor do proceso de morte de linguas traendo novamente as opinións de S. S. Mufwene (2008: 226), que salienta a este respecto que:

A special metalanguage has also emerged, in which languages are treated as agents and speakers of the endangered or dead languages only as victims. Thus, it has been acceptable to speak of LANGUAGE WARS [...] and of KILLER LANGUAGES and LINGUICIDE [...], as well as to conceive of LANGUAGE CONSTELLATIONS [...] within which alliances can be formed to resist the spread of more powerful languages.

O autor fai referencia ao feito, xa comentado, de esta terminoloxía atribuír, dunha banda, ás linguas un carácter axentivo e, doutra, considerar o conxunto de falantes das linguas minorizadas só como vítimas. Porén que outra cousa podería ser, dado que non é responsábel directo do proceso de substitución lingüística en que está involucrado? Fica claro que detrás de cada escolla terminolóxica existe unha determinada ideoloxía, un xeito propio de analizarmos unha mesma realidade segundo nós tomemos posición quer do lado das linguas oprimidas —como fai a postura contraria á perda das linguas—, quer do lado das linguas opresoras —como fan as visións proclives á perda da diversidade lingüística. No caso concreto de S. S. Mufwene resulta evidente que pretende culpar ás linguas débiles, os colectivos minorizados, exonerando as persoas verdadeiramente responsábeis, en tanto que censura o feito de esta *metalinguaxe* situar sempre o colectivo de falantes das linguas minorizadas no lado das vítimas. Deste xeito, S. S. Mufwene continúa sostendo que (2008: 223):

We must reassess the adequacy of terms such as *language war*, *linguicide*, and *killer language* in our academic discourse. They seem to be misnomers for states of affairs in which languages have no agency at all. Their authors have also overlooked the agency of speakers as those who actually select or give up particular languages (although they are not necessarily aware of their acts), allowing some to thrive and dooming others to extinction, more or less like animals that would refuse to mate and procreate with their conspecifics. Languages do not engage in wars either, though they coexist in competition, like biological species sharing an econiche and vying for the same resources. The species that has the less access to the resources is endangered. Languages can be favored or disfavored by particular speakers depending on whether they are found advantageous or disadvantageous [o subliñado é do autor].

O autor desaconsella o emprego de termos como *lingüicidio* ou *asasino de linguas* no discurso académico por se situar el entre as visións proclives á diminución da diversidade

lingüística, consciente de que as persoas que tal terminoloxía empregaren empatizan coas linguas que sobreviven en precario loitando acotío coas máis poderosas para recuperar o seu lexítimo espazo no mundo. Soster que nun contexto de conflito lingüístico, como pode ser o galego, as persoas falantes da lingua recesiva deciden de xeito activo, libre e non condicionado, abandonar a lingua de seu en favor da dominante supón, en primeiro lugar, unha visión manipulada da realidade, en segundo lugar, un argumento carente de apoio empírico e por tanto sinxelamente refutábel cos datos de que xa dispoñemos, e, en terceiro lugar, unha postura moi clara perante o proceso de morte de linguas situándose sempre coas que menos axuda precisan.

Especialistas como T. Skutnabb-Kangas, R. Phillipson, M. Krauss, J. C. Moreno Cabrera ou D. Crystal non se limitan a empregar unha terminoloxía máis ou menos connotada senón que manifestan unha actitude verdadeiramente comprometida coa desaparición da diversidade lingüística, o que move estas persoas a elaboraren un discurso moi significado en favor da linguo-diversidade por consideraren que non abonda con acubillarse detrás da asepsia da linguaxe científica, senón que cómpre evidenciar a súa actitude de profunda e decidida defensa das linguas que sobreviven en precario alén da metalinguaxe que S. S. Mufwene censura.

T. Moure (2011: 46-47) corrobora o que vimos de comentar a este respecto, isto é, que o prognóstico que M. Krauss facía en 1992 relativo á perda 90% da diversidade lingüística antes de que conclúa o século XXI:

[...] produciu nos círculos lingüísticos dúas reaccións distintas. Dunha banda, algúns autores trataron nos anos seguintes de asimilar esa información restándolle importancia e aludindo ao feito de que as linguas morreron sempre, como Mufwene (2008), que escribe frases incendiarias contra o que chama “o mito das linguas asasinadas”. Ao reaccionaren cun “aquí-non-pasa-nada”, estes especialistas utilizan decote a metáfora dos organismos naturais [...]. Tal afirmación indica que hai un conflito e quen a formula está de parte dalgunha lingua que non se ven perigo de desaparecer. [...] Outros autores, no entanto, inciden en que a situación actual non ten parangón porque nunca o planeta estivo tan poboado, nin o proceso de globalización foi tan marcado, nunca as tecnoloxías da comunicación e os transportes fomentaron a cantidade de contactos internacionais de hoxe e, finalmente, nunca ningunha lingua estivo tan omnipresente como o inglés [...].

Pola contra, M. A. Fernández (2004: 90) manifesta tamén a súa opinión ao respecto desta nova terminoloxía creada ao abeiro da precaria situación da maior parte das linguas do mundo, cando di:

El resultado de todo ello es la difusión creciente de una metanarrativa de la extinción, en la que se llevan a un primer plano la entropía y la desintegración e las diferencias humanas auténticas [...]. Podemos considerar esta gran narrativa de la pérdida como el reverso de otra más antigua y bien conocida: la de los beneficios que nos depara la modernidad (imparable), y la de las ventajas de sustituir lo local por lo global, abandonando en ese proceso, entre otras muchas cosas, las pequeñas e invisibles lenguas ancestrales. En estos relatos de la extinción, en vez de referencias a los beneficios o ventajas de lo global, lo que encontramos son expresiones como “fenómeno terrible”, “catástrofe cultural”, “cataclismo” o “el mayor desastre que haya conocido el planeta en toda su historia” (esta última ante el hipotético escenario de que algún día nadie aprenda otra lengua que el inglés, Crystal [...]).

Do mesmo xeito que S. S. Mufwene, M. A. Fernández (2004) considera negativamente a *narrativa da perda* tal e como podemos observar na súa intervención. O paradoxo da terminoloxía creada *ex novo* neste eido refírese a que aqueles que desaconsellan o seu uso tamén recorren a ela, xa que considerar, por exemplo, a morte dunha lingua como algo normal e coherente, como fin ao seu proceso vital supón empregar tamén metáforas e personificacións lutuosas para as linguas. Sinalar, como fai M. A. Fernández, que a modernidade constitúe un proceso imparábel ou non acreditar no incesante aumento de falantes e de funcións por parte do inglés, supón a aceptación da actual situación das linguas do mundo así como a lexitimación do avance desmedido das grandes linguas en relación inversamente proporcional co retroceso das máis débiles.

De igual maneira que C. Blanco manifestaba non entender como as mulleres da esquerda avanzada non mantiñan unha actitude abertamente favorábel cara ao feminismo, resulta sorprendente que lingüistas como S. S. Mufwene —neste caso concreto nado na República Democrática do Congo onde, segundo M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶), a lingua máis falada das máis de cincuenta do Estado supera escasamente o millón de falantes— manifestan unha actitude contraria ao desenvolvemento das linguas minoritarias mesmo poñendo pexas á terminoloxía de que se serven quen as defenderen. O respecto polas linguas non pasa por compartir os intereses coas persoas que prognostican unha diminución alarmante das linguas do mundo, tal e como M. A. Fernández (2004: 90-91) fai, moito máis cando despois continúa a empregar maioritariamente a lingua dominante, neste caso o español, para calquera intervención científica, dado que isto constitúe máis unha vez unha re-afirmación da evidente escisión das funcións lingüísticas entre as linguas implicadas nun proceso de substitución lingüística: o discurso prestixiado técnico-científico pertence á lingua dominante e a fala coloquial á minorizada:

[...] me limitaré a dejar constancia de [...] [que] comparto con quienes vaticinan una extinción masiva el interés por la preservación de la diversidad; pero tal vez no entienda ésta de la misma manera [...]. [...] comparto las críticas al discurso “político-lingüístico correcto” que han formulado recientemente Calvet y Varela (2000), quienes ponen de manifiesto los efectos perversos de estos discursos sobre los locutores de las lenguas que se pretende salvar.

M. A. Fernández (2004: 94) propón un cambio de mentalidade: esquecermos os discursos homoxeneizadores e máis os correspondentes á narrativa da morte para nos acollermos ao camiño do medio, na liña de S. S. Mufwene (2008), avogando pola diversidade lingüística que xorde *ex novo* e máis aquela que verdadeiramente conservamos:

Insistamos: no hay (ni hubo) culturas ni lenguas puras, netamente delimitadas; el contacto es la norma. [...] Sugiero que adoptemos la misma actitud ante el tema de la diversidad lingüística, no con la pretensión de destronar a las narrativas de la homogeneización y de la pérdida, que tienen su parte de verdad, sino con la de ofrecer una alternativa que ponga de manifiesto no sólo la mucha diversidad que se conserva, sino también el surgimiento de diversidad nueva; y ello es la otra parte de la verdad.

Suxire que tanto desde unha banda como desde a outra se aborda o problema da diversidade lingüística dun xeito nesgado e interesado, polo que ningunha das ópticas resulta axeitada e ambas as dúas deben de ser desbotadas en favor dunha terceira que recoñece parte de verdade en cada unha das anteriores, mais sinalando o xurdimento de nova diversidade como o elemento central da súa argumentación. Con todo, afirmar que quen defende a diversidade lingüística posúe unha visión partidista e parcial do asunto é tanto como considerar parciais as opinións da comunidade xudía durante a Segunda Guerra Mundial ou da poboación negra no *apartheid* surafricano. Evidentemente cando algunha persoa é parte involucrada nun proceso discriminatorio de calquera tipo os seus argumentos serán sempre parciais, polo propio feito de estar involucrada, mais non por iso son ilexítimos. Afirmar que a *narrativa da perda* da diversidade lingüística contén motivacións encubertas resulta rexeitábel e contrario a toda ética, por moito que tenten xustificarse en que en ocasións non se cumpren as predicións sobre certas linguas (M. A. Fernández, 2004: 94-95):

[...] ¿por qué, tantas veces, no se cumplen los pronósticos de extinción? Una de las lenguas cuya desaparición inminente se pronosticó hace ya casi medio siglo es el chabacano. [...] Hoy [...] es la lengua materna mayoritaria.

No entanto, que relación existe entre unha predición —afortunadamente— errada e a viabilidade do discurso contrario á morte das linguas? Moitas circunstancias interveñen nun contexto como este ao que o autor se refire, por exemplo: Zamboanga é unha illa filipina e desde hai medio século existe a constancia da práctica desaparición da súa lingua propia, o chabacano. Da mesma maneira que en calquera outro territorio, moitos factores poden motivar que retroceda o proceso de recesión dunha lingua concreta, como por exemplo, a perda de interese da forza opresora nese territorio, a concienciación da comunidade de falantes, a consecución dos obxectivos do proceso de normalización ou recuperación da lingua minorizada, entre outros moitos. O feito de unha lingua oprimida recuperar falantes ou funcións lingüísticas ten que se converter en esperanza para os demais casos de substitución lingüística e non nun argumento para atacar o discurso contrario á morte das linguas. Ademais, están documentados moitos casos á inversa: innúmeras linguas desapareceron rapidamente aínda cando non parecían ameazadas, debido ao importante número de falantes que posuía ou ao respaldo social de que gozaba.

O argumento empregado polas visións proclives á morte das linguas arrecende a demagogia por toda a parte. M. A. Fernández (2004) cuestiónase por que en tantas ocasións non se cumpren os prognósticos de extinción, porén a pregunta debería ser por que en moitas outras ocasións desaparecen linguas que considerabamos tan prescindíbeis en Occidente que nin sequera existía un prognóstico da súa extinción, ou por que outras morren moito antes do que pensabamos. Por este motivo, cómpre incidirmos en que o feito de non se cumpriren os prognósticos de extinción dunha lingua debe ser considerado como un caso esperanzador para as moitas linguas que sobreviven en precario, non como un pretexto para poñer en dúbida o traballo normalizador.

O certo é que no grupo das persoas proclives á morte das linguas atopamos máis dun exemplo de crítica destrutiva da terminoloxía que caracteriza o paradigma do xenocidio lingüístico baseada non en argumentos razoábeis senón na burla e ausencia de rigor científico, como é o caso de A. Davies (1996). O autor fala sempre en clave irónica de *complot*, *conspiración*, *revolver*, *perigo* ou *mensaxe funesta*, intentando desmontar o concepto de lingüicismo, que considera un mito sobre o que manifesta abertamente xa desde o propio título que ironizará. Deste xeito sostén que (1996: 485):

Certainly, the spectre of (RP) [Robert Phillipson] — sandwich-boarded with messages of dire warning about gunpowder, treason and plot — stalks its pages, demonstrating outside the Department of Applied Linguistics in Edinburgh, control centre of the capitalist English Language Teaching (ELT) conspiracy.

Detrás destas consideracións, das críticas á terminoloxía e máis ao xeito de enfocar a situación de conflito por parte das visións contrarias á morte das linguas, atopamos os mesmos preconceptos unha e outra vez, xa que segundo o propio A. Davies (1996: 490):

What RP [Robert Phillipson] ignore is [...] that the choice of English (or other imperial language) has values of openness, access to and connection with modernism; and [...] the possibility that oppressed groups' common sense is active enough for them to reject English if they so wish.

Máis unha vez asóciase abertamente o inglés, ou calquera outra lingua *imperial (sic)*, co progreso e a modernidade, e, por lóxica dedución, as linguas minoritarias co atraso e a tradición. Estas asociacións de ideas baldías e carentes de sentido contribúen a perpetuar a ideoloxía neo-colonial que caracteriza os grandes Estados de Occidente, onde a lingua se define do mesmo xeito en que A. de Nebrija o facía en 1492 —*a lingua é compañeira do imperio*— xa que por moito que A. Davies (1996) tente persuadirnos do contrario distraéndonos cos beneficios de falarmos todas as persoas inglés, español ou mandarín, constitúe unha estratexia moi ben trabada, pensada para satisfacer os intereses do poder establecido. Alén da discriminación de xénero que A. Davies desenvolve ao ocultar a propia autora do concepto, T. Skutnabb-Kangas, tal e como teremos a oportunidade de desenvolvermos no capítulo segundo desta investigación.

A toma de postura ética que C. Blanco requiría no eido do feminismo para as mulleres da esquerda avanzada e desde a lingüística reivindicabamos previamente para as persoas especialistas da lingüística membros de minorías, si que o atopamos, pola contra, en J. C. Moreno Cabrera ao igual que en D. Crystal, quen critican o emprego das súas linguas propias como instrumento de opresión internacional, cando moi ben poderían manter a postura contraria, que sería o máis cómodo para eles. Son, ambos os dous, exemplo dunha postura ética sostida desde dous dos epicentros máis potentes da discriminación e imperialismo lingüísticos, aínda ocupando postos privilexiados nas súas respectivas comunidades. J. C. Moreno Cabrera (2008: 144) sostén que:

En efecto, la ideología de la globalización característica del mundo contemporáneo hace que unas pocas lenguas y culturas, cuyo ámbito de influencia fue ampliamente magnificado desde los inicios

del colonialismo en el siglo XVI, pugnen ahora por ocupar el mayor número posible de áreas de influencia, dentro de los diversos aspectos de este mundo globalizado: el político, el económico, el educativo, el informativo, etc. Es lo que Phillipson (1992) denomina *imperialismo lingüístico*, cuya manifestación actual más evidente es el imperialismo lingüístico anglosajón [...].

Cómpre termos en conta este tipo de especialistas que manifestan unha postura crítica cara ás súas propias linguas desde os respectivos núcleos de poder, como J. C. Moreno Cabrera fai a respecto do español desde Madrid, para valorarmos en xusta medida actuacións que poden ser consideradas cando menos irrespectuosas cara ás linguas minorizadas sendo estes —reiteramos o uso do masculino como non-xenérico— membros de comunidades lingüísticas minorizadas. O autor sinala, ao respecto da situación das linguas diferentes do español do Estado, que (2009: 168-169):

Mais, na miña opinión, as polémicas suscitadas no só radican na polisemia da expresión *lingua común*, [...] senón na utilización ideolóxico-política do termo *lingua común* para marxinar ou relegar a un segundo plano as linguas que conviven co castelán no Estado español. [...] Este concepto de *lingua común* é utilizado por esta ideoloxía para situar todas as linguas do Estado español diferentes do castelán nun segundo nivel, nun lugar secundario e anexo. Iso supón unha concepción excluínente da pluralidade lingüística dese estado. [...] afirmase taxativamente que o castelán é a única lingua en que todos os cidadáns do Estado español poden comunicarse. É dicir, no castelán é a única lingua en que reside a posibilidade de comunicación universal no Estados español. Estamos ante unha clara exclusión: as demais linguas do Estado non teñen esta propiedade da comunicabilidade en todo o Estado. [...] podemos doadamente chegar á conclusión de que este carácter exclusivo do castelán como lingua de comunicación de ámbito estatal é claramente falso. Nótese que o que nego é o carácter exclusivo do castelán como lingua de comunicación en todo o Estado, non que esta lingua sexa unha de comunicación ao longo e ancho del.

De acordo con J. C. Moreno Cabrera, o feito de definirmos o español como a única lingua común do Estado baseándonos no principio de ser este a única que posibilita a comunicación en todo o territorio, constitúe unha falacia habitualmente repetida; no entanto, dada a proximidade existente —excluído o éuscaro— entre galego, asturiano, aragonés, catalán e español, a intercomprensión entre todas elas, como linguas románicas propicia a comunicación e o bilingüismo pasivo, isto é, «o dominio dunha segunda lingua respecto das habilidades de comprensión desa lingua», de acordo con J. C. Moreno Cabrera (2009: 165). A este respecto, o autor engade (2009: 169-170):

Aténdonos á proximidade lingüística entre o galego e o castelán, e tendo en conta as habilidades naturais do bilingüismo pasivo, é perfectamente factible e natural que todo castelanfalante, de calquera parte do Estado español, poida entender o galego, sen grandes dificultades e sen nin sequera o estuda nunca. Se isto é así, o galego ten a mesma capacidade que o castelán de servir de medio de comunicación, aínda que sexa pasivamente, en todo o Estado español. En teoría, é perfectamente plausible que un galegofalante poida ser entendido en todo o territorio do Estado ao falar exclusivamente galego. Isto é precisamente, aínda que no outro sentido, o que aconteceu en Galicia. Os galegofalantes nativos non tiveron dificultade grave ningunha para entenderen castelán ao longo da historia. Iso débese precisamente a esta relación xenética de proximidade entre as dúas linguas, que é claramente simétrica. Se os galegofalantes nativos non teñen graves dificultades para entenderen castelán hai que se preguntar se os castelanfalantes nativos as teñen. A única contestación razoable non racista que cabe a esta pregunta é que si que a teñen tamén. Porque se contestásemos que os castelanfalantes nativos teñen máis dificultades para entenderen galego que os galegofalantes nativos para entenderen castelán, daquela habería que concluír que os galego teñen máis capacidades de aprendizaxe lingüística que os casteláns, quizais porque as súas capacidades intelectuais son superiores.

Mais, todas as persoas estamos igualmente capacitadas para aprendermos unha segunda lingua con independencia das nosas capacidades intelectuais xerais. Polo que, segundo o autor (2009: 170):

[...] o galego é exactamente igual de válido para se facer entender en Castela que o castelán en Galicia. Como consecuencia diso, o castelán non pode ser a única lingua de entendemento en todo o territorio do Estado español, un dos tópicos claramente falsos do nacionalismo lingüístico español.

Deste xeito, fica claro que do mito do español como única lingua común do Estado non se pode concluír que sexa esta a única válida para a comunicación entre a cidadanía neste Estado. Porén, o imperialismo lingüístico español pretende, partindo do feito de que o español sexa a única lingua compartida por todos o individuos do Estado, facernos ver que é a única que fai posíbel a intercomprensión, cando non o é en absoluto. Moi ao contrario, a idea de que calquera falante dunha lingua romance pode ter competencia pasiva noutra sen importar factores como a idade ou a formación académica, non constitúe en absoluto novidade ningunha, senón que supón un feito que o propio E. Coşeriu xa sinalaba.

1.5 Linguo-diversidade e economía

1.5.1 O carácter antieconómico das linguas minoritarias

É inteiramente imposible entendermos a problemática lingüística desvinculada da orde económica e do sistema político en que ela se move. Só por proteccionismo económico e planificación de axuda política o alemán do Norte de Italia ou o esloveno do mesmo Estado levan unha vida bastante mellor do que a de outras minorías lingüísticas, por teren detrás a República Federal alemá e o Estado xugoslavo, respectivamente.

Máis unha vez, concordamos plenamente con M. P. García Negro (1993: 53) cando di que as linguas non poden ser entendidas sen considerarmos o contexto político e económico en que se desenvolven. Deste xeito, as linguas, como suxeitos políticos, están supeditadas aos criterios do mercado que rexen actualmente o mundo globalizado en que vivimos. Así, segundo F. Fernández Buey, (2004: 85-86):

[...] estamos asistindo a la configuración de una nueva forma de organización del poder global. El mercado mundial se unifica políticamente en torno a lo que han sido los signos de la soberanía (el poder militar, el poder monetario, el poder en la comunicación, el poder cultural y lingüístico). Pero el dispositivo que lo enmarca todo es hoy supranacional, mundial, total. Y precisamente por eso es un Imperio.

De acordo con esta nova ordenación mundial regulada pola economía e os seus intereses, R. Carvalho Calero sinalou hai tres décadas que (1981: 19) «umha microlíngua é antieconómica no mundo actual, em que som ininteligíveis e inviáveis as unidades microscópicas», anticipando as funestas consecuencias que suporá a imposición dos principios do sistema económico do capitalismo nas linguas minorizadas. Precisamente esta relación biunívoca que se estabeleceu entre a diversidade lingüística e a economía constitúe unha realidade que desde esta investigación se pretende desbotar, apostando sempre pola supervivencia das linguas xustificada por elas propias e non polo valor que vén dado en función da súa capacidade de produción de novo capital, cuxo podio encabezan na actualidade o inglés e o español. Alén de que considerar, pola contra, improdutivas as linguas minorizadas así como criticar o carácter antieconómico do comunismo é unha *contradictio in terminis* en sentido estrito, dado que o comunismo —do mesmo xeito que a ciencia ou as linguas— non está rexido polos criterios de mercado impostos polo sistema

económico capitalista, senón, moi ao contrario, que o comunismo non sexa economicamente competitivo constitúe unha virtude, nunca un defecto, tal e como C. Fernández Liria *et alii* (2008³: 126) salientan:

La propaganda occidental manejó siempre el tópico de que las economías socialistas no eran competitivas y consideró esto una gran objeción contra el comunismo. Ahora las cosas están más claras: lo bueno que tiene el comunismo es, precisamente, que no tiene por qué ser competitivo. Que no tiene por qué exprimir todas las fuerzas de la humanidad en un ritmo productivo vertiginoso y suicida. El consumismo puede permitirse el crecimiento cero, incluso el crecimiento negativo. Puede permitirse, también, reducir la jornada laboral en la misma proporción que la tecnología y la maquinaria aumentan la productividad. Ganar el tiempo, por tanto, para el ocio, para la política, el arte, el descanso y el sexo.

Con todo, esta non é unha cuestión sinxela, Galiza, do mesmo xeito que calquera outro país de Occidente, está imbuída no capitalismo aturando aínda no século XXI ás rémoras do liberalismo económico decimonónico. Un sistema económico carente de principios, alleo a toda ética —de non ser a do mercado— que non tatexa á hora de aniquilar o ecosistema ou mesmo a dignidade das persoas se isto redundar no seu propio beneficio (M. Moreira, 2009: 4). Pouco futuro poden ter as linguas minorizadas neste universo da produtividade en que a principal arela consiste na produción de novo capital procurando cada vez un esforzo menor. Non resulta estraño que se considere inviábel a protección das culturas e linguas máis desvalidas; ningún beneficio —en termos económicos— se pode tirar dunha acción tal. Conceptos como altruísmo ou empatía carecen de significado na sociedade do capital e isto é así porque «pretenden aplicar os criterios das leis do mercado tamén á cultura e á lingua», tal e como sinalan desde Nova Escola Galega (2009: 2), esquecendo que existen moitas realidades que non son reducíbeis a consideracións económicas, que algunhas delas non son cuantificábeis, que se escapan das leis da oferta e da demanda, pois simplemente non teñen prezo. Mais nesta sociedade descafeinada moitos individuos móvense polo seu propio interese, sen importaren os valores éticos, xa que non venden, falando en termos económicos. Cómpre salientar que, de acordo con G. Sanmartín Rei (2009c), «a defensa das linguas [...] non debe facerse cos criterios do mercado, co tan ben acollido hoxe criterio da utilidade». Por moito que nos teñamos convertido, tal e como T. Moure (2011: 56) sinala, en axentes dobres por nos acollermos ao utilitarismo para procurarmos unha nova vía na defensa das linguas minoritarias:

Volvendo ao asunto da culpabilidade común, [...] case todas as persoas actuamos como axentes dobres no imperialismo lingüístico. [...] Para defender o galego tamén se acode con frecuencia a un criterio utilitario deste estilo: o galego ten, vía portugués, unha porta aberta moi interesante para o comercio. [...] Mais o criterio da utilidade da lusofonía semella pouco respectuoso en termos de dereitos humanos. Por que as linguas teñen que ser útiles?

Do mesmo xeito A. Bastardas & E. Boix (1994: 20) subliñan esta mesma realidade incidindo na idea de que as leis do mercado non poden decidir a lexislación lingüística dun país do mesmo xeito que tampouco non poden determinar os procesos de normalización de ningunha lingua:

Esta ausencia de una política lingüística estatal, explícitamente interesada en el plurilingüismo, es más grave porque en el decenio de los ochenta se ha consolidado en España el dominio de la **racionalidad tecnocrática**, según la cual la relación costo-beneficio, medida por el arbitraje presumiblemente neutral del mercado, es el criterio de toda eficacia. Esta hegemonía de planteamientos pragmáticos aumenta aún más la imposibilidad del uso de las lenguas no castellanas en los ámbitos del trabajo y de la economía, especialmetne si no hay una intervención en su favor por parte del estado [o subliñado é seu].

O sistema capitalista xoga coas necesidades e gustos das persoas —que xa non son vistas como individuos ou cidadáns, senón como consumidoras, conceptualizadas só segundo a súa capacidade para mercar— en función do seu propio beneficio, porque non esquezamos que un mercado homoxeneizado abarata os custos e multiplica exponencialmente as súas ganancias. Non se ofertan os produtos que a poboación demanda, senón o que o mercado precisa vender. A creación das necesidades non se limita xa á roupa con que nos vestir, senón que os principios do capitalismo abranguen tamén ás linguas, por ser o mercado quen impón a lingua en que podemos ler ou acceder á cultura en xeral, quer nos medios de comunicación, quer no teatro ou no cinema. Deste xeito completamente interesado adoutrínase á poboación para consumir só uns determinados produtos, falseando a lei da oferta e da demanda, xa que a poboación non ten acceso ao que necesita, senón só ao que o sistema lle ofrece. Resulta, logo, moito máis sinxelo publicar unha obra calquera en español, posto que as editoriais teñen un mercado máis amplo en que presentar o seu produto, mais tamén resulta máis sinxelo para o público ter acceso a obras de teatro —sempre convencional, non arriscado e acomodado aos imperativos do mercado para non perturbar nunca o público, xa non concibido como espectador ou receptor da obra, senón como comprador-de-entradas— en español, dado que as compañías ou empresas teatrais teñen máis facilidades para así o facer, que apostando

pola cultura — neste caso concreto— galega, que lonxe do que se puidese pensar, existe, está aí, por moito que a administración non a promova como debese.

Nestes tempos que corren de crise económica, en moitas ocasións escoitamos como os medios de comunicación fan escarnio das —irrisorias e cada vez menores— subvencións que un goberno calquera fai para aspectos dunha sociedade que, como a cultura, son considerados superfluos; cando moi ao contrario, un estado verdadeiramente democrático ten que se fundamentar no reparto equitativo da riqueza xerada a partir da recadación dos impostos, facendo que reverta en todos os eidos da sociedade que lexitimamente o soliciten, como o cine ou o teatro, e non subvencionando tradicións fundadas no sufrimento animal, confesións relixiosas, o exército ou a compra e fabricación de armas, tal e como na actualidade fai o Estado español.

Doutra banda, en moitas ocasións sinalouse o anti-económico que resulta, en termos do sistema, defendermos unha lingua minorizada e procurarmos a súa recuperación no seu territorio historicamente definido cando sería moito máis *productivo* —para quen? para que?— a asimilación á lingua maioritaria correspondente, de ser posíbel, o inglés. Porén tal e como P. Comellas (2006: 166) sinala: «I els benefics? No hi ha cap avantatge econòmica, en la diversitat de llengües? [...] la voluntat de revitalitzar i mantenir llengües en perill pot suposar una revitalització de l'economia local.»

A este respecto P. Comellas (2006: 35) sostén que, como é obvio, o patrimonio cultural implica uns gastos para o conxunto de contribuíntes, con todo, a conservación das linguas non custaría máis que a conservación dos edificios históricos, obras de arte ou as festas populares, polo que non deben ser esquecidas debido a que conforman un símbolo de incalculábel valor para a cidadanía, xa que, como vimos, constitúen un piar fundamental da identidade colectiva. De acordo co autor (2006: 157), na actualidade a conservación da linguo-diversidade se converteu nun tema paradigmático do discurso do politicamente correcto, ou do político-lingüísticamente correcto segundo J.-L. Calvet & L. Varela (2000), polo que as visións proclives á morte das linguas víronse na obriga de buscar alternativas na procura de argumentos para a súa causa. De aí o xurdimento de razoamentos que apelan a un presunto pragmatismo baseado no emprego dunha soa lingua oficial, como por exemplo no Estado español, contribuíndo deste xeito á axilización dos trámites e máis ao abaratamento dos custos e redución dos impostos. Perante esta situación P. Comellas (2006: 158-159) sinala o seguinte:

Que el multilingüisme surt car no només ho diuen els comptables del Parlament europeu. [...] ha hagut propostes d'interrelacionar linguodiversitat i indicadors econòmics. El punt de partida és [...] l'observació que si agafem la renda per càpita dels estats i el nombre de llengües que s'hi parlen, la tendència és clara: alguns dels països més rics del món són alhora poc diversos, i alguns del més pobres tenen una alta linguodiversitat [...]. És clar que ens podríem preguntar quines despese fa Etiòpia per mantenir la diversitat, i com és que aquest país treu el menjar de la boca de la gent per invertir-ho tot en linguodiversitat.

Como se dun calidoscopio se tratar, os argumentos do pragmatismo mudan a forma e a cor da realidade en función dos seus propios intereses, xa que se antes se manifestaban fundamentais, tórnanse agora innecesarios cando nos referimos ao español. Nese contexto xa non importa o orzamento dedicado á promoción dunha lingua, visto que cando xurdiu na Unión Europea a iniciativa de empregar soamente tres linguas de traballo, entre as que non se atopaba o español, para axilizar o traballo e reducir os custos de tradución a todas as linguas oficiais da Unión o goberno español manifestou a súa oposición a ese medida pola súa exclusión coa pretensión de adherirse ao reducido grupo dos privilexiados. Velaí o relativismo das leis do mercado: as cousas non son caras nin baratas; só depende das prioridades de cada quen.

Ademais, tal e como reconece P. Comellas, o continente europeo aglutina unha alta porcentaxe dos Estados máis rics do mundo, polo que pode afrontar perfectamente os gastos ocasionados pola conservación das linguas minorizadas se quixer, que con todo, desde esta investigación consideramos que non serán superiores aos que implican necesariamente os procesos de substitución lingüística iniciados desde as comunidades das linguas opresoras co propósito de eliminaren as linguas minorizadas nos seus propios territorios usurpando as súas funcións lingüísticas. Pola contra, o verdadeiro problema preséntase nos territorios cunha diversidade lingüística máis elevada que forman parte normalmente, en clara proporción inversa, dos estados con menos recursos, onde resultará moi difícil conservar as súas linguas propias por mor da falta de orzamento. Mais se estes contextos continúan a día de hoxe a se caracterizar pola alta diversidade lingüística non é pola importante porcentaxe do seu orzamento que dediquen á conservación das linguas minoritarias, senón, ao contrario, porque non malgastan nada nos intereses neo-imperialistas que caracterizan os grandes estados de Occidente.

Constitúe un exemplo paradigmático desta situación o caso do estado indio de Nagaland, situado entre Assam e Birmania, que posúe un grupo de case corenta linguas da familia malaio-polinésica probabelmente distintas, que son, de acordo con M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶), as seguintes:

Cadro 9: *As linguas naga*

Naga Angami	Naga Konyak	Naga Nocte	Naga Sumi
Naga Ao	Naga Liangmai	Naga Northern Rengma	Naga Tangkhul
Naga Chang	Naga Lotha	Naga Phom	Naga Tarao
Naga Chokri	Naga Makuri	Naga Pochuri	Naga Tase
Naga Chothe	Naga Mao	Naga Poumei	Naga Thangal
Naga Inpui	Naga Maram	Naga Puimei	Naga Tutsa
Naga Kharam	Naga Maring	Naga Purum	Naga Wancho
Naga Khezha	Naga Monsang	Naga Rongmei	Naga Yimchungru
Naga Khamniungan	Naga Moyon	Naga Sangtam	Naga Zeme
Naga Khoibu	Naga Mzieme	Naga Southern Rengma	

Dentro dos estudos lingüísticos sábese ben que o beirán, alentexano, algarvio, miñoto, transmontano, azoriano, madeirense e estremeño constitúen os principais dialectos do portugués, e que foi este último, por ser a variedade lisboeta, o que se adoptou como modelo para a construción da variante estándar. Porén, a análise que a ciencia da linguaxe fai da situación lingüística do estado de Nagaland resulta moi diferente ao visto no caso do portugués. Ao respecto deste contexto lingüístico, T. Moure (2001a: 60) salienta que:

La comunicación entre los hablante de las *lenguas naga* sólo es posible en una forma más o menos corrupta de assamén, llamado pidgin naga o nagamés que, curiosamente, sirve de medio de instrucción en las escuelas aunque extraoficialmente. Sinceramente, no creo que en la preocupante India se vaya a producir un movimiento de defensa de cada uno de estos dialectos, y tal vez aquí la única opción posible sea la reivindicación de ese pidgin, aunque elimine tan rica diversidad. No debemos creer que la solución buena es siempre la misma. Pero también puede ocurrir que el problema se limite al escaso conocimiento que los especialistas occidentales tenemos de la realidad cultural política o institucional de otros pueblos y que la solución se escorde, de forma que estemos

dispuestos a reconocer la idiosincrasia de un dialecto de nuestra área geográfica y, en cambio, reduzcamos muy fácilmente la diversidad cuando nos resulte incómoda.

O interese xerado pola diversidade no caso dos dialectos do portugués no estado luso, sen importar o custo da súa conservación, desaparece cando esta mesma diversidade se torna contraria aos propósitos do sistema, tal e como acontece coas linguas naga. A actual situación económica de India non favorece o desenvolvemento de procesos de normalización lingüística concibidos para a revitalización destas linguas moribundas, debido ás graves dificultades socioeconómicas que asfixian o país desde antigo. A solución a este contexto de forte substitución lingüística pasa na actualidade, como comentaba T. Moure (2001a), polo emprego dun pidgin, o nagamés, para se comunicaren as persoas falantes das case corenta linguas naga que mesmo se emprega xa de xeito extraoficial no ensino. Esta alternativa, que non respecta en absoluto a linguo-diversidade por contribuír abertamente á súa diminución, mostra a incongruencia existente na relación que manteñen na actualidade a lingüística profesional e a economía, ao manifestar dunha banda a riqueza que implica a conservación dun dialecto nunhas determinadas latitudes e permitir a un mesmo tempo a desaparición de tan importante patrimonio lingüístico noutras.

O rigor e especificidade que empregamos coas linguas e dialectos europeos desaparece cando contemplamos o resto de contextos do mundo. Isto é, o mesmo nivel de diferenciación que atopamos entre os distintos dialectos do latín, hoxe considerados linguas, poderíámolo atopar entre as linguas naga, mais estas reciben trato de dialectos. Semella que os escrúpulos e o rigor científico só aparecen cando falamos das linguas da nosa contorna, porque non esquezamos que a lingüística —do mesmo xeito que o resto de ciencias— están dominadas pola perspectiva occidental que procura en todo momento satisfacer os intereses económicos do poder que a sustenta.

Detrás dos principios que rexen as ciencias non só hai obxectividade e precisión, como cabería esperar, de aí que a realidade fiquese manipulada en tantas ocasións. Como mostra, o noso actual sistema educativo: ao longo dos cursos e materias o alumnado de ensino primario e medio recibe unha e outra vez información sobre os nomes dos estados, as súas capitais e cidades máis importantes, os ríos, montañas, lagos e cordilleiras que os conforman, as especies animais e vexetais que os caracterizan, ou a renda per capita, nivel de industrialización, volume de importación e exportación que os definen, entre moitos outros aspectos. No entanto, que acontece coa información sociolingüística destes mesmos territorios? Certamente, salvo contadísimas

excepcións, semella non haber lugar no currículo académico para a linguo-diversidade, non xa para o estudo das familias lingüísticas máis numerosas ou daquelas que contan cun maior número de falantes, senón que nin sequera hai espazo para as quince, vinte e cinco ou cincuenta linguas máis faladas no mundo.

Con todo, o paradoxo prodúcese no caso do inglés —lingua prestixiada por antonomasia carente de calquera limitación económica para a súa promoción—, porque se ben é certo que deberían ser os estados de fala inglesa os que sufragasen os custos da aprendizaxe da súa lingua no estranxeiro co fin de procurar futuros clientes para os seus produtos, son, pola contra, os poderes públicos dos estados de fala non inglesa, entre os que nos contamos, quen están dispostos a correr cos gastos de aprendermos a súa lingua. Tanto é así que no actual decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, preténdese situar no ensino unha lingua foránea, como o é o inglés, ao mesmo nivel que a lingua propia do país, o galego, ademais do español que supostamente garante a unidade do estado.

Os gobernos occidentais que na actualidade promoven a homoxeneización a todos os niveis ignoran que, tal e como P. Comellas (2006: 166-168) salienta: «Una de les idees més interessants a favor de la diversitat lingüística en qüestions econòmiques és la del rendiment monopolístic. El rendiment monopolístic sera aquell que es deriva de la possibilitat de produir un bé o un servei que per alguna raó és únic.» Isto é, que o feito de en Galiza existir unha lingua que non se fala en ningún outro territorio do mundo, por moito que dela xurdise unha nova lingua co devir do tempo, tería que supoñer un aliciente para a conservarmos por posuímos o seu uso en estrito monopolio, nunca un argumento para contribuírmos a súa desaparición.

Ademais, desde os sectores favorábeis á diminución da diversidade lingüística sinálase unicamente o gasto que ocasionaría a súa conservación, porén pretendidamente esquecen salientar, como xa comentabamos previamente, o custo económico e social que provoca o propio proceso de substitución lingüística e máis a perda da lingua en cuestión. Neste sentido, C. Junyent (1998: 179) afirma que:

[...] més que calcular el cost del manteniment de les llengües, cal calcular quin és el cost de la seva pèrdua —especialment el cost de la marginació—, i quan hagin fet aquest càlcul, aleshores que ens vinguin amb arguments econòmics.

Como vemos, a autora tamén sinala o custo económico que en efecto ten para as linguas maioritarias marxinar as oprimidas, polo que de sumarmos o custo social que carretaría a perda da diversidade lingüística e o prezo económico real da discriminación das linguas minorizadas, realmente non se sostén o argumento do gasto que supón a conservación das linguas recesivas esgrimido polas visións proclives á diminución da diversidade lingüística. A este respecto P. Comellas salienta que (2006: 165):

Quin cost té la marginació? No és una pregunta retòrica: és fenia dels economistes comptabilitzarlo, perquè segur que té un cost directament monetaritzable. En despeses directesi en pèrdues potencials per una societat [...]. Així doncs, quan es parla del preu del manteniment de la diversitat lingüística es parla dels costos de les traduccions, de la necessitat de nantenir administracions amb capacitat multilingüe, etc., però mai no es parla del cost de renunciar als usos lingüístics, que poden implicar desestructuració social, marginació, pèrdua d'autoestima, i fins i tot, com vèiem, ser un factor d'augment del suïcidi.

J. C. Moreno Cabrera (2006: 10) recolle na súa obra a opinión de T. Skutnabb-Kangas ao respecto do prezo real que supón a conservación da linguo-diversidade en comparación co elevado custo que ten a construción e posterior conservación das vías de comunicación físicas do tipo que fosen:

En más de una ocasión se ha esgrimido el argumento de que la diversidad lingüística es muy cara económicamente hablando y que, por lo tanto, no es factible defenderla e impulsarla en el mundo actual. Sin embargo, T. Skutnabb-Kangas en la página 261 de su libro *Linguistic genocide in education—or worldwide diversity and human rights?* [...] compara los costos económicos de la construcción y mantenimiento de las vías de comunicación físicas (terrestres, marítimas y aéreas) con los costos económicos de la constitución y mantenimiento de las vías de comunicación lingüística. Es fácil comprender que los costos de la creación y mantenimiento de esas vías de comunicación físicas son muy superiores a los que corresponden a la creación y mantenimiento de las vías de comunicación lingüísticas; sin embargo, nadie protesta porque en Europa se inviertan millones de euros en el mantenimiento y mejora de los medios de transporte a pesar de que ello sea muy caro. El intercambio de ideas y de lenguas tiene unos costos mucho menores que el intercambio de mercancías físicas.

Segundo T. Skutnabb-Kangas (2000: 260 e ss.) este tipo de argumentacións contrarias á conservación da diversidade lingüística por motivos económicos fan que as persoas que defenden os dereitos lingüísticos fiquemos retratadas como *estúpidas e románticas irrealistas*. Como é obvio

non podemos tratar a cuestión das linguas baseándonos en conceptos económicos, porque estamos a falar dun ben inmaterial cuxo valor é incalificábel. Cómpre, de acordo coa autora, diferenciarmos entre os custos que ela propia denomina *físicos* e *mentais*, en relación coa comunicación, dunha banda, e co poder e o control, doutra. Logo de comparar os custos físicos e mentais relativos á comunicación, conclúe que entrementes no caso dos físicos os investimentos en autoestradas ou aeroportos son moi elevados e o retorno do investido é baixo, mesmo negativo, o custo da comunicación mental é notabelmente inferior e o retorno do investimento resulta, pola contra, positivo. Deste xeito podemos concluír que as linguas son as nosas ferramentas comunicativas máis efectivas tamén en termos do sistema. Canto ao poder e o control T. Skutnabb-Kangas advirte (2000: 269):

Thus it is imperative to think of the different types of exertion of power and control and of the different means (including different languages) used for control, in terms of the cost for world peace, environment, biodiversity, and linguistic and cultural diversity, the future of humankind on earth. Killing the languages and cultures that could be a counterweight and even offer possible alternative ways of thinking and acting, and support us in stopping the madness, carries with it costs.

Desde o poder advírtese que sería máis beneficioso aproveitar a partida orzamentaria destinada á normalización das linguas minorizadas para outros fins máis *acaídos*, sobre todo nestes tempos de crise. É evidente que se unha persoa non ten cubertas as súas necesidades vitais, antes procurará o seu alimento que a defensa da súa lingua propia. No entanto, non quere isto dicir que sexa lexítimo deixarmos morrer as linguas e que fiquemos impasíbeis perante o aumento exponencial da perda da diversidade lingüística. Tal e como D. Crystal salienta (2004: 61):

It is axiomatic that physical wellbeing is a top priority: there is no point in going on to people about language if they are too ill to speak or too hungry to listen. If food, welfare and work are lacking, then it is only to be expected that they will direct their energies to ways of increasing resources and fostering economic growth. [...] Language preservation then almost seems like an irrelevant luxury.

Con todo, a conservación da lingua propia non pode constituír un luxo exclusivo das sociedades acomodadas, senón un dereito humano inalienábel para todas as persoas. O feito de non contemplar o mantemento da lingua propia como unha das necesidades básicas do ser humano, responde a unha interpretación falaz das linguas por parte dos grupos de poder, xa que, en contra da opinión xeneralizada, precisamos a nosa lingua para sobrevivir: pensar, comunicar, interpretar ou ler constitúen necesidades importantes.

A través desta idea, que redundando no carácter superfluo de conservarmos as linguas minoritarias, o poder establecido, dando un paso máis, lévanos a outro argumento tamén perigoso relacionado, máis unha vez, co terreo da economía, xa que manifesta que non é económico ou produtivo, en termos do mercado, empregar dúas linguas nun mesmo territorio cando cunha delas sería suficiente, por ser esta a común a todas as persoas do estado. Porén, esta mesma argumentación pode ser desenvolvida na dirección contraria, de tal maneira que para defendermos o uso do galego apelemos ao innecesario e antieconómico que resulta o emprego de dúas linguas, cando co uso do galego, por ser a lingua propia do país, abonda.

D. Crystal (2004: 62) fai unha proposta orzamentaria calculando o que teríamos que investir —arredor dunhas 100.000 libras esterlinas por ano e lingua— para documentar e comezar o proceso de revitalización de tres milleiros de linguas en perigo. A suma —900 millóns de libras—, di, semella elevada, porén equivale aos ingresos producidos polo consumo do petróleo como combustíbel en só dous días de extracción nun ano de produción media. En vista do relativismo implícito en conceptos como *caro* ou *barato*, resulta evidente que a cantidade sinalada por D. Crystal non parece xa tan desmedida, senón mesmo irrisoria, segundo con que a comparemos.

1.5.2 Novos principios económicos

Á vista da actual situación das linguas do mundo cómpre unha visión que reconcilie de xeito frutífero o eido da economía coa lingüística, en xeral, e as linguas que sobreviven en precario, en particular. A diminución da diversidade lingüística precisa un cambio de enfoque da economía co gallo de obviar as recompensas a curto prazo en favor do investimento en causas éticas irrefutábeis que mesmo non poidan garantir un beneficio cuantificábel economicamente, xa que, como T. Skutnabb-Kangas sostén (2000: 260), o retorno dos beneficios investidos en materia lingüística pode ser máis lento que noutros eidos da sociedade, porén isto non implica que teñamos que abandonar a recuperación da linguo-diversidade. O problema é, de acordo con F. Grin (1990: 153), que «at present [...] there seems to be no organised body of economic theory specifically designed to study the case of minority languages».

Resulta evidente que para o desenvolvemento de calquera plan de normalización lingüística cómpre un orzamento importante, porén está xustificando de máis debido á radical importancia das

linguas para o ser humano, como construtoras da identidade social, intérpretes da realidade e instrumentos básicos para a elaboración do pensamento, alén de constituíren ferramentas básicas para nos comunicar. Con todo, o achegamento ten que ser cauteloso, xa que non se trata de renunciar aos nosos principios éticos, senón de aproveitar os recursos existentes para o desenvolvemento das linguas que o precisaren. F. Grin (1990) elabora unha panorámica das distintas aproximacións que desde a economía se fixeron sobre as linguas minoritarias. O cuestión é, tal e como salienta o autor, que as máis das veces os modelos propostos foron elaborados en exclusiva por economistas, polo que a súa visión é sempre parcial e nesgada. Como primeira aproximación sinala a proposta de Marshak (*apud* F. Grin, 1990: 154), cuxo modelo *The economics of language* postula a eficacia das linguas como a clave para a súa supervivencia. O erro desta teoría consiste en considerar que unha lingua é máis eficaz cando máis información transmite nun tempo dado. Como despois se demostrou, a eficacia lingüística pouco, ou nada, ten que ver coa velocidade de transmisión da información. Por esta razón, F. Grin sinala a necesidade dun modelo económico que considere os principios lingüísticos e que estea pensado para as linguas minoritarias e non para as grandes linguas do mundo.

Unha das aproximacións máis interesantes ao respecto é a de Lavoie (*apud* F. Grin, 1990: 155), a cal constitúe o primeiro caso en considerar a linguaxe como capital humano, non económico. Con todo, F. Grin da un paso máis coa súa proposta e considera que non debemos restrinxir as teorías económicas aos problemas materiais, senón que estas poderían ser de grande axuda para o desenvolvemento das linguas minoritarias. Salienta a necesidade de reflexionarmos baixo unha nova óptica —a económica— sobre cuestións como por que empregamos unha lingua en concreto e non outra, o que pode resultar de grande importancia na súa opinión para a normalización das linguas minorizadas —F. Grin (1990: 156-157). Xa que o feito de o poder económico estar en mans das comunidades de falantes dunhas determinadas linguas e non doutras determina a expansión internacional das primeiras en detrimento do descenso de falantes e funcións lingüísticas das segundas.

O autor suxire unha aproximación económica da linguaxe centrándose na categoría de lingua minorizada tal e como se concibe no contexto de Europa occidental, isto é, como o éuscaro, o bretón ou o galego en cadanseu territorio —por moito que os criterios empregados para a caracterización do concepto de lingua minorizada (F. Grin, 1990: 158) sexan confusos, inexactos e mesmo incoherentes—, entendendo a necesidade de considerarmos argumentos económicos para

desenvolver plans de normalización lingüística para estas linguas, o que motivará segundo el que unhas prosperen entrementes outras desaparecen.

Porén, baixo o noso punto de vista, falar das linguas en termos de produtividade, utilidade ou eficacia non deixa de ser cando menos sorprendente, senón perigoso. O problema radica en que, ao reducir a cuestión das linguas minorizadas a termos económicos, é probábel que esquezamos que non podemos deixar de promocionar medidas anti-económicas, *lato sensu*, como subvencionar a realización de cine ou a edición de libros na lingua recesiva, por moito que os índices de vendas sinalen o seu descenso en beneficio das películas ou publicacións na lingua opresora, xa que, tal e como F. Grin suxire (1990: 171):

[...] subsidising goods used in minority language activities will prove efficient if they are rather expensive anyway; for example, subsidising books in the minority language will not make much difference.

O concepto de produtividade, pois, ten que ser reinterpretado baixo a panorámica da lingüística e non as linguas minorizadas baixo a visión da economía, en tanto que a eficacia das políticas lingüísticas non pode ser manipulada mediante o uso de conceptos como *caro* ou *barato*. O beneficio a curto prazo que require a economía carece de sentido no eido da planificación lingüística en que os resultados das accións presentes compróbanse no futuro non inmediato. Porque, tal e como G. Sanmartín Rei (2009c) salienta, «quizais teñamos que [...] combater a idea de que todo aquilo que non é útil, que no é práctico a moi curto prazo non vale.» O que non deixa ademais de ser contraditorio coa situación actual, dado que baixo esta visión capitalista, preocupada unicamente pola produtividade e a lei do esforzo-beneficio, procúrase dunha banda o coñecemento de linguas foráneas sen considerar o tempo e o traballo investidos e, doutra, desaconséllase a aprendizaxe de linguas minorizadas mesmo nos seus propios territorios incidindo no escaso proveito que poderemos tirar delas no futuro ademais do esforzo que supón —*vid.* M. Moreira Barbeito (2009: 4).

1.5.3 O *imperialismo lingüístico*

A pesar das polémicas que suscita, como xa comprobamos, consideramos completamente acaído o concepto de *imperialismo lingüístico*, tal e como R. Phillipson (1993²) o presenta, xa que describe á perfección a situación de conflito en que moitas linguas sobreviven. Etimoloxicamente *imperialismo* refírese á actitude de quen pretende estender o seu dominio nun territorio alleo. Por tanto, *imperialismo lingüístico* remite á actitude de quen pretende estender o seu dominio *lingüístico* nun territorio alleo, o que reproduce parte por parte o contexto de substitución lingüística que padecen as linguas minorizadas na actualidade.

Este xeito de actuar pode expandirse a outros eidos, por exemplo á economía, tal e como vén ocorrendo desde o principio dos tempos xa que o imperialismo, como podía entenderse na Roma clásica, non respondía só a un interese simplemente político, senón tamén económico, como é obvio. Considerar os novos territorios para a conquista como unha horta que explotar non constitúe en absoluto unha idea orixinal. Alén de que toda usurpación do alleo, quer unha nación, quer unha lingua, carece de calquera fundamento ético, xa que outorga á forza opresora a potestade para aproveitarse do sector oprimido por medio dunha actitude discriminatoria inxustificábel. Ambos os dous conceptos poden ser relacionados, tal e como J. C. Moreno Cabrera (2008: 169) comenta: «La asociación entre imperialismo capitalista e imperialismo lingüístico es precisamente lo que hace que la lengua española tenga un valor económico internacional». Esta perigosa combinación de nocións é a responsábel da desaparición de innúmeras linguas ao longo da historia e tamén dos moitos procesos de substitución lingüística que mantén abertos na actualidade o español, como é o caso do galego. A prosperidade económica do actual *imperio* do español propicia que a súa lingua se convertese nun elemento clave e de prestixio ao que deben acceder todas aquelas persoas que pretenderen formar parte do devandito imperio; aínda que en certos contextos, como nos EEUU, o aumento do número de falantes non veña determinado polo prestixio, senón todo o contrario; mais tamén vén en certa medida referendado por criterios económicos, debido a que moitas persoas empregan esta lingua conscientes do gran mercado que este feito lles outorga.

Constituído como un mecanismo máis da engrenaxe do sistema, a lingua española recuperou o seu status de macro-lingua internacional que perdera despois do caída do Imperio español iniciada no século XVII. E, de acordo con J. C. Moreno Cabrera (2008: 171):

La historia se repite. Antes era la religión y ahora es la economía. Los intereses particulares del imperialismo económico de las multinacionales son ahora los encargados de llevar la miseria, la muerte, la pobreza y la explotación a los países hispanoamericanos. El nacionalismo lingüístico parece ver con buenos ojos, sin embargo, la asociación de la expansión de la lengua nacional con estas nuevas violencias económicas. Como vemos, la lengua vuelve en este caso a ser compañera del Imperio; en este caso, del económico.

En efecto, tal e como acaidamente sinala o autor, a historia repítese. Pode que os métodos non sexan os mesmos, mais os fins da colonización non variaron tanto desde hai máis de cincocentos anos. O español, *compañeiro do Imperio* entón e agora, foi empregado como elemento de dominación e sometemento na conquista do continente americano ocasionando a morte das máis das linguas propias dese continente, do mesmo xeito que hoxe segue a se impor naqueles territorios que o Imperio do español pretende dominar, xa non militarmente, senón económica, lingüística e culturalmente, tal e como J. C. Moreno Cabrera (2008: 144) sinala:

En efecto, la ideología de la globalización característica del mundo contemporáneo hace que unas pocas lenguas y culturas, cuyo ámbito de influencia fue ampliamente magnificado desde los inicios del colonialismo en el siglo XVI, pugnen ahora por ocupar el mayor número posible de áreas de influencia, dentro de los diversos aspectos de este mundo globalizado: el político, el económico, el educativo, el informativo, etc. Es lo que Phillipson (1992) denomina *imperialismo lingüístico*, cuya manifestación actual más evidente es el imperialismo lingüístico anglosajón [...].

Así pois, a expansión actual das grandes multinacionais españolas parella á do propio idioma en territorios foráneos non é en absoluto casual, senón que ambas as dúas van xuntas como elos contiguos dunha mesma cadea. Isto é, non pensemos que resulta inocente a sementeira de centros que ensinan español, sufragados sempre pola metrópole, en máis de cincuenta cidades de todo o planeta. Estes centros de ensino, dirixidos polo Instituto Cervantes, están consagrados, presuntamente, á divulgación do español polo mundo así como do resto de linguas cooficiais do Estado; no entanto, a realidade confirma que contribúen unicamente a espallar a idea da necesidade de aprendermos unha lingua internacional, o español, para prosperar económica e socialmente así como ter acceso a postos de traballo nas empresas —moitas e moi importantes—, que o actual proceso de globalización se encargou de diseminar por toda a parte, ocasionando, irremediabelmente, a diminución da diversidade lingüística nos países receptores ao tempo que

transmiten unha visión monolingüe do Estado español. Ao mesmo tempo que unha multinacional española amplía os seus dominios, nun país subdesenvolvido inaugúrase un centro de español, avalado polo goberno do estado opresor, que se nutre en primeira instancia dun alumnado que formará parte posteriormente da persoal da multinacional en cuestión.

Amparándose no escudo eufemístico da globalización, as persoas responsábeis da desmedida expansión actual do inglés e máis do español pretenden afeitar o imperialismo económico e lingüístico, que en verdade os caracteriza, facendo ver á sociedade que isto constitúe en si propio un chanzo fundamental e imprescindíbel cara ao progreso e a modernidade, intentando «pasar por natural e espontánea a imposición do español» (G. Sanmartín, 2009a: 21) e máis do inglés, cando en realidade constitúe un proceso de dominación e sometemento. No entanto, tal e como M. P. García Negro salienta (2009b: 21):

Cómpre aclarar, en primeiro lugar, que o natural, en calquer comunidade que poda desenvolver a súa vida en condicións normais, é a posesión dunha lingua, a súa, apta para caisquer cometidos e en proceso de adaptación continua a novas necesidades comunicativas, expresivas, técnicas, estéticas, científicas, etc. O monolingüismo non é unha cualidade de alto patriotismo, senón inherente á propia natureza da lingua, rexida polo principio de economía, con capacidade autónoma de conceptualizar e de autorrenovación constante. A unión de significado e de significante, no signo lingüístico, é unha **unión necesaria e suficiente** [o subliñado é da autora].

A autora reivindica o monolingüismo social que é, ao mesmo tempo, innato a todo colectivo humano. Este argumento radica no feito de que no momento en que xorde unha nova comunidade faino sempre acompañada dunha soa lingua que serve como elemento cohesionador e identitario desta, polo que a perpetuación do mito falaz do bilingüismo —en calquera das súas múltiples interpretacións: harmónico, restitutivo ou equitativo, entre outras moitas— como situación idílica parece inviábel, alén de contrario ao mantemento da diversidade lingüística. Nos procesos de substitución lingüística abertos na actualidade o bilingüismo contéplase, como xa comprobamos previamente, non como un fin en si propio —como pretendidamente se presenta por parte dos grupos dominantes—, senón como unha situación de tránsito cara ao monolingüismo na lingua opresora do binomio, o que ocasionará inevitabelmente a morte da minorizada.

1.5.4 A economía da linguaxe, a rotura do hermetismo social e a teoría dos vasos comunicantes

No século XIV o filósofo escolástico inglés William of Ockham desenvolveu o principio metodolóxico de parsimonia, tamén coñecido como a *navalla de Ockham*, consistente en que, en igualdade de condicións, a solución máis sinxela perante calquera situación será probabelmente a correcta. Este razoamento deu lugar, séculos despois, ao principio de economía que garante a eliminación de elementos superfluos facilitando a comunicación¹⁸.

De acordo coa definición do principio da economía da linguaxe a existencia de dúas linguas nun mesmo territorio, e por tanto tamén a do propio bilingüismo, resulta anti-económica, tecnicamente falando, e superflua por innecesaria. Nun contexto coma o noso cómpre aplicarmos a lei de economía da linguaxe, porén sempre de xeito ético e lexítimo, isto é, opóndonos ao concepto de bilingüismo harmónico e cordial proposto pola administración galega para reivindicarmos o monolingüismo social—do mesmo xeito que M. P. García Negro (1997a: 286-287) sostén— na única lingua propia de Galiza: o galego; a diferenza dos colectivos contrarios á lingua propia que procuran tamén o monolingüismo, mais na lingua opresora do conflito lingüístico galego: o español.

En contra do que sería desexábel, é tanta a influencia que a economía imprime na historia actual das linguas que resulta imposible analizarmos a súa situación sen a considerar. De acordo con A. Bastardas i Boada (2000²: 71), as sociedades baseadas no modelo capitalista proxectan necesariamente na súa poboación unha discriminación alicerzada na situación económica de cada individuo do mesmo xeito que acontecía nas sociedades estamentais características do Antigo Réxime. Porén o sistema capitalista reconece a posibilidade de ascenso ou promoción social, o coñecido *soño americano* —que en tan poucas ocasións se produce—, un cambio de status que vén acompañado as máis das veces por alteracións no comportamento lingüístico consistentes na adopción da lingua ou formas lingüísticas características dos grupos socialmente prestixiados. Non esquezamos que a emulación das clases dominantes por parte das minorías favorece a aceleración

¹⁸ Por moito que sabemos que en innúmeras situacións todo falante actúa conscientemente de maneira antieconómica, lingüisticamente falando, por empregaren recursos indirectos, circunloquios ou dobres significados, rachando, deste xeito, conscientemente co principio de cooperación da linguaxe, tal e como sinala a análise do discurso.

dos procesos de substitución lingüística en que curiosamente a lingua opresora corresponde sempre coa do grupo socio-economicamente maioritario.

Como vimos de ver ao longo deste apartado dedicado á relación entre diversidade lingüística e economía, dous aspectos en principio tan dispares conclúen por se manifestar amplamente relacionados na sociedade globalizada. Na actualidade non podemos considerar as realidades illadamente como compartimentos estancos, senón que eidos aparentemente tan distantes como as linguas, a economía, a política ou a ecoloxía, manifestan estar intimamente interrelacionados. A estancaneidade e hermetismo dos compoñentes da sociedade característica do século XIX expiraron. A revolución das comunicacións condicionou notoriamente as relacións interpersoais así como o devir da historia do ser humano desde as últimas décadas, como se dunha sucesión de vasos comunicantes se tratar e para encher un fose preciso baleirar outro, de tal xeito que para aumentar o nivel do vaso correspondente á economía diminúe, de maneira inversamente proporcional, o dos vasos das minorías lingüísticas, étnicas ou de xénero.

Na teoría dos vasos comunicantes establécese que os recipientes deberán estar conectados entre si, tal e como vimos que o están lingua e economía, e que debido á presión atmosférica os distintos niveis rematarán por se igualar, a diferenza do que acontece coa *presión* social que provoca un distanciamento cada vez maior entre os niveis dos vasos por medio de accións discriminatorias. En contra dos principios da teoría orixinal que procura sempre o equilibrio dos compoñentes, semella que a adaptación moderna desta promove a desigualdade e desequilibrio entre os seus *vasos*. As características deste principio teórico establecidas por Galileo hai catro séculos mudaron notabelmente de dirección na procura dos intereses das maiorías, tal e como comprobamos neste achegamento á teoría clásica. Non esquezamos que a presión exercida desde os distintos ámbitos do poder determina o estado de precariedade en que sobrevive a maior parte dos colectivos minorizados, do tipo que for, ocasionando mesmo a súa desaparición. A este respecto J.-L. Calvet & L. Varela (2000: 54-55) comentan que:

Les langues qui disparaissent sont le signe de situations dans les quelles la convergence de facteurs politiques, sociaux, économiques et psychologiques poussent leurs locuteurs à les utiliser de moins en moins, et à ne les utiliser qu'avec des gens de leur âge et non pas avec les jeunes, dans des situations de plus en plus privées, de plus en plus vernaculaires et de moins en moins véhiculaires.

O hermetismo que podíamos pensar que caracterizaba á sociedade en que vivimos resultou ser falso, polo que a discriminación dos grupos minorizados responde á concatenación dunha serie de factores de distinta natureza implicados nunha acción tal.

1.6 Conclusión

Neste capítulo propúxemonos realizar unha panorámica sobre diversas cuestións de alcance xeral, mais que resultan de grande importancia para sustentar os alicerces desta investigación. Deste xeito, detivémonos en aspectos epistemolóxicos e na interpretación que tradicionalmente se fixo nas distintas culturas da linguo-diversidade; mais tamén nas diferenzas terminolóxicas no eido da morte das linguas, no enfrontamento das dúas visións opostas en lingüística con respecto da diminución da diversidade lingüística, así como a conflitiva relación que se establece entre os intereses económicos e as linguas.

Logo de visitarmos todas estas cuestións que, se é certo que teñen unha aplicación planetaria, non podemos negar tampouco a súa repercusión a nivel local, podemos sinalar algunhas conclusións neste sentido. En primeiro lugar, respecto da epistemoloxía, cómpre sinalar que o estado actual da ciencia en xeral, e da lingüística en particular, fai necesario incidirmos na necesidade de non confundirmos aspectos fundamentais na propia ciencia que foron establecidos desde antigo, tal e como puidemos comprobar no texto de Plantón. Deste xeito, pretendemos facer fincapé na necesidade de elaborarmos as achegas científicas aportando coñecemento novo e non trivial, de tal modo que contribúan a facer avanzar a sociedade, solventando algún problema nela, como o é a perda incesante de linguas.

Outro aspecto importante neste capítulo, que non debe pasar inadvertido pese ao exotismo dos textos citados, é o relativo á interpretación que as distintas sociedades fixeron, e fan, da diversidade lingüística. Aínda que en ocasións semelle que os textos suxeridos constitúan unicamente relatos de ficción, en realidade esconden os intereses das sociedades que os acollen. De tal maneira que, no caso, por exemplo, da tradición xudeu-cristiá, salta á vista que os grupos de poder difundiron internacionalmente esta interpretación, por mor de ser esta a que mellor se aviña ás súas necesidades. Por este motivo, aínda que en ocasións pensemos que temos superadas estas interpretacións mitolóxicas da realidade, o certo é que a día de hoxe continúan completamente vixentes.

Doutra banda, as distintas interpretacións do proceso de morte de linguas que se desenvolven dentro da propia ciencia da linguaxe, así como a discusión terminolóxica neste eido, son dúas cuestións que están intimamente relacionadas. A grandes trazos podemos diferenciar na

historia da lingüística dúas correntes enfrontadas en base á súa visión da diminución do número de linguas. De tal xeito que as persoas que se sitúan en contra da morte das linguas, e loitan pola recuperación das minorizadas nos seus respectivos territorios, se caracterizan por empregaren unha terminoloxía que non agoche as persoas responsábeis deste feito, que non manipulen a realidade procurando coadxuvar na exoneración daquelas que determinan o ascenso das grandes linguas do mundo, ao tempo que ocasionan a desaparición de cada vez máis linguas oprimidas. Entrementres, aqueloutras que non contemplan a morte das linguas como algo intrinsecamente negativo, porfían en facer pasar este proceso por algo normal, como se respondese a un cuestión de evolución natural.

Con todo, tal e como tivemos a ocasión de comprobar no apartado dedicado ao estudo da vinculación entre a economía e as linguas, os procesos de substitución lingüística non constitúen feitos naturais, senón que todos eles responden a un mesmo patrón: unha lingua perde falantes e funcións lingüísticas en beneficio doutra foránea, que se impón no territorio da minorizada. Por tanto, este proceso non se fundamenta en cuestións lingüísticas, senón que responde, como tivemos ocasión de comprobar, a criterios de poder.

2. Dereitos lingüísticos

2.1 O dilema da persoa falante dunha lingua minorizada

Nunha terra afastada, circundada por mares, océanos e montañas, vivían tranquilamente varios millóns de persoas, gozando da fertilidade e dos moitos recursos do lugar en que moraban, valéndose dunha lingua empregada nese territorio desde antigo, mesmo desde hai séculos, que contaba cunha tradición literaria, tanto oral como escrita, rica en obras de todos os xéneros. Porén a comunidade veciña comezou de súpeto unha forte ofensiva empregando non armas de lume, senón outras máis poderosas como a coacción e a persuasión hostil, tentando facer ver que a vida era máis sinxela e cómoda —mellor en definitiva— de se acomodaren aos patróns da súa sociedade e, por tanto, á súa lingua, que achega maiores beneficios por ser a lingua dunha comunidade grande e dominante que pode ser empregada con millóns de persoas que a teñen como propia en gran parte do planeta, e non nunha lingua como a súa, falada só nunha pequena comunidade. Todas as persoas desta afastada terra comezaron a cuestionarse individualmente cal sería a opción máis proveitosa:

1. Continuar falando a miña lingua propia e transmitíndoa a miña descendencia.
2. Adoptar a lingua foránea que semella máis proveitosa.

Velaí o dilema: de adoptar a lingua dominante terían máis posibilidades de ascender profesionalmente, acceder a postos de prestixio, ter unha vida mellor ou máis oportunidades para as súas crianzas, entre outras cuestións; con todo, se pescudamos un pouco máis no asunto, parece que a opción racional considerada individualmente resulta prexudicial a nivel colectivo, porque que acontecería se todas as persoas da tribo chegasen a esta mesma conclusión? Pois se todas cambiasen de lingua adoptando a dominante, a lingua de seu desaparecería, e con ela unha parte fundamental da súa identidade colectiva que os constrúe como diferentes, como grupo distinto dos demais, alén dunha cosmovisión única, que morrería xunto coas derradeiras persoas falantes de lingua minorizada.

Cadro 10: *O dilema da persoa falante dunha lingua minorizada*

Cooperar	Non cooperar
Recompensa individual inmediata	Ben común
Desaparición da lingua propia	Conservación da lingua propia

Por este motivo, do mesmo xeito que acontecía no caso das persoas prisioneiras, cómpre actuarmos eticamente; isto é, cooperar pensando no ben común, na conservación da lingua propia e máis da identidade colectiva, impedindo o avance imperial das culturas dominantes e máis a desaparición das oprimidas.

2.1.1 A necesidade dunha ética das linguas

Coa enunciación do dilema da persoa falante dunha lingua minorizada pretendemos incidir na necesidade da elaboración urxente dunha ética da linguo-diversidade. Non podemos continuar desenvolvendo máis alternativas plurilingüistas —no sentido en que se emprega na actualidade o plurilingüismo—, senón só estratexias lingüísticamente ecolóxicas. Máis unha vez, resulta necesario achegarnos ao traballo realizado no eido da biodiversidade ao respecto da elaboración dunha ética propia, para tirarmos proveito do traballo realizado neste eido e aplicarmos as estratexias que poidan resultar beneficiosas no caso das linguas. Deste xeito, podemos adoptar o modelo proposto por P. Singer (2003^{2a}) ou T. Moure (2008a); en ambos os dous casos procúrase a elaboración dunha ética comprometida fundamentada en accións realmente efectivas, de tal xeito que, por exemplo, unha alternativa ao consumo desorbitado de combustíbeis fósiles non pasa polo emprego de vehículos híbridos, senón polo desenvolvemento de medios de transporte ecoloxicamente respectuosos e a extensión do uso dos medios de transporte colectivos como alternativa maioritaria. Neste sentido, T. Moure (2008a) distingue dous tipos de estratexias claramente opostas: as medioambientalistas —que non procuran a solución do problema— e as ecolóxicas —que supoñen a resolución do conflito achegando novas posibilidades de actuación reais.

Analogamente, cómpre actuarmos tamén desta maneira no eido da diversidade lingüística, procurando a elaboración de principios éticos que asenten na sociedade fortes compromisos por

parte de todas as persoas, interiorizando que aquelas accións prexudiciais para a linguo-diversidade son eticamente discutíbeis, isto é, inaceptábeis. Partindo da base da necesidade de concienciar a sociedade para atallarmos unha solución á diminución do número de linguas do mundo, resulta necesaria a universalización de compromisos éticos para que as persoas deixen de aturar comportamentos neo-imperiais por parte das linguas dominantes, interiorizando que do mesmo xeito que resulta eticamente inaceptábel facer un consumo desmedido de auga deixando a billa aberta cando non é necesario, tamén o é, por exemplo, aceptarmos que o mundo se constrúa en inglés, permitindo que invada máis funcións lingüísticas.

A ética da linguo-diversidade que propoñemos fundaméntase nos seguintes principios éticos —aínda que, co devir do tempo, o normal sería que fosen formulados máis— que forzosamente deben ter unha aplicación e unha asimilación universal; isto é, son aplicábeis a todas as linguas e deben ser asumidos por todos os individuos, por ser a ética das linguas que presentamos universalista:

1. Todas as linguas están igualmente capacitadas para desenvolveren calquera función lingüística, xa que non hai linguas mellores que outras e, por tanto, tampouco non hai linguas peores que outras.
2. Todas as linguas teñen dereito a existir sen que ningunha outra pretenda usurpar o seu territorio nin a súa comunidade de falantes.
3. Ningunha lingua pode ser discriminada por ningún motivo, como, por exemplo, o número de falantes, ser ou non ágrafas, gozar ou non do recoñecemento de oficialidade ou o grao de desenvolvemento, entre outras.
4. Nos contextos de substitución lingüística non resulta eticamente aceptábel defender a lingua dominante, quer deseñando unha lexislación que perpetúe a discriminación lingüística, quer abandonando o emprego da lingua propia minorizada no seu territorio histórico en beneficio da foránea dominante.
5. Non é aceptábel asumir a morte das linguas polo feito de xurdiren outras novas. Ningunha lingua pode substituír outra distinta.
6. Cómpre manter unha actitude crítica con calquera lingua que propicie o dominio sobre outra(s), por moito que o resultado poida ser proveitoso para nós, se formos falantes da lingua prestixiada.

7. Calquera falante ten que asumir un compromiso coa súa lingua propia co propósito de garantir un mínimo de calidade lingüística, sobre todo no caso daquelas linguas que, ao estaren inseridas en contextos de substitución lingüística, precisan deste compromiso por parte do seu colectivo de falantes para deste xeito faceren extensivo o emprego da variante padrón elixida ao conxunto de falantes e o proceso de normalización da lingua minorizada resulte efectivo.

8. Todas as linguas teñen dereito ao desenvolvemento de medidas dirixidas á recuperación do espazo que lles corresponde nos seus territorios históricos en tanto que linguas propias dese lugar, así como das funcións lingüísticas usurpadas polas linguas dominantes nos procesos de substitución lingüística. Referímonos, por exemplo, ás medidas deseñadas ao abeiro dos programas de planificación lingüística.

9. Resulta necesario contribuír á restitución de todas as linguas nos seus respectivos territorios; mesmo naqueles casos en que o colectivo de falantes adoptase maioritariamente a lingua foránea dominante do proceso de substitución lingüística, ignorado a lingua que o poder lle furtou.

Do mesmo xeito que acontece na ética da biodiversidade, tamén no caso da diversidade lingüística cómpre distinguir claramente as estratexias plurilingüistas daquelas outras lingüisticamente ecolóxicas; isto é, as medidas que só procuran parchear a situación, das que realmente procuran unha solución efectiva para a cada vez maior desaparición de linguas do mundo, respectivamente. Vexamos un exemplo de cada unha destas estratexias:

Estratexia de substitución lingüística: nun contexto de conflito lingüístico como o galego, que unha administración lexisle procurando unha promoción —pretendidamente— paritaria entre a lingua propia minorizada e a foránea opresora constitúe unha alternativa abertamente plurilingüista, xa que realmente non supón unha solución para a situación de conflito lingüístico, senón que implica perpetuar o contexto de desigualdade para a lingua desprestixiada no seu propio territorio historicamente definido.

Estratexia lingüisticamente ecolóxica: Pola contra, que unha administración desenvolva neste mesmo contexto de substitución lingüística un proxecto de normalización da lingua propia minorizada que implique a súa promoción en todos os contextos e o seu uso para todas as funcións lingüísticas, supón a adopción de medidas lingüisticamente ecolóxicas que

procuran unha solución efectiva para o conflito lingüístico, comprometidas coa conservación desta lingua en particular e máis da lingüo-diversidade en xeral; por consolidar a presenza dunha lingua no mundo e mostrar unha pauta de actuación eticamente respectuosa que pode ser exportada para outros contextos similares de substitución lingüística.

Logo de reflexionarmos brevemente sobre estas cuestións propiamente éticas, cómpre realizarmos unha análise da situación dos dereitos lingüísticos en particular, procurando aplicar os novos principios éticos adquiridos na re-interpretación de conceptos fundamentais neste eido que de seguido presentaremos, como por exemplo: nación, dereitos humanos/lingüísticos ou individual e colectivo, entre outros.

2.2 A interpretación tradicional dos dereitos (humanos e lingüísticos)

Practicamente desde o momento en que xorden os dereitos humanos, produciuse un enfrontamento interno nesta categoría que aínda hoxe fica sen solución¹⁹. Todo fluía con tranquilidade entrementes os dereitos humanos da primeira xeración falaban en termos xerais sobre cuestións obvias, aínda que fundamentais, porque foran —e son— negados en moitos momentos históricos. Constitúen exemplos destes dereitos da primeira xeración os seguintes: todos os individuos son igualmente libres, garántese o dereito a existir e todos os individuos gozarán dun mesmo status de dignidade, entre outros. Até aquí todo ía ben xa que constituían abstraccións ou xeneralidades que tampouco non condicionaban ninguén por non se circunscribiren a contexto ningún e ficaren alleas á realidade así como aos conflitos concretos, tal e como W. Kymlicka (1996: 18) sinala:

El problema no es que las doctrinas tradicionales sobre los derechos humanos den una respuesta errónea a tales cuestiones, sino, más bien, que a menudo no dan ninguna. El derecho a la libertad de expresión no nos dice cuál es la política lingüística adecuada; el derecho a votar no nos dice cómo deben trazarse las fronteras políticas o cómo deberían distribuirse los poderes entre los distintos niveles de gobierno; el derecho a la movilidad y libre circulación nada nos dice sobre cómo debe ser una política adecuada de inmigración y nacionalización. Estas cuestiones se han dejado a los procedimientos habituales de toma de decisiones mayoritarias de cada Estado. Voy a sostener que el resultado de ello es que las minorías culturales son vulnerables a injusticias significativas a manos de la mayoría, así como el agravamiento del conflicto etnocultural.

Con todo, esta crítica non só se fixo á redacción destes dereitos en concreto, senón tamén a moitas outras declaracións, tal e como veremos a continuación. Posteriormente, no momento en que os dereitos duns determinados individuos resultaron *incómodos* para outros, quer por impoñer obrigas nestes, quer por limitar os seus propios dereitos, a defensa deles tornouse interesada perdendo así a presunción de inocencia de que até o momento gozaba. Mais, de acordo con K. D. McRae (1994: 86): «no hemos de olvidar que otorgar derechos lingüísticos significativos a algunos ciudadanos comporta obligaciones correspondientes con otros, y del mismo estado a un nivel u otro», tal e como acontece cos individuos que traballan como empregados públicos por estaren obrigados a atender, no noso contexto, en galego, xa que neste caso prima o dereito da cidadá ou cidadán sobre o do funcionariado, quen asume obrigas cando asina o seu contrato laboral. A. X.

¹⁹ Esta cuestión, presentada xa no apartado 1.1, desenvolverase posteriormente na epígrafe 2.3.

Ferreira Fernández, A. Nogueira López, A. Tato Plaza e L. Villares Naveira (2005: 94) sinalan —no seu acaído estudo sobre a situación xurídica do galego— ao respecto do coñecemento das linguas cooficiais por parte das persoas que traballen na función pública o seguinte:

Da consagración dun réxime de cooficialidade lingüística necesariamente van brotar *cargas de coñecemento lingüístico* que van afectar fundamentalmente a aqueles que se integran nos diferentes poderes públicos. Ninguén discute hoxe que o coñecemento e capacitación do persoal ao servizo da administración autonómica sexa unha necesidade e unha obriga para garantir, no servizo público, os dereitos lingüísticos dos cidadáns e posibilitar o uso do galego como lingua propia da Administración. Así o recoñece o artigo 11 da LNLG segundo o que «a fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración e ás empresas de carácter público de Galicia». Con este fin, «nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autonómica e Local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional».

Porén, á vista dos acontecementos, fica claro que esta situación está lonxe de se resolver, cando menos no vixente conflito lingüístico galego. Na actualidade, a actual administración galega presentou o Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo²⁰. Pois ben, a formulación do devandito Proxecto de lei implicou un gran retroceso na lenta recuperación do galego, pois supuxo a non obrigatoriedade coñecemento da lingua galega nas oposicións á función pública da Xunta de Galicia. En palabras da conselleira de Facenda, M. Fernández Currás:

O artigo 11 da Lei de normalización lingüística sinala que nas probas selectivas que se realicen no proceso ás prazas da función pública galega, tanto na Administración autonómica coma na Administración local, valorárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional. [...] O debate non reside, polo tanto, nun feito de descoñecer o galego, nin de abrir as portas aos de fóra, como se ten dito; trátase de garantir a seguridade xurídica dos procedementos de selección e de garantir os dereitos constitucionais dos cidadáns. [...] Todos queremos os mellores médicos, os mellores profesionais, e non ten sentido que un excelente médico non pase un exame non polos seus coñecementos técnicos, senón por un

²⁰ Información obtida do *Diario de sesións do Parlamento de Galicia*, número 11 da VIII lexislatura, sesión plenaria do 23 de xuño de 2009. As citas relativas á aprobación do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia obtivéronse deste mesmo número do *Diario de sesións do Parlamento de Galicia*. Versión electrónica dispoñíbel en: <http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/BibliotecaDiarioSesions/D80011.pdf> [24-III-2011].

deficiente manexo da lingua galega. O que haberá que facer, e esa é a obriga da administración, é facilitarlle unha mellora do coñecemento da lingua galega. O que non parece razoable é prescindir dun bo médico. Polo tanto, o que debe primar é o absoluto respecto á hora de que os opositores, como calquera outro cidadán, elixan con liberdade a lingua na que se queren expresar, sen que as esixencias do poder público, en calquera dirección, poidan menoscabar o exercicio deste dereito. [...] Polo tanto, non estamos a falar de desprotexer o idioma, non estamos a impulsar o exercicio profesional sen coñecemento do idioma, estamos a impulsar a selección dos mellores profesionais, dos mellores, e garantimos o coñecemento do idioma, xa que a administración debe responsabilizarse de que todos os traballadores públicos o coñezan ao 100%. Ese é fundamentalmente un labor de formación e non só de selección.

Porén, considerar nun proceso de oposición para a función pública o coñecemento de galego como mérito e non como un requirimento previo para se poder presentar ou redactar as probas de acceso á función pública en galego e español implican novamente medidas plurilingüistas, que perpetúan a situación de desequilibrio entre as dúas linguas ao tempo que incentiva o aumento da desigualdade entre a minorizada e a opresora. Alén de que, como vimos de ver, o coñecemento de galego non se considera por parte da actual administración galega como coñecemento técnico. Ademais, o dereito a sermos atendid@s en galego non queda garantido, contrariamente ao que vimos de ler, dado que se non se esixe o coñecemento de galego para acceder á función pública, consecuente non poderá atenderse neste idioma cando a cidadá ou cidadán así o requira no exercicio dos seus dereitos, por moito que a formulación do proxecto de lei fale da formación do persoal da función pública. Esta ausencia de obrigatoriedade de coñecemento do galego por parte das persoas que acceden á función pública implica que non se garantan os dereitos lingüísticos da cidadanía galega, tal e como A. Nogueira López (2008a: 129-130):

Dun modo semellante arguméntase o deber de coñecemento das linguas por parte dos funcionarios. Admítese pola xurisprudencia constitucional que a garantía dos dereitos lingüísticos individuais dos cidadáns precisa dunha preparación activa das estruturas administrativas para estar en disposición de respostar ás súas demandas na súa lingua de elección. A Administración, composta por homes e mulleres con dereitos lingüísticos nas súas relacións privadas, terá que acomodar os seus efectivos para facer reais os dereitos dos administrados. Nese contexto os dereitos privados dos seus funcionarios transfórmanse en deberes da Administración de cara a fora polo que cabe a esixencia de comunicación cos cidadáns nunha lingua distinta á habitual do funcionario se esta é a lingua de elección do cidadán e, polo tanto, existe un deber dos funcionarios de coñecer as outras linguas oficiais. [...] pódense restrinxir ou limitar dereitos fundamentais como o acceso á función pública en condicións de igualdade ou o de liberdade de circulación no territorio do Estado para garantir o exercicio efectivo da cooficialidade lingüística. É certo que este deber non alcanza a tódolos

funcionarios en igual medida pero si que progresivamente a Administración debe estar en condicións de non violar, esta é a cuestión, os dereitos lingüísticos dos seus cidadáns. Con esa finalidade, o Tribunal Constitucional recoñeceu que “nada se opone a que los poderes públicos prescriban, en el ámbito de sus respectivas competencias, el conocimiento de ambas lenguas para acceder a determinadas plazas de funcionario [...]”.

Con todo, perante esta situación da aprobación do devandito proxecto de lei, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda á totalidade do devandito proxecto de lei censurando a política involucionista da actual administración galega. A este respecto o deputado e voceiro de lingua do BNG, B. Lobeira Domínguez, salientou o seguinte:

O Partido Popular pretende, a través desta medida, deste proxecto de lei e doutras que simultaneamente se están a poñer en marcha en departamentos diversos da Administración autonómica, o exterminio da lingua galega do propio país e, sobre todo, da oficialidade na administración na utilización deste idioma. Ou noutras palabras: conculcar os dereitos democráticos, os dereitos lingüísticos do pobo galego a se dirixir en lingua galega na súa propia administración. [...] o noso non é un idioma, é unha barreira lingüística. O galego non é unha lingua, é unha traba, é un lastre. O galego limita, hai que acabar co galego para posibilitar a eliminación do que vostedes denominan barreiras lingüísticas e que, efectivamente, se produza na administración un desembarco masivo de xente de fóra do noso país. Mais o problema non é que sexa de fóra do noso país, o problema é que descoñece a lingua e a cultura do noso país e, por tanto, non vai ser posíbel respectar os dereitos inalienábeis de nós, dos administrados galegos, a podermos utilizar o galego na nosa propia administración, na nosa propia terra. [...] Nós afirmamos que unha persoa que non é quen de entender un exame tipo test en galego non está en condicións para poder prestar atención oral ou escrita en galego aos administrados. É evidente que quen non saiba ler, quen non poida ler un exame tipo test en galego está incapacitado logo para prestar atención oral ou escrita aos administrados galegos. [...] En definitiva [...] o Goberno do Partido Popular en pleno século XXI está a levar a adiante exactamente a mesma estratexia de españolización do noso país emprendida séculos atrás, e consistente na introdución masiva na administración a través do sistema educativo, da xustiza, mesmo da igrexa, de funcionariado alleo que descoñece a nosa lingua e cultura, converténdose así a administración nun elemento activamente desgaleguizador. Queren facer que a administración galega e os concellos galegos sexan os únicos de todo o territorio do Estado español no que o coñecemento da súa lingua propia non sexa obrigatorio nas probas de selección deste persoal. E nós pensamos que son as administracións as que teñen que estar ao servizo do pobo e non os pobos adaptárense aos criterios das administracións [...].

En efecto, tal e como xa salientabamos, este proxecto de lei supón un retroceso no proceso gradual de normalización da lingua galega, que contravén ademais o principio legal de

progresividade estipulado para a promoción legal do galego xa na Lei de normalización lingüística, inculcando novamente, en palabras de B. Lobeira Domínguez, o complexo de inferioridade e o sentimento de autoodio na sociedade galega. Con respecto do principio de progresividade de implantación da lingua galega, A. Nogueira López (2008a: 131-132) salienta o seguinte:

O TC [Tribunal Constitucional] menciona reiteradamente nas súas decisións que a adaptación ao novo marco constitucional de recoñecemento das linguas debe realizarse de xeito progresivo polo que tanto os cidadáns como, sobre todo, os poderes públicos deberán emprender as accións necesarias para garantir os dereitos lingüísticos pero a súa esixibilidade non é total e absoluta desde o primeiro momento. Este razoamento serviu para limitar a esixibilidade de medidas efectivas aos poderes públicos dado que este deberían facer unha adaptación progresiva que podería prolongarse no tempo. Tamén contribuíu a protexer aqueles funcionarios e estudantes reticentes ante a aparición dun deber de coñecemento dunha nova lingua permitindo unha adaptación gradual ao novo marco. Máis cremos que a predicada progresividade en relación cos dereitos lingüísticos ten que ter como contrapartida unha progresividade nos deberes. Por exemplo, cabe pensar que os estudantes escolarizados en calquera das linguas cooficiais adquiren uns deberes lingüísticos que non desaparecen unha vez rematada a súa escolarización polo que, progresivamente, un sector maior da poboación terá non só dereito ao uso das outras linguas senón tamén un deber de coñecemento.

Con todo, finalmente o proxecto de lei foi aprobado por maioría no Parlamento galego, polo que pasou a se converter na Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Retomando a cuestión, cómpre non esquecer que cando os dereitos dunhas persoas supuxeron obrigas, deron comezo as limitacións e puntualizacións na redacción dos dereitos —tal e como de seguido comprobaremos— manifestando a necesidade de, por exemplo, morar nun determinado país para que se garantisen os dereitos humanos ou ter un sexo determinado para os poder exercer plenamente, tal e como aínda hoxe acontece nalgunhas latitudes. A centralidade que adquiriu o criterio da territorialidade, case omnipresente en toda declaración de dereitos, sexa da natureza que for, ou a discriminación dos individuos por razón de sexo, contraveñen radicalmente a propia noción de dereito humano. Este tipo de limitacións deron lugar á oposición interna de dereitos individuais fronte a dereitos colectivos que trata de dividir os dereitos en función de se as persoas beneficiarias son os individuos ou un determinado conxunto deles que comparte unha serie de características comúns, respectivamente.

O problema fundamental que ocasiona esta oposición é que remata por ser empregada de xeito ilexítimo por parte dos estados dominantes para acabar coa diversidade propia dos seus territorios procurando, deste xeito, acadar a pretendida homoxeneidade. B. Anderson (2006³: 124-125) comenta o seguinte ao respecto do emprego que os grandes estados fixeron das linguas como instrumentos de dominación política:

Hemos visto también que, para propósitos puramente administrativos, estas dinastías habían aceptado, con rapidez diferente, ciertas lenguas vernáculas impresas como lenguas de Estado, dependiendo la “elección” de la lengua en lo esencial de la herencia inconsciente o la conveniencia. Sin embargo, la revolución lexicográfica de Europa creó y difundió gradualmente la convicción de que las lenguas eran, por decirlo así (por lo menos en Europa), una propiedad personal de grupos muy específicos —que las leían y hablaban todos los días—, y además que estos grupos, imaginados como comunidades, tenían derecho a su lugar autónomo en una fraternidad de iguales. Los incendiarios filológicos planteaban así a los dinastas un dilema desagradable que se agravó con el tiempo. Este dilema es especialmente claro en el caso de Austria-Hungría. [...] En efecto, “los Habsburgo *no* eran un poder consciente y consecuentemente germanizante [...]. Había *Habsburgo que ni siquiera hablaban alemán*. Incluso los emperadores Habsburgo que a veces promovían una política de germanización, no se guiaban por ningún punto de vista nacionalista, sino que sus medidas eran dictadas con la intención de unificar y universalizar su imperio”. [...] Pero en la segunda mitad del siglo XIX, el alemán adquirió cada vez más una posición doble: “universal-imperial” y “particular-nacional”. Cuanto más imponía el alemán la dinastía en su primera condición, más parecía ponerse del lado de sus súbditos de habla alemana, y más provocaba la antipatía del resto. Pero si no presionara en ese sentido, si en efecto hiciese concesiones a otras lenguas, sobre todo al húngaro, no sólo se perjudicaría la unificación sino que sus súbditos de habla alemana se sentirían insultados. Así pues, la dinastía corría el riesgo de ser odiada simultáneamente como defensora de los alemanes y como traidora a ellos (En una forma muy similar, los otomanos llegaron a ser odiados por los hablantes de turco como apóstatas y por los demás como turcófilos) [o subrayado é do autor].

B. Anderson (2006³: 125, 129) sostén que a mediados do século XIX todos os dinastas empregaban algunha das linguas vernáculas como lingua de estado debido ao rápido prestixio que adquiriu a crecente idea nacional en todo o continente. Observábase en todas as monarquías unha vontade de identificación nacional, unificando nalgúns casos dúas realidades, en principio, irreconciliábeis, como o son o imperio e a nación. Porén, estes proxectos de construción nacional non respondían a un verdadeiro sentimento identitario, senón a uns intereses claramente económicos, xa que baixo as novas etiquetas de estado non se pretendía amparar unha nación

historicamente definida ou o conxunto de falantes dunha lingua, senón un construto político artificial que en moitas ocasións abranguía nacións diferentes e mesmo enfrontadas, como veremos.

Retomando a oposición dos dereitos individuais fronte aos dereitos colectivos, cómpre repararmos en que promove *de facto* a desigualdade entre os individuos, mais non na procura da promoción das minorías, que sería o trato lexítimo, senón perpetuando as diferenzas entre persoas que deben ser iguais e motivando a existencia de cidadáns de primeira clase —cuxos dereitos son sempre garantidos e resultan ser na maior parte dos casos membros de grandes estados beneficiarios dos dereitos individuais que non teñen problema ningún á hora de vivir na súa lingua así como satisfaceren as súas necesidades básicas— e cidadáns de segunda ou terceira clase —cuxos dereitos, normalmente denominados colectivos, non se garanten na maioría dos casos ao situaren o criterio da territorialidade por riba dos dereitos básicos de toda persoa, cando eses mesmos dereitos se garanten como individuais para as persoas ou cidadás de primeira. Esta mesma escisión do concepto de dereito atopámola nos principais textos lexislativos dedicados a esta materia, como de seguido comprobaremos.

2.2.1 A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos

2.2.1.1 Consideracións iniciais: moderación e eurocentrismo

Tanto a *Declaración Universal de Dereitos Humanos* como a *Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos* —DUDL de agora en diante—, entre outras moitas, foron criticadas por irrealas, comedidas, inocentes e eurocéntricas. Porén, a redacción desta última supuxo un paso decisivo para a visibilización da precaria situación en que sobreviven as máis das linguas do mundo, en cuxa redacción, ademais, o galego estivo presente, fronte a moitas outras comunidades lingüísticas, e foi protagonista directo do proceso da man da Dra. M. P. García Negro, profesora da Universidade da Coruña, que participou da súa redacción e forma parte, desde entón, do seu Comité Científico.

Con todo, e a pesar das boas intencións iniciais da DUDL, que procuraban unha situación respectuosa para todas as linguas do mundo, o texto adoece de contradicións debido á ambivalente concepción dos dereitos lingüísticos como individuais e asemade colectivos, ao peso da territorialidade na concepción dos dereitos, a non definir de xeito preciso o concepto de lingua ou a

transmitir unha visión moderada e marcadamente eurocéntrica da realidade lingüística, entre outras razóns. Moi exhaustiva canto aos contextos recollidos, a DUDL obvia aquelas situacións que resultarían máis controvertidas e precisadas de resolución. T. Skutnabb-Kangas (2000) condensou en poucas liñas a verdadeira esencia da DUDL na súa obra, onde dedica un apartado do capítulo sétimo á análise desta. A autora (2000: 544) comenta ao respecto da declaración que:

The Declaration is the first attempt at formulating a universal document about language rights exclusively. It relates to all the groups mentioned above –although single language users are not mentioned specifically. It is a vast document which had already gone through 12 drafts before becoming a UNESCO responsibility– and more are needed. Its 52 Articles are wide-ranging and specify many linguistic rights. [...] At present the text is only a draft recommendation that has no immediate prospect of being approved.

O latente eurocentrismo da declaración percíbimolo na extrapolación de certas características desta parte do mundo e a súa posterior aplicación no resto das comunidades lingüísticas: o feito de que o Estado español e o resto de estados veciños salvagarden para algunhas linguas os dereitos lingüísticos inalienábeis, non implica que esta sexa a situación máis usual, moi ao contrario, a maior parte das linguas do mundo non teñen garantidos os dereitos lingüísticos, incluídas as linguas europeas minorizadas. Mesmo nos grandes estados de Occidente cabería preguntármonos se os grupos do poder serían favorábeis á integración das masas inmigrantes nas nosas sociedades recoñecéndolles os seus dereitos lingüísticos individuais. Á vista dos datos de que dispoñemos fica claro que non.

Da mesma maneira, R. Phillipson, M. Rannut e T. Skutnabb-Kangas (1995: 12) salientan no preliminar da súa obra que os dereitos lingüísticos son inherentes á persoa, mesmo cando esta abandona o seu país de orixe. Conscientes de que a consideración dos dereitos lingüísticos como inherentes ao individuo provoca a xerarquización automática na aplicación destes, de tal xeito que a lingua instalación sería a maior beneficiaria da cobertura dos dereitos lingüísticos da DUDL, unha posíbel L₂ situaríase nun espazo intermedio, mentres que, con respecto a cada individuo en particular, as linguas estranxeiras serían as menos favorecidas por ela.

F. Grin (1995: 33, 45) tamén considera que os dereitos lingüísticos non poden ser concibidos como territoriais, senón como individuais, posto que de así o facer, atopariámonos coa problemática

da migración de xeito irremediábel. O autor avoga pola aplicación duns dereitos persoais que garantan a conservación da propia identidade lingüística, optando por un concepto de multilingüismo moito máis amplo. Segundo el, no mellor dos casos os dereitos lingüísticos dos colectivos inmigrantes non se ven recoñecidos polos gobernos municipais e provinciais até que estes non constitúen unha colectividade, minoritaria, o suficientemente ampla. O que implica necesariamente a negación dos dereitos lingüísticos individuais.

Ao contemplar os dereitos lingüísticos como territoriais, xorden innúmeros baleiros legais na aplicación do texto. Unha declaración desta natureza non considera casos tan problemáticos como o da poboación do Kurdistán turco; a pesar de constituíren un colectivo suficientemente numeroso, a DUDL vese totalmente incapacitada á hora de garantir o respecto dos dereitos lingüísticos destes individuos. A poboación kurda é castigada mesmo fisicamente por empregar a súa lingua para nomear os topónimos, non está permitida a escolarización na súa lingua propia nin falar kurdo en público, tampouco non é posíbel no Estado turco poñer nomes kurdos ás crianzas.

A aplicación da política lingüística turca no Kurdistán supuxo —e supón a día de hoxe— un xenocidio lingüístico ou lingüicidio: milleiros de persoas kurdas foron sentenciadas polo incumprimento da mencionada política. Situacións como esta prodúcense na actualidade cando pasaron xa máis de seis decenios desde que a *Convención en contra do Xenocidio*, asinada polas Nacións Unidas no ano 1948, concluía incorporando o xenocidio cultural e lingüístico na redacción dos seus artigos. O certo é, segundo G. Alfredsson (*apud* T. Skutnabb-Kangas & R. Phillipson, eds., 1995: 3), que a estruturación actual das organizacións internacionais provoca situacións de desigualdade, como ocorre coa poboación armenia, kurda ou iraniana, debido a que a estes sectores da poboación non se lles recoñecen nin os dereitos colectivos nin os individuais. A este respecto, traemos aquí un fragmento de T. Skutnabb-Kangas & S. Bucak (1995: 347):

We will start with a short description of how it is to grow up as a Kurd in the Turkish part of Kurdistan. The extracts come from the testimony of Esref Okumus [...] a Kurdish journalist in his early thirties, now working in Sweden:

As a Kurd in Turkey you are born in a village or a town the name of which is not valid, because names of nearly all Kurdish villages and towns I know are today changed into Turkish. If your parents wish to give you a Kurdish name, your name will not be registered by the authorities. It will be changed into Turkish. If your parents still insist to keep your Kurdish name, they will be

prosecuted and forced by a court to change your name into a non-Kurdish name. When you, seven years old, go to school, you won't be able to communicate with your teachers. At least if you, just like me, have parents who do not speak Turkish. It will take 4 or 5 years before you at all can speak with your teachers. When you have become an adult, you must be aware of all the laws which prevent you from keeping your Kurdish identity. First of all, you are not allowed to claim that your mother tongue is Kurdish. The third section of law no. 2932 tells you what your mother tongue is: 'The mother tongue of Turkish citizens is Turkish'. You are not allowed to speak Kurdish in public places [...] If you, in spite of all this, speak Kurdish, you can be sentenced to a maximum of 2 years of imprisonment according to section 4 of the same law. [...] All this means that you, as a member of the Kurdish minority in Turkey, are deprived of all fruits of your culture. I want to emphasize this: ALL fruits of your culture. If you don't want to accept this, and clearly show your disapproval by, for instance, writing to a newspaper, then you can be prosecuted for 'weakening of national feelings' [...]. You can be sentenced to a maximum of 10 years of imprisonment. If you, as a Kurd in Turkey, 'build or attempt to build an association' to maintain your culture and language, you can be sentenced to a maximum of 15 years of imprisonment [...]. Thousands of Kurds have been sentenced according to these laws. If you try to explain this situation abroad, exactly as I am doing at this moment, you can be sentenced to 10 years of imprisonment for 'damaging the reputation of the Turkish state'.

Este testemuño real contado en primeira persoa manifesta as crueis e violentas consecuencias que pode ter un proceso de substitución lingüística, alén da asimilación completa á lingua e cultura dominantes así como a perda da identidade colectiva, características comúns a todos os contextos de conflito lingüístico. Este estado de evidente discriminación en que sobrevive o conxunto de falantes do kurdo responde á complexa situación política en que se atopan ao constituíren unha nación historicamente recoñecida, o Kurdistán, sen estado propio, que se reparte entre: Irán, Iraq, Siria e Turquía —alén de moitos outros territorios onde na actualidade se asentan por mor dos movementos migratorios. O feito de non posuír un estado propio e que o seu territorio se estenda por diversos países dificulta o seu recoñecemento como lingua oficial da súa comunidade e propicia contextos de substitución lingüística como o que está a vivir en Turquía na actualidade; mesmo cando a lingua de que estamos a falar conta con millóns de falantes —máis de dezaseis millóns, de acordo con M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶)— e o seu emprego remítenos a milleiros de anos atrás.

As deportacións e as diásporas determinaron tamén o devir do kurdo e máis do seu conxunto de falantes, dificultando en gran medida desenvolver a vida cotiá na súa lingua. A disparidade

lingüística do kurdo —que mesmo emprega tres alfabetos distintos— así como a dispersión das persoas que o empregan fai que a súa tradición literaria secular sexa inaccesíbel para elas propias. Por tanto, que difusión pode ter a literatura kurda actual cando é sabido que non será lida nin naqueles territorios onde non está prohibida? R. Phillipson *et alii* (1995: 18) presentan outro caso real que manifesta as consecuencias dos procesos de substitución lingüística:

Serhat and Gulda are Kurds from the Turkish part of Kurdistan who live in Denmark. They have just had their first child, Mizgin (which means “good tidings”) and want to visit Turkey to show the grandchild to their parents. They need Mizgin’s name to be added to their passports. The Turkish Embassy refuses to record the Kurdish name. Mizgin is over 3 years old before the Embassy agrees to do this, as a result of pressure from the Danish Helsinki Committee — and the grandparents have missed the first three years of the grandson’s life, because Kurdish names are not allowed in Turkey. This is a question of linguistic human rights.

Experiencias concretas como estas cóntanse xa non por centos, senón por milleiros, como resultado do proceso de substitución lingüística que asoballa o kurdo no seu propio territorio histórico. Con todo, a pesar da situación actual do kurdo en Turquía onde a cada día que pasa se violan conscientemente por parte da administración turca todas as convencións e declaracións internacionais de dereitos, o certo é que existe lugar para a utopía e a esperanza, dado que hoxe en día tradúcense obras galegas —fritos tamén dunha nación minorazada sen estado— ao kurdo.

No entanto, o certo é que segundo a enunciación dos dereitos característica da DUDL, non habería problema na aplicación destes no conxunto de falantes do kurdo; mais, como vimos de ver, a realidade resulta ser moi diferente. A razón que motiva esta desprotección característica do Kurdistán, reside en que as súas fronteiras non se amoldan a ningún estado actual, senón que sobordan estes lindes de natureza política e se estende ao longo de varios estados modernos, sen ocupar en ningún deles postos de responsabilidade política. Deste xeito, o colectivo de falantes do kurdo fica completamente desamparado, pese a constituír unha comunidade lingüística historicamente establecida nun territorio determinado, falada por millóns de persoas e que conta cunha tradición cultural propia secular.

2.2.1.2 A territorialidade dos dereitos lingüísticos na DUDL

Retomando a cuestión da pertenza a un colectivo minorizado, tamén outras declaracións, ademais da DUDL, defenderon o dereito das persoas pertencentes a comunidades lingüísticas minorizadas a empregar a súa lingua e relacionarse nela cos membros do seu grupo. Exemplo disto é o artigo 27 do *Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos* —*Pacto*, de agora en diante. Mais o certo é que perante unha situación como a do kurdo en Turquía pouco pode facer unha declaración deste tipo. Os dereitos recollidos na declaración poden valer nalgunhas situacións. No entanto, no caso dunha lingua prohibida polas autoridades do estado en que se asenta, carece de toda validez. Vinte e catro anos despois da entrada en vigor deste *Pacto*, un home con nacionalidade turca é detido e encarcerado durante dous meses por pronunciar un discurso en kurdo durante unha asemblea da Asociación Turca dos Dereitos Humanos en Ankara, tal e como F. de Varennes (1996: 46) sinala. Verdadeiramente, de pouco lle serviu a esta persoa contar con varias declaracións de dereitos recoñecidas a nivel internacional, cando á hora da verdade non son respectadas polas autoridades xudiciais do seu Estado.

Ao contemplar os dereitos lingüísticos como territoriais, isto é, vinculados a un territorio concreto, a DUDL vese moi limitada á hora de asegurar o seu cumprimento en todos os núcleos de poboación nómades, inmigrantes ou refuxiados.

É por iso que co concepto de *grupo lingüístico* a DUDL tenta recoller, sempre de xeito colectivo, a situación dalgúns grupos de poboación marxinados que antes denunciabamos. Porén, desde o momento en que formula distincións terminolóxicas entre *comunidade* e *grupo lingüístico* a declaración fraquea á hora de salvagardar os dereitos destes últimos, a pesar de seren recoñecidos como unha colectividade establecida nun determinado territorio.

A cobertura da declaración para estes núcleos de poboación denominados grupos lingüísticos é, en comparación coas comunidades lingüísticas, menor desde a propia definición. A DUDL parte, manifestamente, dunha situación de desigualdade. T. Skutnabb-Kangas (2000) salienta esta mesma opinión. A autora inclúese dentro da liña de análise que se opón claramente ás diferenzas e desigualdades que se perciben na redacción desta declaración. A existencia destes dous

conceptos, comunidades e grupos lingüísticos, implica necesariamente a convivencia de, cando menos, dúas linguas nun mesmo territorio, o que supón, automaticamente, desigualdade no grao de protección lexislativa outorgada desde os propios poderes públicos. A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 12) manifestan a este respecto que:

[...] o grao de protección ou atención que o dereito pode dispensar ás linguas pode ser moi diferente, dependendo, entre outras cuestións, do número de linguas que teña unha comunidade (como é obvio, no caso de comunidades monolingües o *problema lingüístico* non existe como tal, senón que, como moito, os problemas terán que ver coa capacitación no uso da lingua, ou coa normativización da mesma), da distribución territorial e de poboación do seu uso, do grao de conflictividade que xeren e, case sempre, da relación de poder que se establece entre as comunidades que as sustentan.

Nos territorios con dúas ou máis linguas aparece o *problema lingüístico*, porque estes contextos son sempre susceptíbeis de provocaren conflito, como xa sabemos. De tal xeito que a lingua prestixiada, a que conta co apoio da administración, pode rematar imponéndose sobre a minorizada, por moito que sexa esta a lingua propia do territorio.

2.2.1.3 Dereitos individuais inalienábeis e dereitos colectivos na DUDL

No artigo 3 da DUDL distínguese claramente cales son os dereitos lingüísticos individuais e cales son os colectivos ou relativos ao grupo. No apartado 3.1 salientáanse como dereitos persoais inalienábeis o dereito a ser recoñecido como membro dunha comunidade lingüística; o dereito ao uso do propio nome, isto é, por exemplo, o recoñecemento da non tradución dos antropónimos ou o dereito das mulleres a manteren o seu apelido, no caso de contraeren matrimonio; o dereito a poder empregar unha lingua en público ou privado e tamén a se relacionar cos membros da comunidade de orixe. Estes son os únicos dereitos que a declaración recoñece como aplicábeis ao individuo en calquera situación. Como podemos observar, os dereitos lingüísticos individuais propostos están case sempre vinculados coa categoría de grupo, referíndose en todo momento á realización destes dentro da colectividade e non no propio individuo, o cal, verdadeiramente, non deixa de ser en esencia contradictorio.

A DUDL non recoñece como inalienábel o dereito ao ensino na lingua inicial, o que supón unha grave carencia por ser a escolarización unha ferramenta fundamental para a normalización das linguas. A pesar de o dereito á escolarización aparecer recollido no artigo 3.2, non debemos esquecer que os únicos considerados fundamentais e inalienábeis ao individuo son os recollidos no artigo 3.1.

Tal resultado débese, segundo T. Skutnabb-Kangas (2000: 544), a que a DUDL garante os dereitos lingüísticos de tres entidades diferentes: os individuos, os grupos lingüísticos e as comunidades lingüísticas. Esta taxonomía implica que cando o destinatario é o individuo, o dereito é individual e inalienábel á persoa, como acontece cos recollidos no artigo 3.1, mais cando o beneficiario é o grupo ou a comunidade lingüísticos, o dereito é colectivo, e, finalmente, cando o destinatario é un membro dunha comunidade ou grupo lingüísticos, o dereito resulta individual mais con importantes limitacións. De feito, como acabamos de ver no artigo 3.1, o dereito á educación na lingua propia non figura na DUDL como inalienábel.

J. E. Joseph (2006) maniféstase tamén perante a cuestión da concepción dos dereitos lingüísticos como individuais ou colectivos. Na súa opinión (2006: 55), a cobertura dos dereitos debe acompañar sempre ao concepto de individuo, de persoa, e non ao de comunidade ou territorio: «the fact that it is not a ‘heritage’ language of a place is irrelevant –languages belong to people, not to places, and Punjabi is the heritage language of Welsh Punjabis». O autor refírese ao feito de que o patrimonio lingüístico pertence ás persoas e non aos territorios, de aí que avogue pola concepción dos dereitos lingüísticos como individuais, no entanto de colectivos, sen importar que un falante estea, ou non, na súa comunidade lingüística orixinal.

2.2.1.4 As linguas minoritarias e o status de oficialidade na DUDL

No artigo 5 da DUDL recoñécese a igualdade de todas as comunidades lingüísticas perante esta declaración, independentemente da situación política de que goce a lingua en cuestión. Deste xeito, distingue: *linguas oficiais, rexionais ou minoritarias*. Porén, debido á diferenciación que previamente se establece entre comunidade e grupo lingüísticos, o certo é que si se producen diferenzas, dado que a declaración non garante a cobertura daquelas colectividades establecidas fóra do seu territorio orixinal.

É unha realidade verificábel que as linguas das comunidades lingüísticas son as que máis se benefician dos dereitos recollidos na DUDL e, nunha altísima porcentaxe, as linguas destas comunidades gozan do status de oficialidade, que resulta o grao máximo de protección que os poderes públicos outorgan a unha ou varias linguas, en contextos excepcionais, do seu territorio. A este respecto, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 12) opinan que:

[As normas lexislativas] poden acadar un maior grao de intensidade, consistente no outorgamento do status de oficialidade, isto é, de lingua válida de relación co poder público e nas relacións xurídico-privadas, ou, incluso, outorgarlle o status de lingua propia, é dicir, recoñecela como lingua que singulariza unha sociedade como pobo, merecedora dunha especial protección e promoción fronte ás outras linguas do territorio [...]. [O status de oficialidade] non é máis que un *nomen iuris*, unha simple protección formal, que non material, dun feito lingüístico.

A lexislación sérvese da consideración de oficialidade para protexer unhas determinadas linguas, tal é como ocorrería tras a aplicación da DUDL, aínda que na súa redacción se negue o trato discriminatorio. A este respecto, cómpre salientarmos aquí a discriminación do galego, catalán e éuscaro, dado que foron designados linguas propias e oficiais nos seus respectivos territorios, a diferenza do español, única lingua oficial do Estado. Alén de que, como ben sabemos, nin a designación como lingua oficial dun territorio abonda para garantirmos a súa supervivencia, xa que a propia administración pode desouvir este status de recoñecemento e legislar en contra da lingua oficial do territorio sen que se produzan consecuencias legais na súa contra.

Ademais, a taxonomía que se ofrece na declaración das posibles situacións administrativas dunha lingua resulta bastante imprecisa. Non sabemos con exactitude a que se refire coa denominación de *lingua minoritaria*, xa que esta etiqueta pode acubillar realidades moi diversas que merecen unha consideración especial. Teñamos en conta os exemplos seguintes: primeiramente podemos observar que, no contexto do Estado español, a situación do catalán, éuscaro e galego require o emprego da denominación de lingua minoritaria, pois as tres conviven co español nos seus respectivos territorios históricos con recoñecemento de cooficialidade, mais non gozan das mesmas condicións nin oportunidades que definen a lingua dominante; feito que contravén notoriamente a lexislación vixente, xa que, segundo A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 14), os poderes públicos deben promover o emprego da lingua galega — neste contexto concreto, mais o mesmo acontece co catalán e máis o éuscaro— co propósito de dignificar e salvagardar a súa supervivencia. Deste xeito, salientan que (2005: 14):

Ademais, e en coherencia co mandato constitucional derivado do artigo 9.2 da Constitución Española, os poderes públicos non poden ser neutrais ou meramente arbitraris cando a igualdade non é plena porque hai obstáculos que a fan difícil ou inexistente. Non chocan co principio de igualdade do artigo 14 da Constitución as medidas de trato máis favorable a grupos e individuos que se atopan en situación de inferioridade. Así o ten declarado de xeito expreso o Tribunal Constitucional en múltiples pronunciamentos [...].

A. X. Ferreira, A. Nogueira, A. Tato e L. Villares (2005) afirman que sempre que se produza unha situación desfavorábel para o galego respecto do español, no ámbito social, económico ou xurídico, deberán desenvolverse medidas de discriminación positiva dirixidas a acadar unha realidade plenamente igualitaria para ambas as dúas linguas, de acordo coa Constitución e mesmo con diversas sentenzas do Tribunal Constitucional.

No entanto, en segundo lugar, de acordo con T. Moure (2003a: 28), non constitúen unha minoría no mesmo sentido o colectivo de falantes de saami en Noruega que as persoas que falan afrikaans en África do Sur, dado que o afrikaans foi desde a súa orixe a lingua da poboación branca dominante no país ao tempo que desenvolvía o nocivo sistema de discriminación do apartheid. Por esta razón, non é posible considerar a devandita minoría numérica como una comunidade lingüística precisada de axuda internacional que garanta os seus dereitos. Ademais, de o seren, non serían nunca unha comunidade dominada como a saami.

A DUDL rexeita a denominación de lingua minoritaria co pretexto de non acoller a situacións de desigualdade como as vistas anteriormente, porén, non podemos negar que a consideración de colectivos denominados grupos lingüísticos supón un xeito político-lingüísticamente correcto, de acordo con L.-J. Calvet & L. Varela (2000), para se referir eufemisticamente aos colectivos lingüísticamente minorizados; isto é, crear unha nova etiqueta, desestimando a preexistente, para denominar unha mesma realidade.

Máis unha vez, a DUDL incorre nunha contradición, porque se certamente no artigo 5 afirmase:

[Esta declaración] baséase no principio de que os dereitos de todas as *comunidades lingüísticas* son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais ou minoritarias. O uso de designacións tales como lingua rexional ou minoritaria, non se adopta neste texto porque, aínda que nalgún caso o recoñecemento como lingua minoritaria ou rexional pode facilitar o exercicio de certos dereitos, é frecuente o uso dos determinativos para restrinxir os dereitos dunha comunidade lingüística [o subliñado é noso].

Non hai dúbida de que en certa medida inciden nunha discriminación. Ademais, non esquezamos que a declaración garante o non-emprego destas etiquetas que interpreta como negativas —e que efectivamente así o son— naqueles colectivos ou grupos de poboación establecidos nos seus territorios historicamente definidos. En definitiva, a DUDL mostra o que é, quizais, un dos seus maiores defectos: o eurocentrismo, ao atentar en ocasións contra o lexítimo dereito de autodeterminación dos pobos. Xa que a pesar de manifestar nos paratextos da declaración o seu carácter respectuoso coa linguo-diversidade e a heteroxeneidade na composición do equipo de traballo, por proceder de localizacións dispares, ao lermos con atención o texto, podemos achar a óptica occidentalista desde a que foi redactado.

O concepto de lingua minoritaria, que está necesariamente implicado na DUDL en nocións como a de grupo lingüístico, aplícase tradicionalmente en Europa a realidades moi diversas. Desde un punto de vista científico resulta inviábel a aplicación dunha mesma etiqueta para contextos caracterizados por factores distintos, algo que acontece na consideración de minorías lingüísticas

onde flutuán criterios como o número de falantes xunto con outros que se refiren ao estado xurídico-político dunha lingua. Os casos que anteriormente mostrabamos ao respecto exemplifican esta situación. Dunha banda, o criterio numérico serviría para considerar o galego, xunto co catalán e o éuscaro, como linguas minoritarias dentro do Estado español, aínda que, de considerarmos a situación global das linguas, tanto o galego como o catalán estarían incluídas dentro do reducido grupo de linguas máis faladas do mundo, por contaren ambas as dúas con máis dun millón de falantes. Doutra banda, de nos guiar polo criterio numérico, deberemos considerar como linguas minoritarias o afrikaans —a pesar de ter tamén máis dun millón de falantes—, o kurdo e o saami, dado que numericamente teñen unha porcentaxe de falantes moi inferior á doutras linguas do seu territorio. Mais non é comparábel á situación xurídico-política do afrikaans, lingua empregada pola minoría que ostenta o poder, coa das outras dúas, linguas minoritarias e minorizadas nos seus respectivos territorios. Resulta evidente que os exemplos referidos non se dirixen a un único concepto de minoría lingüística, senón que pretenden mostrar as inxustizas que desde antigo se veñen agochando tras estas denominacións. Concluindo: os dereitos das minorías non responden a unha cuestión numérica, senón que a explicación da súa situación discriminatoria resulta moito máis complexa.

Dentro do apartado das minorías non podemos deixar de considerar as opinións de T. Skutnabb-Kangas ao respecto. A lingüista (2000: 489-492) confirma a existencia de distintos tipos de minorías: nacionais, rexionais, territoriais, indíxenas ou inmigrantes, entre outros, ao tempo que entende que na maior parte de definicións de minoría conflúen unha serie de características comúns que se repiten, como o criterio numérico, o criterio da dominancia, os trazos lingüísticos, étnicos ou relixiosos, ou a nacionalidade —no sentido de que, como norma xeral, os estados adoitan recoñecer un maior número de dereitos ás minorías nacionais ou rexionais que aos colectivos de persoas refuxiadas ou inmigrantes. T. Skutnabb-Kangas (2000) avoga por unha definición de minorías, en xeral, positivista, admitindo que en ocasións se producen situacións de conflito. Este feito pode darse, por exemplo, cando un individuo pretende ser incluído dentro dunha minoría nacional dun determinado estado e a administración non o permite porque considera que non existe ningún tipo de minoría no seu territorio. Isto é exactamente o que ocorre coa poboación kurda en Turquía. Nestes contextos as autoridades competentes desbotan garantir os dereitos fundamentais das minorías, acordados a nivel internacional, apoiándose no feito de que, segundo a súa opinión, non existe ningún sector minoritario nos seus respectivos territorios. Ademais, a maior parte dos dereitos

garantidos internacionalmente ás minorías só son aplicábeis se no estado en que se atoparen foren recoñecidas como tales.

A este respecto, T. Skutnabb-Kangas (2000) diferencia entre *endo-definicións* e *exo-definicións*, en función de se a consideración da existencia dunha minoría viñer imposta por unha autoridade xurídico-política superior, ou se, polo contra, residir na propia decisión do colectivo minoritario. Ademais, a autora establece que a pertenza a unha minoría debe ser o resultado dunha escolla individual: a consideración de minoría non depende tanto do consentimento do estado canto da elección do individuo. Recoñece a necesidade da autoidentificación á hora de plasmar estes conceptos na praxe, o que pode verificarse no caso da loita do colectivo saami por acadar o dereito ao voto para as persoas que o representan como parlamentarias nas cortes de Noruega e Finlandia. Este tipo de dereitos non están garantidos para os membros das minorías residentes en estados que manteñen actitudes paternalistas e pretenden plasmar definicións destes grupos minorizados desde fóra, isto é, *exo-definicións*. Para a autora, un dos maiores beneficios das *endo-definicións* consiste en que a reivindicación de pertenza a un colectivo minorizado non queda eximida mesmo naqueles casos onde os individuos perdesen a súa lingua, quer por un proceso de aculturación, quer por asimilación á cultura predominante, xa que a categoría de lingua constitúe unha característica prescindíbel das *endo-definicións*.

T. Skutnabb-Kangas (2000) vai alén disto na súa argumentación e salienta a relatividade que implica ver a realidade desde un punto de vista ou outro, dependendo, pois, do tamaño da unidade de medida de que partamos. Como exemplificación desta idea, a autora propón o caso da comunidade de falantes nativos de español en Hayward (Oakland, California). Se considerarmos como unidade de medida o núcleo rexional ou local, as persoas falantes de español constitúen claramente un sector maioritario, no entanto, se partirmos do concepto de estado, o mesmo número de falantes pasa a formar parte dun sector evidentemente minoritario. Con esta ilustración pretende manifestar a polivalencia do criterio numérico á hora de entendermos as minorías. Como dicíamos, cuantitativamente non terían moito que ver dous grupos que son considerados minorías numéricas nos seus respectivos estados, como o son a poboación kurda e máis os individuos falantes de afrikaans de África do Sur. A pesar de que as persoas kurdas residentes en Turquía supoñen unha porcentaxe bastante elevada no censo estatal, a situación xurídico-política varía notabelmente nestes dous casos concretos, aínda que, de seguir o criterio numérico, a realidade debería ser a inversa. De

feito, á vista dos acontecementos, resulta difícil considerar o afrikaans como unha minoría precisada de axuda internacional, entrementres a poboación kurda é vítima dun clamoroso proceso de xenocidio cultural desenvolvido no século XXI.

Baste reflexionarmos sobre a situación mencionada por N. Alexander (*apud* F. de Varennes, 1996: 177) para ponderar a inxustiza que se percibe na aplicación do termo *minoría lingüística* a contextos tan dispares:

In South African society [...] to obtain well-paid employment in virtually any sphere, the prospective employee must be fluent in English and/or Afrikaans... This means that for most black people [maioría numérica – minoría no poder], such employment is unattainable simply because their home language is neither English nor Afrikaans and, in most cases, their schooling does not help them to acquire the necessary proficiency. Conversely, the present policy favours those of the white [minoría numérica – maioría dominante], [...] because their home language is either English or Afrikaans or, in many cases, both.

A devandita situación continúa a se producir aínda na actualidade, xa que hai en África do Sur o sentimento común nunha gran porcentaxe das nais e pais de que a escolarización das crianzas en centros onde se impartan as clases en inglés e afrikaans beneficiarías —do mesmo xeito que pode acontecer hoxe en Galiza con respecto do galego e máis do español, ou do galego e do inglés. Esta realidade débese a que tradicionalmente os poderes públicos favoreceron a ambas as dúas linguas —as da minoría que posuía o poder— o que ten repercusións até hoxe en día. O principal problema de África do Sur, segundo F. de Varennes (1996: 216), radica en que as políticas lingüísticas desenvolvidas actualmente pola administración non refliten as variedades lingüísticas autóctonas do país, o que supón incorrer nunha forte discriminación. Mais tamén no caso galego, como dicíamos, atopamos un proceder similar, en tanto que existe unha porcentaxe de persoas que optan por matricular as súas crianzas en centros de ensino privados —afrontando o pago de elevadas matrículas— que posúen, fundamentalmente, o inglés como lingua vehicular, pensando que deste xeito aumentarán as súas posibilidades de éxito no futuro.

F. de Varennes traballa na hipótese dos dereitos lingüísticos como fundamento da paz, para reclamar a creación de tratados específicos que garantan a preservación dos dereitos humanos

aplicados a grupos vulnerábeis como son as minorías lingüísticas. O autor sostén que o ideal da unidade nacional fundamentado na unidade lingüística procede do pensamento imperialista, para o que a lingua sempre foi unha ferramenta de homoxeneización. O autor deixa claro que (2004):

[...] los derechos étnicos y lingüísticos de las minorías no son una amenaza sino un tesoro a preservar que muestra la realidad de nuestra humanidad, y que, en consecuencia, se debe crear un entorno donde estas minorías no se vean amenazadas ni desfavorecidas. [...] Para alcanzar la paz humana debemos alcanzar la paz lingüística.

Indica que a opresión das minorías por parte dos grupos de dominio resulta negativa por promover conflitos entre ambos os dous colectivos. O autor achega como exemplo a actual situación de Sri Lanka, onde a maioría singalí incita, indirectamente, á violencia, ao marxinar á poboación tamil, que supón un 20% do país. Na súa opinión, a non aceptación da diversidade constitúe a orixe do conflito. F. de Varennes (2004) defende que os dereitos das minorías lingüísticas non son unha ameaza, senón unha fonte de enriquecemento en perigo de desaparecer, avogando polos dereitos lingüísticos como dereitos humanos fundamentais. Deste xeito afirma que (1997: § 62-63):

[...] constituye un error a menudo reiterado suponer que la protección de los derechos de las minorías es en cierto modo incompatible con los derechos humanos “individuales”. [...] Así pues, las minorías de un Estado que se diferencien de la mayoría no deben ser simplemente toleradas, sino incluidas y atendidas por ese Estado [...]. [...] uno de los principales efectos de la promoción y protección de los derechos de las minorías es el mantenimiento de la paz y de la estabilidad.

Nesta mesma corrente de pensamento sitúase F. Grin (1995: 34-41), para quen os dereitos lingüísticos das minorías non deben ser garantidos por simple xentileza das maiorías dominantes, senón porque a diversidade lingüística se sustenta na vasta variedade de dereitos lingüísticos que beneficiarán a toda a sociedade, incluídas as maiorías. O problema radica en que as linguas do grupo maioritario xa se veñen beneficiando dos dereitos lingüísticos, mais non procuran que o mesmo ocorra cos sectores minorizados. Ademais de que, segundo a nosa visión, as linguas minoritarias non son consideradas na actualidade como algo positivo senón, moi ao contrario, como un lastre, como unha lousa con que os estados occidentais modernos non están dispostos a cargar.

De ser vistas estas linguas como os tesouros de diversidade que en realidade son, non definiría ninguén o actual proceso de normalización do galego como unha imposición, senón que procurarían tirar proveito del, considerando que Galiza ten en exclusiva o usufruto dun xeito único de nos achegar ao mundo en que vivimos: o galego.

Segundo F. Grin podemos falar nestes termos de tres tipos de linguas: lingua autóctona maioritaria —lingua de pleno dereito, sen perigo e cos dereitos lingüísticos garantidos—, lingua minoritaria falada por inmigrantes, mais que é a maioritaria no país de orixe —lingua de pleno dereito no país de orixe con unha situación de ameaza por mor dos movementos migratorios— e lingua autóctona minoritaria ameazada —lingua privada dos dereitos lingüísticos fundamentais mesmo no seu territorio orixinal.

2.2.1.5 A vinculación da DUDL coa *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias*

Non podemos considerar o apartado da DUDL referido ás linguas oficiais, rexionais ou minoritarias sen amentar as posíbeis vinculacións desta coa *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* —*Carta*, de agora en diante. Este documento, asinado polos estados membros do Consello de Europa, reconece a existencia nos marcos da Unión de linguas rexionais e minoritarias en contextos de desigualdade e algunhas que mesmo corren o risco de desapareceren nun curto período de tempo. Trátase dunha declaración que tamén entra no abano de actuacións politicamente correctas, pois, dunha banda, procura a protección das linguas rexionais ou minoritarias históricas de Europa, mais doutra, a súa capacidade de actuación real fraquea por mor das moitas posibilidades legais de acción que reconece perante unha mesma cuestión.

O concepto de lingua rexional ou minoritaria empregado na *Carta* relaciónase directamente có visto na DUDL. De tal xeito que no artigo 1 desta declaración pode lerse o que segue:

a) pola expresión “linguas rexionais ou minoritarias” enténdese as linguas

I- empregadas tradicionalmente nun territorio dun estado polos súbditos deste estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do estado;

II- diferentes da(s) lingua(s) oficial(is) deste estado; non inclúe nin os dialectos da(s) lingua(s) oficial(is) do estado nin as linguas dos emigrantes;

b) por “territorio onde unha lingua rexional ou minoritaria é utilizada” enténdese a área xeográfica en que esta lingua é o modo de expresión dun número de persoas que xustifica a adopción das diferentes medidas de protección e de promoción previstas pola presente Carta.

Salta á vista a herdanza da DUDL con respecto da denominación de lingua minoritaria recollida na *Carta*. Podemos salientar, fundamentalmente, a relación, presente nos dous textos, entre unha manifestación lingüística e un territorio concreto, así como a non consideración das linguas da poboación inmigrante dentro do ámbito das chamadas rexionais ou minoritarias.

Para especialistas como A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 15-16), a *Carta*, redactada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 polos Estados membros do Consello de Europa e ratificada polo Estado español o 21 de xullo de 2000 —BOE do 15 de setembro de 2001—, é quizais o instrumento internacional vixente máis relevante no eido da diversidade lingüística dentro do contexto europeo. A súa importancia radica en que é o único texto vixente e aplicábel no noso territorio que regula a situación das minorías lingüísticas. A. X. Ferreira Fernández, A. Nogueira López, A. Tato Plaza e L. Villares Naveira (2005) entenden que baixo a etiqueta de lingua rexional ou minoritaria da *Carta* están recollidas as linguas definidas como propias nos Estatutos de Autonomía do Euskadi, Cataluña, Illas Baleares, Galiza, Comunidade de Valencia e Navarra. Así, no artigo 7 establécense como propósitos principais a promoción das linguas minoritarias e da súa tradición cultural —vertente colectiva do dereito— como a non discriminación do seu colectivo de falantes —vertente individual. En definitiva, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 17) sinalan que:

[...] a ordenación xurídica do uso das diversas manifestación lingüísticas nos Estados multilingües, como o noso, constitúe hoxe, segundo o dereito internacional, un elemento capital da súa construción e desenvolvemento. Só un ordenamento xurídico respectuoso coas diversas manifestacións lingüísticas existentes nun territorio garante a «paz social», a orde e o respecto dos dereitos e da cultura dos pobos. *A ausencia de normas suporá indefectiblemente a opresión da maioría sobre a minoría, a radical eliminación de gran parte do noso acervo cultural e a transgresión dun dos principios máis básicos da convivencia democrática como é o do respecto dos dereitos, liberdades e cultura das minorías* [o subliñado é noso].

De acordo coa opinión de F. de Varennes exposta anteriormente, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005) manifestan a necesidade de contarmos en primeiro lugar cunha lexislación respectuosa coa diversidade que procure a paz lingüística para acadarmos, en segundo lugar, a paz social.

2.2.1.6 O multilingüismo na Unión Europea

M. Corretja i Torrén (2005: 17-19) salienta que segundo o multilingüismo dos Estados membros da Unión Europea, estes poden subdividirse en dous grupos: *Estados de réxime plurilingüe*, que recoñecen desde as súas constitucións máis dunha lingua oficial que gozan dunha situación de plena igualdade —estados cun modelo de *plurilingüismo horizontal*, como Bélxica, onde cohabitan o francés e o flamengo, ou Suíza, onde conviven o francés, italiano, alemán e romanche; Estados cun modelo de *plurilingüismo vertical*, como Finlandia ou Irlanda— e *Estados con linguas minoritarias*, onde existe unha única lingua oficial no territorio, mais que tamén se atopan outras linguas minoritarias faladas soamente nunha área concreta do país.

A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 19) consideran que «canto ao estado español, á vista desta clasificación, pódese afirmar que o seu é un réxime de plurilingüismo *sui generis*», xa que atopamos elementos característicos de ambos os dous grupos. Cómpre non esquecer que a Unión Europea naceu a mediados do século XX cuns intereses fundamentalmente económicos, polo que carecía, até datas moi recentes, de calquera regulamento lingüístico. Certamente, tal e como A. Nogueira López (2001: 366) sinala:

O proceso de construción europea, aínda inacabado, nace a mediados do século XX coa vontade de superar fundamentalmente as barreiras comerciais entre uns poucos países europeos. A Comunidade Económica Europea tiña unhas competencias netamente económicas por vontade expresa dos Estados fundadores como mostra o fracaso dos intentos paralelos no tempo de crear unha Comunidade Política Europea. Este dato condicionou radicalmente a asunción de competencia culturais e lingüísticas por parte das institucións comunitarias. Ata datas ben recentes a Comunidade Europea carecía de competencias nestas materias e as únicas intervencións que podía realizar *ad extra* neste campo eran as que se xustificaban pola incidencia destas cuestións sobre dereitos económicos como podían ser a libre circulación de traballadores e mercadorías, e sempre cun contido parcial. Tamén se produciu unha regulación do réxime lingüístico *ad intra* das institucións comunitarias para determinar que linguas se consideraban oficiais e como se comunicaban as

institucións comunitarias internamente e cos cidadáns, ademais dos efectos xurídicos do uso das diversas linguas. Este réxime xurídico fixado inicialmente permanece sustancialmente inalterado despois das sucesivas ampliacións que experimentou a U.E.

De feito, as tres linguas distintas do español, cooficiais en diferentes territorios do Estado español, non son oficiais, de pleno dereito na Unión Europea. O primeiro paso para que as linguas cooficiais acaden maior importancia na Unión correspóndelle ao Estado español. Entrementes non modifique o réxime lingüístico vixente en favor destas, todo esforzo por alcanzar maior representación en Europa será imposible. En tanto persevere a consideración do multilingüismo como un obstáculo para o avance dos estados, a conservación da diversidade lingüística resultará inviábel.

J. E. Joseph (2006: 56) sinala, ao respecto do incremento de linguas presentes nas grandes urbes, que o número delas podería minguar notabelmente de cambiar a política de inmigración en Occidente:

A de facto official-language economy operates that will likely see the number of official languages expand in coming years, though this could change abruptly for political reasons, for instance if immigration and asylum policy should become even more controversial than at present.

Isto é, o *problema* que afrontan os Estados occidentais respecto das linguas podería rematar co endurecemento dos procesos de inmigración e máis de recepción de refuxiados políticos. Cunha mentalidade semellante por parte dos gobernos, movida unicamente por intereses creados, o mantemento da linguo-diversidade semella imposible.

Sen abandonarmos o marco da Unión Europea, cómpre considerarmos un informe feito público polo parlamento de Bruxelas en novembro de 2005, onde se mencionaba que un de cada catro individuos europeos pertence a unha comunidade lingüística minoritaria e, ademais, que nese grupo se inclúen as linguas galega, catalá e éuscara. O informe tentaba pór de manifesto que o feito de considerar Europa como un conxunto de estados monolingües non é en absoluto real, xa que baixo as grandes macrolinguas-estado tentan sobrevivir, tamén nestas latitudes, manifestacións lingüísticas minoritarias en precario. Desde Bruxelas informan que cando menos corenta millóns de

persoas falan en Europa unha lingua distinta á maioritaria no seu territorio. No entanto, debido á consideración do concepto de *minoría* referido desde a UE, podemos atopar realidades tan dispares como as do galego, catalán e éuscaro no Estado español; o alemán, finés e grego falado en estados distintos aos propios; linguas extracomunitarias como o ruso; ou linguas non oficiais en ningures como o ídish ou o romaní.

Cómpre reflexionarmos neste argumento, porque certamente a imaxe que se vende da Unión Europea remite a un conxunto de estados monolingües, porén, a pouco que reparemos nesta cuestión, poderemos inferir a falsidade desta premisa, en tanto todos eles se definiren como multilingües. Para apoiar este razoamento en datos contrastados, traemos aquí un cadro que recolle as linguas vivas que a día de hoxe se falan no territorio da Unión Europea²¹.

Cadro 11: *A Unión Europea verdadeiramente diversa*

Territorio	Lingua	Número de falantes
Alemaña	Alemán	75300000
	Bávaro	6000000
	Cabardiano	14000
	Danés	21000
	Frisio do leste	2000
	Frisio do norte	10000
	Ídish	5000
	Ieniche	16000
	Kölsch	250000
	Limburgués	—
	Luxemburgués	—
	Mainfränkisch	4910000

²¹ Os datos proceden de M. P. Lewis, ed. (2009¹⁶).

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Pfaelzisch	—
	Plautdietsch	90000
	Polaco	241000
	Romaní balcánico	35000
	Romaní sinte	80000
	Romaní vlax	5750
	Saterfreiesisch	5000
	Saxón alto	2000000
	Saxón baixo	1000
	Serbio alto	18000
	Serbio baixo	7000
	Swabiano	819000
	Westphaliano	—
Austria	Alemán	7500000
	Alemán suízo	300000
	Bávaro	7000000
	Croata	19400
	Húngaro	25900
	Romaní sinte	4350
	Esloveno	18000
	Walser	8080
Bélxica	Alemán	150000
	Flamengo	6000000
	Francés	4000000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Holandés	4620000
	Limburgués	600000
	Luxemburgués	30000
	Picardo	—
	Valón	1120000
Bulgaria	Albanés gheg	1000
	Arumano	10600
	Búlgaro	7990000
	Crimeano tatar	6000
	Gagauz	12000
	Macedonio	150000
	Romaní balcánico	371000
	Romaní vlax	500
	Turco	747000
Chipre	Árabe chipriota	1300
	Armenio	2740
	Grego	689000
	Turco	177000
Dinamarca	Alemán	25900
	Danés	5450000
	Faroés	48200
	Iutlandés	—
	Kalaallisut groenlandés	10000
	Sueco	—

Territorio	Lingua	Número de falantes
Eslovaquia	Alemán	5410
	Eslovaco	4610000
	Croata	890
	Húngaro	521000
	Polaco	26000
	Romaní cárpato	89900
	Romaní vlax	500
	Rusino	24900
	Ucraino	10800
Eslovenia	Esloveno	1730000
	Húngaro	9240
	Italiano	4010
Estado español	Aragonés	11000
	Aranés	3810
	Asturiano	100000
	Caló	40000
	Catalán-valencián-balear	11200000
	Español	28200000
	Éuscaro	580000
	Estremeño	200000
	Fala	10500
	Galego	3170000
Estonia	Estonio	953000
Finlandia	Estonio	6000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Finés	4700000
	Finés tornedalo	30000
	Kareliano	10000
	Livvi	5170
	Romaní-caló finés	10000
	Saami do norte	1700
	Saami inari	300
	Saami skolt	400
	Sueco	296000
Francia	Alemán	1500000
	Bretón	76200
	Caló	15000
	Catalán-valencián-balear	100000
	Corso	341000
	Español	—
	Éuscaro	76200
	Flamengo	10000
	Francés	53200000
	Grego	—
	Italiano	1000000
	Liguriano	—
	Luxemburgués	40000
	Occitano	1940000
Picardo	—	

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Portugués	750000
	Provenzal	70000
	Romaní balcánico	10500
	Romaní sinte	28400
	Romaní vlax	10000
Grecia	Albanés arvanitika	50000
	Albanés tosk	10000
	Arumano	50000
	Búlgaro	30000
	Grego	10700000
	Helenoromaní	30
	Macedonio	250000
	Póntico	200000
	Romaní balcánico	40000
	Romaní vlax	1000
	Romanés megleno	3000
	Tasaconiano	1200
	Turco	128000
Holanda	Achterhoek	—
	Drente	—
	Flamengo	122000
	Frisio occidental	467000
	Groningúés	592000
	Holandés	16400000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Limburgués	700000
	Romaní sinte	1220
	Romaní vlax	1000
	Salandés	—
	Stellingwerfs	—
	Twente	—
	Veluwe	—
	Zeeuws	220000
Hungría	Alemán	33800
	Armenio	290
	Croata	14300
	Eslovaco	11800
	Esloveno	3190
	Húngaro	9550000
	Romaní balcánico	150000
	Romanés	8480
Irlanda	Escocés	100000
	Gaélico-irlandés	260000
	Inglés	3750000
	Shelta	6000
Italia	Albanés arbëreshë	80000
	Alemán	225000
	Bávaro	250000
	Catalán-valencián-balear	20000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Cimbriano	2230
	Corso	1000
	Croata	3500
	Emiliano-romañolo	2000000
	Esloveno	100000
	Franco-provenzal	70000
	Francés	100000
	Friulano	794000
	Grego	20000
	Italiano	55000000
	Ladino	30000
	Liguriano	1920000
	Lombardo	8830000
	Mocheno	1900
	Napolitano	7050000
	Occitano	100000
	Piamontés	3110000
	Romaní balcánico	5000
	Romaní sinte	14000
	Romaní vlax	4000
	Sardo	—
	Sardo campidanés	345000
	Sardo galurés	100000
	Sardo logudorés	500000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Sardo sasarés	100000
	Siciliano	4830000
	Veneciano	2180000
	Walser	3400
Letonia	Ídish oriental	800
	Letón	1390000
	Liv	15
	Romaní báltico	8000
Lituania	Karaim	120
	Lituano	2960000
	Romaní báltico	—
Luxemburgo	Alemán	10900
	Francés	13100
	Luxemburgués	250000
Malta	Inglés	2400
	Italiano	118000
	Maltés	300000
Polonia	Alemán	500000
	Bielorruso	220000
	Casubiano	3000
	Esperanto	—
	Polaco	36600000
	Prusiano	—
	Romaní báltico	30000

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Romaní cárpato	—
	Romaní sinte	—
	Romaní vlax	5000
	Silesio	60000
	Silesio alto	12000
	Ucraino	150000
	Wilamowiceano	70
Portugal	Asturiano	250000
	Barranqueño	1500
	Caló	5000
	Galego	15000
	Mirandés	15000
	Portugués	10000000
	Romaní vlax	500
Reino Unido	Anglorromaní	90000
	Córnico	—
	Escocés	100000
	Escocés nómade	4000
	Francés	14000
	Gaélico-escocés	58700
	Gaélico-irlandés	95000
	Galés	508000
	Inglés	58100000
	Manés	—

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Polari	—
	Romaní galés	—
	Romaní vlax	4100
República Checa	Albanés gheg	—
	Alemán	39100
	Bávaro	9000
	Checo	9250000
	Eslovaco	193000
	Romaní carpato	380000
	Romaní sinte	5100
	Silesio alto	10900
Romanía	Alemán	45100
	Arumano	28000
	Búlgaro	6750
	Crimeano tatar	22000
	Gagauz	—
	Grego	4150
	Húngaro	1450000
	Polaco	2760
	Romaní balcánico	—
	Romaní carpato	—
	Romaní vlax	242000
	Romanés	19700000
	Romaní	—

Territorio	Lingua	Número de falantes
	Serbio	27000
	Turco	28700
Suecia	Finés	200000
	Finés tornedalo	79600
	Romaní-caló finés	1590
	Romaní tavringer	25000
	Romaní vlax	1500
	Saami do norte	4000
	Saami do sur	300
	Saami lule	1500
	Saami pite	20
	Saami ume	20
	Sueco	7910000

Alén da exactitude dos datos —que poden variar en función da fonte consultada—, o certo é que a súa propia magnitude resulta sorprendente —por exhaustiva— ao entrar en evidente oposición coa realidade monolingüe que se pretende reflectir de cada un dos estados que conforman a Unión Europea. Tanto é así que este mito do monolingüismo chega mesmo ás facultades das propias universidades europeas, e gran parte do alumnado de intercambio chega ás aulas dunha facultade de filoloxía como a da Universidade de Santiago de Compostela pensando que neste Estado a única lingua que existe é o español, provocando situacións de conflito lingüístico: o alumnado esixe as aulas en español —acolléndose a un falso dereito— e a persoa encargada da docencia reclama o emprego do galego —por ser a lingua oficial da universidade. En moitos casos, a pesar de estar recollido na programación docente —dispoñíbel na propia web— que a materia en cuestión será impartida en lingua galega, o certo é que nas aulas xorde en innúmeras ocasións o conflito entre as dúas partes implicadas, ao reclamar o alumnado Erasmus o falaz dereito ao

emprego do español como lingua vehicular; o que contravén tanto a guía docente da materia en cuestión como o feito de ser a lingua galega a única oficial no sistema universitario galego.

2.2.1.7 O caso de Austria

Doutra banda, non deixa de ser sorprendente o feito de que, fronte a uns textos legislativos tan comedidos como os vistos até agora —*Declaración Universal de Dereitos Humanos, Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* ou a propia DUDL—, xa a mediados do século XIX Austria elaborase unha constitución sorprendentemente precisa canto aos instrumentos e medios necesarios para salvagardar as minorías lingüísticas nacionais. A Constitución austríaca de 1867 opónse fortemente ao monolingüismo imposto polos demais estados no seu tempo e mesmo hoxe en día. Así, no artigo 19 podemos ler o seguinte (*apud* T. Skutnabb-Kangas, 2000: 508):

All the ethnic minorities of the State shall enjoy the same rights and, in particular, have an absolute right to maintain and develop their nationality and their language. All the languages used in the provinces are recognized by the State as having equal rights with regard to education, administration and public life. In provinces inhabited by several ethnic groups, the public educational institutions shall be organized in such a way as to enable all the ethnic groups to acquire the education they need in their own language, without being obliged to learn another language of the province.

Resulta difícil crer que case cento cincuenta anos despois da elaboración desta constitución non se redactaran na maioría dos estados textos legislativos cando menos tan respectuosos coas linguas rexionais ou minoritarias como a Constitución austríaca do século XIX. Sorprende, por contraste co texto citado, que se produzan a comezos do terceiro milenio situacións de desigualdade como a da poboación kurda en territorio oficial turco ou a do colectivo saami nos países nórdicos, por citar só algún exemplo dos moitos casos de substitución lingüística que na actualidade se producen.

2.2.1.8 Confusións terminolóxicas

A lingüista T. Skutnabb-Kangas (2000) acerta absolutamente á hora de considerar que a DUDL sustenta demasiados problemas por confundir o que deberían ser dereitos lingüísticos, *language rights*, cos dereitos humanos relativos ás linguas, *linguistic human rights*. Esta consideración referenda a opinión que anteriormente considerabamos sobre a declaración; xa que en ocasións as persoas encargadas de redactaren a DUDL incorren en determinados erros e contradicións que encamiñan o texto cara ao absurdo, de acordo coas palabras da autora.

T. Skutnabb-Kangas prefire distinguir os *dereitos necesarios*, aqueles que abranguen as necesidades básicas e constitúen un prerequisite para levar unha vida digna, dos *dereitos orientados ao enriquecemento persoal*, precisos para obter unha mellor calidade de vida. Dentro dos dereitos necesarios T. Skutnabb-Kangas refírese aos *dereitos necesarios individuais* e aos *colectivos*. Estes últimos remiten, por exemplo, ao dereito das minorías ou das comunidades indíxenas a existiren e máis a se desenvolveren por elas propias, sen teren que recorrer a outra lingua distinta da súa. Porén, a contribución máis enriquecedora da autora ao respecto é a relativa aos dereitos necesarios individuais, xa que son os que sistematicamente non atopamos na DUDL. Dentro deles T. Skutnabb-Kangas (2000: 498) elabora unha gradación ou xerarquía moi precisa:

In my view the **necessary individual rights** have to do, firstly, with the right to a language-related identity and, secondly, with access to the mother tongue(s). In a civilized state, there should be no need to debate the right to identify with, to maintain, and to fully develop one's mother tongue(s) (the language(s) a person has learned first and/or identifies with). Thirdly, the right of access to an official language should be considered a necessary right. The fourth necessary right has to do with the relationship between the mother tongue(s) and dominant languages [...], and the fifth with language-related access to formal primary education (nobody should be denied access on the basis of language) [o subliñado é da autora].

T. Skutnabb-Kangas opina que só os denominados por ela *dereitos necesarios* deben ser considerados no eido dos dereitos humanos relativos ás linguas —do mesmo xeito que os colectivos—; porén o dereito a aprender linguas foráneas, por exemplo, pode interpretarse como un dereito lingüístico, no entanto, non como un dereito fundamental ou inalienábel ao individuo, tal e como G. Sanmartín Rei (2010: 100-101) sinala a este respecto: «O dereito a coñecermos e empregarmos a

lingua propia deste país non pode equipararse co dereito acrecentado, interesante para algunhas persoas e contextos, de aprendizaxe doutras linguas, e moito menos co feito de nestas linguas de situar unicamente o inglés»; xa que este dereito contribúe a levar unha mellor calidade de vida, mais non constitúe unha necesidade básica das persoas.

2.2.1.9 O trato da topoantroponimia, a etiquetaxe e a publicidade na DUDL

No artigo 33 da DUDL garántese o dereito de toda comunidade lingüística a se denominar a si propia por medio da súa lingua. Neste artigo regúlanse tamén as posíbeis traducións a outras linguas, co propósito de evitar confusións e empregos despectivos. Ao respecto da toponimia, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 122) salientan que no caso do galego a Lei de Normalización Lingüística é absolutamente clara ao recoller no artigo 10 que os topónimos: «terán como única forma oficial a galega»; alén de que a lexislación autonómica exclúe as opcións bilingüe e máis a española para a toponimia galega. Porén, máis unha vez xorde o conflito tamén neste eido, debido ás ilexítimas reivindicacións das formas españolas para denominarmos os topónimos galegos.

2.2.1.9.1 A controversia da toponimia e o caso de A Coruña

A redacción do artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística debería ser suficiente para desarmar calquera conflito ao respecto dos topónimos galegos, porén de sobra é coñecida a polémica, aínda vixente, arredor da denominación da cidade da Coruña. Desafortunadamente, distintos gobernos desta cidade malgasta(ro)n tempo, esforzo e orzamento público no intento de lexitimar o topónimo en español no entanto da forma galega, que é a única posíbel de acordo coa lexislación existente. Cando menos até o momento, xa que existe a intención de derrogar a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, co propósito de lexitimar deste xeito a forma española dos topónimos galegos.

A actuación do concello da Coruña perante esta situación non se limitou ao emprego ilegal para a denominación oficial da cidade por medio da forma en español, senón que emprendeu unha

controvertida cruzada nos tribunais de xustiza en contra da Mesa pola Normalización Lingüística — Mesa, de agora en diante—, como asociación cultural denunciante da actitude manifestamente discriminatoria do concello con respecto da lingua propia, alén de ilegal por contravir a lexislación existente.

Desde que o 28 de xullo de 1994 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditase sentenza sobre a denominación tanto da cidade como da provincia recoñecendo como única forma oficial *A Coruña*, concordando co decreto autonómico 116/1984, do 27 de setembro, no desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística, ademais da lei 2/1998, do 3 de marzo, referida ao topónimo da provincia, e recoñecendo a competencia lingüística do Parlamento galego outorgada no art. 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, diversos gobernos desta cidade porfían na conservación da forma deturpada argüíndo pretextos legais sen fundamentación efectiva, que remataron por esgotar todas as posibilidades de reclamación ao tempo que sinalaban, máis unha vez, a ilegalidade da forma española, tal e como de seguido veremos.

O ano 2003 supón outra data sinalada neste estéril enfrontamento que o concello da Coruña mantén contra a lexítima denominación galega da cidade. O 15 de xaneiro de 2003 a Mesa presentou perante o Tribunal Superior de Galicia un incidente na execución da devandita sentenza ditada por este mesmo tribunal o 28 de xullo de 1994, en que, como xa vimos, recoñecía a forma galega como a única válida para a denominación tanto da cidade como da provincia da Coruña. O tribunal emitiu un auto en que ratificaba novamente *A Coruña* como única denominación oficial posíbel, sen importar a lingua que se empregue. Ademais, o 19 de novembro de 2003 este mesmo tribunal desestimou o recurso de súplica que o concello interpuxo contra o auto, ratificando que todos os topónimos, e non só o da Coruña, teñen como única forma oficial a galega.

Pese a todo, o concello interpuxo, máis unha vez, un novo recurso de casación en que a Mesa figuraba como parte recorrida. Este recurso contiña sete alegatos, que foron refutados, un por un, polo Tribunal Supremo. Na práctica totalidade deles —alegatos dous a sete—, o concello da Coruña baséase na prohibición do emprego da forma española, o que supón, segundo a parte recorrente, a infracción da lexislación estatal e internacional. De acordo coa resolución final do Tribunal Supremo, ningún dos seus alegatos pode ser admitido xa que se fundamentan nunha presentación falaz da realidade, ao tempo que determina finalmente *A Coruña* como única

denominación oficial posíbel. Tampouco reconece o tribunal a pretendida inconstitucionalidade do art. 10 da Lei de Normalización Lingüística, desestimando por completo o recurso de casación interposto polo concello e impóndolle ademais a obriga —ao concello e, por extensión, á cidadanía coruñesa— de afrontar o importe máximo das costas de todo o proceso.

Doutra banda, a singular cruzada antigalega do goberno do concello da Coruña non se limita ao enfrontamento contra asociacións culturais como a Mesa, senón tamén contra persoas manifestamente defensoras da lingua galega. O 23 de febreiro de 2006 comezou o xuízo de faltas por injurias, ameazas e desorde pública contra X. M. Carril, F. Rei e M. P. García Negro, a instancia de F. Vázquez —ex-alcalde do concello da Coruña—, por ter asistido ao pleno da corporación municipal de 2004 en que se pretendía mudar o topónimo oficial de xeito ilegal, tal e como se demostrou previamente. Segundo a opinión das persoas acusadas, con esta denuncia realmente pretendíase criminalizar quen pretenda vivir en galego na Coruña.

Con todo, alén desta negra parte da historia do concello escrita por sectores notoriamente contrarios á lingua propia, cómpre non esquecer que foi A Coruña o primeiro concello en empregar o galego de xeito oficial, iniciativa que debemos concretamente a L. Pena Novo, concelleiro coruñés que en 1920 así o fixo. Herdeiro deste mesmo sentimento é o sector do concello notabelmente involucrado coa normalización da lingua galega, cuxo labor salienta desde os últimos anos polo seu firme compromiso coa nosa lingua.

Doutra banda, canto á cuestión da antroponimia na DUDL, o artigo máis comprometido coa realidade social actual é o que finaliza esta sección, o artigo 34. Ten un alcance universal, isto é, trátase dun dereito lingüístico inalienábel, considerado como propio de cada individuo. O seu contido é o que segue:

Toda persoa ten dereito ao uso do seu antroponimo na lingua que lle é propia e en todos os ámbitos, e a unha transcripción foneticamente tan fiel como sexa posible a outro sistema gráfico cando sexa necesario [o subliñado é noso].

A formulación deste dereito pretende erradicar situacións de desigualdade e inxustiza, tales como as que están a se producir no Kurdistán turco, como xa vimos, onde está prohibido pola administración turca inscribir legalmente unha crianza cun nome kurdo. Con todo tamén acontecía algo semellante no Estado español até hai relativamente pouco tempo, xa que durante a ditadura militar o goberno desenvolveu todo tipo de accións co propósito de crear unha nación *pura e homoxénea*, para o que a existencia das linguas periféricas supoñía un impedimento. Por esta razón, e cometendo un auténtico xenocidio lingüístico, desde o primeiro momento prohibiuse o emprego de toda lingua diferente do español: a escolarización, calquera relación coa administración e todo uso público da lingua debía ser realizado en español, como ben é sabido. Polo que non é de estrañar que unha das prácticas máis usuais desde o goberno militar fora a prohibición expresa de rexistrar legalmente unha persoa cun nome ou apelido non españois.

Do mesmo xeito, cómpre salientarmos que as medidas da ditadura española ao respecto da toponimia non ficaron aí, senón que desenvolveron un complexo sistema de deturpación dos nomes de persoa e de lugar propios das linguas do Estado diferentes do español, co propósito de os adaptar a esta lingua seguindo falaces criterios carentes de calquera lóxica científica. Así atopamos formas como **Sangiao* por Sanxiao, **Freijeiro* por Freixeiro ou **Seijo* por Seixo, aínda hoxe presentes na sinalización das estradas ou nos rexistros civís. Constitúen rudos procedementos de asimilación ao español que supuxeron o xurdimento de híbridos, a medio camiño entre o galego e o español, carentes de todo significado. De acordo con B. Vilaverde Santamariña (2009: 7):

Na interacción co medio, as galegas e os galegos fomos desenvolvendo unha lingua de noso con que contribuimos á humanización deste espazo mediante o nomeamento de todos os seus recantos (estímanse en máis de millón e medio os topónimos galegos). Mais a relación de equilibrio entre o pobo galego e o territorio foi sufrindo agresións de todo tipo, con resultados tan alleos como os somieres nas cancelas e as bañeiras no medio dos campos. Estas agresións tamén se deron na fala e na escrita, e producíronse cando os terreos abondosos de seixo deixaron de se chamar O Seixal polo escuro **El Seijal*, sen significado ningún, ou o territorio que nun momento tivo árbores chamadas teixos (Teixeiro, Teixedo) se converteu nun vacío **Teijeiro* ou **Teijedo*. Galiza inzouse de feísmo lingüístico, mais grazas á Lei de normalización lingüística, desde o ano 1983 os topónimos galegos só teñen como forma oficial a galega.

Con todo, este é un dos eidos en que as persoas implicadas coa lingua propia poden acometer unha efectiva actuación individual restituíndo as lexítimas formas galegas. A lexislación actual reconece a posibilidade de cambiar no rexistro civil de xeito oficial os antropónimos deturpados en favor dos galegos orixinais, por medio dun trámite administrativo que non debese ocasionar complicación algunha, dada a evidente correspondencia entre ambos os dous antropónimos, tal e como B. Vilaverde Santamariña (2009: 8) salienta:

Os nomes tamén padeceron o proceso de castelanización imposto até o ano 1977, pois até este ano era obrigatorio que toda a cidadanía do Estado español se inscribise no Rexistro Civil con formas castelás. Deste xeito, eran moi frecuentes as situacións de dualidade identitaria: a quen se lle chamaba Xacobe ou Catuxa na casa era inscrito no Rexistro Civil como Jacobo ou Catalina. Máis unha mostra do feísmo lingüístico, desta vez na nosa propia identidade. A pesar de que na toponimia se están a recuperar as formas propiamente galegas, na onomástica persoal perviven aínda os efectos dunha oficialidade que non recoñecía dereitos á nosa lingua. Coa lexislación actual temos a posibilidade de recuperarmos o noso patrimonio e de nos achegar de novo á nosa verdadeira historia. [...] A historia familiar non é só a dos nosos pais, avós ou trasavós... vai moito máis aló pois nós somos o produto do devir de todos os nosos antergos. Hai séculos ou décadas, as nosas devanceiras sufriron a perda da súa identidade cando ficaron rexistradas na escrita oficial cun nome ou apelido que non era de seu. Agora está en cada unha de nós recuperarmos e reconstruímos o elo partido.

Porén, é certo que en ocasións o funcionariado pode opor resistencia do mesmo xeito que o concello da Coruña con respecto do topónimo oficial. De cando en vez aparecen na prensa casos de persoas manifestando a súa incredulidade cando a persoa encargada dalgún rexistro dificulta o trámite para asentar unha crianza cun antropónimo galego ou modificar o propio nome acomodándoo á normativa galega, mesmo en casos manifestamente evidentes.

Doutra banda, o artigo 50.2 da DUDL estipula o dereito dos membros das comunidades lingüísticas a recibiren na lingua propia do territorio toda a información relativa aos produtos dos establecementos comerciais. Ao respecto da etiquetaxe dos produtos comercializados en Galiza, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 223-224) salientan que nos anos 1985 e 1994 promulgáronse senllos decretos, na normativa autonómica, que procuraban regular o emprego do galego na etiquetaxe e na publicidade comercial. A pesar dos intentos de modificación no réxime lingüístico

da lexislación, o certo é que tanto na etiquetaxe como na publicidade admítese o uso do galego, do español e a copresenza de ambos os dous²².

Máis unha vez, a lexislación estatal entra en clara contradición coa autonómica, ao esixir, por medio de varios reais decretos, a presenza obrigatoria do español na información dos produtos alimenticios que se comercialicen no territorio español. Soamente contemplan o emprego do galego no territorio autonómico onde a lingua sexa cooficial. O mesmo acontece cos medicamentos, cosméticos e produtos industriais, garantindo desde a lexislación estatal a presenza obrigatoria na etiquetaxe, presentación e publicidade, cando menos, do español, como *lingua española oficial do Estado* —*vid.* Real Decreto 1468/1988, de 2 de decembro.

Canto á publicidade no ámbito da lexislación autonómica galega, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005: 233) salientan que, a diferenza de Cataluña e Euskadi, a Lei de Normalización Lingüística: «non establece a obriga de empregar o galego na publicidade que se difunda a través dos medios de comunicación de carácter público». Neste contexto, constitúe unha excepción a normativa da CRTVG, xa que soamente admite publicidade en galego cando vaia ser difundida por medio da Radio Galega; porén a situación varía notabelmente no caso da TVG, que si permite a divulgación de publicidade en español.

2.2.1.10 A DUDL como punto de partida

Talvez o maior problema que se lle pode recriminar á DUDL é que, en ocasións, a súa redacción semella un cúmulo de piadosos e idealistas desexos que dificilmente chegarían a ser tomados en serio. Os dereitos formulados poden ser considerados á vista de moitas persoas como un soño de Occidente, xa que na situación mundial actual soamente poden aplicarse a unhas poucas comunidades lingüísticas que coinciden, tamén, en constituíren maiorías lingüísticas dominantes no seu territorio. O certo é que para a maior parte dos estados africanos, asiáticos e de América do Sur,

²² Resulta oportuno recoller aquí unha iniciativa da anterior Dirección Xeral de Comercio da Consellaría de Industria, a cal propugnaba que os establecementos comerciais recibisen axudas caso de usaren o galego como única lingua. Esta medida, xusta e necesaria no estado actual de españolización, xerou, moi ao contrario, unha forte polémica. Máis unha vez, cando se presenta calquera proposta en favor do galego, axiña xorden voces discordantes que falen de imposición para se referir á lingua propia.

os dereitos da DUDL maniféstanse actualmente inviábeis económica e politicamente, tal e como se declarou no primeiro encontro da UNESCO en que foi presentada a declaración.

Con todo, de acordo coa opinión de T. Skutnabb-Kangas (2000: 548): «the draft UDLR [...] represents the first attempt at formulating language rights at a universal level which has reached a stage that permits serious international discussion to start». A DUDL é, por tanto, un punto de partida fundamental no eido dos dereitos lingüísticos a nivel internacional que merece, cando menos, ser considerada e positivamente valorada como un primeiro chanzo na lexislación lingüística internacional.

2.3 Presentación dun novo paradigma máis abarcador

No contexto actual de perda dos valores éticos fundamentais, de ausencia de respecto polos demais individuos, de discriminación por razón de sexo, idade, procedencia, cor de pel ou lingua, entre moitas outras variantes, sería apropiado cuestionarnos: dereitos humanos, individuais ou colectivos? O certo é que logo de tantos anos de loita e reivindicacións pola procura destes dereitos para todas as persoas e máis pola súa aplicación individual desde o fin da Segunda Guerra Mundial, non sería eticamente aceptábel considerar os dereitos humanos como propios dun colectivo de persoas, ou a ela aplicábeis, como moradoras dun determinado territorio, senón unicamente como pertencentes ao individuo concibido como ser único e particular, aínda que inserido no grupo. Logo, a individualización dos colectivos que procuramos con respecto da aplicación dos dereitos humanos, lonxe de os debilitaren, pretende o seu reforzamento por medio do recoñecemento dos dereitos de todos e cada un dos seus membros, porque do que se trata, tal e como sostén G. Sanmartín (2009b: 131), é: «do dereito a ser, do dereito a existir, do dereito a falar, do dereito a sermos escoitadas (as outras voces).»

2.3.1 Unha nova re-interpretación do concepto de *individual*

Historicamente a noción de dereitos lingüísticos subdividiuse en individuais e colectivos atendendo a dúas intencións claramente confrontadas²³. Tradicionalmente, o liberalismo económico, que define os Estados dominantes de Occidente desde o século XIX, adoptou a opción individual dos dereitos, tanto humanos como lingüísticos, empregándoos como estrataxema para evadir as reivindicacións dos grupos minorizados ao tempo que garanten os seus propios intereses; pola contra, a concepción colectiva foi empregada polo nacionalismo máis comprometido en resposta á manipulación que desde o poder se fixo dos dereitos, humanos e lingüísticos, procurando a lexitimación das linguas minorizadas nos seus territorios históricos.

Da mesma maneira, no contexto do conflito lingüístico galego repítese este mesmo patrón, identificando individual con liberalismo, español e negativo, e, doutra banda, colectivo con nacionalismo, galego e positivo, tal e como reflicte o seguinte cadro:

²³ A presentación desta cuestión que agora retomamos fíxose no apartado inicial 1.1, así como previamente neste mesmo capítulo, no apartado 2.2.

Cadro 12. *Interpretación tradicional dos dereitos individuais e colectivos*

Dereitos lingüísticos individuais	Liberalismo	Español	Negativo
Dereitos lingüísticos colectivos	Nacionalismo	Galego	Positivo

Antes de continuarmos, cómpre aclarar que non só entendemos e xustificamos, senón que tamén asumimos como propia, a histórica defensa que o nacionalismo galego comprometido coa nosa lingua fixo apostando sempre polos dereitos colectivos, fronte aos continuos ataques recibidos desde o Estado español opresor —*vid.* M. Moreira Barbeito (no prelo). No entanto, o que propoñemos nesta investigación é unha reformulación da categoría de dereitos humanos en xeral, e lingüísticos, en particular, de tal maneira que identificamos dereitos lingüísticos con nacionalismo, co carácter positivo e máis coa defensa da lingua galega así como do resto de linguas minorizadas do planeta.

O nacionalismo galego empregou tradicionalmente a concepción colectiva dos dereitos lingüísticos como un mecanismo de defensa, tal e como viamos, fronte ao Estado español que actúa como forza dominante no proceso de substitución lingüística que asoballo o galego no seu propio territorio histórico. Porén, de Galiza se independizar, non sería necesario respectar os dereitos individuais? Isto é, semella que esta interpretación colectiva dos dereitos —no caso escolla nacionalista— responde a unha situación de conflito en que a defensa do colectivo vén determinada polo contexto; no entanto, unha vez acadada a autodeterminación, sería necesario defender a visión individual máis abarcadora. Deste xeito, reparemos nas afirmacións de X. M. Beiras Torrado —*vid.* F. Pillado Maior & M. A. Fernán-Vello (2000: 89)—, con que concordamos absolutamente, cando di a este respecto que:

E a proba de que [considerar o Estado español unha nación] era un instrumento ideolóxico é que existiu e segue a existir un nacionalismo español, que carece de senso, na medida en que se eles din que España é unha nación e ten un Estado, acabou a súa xeira, consumou o seu proceso histórico posíbel e non ten senso ningún ser nacionalista español. Da mesma maneira que non tería senso ser nacionalista galego o día en que Galiza sexa un Estado, teña un Estado.

En relación con isto cómpre salientarmos que non todas as persoas especialistas neste eido traballan co mesmo concepto de *estado*. Dunha banda estaría quen identifica esta categoría co Estado español, isto é, como unha entidade que pode agrupar diferentes linguas e nacionalidades.

Así o entende, por exemplo, Á. López García-Molins (2010), quen sinala a necesidade de considerarmos o galego, catalán e máis o éuscaro, linguas estatais do mesmo xeito que xa o é o español na actualidade. Doutra banda sitúase quen entende, tal e como M. P. García Negro fai, Galiza como unha nación independente apostando sempre polo dereito á súa autodeterminación, polo que o galego se converte finalmente en lingua estatal, mais non do Estado español, como propuxo Á. López García-Molins, senón do Estado galego. De acordo con R. Vilar Ponte (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 51]), quen, sendo tamén firme defensor do dereito á autodeterminación das nacións oprimidas, adiantou nos anos '20 do século pasado o que *de facto* aconteceu no Estado español no proceso de transición da ditadura militar á actual monarquía parlamentaria:

A maioría dos Estados actuais, cuxa formación definitiva se remonta ao século XIX, teñen como motivo creador o afán imperialista dunha nacionalidade ou dunha raza, ou ás veces dunha cidade que, aproveitándose da debilidade que circunstancias diversas puidesen ocasionar nas nacionalidades veciñas, botou sobre elas a súa forza material, asoballándoas e impóndolles o seu dominio tiránico, aínda que este dominio na maioría das veces vaia disfrazado coa letra de constitucións estatais, tapadeira que, polo regular, só serve para disimular mellor o asoballamento e a hexemonía da nacionalidade directora.

En efecto, tal e como sinala o autor, a construción dos máis dos estados actuais está relacionada con cuestións de poder e coa satisfacción dos seus intereses económicos, e non coa intención de abranguer dentro dunhas fronteiras políticas unha nación cultural. Alén de que estes construtos se caracterizan por manifestar unhas ansias neo-imperiais que os leva á dominación doutros territorios co obxectivo de aumentar o seu ámbito de poder; incidindo no feito de seren os estados simplemente superestruturas, en oposición ás nacións, que constitúen verdadeiras realidades socio-políticas, tal e como X. M. Beiras Torrado salienta — *vid.* F. Pillado Maior & M. A. Fernán-Vello (2000: 95). A este respecto, R. Vilar Ponte (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 94]) continúa afirmando que:

Por conseguinte, o noso ideal, o ideal que perseguimos os nacionalistas galegos [...] é, pura e simplemente, o de reconstrución da nosa patria con todo que a ela lle é inherente, e o de reconquista do seu espírito nas súas múltiples e variadas manifestacións. Polo demais, nin pretendemos hexemonías que non nos cómpren, nin cobizamos imposicións que deshonran. Os nacionalistas galegos só queremos que o que é noso, privativo e que por lei natural nos corresponde, non sexa gobernado por ninguén máis que por nós mesmos. Para iso sentímonos capacitados de abondo aínda

hoxe. E esta capacitación subirá de punto o día en que a tarefa de renacionalización da Galiza sexa un feito. Queremos ser amos e señores, nunha palabra, dentro da nosa casa, sen que a menor sombra de intromisión allea poida deslucir a nosa obra. Por conseguilo acharemonos dispostos acotío á loita, con toda a fereza posíbel, e coa maior intransixencia obraremos decote para cumprilo.

O autor defende a necesidade do autogoberno como única situación posíbel para Galiza, como un acto de lexitimación histórica que cómpre ser desenvolvido nunha ética bidireccional, isto é, dunha banda porque a cidadanía debe loitar para acadar o que é de xustiza e, doutra, porque as persoas que levan séculos tratando de perpetrar a colonización do noso país deberían, tamén por principios éticos, abandonar esta práctica de imposición e asoballamento. Porén, de non acadar a autodeterminación, R. Vilar Ponte (1933 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 111-112, 135]) salienta que a opción máis acaída para as nacións sen estado, como a galego, sería a construción dun Estado federal completamente descentralizado, sendo ademais a única alternativa posíbel ao concepto tradicional de estado occidental que está en evidente crise:

[...] nos días que corren se manifesta xa con toda clarezza a crise do Estado unitario, a franca tendencia á súa superación, ou sexa ao cambio da artificiosa organización que son os grandes Estados unitarios, pola que mellor lles acae ou sexa a que se acha de acordo coas realidades. Isto é, o Estado integrado por organismos vivos —as nacionalidades ou pobos diversos nel agrupados—, motivando a realización plena da variedade máis completa e harmónica dentro da unidade máis perfecta, e sendo como a feliz expresión política dos vínculos ou das conveniencias comúns que existen ou poidan existir entre varias unidades integradoras da totalidade estatal. [...] forma federal que é a forma perfecta á que o Estado vai tendendo desde o momento mesmo do seu xurdimento histórico. [...] son ben claras e elocuentes estas palabras do mestre ilustre D. Manuel Murguía, que din así: “Nos tempos máis gloriosos para a España (séculos XVI e XVII) vivían as principais nacionalidades españolas baixo o goberno propio de cada unha. Aínda tendo elas Exército e Escuadra rexionais; tendo Tesouro privativo, autonomía completa para todos os servizos públicos, non houbo en ningunha perigo da vida do Estado español. E verdadeiramente non sabemos que se deixase de gañar a batalla de Lepanto porque na capital da Galiza estivese ergueita, como estaba, a bandeira galega en vez da de Castela.”

En efecto, a autodeterminación e a construción dun estado federal constitúen as dúas únicas alternativas posíbeis para o lexítimo desenvolvemento das nacións tradicionalmente minorizadas polo estado en que se inclúen, tal e como acontece no caso galego. Ambas as dúas alternativas —que partillan características fundamentais— sinalan a necesidade do autogoberno, isto é, o dereito a

decidirmos nós propias o noso destino, como persoas inseridas nunha nación historicamente definida.

Doutra banda, o artista chinés Cai Guo-Qiang convida a reflexionarmos, na súa obra escultórica *De cabeza*, arredor da acepción máis negativa do concepto *colectivo*. Representado mediante unha manda de lobos en que todos se limitan a correr por inercia seguindo a quen vai diante, sen se cuestionar a motivación dunha acción tal, todos eles acaban por se golpear contra unha barreira invisíbel que os abate. Con esta impresionante obra, tanto polas súas dimensións como pola profundidade do seu significado, C. Guo-Qiang pretendía mostrar ao mundo a falta de espírito crítico que define esta sociedade, censurando ao mesmo tempo a ausencia de opinión propia²⁴. Así pois, ao agochar os individuos detrás do colectivo pode que esteamos a converter a poboación nunha masa informe e amorfa, contribuindo á xeneralización dun pensamento único e homoxéneo, eliminando, en último termo, a diversidade de calquera tipo: cultural, social ou lingüística, que é o principio polo que loita a defensa dos dereitos lingüísticos colectivos desenvolvida polo nacionalismo comprometido.

Podemos aplicar perfectamente ao noso contexto a idea de colectivo que C. Guo-Qiang procura por medio da manda de lobos. En moitas ocasións, cegada polo pretendido beneficio inmediato, arrastrada pola corrente de pensamento homoxeneizadora, boa parte da sociedade actual déixase ir, déixase levar sen se cuestionar nada, como se de lobos se tratar. O adoutramento da poboación que o poder emprega para acadar os seus propios intereses perpetúa esta noción da sociedade como manda de lobos dirixida por unha elite a quen ben pouco lle interesa a conservación dos colectivos minorizados así como o respecto dos seus dereitos. Tentando que pensemos que é o galego a lingua que se impón nas aulas, que é a lingua do poder, o idioma hexemónico que debemos desterrar por intransixente e irrespectuoso, manifestando que é a lingua dominante no sistema educativo galego vista ao mesmo tempo como un lastre con que debe cargar o alumnado, presunta vítima inocente do galego neste proceso aberto de conflito lingüístico.

Ergo, aceptando por un momento a falacia do dominio do galego nesta impostura creada polos sectores antigalegos, vivir na imposición do español é máis gratificante? Evidentemente non. O que acontece é que resulta máis sinxelo acomodarse aos imperativos da maioría que loitar polos dereitos dos colectivos minorizados, por moito que este feito supoña coartar os dereitos individuais

²⁴ *Vid.* imaxes da obra de C. Guo-Qiang no Anexo II.

da comunidade de falantes de galego para vivir na lingua propia do seu territorio por medio da usurpación do dereito colectivo tradicionalmente adscrito á comunidade lingüística do galego mediante a imposición do español.

Por este motivo, procuramos desde esta investigación a construción dun novo concepto de colectivo que acolla no seu interior ao individuo, mais sempre como membro responsábel e consciente en todo momento dos seus propios actos, nunca anulado polos intereses dos grupos de poder opresores, a diferenza dos lobos de C. Guo-Qiang; tal e como de seguido veremos.

2.3.2 Unha nova re-interpretación do concepto de *nación*

¿Tén Galiza un idioma propio? ¿Tén territorio diferente? ¿Tén unha vida económica peculiar? ¿Tén hábitos psicolóxicos reflexados n-unha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, pol-o tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida. [...] non será honroso enaxenar o noso dereito e o noso deber de resolvelos, declarándonos incapaces, ou agardando a que os alleos gobernen a nosa casa mellor que nós mesmos.

A. D. Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza*.

Resulta oportuno retomarmos aquí o concepto de *estado* tal e como tradicionalmente se interpreta, isto é, como elemento homoxeneizador e aniquilador da diversidade e xeral e da lingüística en particular. A propia concepción deste modelo de organización política baséase na discriminación das minorías de calquera tipo, incluídas, claro está, as lingüísticas, para promover como estandarte e bandeira a lingua e máis a cultura da tribo dominante e maioritaria no Estado en cuestión. Segundo O. Ramón i Mimó (1994: 159) sostén, son:

Son Estados decimonónicos, con una administración centralizada y lenta, altamente burocratizada y [...] con una deficiente prestación de los servicios públicos. Estos Estados son plurinacionales y plurilingües, pero sólo una nación y una lengua, las dominantes, han ejercido y ejercen la soberanía plena. Una nación se ha erigido como Estado-nación y ha impedido el pleno desarrollo de las demás realidades nacionales del territorio estatal [...]. La base de estos Estados es, cuanto más segura, más vulnerable ya que justifican su razón de ser en una unidad-patria basada en el dominio y no en el respeto y reconocimiento de la diversidad nacional, cultural y lingüística de sus propios territorios.

De acordo co autor, estes estados baséanse nunha falacia amplamente estendida, isto é, na falsa idea de unidade ou de patria que pretendidamente estenden a todos os individuos do estado, mais que, como sabemos, non representa máis que a nación dominante erixida como única posuidora do poder. Estamos a nos referir ao concepto de estado no sentido tradicional de Occidente, visto como un elemento aniquilador da diferenza, irrespectuoso con todo o que se separa minimamente do establecido ou do maioritario, obviamente, máis preocupados polos seus propios intereses económicos que pola supervivencia das comunidades máis desprestixiadas ou ameazadas. Ademais, esta non é unha situación que se vaia solventar co paso do tempo por si propia, senón que, como di O. Ramón i Mimó (1994: 166), «el tiempo [...] es una variable que siempre juega en favor del más fuerte».

Por este motivo e segundo a nosa visión, o único colectivo que sería realmente efectivo é aquel cuxos integrantes se adherisen a el *motu proprio*, por vontade e nunca por obriga, constituíndo deste xeito unha nova nación en que todos os individuos que estean queiran estar, asumindo conscientemente o que iso supón, porque, de acordo con M. Ledo Andión (2009: 10): «o común [...] non é o que se nos dá. O común, constrúese». Entendendo que vivirmos en sociedade non só supón o recoñecemento dos nosos dereitos, senón tamén a obriga de cumprir certos deberes, ou *restricións internas*, como veremos.

B. Anderson (2006³: 23-25) define *nación* como:

[...] una comunidad política imaginada como inherentemente limitada y soberana. Es *imaginada* porque aun los miembros de la nación más pequeña no conocerán jamás a la mayoría de sus compatriotas, no los verán ni oirán siquiera hablar de ellos, pero en la mente de cada uno vive la imagen de su comunión. [...] De hecho, todas las comunidades mayores que las aldeas primordiales de contacto directo (y quizá incluso estas) son imaginadas. Las comunidades no deben distinguirse por su falsedad o legitimidad, sino por el estilo con el que son imaginadas. [...] La nación se imagina *limitada* porque incluso la mayor de ellas, que alberga tal vez a millones de seres humanos vivos, tiene fronteras finitas, aunque elásticas, más allá de las cuales se encuentran otras naciones. Ninguna nación se imagina con las dimensiones de la humanidad. Los nacionalistas más mesiánicos no sueñan con que habrá un día en que todos los miembros de la humanidad se unirán a su nación como en ciertas épocas pudieron pensar los cristianos, por ejemplo, en un planeta enteramente cristiano. Se imagina *soberana* porque el concepto nación en una época en que la Ilustración y la Revolución estaban destruyendo la legitimidad del reino dinástico jerárquico, divinamente ordenado. [...] las naciones sueñan con ser libres [...]. La garantía y el emblema de esta libertad en el Estado soberano. Por último, se imagina como *comunidad* porque, independientemente de la desigualdad y la

explotación que en efecto puedan prevalecer en cada caso, la nación se concibe siempre como un compañerismo profundo, horizontal [o subliñado é do autor].

En efecto, toda nación debería poder definirse en base a estes principios estruturais básicos:

1. Imaxinada. Certamente, porque a inclusión dentro do colectivo nación fundaméntase nun sentimento ou nun vínculo de unión con respecto do resto dos membros, mesmo cando nunca coñecemos os máis deles.
2. Limitada, porque aínda habendo nacións que contan con millóns de persoas, como a galega, sempre existe unha fronteira que, a un mesmo tempo, acolle a todos os seus membros no seu interior e os distancia e diferenza do resto de nacións.
3. Soberana, xa que ningún proxecto de nación pode desenvolverse con éxito se non é por medio do autogoberno, libres de toda imposición foránea con fins neo-imperiais. Deste xeito, o dereito a autodeterminación ten que estar sempre presente no deseño dunha nova nación.
4. Comunitaria. As nacións deben construírse segundo o eixo da igualdade dos seus membros, isto é, como comunidade en horizontal, desbotando estruturacións políticas obsoletas baseadas no poder centralista dun individuo.

Neste sentido, cómpre contemplarnos un novo concepto de nación que non derogue os dereitos dos individuos nin os agoche tras a etiqueta do colectivo, senón que fomente a súa individualidade dado que a súa máxima fundacional será: a suma dos individuos supera o todo orixinal, e nunca á contra, desbotando a visión holística e sabendo que «o progreso das partes determina o do todo que elas constitúen, así como o do todo fai presupor o das partes», tal e como R. Vilar Ponte (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 71]) sinala.

De seren conscientes dos seus propios actos, os lobos da obra de C. Guo-Qiang decidirían por si propios correr detrás do líder ou ficar quedos, obrarían en consecuencia de acordo cos seus principios sen se deixar levar pola presión do colectivo, sabedores de que a súa opinión é tan valiosa como a de calquera outro membro da manda. Así, se un deles batese na barreira invisíbel, os demais poderían evitalo, rexeitando facer as cousas simplemente porque todos o fagan dun determinado xeito. Analogamente nós, como os lobos, teríamos garantidos os nosos dereitos neste novo concepto de nación guiado polo espírito crítico e a liberdade en sentido republicano e ético,

isto é, recoñecendo os dereitos dos individuos que o conforman e traballando todos conxuntamente na consecución do ben común, labrando o futuro das sociedades actuais e fornecendo un novo modelo que non entende de fronteiras políticas ou naturais, senón que transcende todo límite establecido polo poder homoxeneizador. Unha nación cinguida pola arela común da lingua, xa que tal e como nós a concibimos, non pode existir unha nación galega sen galego. Certo é que na construción da identidade colectiva interveñen, como xa comentabamos, distintos factores, porén a lingua non constitúe simplemente un máis da listaxe, senón que é un elemento nuclear da identidade dun pobo e, por tanto, da súa nación. A este respecto M. Ledo Andión (2009: 13) salienta:

Canda ela, coa fala, atravesei múltiples escenarios, concluín discusións aquí e alén, aprendín a escoller como paisaxe este fragmento singular, Galiza, transitado polo nós no tempo. Polo nós, é dicir por un compromiso que constrúe o espazo como espazo público; polo nós, é dicir, con modos de pensamento que deveñen dun obxectivo compartido que é o que lle dá forma a unha *communitas*.

Xa que a identidade propia ou a adhesión a un colectivo responde na actualidade ao desexo de construírmos un proxecto comunitario, repensando conceptos e orientando os nosos esforzos para conseguirmos os obxectivos comúns.

Este reformulamento do colectivo baséase non en cuestións económicas, políticas ou relativas aos intereses dos grupos dominantes, senón na cultura, tendo como referente a proposta de *nación cultural* formulada por R. Vilar Ponte, quen á súa vez se inspirou no filósofo J. G. von Herder. L. C. Millán Ibáñez (2000: 43) sinala que J. G. von Herder reivindicaba un concepto de *nación* baseado en argumentos culturais como a lingua, o folclore ou a tradición cultural, oposta á concepción política deste termo característica desde o triunfo da Revolución Francesa. Segundo L. C. Millán Ibáñez, J. G. von Herder pretendía construír unha nova conciencia nacional *desde abaixo*, isto é, desde a cultura, desde a lingua, desde a tradición e a historia de cada pobo, fronte á concepción política do termo, baseada en cuestións económicas e desnaturalizadas, algo que está moi próximo ao concepto de cosmovisión manexado pola hipótese de relatividade lingüística e traballado no capítulo primeiro desta investigación.

R. Vilar Ponte adoptou e adaptou o concepto de nación cultural a Galiza, coincidindo con J. G. von Herder ao sinalar a historicidade e etnicidade como compoñentes básicos así como os trazos culturais reflectidos no *volkgeist*, ou espírito do pobo. O trato do concepto de nación que realiza R. Vilar Ponte distínguese por manifestar un gran respecto cara a toda a diversidade cultural e

lingüística, amparándose en que o desenvolvemento de cada unha delas contribuirá á harmonía universal. Segundo J. G. von Herder a lingua manifesta a identidade de cada sociedade, o que queda recollido na idea de nación vilarpontiana, tentando achegar a cada unha delas un espazo en que se construíren libremente sen impoñer nin que lle impoñan trazos de nacións alleas.

Deste xeito, cinguindo as dúas premisas —pertencer de xeito consciente e responsábel a unha nación e máis o concepto de nación cultural— conformariamos unha nova nación reforzada e única, sabendo que os seus membros o son por convencemento e que se basea en principios culturais evitando, deste xeito, conflitos estériles como os vividos na actualidade no contexto galego. Porén, cómpre repararmos nunha cuestión fundamental que as máis das veces pode pasar desapercibida, por obvia, mais que non o é tanto; isto é, estámonos a referir á necesidade de unha comunidade se considerar a si propia como nación para acadar finalmente este recoñecemento, o que T. Skutnabb-Kangas definía como endo-definición: cando a consideración de nación —neste caso concreto— provén dunha escolla libre do colectivo en cuestión. Xa que sen este desexo de construír un proxecto común, resulta imposible desenvolver esta idea. A este respecto, R. Vilar Ponte (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 48-49]) engade:

A “nacionalidade” é unha personalidade colectiva perfectamente diferenciábel das outras personalidades da mesma índole, e máis que por nada, principalmente, por ter un espírito, unha alma súa, soamente súa que, ao desenvolverse, dá marxe a unha cultura propia, que é o que fai que a nacionalidade se defina tamén como unha unidade de cultura.

Deste xeito o autor transcende co seu concepto de nación cultural a visión tradicional máis limitada que a circunscribe unicamente aos intereses, nomeadamente económicos, do sistema capitalista.

2.3.3 Unha nova re-interpretación do concepto de *dereito lingüístico*

Como xa comentabamos previamente, tanto os dereitos humanos como os lingüísticos subdividíronse tradicionalmente en individuais e colectivos atendendo a moi diferentes criterios. A este respecto, W. Kymlicka (1996) presentou un modelo de análise alternativo proponendo un novo xeito de nos achegar a esta cuestión. O autor sostén a necesidade de considerarmos a interpretación individual dos dereitos humanos, así como os diferenciados en función do grupo como un xeito

máis respectuoso e igualitario para afrontármonos esta situación, tal e como posteriormente desenvolveremos.

Porén, que acontecería se nós aplicasemos esta interpretación que W. Kymlicka (1996) suxire no novo concepto de nación cultural que anteriormente propuxemos? De basearmos a nosa noción de dereito lingüístico neste modelo todos os dereitos serían, segundo o autor, individuais, isto é, de acordo con W. Kymlicka (1996), iguais para todos os individuos sen considerar ningunha diferenza, inquirindo a eliminación dos dereitos colectivos tal e como hoxe se coñecen e promovendo a aplicación dos dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo, como subcategoría dos dereitos lingüísticos individuais, naqueles contextos de desequilibrio entre comunidades co propósito de acadar unha cohabitación realmente igualitaria para os grupos minoritarios en cuestión, segundo o autor.

W. Kymlicka (1996) propón aplicarmos a interpretación individual dos dereitos —tanto humanos como lingüísticos—, considerando para os casos de comunidades minorizadas dereitos colectivos específicos para estes contextos. Porén, desde a perspectiva dunha nación minorizada refutamos a valía desta hipótese por non alcanzar os resultados propostos, polo que desde esta investigación procuramos unha defensa dos dereitos lingüísticos colectivos implicando en todo momento a necesidade dun imprescindible compromiso ético individual, isto é, a actuación responsábel e concienciada por parte de todas as persoas centradas no obxectivo común do beneficio colectivo, a re-dignificación da lingua propia: o galego.

Cómpre sermos conscientes de que a natureza humana é, pese a todo, heteroxénea e diversa, polo que a consolidación das sociedades modernas en Estados fortemente centralizados e pretendidamente homoxéneos non responde en absoluto á diversidade que define a humanidade. É por iso que os dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo, lonxe de supoñeren o recoñecemento e a lexitimación da diversidade humana en todos os niveis: étnico, cultural, lingüístico ou sexual, e de constituíren o armazón dun amplo conxunto de medidas de acción positiva na procura dunha situación de verdadeiro equilibrio non discriminatorio real, remata por producir o efecto contrario, isto é, contribuír á expansión dos grupos dominantes nos minorizados, xa que outorgan argumentos para a disidencia interna, para aquelas persoas que sendo ou non conscientes da opresión exercida por parte do español toman postura sempre polo poder.

En suma, a concepción que W. Kymlicka (1996) presenta dos dereitos humanos en xeral e dos lingüísticos, en particular, acomódase á noción da liberdade persoal característica da tradición liberal desde o século XIX, onde calquera estado democrático impón limitacións nos dereitos outorgados aos grupos minorizados asentados no seu territorio, polo que en circunstancias normais non apoiarán as restricións internas entendendo que acoutarán as propias posibilidades de intervención sobre os membros dos grupos oprimidos. Ademais, a hipótese que W. Kymlicka (1996) presenta como solución para este conflito remata por funcionar como utilísima ferramenta para os grupos de poder maioritarios, coadxuvando deste xeito a desenvolver falsos dereitos individuais que resultan notoriamente perigosos para as comunidades minorizadas, caso da defensa da non conservación dalgún aspecto da cultura minorizada —por exemplo, o pretendido dereito-a-non-falar a lingua propia dun territorio, un presunto dereito que as persoas contrarias ás linguas oprimidas como o galego empregan para lexitimar o descoñecemento en xeral, e a non-transmisión dunha lingua, en particular— amparándose falazmente na non desintegración do colectivo maioritario en que esta se insire.

2.3.3.1 A ilexitimidade do dereito-a-non-falar unha lingua

*O galego que non fala
na lingua da súa Terra
non sabe o que ten de seu
nin é merecente d'Ela.*

Copla de V. Taibo (1927), en *El emigrado*.

Diciamos que o emprego que o poder fai dos dereitos individuais se ampara falazmente na conservación da unión do estado, porque a promoción da lingua e da cultura das nacións sen estado, lonxe de propiciaren a súa disolución, contribúen á súa conservación e afianzamento, tal e como R. Vilar Ponte (1933 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 111-112, 135]) sostiña respecto dos estados realmente federais. Do mesmo xeito, a reivindicación dos dereitos lingüísticos individuais que W. Kymlicka (1996) propón na súa investigación baséase presuntamente no principio básico de respecto e non discriminación das minorías. Porén, nun contexto de substitución lingüística como o galego, esta interpretación pode ser terxiversada no desenvolvemento dunha estratexema característica dos grupos do poder homoxeneizador e máis dos colectivos antigalego, dado que

segundo a súa opinión, o dereito individual salvagarda o —falso— dereito a non-falar a lingua propia dun territorio calquera.

Con todo, cómpre non levarmos o argumento até o absurdo, isto é, por pura lóxica o feito de sinalarmos a idoneidade dunha ou doutra concepción dos dereitos lingüísticos non nos capacita en ningún momento para renegar da lingua histórica e legalmente recoñecida como a propia dun territorio, como é o caso do galego en Galiza. Xa que, cando menos na interpretación dos dereitos que nesta investigación presentamos, estes son sempre respectuosos e nunca contrarios á conservación da linguo-diversidade e, por esta razón, non lexitimarán nunca os ataques contra a lingua propia dun territorio calquera —caso da reclamación do dereito a non-falar galego dentro do seu propio territorio. A este respecto mesmo se pronunciou a máis alta instancia da xustiza española, tal e como o recoñece a sentenza do Tribunal Supremo 6347/2009, de 21 de outubro, onde fica claro que a obrigatoriedade do ensino en galego, recollida no anterior decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, non é en absoluto unha medida discriminatoria para as persoas falantes de español en Galiza; ao tempo que salienta a incapacidade das nais e pais para elixiren a lingua en que educaren as súas crianzas no ensino.

Na actualidade está a se desenvolver en Galiza con gran velocidade un movemento manifestamente anti-galego, isto é, unha rebelión violenta —entendendo que a violencia non só se desenvolve por medio das armas ou da agresión física, senón tamén a través da extorsión e difamación, da divulgación da mentira e máis dos ataques verbais directos ou encubertos— e en contra de toda ética que pretende lexitimar o abandono total da única lingua propia reclamando o dereito para se construíren só na lingua foránea, mais servíndose da administración, do orzamento público e máis de todos as ferramentas e servizos galegos. No entanto, esquecen que a lingua propia dun territorio non é unha cuestión opinábel, como xa comentabamos previamente, nin a súa aplicación pode ser interpretada como gradual, senón que constitúe un elemento básico e central que non pode ser substituído por ningún outro, lexitimado para se empregar en todos os contextos e para todas as funcións lingüísticas. Alén de que, como xa puidemos comprobar ao respecto da

sentenza do Tribunal Supremo 6347/2009, de 21 de outubro, resulta ilegal reclamarmos o descoñecemento do galego en Galiza, tal e como pretenden facer estes colectivos antigalego²⁵.

2.3.3.2 W. Kymlicka e os dereitos individuais diferenciados en función do grupo

De acordo con W. Kymlicka (1996) a oposición xa clásica de dereitos humanos individuais fronte dereitos humanos colectivos —e, por tanto, tamén os dereitos lingüísticos individuais e colectivos— resulta innecesaria ademais de errónea. Na súa opinión a cuestión fundamental ao respecto non radica neste inerte enfrontamento senón, segundo el, en por que certas minorías exercen, ou serían merecentes de exercer, *dereitos diferenciados en función do grupo*. O autor sostén que esta categoría emerxente que en principio contraviría a liberdade individual por vulnerar os dereitos das persoas non fai tal, senón que os dereitos diferenciados en función do grupo, asignados ás minorías nacionais e aos grupos étnicos, fomentan a liberdade ao tempo que proporcionan *proteccións externas*, isto é, reivindicacións que as minorías fan como colectivo ou comunidade á maioría en que se insiren.

O autor avoga pola eliminación da oposición clásica, dereitos humanos individuais fronte aos dereitos humanos colectivos, para reformular de novo a categoría de dereito humano. Segundo W. Kymlicka (1996) deberíamos falar de dúas entidades situadas a un mesmo nivel e nunca opostas nin supeditadas, senón complementarias: os dereitos individuais e os dereitos diferenciados en función do grupo —*vid.* Cadro 13 a continuación. Os primeiros son aqueles que todo individuo, polo feito de existir, ten recoñecidos. Coinciden cos dereitos humanos de primeira xeración e procuran garantir a liberdade e igualdade de todas as persoas. Os segundos, os dereitos diferenciados en función do grupo, responden a unha situación histórica de desigualdade entre colectivos humanos e supoñen unha serie de medidas encamiñadas a acadaren un contexto de

²⁵ A este respecto gustaríanos salientar que, pese a desorbitada presenza destes colectivos nos medios de comunicación, o certo é que supoñen unha porcentaxe insignificante da poboación galega, polo que non resultan representativos. A súa proximidade aos grupos de poder outórgalles unha visibilidade na sociedade galega desproporcionada, en tanto que non se corresponde coa que teñen outros colectivos que si representan un sector cuantitativamente importante da poboación. Os devanditos colectivos contan ademais co apoio de partidos españois que ven neles unha fenda aberta por onde expandiren a influencia do español no noso territorio. Por estes motivos, nesta investigación adoptamos o principio de non nomear ningún dos colectivos antigalegos actuais, por non seren as súas reivindicacións éticas, lexítimas nin legais.

equilibrio pacífico e estábel entre todos eles. O autor sinala que aceptar a existencia desta nova categoría supón acreditar na diversidade subxacente ao ser humano, así como dar un primeiro paso na procura do respecto de todos os individuos e rexeitar a —falaz— idea da homoxeneidade inherente a nosa especie.

Cadro 13: *Novos conceptos (W. Kymlicka: 1996)*

Dereitos individuais	Dereitos diferenciados en función do grupo	
<p>Neutralización da oposición: dereitos humanos individuais fronte colectivos, <i>stricto sensu</i>. O importante non é se un determinado dereito é exercido por un individuo ou un colectivo, senón por que algúns individuos serían merecentes de exercer dereitos diferenciados en función do grupo.</p>	<p>Restricións internas</p>	<p>Proteccións externas</p>
	<p>Implican relacións intragrúpais e poden ocasionar a vulneración dos dereitos individuais. Constitúen reivindicacións da minoría nacional ou grupo étnico con respecto dos seus membros.</p>	<p>Implican relacións intergrupais, porén non a vulneración dos dereitos individuais tradicionais do liberalismo. Constitúen reivindicacións da minoría nacional ou grupo étnico con respecto da sociedade en que se insire. Os dereitos diferenciados en función do grupo (dereitos de autogoberno, poliétnicos e os especiais de representación) contribúen a proporcionar proteccións externas.</p>

Tal e como o cadro sinala, dentro da categoría dos dereitos diferenciados en función do grupo W. Kymlicka (1996) establece dous subgrupos: as *restricións internas* e as *proteccións externas*. As denominadas restricións internas constitúen reivindicacións que a propia minoría fai dentro do grupo, isto é, unha serie de medidas que dependen do contexto de cada colectivo minorizado, situadas sempre a nivel intragrupal, que afectan só aos membros da comunidade en cuestión sen transcenderen nunca as fronteiras desta procurando erradicar a disidencia interna. Estas

medidas restritivas están encamiñadas á promoción do grupo minorizado dentro da maioría dominante acentuando as características propias co gallo de non se disolver a minoría. Nalgún caso é posíbel que vulneren os dereitos individuais —concibidos tal e como o liberalismo decimonónico os definiu—, mais só de xeito temporal e co propósito de acadar unha convivencia igualitaria entre a comunidade oprimida e o grupo maioritario, na liña de actuación da teoría da acción positiva.

Pola súa parte, as proteccións externas constitúen reivindicacións que a minoría fai con respecto da maioría en que se insire, polo que implican relacións intergrupais. Neste caso trátase de promover unha minoría como colectivo, como comunidade, fronte á maioría dominante. Neste caso non vulneran en absoluto os dereitos individuais xa que só procuran a lexítima cohabitación igualitaria para dous ou máis grupos que comparten un mesmo territorio total ou parcialmente.

Con todo, a hipótese de W. Kymlicka (1996) presenta algunhas posibilidades de actuación que resultan contrarias a toda ética, tal e como de seguido comprobaremos. Tanto é así que os propios estados liberais resultan reticentes á hora de levaren á práctica esta interpretación das restricións internas sinaladas polo autor. Nalgunhas ocasións non admiten estas restricións cando proveñen dos grupos minorizados aducindo que en moitos casos foron empregadas para desenvolver accións discriminadoras, como o sometemento das mulleres ou a discriminación do colectivo homosexual —entre outras— por moito que, segundo o autor, estas situacións constitúan casos inxustificábeis, illados e non representativos deste concepto.

Baixo o noso punto de vista, este tipo de imposicións aseméllanse perigosamente ás empregadas polos poderes máis conservadores dos estados maioritarios ao afirmaren que de promocionaren tanto as minorías acabará por se desintegrar ou fragmentar a maioría, mais neste sentido non dubida á hora de impoñer restricións internas á sociedade. Con todo, o certo é que nunha situación extrema en que un grupo minorizado precise poñer en práctica restricións internas temporais para impedir a propia fragmentación e disolución, farase —segundo W. Kymlicka (1996) — de xeito non discriminatorio, isto é, de tal maneira que as restricións non vulneren o principio de igualdade e dignidade das persoas, sen que en ningún caso supoña á explotación dos individuos máis débiles. Cómpre salientarmos este feito dado que este argumento pode ser prexudicial se se empregar, por exemplo, para xustificar a perpetuación de prácticas propias da escravitude como único mecanismo efectivo para asegurar a supervivencia dunha comunidade minorizada. Neste

caso, como é obvio, non sería lexítimo as empregar, pois suporían a anulación do principio básico de igualdade e dignidade das persoas.

A segunda gran crítica que podemos facer a esta nova categoría dos dereitos diferenciados en función do grupo ten que ver coas proteccións externas, xa que por moito que constitúan as reivindicacións máis defendidas polo neo-liberalismo por non vulneraren os dereitos individuais, con todo esta nova categoría levada ao extremo pode resultar negativa, mesmo catastrófica, ao posibilitar un emprego tamén ilexítimo como acontecía coas restricións internas. O feito de un grupo minorizado reclamar os seus dereitos pode ser prexudicial, sendo este, por exemplo, o caso do afrikaans: este colectivo supón a minoría numérica —concretamente arredor do 20% da poboación do país—, mais é ao mesmo tempo a maioría que exerceu o poder en África do Sur desde o comezo da etapa colonial até o goberno de N. Mandela. As reivindicacións deste grupo supuxeron a aprobación dun terríbel programa de segregación racial baseado na discriminación social, lingüística, económica, sexual e, por suposto, racial, levado á práctica pola minoría colonizadora europea sobre a poboación nativa surafricana.

Este sistema segregacionista, alleo a toda ética, baseábase na desigual promoción dos grupos sociais ou etnias, de tal xeito que a lexislación promulgada *ad hoc* nos anos '40 e '50 do pasado século estipulaba escrupulosamente os dereitos e deberes propios de cada individuo en función da súa cor de pel, ascendencia ou pertenza a un ou outro grupo. Deste xeito estableceíase para a poboación negra a imposibilidade de votar na inmensa maioría dos procesos electorais, exercer cargos no goberno, ter propiedades ou posuír negocios nas zonas estipuladas como *brancas*, así como acadar un título universitario, entre outras moitas. Ao mesmo tempo existía un reparto desigual dos recursos naturais polo que, entremetres na parte asignada á poboación branca gozaban de todos os beneficios propios de calquera cidade desenvolvida, nas zonas da poboación negra carecían mesmo de electricidade ou de subministro de auga. A segregación do transporte público, das praias ou dos recursos dunha sociedade enteira, é, simplemente, inaceptábel e eticamente inxustificábel.

A este respecto W. Kymlicka (1996) —nun intento de xustificar a ineficacia da súa hipótese— salienta que é posíbel que estas categorías non gocen dunha aplicación universal directa, senón que cómpre analizar os contextos previamente antes de as aplicarmos. Mais con este proceder, non estaríamos auspiciando unha actitude falaz, paternalista, selectiva e oportunista? Isto é, non sería

perigoso deixar a elección dos gobernos cando aplicar estes dereitos e en que condicións? Con todo, o autor incide en que resulta necesario lembrarmos que os dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo non menoscaban en absoluto a liberdade individual, senón que simplemente resultan inaceptábeis cando son levados ao extremo por individuos sen escrúpulos preocupados unicamente polos seus propios intereses.

W. Kymlicka (1996) sinala que a tradición liberal podería argumentar que os dereitos diferenciados en función do grupo discriminan os non-membros deses colectivos, mais non é tal, senón que están encamiñados a compensar unha situación desigual e discriminatoria para as minorías por medio da acción positiva. Segundo el, de non ser por esta nova interpretación os individuos das minorías non terían garantidos dereitos —como vivir e traballar na lingua propia— que os membros das maiorías dan por supostos, por obvios, e teñen garantidos como dereitos individuais, tal e como tradicionalmente se conceptualizaron. W. Kymlicka (1996: 177) equipara a discriminación lingüística co racismo e clasismo ao tempo que reforza a defensa dos dereitos diferenciados en función do grupo baseada na igualdade remitindo aos acordos históricos e ao valor da diversidade. As argumentacións baseadas na conservación da diversidade complementáanse coas de xustiza, que engloban os argumentos de igualdade e os acordos históricos.

2.3.4 Un novo paradigma

Antes de continuarmos cómpre aclarar que logo do primeiro achegamento á teoría de W. Kymlicka (1996) elaboramos un novo modelo de análise dos dereitos lingüísticos baseándonos na interpretación de W. Kymlicka (1996), que consistía no emprego dos dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo.

Cadro 14: *Hipótese dos dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo*

Problema	Hipótese
<p>O aumento imparábel da desaparición das linguas do mundo, debido á presión que as linguas dominantes exercen sobre a minorizadas, supón un retroceso tan importante da diversidade lingüística que require a inmediata actuación da ciencia en xeral e da lingüística en particular.</p>	<p>En vista de que a tradicional concepción dos dereitos lingüísticos non deu acabado coa actual perda de diversidade lingüística, cómpre aplicarmos unha nova interpretación dos dereitos lingüísticos individuais, considerando sempre que o contexto o requira, os diferenciados en función do grupo, que producirá un estancamento da morte das linguas e mesmo recuperaranse algunhas linguas xa desaparecidas</p>

Porén a súa aplicación nun contexto de substitución lingüística coma o noso non en absoluto tan eficaz como podíamos presumir, tal e como vimos de comprobar no apartado anterior; xa que, en contra do que pensabamos, mais unha vez esta estratexia pode ser empregada como ferramenta con que desenvolver medidas *bilingües*, isto é, aquelas que están máis preocupadas por non acoutaren o territorio colonizado pola lingua dominante e opresora, que pola lexítima redignificación da lingua verdadeiramente precisada de axuda como é, neste caso, galego. Por este motivo, tendo sempre presente que as alternativas relacionadas co bilingüismo non son nunca efectivas para as linguas oprimidas nos procesos de substitución lingüística, senón todo o contrario, desbotamos esta hipótese de traballo —ao ficar refutada polos datos— e decidimos elaborar unha nova hipótese baseándonos na reformulación da teoría do colectivo e, por tanto, dos dereitos lingüísticos colectivos, considerándoos a única ferramenta capacitada para rematar cos contextos de discriminación lingüística e contribuíndo á conservación da linguo-diversidade tanto a nivel local como planetario.

2.3.4.1 Novos conceptos

Baixo o noso punto de vista, existe —pese as opinións sen base argumental dos sectores neo-liberais que defenden a interpretación individualista dos dereitos lingüísticos— unha relación intrínseca fundamental entre unha lingua e o seu territorio historicamente definido. Este feito innegábel, que está ademais referendado por cuestións como a identidade colectiva que toda lingua constrúe cinguindo indisolúbelmente as categorías de lingua e territorio, levounos a matinar na necesidade de repensarmos o concepto de dereitos lingüísticos colectivos, interpretado sempre baixo a necesidade da implicación consciente e responsábel dos individuos que integren a comunidade en cuestión.

Pola contra, esta nova interpretación dos dereitos colectivos que agora presentamos non menoscaba os dereitos dos individuos, senón que entende as persoas como elementos fundamentais neste novo concepto de nación, onde non se desdebuxan, senón que se suman sempre para acadar o ben común, isto é, o beneficio colectivo. Sen esquecermos, claro está, que en todo momento procuramos conxugar baixo este novo concepto de dereitos lingüísticos colectivos dúas realidades innegábeis, dado que se certamente posuímos como individuos unha lingua concreta é por sermos integrantes dunha colectivo, xa que as linguas son produto da colectividade.

Deste xeito, no contexto galego de substitución lingüística cómpre basearnos o deseño do modelo de planificación da lingua propia no concepto de dereitos lingüísticos colectivos que desde esta investigación propoñemos —tal e como veremos na proposta de planificación lingüística que desenvolveremos no capítulo terceiro. Na actualidade, a administración galega está a levar a práctica innúmeras medidas que se engloban nun plan de normalización lingüística que máis que amparar o uso do galego en Galiza promove a expansión do español neste mesmo territorio. O eixo fundamental deste feito radica no emprego dos dereitos lingüísticos individuais na liña interpretativa do neo-liberalismo, que procura a defensa da lingua dominante no propio territorio da oprimida.

Por este motivo resulta necesario situar a concepción colectiva dos dereitos no centro da planificación do galego, considerando a lingua propia deste territorio como o que verdadeiramente é: patrimonio colectivo de toda a nación e como un ben común que cómpre re-lexitimarmos desde as actuacións individuais, isto é, o desenvolvemento dun novo concepto de planificación

bidireccional, que considera non só a importancia do labor da administración senón tamén o imprescindible traballo diario do conxunto de falantes do galego, sendo ambos os dous sectores motores fundamentais deste proceso eticamente colectivo e responsabelmente individual.

Porén, cómpre non esquecer que as estratexias que resultan proveitosas para o contexto de substitución lingüística propio de Galiza non teñen que ter sempre unha aplicación directa en todos os demais casos. Resulta unha actitude moi estendida en Occidente considerarmos acaído para todo o planeta aquilo que o é para nós, cando en moitas ocasións non ten que ser así necesariamente. Esta situación prodúcese tamén a nivel lingüístico, xa que tal e como ben sabemos, son moitas as persoas que suxeriron —e suxiren aínda hoxe— a necesidade de elaborarmos unha variante estándar ou un sistema de escrita como medidas imprescindibles para a conservación de todas as linguas do mundo. Mais, segundo a nosa visión, estas tarefas resultan prioritarias no marco de recuperación das linguas europeas minorizadas, e non o son tanto no caso das linguas oprimidas, por exemplo, de Nova Guinea-Papúa. Proba disto son as pequenas linguas ágrafas faladas por un número constante de persoas desde hai séculos, alén de que impoñer a calquera destas linguas un alfabeto pode supor dar o primeiro chanzo do seu proceso de substitución lingüística.

Os principios éticos en que se fundamenta a nosa proposta teórica si teñen unha aplicación planetaria —sexa cal sexa a lingua minorizada—, mais a estratexia escolleita para os desenvolver ten que se adecuar forzosamente ao contexto en que vaia ser aplicada se non quere fracasar. Por exemplo, no contexto galego existe un sector implicado no proceso que salienta a necesidade de desenvolvermos, entre outras, medidas de acción positiva co propósito de re-lexitimar a lingua galega no seu territorio historicamente definido, tal e como de seguido veremos.

2.3.4.2 A discriminación positiva

A actual situación sociolingüística galega manifesta, á vista dos datos, que a lingua propia de Galiza non goza dun estado digno, senón todo o contrario, isto é, discordante co status que debería corresponder a unha lingua con recoñecemento lexislativo que abrangue desde a propia Constitución española até o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei de normalización lingüística ou o Plan xeral de normalización da lingua galega, entre outros. No entanto, as sucesivas edicións do *Mapa sociolingüístico galego* —*vid.* M. González González, dir. (2007-2008)— sinalan unha realidade moi diferente da que cabería supoñer con este sustento legal: xa que entrementes a maior

parte das persoas de máis idade resulta ser falante disfuncional, por carecer da competencia precisa para ler ou escribir galego, unha importantísima porcentaxe da poboación máis nova posúe dificultades para se expresar nel, pese a súa escolarización en galego.

Logo, a realidade galega reproduce unha situación de evidente desigualdade entre ambas as dúas linguas enfrontadas no proceso de substitución lingüística vixente neste territorio; un contexto que dificilmente poderá mellorar de aplicarmos ferramentas antigalegas —como o é o decreto 79/2010— que rachan co esforzo normalizador desenvolvido até o momento, rexeitando a necesidade de levarmos á práctica medidas de promoción que restitúen o galego no espazo que lexitimamente lle corresponde nesta sociedade. Os procesos de normalización lingüística verdadeiramente implicados no desenvolvemento da lingua propia de Galiza poden enmarcarse, segundo algunhas persoas especialistas neste eido, dentro do conxunto de medidas de discriminación ou acción positiva, dado que procuran facer normal o que parte dunha situación anómala. Trataríase, pois, de actuacións inseridas no ámbito do dereito desigual igualatorio, en terminoloxía xurídica. Por definición, a discriminación ou acción positiva²⁶ consiste nunha política social que procura eliminar o estado desfavorecido en que se atopan diferentes colectivos por medio da anulación temporal do principio básico da igualdade interpersonal, tratando de desigual maneira o que parte dunha situación diferente.

Fundamentado no restabelecemento dun estado xusto e igualitario entre todos os colectivos, a acción positiva preséntase como a ferramenta antidiscriminatoria máis útil con que contamos na actualidade. A propia Unión Europea sinala a existencia dunha base legal suficiente para a acción positiva, polo que recoñece a necesidade de tratarmos de xeito diferente realidades colectivas desiguais, como son o recoñecemento das distintas minorías lingüísticas do Estado español, a reserva de prazas para persoas discapacitadas na función pública ou as deducións fiscais para as contratacións de grupos desfavorecidos. A natureza das medidas de acción positiva fundaméntase na consideración, en palabras de L. Villares (2010: 45), da desigualdade como medio na procura da igualdade como fin. Mais, este proceso de re-dignificación das minorías non sempre foi entendido así, nin —baixo o noso punto de vista— os seus resultados resultan equiparábeis en función do eido onde se apliquen, tal e como de seguido comprobaremos.

²⁶ De agora en diante empregaremos indistintamente *discriminación* ou *acción* positiva, en tanto que semella non existir diferenzas conceptuais entre ambos os dous termos, senón que resultan do trato desta noción en distintos lugares —Europa fronte os Estados Unidos, respectivamente.

2.3.4.2.1 A desigualdade do liberalismo capitalista

Ao longo da historia os grupos de poder afanáronse en eliminar todo o que de diferente houbera na sociedade, o que saíse, polo motivo que for, da norma establecida. Un acto de natureza tan arbitraria como este responde simplemente ao interese por satisfacer unicamente os seus intereses, estipulando a figura do home branco novo heterosexual e non eivado como prototipo do canon occidental, posteriormente estendido a todo o mundo neste movemento universalizador en que estamos inseridas todas as persoas, situándoo no centro desta pretendida galaxia como o astro rei sobre o que orbitan o resto de colectivos.

O paradoxo deste razoamento egoísta radica en que os mesmos individuos promotores da discriminación xeneralizada son os mesmos que promove(ron) o liberalismo baseado no principio básico da liberdade e igualdade interpersoal. Logo, cabería preguntarse: a discriminación racial, sexual, lingüística ou de xénero ten algo que ver co fomento da igualdade entre as persoas?, para quen fomenta a liberdade o (neo-)liberalismo capitalista?, para que persoas? Semella que esta ideoloxía limita a categoría de persoa á concepción canónica por eles estendida, constituíndoo como verdadeiro depositario de todos os dereitos e beneficios xerados. E é ben certo que existe moito mundo alén desta categoría tan limitada.

O relativismo endémico que esta ideoloxía perpetúa ano tras ano, discriminación tras discriminación, aumenta exponencialmente —lonxe de diminuír—, facendo que aínda hoxe sexa noticia que unha persoa negra acade o posto de responsabilidade nunha gran potencia occidental, ao tempo que manifesta ser incapaz de erradicar a morte das mulleres causada polas súas parellas como resultado da violencia de xénero, perpetuando deste xeito a peor consecuencia da discriminación de que as mulleres son vítimas desde hai nin se sabe canto tempo.

Cómpre ampliarmos, aínda que sexa só brevemente, a situación destes dous colectivos por seren eles os receptores maioritarios, nomeadamente os únicos, das políticas de acción positiva, tal e como posteriormente veremos.

2.3.4.2.2 O racismo ou a discriminación da poboación negra

A situación actual aínda discriminatoria da poboación negra responde a un trato vexatorio cuantificábel, non xa en anos ou décadas, senón magoadamente en séculos. Logo da loita dos grandes estados occidentais por conquistaren o continente africano como se dun gran almacén de provisións á disposición dos seus intereses coloniais se tratar, a avaricia dos países invasores non ficou calma coa sobreexplotación dos recursos naturais da fértil África, senón que viron a posibilidade de converter a poboación nativa en escrav@s ao seu servizo, tal e como tamén fixera Estados Unidos desde a súa fundación —a pesar da súa auto-consideración como lexítimo representante da democracia por antonomasia.

O fluxo de barcos ategados de persoas transportadas como gando á nova metrópole para seren vendidas como escravas para traballaren até a extenuación en condicións precarias, alterou notabelmente a sociedade en todos os eidos, isto é, modificou a estrutura demográfica africana por a sangrar debido a este éxodo forzoso estimado en vinte millóns de persoas só nos Estados Unidos, o que as converteu en mercadorías, na faciana máis cruel do sistema capitalista; porén modificou tamén as sociedades receptoras, como a estadounidense, sobre todo a do sur onde se asenta(ba)n as grandes plantacións, xa que até a abolición da escravitude na segunda metade do século XIX supuxo o establecemento dunha nova era estamental en que uns poucos individuos ostentaban o poder totalitario entrementes a inmensa maioría traballaba sen ningún tipo de dereitos sobrevivindo en condicións infrahumanas. Reducida á condición de produtos, a poboación escrava carecía do recoñecemento da dignidade humana.

Esta nova realidade social provocou tamén modificacións na conduta lingüística destes individuos principiando o proceso de creación de pidgins, isto é, linguas creadas *ex novo* a partir da mestura da lingua de instalación das persoas asoballadas e a lingua da metrópole, como o inglés ou o francés. Híbridos que xurdiron do contacto continuo entre elas.

Con motivo desta histórica discriminación desenvolvéronse, avanzado xa o século XX, políticas promocionais da poboación negra, consistentes, por exemplo, na reserva de prazas para o ingreso nas universidades ou para procesos de contratación na función pública, co obxectivo de equiparar en dereitos e garantías sociais un amplo sector da poboación que até o momento carecía delas por completo; deste xeito procurábase proporcionar un status semellante ao do resto da

ciudadanía. Porén, pese ás limitacións de medidas tan comedidas como estas, que non pasaban dunha leve achega á realidade da cuestión, atopáronse cun forte rexeitamento por parte da sociedade, debido a que non faltaron persoas que se sentiran prexudicadas por estas estratexias antidiscriminatorias. A este respecto cómpre lembrarmos o famoso caso Bakke, en que o Tribunal Supremo dos Estados Unidos concluíu a anticonstitucionalidade das medidas de acción positiva por provocaren un trato discriminatorio cara á poboación branca, o que supuxo a inmediata eliminación das cotas fixas para ao acceso aos estudos superiores reservadas aos colectivos minorizados. Neste contexto resulta preciso repararmos se a anulación desta medida de acción positiva responde a un acto de xustiza ou a un feito intencionado para evitar a discriminación do colectivo dominante: home branco novo heterosexual e non eivado, coincidente plenamente co perfil do demandante no caso Bakke.

2.3.4.2.3 O sexismo ou a discriminación das mulleres

Se a discriminación da poboación negra resulta extraordinariamente inxusta e intolerábel, a das mulleres non o é menos. Neste caso xa non falamos de séculos, senón que esta dominación abrangue milenios. Desde as primeiras civilizacións de que temos noticias e datos do seu sistema organizativo, existen trazos que determinan o sometemento por parte dos homes amparándose sempre nos mesmos motivos: unha natureza física en xeral máis forte e cuestións relativas a falacias sobre a interpretación da reprodución. Estes dous argumentos veñen empregándose desde o comezo dos tempos de xeito ilexítimo para o control de máis da metade da poboación mundial co obxectivo de satisfacer a vontade do poder masculino canonicamente establecido, cuxas consecuencias arrastramos aínda hoxe no terceiro milenio.

Consideramos falaz a interpretación da maternidade característica do patriarcado por se fundamentar nunha consciente terxiversación que procura unicamente o sometemento das mulleres, pasando esta a ser entendida como unha característica que, a un mesmo tempo, as define e as limita, sendo —como ben sabemos— falsas ambas as dúas consideracións: a maternidade é unha opción que en ningún momento pode ser óbice para o desenvolvemento das mulleres, nin supón tampouco un requisito para acadar a plenitude como muller.

Na actualidade a discriminación feminina xorde en todas as esferas da realidade, desde a desigualdade nos salarios até a discriminación lingüística, sen esquecer a violencia de xénero, que, como xa comentabamos, resulta a consecuencia máis atroz dentro desta histórica discriminación.

2.3.4.2.4 A teoría da antidiscriminación

Como vemos, a teoría da acción positiva responde a unha situación de histórica desigualdade do tipo que sexa: racial, de xénero ou lingüística, entre outras moitas variábeis, co gallo de lles restabelecer os colectivos minorizados o espazo que lexitimamente lles corresponde. Foi a mediados do século XX cando os gobernos das grandes potencias de Occidente, conscientes desde antigo da masacre causada nestes colectivos sen motivo algún, desenvolveron políticas promocionais nomeadamente para dous destes grupos tradicionalmente discriminados: a poboación negra, dunha banda, e as mulleres, doutra.

Como dicíamos, foi na segunda metade do século XX cando comezou a se empregar o termo discriminación ou acción positiva para denominar unha serie de medidas que pretendían impulsar os colectivos tradicionalmente discriminados, dentro do dereito antidiscriminatorio que xorde como reacción ás protestas destes colectivos por acadaren o espazo no mundo que realmente lles corresponde.

En moitas ocasións esta promoción desenvolveuse por medio da política de cotas, isto é, un sistema que garante a presenza destas persoas en diferentes eidos da sociedade en base a distintas porcentaxes. As políticas de cotas procuran o acceso das persoas discriminadas, aínda que non están exentas de crítica, xa que a cuestión non se resolve cun equipo de goberno cuantitativamente paritario entre homes e mulleres, dado que isto pode posibilitar o acceso de persoas pouco cualificadas e non merecentes do posto que ocupan. As verdadeiras políticas de acción positiva susténtanse na formación completa das persoas discriminadas para que poidan competir en igualdade de condicións perante un posto de traballo futuro, en que o feito de ser negra ou muller non supoña nin un defecto nin un mérito. O compromiso real por parte das administracións reside no ensino igualitario para toda a poboación e en calquera lugar, promovendo políticas sociais como bolsas de estudos e programas de apoio, que capaciten estes individuos para desenvolver traballos que realmente merezan, por seren as persoas máis preparadas para tal efecto.

2.3.4.2.5 As medidas de acción positiva en contextos de conflito lingüístico

A discriminación lingüística ficou até hai pouco tempo fóra das políticas de acción positiva, pensadas unicamente, como sabemos, para restabelecer unha situación igualitaria nomeadamente para as mulleres e a poboación negra. Porén, segundo a opinión dalgunhas persoas especialistas no eido, as linguas minorizadas responden ao mesmo patrón discriminatorio que estes colectivos, polo que cómpre empregarmos medidas de acción positiva tamén para as linguas discriminadas inseridas nun contexto de conflito lingüístico. A promoción da lingua recesiva como vehicular no ensino, o emprego desta por parte da administración e a xustiza, ou a presenza maioritaria nos medios de comunicación, constitúen medidas de acción positiva encamiñadas á dignificación das linguas minorizadas.

Ao respecto da aplicación de medidas de acción discriminatoria no eido da lingüística, A. X. Ferreira Fernández *et alii* (2005), sinalan que os poderes públicos deben promover o emprego da lingua galega co propósito de a dignificar e salvagardar a súa supervivencia. Deste xeito, salientan que (2005: 14-15):

Ademais, e en coherencia co mandato constitucional derivado do artigo 9.2 da Constitución Española, os poderes públicos non poden ser neutrais ou meramente arbitraris cando a igualdade non é plena porque hai obstáculos que a fan difícil ou inexistente. Non chocan co principio de igualdade do artigo 14 da Constitución as medidas de trato máis favorable a grupos e individuos que se atopan en situación de inferioridade. Así o ten declarado de xeito expreso o Tribunal Constitucional en múltiples pronunciamentos [...]. En definitiva, na medida en que se constate unha realidade social, económica ou política desfavorable para o galego respecto do castelán e, en consecuencia, para os seus falantes, poderán adoptarse medidas de discriminación positiva a favor do primeiro, sempre que as mesmas sexan proporcionadas e se dirixan ao fin de conseguir unha igualdade material plena. Esta segunda perspectiva refórzase, por outra banda, coa asunción e recoñecemento, tanto polo noso ordenamento xurídico interno, como polas propias normas internacionais, da dimensión colectiva dos dereitos lingüísticos. Esta dimensión deriva do recoñecemento do dereito dunha comunidade ou grupo, alén dos individuos que as integran, á existencia e ao uso dunha lingua como elemento determinante da súa identidade. En consecuencia, a asunción da dimensión colectiva dos dereitos obriga aos poderes públicos a implementar políticas e accións dirixidas, como xa se dixo, á capacitación e á promoción da lingua, políticas que, en ocasións, poderán limitar proporcionadamente outros dereitos individuais.

A. X. Ferreira, A. Nogueira, A. Tato e L. Villares (2005) afirman que sempre que se produza unha situación desfavorábel para o galego respecto do español, no ámbito social, económico ou xurídico, deberán desenvolverse medidas de discriminación positiva dirixidas a acadar unha realidade plenamente igualitaria para ambas as dúas linguas, de acordo coa Constitución e mesmo con diversas sentenzas do Tribunal Constitucional.

Porén, de acordo con T. Sowell (2006: 14) —moi crítico coa teoría de acción positiva—, na actualidade a devandita teoría goza dunha aplicabilidade universal:

Actualmente, se denomina «acción afirmativa» a los programas para los desfavorecidos en Estados Unidos o se les da nombre como «discriminación positiva» en Gran Bretaña e India, «estandarización» en Sri Lanka, «reflejar el carácter federal del país» en Nigeria, y preferencia por los «hijos de la tierra» en Malaisia e Indonesia, así como en otros estados de India. Los cupos y las preferencias de grupo también han existido en Israel, China, Australia, Brasil, Fidji, Canadá, Pakistán, Nueva Zelanda, La Unión Soviética y los estados que de ella derivaron.

Alén das diferenzas terminolóxicas, o certo é que a teoría de acción positiva foi aplicada en toda a parte de xeito superficial e non comprometido. Isto é, considerando políticas pouco frutíferas, como a de cotas, e non realmente efectivas. Esta teoría ten que se fundamentar en datos obxectivos de discriminación dun grupo / colectivo / comunidade lingüística, e non en prexuízos subxectivos, carentes de fundamento. T. Sowell (2006: 33) salienta que:

[...] los profesores de los campus estadounidenses que pertenecen a una minoría se han quejado de que el hecho de que sus colegas les consideren profesores de «discriminación positiva» ha disminuido la interacción intelectual e investigadora, que, a su vez, reduce el desarrollo del profesorado de grupos minoritarios en el mundo académico. Esto puede ser una clara desventaja para alcanzar el potencial de cada uno.

Por pouco que reparemos no argumento poderemos relacionalo coa situación da investigación no contexto galego, aínda que non existan medidas de discriminación positiva deste tipo para conseguir postos no sistema universitario galego. Como ben sabemos, as persoas que acadan a praza de titular nunha universidade do Estado español teñen a posibilidade de que se lles recoñeza a tarefa investigadora por medio da avaliación dos sexenios. Con todo, á hora da valoración da actividade científica producida, o tribunal estatal non resulta tan ecuánime como debese, e non tanto pola falta de equidade, senón porque unha persoa que decida publicar as súas

achegas nunha lingua distinta do español —e por suposto, tamén do inglés—, isto é, unha persoa que asuma o compromiso de facer ciencia en catalán, éuscaro ou galego, ten un número moito máis reducido de posibilidades de dar a coñecer as súas investigacións, xa que existen *de facto* menos lugares onde o facer, alén de que gozan dunha consideración científica inferior —cando a teñen. Polo que resulta máis doado acadar o recoñecemento público da carreira investigadora, mediante a consecución dos sexenios, de o facer en español ou inglés, que se optamos pola vía comprometida en defensa das linguas minorizadas no Estado. A este respecto A. Nogueira López (2006: 69-70) sinala acaidamente nun artigo sobre a avaliación da actividade investigadora que:

O art. 1 da LOU establece que son funcións da Universidade a investigación, a docencia e o estudo ao servizo da sociedade. Unha sociedade entendida, sen dúbida, como o contorno inmediato da Universidade e á que a natureza de servizo público da educación superior obriga a prestar no só formación senón tamén resultados da investigación. O esforzo cada vez maior que realizan as universidades de transferencia de coñecemento ten como destinatario primeiro tamén o tecido social e produtivo próximo. Porén, estas obrigas de servizo público das universidades poden resultar contraditorias cunha concepción supostamente aséptica que predica unha «universalidade da ciencia» desconectada dos seus efectos na mellora do coñecemento do seu contorno. Esta concepción ten efectos máis ou menos neutrais no enfoque e nos ámbitos obxecto da investigación segundo ás áreas de coñecemento ás que se traslade. Neste sentido probabelmente nas ciencias experimentais é máis complicado apreciar unha disociación ente investigación global/local pero nas ciencias sociais e humanas pode ser máis evidente a clara diferenza entre a investigación aplicada-local e a investigación repercusión global. Esta circunstancia lévanos, máis unha vez, á cuestión lingüística xa que o tipo de investigación que se realiza —dentro das coordenadas enunciadas anteriormente— ten moito que ver coa elección lingüística dos investigadores. Unha opción por unha investigación máis xeral tende a ir acompañada do uso de linguas «internacionais» (o inglés, ou, en segundo lugar, o español); a investigación ao servizo do contorno máis inmediato con máis probabilidade fará unha escolla da lingua propia. Nesta liña de reflexión debemos achegarnos aos criterios sobre os que se realiza a avaliación da actividade investigadora. Cada vez máis, estes criterios fórmulanse sen conexión coa función social e de servizo público da Universidade. Pode constatarase como os criterios utilizados tradicionalmente como indicadores de bos resultados académicos nas áreas de coñecemento de ciencias experimentais progresivamente se consolidaron e estenderon a outras áreas de coñecemento [...]. Non se discute aquí o valor complementario que poidan ter estes criterios para medir os resultados da investigación en distintas áreas de coñecemento mais si a súa aplicación exclúinte doutros indicadores que poidan recoñecer con semellante fidelidade a calidade da investigación realizada e, sobre todo, valorar con máis exactitude a contribución á sociedade da investigación feita cunha metodoloxía e cuns resultados igualmente rigorosos mais cun alcance local-rexional no seu obxecto de investigación. [...] Se se bota unha ollada ás revistas incluídas nos «Citation Index» tanto de ciencias experimentais como de ciencias sociais poderase comprobar que

apenas é posíbel achar nesas listaxes revistas noutras linguas que non sexa o inglés. Estas listaxes — ás que os criterios de avaliación da investigación se remiten— levan a que revistas «locais» con investigación claramente local de base anglosaxona sexan os parámetros da actividade científica que permiten discriminar como investigación non válida aquela que se fai aquí sobre temas locais ou en linguas propias. En definitiva, a investigación local norteamericana circula como se fose universal mais o proceso inverso é penalizado en termos de avaliación da actividade investigadora.

Tal e como a autora salienta, o Estado español favorece desde hai anos un único modelo de investigación, isto é, aquel que se realiza nalgunha das linguas dominantes, ben sexa o español ou o inglés, ao tempo que penaliza abertamente tanto os traballos realizados en ou sobre as linguas propias distintas do español. Este feito supón un factor máis para o desalento das persoas que desde a universidade realizan unha firme aposta pola normalización das linguas minorizadas, ao ver que o seu esforzo non alcanza nunca o recoñecemento merecido, vendo como a súa carreira investigadora non avanza por cuestións alleas aos criterios de cientificidade e rigor que realmente deberían rexer na avaliación da súa actividade, ao tempo que si o fan aquelas outras persoas que, podendo estar menos preparadas, acomódanse aos criterios do sistema publicando sempre en español.

Doutra banda, retomando a cuestión da discriminación positiva, cómpre salientar que no eido da administración autonómica, cando menos en Galiza, si existían até o ano 2009 medidas de acción positiva que procuraban —aínda que for timidamente— o desenvolvemento da investigación na lingua propia, o galego, como o é o caso do programa de contratación pre- e posdoutoral da Xunta de Galicia, en que o compromiso de investigar en galego supoñía un mérito á hora de solicitar un destes contratos de investigación.

No ámbito internacional, autores como F. de Varennes (1996: 117) manifestáronse a favor do desenvolvemento de medidas de acción positiva no eido da lingüística en contextos de conflito entre dúas ou máis linguas:

This examination of what may constitute discriminatory behaviour by a state, when it prefers a language or imposes language requirements, points to one principal conclusion: equality and non-discrimination have the effect of requiring the use of the primary language(s) of inhabitants of a state by public authorities when a sufficiently large number of people speak a non-official or non-majority language. This means that the respect of the language preferences of individuals, where appropriate and reasonable, flows from a fundamental human right and is not some special concession or

privileged treatment. Simply put, it is the right to be treated equally without discrimination, to which everyone is entitled.

Con todo, de acordo con F. de Varenes (1996: 118), un gran número de analistas políticos discrepan con esta conclusión, xa que cando menos confunden cuestións diferentes así como a terminoloxía relativa aos dereitos humanos. Este autor sinala que nun documento das Nacións Unidas sobre a protección dos dereitos das minorías, se establece que poden definirse dereitos especiais para as minorías, como o requerimento de asegurar o seu medio cun trato diferencial para conservar as características e tradicións que a singularizan con respecto do colectivo maioritario dominante. Entre elas sinala a acción positiva ou o ensino na lingua propia da minoría. O documento, ao contemplar os dereitos das minorías desde a perspectiva da discriminación positiva, considera que os membros das maiorías poderían queixarse perante o Comité dos Dereitos Humanos pola presunta discriminación padecida con respecto da minoría, dado que non poderían recibir subsidios do estado. Con todo, cómpre sinalar que non se produciu ningún caso a este respecto. Aínda que é imposible predicir exactamente como actuaría o Comité nun caso concreto, o certo é que non sentaría xurisprudencia, debido á particulariedade de cada caso. Neste sentido, segundo F. de Varenes (1996), o documento salienta que cómpre lembrar que a lexislación social pode necesitar o desenvolvemento de medidas desiguais para acadar a xustiza.

Como vemos o desenvolvemento de medidas de discriminación positiva non resulta tan sinxelo como pensaban as persoas que defendían a súa aplicación, senón que supón en case todos os casos novos conflitos entre os colectivos opresoras e oprimidas. Por este e outros motivos resulta oportuno repensarmos a necesidade de aplicarmos este tipo de medidas, tal e como de seguido poderemos comprobar.

2.3.4.2.6 Resulta tan positivo aplicarmos medidas de acción positiva?

Coa formulación desta interrogante pretendemos cuestionar o propio desenvolvemento de medidas de discriminación positiva como ferramenta con que combater os procesos de substitución lingüística por non acreditarmos na súa pretendida eficacia neste eido concreto. Certamente, estas estratexias resultan *a priori* positivas porque, tal e como vimos de ver, supoñen un útil instrumento con que erradicar diferenzas históricas entre colectivos dominantes e oprimidos; porén, implican tamén novos enfrontamentos entre ambos os dous sectores implicados. Alén disto, no caso concreto

dun proceso de substitución lingüística, resulta realmente produtivo aplicarmos este tipo de medidas? Isto é, é evidente que cando estamos a falar da discriminación racial ou sexual, entre outras moitas, o estado lexítimo da realidade sería aquel en que todas as persoas fosen respectadas sen importar a cor da pel ou o sexo biolóxico, cómpre garantir o desenvolvemento dos mesmos dereitos para todas as persoas sen condicionante algún. Mais é isto o que pretendemos para o caso das linguas? O fin último dun proceso de normalización lingüística dunha lingua calquera é acadar un estado igualitario entre a lingua minorizada e a opresora no territorio historicamente definido da primeira? Se a resposta a esta pregunta for afirmativa, entón o desenvolvemento de medidas de acción positiva si sería efectivo para tal efecto; mais desde esta investigación salientamos que a resolución dun proceso de substitución lingüística nunca pode estar baseada na lexitimación dunha emprego igualitario entre a lingua invasora e a oprimida, senón que, pola contra, forzosamente ten que procurar a restitución da lingua minorizada como lingua propia, oficial e vehicular en todos os contextos sociais e para todas as persoas da súa comunidade lingüística.

Deste xeito e por este mesmo motivo, desde este traballo consideramos errada a estratexia de actuación recomendada no Informe IGEA 2010 sobre a lingua galega —*vid.* H. Monteagudo & A. Reixa (2010)—, xa que a súa proposta para mellorarmos a situación da nosa lingua consiste na implantación dun bilingüismo —presuntamente— *regaleguizador*, tal e como podemos ler no propio texto (H. Monteagudo & A. Reixa, 2010: 10):

É perfectamente concibible unha situación de convivencia pacífica e igualitaria de dous grupos lingüísticos (de feito, mutua e fondamente interpenetrados) nun espazo social compartido e nun contexto de liberdade individual. Para isto, é imperativo que o grupo que está en situación de desvantaxada a consecuencia dunha discriminación histórica por parte do estado e dos poderes sociais, reciba un tratamento de reforzo que lle permita acadar unha situación de igualdade. Conseguido isto, a lingua que obxectivamente é menos forte (en termos demográficos, económicos e outros) contará ao menos por un período cunha protección especial para garantir a súa viabilidade e a súa capacidade para resistir a competencia da lingua máis forte. [...] A renovación do proxecto e do discurso de defensa e promoción do galego debe ter como obxectivo revertir a pauta actualmente dominante de *bilingüismo substitutivo* ou *desgaleguizador*, por un *bilingüismo restitutivo* ou *de recuperación*, isto é, *regaleguizador*. Este segundo tipo de bilingüismo é, de feito, o único que permitirá frear a minorización progresiva, e finalmente a desaparición do galego. [...] O tipo de bilingüismo que propugnamos deberá tender a un tratamento *equitativo* (non un falsamente equilibrado) dos dous idiomas, o cal significa que aplicará *políticas de acción afirmativa* (discriminación positiva) a favor do que se atopa en situación máis desfavorable, o galego, unhas

políticas que se apoian na consideración deste como idioma propio do país [...] e que se dirixirán a manter e incrementar a súa vitalidade e a súa plena normalización.

Como vimos de sinalar, se o obxecto dun plan de normalización da lingua é certamente a restitución da lingua minorizada dun territorio calquera como lingua propia, a planificación lingüística nunca poderá fundamentarse unicamente en medidas de acción positiva por procuraren estas como estado lingüístico ideal o bilingüismo —acompañese da etiqueta que se prefira: restitutivo, harmónico, regaleguizador, ou calquera outra das moitas existentes— tal e como recomenda o Informe, pois como demostran abondosos casos ao respecto, o bilingüismo non é máis que un chanzo transitorio previo ao monolingüismo na lingua dominante, alén de resultar antinatural e antieconómico —lingüisticamente falando—, xa que as comunidades non xorden con dúas linguas propias, senón cunha soa. Por este mesmo motivo, diversas persoas se postularon publicamente contrarias ás recomendacións do Informe IGEA entendendo que van en contra do que cabería agardar dun modelo de planificación verdadeiramente implicado coa lingua minorizada; cómpre salientarmos o caso de dúas delas que constitúen ademais senllos referentes históricos na loita pola re-lexitimación do galego en Galiza, como o son M. P. García Negro e F. Rodríguez. Foi este último quen en primeiro lugar se manifestou en contra do informe, por o considerar errado desde o comezo —como estratexia— e máis no seu contido —en tanto que deformación das medidas verdadeiramente normalizadoras deseñadas e desenvolvidas historicamente polo nacionalismo galego. Debido á importancia desta cuestión, decidimos incorporar ao traballo as seguintes citas de F. Rodríguez (2010) —pese a súa extensión— por constituíren unha acaída e rigorosa análise crítica do devandito informe:

Esta descualificación caricaturesca [o Informe] ocorre xustamente cando un amplo sector da sociedade galega está confrontado coa política lingüística oficial por considerala letal para a normalización do noso idioma e hostil ao recoñecemento de dereitos mínimos para os seus utentes. Non pretendemos negar a necesidade e a utilidade de facer análises máis axustadas e matizadas da situación. Moito menos obviar a discusión sobre cais son as tácticas máis intelixentes a seguir para combatermos a política do PP neste aspecto, logrando así maiores adhesións á causa do galego. Porén, consideramos que non se contribúe a nada disto, introducindo factores de confusión sobre as causas reais do retroceso dos usos do galego, agochando a súa subordinación ao castelán na interacción social e o papel do idioma dominante, do poder, único realmente oficial, deste na nosa sociedade. Nunha palabra, desviándonos do substancial: a alarmante falta de dereitos reais que padece o noso idioma, a falta de amparo legal efectivo para os seus falantes, no propio país. O galego é un idioma abertamente discriminado e marxinal no seu territorio. Se unha suposta “estratexia de futuro” para o noso idioma adica máis atención a ridiculizar un suposto discurso

opositor á política discriminatoria oficial que ao discurso que sustenta esta política hostil, o verdadeiro problema, poderán terse as mellores intencións, mais xa se sabe en quen vai repercutir negativamente.

O autor continúa afirmando (2010):

Por iso, sen acritude, con serenidade, mais tamén con contundencia, forman parte os autores da “Reflexión estratéxica” do grupo que intenta falar galego en toda a parte e para todas as funcións na Galiza? Coido que, se formasen parte del, empregarían máis o seu tempo en cavilaren estratexias políticas e sociais para demandaren e conseguiren facer real o obxectivo da consecución de dereitos lingüísticos propios dunha verdadeira cooficialidade, reforzando os sectores sociais e políticos que traballan nesta dirección, en aberta oposición á política lingüística oficial da Xunta de Galicia en primeiro lugar. Estarían fartos de vivir todo o máis na tolerancia que se tiña, como dixo o profesor Carvalho Calero, cos obxectores de conciencia, aínda enriba con límites infranqueábeis. [...] Os estratexas do IGEA non debían perder o tempo en loar as vantaxas do bilingüismo como algo positivo para convencer o sector máis amplo da nosa poboación das bondades de falar galego. A maioría acredita xa en que é bilingüe, mesmo que teñen liberdade para falaren o que queren e cando queren e, aínda máis, que o natural e lóxico é o comportamento lingüístico que teñen. Espero que os redactores do IGEA non compartan esta conciencia subxectiva. Compartirán que é difícil que aqueles falantes vaian comprender o de bilingüismo “substitutivo” e “restitutivo”, optando por este, se previamente non se decatán da subordinación, do dominio, da exclusión en moitos momentos, da renuncia que fan do galego... Se se decataren, comprobarían o que impide, en termos sociais, colectivos, e mesmo individuais, falar de bilingüismo, un termo a todas luces confuso para describir e comprender a nosa situación, a da maioría xustamente. Como tampouco, cómpre na Galiza ningunha campaña para disuadir a ninguén de que deixe de sentirse só galego e abandone a “sectaria” consideración do castelán como unha lingua estranxeira, para vermos de chegar a un diálogo civilizado e positivo para unha convivencia lingüística. A inmensa maioría, por forza das circunstancias xa seculares, concibe a súa identidade nacional ideal como “española y gallega” e, en consecuencia, o castelán outra lingua máis de seu, por certo superior. Mais unha cousa é que esta sexa a realidade hexemónica, e outra moi diferente é axudar a reforzala. El sería positivo para a causa do galego? Mais ben, non.

F. Rodríguez (2010) conclúe dicindo ao respecto do Informe do IGEA o seguinte:

En síntese, o bilingüismo social existente, as manifestacións de bilingüismo individual maioritarias, son proba de desigualdade, de subordinación, de discriminación, escoradas negativamente cara o polo do castelán, características dunha sociedade que ten interiorizado o dominio lingüístico dese idioma como algo natural e normal, após un proceso de imposición secular. Mudar “bilingüismo substantivo” por “bilingüismo restitutivo” pode axudar a tranquilizar as nosas consciencias. Mais,

para mudar normas de uso hai que ter vontade social, polo menos dunha parte da sociedade, que fráxil pero combativa existe, e unha legalidade que obrigue as administracións públicas, en primeiro lugar, a establecer a normalización de usos do idioma propio, a súa restauración, en todos os ámbitos dos que está expulso ou en clara discriminación ou padecendo hostilidade. Toda a liña argumental do nacionalismo social e político (por certo, se hai un “cívico”, haberá outro “incívico”?) actuante está a facer fincapé na discriminación, na falta de igualdade, na persecución e a galegofobia do PP, no deber da administración e nos dereitos dos utentes do galego, no cumprimento da cativa legalidade e no desenvolvemento de normativas que favorezan a restauración de usos. Non sei moi ben de quen falan, cando se refiren ao galeguismo político. Estou a contestar desde a perspectiva dunha alternativa política nacionalista, que fai causa do idioma, cun deseño de mínimos, vitais neste contexto político. Desde logo, non imos asumir nin por asomo que, coas nosas posicións teóricas e as nosas condutas prácticas a prol do galego, contribuíamos a asustar aos castelanfalantes. Sen as campañas mediáticas tan esmagadoras, desde fóra e desde dentro do país, contra unha sociedade indefensa como a galega, en tantas cuestións, especialmente na cuestión do idioma, non se pode entender que determinados prexuízos, estereotipos e falsidades puidesen chegar a ter o eco que tiveron. Mais o combate contra esta forma de intoxicación dou os seus froitos tamén e hoxe moitos sectores comparten que o obxectivo do PP é anular o noso idioma, facelo desaparecer. [...] Lembre este Instituto “galeguista”, e pídolle que cavilen, agora á marxe do tacticismo: dous idiomas para uso sistemático nunha mesma sociedade son inviábeis; non son compatíbeis socialmente de forma indefinida, a non ser debuxando progresivamente funcionalidades de subordinación ou de dualidade desequilibrada e procesos de marxinalidade. O avance do galego na sociedade galega, a nivel social, non se pode producir se non hai retrocesos do castelán, dos seus usos orais e escritos, formais e informais. Vaia adicado exclusivamente aos redactores do Manifesto. Non é para situar no cerne do noso discurso reivindicativo. A vosa reflexión estratéxica pode inducir a confusión e mesmo a promover algunha autoagresión nas propias filas normalizadoras ou dos amigos do galego, das que, sen dúbida, vos consideradas parte. En todo caso, as organizacións nacionalistas de todo tipo, especialmente a Mesa, enunciaron os discursos necesarios, neste momento, e promoveron as accións sociais prácticas, logrando unha ampla converxencia de distintos sectores, cunha contundencia e un éxito indubidábel nun momento moi delicado e conflitivo contra un inimigo poderoso... Grazas á súa iniciativa e ao seu discurso un importante sector da sociedade galega paroulle os pés a este Goberno galegófobo. O que se necesita é robustecer aínda máis a nosa capacidade para resistir e avanzar. As reflexións do IGEA non contribúen a este obxectivo.

Para concluírmos, cómpre lembrarmos que rexeitamos o desenvolvemento de medidas de acción positiva como ferramenta para solventar procesos de substitución lingüística por se basear nun concepto de igualdade liberal, isto é, adulterado e contrario ao dereito fundamental a sermos diferentes; porque, con este modelo de falsa igualdade, o poder non procura establecer unha situación realmente igualitaria, senón que pretende perpetuar o desequilibrio entre distintos colectivos. Alén de que o estado ideal dunha lingua minorizada non é nunca a igualdade ou o

equilibrio con respecto da lingua que a oprime no seu propio territorio historicamente definido, senón que debe aspirar sempre á recuperación do seu lexítimo status de única lingua propia e oficial dentro da súa comunidade lingüística.

2.3.4.3 As linguas como elementos básicos de cohesión social

As linguas dos colectivos minorizados teñen que ser respectadas sempre e en toda circunstancia sen necesidade de apoiarmos esta afirmación en argumento ningún por constituír, como viamos previamente, un principio ético fundamental. Porén, son moitas, e de moi diferente natureza, as razóns que o sustentan como, por exemplo, a conservación da linguo-diversidade ou o mantemento de formas únicas de conceptualización da realidade, entre outras. Con todo, o argumento ao que agora remitiremos é á conservación de cada unha das linguas do mundo por constituíren elas elementos indiscutíbeis para a non fragmentación da comunidade en que se insiren; isto é, linguas como elementos básicos de cohesión social. Para que non fiquese dúbida ningunha da veracidade deste razoamento, referido a que a lingua é en efecto un elemento fundamental para a conservación dunha sociedade e como tal ten que ser protexido, salientamos un caso externo ao noso país, carente de calquera filiación cara á lingua galega, producido durante a cerimonia de presentación da última edición da gramática da Real Academia Española²⁷, o 10 de decembro de 2009. Neste acto o Xefe do Estado español pronunciou un elocuente discurso en que quedaba patente a verdadeira intencionalidade dun tal proxecto que transcende os intereses puramente gramaticais manifestando as súas motivacións políticas reais:

Emulando el ánimo de entrega y la disciplina de trabajo de los académicos fundadores de la [Real Academia] Española, entre todos habéis construido con la guía de un sabio ponente esta Nueva Gramática, que refleja el español de todo el mundo. Con ello prestáis un servicio histórico a la *unidad del español* y, en definitiva, a la *mayor cohesión entre los pueblos hispánicos* [o subliñado é noso].

Pois ben, tal afirmación non creou alarma social ningunha, moi ao contrario pasou completamente desapercibida, polo que podería entenderse que o feito de seren as linguas elementos fundamentais para a cohesión dos pobos en que son faladas constitúe un axioma aceptado universalmente. Porén que acontecería se substituímos ‘Española’, na liña segunda, por ‘Galega’; ‘español’, nas liñas terceira e cuarta, por ‘galego’; e ‘pueblos hispánicos’, na liña cuarta

²⁷ RAE (2009): *Nueva edición de la gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa.

—restándolle o pouso imperialista que ten a expresión ‘pueblos hispánicos’ no texto orixinal—, por ‘Galiza’? Coido que non nos desviaremos demasiado da realidade se dicimos que un tal discurso sería tomado polos sectores antigalegos como un novo pretexto para continuar espallando as falaces argumentacións da imposición do galego, mesmo desaconsellando conservarmos a lingua propia para non fragmentarmos o estado en que se insire a nación galega. No entanto, ninguén protesta cando a imposición a protagoniza o español, mesmo en territorios alén do Estado.

A este respecto C. Junyent (1998: 110-111) engade o que segue:

La història proporciona numerosos exemplos de comunitats que, en perdre la llengua, han establert una dinàmica de nosaltres vs. els altres amb la confrontació com a eix fonamental, perquè la preservació de la identitat sense un símbol tangible porta sovint a la recerca d’un espai propi, la delimitació del qual és difícil d’establir quan s’han perdut els signes d’identitat tradicionals. [...] Si tant les poblacions receptores com les poblacions desplaçades són conscients del valor de signe d’identitat de la llengua, es poden desenvolupar models de comunicació horitzontal que no comportin cap renúncia ni als uns ni als altres. Tot plegat està íntimament connectat amb la qüestió dels drets lingüístics.

C. Junyent (1998) incide na importancia das linguas como elementos de cohesión social así como sinal básico de identidade. No entanto, pola súa banda, os gobernos dos colectivos actualmente dominantes escinden tradicionalmente as linguas en, basicamente, dúas categorías: en primeiro lugar aquelas que son contempladas como elementos de cohesión social que asemade constitúen signos de identidade, isto é, as linguas dominantes e hexemónicas; e, en segundo lugar, as linguas que, baixo a súa interesada interpretación da realidade, constitúen simples instrumentos comunicativos que son, evidentemente, as linguas minorizadas nos conflitos lingüísticos. Desta maneira, de acordo con J. C. Moreno Cabrera (2006: 13):

Uno de los mitos más arraigados que nos quiere hacer ver la pluralidad de lenguas como un estorbo es el que consiste en decir que los idiomas se reducen en última instancia a sistemas para transmitir información. Se trata, pues, de meros instrumentos más o menos pasivos para realizar un fin, que es el de la comunicación. En esencia, da igual utilizar una lengua u otra, porque, según este mito, el objetivo fundamental de las lenguas es el de servir de soporte a lo que realmente importa, que son las ideas o hechos que quieren transmitirse.

Obviamente esta estrataxema manipuladora esquece que as linguas non son simples instrumentos para partillarmos información unhas persoas con outras, senón que, alén diso, cada lingua supón un xeito único de catalizarmos a realidade ocasionando tantas cosmovisións como linguas existen ao tempo que producen información nova, xa que, como T. Moure (2011: 74) sinala, un coitelo tamén serve para abrir unha botella de cervexa se non tivesemos nada mellor a man, mais non por iso ninguén define o coitelo como un instrumento para abrir botellas de cervexa. Cada día empregamos, de acordo coa autora, as linguas para nos comunicar, con todo a comunicación non se produce só por vía lingüística nin resulta tan efectiva como debese.

Pois ben, segundo isto, perante o actual contexto do galego como lingua propia do colectivo minorizado nacional de Galiza inserido no Estado español, resulta lexítimo e necesario reivindicarmos a intensificación do uso da lingua galega até recuperarmos o monolingüismo en galego non só para garantirmos deste xeito a conservación da nosa lingua, senón como estratexia encamiñada á non fragmentación da nosa nación historicamente definida perante o inminente perigo de desintegración dela no Estado español, por moito que esta medida semelle que poida vulnerar os dereitos das persoas falantes de español membros do grupo minorizado galego, non fai tal, senón que estas persoas non son conscientes, tal e como comprobaremos no seguinte apartado, da lingua que lles roubaron.

2.3.4.4 O caso da antropóloga

T. Moure (2011) fai un repaso arredor da ciencia da linguaxe vinculándoa coa ética e facendo fincapé nunha perspectiva lingüisticamente ecolóxica, consciente e responsábel, que conclúe cunha analoxía sobre o traballo dunha antropóloga chegada a unha comunidade illada onde está a piques de se facer un sacrificio humano co propósito de tentar aplacar a ira dun volcán en erupción próximo á tribo. A ética profesional da antropóloga aconsella en todo momento a non intervención nas sociedades observadas co fin de respectar as prácticas culturais alleas por moi arrepiantes que parezan aos ollos de Occidente. No entanto, o sacrificio humano vai moito máis alá dunha simple práctica cultural propia polo que neste caso, como noutros de restricións internas extremas —en termos de W. Kymlicka (1996); lembremos que segundo o autor constitúen reivindicacións que o propio colectivo fai dentro do seu grupo e que non teñen repercusións fóra del—, a intervención resulta eticamente necesaria e incuestionábel. O sacrificio de persoas en aras do ben común e a clitoridectomía, ou mutilación xenital feminina, resultan casos extremos de

restricións internas que non poden ser tolerados en ningunha circunstancia, por moito que isto supoña intervir en sociedades alleas ou coartar os dereitos das persoas.

Dando un paso máis na analoxía, T. Moure (2011: 118-119) comenta:

No momento de crispación actual non resulta doado expresarse e a defensa do galego asóciase inmediatamente á radicalidade política. [...] Mais tamén é importante, sen dúbida, poder defender o dereito a vivirmos en galego sen nos asociar a esa radicalidade que para moitas persoas resulta tan ofensiva, tan degradante. En todo o caso, a defensa irrenunciábel do galego non é menos pacífica nin menos convivencial porque, se estou convencida —e o estou— de que a este pobo lle roubaron unha lingua, non teño necesidade de reclamar os meus dereitos para min (que tamén, claro), senón que se podería defender que teño a obriga moral de restituírlles os seus dereitos aos actualmente falantes de español que aínda non saben o que lles quitaron. [...] Igual que a antropóloga sente a obriga moral de liberar as nenas dun sacrificio ritual que nin sequera vai conseguir aplacar o volcán. Mesmo se elas non quixeren ser liberadas.

Polo que, do mesmo xeito que cómpre impedirmos tradicións culturais que impliquen sacrificios humanos, aínda que as propias vítimas o aceptaren como algo natural; do mesmo xeito que deberíamos tentar que os kamikazes musulmáns non estean dispostos a se inmolar ou dar as súas vidas en atentados suicidas polas loitas relixiosas, aínda que eles consideren un privilexio tal cousa facer e morrer como mártires polas súas crenzas; do mesmo xeito, pois, cómpre reclamarmos o dereito de todas e todos para falarmos galego en Galiza, aínda para as persoas falantes de español que non son conscientes da lingua que o poder lles usurpou encargándose de facer pasar ese roubo lingüístico como parte dos pretendidos procesos de modernización e ascenso social desenvolvidos por eles desde o Estado español. De tal maneira que, segundo M. Moreira Barbeito (no prelo), cómpre reivindicarmos tamén os dereitos lingüísticos:

[...] incluso para los individuos hablantes de español en los contextos de conflicto lingüístico euskera, catalán y gallego, dado que, como especialistas en lingüística, tenemos la obligación de reclamar el espacio que a estas lenguas les corresponde requiriendo el empleo del euskera, catalán y gallego en sus respectivos territorios para las personas que ya las emplean además de para aquellas que, hablando español, asumen acríticamente la lengua foránea sin cuestionarse las motivaciones que causaron su expansión; de la misma manera que algunas mujeres se resignan a la mutilación genital o los kamikazes a realizar atentados suicidas en nombre de la divinidad en cuestión.

De tal maneira que nós, analogamente á antropóloga de T. Moure (2011), estamos na obriga de intervir no suicidio lingüístico que está a practicar nas nosas propias tribos gran parte do colectivo de falantes do catalán, éuscaro e galego, co obxectivo de o revertermos; cómpre, pois, que visibilicemos a realidade que se acubilla tras a visión adulterada que o poder transmite co obxecto de eliminar as linguas minorizadas e espallar o seu control alén das súas fronteiras, mesmo, como dicíamos, cando as persoas involucradas non sexan conscientes da lingua historicamente furtada.

2.3.4.5 A hipótese da linguo-diversidade

A situación actual das linguas do mundo, definida polo aumento imparábel da perda incesante destas, salienta —como xa vimos no apartado 1.1— que a hipótese ou hipóteses de traballo empregadas até o momento non acadaron, á vista dos datos, os seus obxectivos en tanto que a morte das linguas lonxe de diminuír non deixa de se incrementar a cada ano que pasa. Isto é en parte así porque, de acordo con D. R. Snodgrass (1980 [*apud* T. Sowell, 2006: 11]): «a menudo las nuevas políticas [lingüísticas] se aplicaron sin analizar el grado de éxito o de fracaso que las políticas [lingüísticas] pasadas tuvieron en quienes fueron aplicadas». Por este motivo, logo de analizarmos a situación das linguas minorizadas no mundo mais centrándonos sempre no contexto galego, asumindo e continuando o camiño do nacionalismo máis comprometido coa defensa das linguas minorizadas nos contextos de conflito lingüísticos —como é o caso do nacionalismo galego—, entendemos que cómpre aplicar unha nova hipótese que presente unha vía alternativa na procura do estancamento da morte de linguas. Con esta intención traemos a hipótese da linguo-diversidade —presentada previamente nesta investigación—, como unha nova forma de nos achegarmos ao problema da diminución da diversidade lingüística, isto é, como unha nova proposta de traballo que procura brindar unha resposta acaída ao problema real da morte de linguas.

2.3.4.5.1 As hipóteses refutadas

O estado actual da linguo-diversidade manifesta que a concepción tradicional dos dereitos lingüísticos non acadou os resultados esperados, por este motivo consideramos nunha etapa previa desta investigación unha hipótese de traballo centrada nunha nova interpretación dos dereitos lingüísticos como individuais integrando, sempre que fose preciso en contextos de conflito lingüístico, os dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo, tal e como comentamos previamente.

Entendíamos nese momento que a formulación desta hipótese sería moi oportuna para solventarmos definitivamente o conflito lingüístico que nos caracteriza desde antigo, alén de que o contexto galego sería o apropiado para aplicarmos esta primeira hipótese, ou hipótese inicial de traballo, por constituír na actualidade un proceso de substitución lingüística onde a lingua propia trata de recuperar falantes e funcións lingüísticas usurpados, en ambos os dous casos, pola lingua dominante no conflito aberto. Esta hipótese propuña, perante a diminución actual da diversidade lingüística, a aplicación dunha nova concepción dos dereitos lingüísticos individuais que contemplaba, sempre que fose necesario, o recoñecemento dos dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo. Pensabamos —erroneamente— que de empregarmos esta nova categoría no contexto de conflito lingüístico galego comprobaríamos a veracidade da hipótese ao contribuír esta á recuperación do espazo lexítimo que ao galego lle corresponde na sociedade, porén non foi así.

Suxeríamos a reivindicación dos dereitos lingüísticos individuais, contemplando nos casos de conflito lingüístico os diferenciados en función do grupo tanto para que se garantisen as proteccións externas como para estableceren as restricións internas —de acordo coa terminoloxía introducida por W. Kymlicka (1996)— relativas á promoción da lingua propia. Con todo, comprobamos que a hipótese fracasaba por auspiciar, en contra da nosa intención, o pretendido dereito a non falar a lingua propia dun territorio calquera, como é o caso do galego en Galiza —concepto introducido no apartado previo desta investigación 2.3.3.1. Por este motivo consideramos errada a hipótese de traballo e decidimos desbotar a súa aplicación.

2.3.4.5.2 A formulación da hipótese definitiva

Visto que a hipótese anterior ficaba refutada por non acadar os seus obxectivos iniciais, propuxemos a elaboración dunha nova baseada nun concepto de dereito lingüístico completamente diferente, tal e como xa a adiantamos no capítulo primeiro deste traballo. Dado que entendemos a tarefa investigadora como un proceso en que a refutación dunha hipótese dada non supón tanto un fracaso como un aliciente para a elaboración doutra nova fundamentada no coñecemento adquirido nas fases previas; comprobada pois a ineficacia da hipótese precedente nun contexto como o galego —por posibilitar un uso ilexítimo dos dereitos lingüísticos como ferramenta contraria ao natural

desenvolvemento da lingua propia dun territorio calquera—, propuxémonos a elaboración dunha nova hipótese de traballo cuxa formulación solventase as dificultades xurdidas coa anterior.

Por este motivo formulamos a hipótese da linguo-diversidade que consiste, como xa comentabamos, na aplicación dunha nova concepción dos dereitos lingüísticos como colectivos — tanto a nivel planetario como, sobre todo, a nivel local— baseada na reinterpretación do colectivo e procurando en todo momento unha actuación a nivel individual ética, consciente e responsábel; o que contribuirá sen dúbidas, segundo o noso punto de vista, a solventar os actuais procesos de substitución lingüística, ao estancamento da morte das linguas.

A hipótese está deseñada pensando non só nas persoas falantes de linguas minorizadas en contextos de conflito lingüístico, senón tamén para aqueles individuos de comunidades oprimidas falantes das linguas dominantes nos procesos de substitución lingüística que asumen acriticamente a lingua foránea sen percibir a súa imposición; isto é, aquelas persoas que, instaladas nunha fase moi adiantada do proceso de aculturación, non son conscientes da lingua que o poder lles roubou. De tal xeito que, analogamente á antropóloga de T. Moure (2011) que non podía evadir a súa responsabilidade debendo impedir que se producise o sacrificio humano, aínda que as propias vítimas o asumisen como natural, a hipótese da linguo-diversidade implica que nós, hoxe, falantes de galego convencid@s e concienciad@s temos a obriga de sermos proselitistas ao tempo que reivindicamos o espazo que ao galego corresponde como lingua propia do país.

Desta maneira, non só estamos a falar da reclamación dun espazo lexítimo en Galiza para a comunidade de falantes do galego, senón tamén para quen fale español, asumindo a lingua dominante como propia sen se cuestionar as motivacións que levaron ao seu espallamento, do mesmo xeito que os lobos de C. Guo-Qiang se resignan a correr detrás de quen os precede sen matinaren nas causas nin nas consecuencias dunha acción tal. Porque a hipótese que presentamos require un compromiso a nivel individual encamiñado á consecución do ben común, do beneficio colectivo, isto é, da re-dignificación da lingua propia, ao mesmo tempo que nos afasta da actuación en bloque ou homoxénea característica das comunidades acríticas, que se deixan levar polo poder como os lobos da obra de C. Guo-Qiang.

Neste sentido consideramos que cómpre aplicar a hipótese da linguo-diversidade nun contexto de substitución lingüística como o galego, co propósito de comprobarmos se cumpre ou

non os seus obxectivos. Desde esta investigación consideramos que constitúe a ferramenta máis acaída para solucionar os conflitos lingüísticos e frear a perda incesante de linguas característica deste momento histórico. O primeiro obxectivo desta hipótese consiste na consecución dunha situación igualitaria para ambas as dúas linguas implicadas no conflito lingüístico —galego e español, neste caso—, procurando un estado igualitario mais na acepción republicana do termo, isto é, non condicionada por criterios de mercado; para, en segundo lugar, avanzar o chanzo definitivo no desenvolvemento da hipótese e re-situar a lingua minorizada no status de lingua propia, oficial e vehicular en todos os contextos sociais, lexitimándoa para a realización de todas as funcións lingüísticas e outorgándolle á lingua opresora a función de lingua foránea e de relación coa súa comunidade de falantes, isto é, a permanencia nos plans de estudos como L₂, sen usurpar o lugar da lingua propia do territorio en cuestión. Con todo, para acadarmos realmente un contexto lingüístico como este, unha *pax* lingüística verdadeira, en que as persoas poidan falar con absoluta normalidade e liberdade a lingua propia da súa comunidade e a empregar no desenvolvemento das súas vidas cotiás, cómpre termos individuos carentes de prexuízos e amplamente formados na lingua propia, que se sintan seguros falando na lingua do territorio onde moran.


No entanto, para chegarmos a esta *pax* lingüística non podemos tratar igual dúas realidades —neste caso concreto lingüísticas— que conviven nunha situación de desequilibrio e discriminación, marxinação e cohabitación forzada e forzosa en absoluta desigualdade. Moi ao contrario, cómpre promocionarmos a lingua propia para conseguir un estado digno para ela e desde esa situación reivindicarmos o monolingüismo social en galego.

2.3.4.5.3 A lexitimación do trato desigual e as medidas de acción positiva

G. Sanmartín Rei (2009a: 76) sinala ao respecto da trato desigual que: «A igualdade e a harmonía dos desiguais é sempre a peor das políticas posibles.» Deste xeito, da man da autora chegamos ao paradoxo da desigualdade e o temor infundado da inmersión lingüística: falsas pantasma e preconceptos decimonónicos. Porén entendemos que, a diferenza dos argumentos esgrimidos polos autores do Informe IGEA, o trato desigual de linguas en conflito non se limita unicamente á aplicación de medidas de discriminación positiva, xa que como comprobamos previamente estas conducen a un estado de bilingüismo nas dúas linguas implicadas no proceso de substitución lingüística, que conclúe maioritariamente nun monolingüismo na lingua foránea opresora.


No contexto actual caracterizado pola diminución da diversidade lingüística, en moitos dos procesos de substitución onde se desenvolven políticas que presuntamente procuran a normalización das linguas minorizadas, algunhas persoas se postulan contrariamente perante as medidas que pretenden promocionar as linguas asoballadas en cada un dos conflitos lingüísticos, aducindo que supoñen unha limitación para a plena realización dos seus dereitos lingüísticos. Mais, o certo é que un simple razoamento lóxico manifesta que se tratamos dúas realidades que parten dunha situación desigual —neste caso as dúas linguas en conflito deste territorio: galego, lingua propia historicamente definida, e español, lingua foránea imposta polos sectores dominantes desde antigo—,

Gráfica 1. *Situación actual de desequilibrio entre galego e español*



de xeito idéntico ou harmónico, o único resultado posíbel que acadaremos será a perpetuación *ad infinitum* desa situación de desigualdade de base, sen que cheguen nunca a se equiparar, nin moito menos a re-situar a lingua minorizada no espazo que lle corresponde como lingua propia do territorio. Pola contra, as diferenzas aumentarán exponencialmente.

Gráfica 2. *Incremento proporcional do desequilibrio*



Tal e como salienta a *Gráfica 2. Incremento proporcional do desequilibrio*, a igual promoción de dúas realidades en situación desigual fai que por moito que ambas as dúas melloren —zona máis clara da Gráfica 2— a diferenza de base perpetúase aumentando proporcionalmente. Este razoamento lóxico, simple e evidente ao noso modo de ver, resulta sistematicamente negado polas autoridades gobernamentais así como por algúns sectores académicos e anti-galegos. Alén de que presentar a situación actual do galego como un problema, tal e como reiteradamente fan desde a administración, non supón máis que propiciar o aumento da poboación que deixa de lado a súa lingua propia para se acoller á foránea.

Como dicíamos, hai xa tempo que escoitamos como desde algúns medios de comunicación así como desde os sectores máis abertamente contrarios ao natural desenvolvemento da lingua galega se refiren á súa situación actual, resultado da diacronía precedente, como *problema*. Etimoloxicamente o termo procede do latín, *problēma*, e a súa vez do grego, πρόβλημα. Quen o aplicar para tentar definir —de xeito en absoluto inocente— o contexto galego está a pensar nas acepcións de *problema* como ‘*dificultade* ou cuestión que hai que aclarar’, ‘*dificultade* de dubidosa solución’, ‘circunstancias que *dificultan* a consecución dalgún fin’, entre outras semellantes en que se refiren sempre ao termo designado como unha cuestión precisada de resolución ou unha realidade controvertida que cómpre solucionar. No entanto, etimoloxicamente, *problema* pode tamén entenderse como ‘situación cuxa resposta descoñecida debe obterse mediante métodos científicos’, polo que o argumento empregado como estratexia de desprestixio do galego pode ser brandido por quen procurar a defensa da lingua galega para todo o contrario, para a revitalizar. Porque se de métodos científicos se tratar, abondo agardou a ciencia da linguaxe sen se pronunciar,

chegada é a hora de que acorde e se manifeste perante o *problema* do galego achegando o seu saber e os seus métodos técnicos rigorosos para acadar a resposta máis acaída. Por moito que a situación do galego non sexa soamente de base lingüística, senón tamén de natureza extralingüística en tanto que foi —e é— causado por activos alleos a ela, non pode permanecer máis tempo afastada da realidade do seu propio obxecto de estudo.

Do mesmo xeito, de acordo con M. P. García Negro (2009b: 205-206), a discriminación histórica padecida polas mulleres, consideradas inferiores intelectualmente polas pseudo-ciencias da medicina e da bioloxía, supoñía un *problema* fundamental para elas —mesmo padecendo séculos despois as consecuencias daquelas mal intencionadas consideracións sen fundamento ningún—, porén os causantes deste non eran elas propias, senón eles, tal e como sinala a autora. Avanzando os séculos e evolucionando as ciencias e os saberes, chegou a confirmación do que era obvio, isto é, a falsidade das devanditas consideracións misóxinas. Polo que, en lóxico paralelismo, os causantes extralingüísticos do *problema* da nosa lingua á forza deberán evolucionar para certificar a inviabilidade da discriminación actual. A diferenza entre ambas as dúas situacións consiste en que o galego non dispón de tanto tempo para agardar; non ten séculos por diante para sobrevivir en precario entrementes esta mellora. E mellorará, mais non por si propia, senón investindo tempo e esforzo, e non só o orzamento público; mellorará cando o seu conxunto de falantes comprenda a usurpación da identidade que implica o emprego da lingua dominante e, ao mesmo tempo, interprete a lingua propia como un ben común cuxa conservación redundará no beneficio colectivo, tal e como require a implantación dos dereitos lingüísticos colectivos presentados na hipótese de traballo deste investigación.

Por este motivo, a lingüística como ciencia ten que tomar partido para acelerar o proceso e pór fin a esta cuestión aínda que sexa —tamén— de natureza extralingüística, dado que corremos o risco de que o noso país se converta nun cemiterio de elefantes para o galego, isto é, un lugar onde a lingua agarde pasivamente até o momento da morte sabedora de que xa non hai solución para as súas doenzas. Segundo estudos recentes da conduta destes animais, os elefantes, manifestando altos niveis de empatía e solidariedade cara aos seus conxéneros acompañanos nos seus últimos días. Non será, pois, que o español tenta mesturar o comportamento dos elefantes, cara fóra, e máis o dos voitres, que son quen de prognosticar a morte da súa vítima e non deixan de a roldar até que isto ocorre, de aí que *acompañe* forzosamente ao galego preludiando o seu fin, ocultando o seu rostro de ave preeira coa máscara paquidérmica do bilingüismo —pretendidamente harmónico, restitutivo ou

regaleguizador— para usurpar completamente o lexítimo territorio que ao galego historicamente lle corresponde?

A imaxe que do galego se transmite na actualidade corresponde cun vello labrego que agarda na súa casa da aldea abnegadamente o momento da morte acubillado no escano da lareira fumeante, mentres que o español percibímolo como un home novo e cosmopolita instalado na modernidade dunha gran capital. Cómpre sermos prudentes porque a forza que estes estereotipos teñen aínda hoxe é moita, e racharmos, desta maneira, cos preconceptos para así mudarmos a imaxe do galego co obxectivo de o relacionar non só coa tradición, que non debemos esquecer, senón tamén coa modernidade. Resulta necesario transmitir a idea de que o galego, como toda lingua humana, está capacitado para desenvolver todas as funcións lingüísticas, polo que cómpre vinculalo coa aldea, mais tamén coa cidade, coa tradición, mais tamén coa ciencia, a investigación e a modernidade; isto é, espallarmos o feito de que o galego é unha lingua con que todas e todos podemos vivir plenamente, sen necesidade de acudirnos a ningunha outra lingua. Ao respecto da imaxe que asociamos ás linguas A. Iglesias Álvarez (2002: 28) salienta que:

O mesmo ocorre coas linguas e os grupos lingüísticos, de xeito que, por exemplo, se asocia unha determinada lingua cun status socioeconómico concreto e, en consecuencia, considérase o cambio de lingua como un dos medios para modificar ese status. Así, as linguas acaban funcionando como capital social, cultural, económico e simbólico, no sentido de Bourdieu, percibíndose ademais o poder que adquiren como unha característica inherente ás mesmas, e non como algo conxuntural.

Con todo, segundo a autora (2002: 29), un cambio de actitude cara á lingua non implica necesariamente a modificación da conduta das persoas que a poderían asumir como lingua de instalación:

Así, en Galicia, a partir da transición democrática e o inicio do proceso de normalización, as actitudes cara ó galego empezan a mellorar notablemente, mentres que o uso desta lingua segue diminuíndo de forma progresiva. É dicir, a mellora das actitudes cara ó galego non se traduce nun aumento do seu uso [...].

Tamén V. Formoso Gosende (2010: 144-145) salientou a importancia fundamental que ten a imaxe que unha sociedade lle outorga ás linguas, alén das repercusións que este feito ten, *de facto*, na súa conservación:

As razóns de que a planificación lingüística catalá triunfase moito máis cá galega son moitas, pero eu centraríame en dúas principais: unha, que se realizou unha planificación global da mesma e outra, quizais máis importante, que as representacións do catalán existentes en Cataluña no conxunto da sociedade, pero sobre todo por parte das clases medias e medio-altas, non ten nada que ver coas representacións que teñen a maioría dos galegos da súa lingua. Por iso, aquí calquera medida política que busque restituír o galego “de repente” en certos ámbitos é considerada “impositora”. E o máis grave é que ese discurso calla doadamente nunha sociedade en que prima unha imaxe negativa do galego.

Á vista está que a historia do galego dista abondo de poder ser considerada como un *pretérito perfecto*, en termos gramaticais, debido a todas as complicacións políticas e intereses económicos que non fixeron (e fan) máis que poñer pexas ao seu normal desenvolvemento. No entanto, non quere isto dicir que debamos aceptar o feito de que o pasado da lingua condicione o seu presente e mesmo o que ha de vir. É pois inviábel un *futuro perfecto* para o galego? É posíbel que o pasado da lingua distorsione o noso presente, con todo en nós está conseguir que non inflúa negativamente no seu futuro o desenvolvemento de medidas na actualidade para lle restituír o espazo que lexítimamente corresponde como lingua propia do país. Con este símil gramatical baseado na tripla división do tempo característica das linguas da nosa contorna pretendemos pór de manifesto que non está todo perdido, desmarcándonos deste xeito das visións negativas características dun colectivo de especialistas concreto onde se inclúe, por exemplo, X. Alonso Montero, demostrando, pois, que estamos a tempo de revivir o galego para procurarmos ese futuro soñado. Unha realidade que é, mesmo gramaticalmente, posíbel, xa que o futuro de subxuntivo galego —arquetipo da súa visión característica e única do mundo— implica unha acción futura probábel e non hipotética; isto é, un tempo verbal positivo, xa que, en palabras de T. Moure (2011: 109-110):

A gramática é a compoñente fundamental da lingua. A gramática humanizou a especie. A gramática esixe dunha localización cerebral específica, que non está nos parentes simios nin nos seres humanos privados da función lingüística. A gramática é un conxunto de regras que nunca equivocamos durante o proceso de adquisición que cadaquén percorre en soidade, que nunca conculcamos; é a ordenación esencial que fai a lingua e, de admitirmos que a lingua implica unha forma de ver o mundo, será esa gramática a que nos dea os tixolos para construírmolo. Por iso, se perdemos o futuro de subxuntivo, por poñer un exemplo, perdemos unha forma acabada de nomear a realidade que non está na maioría das linguas do mundo; unha forma de pensan no futuro como algo real: *Se fores á praia verás qué grande é o mar*, cando vaias, no momento que sexa. E pensar no futuro como algo

real é darlle valor as utopías. Igual só por iso o pobo galego non se pode permitir perder o futuro de subxuntivo...

De tal xeito que ao contemplar a gramática baixo este prisma revolucionario, a ecolingüística confirma que as linguas, alén de seren códigos comunicativos, supoñen proxectos colectivos que filtran a realidade.

2.3.4.5.3.1 A importancia do entusiasmo

Se falamos do optimismo, do entusiasmo, da necesidade de bosquexarmos unha nova imaxe do galego realmente positiva que recolla a posibilidade dun futuro certo para el, forzosamente temos que mencionar o inxente —e escasamente valorado— traballo que R. Vilar Ponte fixo ao longo da súa vida a este respecto. O autor (1951 [1977: 23, 26]) comentou no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega que:

Pol-a terra vai tomando corpo unha estreita, sinxela e rexa solidariedade: a dos bos e xenerosos que pondo a preocupación galega en primeiro termo, deixan pra o segundo todas as difrenzas e as vegadas; aínda sin pospoñelas, saben axeitalas pra que se supediten ao encello capital: o recobro íntegro da personalidade espiritual galega que na lingua vernácula ten a súa eispresión pristina e lexítima. Na Galiza enteira hai como un se renovare, que ten total-as semellas de unha xurdia primavera anunciadora de magnas colleitas. [...] E todo feito na lingua da terra, na groriosa lingua que cal si espertase de un longo letargo s'espreguiza e da siñaes inequívocas de unha vitalidade capaz de barrere as negruras do mási enrabexado pesimista.

O escritor, filósofo e xornalista R. Vilar Ponte sobresaec, alén da importancia dos seus textos, como verdadeiro mestre do entusiasmo nun momento histórico que propiciaba, máis unha vez, unha *longa noite de pedra* para a lingua galega. O autor, lonxe dos malos agoiros e os tempos difíciles, optou por transmitir optimismo como medida normalizadora da lingua. Vexamos algúns exemplos:

Boa proba do valor de permanencia transcendente que aquela personalidade nacional ten atopámola no feito, elocuente e exemplar como poucos, da situación actual do espírito galego, da ánima galega. Para reduciilo a impotencia, para facelo e trocalo nun vergoñento alongamento do espírito castelán, non abondaron cinco séculos de asoballamento e tiranía. Despois deles Galiza, a nosa Galiza, a patria única dos galegos conscientes, móstrase tan súa como antes da imposición castelá, e vive, polo de agora, o momento de pórse en pé para tornar a ser a Galiza gloriosa dos tempos que anteceden á fatal unidade dos Reis Católicos (1921 [*apud* X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 85]).

Só polo aludido feito da permanencia inamovíbel do espírito galego no que ten de íntimo e máis seu, de máis autóctono e diferenciado, a despeito das continuadas tentativas que para aniquilalo levou a cabo a cega e torpe manía asimilista de Castela, pódese explicar hoxe o fenómeno da existencia viva e tateante da lingua galega, todo o corrompida e influenciada que queirades polo castelán —ao fin e ao cabo trátase de cinco séculos durante os que sistematicamente se foi excluído de todo labor alto, — mais suficientemente ateigada de vitalidade para ser aínda hoxe o verbo único das tres cuartas partes do pobo galego, e case que da restante parte deste que, se en galego non fala, áchase obrigado, polo imperativo natural, ao que tan difícil é subtraerse: a concibir as ideas e os pensamento en galego para imporse a tortura voluntaria de exteriorizalos empregando un instrumento non axeitado de expresión, como é o castelán (1921 [apud X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 85-86]).

Obriga, pois, de todo bo galego, de todo fillo de Galiza no que xa teña xurdido a conciencia de que é fillo dunha verdadeira patria, é traballar arreo, sen acougo, porque ela abrangue a liberdade a que, como pobo diferente e típico, dono de orixinalidade e dunha personalidade inconfundíbel, ten dereito. Para iso nada mellor que comezar cada un a tarefa individual, particularísima, de liberar o seu espírito de toda clase de tutelas e intromisións alleas; isto é, nacionalizalo, facelo cada vez máis galego, ou sexa máis limpo de lixos producidos pola influencia allea, isto é, dos influxos casteláns (1921 [apud X. Blanco Echauri *et alii*, eds., 2006: 88]).

R. Vilar Ponte, figura insigne das Irmandades da Fala, tanto como por contribuír á súa constitución e por ser un dos seus integrantes activos, como pola súa función de reivindicador e compilador destas tras a contenda, destacou sempre como persoa insubmisa que procuraba un estado digno para o galego por medio da transmisión dunha posibilidade entusiasta para renacermos como nación.

Neste eido da reconfiguración da imaxe do galego, cómpre salientar tamén as achegas que actualmente fai G. Sanmartín Rei ao respecto da importancia de imprimirmos esperanza no futuro da lingua e calidade no seu emprego por parte do conxunto de utentes, que a constitúen como digna continuadora do entusiasmo característico do mestre R. Vilar Ponte. Na súa obra atopamos sempre a visión positiva na definición dun apaixonante futuro —inmediato e afastado— para a lingua; así a autora fala de: «esperanzada viaxe» (2009a: 9), «a calidade da lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico» (2009a: 36) ou «reforzar a lealdade lingüística e a autoestima» (2009a: 101), entre outras moitos fragmentos que poderíamos traer aquí como proba do seu discurso comprometido coa situación da lingua, mesmo xa desde o propio título da obra: *Nos camiños do entusiasmo*.

Deste xeito, consideramos probada a eficacia do optimismo nos procesos de recuperación das linguas minorizadas, ao tempo que subliñamos o fracaso das estratexias catastrofistas que pretendían a concienciación social mediante a presentación dunha realidade aínda máis comprometida do que xa é o para a nosa lingua.

2.3.4.5.3.2 A cuestión da lingua: un tema de opinión social

As veces damos en pensar, erroneamente claro, que certos axiomas para nós evidentes e universais o son tamén para o resto das persoas; isto é, mesmo se non podemos comprobar por nós propi@s que a Terra sexa esférica, acreditamos nesta afirmación porque a ciencia se encargou de o explicar empiricamente desde hai séculos, tal e como xa vimos no apartado 1.1. Analogamente, asumimos a existencia do átomo e máis do xenoma, dado que a física e máis a bioloxía e a medicina, respectivamente, así o demostraron. Do mesmo xeito consideramos que todos os individuos teñen as mesmas capacidades evolutivas sen importar o sexo ou a cor de pel, por moito que non poidamos verificalo persoa a persoa por medio das probas pertinentes. Simplemente acreditamos neste principio e non por cuestión de fe, senón porque a igualdade de capacidades de todos os seres humanos está demostrada cientificamente.

Pois ben, logo por que non aceptamos a idea, defendida e refutada por medio de argumentos científicos, de que todas as linguas están identicamente capacitadas para o desenvolvemento de todas as funcións lingüísticas sendo, polo tanto, igualmente merecentes de todos os dereitos e que a imposición dunha sobre outra non resulta en absoluto aceptábel? Por que ninguén mantén hoxe publicamente que a Terra é cadrada, mais si se lexitima o emprego dunha lingua invasora no territorio histórico da oprimida? A resposta radica en que o tema da lingua converteuse nun asunto de opinión social en que cadaquén ten un punto de vista asumido, por moito que estea baseado, como acontece na maior parte dos casos, en argumentos falaces, do mesmo xeito que no século XVI a sociedade non quixo escoitar as certas teorías heliocéntricas de G. Galilei —que lle custaron o ostracismo e o arresto domiciliario de por vida— aínda que estivesen referendadas por datos empíricos e desmontasen o xeocentrismo ptoloméico, no entanto, contradicían o poder da Igrexa, do mesmo xeito que os argumentos empregados hoxe para a defensa da lingua galega contraveñen o poder centralista que apoia o español como lingua única. *Eppur si muove*, segundo a célebre sentenza atribuída a G. Galilei, isto é, aínda e todo o galego é a lingua propia de Galiza.

O feito de as linguas seren propiedade colectiva, propiciou que cada falante tivese unha opinión sobre ela, facendo que o tema da(s) lingua(s) se convertese nun asunto de opinión social. Todas as persoas manifestan a súa visión ao respecto, aínda que as máis das veces carezan dos alicerces necesarios para fundamentar as respectivas argumentacións. No entanto, semella que neste eido a importancia do criterio de especialista xa non se contempla como necesario, senón que mesmo se considera accesorio. Algo que noutros ámbitos da realidade non acontece, xa que ninguén contravén o diagnóstico dun especialista en oftalmoloxía, a sentenza dunha xuíza ou as ordes dun policía de tráfico. Cómpre, pois, reivindicarmos como lingüistas o criterio de especialistas, imprescindible para o acoutamento do proceso de diminución da diversidade lingüística. Certo é que, como sinalou o profesor R. Carvalho Calero, a lingua é unha cousa demasiado seria para ser confiada exclusivamente aos seus especialistas, incidindo no carácter verdadeiramente democrático delas por formaren parte do patrimonio compartido, alén da necesidade de implicarmos individualmente todos os individuos na súa recuperación. Porén, non quere isto dicir que o criterio de especialista fique invalidado neste eido, senón que non podemos excluír o colectivo de falantes do proceso de normalización dunha lingua calquera.

Retomando agora o asunto principal deste apartado —2.3.4.5.3—, resulta necesario salientar que detrás da pretendida protección das minorías por medio dos dereitos individuais atopamos o que en realidade non é máis que unha trampa, un subterfuxio, unha estratexia legal para amparar a ilexítima asimilación lingüística á lingua dominante. A pretendida promoción actual que os Estados, como o español con respecto do catalán, éuscaro ou galego; o inglés con respecto do galés; ou o francés con respecto do bretón e o éuscaro, presentan como unha medida salvífica, na liña da discriminación positiva, tentando facer ver á sociedade que as protexen cando en realidade procuran a súa progresiva desaparición, non é máis que un estratexema do poder homoxeneizador para perpetuar a situación de desigualdade en todos os niveis en que sobreviven as minorías desde hai xa longo tempo. Coa promoción dos dereitos individuais como hoxe se entenden e aplican desde as grandes potencias nos seus respectivos grupos minorizados, o único que se pretende é manter esa situación de desigualdade entre colectivos opresores-oprimidos. Tal e como salientabamos na Gráfica 2 —*vid.* p. 270—, promocionando da mesma maneira dúas realidades que parten de estados disimétricos só conseguiremos manter a diferenza de base, mesmo contribuíndo a que aumente proporcionalmente.

De querermos acadar unha situación lingüística realmente digna no país para a nosa lingua, ou en calquera outro contexto de conflito lingüístico, cómpre promover medidas desiguais para ambas as dúas linguas en conflito, xa que só así será posíbel equiparar dúas realidades historicamente diferenciadas. É neste punto en que entran en xogo medidas de acción positiva orientadas á promoción da realidade discriminada no proceso. Unha delas sería, por exemplo, a implantación dun modelo de inmersión lingüística en galego no ensino. O Consello da Cultura Galega (2010: 8) aseguraba a este respecto que:

[...] **é un dos modelos posibles para garantir o mantemento de idiomas en situación de minorización.** Trátase dunha estratexia didáctica legalmente avalada por distintas sentenzas (nomeadamente, do Tribunal Constitucional), que os gobernos poden adoptar ou non, pero que ten mostrado unha acreditada eficacia, e está apoiado nas máis variadas experiencias desenvolvidas en distintos contextos. Nas situacións de bilingüismo social asimétrico, a inmersión na lingua minorizada **ofrece os mellores resultados en termos de capacitación nas dúas linguas en contacto para os falantes tanto da unha coma da outra.**

Con todo, mesmo a medida da inmersión lingüística na lingua minorizada —definida en termos de imposición polos sectores contrarios á conservación das linguas minorizadas— manifesta non ser produtiva nos contextos de conflito lingüístico. Vexamos un caso práctico a este respecto. O Eusko Jaurlaritza-Goberno Vasco, ed. (2009) publicou o *IV Mapa sociolingüístico* de Euskadi —MSE, de agora en diante—, onde presenta a seguinte situación: desde a década dos '70 do pasado século desenvolvéronse en Euskadi tres modelos educativos de xeito coetáneo en base á diferente consideración das linguas característica de cada un deles. Deste xeito, podemos falar de:

- Modelo A, de inmersión lingüística en éuscaro con algunhas materias en español —catro ou cinco horas semanais.
- Modelo B, de inmersión lingüística en español con algunhas materias en éuscaro —catro ou cinco horas semanais.
- Modelo C, paritario ou lingüisticamente equilibrado canto ao número de horas semanais impartidas en éuscaro e español, que procura o bilingüismo do alumnado.

Pois ben, segundo os datos da última versión do MSE que recolle os datos sociolingüísticos até o ano 2006, máis de tres décadas despois da implantación destes modelos de ensino, os resultados acadados en cada un deles son os seguintes:


- Modelo A: ao termo da súa escolarización, o alumnado ten competencia activa en éuscaro e español.
- Modelo C: ao termo da súa escolarización, o alumnado manifesta ser monolingüe en español con competencia pasiva en éuscaro.
- Modelo B: ao termo da súa escolarización, o alumnado resulta ser monolingüe en español, sen competencia activa nin pasiva en éuscaro.

Como podemos observar tras a contemplación dos resultados, non resulta lexítimo falarmos de imposición para definirmos os modelos de inmersión lingüística nas linguas minorizadas, xa que só o modelo de ensino monolingüe na lingua propia remata formando un alumnado con competencia activa en ambas as dúas linguas implicadas nos procesos de substitución lingüística. Nos outros dous modelos o alumnado conclúe sendo monolingüe.

Nesta mesma liña de medidas de acción positiva sitúase o denominado principio legal da progresividade do uso do galego no ensino, recollido na Lei de Normalización Lingüística, que se refire, como é evidente, á necesidade de aumentar gradualmente a presenza do galego para garantir que o alumnado remate a etapa obrigatoria do ensino secundario cunha competencia lingüística equilibrada entre ambas as dúas linguas. Porén, este principio de progresividade esgaza no país coa aprobación de medidas legais como o vixente decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, xa que por vez primeira en democracia implican a diminución da porcentaxe de emprego do galego no ensino con respecto do marco legal precedente —decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.


Así, co desenvolvemento de programas como a inmersión lingüística no ensino acadaremos no futuro, nun primeiro momento, un estado realmente paritario para ambas as dúas linguas;

Gráfica 3. *Acción positiva*



deste xeito, partindo dunha situación equilibrada poderanse desenvolver medidas para a promoción do galego co obxectivo de restituílo como única e lexítima lingua oficial, apta para todos os contextos e funcións lingüísticas posíbeis, reservando para o español, como xa comentabamos previamente, o lugar de L₂, unha lingua para o contacto con outros pobos dentro do estado ou a nivel internacional. De tal maneira que, por este motivo, unha vez acadada a situación realmente igualitaria para ambas as dúas linguas non podemos abandonar a defensa da lingua propia, senón que cumpriría seguir apostando pola presenza desta no ensino como lingua vehicular, en particular, e na sociedade, en xeral, para termos falantes verdadeiramente competentes en galego.

Gráfica 4. *Proto-contexto galego lexítimo*



A idea de que non pode impoñerse socialmente o coñecemento da lingua minorizada carece de fundamento. De igual maneira que todos os individuos teñen dereito á educación, aínda que

poidan non cursar estudos superiores, no contexto que nos ocupa, teñen que ter tamén garantido o dereito a súa lingua —aínda que logo poden non a exercer. Mais nun proceso de substitución lingüística onde se producen innúmeras situacións conflitivas entre a lingua minorizada e máis a dominante, está claro que gran parte da sociedade escollerá a lingua opresora —como *de facto* acontece— entendéndoo como unha medida para se promocionar socialmente ou simplemente para se assimilar ao poder.

En efecto, resulta necesario contemplarmos esta posibilidade, porque aínda no caso de triunfaren as medidas propostas neste traballo, o normal sería non abranguer o total da poboación; senón que, cando menos durante varias xeracións, unha porcentaxe importante non acepte as nosas alternativas, porfiando no emprego do español. Con todo, o que pretendemos dicir é que as nosas estratexias non se basean no concepto de liberdade neo-liberal, senón que reivindicamos o galego non só para nós propi@s —que tamén—, senón para toda a sociedade, mesmo para as persoas que están a día de hoxe instaladas no español, ignorando a lingua que lles furtaron, tal e como T. Moure sinala²⁸. Por considerarmos que isto é o verdadeiramente xusto, o que nos fai libres.

Estamos a falar, por tanto, dun cambio de perspectiva, porque non se trata de reclamarmos o dereito a vivirmos na lingua propia do lugar onde vivimos, senón do deber de o facermos. Por este motivo, desde esta investigación apostamos firmemente pola implantación dun modelo baseado no monolingüismo social en galego como única posibilidade de supervivencia da nosa lingua, pois de nada serven as políticas de planificación se non contamos cun compromiso firme por parte de toda a poboación. Cómpre implicar toda a sociedade no proceso, porque esta cuestión non depende tanto dun traballo científico de gabinete, como dunha toma de conciencia por parte do conxunto de falantes para así restituírmos o galego ao lugar que lle corresponde como lingua propia deste país. A lingua é patrimonio de todas as persoas, daquelas que a falan e defenden así como daquelas outras que a negan e se avergonzan dela —T. Moure (2011)—; polo que resulta necesario visibilizar o conflito lingüístico e as súas causas históricas para que toda a poboación sexa consciente del, mesmo aquelas persoas que ignoran aínda hoxe a lingua que lles roubaron, pois todas elas son dalgún xeito corresponsábeis da recuperación ou do asasinato da lingua minorizada. Neste sentido, de acordo con R. Freixeiro Mato (2010: 13):

²⁸ *Vid.* palestra de T. Moure lida no acto *O galego é a chave coa que abrimos o mundo. Voces e sons da lingua que nos une*, da plataforma *Queremos galego!*, o 30 de abril de 2011. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.youtube.com/watch?v=o7tg7HicLJU&feature=player_embedded# [5-VIII-2011].

[...] será tamén a vontade cidadá expresada a través das diferentes canles de representación democrática a que finalmente vai determinar o futuro da lingua. Tal vontade non só se manifesta en elección políticas de carácter xeral, mais tamén en asociacións e comunidades veciñais, en asociacións de pais e nais, consellos escolares e claustros de profesorado, entidades deportivas ou gastronómicas, consellos de administracións das empresas e entidades financeiras etc.

Alén disto, consideramos a necesidade de aplicarmos esta mesma medida en todos os contextos de substitución lingüística co propósito de re-dignificarmos todas as linguas minorizadas do mundo, en tanto que esta investigación inserida na lingüística xeral procura en todo momento unha solución válida tanto local como globalmente, baseándonos na interrelación destes dous vectores nun sentido bidireccional, tirando proveito das conclusións que xorden da aplicación nunha lingua minorizada concreta e aplicando as mesmas ferramentas no problema da diminución da lingüo-diversidade a nivel planetario. A este respecto N. de Gabriel (2010: 119) salienta que:

Partindo do suposto de que o conflito, que certamente existe [...] só se pode resolver en termos de normalización do galego ou da súa substitución polo castelán, a escolla non admite dúbidas: monolingüismo social en galego, compatible co dominio e o uso individual doutros idiomas.

Porén o autor é consciente de que compre implicarmos en maior medida a poboación no proceso de revitalización da lingua propia; na súa opinión (2010: 121):

Dito máis claramente: un futuro monolingüe en galego, a secas, ten hoxe escasas posibilidades de suscitar entusiasmo alén dos xa entusiasmados, nun momento en que se necesita sobre todo gañar vontades.

A defensa que facemos do monolingüismo en galego como ferramenta efectiva para a súa conservación non implica en absoluto o abandono definitivo do español, senón que consideramos sempre unha vantaxe e unha riqueza o feito de podermos empregar máis dunha lingua, sobre todo no momento actual en que o coñecemento do español resulta moi produtivo debido ao gran número de lugares onde se emprega, chegando a ocupar —como xa comprobamos previamente— o segundo posto na taxonomía de linguas máis faladas do mundo. De acordo con G. Sanmartín Rei (2010: 93):

Igualmente, paga a pena deterse para analizar polo miúdo as diferenzas que poden cohabitar baixo a defensa do plurilingüismo como o valor básico para asumirmos e sobre ligazón que se establece entre esa reivindicación e a pragmática visión de constituírmos, no caso galego, unha sociedade “bilingüe” que no pode nin debe renunciar a esa vantaxe, sobre todo nuns momentos de consolidación do español como lingua internacional.

Con todo, cómpre sermos cautelosos con aquelas argumentacións que recomentan o emprego de medidas baseadas na consecución dun estado bilingüe para o galego e español como solución do conflito entre ambas as dúas linguas, dado que, como ben sabemos, rematan na maior parte dos casos ocasionando un estado de monolingüismo na lingua dominante do conflito lingüístico. Deste xeito, coincidimos completamente máis unha vez con G. Sanmartín Rei (2010: 95-96) cando di que:

[...] non é o mesmo apostar polo plurilingüismo e a diversidade en diferentes direccións que reforzar a idea de ser posíbel manter a vitalidade do galego e restituírle aínda tantos usos perdidos ou condenados a desaparecer a través da defensa da evidencia de que o español vai continuar a ser unha lingua utilizada neste territorio, sobre todo cando este idioma non só non está en perigo senón que reforza o seu poder cuantitativo e cualitativo tanto no interior do noso país como no contexto internacional. Cando, por exemplo, Skutnabb-Kangas defende o bilingüismo está a se situar fronte ao intento de asimilación ou subordinación lingüística. Esta autora introduce en numerosas ocasións unha apostila onde deixa ver que para ela o bilingüismo non é máis que un chanzo de camiño ao plurilingüismo ou unha versión deste. Mais nas súas sempre reiteradas explicacións sobre conceptos que habitualmente son descoñecidos ou cuxa interpretación ofrece moitas dúbidas subliña que cando linguas dominantes representativas empregan este concepto, parecen reducir o bilingüismo a unha situación quer de monolingüismo quer de inferioridade da lingua dominada. De aí que cando na actualidade se acode á reivindicación do bilingüismo por parte do galeguismo histórico para porfiar en que esta debe ser a guía das nosas actuacións estase a esquecer a perspectiva de nos situarmos naquela conxuntura nun momento moi diferente en que esa defensa supoñía o nivel máis elemental que simboliza a cooficialidade legal. É certo que non sempre unha situación de bilingüismo social, sobre todo cando vai asociado a usos diglósicos perfectamente regulados socialmente, ten que rematar nun proceso quer de substitución quer de restitución lingüística. Porque, non o esquezamos, o bilingüismo ás veces aparece como unha forma de convivencia detrás da que podemos apreciar con clareza dúas tribos, dous grupos ou dúas comunidades. Mais este non é —non debería ser tampouco no futuro— o caso galego, onde existen moitos elementos que si conducen cara a esa dualidade final en que percibimos como saídas a resistencia e o mantemento da lingua ou a súa desaparición.

A defensa que na actualidade fan desde os colectivos antigalego da escolla por parte das nais e pais da lingua en que aprenden as crianzas no ensino carece de toda lexitimidade legal, do mesmo

xeito que non poden escoller o currículo e outras cuestións que son unicamente responsabilidade da administración. Non poden ser as nais e pais quen decidan a lingua do sistema educativo, dado que unha acción tal podería lexitimar a exclusión no ensino da lingua propia de Galiza: o galego. O feito de outorgarmos potestade ás nais e pais do alumnado galego para elixiren a lingua do sistema educativo conducirá á guetificación da escola —*vid.* M. Moreira Barbeito (2009: 2). A este respecto, L. Villares Naveira (2009: 152-153) salienta que esta escolla resulta ilegal por contravir a Constitución española, e así o indica:

- a) Porque non existe o dereito a que os pais ou nais podan decidir que o seu fillo/a non adquira competencia lingüística nunha das linguas oficiais -o galego- (SSTC 337/1994 e 134/1997);
- b) Porque o poder público ten o deber de garantir que os seus cidadáns van poder escoller o idioma no que falen cando acaben os seus estudos, cousa que só se poderá facer se estes teñen competencia lingüística en ambos (SSTC 10/1981, 27/1981, 87/1987 ou 337/1994);
- c) Porque o dereito á educación é prestacional e corresponde ao poder público a configuración do servizo, que debe garantir en todo caso a capacitación lingüística en ambos idiomas (SSTC 337/1994 e 134/1997);
- d) Porque os pais carecen de ningún dereito de carácter constitucional que lles confira a facultade de escoller a lingua na que se lle ensina aos seus fillos (STC 337/1994) e quen emprega publicamente a expresión “dereito dos pais a escoller a lingua do ensino dos fillos” sabe que se sitúa fóra da doutrina constitucional;
- e) Porque o establecemento de sistemas optativos de escolarización con prácticas segregacionistas debe asegurar para o nivel máis baixo de aprendizaxe en lingua galega a competencia lingüística neste idioma (SSTC 87/1983, 88/1983 e 337/1994), algo que hoxe non se garante nin co sistema vixente, polo que de formularse esta hipótese a liña educativa de menos oferta en galego non deba ser inferior ao 50% (STC 87/1983 e 88/1983), o que tampouco resulta satisfactorio [...].

Porén, pese ás recomendacións desde moi distintos ámbitos da sociedade galega, como o Consello Consultivo de Galicia, o Sistema Universitario Galego, a RAG ou o Consello da Cultura Galega, entre outros, a vixente lexislación que regula a presenza do galego no sistema educativo, — decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia—, entrou xa en vigor desenvolvendo a súas estratagemas antigalegas: relegando o galego a uns contextos concretos e unhas materias determinadas, reservando o español para a maior parte do horario escolar así como para as materias de maior tradición científica, perpetuando deste xeito a estendida idea de que só podemos facer ciencia en español, entrementes o galego debe quedar confinado nas áreas menos importantes do currículo académico.

Noutro sentido, unha vez acadada unha verdadeira situación equilibrada entre as dúas linguas, sería momento de impulsar o monolingüismo na lingua propia do país, outorgándolle ao español o estatuto de lingua de relación no Estado, limitando a súa presenza no sistema educativo galego á categoría de L₂, como no modelo A de ensino en Euskadi. Deste xeito, conseguiríamos que o Estado español fose verdadeiramente tetralingüe, de acordo con Á. López García-Molins (2010), en que toda a poboación estaría preparada para, cando menos, ter competencia pasiva nas tres linguas diferentes do español, ou das dúas, de ser falante xa de catalán, éuscaro ou galego.

2.3.4.5.4 O individual fronte ao colectivo: dúas realidades complementarias

Noutros momentos históricos —mesmo tamén nós nunha etapa previa desta investigación— contemplábase como irreconciliábeis as interpretacións individual e colectiva dos dereitos humanos, en xeral, e lingüísticos, en particular. Porén, a evolución da sociedade demostrou que este enfrontamento non resultaba en absoluto positivo, tal e como demostramos previamente coa refutación da hipótese orixinal. Por este motivo presentamos un modelo baseado na concepción dos dereitos lingüísticos como colectivos, mais sen esquecer en ningún momento a necesidade de implicar individualmente toda a poboación no proceso de recuperación tanto do galego como do resto das linguas minorizadas nos seus propios territorios historicamente definidos. O concepto de dereitos lingüísticos colectivos polo que avogamos pretende interpretar as comunidades como conxuntos de individuos e non de masas sociais, entendendo que a motivación individual resulta fundamental na propia noción de dereitos lingüísticos colectivos. Xa que, concordando con G. Sanmartín Rei (2010: 90):

A cuestión é sermos capaces de os/as implicar individualmente, de lles facer ver que para se cumprir ese *desideratum* global (que non se perda a lingua) precisa unha decisión particular en cada un dos actos lingüísticos que realizamos: en que lingua lles falamos ás crianzas, en que lingua decidimos publicar un artigo, que idioma escollemos para recibir as persoas doentes, cal decidimos utilizar na docencia...

Esta reinterpretación dos dereitos lingüísticos procura a reivindicación individual por parte do conxunto de falantes dun espazo digno para o galego, así como o dereito ao noso patrimonio colectivo e á nosa historia diferenciada, tradicionalmente usurpados polo capital, para así —retomando a estratexia do nacionalismo máis comprometido— engrandecermos o común como

unha ferramenta de resistencia perante o dominio da maioría opresora. Mais, para poder definirmos como nación, que é a base en que se fundamenta a hipótese da linguo-diversidade que presentamos, resulta necesario defendermos individualmente a nosa cosmovisión única e, por tanto, a lingua propia deste territorio.

O neo-liberalismo pretende situar nun mesmo nivel o dereito á vida e o dereito á lingua propia, cando non son unha mesma cousa; o primeiro é un dereito de natureza estritamente individual que non pode estar vinculado con colectivo ningún, entrementes o segundo non é así, xa que toda lingua xorde como resultado da creación dunha comunidade diferenciada, polo que en lóxica comparación, os dereitos lingüísticos estarán sempre relacionados co seu territorio historicamente definido. É evidente que como individuos temos tamén dereitos lingüísticos que cónpren ser respectados, mais estes últimos non poden ser considerados illadamente do colectivo en que se insiren, xa que de así o facer estaríamos lexitimando actitudes contrarias ás linguas propias mesmo nos seus territorios, tal e como viamos que acontecía coa hipótese previa que ao empregar a interpretación individual dos dereitos lingüísticos propiciaba a presenza de actitudes antigalegas por parte de persoas que manifestaban o seu —pretendido— dereito ao descoñecemento do galego neste país.

Antes de continuarmos resulta necesario salientar que nesta investigación entendemos os dereitos lingüísticos colectivos no sentido republicano, isto é, anti-capitalista, do mesmo xeito que o son outras medidas como o recoñecemento da renda básica ou a implantación dun sistema económico verdadeiramente respectuoso e non especulativo, ao tempo que nos opoñemos aos principios do neo-liberalismo baseados no dominio do mundo por parte da economía e favorecemos deste xeito a consolidación dunha nova sociedade realmente equilibrada, conscientes de que a tradición cultural das comunidades minorizadas pode enriquecer á global achegando detalles e matices esquecidos polos grandes estados, tal e como salientan os principios fundacionais do Foro Social Mundial.

As alternativas do Foro Social son manifestamente contrarias ao proceso de mundialización, promovendo o respecto dos dereitos das persoas e máis do medio ambiente, desbotando calquera tipo de discriminación —do tipo que sexa—, ao tempo que rexeitan todo acto de violencia, actuando por medio da reflexión e a divulgación de ideas. Doutra banda, do mesmo xeito o Foro Social Galego adopta os principios do Foro Mundial e promove a reflexión sobre ideas ao tempo

que fornece un novo espazo para a diversidade, construíndo alternativas reais para Galiza, tal e como salienta a súa declaración de principios, cuxo eixo central consiste na necesidade de situarmos Galiza na construción dun mundo alternativo. Propostas como esta, do mesmo xeito que o novo concepto de nación ou de dereitos lingüísticos colectivos que presentamos na nosa hipótese de traballo, son as que fan avanzar a sociedade ao tempo que a achegan á realización da utopía.

2.3.4.5.4.1 A problemática do colectivo

Outramente, o concepto de colectivo ou comunidade pode non resultar de todo claro á vista das argumentacións dalgunhas persoas especialistas neste eido. Segundo elas, se os dereitos lingüísticos son concibidos como colectivos e por tanto precisan da existencia dunha comunidade para seren garantidos. Non fica claro, entre outras cuestións, cando podemos falar dunha comunidade establecida con dereitos lingüísticos propios ou cando unha comunidade alcanza a categoría de historicamente definida, cando un asentamento de inmigrantes pasa a se converter en grupo ou comunidade lingüística con dereitos equiparábeis ao resto de colectivos ou cantos anos abrangue o proceso. A este respecto F. J. Ansuátegui Roig (2001: 9) salienta:

Porque se habla de derechos colectivos, pero ¿de qué colectivos?, ¿de cualquier colectivo? En el caso de los derechos individuales, y en el marco del discurso moral, los derechos se predicán de los individuos porque éstos tienen determinadas características morales, que pueden reconducirse a la idea de dignidad, y que permiten reconocerlos como titulares de pretensiones, que en su caso pueden ser acogidas por un Ordenamiento jurídico a través de diversos mecanismos de positivación. Por lo tanto, en este caso contamos con un criterio básico, posiblemente moral en última instancia, que nos permite identificar al titular de derechos. No ocurre lo mismo con los derechos colectivos. Podemos partir de la base de que, en principio, el colectivo carece de esas características morales básicas que se predicán del individuo. Pero, más allá de esta cuestión, de la misma manera que predicamos derechos (desde el punto de vista moral) de todos los individuos, ¿podemos hacer lo mismo de todos los colectivos? O dicho de otra manera, ¿los colectivos tienen derechos por el mero hecho de ser colectivos? En todo caso, ¿de qué colectivos o grupos estamos hablando?

Vemos que a aceptación dos dereitos lingüísticos como colectivos motiva de inmediato o enfrontamento cunha serie de circunstancias ou contextos ambiguos precisados dunha resposta clara pola nosa parte. Cal sería a situación que nos atopariamos de considerarmos os dereitos lingüísticos como individuais? En etapas previas desta investigación considerabamos que segundo esta visión, a perspectiva individual brindaba a oportunidade de os respectar en maior medida, posibilitando que

os dereitos lingüísticos acompañen o individuo alí onde vaia, do mesmo xeito que o fan os dereitos humanos, sen importar se está ou non na súa comunidade de orixe, do mesmo xeito que o galego é tamén a lingua propia das persoas que se viron na obriga de reconducir as súas vidas na diáspora, isto é, na emigración masiva característica de Galiza desde o século XIX. Esta óptica resultaría máis enriquecedora e produtiva para os sectores de poboación inmigrante, que verían nesta interpretación unha oportunidade para que se garantisen os seus dereitos lingüísticos alí onde morasen sen importar se existe unha comunidade historicamente establecida ou non.

Porén, a concepción dos dereitos lingüísticos como individuais resulta absolutamente negativa para as linguas minorizadas nos procesos de substitución lingüística, en tanto que máis unha vez pode lexitimar o emprego da lingua opresora no territorio da oprimida, xa que cada falante levaría consigo o dereito a falar na súa lingua de instalación. Por este motivo, a hipótese que manexabamos previamente nesta investigación ficou refutada, dado que lonxe de acadar os seus obxectivos, abría novas fendas na lingua propia que eran aproveitadas pola lingua foránea para penetrar no seu territorio. De tal maneira que, cando menos neste caso, a resolución dos conflitos pasa a ser unha cuestión de prioridades ou, se se preferir, a necesidade de atendermos aos colectivos máis débiles, de acordo coa enunciación do principio básico da ecolingüística; de tal xeito que, sendo, en efecto, tanto as linguas minorizadas en contextos de conflito lingüístico como as linguas dos colectivos emigrados, refuxiados e apátridas, linguas merecentes de apoio e axuda para solventar as situacións de desigualdade en que sobreviven, o certo é que as necesidades das linguas minorizadas nos procesos de substitución lingüística resultan máis apremantes por se desenvolveren no seu propio territorio historicamente definido, entremetres no caso das linguas da poboación emigrada, contan cunha comunidade de referencia onde a súa lingua goza, na maior parte dos casos, dunha situación acomodada. Este sería o caso, por exemplo, do español nos Estados Unidos: lingua falada polo colectivo emigrante que goza dunha situación de prestixio nos seus respectivos territorios onde é lingua oficial. Casos como este salientan a necesidade de priorizarmos a defensa das linguas minorizadas en contextos de conflito lingüístico ao tempo que refutan novamente a hipótese previa baseada na concepción individual dos dereitos lingüísticos.

Mención especial merecen aquelas linguas de colectivos apátridas que non posúen en ningún territorio a categoría de lingua oficial ou propia e que, por este motivo, flutúan dun lugar a outro sen que en ningures vexan salvagardados os seus dereitos. Este sería o caso de, por exemplo, do iddish, unha lingua que pese a contar con case dous millóns de falantes constitúe un caso de lingua apátrida

por non ser a lingua propia ou oficial de ningún territorio, emprégase, de acordo coa última edición do *Ethnologue* (M. P. Lewis, ed., 2009¹⁶), maioritariamente en Alemaña e Israel, mais tamén en Ucraína, Romanía, Polonia, Hungría, Lituania ou Moldavia, entre moitos outros estados. Tamén sería o caso do kurdo, unha lingua que conta con máis de dezaseis millóns de falantes mais que non é oficial en ningún territorio onde se emprega. Como xa comentamos previamente, é vítima dun fortísimo proceso de substitución lingüística en Turquía, onde a día de hoxe falar kurdo publicamente é un acto constitutivo de delito.

Con todo, nunha situación sociolingüística como a actual, definida polos innúmeros casos de conflitos lingüísticos en que esmorecen gran parte das linguas perante o avance incesante das grandes linguas do planeta, desde esta investigación salientamos que os dereitos lingüísticos non deberían ser concibidos como individuais por solidariedade coa poboación inmigrante, refuxiada, nómade ou apátrida asentada nun territorio distinto ao propio por motivos económicos ou políticos, do mesmo xeito que durante o éxodo migratorio galego cara a outros países tampouco non se garantiron os dereitos lingüísticos destas persoas, moi ao contrario este feito suporía, máis unha vez, un forte retroceso para as linguas minorizadas nos seus propios territorios dando pulos ás opresoras. A este respecto M. P. García Negro (2009b: 23) salienta:

Sarcasmo sería reputar bilingües os nosos emigrantes, que á forza da subsistencia tiveron de aprender alemán, inglés, francés ou o idioma do país de destino correspondente: como minorías lingüísticas non desfrutaron nunca do recoñecemento de dereitos individuais en absoluto...

Certamente os erros e as inxustizas do pasado non poden condicionar a construción do noso futuro: a comunidade galega foi sometida dentro e fóra do Estado español, mais a carraxe non é boa conselleira e as políticas do rancor nunca foron nin serán produtivas. Por este motivo cómpre procurar unha solución adecuada, lonxe de desquites, que sexa lingüísticamente respectuosa, polo que consideramos acaído o desenvolvemento da hipótese da linguo-diversidade baseada na interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos, concibida como ferramenta con que re-lexitimar as linguas minorizadas nos procesos de substitución lingüística.

Cando N. Mandela se converteu no primeiro presidente da etapa democrática da República de África do Sur, logo de case tres décadas na cadea, manifestou que non sería posíbel construír un novo estado se a maioría negra non for quen de esquecer todas as inxustizas cometidas pola minoría numérica africáner durante o período do apartheid, mesmo opoñéndose á resistencia armada. A

lexislación en materia lingüística ten que poder aplicarse tamén en situacións complexas, como a declaración xurada dun traballador marroquí nunha comisaría almeriense ou a atención médica para a romanese que traballa no servizo doméstico sen contrato en Tarragona. Mais para salvagardar os dereitos destas persoas non cómpre aplicarmos a interpretación individual dos dereitos lingüísticos, senón que abonda con garantir un servizo de tradución en servizos públicos fundamentais como a xustiza ou a sanidade, sen que por este motivo fique refutada a nosa hipótese que aposta polos dereitos lingüísticos colectivos. En ambas as dúas situacións as persoas que a protagonizan precisan que os seus dereitos lingüísticos sexan respectados mesmo non estando nos seus territorios de orixe, garantindo unha actuación lingüisticamente respectuosa en todo momento ao tempo que contribuímos á construción dun mundo respectuoso preocupado polo satisfacción das necesidades dos individuos. Mais unha circunstancia tan puntual como esta non pode condicionar a adopción de medidas contrarias á recuperación das linguas minorizadas nos seus propios territorios, como o galego neste caso; dado que implantación dos dereitos lingüísticos individuais sería completamente lesiva para elas.

Así pois, para a construción da nación galega cómpre establecermos un pacto tácito de cordialidade co propósito —sempre— de acadarmos un país que teña o galego como máximo sinal de identidade, entendido como patrimonio colectivo mesmo daquelas persoas que, non sendo conscientes da lingua que lles roubaron, falan español —*vid.* T. Moure (2011: 118-119)—, e reclamando o recoñecemento dos nosos dereitos lingüísticos colectivos no desenvolvemento da nosa hipótese de traballo por contarmos cunha lingua propia historicamente establecida neste territorio e tradicionalmente hostilizada polo español, como ferramenta con que recuperarmos deste xeito o estado de dignidade que ao galego lle corresponde e que lle foi roubado hai xa non anos, senón séculos.

O novo modelo de nación que apuntan estes dereitos ten que se fundamentar nos principios característicos do feminismo que posúen, ao noso ver, unha aplicación universal. Así a ética dos coidados ou o anti-belicismo teñen que constituír forzosamente os alicerces da sociedade galega, en tanto que de ben pouco serviría esta catarse se perpetuasemos a marxinação das minorías, o (auto)odio e máis os desquites, tradicionalmente asociados ao patriarcado así como aos intereses dos estados imperialistas.

O filósofo F. Savater²⁹ refírese nun controvertido artigo de opinión á noción dos dereitos humanos nos seguintes termos:

Como resulta que en nuestra época la noble palabra "individualismo" se ha ganado a pulso un tufillo rapaz, posesivo e insolidario, es cada vez más corriente añadir a la exhortación ritual al respeto de los derechos humanos la coda "individuales y colectivos". Lo cual, a mi juicio, no pretende en modo alguno ampliar el alcance de tales derechos sino desactivarlos de la manera más discreta y honorable posible.

Moi crítico coa sub-categorización dos dereitos en individuais e colectivos entendendo que isto non fai máis que os debilitar por constituír unha estratexia dos poderes públicos co propósito de os *desactivar* de xeito politicamente correcto, F. Savater (1998) engade que:

[...] sí que hay colisión entre unos derechos y otros: entre el derecho humano a la vida del niño enfermo y el del colectivo de Testigos de Jehová a no permitir a sus miembros transfusiones de sangre, entre el derecho humano a elegir la lengua vehicular de la educación en una comunidad bilingüe y el del colectivo nacionalista que en nombre de la identidad nacional quiere que toda la educación se haga obligatoriamente en una de ellas, entre el derecho humano de las mujeres a no ser discriminadas socialmente y el de ciertos integristas colectivos a vetarles el acceso a determinadas actividades, etcétera. Es ahí donde se plantea el enfrentamiento entre humanismo y colectivismo, entre universalidad individualizante y tradicionalismo homogeneizador. Puede ser un debate complejo, nada fácil de zanjar de un plumazo, pero desde luego ni estéril ni irrelevante.

Certamente, tal e como sinala F. Savater, non se trata dun asunto *estéril nin irrelevante*, senón que constitúe unha cuestión fundamental que afecta directamente á realidade social cotiá. Porén, F. Savater erra nas súas consideracións ao equiparar situacións que non teñen en absoluto parangón, isto é, os tres contextos que presenta remiten a realidades de moi diversa natureza que precisan ser aclaradas para que non transcenda a idea de que constitúen unha mesma cousa, tal e como pretende facernos ver o filósofo.

O primeiro e máis o terceiro dos casos presentados por F. Savater supoñen o que en terminoloxía de W. Kymlicka (1996) podemos denominar, como xa vimos, restricións internas extremas que son, sempre, inaceptábeis. No caso do neno enfermo ou no da discriminación das

²⁹ Savater, F. (1998): "¿Humanos o colectivos?", en *El País*. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.elpais.com/articulo/opinion/Humanos/colectivos/elpepiopi/19981004elpepiopi_2/Tes [29-VI-2010].

mulleres, cuxos dereitos individuais son vulnerados debido ás restricións internas extremas que imprimen os colectivos aos que pertencen, constitúen exemplos similares ao sacrificio das virxes visto na analoxía da antropóloga de T. Moure (2011) ou á mutilación xenital feminina. Isto é, reivindicacións extremas de grupos illados non representativas da categoría de dereitos que propoñemos nesta investigación.

Diferente resulta o segundo caso presentado por F. Savater relativo ao colectivo lingüístico minorizado que lexítimamente procura un ensino na súa lingua propia dentro do seu territorio historicamente definido. O autor está a se referir, aínda que intencionadamente non o mencione, ao contexto do catalán en Cataluña, Illas Baleares ou Comunidade de Valencia, o éuscaro en Euskadi ou Navarra e o galego en Galiza. Dabondo é coñecida a postura do partido político de que F. Savater é co-fundador perante a cuestión do uso das linguas diferentes do español mesmo en cadanseu territorio histórico. As —insuficientes— restricións internas, continuando coa terminoloxía de W. Kymlicka (1996), que imprimen nestas comunidades ás persoas que nelas habitan co propósito de promocionaren as tres linguas en cuestión nos seus respectivos sistemas educativos —isto é, a implantación de modelos de inmersión lingüística— resultan absolutamente lexítimas, tal e como argumentamos previamente neste mesmo capítulo, porque do que se trata é de re-dignificar as linguas minorizadas nos procesos de substitución lingüística nos seus propios territorios historicamente definidos en cada un dos tres contextos en cuestión: catalán, éuscaro e galego, xa que as tres linguas denominadas cooficiais cohabitan en evidente desigualdade de oportunidades con respecto do español. Por este motivo resulta imprescindible promover, como xa vimos, medidas diferentes para promocionar as linguas minorizadas nas súas comunidades, como por exemplo, a inmersión lingüística no ensino, o uso como lingua vehicular en todas as alternativas de cultura e ocio ou apoiar os medios de comunicación que aposten en exclusiva pola lingua galega.

Por todo isto, equiparar a histórica e desprezábel discriminación das mulleres coa lexítima reivindicación dunha lingua propia no seu territorio —como é o caso do galego en Galiza—, resulta eticamente inaceptábel así como cientificamente inxustificábel. Non estamos a falar de conflitos ideolóxicos, non debendo estes interferir na promoción dunha lingua, senón que este tema tería que constituír un asunto transversal ás forzas políticas por moito que na actualidade estea demostrado que non é en absoluto así, en vista da actuación desleixada da actual administración galega con respecto da lingua propia.

A defensa dos dereitos individuais que F. Savater fai contravén o exemplo en que presenta a pretendida imposición lingüística por parte dos gobernos nacionalistas, xa que é que non teñen dereitos as persoas que reivindicán a lingua propia do territorio en que viven? Tal e como C. Junyent (1998: 111-112) salienta: «¿No es conculquen els seus drets individuals quan se'ls està ofegant la possibilitat de viure en la seva llengua en el territori que els és propi?» O nacionalismo español pretende, nunha desafortunada estratexia, facer pasar o agresor deste conflito lingüístico — o español— por agredido, obviando e terxiversando a realidade

A interpretación dos dereitos como individuais ou colectivos resulta complicada de máis para pasarmos por ela superficialmente, polo que cómpre detérmonos e considerármola con vagar. C. Junyent (1998: 113) salienta acaidamente a este respecto que no suposto conflito entre dereitos individuais e colectivos hai quen os opón nunha dupla dimensión, outorgándolles un compoñente histórico aos individuais e un compoñente principalmente cooperativo aos colectivos. Noutras palabras, os dereitos individuais, segundo esta interpretación, prestarían maior atención á continuidade interxeracional, entendendo a aprendizaxe da lingua e cultura precedente como un dereito individual; e os dereitos colectivos centrarían o seu interese na lingua e noutros aspectos culturais como elementos de cohesión social. Pola súa banda, a perspectiva ecolóxica non entende estes dereitos como antagónicos e fai énfase no valor cooperativo dos dereitos individuais e no valor histórico dos colectivos, de tal xeito que, máis que respectar os dereitos lingüísticos, o que se pretende é a conservación da diversidade lingüística. Esta interpretación resulta moi importante de acordo coa autora, porén perigosa, xa que considerar as linguas como *reservas bioculturais* precisadas de apoio podería ocasionar que foren tratadas como elementos museísticos, marxinando as persoas que as falaren e negando o seu valor como instrumentos de adaptación ao medio.

Desde o ámbito da filosofía do dereito A.-E. Pérez Luño (2006: 237) sinala a este respecto que:

Pese a que su uso lingüístico se ha hecho habitual, las expresiones «derechos colectivos» o «derechos individuales» constituyen un paradigma de ambigüedad y equivocidad. Se trata de un uso indebido e inepto del language jurídico, que evoca la idea de unas supuestas facultades o bienes individuales o colectivos conformadores de tales derechos. Pero los derechos expresan siempre poderes, inmunidades, pretensiones, prestaciones, servicios, controles, formas de participación... Hablar de «derechos colectivos» implica, en términos de un uso riguroso del language de los derechos, un sinsentido peraltado. Porque lo que se pretende significar con esas expresiones, que

inducen a confusión, es que existen formas de titularidad individuales o colectivas de los derechos humanos o de cualquier otro tipo de derechos; mientras los entes colectivos podrán ser sujetos titulares de cualquier tipo de derechos en el plano internacional e interno, incluso de derechos fundamentales, pero nunca de derechos humanos. El lenguaje de los derechos, por sus importantes implicaciones jurídicas y políticas, reclama un rigor, una precisión y una claridad terminológicas que son incompatibles con expresiones tales como la de «derechos colectivos». Dicha expresión constituye un tropo de metonimia, al tomar el objeto que se pretende designar por los sujetos que lo ostentan.

Como vemos, as interpretacións tradicionais dos dereitos, quer humanos, quer lingüísticos, como individuais e colectivos semellan ser, aínda a día de hoxe, irreconciliábeis. Por ese motivo, apostamos pola interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos como ferramenta con que restituír as linguas minorizadas no espazo que lexitimamente lles corresponde e, ao mesmo tempo, frear a actual perda da diversidade lingüística que nos últimos anos non fixo máis aumentar a un ritmo cada vez maior.

2.3.4.5.4.2 As xeracións de dereitos humanos

As persoas que se encargaron do estudo da categoría de dereitos humanos adoitan distinguir varias etapas na súa evolución. Así falan de dereitos humanos de primeira, segunda e terceira xeración, como xa vimos. Segundo A.-E. Pérez Luño (2006) salienta, non sería posíbel escindirmos a noción de dereito en individual e colectivo, entendendo que tal consideración resulta absurda e equívoca. Neste mesmo traballo recolle as tres fases ou etapas polas que pasaron os dereitos humanos desde o seu xurdimento e así se refire a unha primeira xeración en que os dereitos eran concibidos como individuais; unha segunda xeración en que a natureza destes era social, cultural e económica; e a terceira xeración, que xorde na actualidade, vén complementar as dúas anteriores e responde ao que se chamou *rotura das liberdades*.

De acordo co autor, os dereitos humanos de primeira xeración posuían un marcado matiz individualista, preocupados en maior medida polas liberdades persoais e concibidos como unha ferramenta para a defensa dos dereitos de liberdade do individuo, procurando sempre a non intervención dos poderes públicos no ámbito privado, proba manifesta da histórica filiación do liberalismo polos dereitos individuais, tal e como tradicionalmente se interpretaron. Debido ás loitas sociais do século XIX, a natureza individual dos dereitos foise diluíndo ao tempo que se abría

camiño aos dereitos sociais, económicos e culturais característicos da segunda xeración, tamén denominados *dereitos de participación*, que requiren da cooperación dos poderes públicos para ser desenvolvidos. Nos últimos anos os dereitos deron un paso máis achegando as súas reivindicacións a temas como o dereito á paz, os dereitos do colectivo de consumidor@s ou o dereito, non xa á vida, senón á calidade de vida, dando lugar á terceira xeración que responde ao que se chamou *contaminación das liberdades*, por mor da desvirtuación dalgúns dereitos producida coa chegada das novas tecnoloxías. De acordo con A.-E. Pérez Luño (2006: 29), a revolución das tecnoloxías mudou as relacións interpersoais, as relacións do ser humano coa natureza así como coa súa cultura, o que modificou tamén a propia noción de dereito humano.

Deixando de lado as xeracións dos dereitos e retomando a cuestión do individual fronte ao colectivo, A.-E. Pérez Luño (2006) salienta que os dereitos colectivos ou de grupo empréganse como ferramenta para perpetuar a existencia das minorías como tales, imposibilitando a súa autodeterminación. Os estados máis poderosos, coñecedores da diversidade que abrolla dentro das súas fronteiras, fomentaría —segundo este argumento— os dereitos colectivos para estes grupos minorizados como unha arma de dobre gume ou unha mazá envelenada: dunha banda manipulan a sociedade facendo crer que adoptan unha postura respectuosa cara á diversidade, mais doutra empregan esta medida para impediren a equiparación entre os colectivos minorizados e a maioría hexemónica do estado en cuestión. Porén, promocionar do mesmo xeito realidades que cohabitan en situación de evidente desvantaxe supón, tal e como previamente comprobamos, perpetuar e promover *ad infinitum* esa discriminación e desequilibrio iniciais —*vid.* Gráficas 1-4 nas pp. 269-270, 280.

Doutra banda sitúase a interpretación individual dos dereitos lingüísticos, cuxa defensa —completamente de acordo coa opinión de R. Escudero Alday (2001: 167)— está sempre fundamentada na concepción da liberdade individual de mercado característica do liberalismo decimonónico, porque pese a que se pretenda transmitir a idea de que consiste nunha estratexia meditada que procura integrar os intereses dos individuos sen importar condición algunha, en verdade o poder emprega esta visión dos dereitos para se acoller a unha acepción manipulada da liberdade, que pasa a ser capitalista e de mercado, ao tempo que fomenta a adhesión dos individuos falantes de linguas oprimidas ás dominantes, no desenvolvemento dun evidente proceso de aculturación. Desde esta investigación demostramos que a hipótese baseada no emprego dos dereitos lingüísticos individuais como ferramenta para restituír as linguas minorizadas ficou

refutada, dado que non só non acadaba os seus obxectivos senón que producía o efecto contrario: servir como mecanismo ao servizo das linguas opresoras. Por este motivo optamos pola interpretación colectiva dos dereitos apoiándonos en todo momento na vertente máis comprometida coa realidade da lingüística xeral e tendo como referente a ecolingüística, por constituír neste eido, baixo o noso punto de vista, a única opción eticamente aceptábel.

Obviamente esta postura que presentamos non resulta de fácil aplicación por acaer incómoda ás grandes potencias e seren elas as únicas responsábeis da actual situación das linguas minorizadas nos seus territorios históricos. Resulta incómoda esta proposta por varios motivos: en primeiro lugar, porque adoptar este modelo igualitario dos dereitos supón, de entrada, asumir a culpabilidade do actual proceso de marxinação e fortísima discriminación de linguas minorizadas e por tanto tamén das súas comunidades ao longo dos anos; e, en segundo lugar, porque poñer en práctica a hipótese da linguo-diversidade co obxectivo de re-asignarlles aos colectivos oprimidos o seu lexítimo espazo implica a perda do dominio político e económico sobre eles, o que resulta contrario aos intereses das grandes potencias fortemente asentadas no sistema capitalista. De acordo con isto, J. C. Moreno Cabrera (2008) salienta, como xa comentabamos, que ningunha comunidade dominante abandonará de bo grado os territorios lingüisticamente conquistados.

Aínda así, cómpre salientar desde a lingüística medidas como esta, alternativas viábeis perante a actual situación de discriminación de culturas, linguas e sociedades por parte do poder establecido; alternativas que poden ser postas en práctica de xeito inmediato, de seren os actuais estados verdadeiramente democráticos, xa que non estamos a falar de cuestións inviábeis, senón dun programa de actuación que podería ser efectivo, factíbel e rendíbel a curto e, por suposto, longo prazo, de os grandes estados poñeren en práctica de inmediato a hipótese da linguo-diversidade que neste traballo propoñemos.

Con todo, como ben sabemos o poder acostuma tomar postura dun ou doutro lado segundo lle conveña e a consideración dos dereitos lingüísticos como individuais ou colectivos non ía ser menos. En moitas ocasións opta pola perspectiva colectiva, dado que deste xeito evita notábeis problemas e situacións conflictivas futuras contrarias aos seus intereses, como xa vimos; así, os grandes núcleos de poder prefiren adoptar o criterio da territorialidade interpretando os dereitos lingüísticos como colectivos para así ignoraren as necesidades dos grupos minorizados implicados. No entanto, nos contextos de conflito lingüístico a mesma administración que antes se inclinaba

pola consideración colectiva dos dereitos lingüísticos avoga agora pola concepción individual con intencións claramente reprobábeis para amparar o pretendido dereito de discriminación dunha lingua minorizada, por moito que sexa a propia dese territorio, en favor da maioritaria da comunidade foránea.

2.3.4.5.5 O emprego ilexítimo dos dereitos lingüísticos

M. P. García Negro (2009b: 25-26) sinala ao respecto do concepto de dereitos lingüísticos que:

É moi recente esta noción [dereitos lingüísticos] que especializa ou concreta a de dereitos humanos, adoptada pola ONU en 1948. Máis unha vez, en reviravolta cínica, un concepto que nace para a reclamación do uso de linguas prohibidas, marxinadas ou reprimidas, é agora brandido polos conspicuos impositores de linguas cuxos falantes disfrutan folgadoamente de todos os dereitos, por activa e por pasiva, ao teren estas linguas a sobreprotección legal, institucional e material de que carecen as linguas subordinadas a elas.

En efecto, esta categoría que xorde dentro dun conxunto de medidas concibidas para restituír as linguas que foron —e son— discriminadas durante séculos polas maiorías dominantes, é empregada na actualidade en defensa de linguas que, gozando dunha proxección extraordinaria tanto dentro como fóra do seu territorio orixinal, fan presión sobre as minorizadas até facelas desaparecer. Dicirmos que non todos os individuos temos os mesmos dereitos, que somos desiguais, pode resultar chocante, porque vivimos aletargados nunha sociedade acrítica que, como os lobos de C. Guo-Qiang, se deixa levar polo discurso do politicamente correcto, ou, mellor dito, polo discurso que a maioría quere ouvir. No entanto, a verdade é que moramos nun mundo definido pola desigualdade de oportunidades a todos os niveis e, tamén, no lingüístico. Caeríamos no absurdo de sostermos que as persoas falantes de inglés nos EEUU ou de alemán en Alemaña precisan os mesmos dereitos lingüísticos que as falantes de lacandón en México, saami en Finlandia ou galego en Galiza.

Tornamos, máis unha vez, á necesidade de tratarmos de xeito desigual realidades que parten dunha situación desequilibrada. O dereito á educación pode estar hoxe garantido no noso país, mais non é así en moitos outros lugares, como por exemplo, no continente africano, en que os conflitos bélicos e a pobreza extrema impiden este dereito fundamental. Por este motivo na actualidade

cómpre loitar pola consecución do dereito ao ensino, mais non tanto en Galiza onde está xa garantido, senón en Ruanda, Guatemala, India, Mauritania ou Bolivia, entre outros moitos, onde desafortunadamente acotío as crianzas fican desescolarizadas. Pois ben, nun claro exercicio de analoxía, non sería lexítimo reivindicarmos os dereitos lingüísticos dos individuos falantes de español neste Estado —por os teren sobradamente garantidos— mais si os das persoas falantes de galego, xa que día a día vemos como o poder homoxeneizador avanza na procura dun espazo máis cativo para el no mundo.

Garantir dereitos lingüísticos diferentes en función das necesidades que cada grupo reclama non contravén o dereito básico e fundamental da igualdade e liberdade interpersonal. Así no noso contexto cómpre salvagardar, entre outros moitos claro está, o dereito a vivirmos completamente en galego —na liña de C. Callón (2010, 2011)—, sen condicións nin limitacións, e en Sumatra o dereito á educación, non constituíndo ningún dos dous prioridade para, por exemplo, un falante de francés residente en París pois xa os ten amplamente garantidos. Esta nova proposta baseada na filosofía utilitarista procura tirar proveito dos esforzos así como dos limitados recursos da maior parte dos grupos minorizados que son normalmente os que máis precisan esta lexítima reivindicación dos dereitos —lingüísticos ou non— por os teren tradicionalmente vulnerados. Sen caer no pragmatismo, acreditamos en que cada contexto require unhas necesidades específicas que son as que teñen que ser respectadas. Isto é, no noso país precisamos que sexan garantidos os dereitos lingüísticos para acadarmos o espazo que ao galego lle corresponde como lingua propia ou o dereito para a conservación do medio ambiente perante a xa tradicional irrespectuosa política de urbanismo que asoballa o país de parte a parte así como a ausencia absoluta de lexislación ecoloxista —que non medioambientalista, tal e como T. Moure (2008a)³⁰ sinala—, mais non cómpre en Galiza preocupármonos polo dereito a asistencia sanitaria nin polo dereito a falar

³⁰ A autora salienta neste ensaio sobre ecoloxía profunda que cómpre diferenciarmos entre medioambientalismo e ecoloxismo (2008a: 42-43): entrementes o medioambientalismo é unha aproximación administrativa para afrontar os problemas do medio ambiente, unha cura temporal, a ecoloxía é unha forma de pensamento que procura cambios profundos urxentes, constituíndo unha ideoloxía, isto é, un sistema de crenzas cuxo propósito é transformar a realidade (2008a: 44-45). Cando unha persoa precisa un transplante de corazón de ben pouco lle servirá a aplicación dun trato que procure a conservación do órgano enfermo, xa que de non se producir o transplante morrerá. Pois ben deste xeito o medioambientalismo sería o trato paliativo que pode aliviar a dor mais sen solventar o problema, entrementes o ecoloxismo sería o transplante: única alternativa viábel.

español, porque ambos os dous están xa, *de facto* e *de iure*, salvagardados. Segundo M. P. García Negro (1991: 15) :

Poucas realidades sociais terán sido submetidas no plano da ideoloxía a maiores desvirtuacións ou desnaturalizacións do que a lingua. Sendo necesidade social primária, produto e á vez axente da socialización humana, ten sido vista como un produto individual; sendo coercitiva —na medida en que se produce por imposición da convivencia e da vida social— postulou-se como dereito individual e facultativo; sendo “a estrutura cultural que lle cómpre a todas as demais estruturas da cultura, sen que acontez á inversa”, en expresión de Paolo Valesio (in Rodríguez, 1980, 17), e, portanto, institución cultural primária e inescusábel de calquer grupo humano en canto tal, ten sido ponderada como unha riqueza acumulábel e conservábel dentro do patrimonio cultural [...]

Certo é que a lingua constituíu, e constitúe aínda hoxe, un obxectivo de fortes manipulacións por parte das forzas de poder que recorreron sempre a ela como unha ferramenta con que acadar os seus fins últimos sen importar que con isto se discriminase a lingua lexítima dun grupo minorizado. Certo é tamén que, de nos circunscribirmos ao contexto do Estado español, a consideración dos dereitos lingüísticos como colectivos resulta ser a opción de maior proveito para as linguas periféricas ou minorizadas do Estado. Deste xeito poderíamos reivindicar os dereitos lingüísticos colectivos para a comunidade de fala do catalán, éuscaro e galego, porque cada unha delas constitúe un colectivo historicamente establecido, cunha lingua e tradición cultural propias e diferenciadas, aínda que esta percepción poida contravir os intereses da poboación inmigrante que o Estado español recibe actualmente por non garantiren os seus dereitos ao residiren fóra das súas comunidades de orixe. Porén, como xa salientabamos, na cuestión da morte das linguas cómpre primar a recuperación das linguas minorizadas nos seus territorios históricos sobre a linguas da poboación emigrada, debido a que estas posúen unha comunidade propia noutras latitudes. Con todo, o sistema capitalista aproveita presuntos baleiros legais co obxectivo de que, nun xiro mesquiño por parte do poder, se volvan en contra da entidade que en principio deberían defender. Isto é, a noción de dereitos lingüísticos proponse en principio en contextos como o galego, por parte dos sectores máis comprometidos coas linguas oprimidas, para salvagardar as discriminadas nos contextos de conflito lingüístico, mais finalmente a administracións como a galega —que presuntamente ampara estes dereitos— os aplica na mesma medida á outra lingua que intervén no proceso, isto é, á dominante, polo que as diferenzas que se pretendían eliminar de base perpetúanse e aumentan de xeito exponencial.

Do mesmo xeito, as persoas que na actualidade defendemos a consideración dos dereitos lingüísticos como colectivos para o contexto de substitución lingüística como o galego, podemos sinalar que a adopción dos dereitos lingüísticos individuais podería ser tamén unha arma de dobre gume, xa que para o sector verdadeiramente comprometido coa nosa lingua sería algo beneficioso tendo en conta que posibilitaría que cada falante tivese garantidos os seus dereitos lingüísticos sen importar o lugar onde se atopar, nin a súa lingua propia, no entanto para o conxunto de persoas que porñan na defensa da lingua dominante foránea, na vertente máis negativa do proceso, empregan os dereitos lingüísticos individuais como un recurso vindicativo do falso dereito-a-non-falar unha lingua determinada mesmo se é a propia dese territorio, tan el como vimos previamente neste mesmo capítulo da investigación.

Estamos ademais a falar de feitos constatados, non de simples hipóteses ou especulacións: producíronse xa manifestacións e recollidas de sinaturas —con todo, cómpre salientar que constitúen actos marxinais e non representativos da sociedade galega no seu conxunto— en favor do non-emprego do galego en Galiza. Mesmo desde a propia administración xorden iniciativas legislativas que supoñen a rotura do proceso de implantación progresiva da lingua propia na sociedade, en xeral e no sistema educativo, en particular, propiciando por vez primeira na etapa democrática un ordenamento que recorta a presenza desta con respecto do anterior, vulnerando como xa vimos a lexislación vixente. A cuestión é: estamos dispost@s a respectar o dereito-a-non-falar a lingua propia do noso país?

Falarmos unha lingua non é cuestión de vontade, xa que logo non eliximos a lingua que falamos, non escollemos tal. E non nos estamos a referir á lingua materna³¹, senón que falamos na lingua propia da comunidade, do colectivo ao que pertencemos, e ninguén nos preguntou nunca se estabamos ou non a gusto coa que nos tocou. Non é lexítimo, daquela, cuestionarmos a identidade da lingua da comunidade, nin pretender apropiarse dun pseudo-dereito a non-falar-a-lingua propia do país.

No momento en que xorde a galegofobia fundamentada nunha carraxe desmedida e carente de todo fundamento acubillándose no falso dereito-a-non-falar a lingua propia do territorio onde

³¹ Concepto conflictivo por definición, que non recolle con exactitude a situación lingüística que pretendemos amentar, tal e como acertadamente sinalan especialistas no eido como M. P. García Negro (1991) e F. Rodríguez (1998⁴).

moraren por se sentiren estas persoas lingüísticamente discriminadas neste contexto de substitución lingüística, resulta cando menos alentadora a sentenza do Tribunal Supremo 6347/2009, de 21 de outubro (sobre a non discriminación lingüística do decreto 127/2005), en que se recoñece que o sistema educativo pre-universitario galego non discrimina as persoas falantes de español, botando por terra o discurso falaz en que baseaban a súa argumentación os individuos contrarios ao galego e impedindo así o desenvolvemento das súas propostas principais: a segregación do alumnado por razón de lingua no ensino non universitario e máis a posibilidade de as nais e pais escolleren a lingua de ensino das súas crianzas. Segundo a devandita sentenza, a discriminación produciríase de acometer as peticións antigalegas, pois estaría a se impedir o ensino de galego nunha porcentaxe importante do alumnado do país, que é ademais de presenza obrigada en todos os niveis non universitarios.

Como xa adiantabamos no apartado 2.3.3.1, o Tribunal Supremo desestimaba todos os motivos de casación alegados polo demandante, que son os seguintes: impide o deber de coñecer e o dereito a empregar o español, en contra do establecido no artigo 3 da Constitución española; incorre na discriminación por razón da lingua, opoñéndose ao artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia; e contravén o dereito das nais e pais a escolleren o tipo de educación que quixeren dar as súas crianzas, recoñecido no artigo 26 da DUDH e no artigo 10.2 da Constitución española. Ao mesmo tempo a sentenza sinala a falsidade destes motivos tamén salienta que:

Ya en el fondo del asunto, la cuestión nuclear del mismo se reduce a concretar si la educación en lengua castellana —que es obligatorio conocer y se tiene el derecho de usar (*artículo 3 CE*)— en una Comunidad Autónoma con lengua propia y cooficial, como es la de Galicia, forma parte del contenido esencial del derecho a la educación reconocido en el *artículo 27.1 CE*. Y, a este respecto, es de recordar, con la STS de 4/10/2002 (RJ 2002/9262) que “el *artículo 3 de la CE*, como ya declaró la sentencia de esta Sala de 17 de abril de 1996 (RJ 1996, 4627), no es expresión de modo que la pretendida tutela del derecho del uso del castellano no es materia que concierna a los derechos fundamentales, ni que, de por sí, y aisladamente considerado, sea susceptible de constituir el objeto del especial proceso dedicado a la tutela de los mismos”. Por lo tanto, la conexión de dicho precepto constitucional con el derecho fundamental a la educación al menos, debería referirse a la ejecución de un sistema de enseñanza tal, en lengua no castellana, que hiciera inviable aquella obligación de conocer el castellano que el *artículo 3 CE* recoge y, en consonancia con ella, inviable también el derecho de usar la lengua castellana. Y, por supuesto, que todo ello infringiría el *artículo 27.1 CE*.

Porén, como é sabido, a execución do decreto 124/2007 recoñecía amplamente o dereito ao coñecemento do español como lingua oficial do Estado e non ocasionou que o alumnado se formase con carencias de ningún tipo nesta materia, tal e como o podemos comprobar de cotexarmos os expedientes académicos das crianzas que comezaron no curso 2007/2008 —primeiro en que se aplicou o devandito decreto— os seus estudos, senón que, pola contra, a competencia activa en español aumentou no período de aplicación do decreto xa derogado. Ademais, a sentenza do Tribunal Supremo lembra que é competencia autonómica a regulación da presenza das linguas cooficiais no ensino e, por este motivo, a Lei de Normalización Lingüística recoñece no artigo 12.2 a obrigatoriedade do estudo do galego en todos os niveis non universitarios, garantindo o uso efectivo deste dereito en todos os centros. Canto á posíbel discriminación por razón de lingua, a sentenza recoñece o seguinte:

En lo que se refiere a la proscripción de la discriminación por razón de lengua [...] justamente la circunstancia de coexistir dos lenguas en la Comunidad Autónoma no solo autoriza, sino que exige, como hemos visto, su conjunto tratamiento y exigencia de la gallega en los niveles de estudios no universitarios. La discriminación se produciría precisamente en el caso de que la Administración autorizase lo pretendido por el recurrente, en el sentido de permitir que, a criterio del peticionario, se pudiera cursar un determinado tipo de estudio con olvido o marginación de una de las lenguas concurrentes.

Ademais, engade que o artigo 26 da DUDH non habilita as nais e pais para deseñar ao seu antollo o currículo educativo das crianzas, senón que é competencia exclusiva das comunidades autónomas.

C. Junyent (1998: 111) sinala o seguinte ao respecto da mal intencionada concepción individual dos dereitos lingüísticos por parte dos colectivos contrarios ao natural desenvolvemento das linguas minorizadas nos seus propios territorios historicamente definidos:

La tendència homogeneïtzadora dominant ha trobat en els drets lingüístics individuals un esquer impagable per aconseguir els seus objectius. No podia ser d'altra manera, atès que un recurs habitual quan cal accelerar processos de substitució és la dispersió de parlants amb el seu consegüent aïllament [...]. Si la dispersió geogràfica no és possible, aleshores n'hi ha prou d'enarborar la bandera dels drets individuals per aconseguir un efecte semblant. [...] ¿I no tenen els individus parlants de llengües recessives els mateixos drets que els parlants de llengües dominants? Tenir-los, segur que sí, tenir-los respectats, ja és una altra cosa. I la fal·làcia més gran és proposar la substitució

lingüística com a mesura prèvia per garantir aquests drets quan, amb la mateixa porposta, ja se'ls està conculcant un dret.

De aplicarmos a hipótese da linguo-diversidade no contexto do noso país e nos acoller á concepción dos dereitos lingüísticos como colectivos, dando primacía ao principio da territorialidade, non sería lexítimo nin aceptábel reivindicar o uso dunha lingua foránea, como é o español, en tanto que segundo o establecido no artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a lingua propia de Galiza é o galego. Polo que coa enunciación deste artigo fundamental debería concluír o vixente proceso de substitución lingüística, porén non é tal, senón que, como xa vimos, o recoñecemento dos dereitos lingüísticos para os individuos falantes das linguas recesivas pode supoñer por parte do poder unha estratexema con que perpetuar a inxusta separación entre as dúas linguas en conflito. Mais unha vez presentamos a proposta dos dereitos lingüísticos colectivos característica da hipótese da linguo-diversidade, cuxo plan de traballo baseado na necesidade dunha actuación consciente e responsábel por parte de todas as persoas imposibilita a mesquindade intrínseca que o neo-liberalismo atopa na concepción tradicional dos dereitos lingüísticos: empregándoos sempre para a satisfacción dos seus intereses marxinando as linguas minorizadas nos conflitos lingüísticos.

2.3.4.5.6 O mito do español

Os mitos, entendidos como explicacións fantásticas para cuestións reais, empregáronse desde antigo para dar resposta a situacións incomprensíbeis para o ser humano, como por exemplo a creación do mundo, a orixe das especies ou o xurdimento da linguo-diversidade, tal como puidemos comprobar no apartado 1.2. Pois ben, máis recentemente o poder retomou as explicacións mitolóxicas para condicionar a opinión colectiva achegándoa aos seus intereses, e o emprego das linguas dominantes non podía ficar fóra deste proceso. Deste xeito, un dos mitos infundados sobre o español neste Estado é o que o considera como a lingua común e que, por este motivo, debe situarse por riba das minorizadas, periféricas ou rexionais, tal e como se dan en chamar. A idea que desde hai tempo está a se nos vender e que presenta o español como única lingua común do Estado responde, tal e como J. C. Moreno Cabrera (2008: 74) salienta, a uns intereses extralingüísticos concretos e ben coñecidos:

[...] el predominio del castellano o de una variedad de esta lengua, koineizada o no, no obedece a un proceso de confluencia lingüística más o menos natural, sino a una serie de factores extralingüísticos

en los que el poder político y económico desempeñan un papel crucial. La ideología del nacionalismo lingüístico intenta por todos los medios disimular u ocultar esos componentes que hacen que la supremacía lingüística sea un reflejo directo de la supremacía política de un estamento privilegiado, recurriendo a la idea de que, por ejemplo, el castellano, el francés o el alemán estándar se han impuesto de forma natural por ser las lenguas más aptas para la comunicación general, las de entendimiento más fácil por parte de la población. Esta formulación se basa en la errónea identificación entre los procesos de koineización y estandarización [...].

Como é natural a explicación deste mito, historia ficticia por definición, remite máis unha vez a intereses que ben pouco teñen que ver coas linguas en si propias, senón que moi ao contrario obedecen aos imperativos do poder estatal. Segundo o autor (2008: 76):

El nacionalismo lingüístico se basa en la idea fundamental de que la variedad lingüística privilegiada como portadora de la unidad nacional es superior intrínsecamente, por sus propiedades características internas, a las demás y, por tanto, está destinada a arrinconar y eliminar a las demás variedades lingüísticas que, en un proceso descrito desde un evidente darwinismo social lingüístico [...], no están en condiciones de competir con ella, por ser menos aptas. Llegamos así a la discriminación lingüística, que tiene su expresión más habitual en el bilingüismo sustitutivo [...]. De esta manera, se afirma, por ejemplo, que la expansión del español se debe a que este idioma posee unas características intrínsecas que lo hacen ser más generalizable que otras lenguas que carecen de ellas. Llegamos por este camino a la discriminación lingüística.

Cando, como xa recolleemos previamente neste traballo na enunciación dos principios éticos das linguas, todas as elas están igualmente capacitadas para o desenvolvemento da totalidade das funcións lingüísticas. Nesta mesma dirección A. Bastardas i Boada & E. Boix (1994: 11) salientan que:

Esta lengua dominante llega frecuentemente vehiculada en el plano ideológico como la única lengua “nacional/oficial” ligitima y representativa del Estado como globalidad. En este tipo de situaciones, en que los grupos étnicos minorizados pueden frecuentemente sentirse frustrados y oprimidos como colectividad, es donde [...] pueden llegar a producirse acciones de impugnación de la desigualdad lingüística, que de ser respondidas represivamente o simplemente ignoradas por el grupo mayoritario que dententa el poder político, pueden desembocar en fases de mayor o menor conflicto e incluso violencia por ambas partes.

O mito do español como lingua común fundaméntase a súa vez noutro mito: o da pretendida superioridade deste sobre o resto das linguas peninsulares. O espallamento da *lingua común* como

estratexia para o dominio político de todas as nacións inseridas no Estado empregou, para a consecución dos seus propósitos, falsos argumentos científicos que foron amplamente desmontados hai xa tempo, mais as súas consecuencias continúan na actualidade plenamente vixentes deixando ese pouso de superioridade —que acompaña sempre o español— no sentir colectivo, mesmo en quen emprega linguas diferentes do español.

Os argumentos chauvinistas, carentes de toda lóxica e científicidade, que definen a obra de R. Menéndez Pidal arredor da excelencia e sobriedade implícitas do español facéndoo idóneo para a comunicación de todos os membros do Estado, procuraban revestir cientificamente os pulos políticos dun imperio esborrallado tras a perda das últimas colonias. A construción dunha orixe falsa para o español tentando engrandecer o seu xurdimento ao mesmo tempo que se procuraba unha historia ennobrecida para o reino de Castela é un proceder tan carente de sentido como a lenda da fundación de Roma por dous irmáns aleitados pola loba Capitolina. O célebre filólogo chegou mesmo a manipular a historia para que a tradición literaria española ficase recoñecida como a primixenia e orixinal, ao modificar os manuscritos e alterar a data de redacción de *El Cid Campeador*.

A este respecto, M. Rodríguez Alonso (2004) realiza unha exhaustiva análise da tradición lingüística que a Escola de Filoloxía Española, ou de Madrid, inventou premeditadamente para o español. Segundo o autor (2004: 12-13):

Os casteláns, segundo Pidal neste artigo-conferencia [R. Menéndez Pidal, 1947²], bo resumo sobre a súa ideoloxía lingüística e mesmo política, desprezan por vellas e arcaicas as tradicións fonéticas latinas, que respectaban os outros falantes da Península, especialmente os occidentais: *pronuncian ch donde la generalidad de los romances conservaba unha te del lantín: mucho, derecho, dicho, etc., en de vez de muito, dereito, dito, o algo así que decían en Galicia y León...* [...] Fixémonos nese despectivo *ou algo así*, referido á pronuncia do *t* de *feito* polos non casteláns, coma se os galegos ouveásemos no canto de falarmos claramente. Reparemos en que moi capciosamente Pidal xa está a introducir un dos tópicos que lle fixo moito dano ao galego: o galego é xa desde o principio algo arcaico, vello, que non serve para os tempos novos; o castelán é o novo, o innovador, o que serve para adaptarse aos cambios e ao progreso.

Aínda que poidamos pensar na lingüística como unha ciencia racional, e recorrer á idea estruturalista de que todas as variantes, xa foren linguas ou dialectos, son de igual interese para o conxunto de lingüistas, as cousas non son así. Houbo episodios de racismo lingüístico auspiciados

pola disciplina. O máis famoso é a división taxonómica das linguas do mundo en tipos morfolóxicos: linguas illantes, polisintéticas, aglutinantes e flexivas. As persoas partidarias desta división supuñan que as linguas flexivas eran as máis evolucionadas e perfectas e as outras estaban en chanzos máis primitivos. Non é casual que todos eles falasen linguas flexivas —*vid.* T. Moure (2001a: 24-26).

Do mesmo xeito, no século XVI J. Goropius Becanus, pescudando a orixe da linguaxe, afirmou que a lingua primixenia do ser humano era o holandés, concretamente o dialecto de Amberes, conservada desde entón grazas a un feixe de sabios xa que, na súa opinión, por moito que cada comunidade tivese a súa lingua propia todas as persoas recorriamos ao holandés para elaborarmos os nosos pensamentos que despois simplemente *traduciamos* ás demais variedades lingüísticas. Porén o que acontecía en realidade era simplemente que el pensaba en holandés por ser natural dos Países Baixos e a ter como lingua inicial. É por iso que este tipo de hipóteses triviais non poden ser consideradas hoxe en día como pretexto para a discriminación lingüística por careceren de toda fiabilidade.

2.3.4.5.7 A opción *mixta*

Retomando o xa tradicional enfrontamento entre a interpretación individual e colectiva dos dereitos lingüísticos, traemos aquí un texto C. Junyent (1998: 177-178) onde sinala a este respecto que:

En un moment històric caracteritzat per les facilitats de comunicació i el desplaçament on tots, de get, formem part de comunitats multilingües, la revitalització dels sistemes de comunicació horitzontal és imprescindible per tal de garantir el respecte als drets individuals i col·lectius. Que la solució proposada habitualment en casos de conflicte sigui el respecte dels drets individuals i el foment de la llengua única no és més que una mostra del cinisme de les forces homogeneïtzadores. Perquè en oposar els drets individuals als col·lectius es crea el miratge que aquests són antagònics i, per si no n'hi havia prou, se'ns ofereix el desllorigador impagle de llengua comuna, instrument preciós per trepitjar els uns i els altres. Ja hem dit que la llengua per ser necessita una comunitat que la perli, i, per més que la llengua visqui en els individus, si aquests no la comparteixen amb la comunitat, no tenen cap possibilitat d'actualitzar-la. El desequilibri que es dóna en els drets individuals segons quina sigui la seva llengua és una mostra més del cinisme dels que postulen els drets col·lectius com a subordinats als individuals. Quasevol parlant d'una llengua dominant té més possibilitats de veure els seus drets respectats que parlant d'una llengua recessiva; per tant, la qüestió

real no són els drets individuals sinó l'afermament de la llengua dominant. Hi ha més possibilitat de respectar els drets individuals si es respecten totes les llengües de la mateixa manera, que si només es contempla la possibilitat de respectar-ne algunes. En aquest àmbit és fonamental el principi bàsic de l'ecolingüística: la protecció dels més dèbils, perquè ja hem vist que els organismes invasors aprofitaran qualsevol oportunitat per ocupar l'ecosistema, i això en les relacions de l'ecologia cultural no té cap raó de ser.

Perante a cuestión de que opción sería a máis frutífera, dereitos lingüísticos individuais ou colectivos, K. D. McRae (1994: 83) sostén que existen unicamente dúas posíbeis liñas de actuación: dunha banda os principios de territorialidade e personalidade e, doutra, a combinación de ambos os dous na procura dunha postura intermedia. K. D. McRae (1994: 83-84) é plenamente consciente da vertente dupla do principio de personalidade, xa que dunha banda posibilita a mobilidade dos individuos sen importar onde e garante que os seus dereitos lingüísticos sexan respectados alí onde residiren e, doutra, supón unha severa ameaza para as minorías lingüísticas por as abandonaren perante as grandes linguas completamente desprotexidas; pois, como xa comprobamos anteriormente, a interpretación individual dos dereitos lexítima o emprego da lingua invasora, no propio territorio da minorizada, por parte do colectivo de falantes que ignoran a lingua que o poder lles usurpou. K. D. McRae (1994: 83-84) sostén a este respecto que:

En las sociedades industriales modernas, en las que hay una gran movilidad de población, la elección entre estos principios básicos de política lingüística puede tener consecuencias lingüísticas y sociales muy importantes. En los sistemas territoriales, se espera que los inmigrantes de una región lingüística a otra se adapten a la lengua de la región, y especialmente que inscriban a sus hijos en escuelas que usen la lengua regional. [...] En cambio, bajo el principio de personalidad, los derechos lingüísticos están unidos a los mismos ciudadanos, que llevan sus derechos lingüísticos con ellos cuando se mueven de una región a otra. Obviamente, un sistema como éste facilita la movilidad de los ciudadanos, pero también puede poner en peligro la estabilidad lingüística de pequeñas minorías regionales que se enfrentan a una mayoría dominante. [...] En Canadá, la situación constitucional actual puede ser vista desde una perspectiva de conflicto no resuelto en política lingüística entre la legislación federal basada principalmente en el principio de personalidad y un intento de Québec para desarrollar una protección mayor para una lengua minoritaria concentrada regionalmente, mediante el principio de territorialidad.

O autor (1994: 84) engade que:

Cuando examinamos más de cerca los conceptos de territorialidad y personalidad, encontramos que pueden comportar algo más que una simple comparación de obligación unilingüe versus libre

elección. Aunque una solución territorial puede consistir en el unilingüismo, también puede estar basada en un bilingüismo en el uso lingüístico del sector público. [...] Por otra parte, los sistemas basados en la personalidad no siempre comportan libertad de elección. En algunos casos, la lengua de escolarización puede estar unida a las respectivas lenguas maternas de los ciudadanos, o a la lengua de educación de los padres o hermanos, o a la lengua declarada en un censo o padrón de la población. A veces tales sistemas ofrecen libertad de elección a un grupo, pero no a otros.

Tamén R. L. Ninyoles tomou postura perante a cuestión dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos ou territoriais. Para o autor (1994: 148-149), de aplicarmos o modelo individual estaríamos abocados cara a un modelo *mixto* xa que a consecución do individual resultaría inviábel a todas luces. Ademais afirma que tradicionalmente sempre houbo un número reducido de especialistas que defendesen os dereitos lingüísticos individuais. R. L. Ninyoles (1994: 152) refírese tamén ao modelo híbrido e sostén que esta: «solución “mixta” [...] implica la posibilidad de ejercer el derecho a determinados servicios públicos en la lengua del ciudadano dentro de unas áreas definidas como lingüísticamente bilingües». Para o autor a aplicación desta solución mixta pode resultar en principio beneficiosa xa que se revela indispensable para a consecución dos dereitos individuais do conxunto de falantes. Con todo, este modelo conclúe inevitabelmente, segundo R. L. Ninyoles (1994: 152), na asimilación do grupo minorizado ao dominante no conflito lingüístico.

Certamente a aplicación deste tipo de solucións mixtas remata sendo contrario á conservación da diversidade lingüística, xa que promove o desenvolvemento de procesos de aculturación dos colectivos recesivos nos procesos de substitución lingüística ás linguas e culturas opresoras. Nesta mesma liña de interpretación, C. Junyent manifesta (1998: 11) que as linguas son espazos de liberdade, e continúa afirmando que isto é algo que coñecen moi ben @s que as pretenden suprimir. En efecto, semella que isto é o que procuran os individuos encargados de desenvolveren certos programas de planificación lingüística. Segundo a nosa visión, a autora acerta absolutamente, xa que no caso de moitas linguas minorizadas, en perigo ou moribundas, están a se desenvolver programas de planificación lingüística que xa se sabe *a priori* que han fracasar, cando non contribuír a unha aceleración do seu retroceso como lingua de uso na súa propia comunidade, acadando como resultado, non a pretendida normalización da lingua en cuestión, senón un maior achegamento desta a súa desaparición. Considerando un caso real de lingua minorizada, como pode ser o galego, recolleamos as afirmacións que A. M. Lorenzo Suárez (2005: 46-47) —lembremos: máximo responsábel de política lingüística na actual administración galega desde o ano 2009— realiza ao respecto da planificación lingüística desenvolvida en Galiza até ese momento:

En primeiro lugar, estamos ante un modelo de planificación morno ou de baixa intensidade, que supón a realización dunha política lingüística de escasa densidade e diversificación. [...] Noutros casos, as actuacións realizadas puxeron claramente de manifesto limitacións e insuficiencias na organización e na xestión da política lingüística. [...] Constatamos, polo tanto, que se levou a cabo unha actuación en política lingüística pero que tivo unha intensidade escasa e careceu de densidade e de diversificación. Foi, en definitiva, unha política lingüística ‘reactiva’ e pouco práctica, unha actuación á defensiva ou, utilizando un símil deportivo, ‘ao ralentí’ [...].

Ao que o autor engade (2005: 49):

O resultado final foi no caso galego un proceso de planificación lingüística de arriba abaixo, cunha orientación tecnocrática moi marcada e cun impacto social moi dubidoso sobre o detemento do proceso de substitución da lingua galega polo castelán [...] constituíndo ao noso xuízo un exemplo de política lingüística de intervención intermedia, que podemos cualificar como ‘de baixa intensidade’.

Logo de ler que o autor cualifica modelo de planificación como *morno ou de baixa intensidade* e á vista da situación sociolingüística actual do galego, cómpre preguntármonos, cando menos, como denominariamos a política de planificación lingüística desenvolvida na actualidade pola administración galega, tendo en conta que foi a primeira en toda a etapa democrática que supuxo unha involución con respecto do modelo anterior, rachando, por tanto, co principio de progresividade recollido no marco xurídico galego. Ao respecto das políticas lingüísticas de baixa intensidade sinaladas por A. M. Lorenzo Suárez, G. Sanmartín Rei (2009a: 75) salienta:

[...] Lorenzo Suárez (2005: 55) afirma que o modelo de política lingüística desenvolvido na nosa nación até esa data estaba baseado nunha intervención lingüística de baixa intensidade que se enraizaba nunha ideoloxía favorable ao bilingüismo social e cunha concepción das prácticas de planificación centradas no obxectivo de non provocar ningún tipo de conflitividade por motivos lingüísticos.

Por este motivo, como sinalabamos, a denominación de políticas lingüísticas de *baixa intensidade* por parte de A. M. Lorenzo Suárez (2005) resulta rechamante se temos en conta que o actual decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia non só esgaza por vez primeira en democracia o principio de progresividade na implantación do

galego, como comentabamos, senón que o que o converte, segundo A. Nogueira López³², en ilegal por contravir o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística, este último aprobado co consenso de todos os grupos parlamentares en 2004, isto é, durante a etapa en que a política lingüística era —segundo A. M. Lorenzo Suárez (2005)— de baixa intensidade.

Con todo, baixo a nosa interpretación, as políticas lingüísticas desenvolvidas en contextos de conflito entre dúas ou máis linguas teñen que ser firmes á hora de defender as linguas minorizadas precisadas de apoio, dado que o respecto institucional resulta na maior parte dos casos imprescindible para a recuperación das linguas oprimidas. Por este motivo, por moi tentador que resulte esta posición intermedia, o camiño do hibridismo é, mesmo desde a propia etimoloxía, estéril. A proposta *mixta* que tanto K. D. McRae como R. L. Ninyoles sinalan semella máis unha alternativa apresurada que unha verdadeira opción, alén de que este *camión do medio* conclúe ocasionando a asimilación do grupo minorizado á maioría dominante, tal e como R. L. Ninyoles sinala (1994: 150):

El principio personal parece reclamar [...] dos circunstancias: una gran dispersión de los grupos lingüísticos y la equiparación real entre los grupos. La política territorial se hace aconsejable en el caso contrario, es decir, cuando existe una concentración territorial de los grupos lingüísticos y cuando hay un desequilibrio a favor de uno de estos grupos. La opción territorial apunta a reforzar la cohesión cultural de cada una de las comunidades lingüísticas sobre la base de la prioridad pública del propio idioma.

Acidamente R. L. Ninyoles (1994: 150) salienta, tal e como previamente propuxemos, outorgar ao español no Estado o estatuto de lingua de relación, limitando a súa presenza nos sistemas educativos á categoría de L₂ nas áreas lingüísticas non-españolas. Pola súa banda, Á. López García-Molins (2010) considera necesario implantar no Estado español un modelo de bilingüismo institucional que recoñeza a existencia das catro linguas implicadas, formando a toda a sociedade nelas e non só á poboación de cada territorio con lingua propia, fomentando o seu emprego por parte dos poderes públicos, desaconsellando definir a situación como conflito, fornecendo o uso do español como lingua vehicular no Estado e, por tanto, tamén no ensino.

³² Nogueira López, A. (2010): “A(s) política(s) lingüística(s)”, palestra lida nas *Xornadas sobre a lingua* do STEG, Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2010.

A realidade sociolingüística actual do Estado español reconece, segundo a opinión de diversas persoas especialistas no eido, tan só dúas alternativas para acadarmos unha existencia digna para as linguas recesivas nos conflitos lingüísticos periféricos: catalán, éuscaro e galego. Dunha banda hai quen sinala a necesidade dunha solución bilingüe que sexa respectuosa coas linguas diferentes do español, recoñecendo a súa existencia, que non viole o seu espazo e procurando estender o seu uso nos territorios distintos dos propios tanto nos sistemas educativos, como na administración estatal. Mais, a alternativa do bilingüismo equilibrado, harmónico, restitutivo ou como se queira chamar, lonxe de promover as linguas minorizadas e acadar un bilingüismo social real, promociona unicamente a lingua dominante, isto é, o español. Doutra banda, de acordo coa nosa interpretación, resulta necesario contemplarmos a alternativa que procura o monolingüismo social nas linguas propias dentro de cadanseu territorio, isto é, promover o monolingüismo en catalán en Cataluña, Illas Baleares e Comunidade de Valencia, éuscaro en Euskadi e Navarra e en galego en Galiza.

Tal e como avanza o español na actualidade, aumentando desaforadamente o número de falantes e usurpando cada vez máis funcións lingüísticas ás linguas minorizadas, mesmo a opción do monolingüismo, historicamente defendida polo nacionalismo máis comprometido lingüísticamente, pode que non dea obtido máis que unha situación de bilingüismo respectuoso, debido á forte presión que exerce o español, convertido xa na segunda lingua máis falada no planeta, como podemos comprobar no capítulo primeiro desta investigación. Con todo, as linguas recesivas avanzarán moito máis de optarmos pola escolla do monolingüismo nas linguas propias, debido a que, a escolla inicial do bilingüismo ao sumo provocará a existencia de falantes monolingües en español con competencia pasiva nalgunha das linguas recesivas, do mesmo xeito acontece na actualidade co modelo C do vixente sistema educativo de Euskadi, como xa vimos.

2.3.4.5.8 O galego e a inmigración

Tal e como manifestamos previamente, a postura máis acaída perante a actual situación sociolingüística consiste na aplicación universal da hipótese da linguo-diversidade, baseada na interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos. Este feito constituiría a mellor estratexia para pór freo, dunha banda, á diminución da diversidade lingüística e, doutra, ao pretendido dereito-a-non-falar a lingua propia do territorio, desbotando neste caso as envelenadas actitudes anti-galegas; por moito que nun contexto de conflito lingüístico esta hipótese procure sempre a defensa das linguas

propias en perigo, antes que atender as necesidades lingüísticas da poboación inmigrada residente na mesma comunidade. Con todo, a aplicación desta hipótese favorece en todo momento á integración da poboación inmigrante, refuxiada ou apátrida de xeito respectuoso, entendendo as dificultades da súa situación e coadxuvando a favorecer a súa progresiva inclusión na sociedade meta, neste caso a galega. A este respecto M. P. García Negro (1993: 53) salienta:

Para nada se deben misturar problemáticas lingüísticas de nacións definidas (a Galiza, Países Cataláns, Euzkadi, Córsega, Bretaña, Gales, Escócia, Irlanda...) con problemáticas específicas de minorías étnico-lingüísticas instaladas en países diferentes do seu lugar de orixe, por emigración ou como resultado da desastrosa configuración xeopolítica derivada da primeira guerra mundial ou, aínda, da segunda (gregos en Italia ou en Sicilia, alemán-falantes do Norte de Italia ou de Bélxica, frisóns na Alemaña ou en Dinamarca, etc.).

Completamente de acordo coa autora, resulta necesario sinalar que non constitúen realidades equiparábeis, mais que nalgúns aspectos non distan tanto a unha da outra. No primeiro contexto estamos a falar de nacións sen estado —salvo Irlanda— oprimidas por unha nación e lingua foráneas que son as dominantes nos seus respectivos territorios; entrementes o segundo contexto refírese á comunidades minoritarias inmigrantes en territorios diferentes dos propios, supeditadas tamén a unha lingua dominante. En todo caso estamos a falar de grupos lingüísticos minorizados precisados de, cando menos, protección e respecto por parte do colectivo opresor en que se insiren. Pensando nun contexto como o do Estado español en que conviven diversos conflitos lingüísticos bicefálicos —como o galego—, dáse ademais o caso dunha importante recepción de poboación inmigrada que se achega a Galiza, así como ao resto do Estado, con esperanzas de mellorar a súa situación e atopar un emprego que lle permita sobrevivir con dignidade. Estas persoas, que veñen de territorios dispares, como Romanía ou Polonia, mais tamén desde Mauritania, Líbano ou Marrocos, entre outros moitos, poden ser sabedoras, sobre todo as que proveñen doutros estados da Unión Europea, da existencia da lingua propia do país, porén moitas delas, nomeadamente a maioría, nin sequera coñecerían ese dato. É a nosa obriga como compañeir@s da loita pola non-discriminación lingüística, dentro da política contraria aos desquites de que antes falabamos, procurar o respecto dos nosos dereitos ao tempo que contribuímos á conservación dos seus, sabendo que no novo concepto de nación cultural galega collen todas as persoas que queiran estar respectando sempre a lingua propia, isto é, o galego.

Resulta obvio que a interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos que propoñemos nesta hipótese de traballo defende en primeiro lugar os intereses das linguas propias que sobreviven nun contexto de substitución lingüística, por se producir este no territorio historicamente definido das linguas minorizadas; a diferenza das linguas da poboación inmigrada que contan noutras latitudes cun espazo de seu. Porén, a nosa hipótese pretende basearse como xa comentabamos en principios éticos ineludíbeis, polo que en todo momento favorecerá a incorporación respectuosa e solidaria da poboación inmigrante na comunidade acolledora, en tanto que a empatía constitúe un eixo fundamental da nosa investigación.

En moitas ocasións deuse en criticar esta defensa dos dereitos da poboación inmigrante que procura unha integración non-violenta na sociedade, afirmando, por exemplo, que é inviábel garantir o dereito ao ensino en cada unha das linguas que se falan hoxe en Galiza. Mais non se trata de levar o argumento ao absurdo, senón de sermos realistas. Obviamente non é factíbel, nin economicamente sostíbel, un ensino cunha profesora falante de polaco para o alumno polaco, outro falante de árabe para a alumna mauritana, outra... O que pretendemos reclamar é o dereito a unha integración xusta e non traumática no ensino para as crianzas que proveñen doutros países e doutras linguas, en particular, e na sociedade receptora en xeral; garantindo así o dereito a un xuízo xusto, se chegase o caso, onde houber un servizo de tradución directa para, por exemplo, o traballador falante de adele, lingua falada en Ghana e Togo, e que, do mesmo xeito, se garantise o dereito de transmisión da súa lingua á propia descendencia para o traballador polaco residente en Galiza.

Son moitas as cousas que se poden facer por integrar axeitadamente este sector da poboación —cada vez maior— sen que isto repercuta negativamente na lexítima reivindicación dos dereitos lingüísticos colectivos do galego. Unha das medidas máis importantes é sen dúbida algunha a formación. Este colectivo, sempre falando en termos xerais, está fundamente interesado en coñecer a lingua do país en que mora, concretamente no caso galego manifesta grande interese por aprender non só español —por moito que se pretenda *vender* como a lingua común do Estado, a lingua máis útil, e outras falacias ao respecto—, senón tamén galego, xa que, nomeadamente nas vilas, é a lingua en que é atendido nos mercados, nos comercios, mais tamén na administración, nalgúns sectores da sanidade ou no ensino. Polo que cando falamos de integración respectuosa e de garantir os seus dereitos, estamos falando de organizar cursos de lingua e culturas galegas cunha

convocatoria suficiente e con medios efectivos³³, que axuden a formar individuos que vexan o galego como unha riqueza á que se achegar e non como unha pexa prescindíbel con que vivir. Alén de enriquecérmonos coas súas achegas, porque un sistema educativo verdadeiramente plurilingüe non é aquel que se limita a situar ao mesmo nivel da lingua propia dúas foráneas, senón aquel outro que aproveita a presenza na aula dunha alumna mauritana para realizar con ela un obradoiro sobre a súa lingua, tradicións e todo o que nos quixer achegar sobre a súa comunidade de orixe.

Ademais, se @s emigrantes aprenden galego, pode aproveitarse esa infraestrutura que se usa para o seu ensino —locais, materiais didácticos, soportes de novas tecnoloxías— para que el@s tamén organicen obradoiros das súas linguas. Dado que a emigración tende a facerse en grupos que reclaman despois a agrupación familiar, sería doado que nas vilas galegas con poboación emigrante árabe, houbera obradoiros de árabe; naqueloutras con poboación emigrante chinesa, houbera obradoiros de mandarín, etc. Neste sentido, obteríamos unha Galiza cohesionada polo galego e interesada por L₂ verdadeiramente útiles para ela no sentido real de plurilinguismo e na liña de linguas auxiliares proposta por T. Moure (2005b, 2011). Proxectos como este axudan á integración das persoas ao tempo que nos abren unha fiestra a outras realidades para nós descoñecidas, salientando que o mundo é, pese a todo, diverso e que é aí onde reside a súa riqueza.

Nun tempo en que o galego loita pola súa supervivencia vendo como perde non só contextos de uso e funcións lingüísticas senón que tamén diminúe o número de falantes, cómpre non sermos tan esixentes cun sector da poboación en aumento que non manifesta actitudes contrarias á lingua, senón todo o contrario. A este respecto, o Instituto Galego de Estatística —IGE de agora en diante— publicou en abril de 2010 os datos relativos ao uso e coñecemento do galego correspondentes ao ano 2008. Os cifras sinalan unha forte recesión na porcentaxe de falantes habituais de galego que descendeu 13 puntos desde 2003, xa que segundo o IGE só un 30% da poboación se expresa sempre en galego. Pola contra, a porcentaxe das persoas que manifestan falar máis galego que español ascendeu até o 26,4%. A análise xeral do IGE salienta que aumentou o emprego do español en todas as idades, sendo, territorialmente, as provincias de Pontevedra e A Coruña as que contan cunha menor porcentaxe de falantes habituais de galego, cun 20,7% e un 30,9%, respectivamente. Descende tamén o número de falantes que consideran ter un bo dominio da lingua propia e só un

³³ Porque non nos enganemos, os escasos cursos que até o momento se convocan non cobren as prazas nin os obxectivos. Ademais de que a maior porcentaxe dos cursos que se deseñan, ofertan e subvencionan en Galiza non son de galego, senón de español para persoas estranxeiras.

66% da poboación manifesta entender ‘moito’ galego, fronte ao 81,1% correspondente ao ano 2003. Ademais a porcentaxe de falantes que afirma falar ben galego pasou do 67,9% en 2003 ao 54,1% en 2008. Alén disto os datos contrastan co aumento da presenza do galego nas aulas, xa que entrementes no ano 2003 o 48,92 % do alumnado menor de 16 anos recibía a maior parte do ensino en galego, no 2008 a porcentaxe aumentou até o 71,9%, grazas á publicación do xa derogado decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

En vez de pedirmos pureza de sangue ou *pedigree* de aldea ás persoas que se acheguen ao galego, deberíamos rachar cos preconceptos que as máis das veces aplicamos erroneamente á poboación inmigrante e acollérmola como neofalante, porque tamén nela reside o futuro da lingua galega, que é agora tamén lingua de seu, porque o galego é, *de facto*, a lingua habitual de moitas persoas nadas alén das nosas fronteiras que viven hoxe no noso país asumíndoa como propia, porque, efectivamente, éo. Procuremos pois non esquecermos estas persoas para que tamén elas se constrúan en galego e poidan deste xeito transmitirllela á súa descendencia contribuíndo a aumentar o traspaso xeracional.

Resulta necesario recoñecermos que o concepto de neofalante supón unha alternativa real para a recuperación das linguas que se atopan nun contexto de substitución lingüística; aplicado tanto á persoa que chega a Galiza e asume o galego como lingua de seu, como a aquel individuo que morando xa en Galiza decide abandonar o español e asumir o uso do galego ao comprender que o poder centralista furtáralle a lingua propia do seu país. Esta nova categoría de falante caracterízase por un maior compromiso coa lingua adquirida, que pasa a ser empregada en todas as situacións comunicativas —ou cando menos na maior parte delas—, mesmo recuperando moitas das funcións lingüísticas xa perdidas no conxunto de falantes con competencia nativa.

Alén disto, cómpre salientar que unha vez acadado o obxectivo fundamental da hipótese da linguo-diversidade, isto é, a restitución das linguas minorizadas como linguas realmente oficiais nos seus territorios, será obxectivo principal da hipótese procurar un maior respecto polas linguas da poboación inmigrante, refuxiada ou nómade, porque pasarían a se converter no único colectivo minorizado do territorio en cuestión.

2.3.4.5.9 Os dereitos positivos e negativos e a interpretación do individuo como minoría cultural

Doutra banda, unha vez superada a discriminación das linguas minorizadas o problema non fica resolto, senón que resulta necesario suprimirmos tamén a asimilación á que estas están sometidas por parte do poder, tal e como S. Coiplot salienta. Segundo a opinión desta autora, perante o proceso de asimilación cultural e lingüística de que son vítimas os membros das minorías, o que se precisan non son dereitos colectivos, como acostuma aconsellarse, senón dereitos de liberdade reais. Estes dereitos de liberdade non son unicamente dereitos do individuo, senón tamén dereitos á individualidade. De acordo con S. Coiplot, o perigo reside en que actualmente o dereito internacional só reconece os dereitos de igualdade, polo que as minorías seguen a ser vítimas dos procesos de asimilación.

O respecto dos dereitos das minorías pode dar en as converter en colectivos autónomos, independentes, o que é visto polas metrópoles como algo negativo, en tanto que contribúe á guetificación e ao illamento destes colectivos pechados ao exterior. Con todo, de acordo con S. Coiplot, que son os grandes Estados de Occidente máis que guetos dun tamaño exponencialmente superior centrados na súa propia cultura e pechados ás demais? O illamento cultural de ambos os dous colectivos resulta, pois, parello. O determinante neste asunto é saber cando se trata de guetos voluntarios, isto é, novas comunidades independentes, e cando de guetos forzosos ou grupos sociais marxidados.

Para S. Coiplot só existe unha posibilidade: declarar o individuo minoría cultural en si propio para ser así beneficiario dos dereitos humanos xerais, desbancando deste xeito o medo que parecen ter nalgúns sectores á atomización das sociedades ou grupos minoritarios, así como a autodeterminación das nacións inseridas en maiorías opresoras ou á federalización dos Estados. Asemade cómpre non confundirmos os dereitos colectivos co dereito a formar parte dun grupo, do mesmo xeito que os dereitos individuais non deben levar ao illamento do individuo. Resulta necesario non esquecermos que co recoñecemento dos dereitos lingüísticos colectivos contribuímos á construción da identidade colectiva.

Noutra orde de cousas, podémonos referir tamén á distinción entre dereitos positivos e negativos, isto é, a realización dos nosos dereitos pode ter consecuencias negativas para outras

persoas ás que lles carrexan obrigas. Tradicionalmente relacionáronse os dereitos individuais cos positivos e os colectivos cos negativos, o que responde a unha vinculación dos dereitos colectivos cos grupos minorizados. A subxectividade das nacións, isto é, a opinión dos individuos, soamente pode ser garantida no caso das minorías mediante o recoñecemento dos dereitos colectivos dos individuos que a integren. A nación cultural é unha entidade obxectiva, independente da vontade das persoas, que non precisa dos dereitos individuais para ser considerada como tal a diferenza do que acontece na actualidade cos colectivos minorizados, que como entidades subxectivas si precisan os tales dereitos.

2.4 Os dereitos lingüísticos e os movementos altermundistas. Todas as revolucións están conectadas

2.4.1 O compromiso do pensamento ético responsábel

A este respecto, A. Iglesias Álvarez (2002: 19) salienta:

Polo tanto, cando falamos de ideoloxías sociais desde unha perspectiva teórica, estamos levando a cabo un proceso de xeneralización e abstracción a partir do seu uso individual. Isto complicase coa circunstancia de que cada individuo se enfrenta na vida cotiá cunha pluralidade de ideoloxías e, de feito, non presentará unha única ideoloxía, senón varias, como consecuencia lóxica da pertenza a diversos grupos (en función de distintos parámetros: sexo, raza, lingua, relixión, categoría profesional, etc.). Así, os actores sociais manteñen lealdades ideolóxicas diferentes, que aparecerán mesturadas ou ben se activarán segundo o contexto, en que nalgún caso poden entrar en conflito. Por exemplo, un individuo pode defender a liberdade da muller para decidir sobre a súa propia maternidade, de acordo coa ideoloxía feminista, pero este mesmo individuo pode manifestarse en contra do aborto, segundo a ideoloxía da relixión católica.

O feito de afirmarmos que todas as revolucións están conectadas resulta unha consideración absolutamente insurrecta e subversiva e, alén disto, supón a unificación definitiva de todos os esforzos para a construción da utopía imaxinada durante tan longo tempo. Doutra banda, dado que o lema *divide e vencerás* foi desenvolvido polo poder a modo de efectiva ferramenta para combater as lexítimas reivindicacións por parte dos colectivos minorizados, todos os movementos alternativos deberían constituír por este motivo unha alianza formal para, deste xeito, acadar os obxectivos de todos eles. Así, a defensa da diversidade ecolóxica, lingüística ou do tipo que for, o respecto pola igualdade entre xéneros e etnias, ou a procura dun reparto equilibrado dos recursos e máis da riqueza entre todos os individuos, formarían parte dos alicerces deste novo movemento revolucionario en todos os eidos.

Pola contra, existe un forte movemento homoxeneizador que procura a asimilación da poboación mundial ao canon establecido, nunha loita gradual que vai desde os ataques máis directos até as actuacións máis sutís. O reparto desigual da riqueza polariza a poboación mundial en dous vectores cada vez máis desequilibrados, ricos e pobres, cuxas diferenzas van en aumento, dificultando as alternativas de cambio reais. Nun contexto como este atopamos propostas contrarias á diversidade máis embozadas ou indirectas, como a da escritora C. Posadas, quen se refire nun

artigo de prensa³⁴ a unha nova categoría que ela propia chamou *pensamento en pack*, lamentando que cada vez máis na actualidade se polaricen os discursos, de tal xeito que se radicalizan, na súa opinión, as posturas *ad infinitum*. A autora propugna a disociación das ideoloxías para que así un individuo poida adoptar, por exemplo, un criterio conservador perante a ecoloxía, unha mentalidade máis progresista con respecto dos dereitos humanos e non tomar postura canto ao aborto, a eutanasia ou a legalización da prostitución ou do cannabis.

C. Posadas aconsella o que baixo o noso punto de vista non pode definirse máis que como incongruencia, en tanto que segundo a autora considera a monocromía ideolóxica dificulta o intercambio de ideas e coarta a liberdade individual. Porén, moi ao contrario, tal e como previamente manifestamos, todas as revolucións están conectadas, non podendo a un mesmo tempo lexítimar as corridas de touros, estar a favor da lei de memoria histórica, rexeitar o aborto e a eutanasia ou defender os dereitos da poboación inmigrante. Baixo o noso punto de vista non o consideramos posíbel por simple coherencia, porque se adoptamos unha postura comprometida coa sociedade en que vivimos, de xeito natural teremos unha actitude respectuosa cara ás minorías, quer sexuais, quer étnicas, lingüísticas ou especieistas. De igual xeito, respectaremos a liberdade das mulleres para interromperen os seus embarazos e das persoas enfermas crónicas para acoutaren a súa dor sen permitir que as leis aprobadas por homes brancos heterosexuais e non eivados legislen os corpos de ninguén. Garantiremos os dereitos dos animais —non podéndoos facer por si propios— perante os incesantes ataques por parte dos seres humanos —animais tamén, por moito que certos sectores procuren afastarnos do resto de mamíferos—, para non seren, entre outras moitas cousas, torturados até a morte en aras do divertimento das persoas, amoreados en granxas que máis parecen fábricas de bistés onde sobreviven de xeito indigno até o momento en que chega unha morte atroz, ou sacrificados pola súa pel, polos cairos de almafí ou por unha pretendida actividade deportiva; así como da natureza toda, procurando o respecto das montañas, ríos e bosques, explotados sen control como se das nosas despensas se tratar. Defenderemos tamén o recoñecemento da independencia e o respecto dos pobos como o saharauí e tibetano, a legalización internacional da emigración, xa que se temos que vivir na aldea global, cando menos que se garanta a posibilidade de nos instalar onde nos prouguer. Apoiaremos tamén a retirada dos símbolos relixiosos de todas as escolas, pois neste Estado está recoñecido constitucionalmente o laicismo.

³⁴ Posadas, C. (2010): “El pensamiento en ‘pack’”, en *XL Semanal*, 14 de febreiro de 2010. Dispoñíbel en: http://xlsemanal.finanzas.com/web/firma.php?id_edicion=4947&id_firma=10572 [15-II-2010].

Da mesma maneira, tampouco non sería posíbel defendermos de xeito completo os dereitos lingüísticos en Galiza de falarmos en español. Manifestar a necesidade de salvagardar os dereitos lingüísticos nun contexto de substitución lingüística como o que estamos a vivir onde unha lingua con proxección internacional, como é o español, asoballa unha lingua minorizada no seu propio territorio, asumindo que o discurso da lingua opresora é completamente contradictorio e improdutivo: para acadar o lexítimo desenvolvemento das linguas minorizadas cómpre as empregar de xeito natural e cotiá. En moitas ocasións, vista a situación lingüística a nivel global, podemos pensar que a defensa da linguo-diversidade é unha cuestión que non nos afecta directamente por ser algo propio de afastados territorios que contan con centos de linguas; porén, nada máis lonxe da realidade: en toda a parte cómpre reivindicarmos as linguas minorizadas, polo que neste contexto a defensa da linguo-diversidade implica falarmos galego. Nun momento en que o neo-liberalismo fagocita conceptos tan importantes como o son os dereitos lingüísticos e promove a alienación da sociedade para a acomodar ao seu propio proveito, cómpre non esquecermos a importancia das accións individuais encamiñadas á consecución do interese colectivo. Isto é, reivindicarmos individualmente o uso do galego para contribuírmos á conservación do ben común, da nosa lingua; manifestando que o galego tamén forma parte da diversidade, que é tamén riqueza, mais en sentido ecolóxico, por ser un tesouro inmaterial e non unha mercadoría do capital. Alén de que considerarmos que a defensa dunha lingua propia minorizada no seu propio territorio historicamente definida constitúe, de acordo con G. Sanmartín Rei (2010: 89-90), unha obriga ética ineludíbel, xa que como a autora salienta, cómpre:

[...] non defendermos as linguas por seren nosas, senón por nos axustarmos a un principio ético e de xustiza nun mundo en que todo está interrelacionado. A perda dunha lingua non afecta unicamente a comunidade que a utiliza. Trátase, no entanto, da eliminación dunha das visións do mundo da humanidade e produce efectos de desequilibrio e de inestabilidade ao abrir máis unha porta aos procesos de substitución e de homoxeneización. Aínda que hai quen pensa que todo o coñecemento cultural acumulado pode trasladarse a través doutra lingua, renunciando, por tanto, á transmisión interxeracional do idioma que lle foi legado, a Ecolingüística encargouse de demostrar que iso non é o que acontece habitualmente e que, moi ao contrario, o cambio de lingua ten a súa explicación principal na asimilación á cultura maioritaria e prestixiada.

A propia lingüística, como ciencia, pasou longo tempo da súa historia ignorando a inmensa maioría das linguas do mundo. Como vemos, trátase de manter unha postura ética coherente a todos os niveis —incluído o lingüístico— e non de recortar aquí e acolá o que máis se acomode aos nosos intereses. A este respecto resulta necesario lembrar que manter unha postura verdadeiramente

comprometida como a que presentamos na hipótese da linguo-diversidade non resulta sinxelo nin a nivel persoal nin tampouco a nivel colectivo, porén, non quere isto dicir que non sexa posíbel. Son moitas as cousas que podemos facer a nivel individual co propósito de contribuírmos ao ben social, como é a defensa e conservación da diversidade en xeral e a lingüística en particular. A día de hoxe vivimos nun contexto de conflito lingüístico mais que, lonxe dos malos agoiros característicos doutras épocas, non é imposible saírmos del, senón que só temos que tomar conciencia, asumir responsabilidades e actuarmos eticamente de acordo co beneficio colectivo; sendo conscientes de que a acción individual, implícita na interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos que desde esta investigación propoñemos, non pode ser roubada nin nas circunstancias máis extremas.

2.4.2 A ecolingüística

Lack of air would kill their bodies, but lack of language would kill their minds.

E. Haugen (1987:53).

Na segunda metade do século XX xurdiu un movemento revolucionario dentro da lingüística que propoñía unha filosofía de traballo baseada en principios ecolóxicos, isto é, unindo dúas realidades até o momento illadas procuraba implicar a ecoloxía na defensa das linguas minorizadas; tomando en consideración o papel decisivo na diminución da linguo-diversidade de cuestións extralingüísticas como a economía ou a política, entre outras moitas, porque, tal e como salienta C. Junyent (1998: 40): «quan es tracta de demostrar la desigualtat de les llengües, s'ha de recórrer a elements extralingüistics»; incidindo en que a cuestión tal e como se presenta hoxe perante nós implica necesariamente o enfrontamento do centralismo e a asimilación co pluralismo e a diversidade. Por este motivo, debido á súa ampla concepción das linguas, a ecolingüística favoreceu a superación da interpretación delas como simples códigos comunicativos, característica de escolas lingüísticas conservadoras como o estruturalismo. Pola contra, propuxo un novo concepto de lingua que focaliza a súa atención no feito de seren elas xeitos únicos de interpretarmos a realidade, outorgando, pois, a cada unha delas unha con cosmovisión propia. A este respecto, G. Sanmartín Rei (2010: 91) salienta acaidamente que:

A Ecolingüística, na súa versión profunda, implica unha toma de posición para transformar as condicións das linguas ameazadas, presupón unha análise multidisciplinar en que se atendan cuestións económicas, políticas, ambientais, sociais e ideolóxicas e insiste en non ver as linguas

unicamente como instrumentos de comunicación para pór en evidencia que a perda dun idioma supón a desaparición de xeitos de comprender o mundo e de o facermos noso.

Alén disto, a ecolingüística manifesta ser unha efectiva estratexia para as linguas propias minorizadas nos seus territorios historicamente definidos. Constitúe en si propia unha ferramenta con que reivindicar o espazo no mundo que as estas linguas lexitimamente lles corresponde, dado que como alternativa ecolóxica responsábel procura en todo momento a conservación da linguo-diversidade e, por tanto, das linguas minorizadas que viven en precario. A ecolingüística, pois, dá azos para a revolución das linguas pequenas, contribuíndo á súa re-dignificación como linguas oficiais, propias e válidas nos seus territorios. Outramente, esta disciplina lingüística pretende superar unha visión das linguas —sobre todo daquelas que sobreviven en contextos de conflito— interpretadas como obxectos museísticos que cómpre catalogar para conservarmos as súas características definitorias, por moito que, como é sabido, isto non contribúa a evitar á súa desaparición; de tal maneira que a ecolingüística soborda esta concepción tan limitada implicándose verdadeiramente no proceso de recuperación das linguas moribundas, tal e como sinala G. Sanmartín Rei (2010:101) a este respecto:

Un tema, pois, vital é conseguir desde a Ecolingüística que se supere unha visión das linguas en que o único que importa é quer a súa documentación quer o seu mantemento, para conseguir situar no foco principal as/os falantes, tanto desde unha perspectiva individual como colectiva. Só na medida en que sexamos capaces de persuadir a sociedade galega dos prexuízos que supón o abandono dunha lingua poderemos revertir este situación.

En efecto, este é o matiz que transmitimos na interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos característica da nosa hipótese de traballo: a necesidade de implicarmos individualmente o conxunto de falantes da comunidade lingüística do galego, neste caso, para acadarmos deste xeito a plena normalización da lingua propia de Galiza. De nada serve deseñarmos modelos de planificación e aplicármolos despois desde a administración, se o colectivo de falantes non está concienciado do papel decisivo da súa actuación individual no proceso de recuperación da lingua minorizada. Por iso desde esta investigación propoñemos os dereitos lingüísticos colectivos fundamentados nunha participación ética e responsábel individualmente por parte de todas as persoas falantes de galego.

Actualmente considérase que E. Haugen foi a persoa que inaugurou a disciplina lingüística da ecolingüística, ademais de ser quen estipulou os eixos fundamentais en que esta se asenta. O autor defende en todo momento a igualdade de todas as linguas, considerándoas plenamente capacitadas para desenvolveren a totalidade das funcións lingüísticas. Acerta completamente cando sinala as consecuencias que implica un proceso de substitución lingüística no conxunto de falantes da lingua minorizada: sentimentos inferioridade, falta de autoestima, usurpación da dignidade e da identidade propia ou autoodio, entre outras moitas, definen o complexo estado polo que pasan as persoas falantes dunha lingua oprimida que sobrevive nun conflito lingüístico. E. Haugen (1987: 5) salienta a este respecto que:

Language is not a problem unless it is used as a basis for discrimination, as it has been used, and especially in modern times. The trend is clearly toward a language shift, a process that not only deprives the minorities of their group identity, but also of their human dignity. The fact that their language is not considered valid in the larger society may make them feel that they are not personally adequate. What are the solutions? The economic disadvantages of having more than one language in a country [...] are patent and apparently irresistible arguments for assimilation. Groups that refuse to assimilate must be either repatriated or segregated, in the view of many administrators. There are two humanistic solutions that suggest themselves immediately to men of good will: deliberately to inculcate and to promote through education a spirit of understanding of and interest in minority peoples, and to encourage a bilingual policy, so that they are given a sense of being understood by their neighbors.

E. Haugen tivo a ousadía de dicir cousas que ninguén antes se atrevera a pronunciar, e moito menos publicar, nunha ciencia tan tradicional e conservadora como a lingüística, que se gababa de vivir —até aquel momento, previamente ao xurdimento desta corrente eticamente comprometida— de costas aos flagrantes problemas do seu propio obxecto de estudo. O autor salientaba cuestións fundamentais como, por exemplo, que (1987: 16): «In most countries [...] there is a marked inequality between the language communities: one is socially, economically, or politically dominated by the other», que foran ignoradas e negadas. Ademais, en só dúas liñas E. Haugen afirma que o bilingüismo non existe, xa que se dúas linguas coexisten nun mesmo territorio, sempre unha delas está sometida á outra. Alén disto, o autor (1987: 5) fai comentarios, como o que de seguido citamos, que se certamente poden resultar evidentes, aínda hoxe continúan estando plenamente vixentes e cómpre repetírmolos para que fiquen claros:

The first step in applying our best scientific knowledge to language problems is to become aware that no one's speech is inferior, only different. Our problem is how to teach tolerance of difference, and the acceptance of a man or woman for what they are, not for how they talk.

O autor non dubida á hora de sinalar as pautas fixas de actuación características do todo contexto de conflito lingüístico, consciente de que na práctica totalidade dos casos todas as linguas dominantes adoptan uns mesmos patróns de comportamento, entrementes as linguas minorizadas nos seus propios territorios pasan tamén polas mesmas fases. Así, E. Haugen (1987: 17) sinala a este respecto que:

The trend is often one of making the entire dominated community bilingual; when that day has come, the original language becomes superfluous and the dominated group may give it up entirely. This is the case of "language death", a term invented by Dorian (1981).

Alén de que, de acordo co autor (1987: 17), unha lingua dominada non ten que deixar de empregarse radicalmente por parte do seu colectivo de falantes para esmorecer, senón que os procesos de substitución lingüística contan con procedementos tan sibilinos como, por exemplo, a usurpación por parte da lingua opresora das funcións lingüísticas máis prestixiadas, deixando a lingua minorizada nunha situación de evidente desvantaxe, ao quedar relegada aos contextos informais nas interaccións populares no desenvolvemento da vida cotiá. O cal, en moitos casos, é tanto como dicir que a lingua desapareceu xa *de facto*, pois ficar recluída aos discursos non prestixiados da poboación falante da lingua recesiva constitúe o paso previo á desaparición definitiva.

Porén, os contextos de conflito lingüístico non responden a principios matemáticos inmutábeis, senón que son susceptíbeis de sufriren cambios e abrir novos camiños dando alento a outras linguas que se atopan nunha situación semellante. Neste sentido podemos referir o caso de linguas como a galega, que sobreviviu durante séculos como lingua da poboación labrega e mariñeira, grazas ao cal, nun momento histórico determinado, un conxunto de intelectuais puideron recuperala e resituala como lingua de cultura, lexitimando o seu emprego tamén en contextos de prestixio comezando, deste xeito, a recuperación das funcións lingüísticas usurpadas. O autor incide tamén na importancia das linguas como elementos básicos de cohesión social, tal e como xa comprobamos previamente nesta investigación, así como sinais básicos de identidade colectiva.

Porén, E. Haugen (1987: 52) salienta que esta cuestión resulta interpretada de xeito moi diferente en función de se a lingua en cuestión é dominante ou oprimida:

The success of modern standard languages like French, English, and German as instruments of national policy has led to the common realization that such a language is a necessary instrument of unity. In smaller countries like Iceland the national language is identified with national survival. Nineteenth century Norway and twentieth century Israel are examples of countries struggling to create unity through language.

Deste xeito, no caso de linguas con gran promoción internacional e que teñen sobradamente garantido o traspaso interxeracional, enténdense como instrumentos de presión necesarios para a dominación de novos territorios, manifestando deste xeito a plena vixencia da celebérrima sentenza de A. de Nebrija: *a lingua é compañeira do imperio*. Doutra banda, no caso dos colectivos minorizados, a supervivencia da lingua vai parella á conservación da propia nación de que é lingua propia. Con todo, tanto nuns casos como noutros, as linguas manifestan ser, como dicíamos, elementos básicos de cohesión social constituíntes da identidade colectiva.

Na actualidade, chegamos a un punto en que gran parte das persoas falantes de linguas minorizadas deixaron de percibir a súa situación como conflitiva e comezaron a asumir a invasión da lingua foránea como algo natural, ignorando o verdadeiro proceso de substitución de que son vítimas. Este feito pode deberse, de acordo con E. Haugen, a que o conflito lingüístico forma parte xa da ecoloxía da linguaxe, tal e como o autor salienta (1987: 53):

Today we see within nation after nation a struggle on the part of minorities to assert their linguistic rights: the Catalonians in Spain, the Basques in Spain and France, the Welsh in England, the Lapps (Sami) in Scandinavia, the Chinese in Malaysia, even the Quechua Indians in Paraguay. This struggle between dominated and dominant groups is part of the ecology of language (Haugen 1972). The preservation of language is a part of human ecology.

Finalmente, E. Haugen (1987: 63-64) recolle algunhas das interrogantes máis importantes ao respecto dos contextos de substitución lingüística:

Where norms conflict, shall we plan for unity or for diversity, for shift or maintenance? Do we like “little” languages, used by small groups, and if so, what are we doing to save them? If we are in favor of “great” languages, which one shall we promote? Or shall we choose one of the several

hundred Esperanto-type artificial languages? If ours is a species of cultivation, what species shall we cultivate? If we would cure linguistics ills, what are our remedies?

Ao longo desta investigación contestamos tanto estas como outras cuestións, situándonos sempre —de acordo coa perspectiva ecolingüística— do lado das linguas minorizadas e proporcionando alternativas para a súa recuperación. De feito, a continuación daremos resposta á pregunta formulada por E. Haugen relativa a como solventar a cuestión da comunicación internacional.

Como xa vimos previamente, a situación lingüística internacional caracterízase pola inestabilidade e o risco de desaparición nun curto período de tempo da maior parte das linguas do mundo antes de que remate o presente século. Un dos aspectos que contribúen a minar as posibilidades de recuperación das linguas minorizadas é a resposta que se lle dá á cuestión da comunicación entre comunidades falantes de linguas diferentes, xa que até o momento a única alternativa real existente é o emprego dunha lingua natural —o inglés neste momento histórico— como lingua auxiliar. Porén, a adopción da lingua propia dunha comunidade concreta supón unha pexa máis no camiño da conservación das linguas naturais en perigo que non poden facer fronte ao avance das linguas dominantes, ao tempo que implica a expansión neo-imperial dunha lingua natural cada vez máis poderosa, alén de situar en evidente desvantaxe a todas as persoas que non a teñan como lingua de instalación³⁵.

Cómpre apoiarmos a alternativa dunha lingua artificial para a comunicación internacional como estratexia para combatermos a expansión neo-imperial das grandes linguas naturais contribuindo, deste xeito, a frear a diminución da diversidade lingüística. De contarmos cun código artificial pensado estritamente para a comunicación puntual entre persoas falantes de linguas diferentes, unha lingua sinxela e gramaticalmente regular, sen excepcións, que forme parte de todos os sistemas educativos para ser aprendida por todas as persoas como lingua estranxeira, evitaríamos colocar unha lingua natural propia dunha comunidade lingüística concreta e evitaríamos novas tiranías lingüísticas, como a que exerce na actualidade o inglés. O proxecto de emprego dunha lingua artificial para a comunicación internacional resulta completamente revolucionario, ao tempo que respectuoso coa linguo-diversidade, alén de ser menos invasivo, dado que todas as persoas terían que a aprender por igual.

³⁵ Para a situación do inglés na actualidade como lingua internacional auxiliar *vid.* 1.4.1.1.

Unha alternativa realmente efectiva á cuestión da acelerada perda da diversidade lingüística pasa, logo, polo emprego dunha LIA artificial común para todos os individuos, allea para calquera falante, carente de filiación con toda comunidade lingüística, deseñada racionalmente como un código sinxelo e regular, para salvar os conflitos que xorden en contextos concretos de comunicación entre falantes de linguas diferentes. Á vista dos resultados obtidos da análise das linguas do mundo, fica claro que a regularización gramatical é unha característica ausente nas linguas naturais, dado que son de natureza dinámica e creativa, sendo só posíbel atopala nas linguas artificiais deseñadas a tal efecto.

A idea de usarmos unha LIA resulta absolutamente subversiva, en tanto que dunha banda procura o equilibrio da linguo-diversidade e, doutra, evita primar unha lingua natural. Ao longo dos séculos diversas linguas foron empregadas para a comunicación entre as diferentes comunidades lingüísticas de xeito análogo a como agora o fai o inglés: o francés, o español, o suahili, o grego e o latín, entre outras, foron no seu momento LIAs, isto é, ferramentas empregadas polos distintos gobernos para expandir o seu poder imperial. Exemplos como estes manifestan que a estratexia non resulta en absoluto positiva para o conxunto de falantes que non posúen a lingua en cuestión como propia, entrementes o uso dunha lingua artificial sería menos invasiva, dado que todas as persoas terían que a aprender. Ademais, a expansión do emprego dunha lingua como o inglés non se limita ao uso dun código para a comunicación entre comunidades diferentes, moi ao contrario implica innúmeros procesos de aculturación que responden aos intereses concretos do poder centralista. A este respecto U. Eco (1994: 277) salienta:

Las razones por las que se han impuesto tanto las lenguas naturales como las vehiculares son en su mayoría extralingüísticas; en cuanto a las razones lingüísticas (facilidad, racionalidad, economía, etc.), las variables son tantas que no hay razones «científicas» para contestar a Goropius Becanus y sus seguidores, y excluir que el flamenco sea la lengua más fácil, natural, dulce y expresiva del universo. El actual éxito del inglés nace de la suma de la expansión colonial y mercantil del imperio británico y de la hegemonía del modelo tecnológico estadounidense. Sin duda se puede sostener que la expansión del inglés ha sido facilitada por el hecho de que es una lengua rica en monosílabos, capaz de absorber términos extranjeros y de crear neologismos, pero si Hitler hubiese vencido y los Estados Unidos hubieran quedado reducidos a una confederación de estadillos no más poderosos ni estables que los de Centroamérica, ¿no podríamos formular la hipótesis de que tal vez en la actualidad de todo el globo hablaría con la misma facilidad en alemán, y que en alemán se

anunciarían los transistores japoneses en la *duty free shop* (o *Zollfreie Waren*) del aeropuerto de Hong Kong?

O autor vén confirmar a teoría que presentabamos previamente, isto é, que as linguas se imponen por cuestións de poder e en base a criterios extralingüísticos, nomeadamente os intereses económicos das grandes potencias occidentais. O que U. Eco enuncia na interrogativa está lonxe de ser unha brincadeira, dado que os avatares históricos dos estados dominantes determinan a preponderancia dunha sociedade tamén sobre todas as demais e, por tanto, da súa lingua propia sobre o resto; un feito que non vén determinado nin pola pretendida superioridade das persoas que constitúen ese colectivo, nin pola presunta predisposición da súa lingua para solventar os conflitos propios da comunicación internacional, tal e como algunhas persoas sosteñan baseándose en falaces criterios científicos.

O emprego dunha lingua artificial, cómpre recoñecelo, eliminaría a desigualdade entre linguas ou a preeminencia dos intereses neo-imperiais dalgúns gobernos no eido da comunicación internacional. As linguas artificiais existentes até o momento subliñan que este non é en absoluto un problema contemporáneo, senón que cando menos desde séculos as persoas se preocupan por salvar os conflitos que entre falantes de linguas diferentes se producen. A este respecto, T. Moure (2005b) recolle no seu estudo máis de cen proxectos de linguas artificiais que abranguen desde o século XII até 1995, alén de máis de corenta novas linguas aparecidas na Internet durante os últimos anos. Pola súa banda, M. Monnerot-Dumaine (1960) rexistrou na súa obra máis de tres centos proxectos de linguas internacionais artificiais, entrementes J. Knowlson (1975) sinala máis de oitenta linguas universais tan só entre os séculos XVII e comezos do XIX (1627-1808) en Inglaterra e Francia. Estas elevadas cifras salientan o grande interese que suscita a cuestión da comunicación internacional.

De seleccionarmos, por exemplo, a obra de M. Monnerot-Dumaine (1960) —por ser a que máis proxectos de linguas artificiais inclúe— poderíamos as analizar en base a dúas premisas: en primeiro lugar, a cronoloxía e, en segundo lugar, a perspectiva de xénero. Canto á cronoloxía, o autor recolle linguas que abranguen cinco séculos, desde o XVI até o XX, sendo a distribución por séculos a seguinte:

- a. Máis do setenta por cento das linguas foron creadas no século XX.
- b. Menos do vinte e cinco por cento pertencen ao século XIX.
- c. Menos do dous por cento foron elaboradas no século XVIII.
- d. Máis do un por cento pertencen ao século XVII.
- e. Máis do 0'5 por cento son do século XVI.

Os datos salientan que, pese a que en efecto moitos proxectos de linguas artificiais dos séculos máis distanciados poderían estar perdidos, o interese polo tema aumentou exponencialmente co paso do tempo até chegar ao grao máximo na actualidade. Doutra banda, considerando a perspectiva de xénero na análise de M. Monnerot-Dumaine (1960), das máis de trescentas linguas artificiais incluídas, tan só unha delas é de autoría feminina: o novo-latín, creada pola doutora Rosa Daniele, quen elaborou en Turín, en 1890, un sistema comunicativo baseado no vocabulario latino.

No entanto, dificilmente poderíamos aceptar calquera destas linguas como código lingüístico acaído para a comunicación internacional, xa que en todas elas podemos sinalar múltiples defectos ou cuestións que as deslexitiman como LIAs, nuns casos por mostraren os prexuízos de quen as creou e noutros por manifestaren unha cosmovisión concreta, ou por estaren creadas a partir de retallos das linguas dun determinado lugar do mundo, entre outros motivos, o que fai que non estean tan lonxe das linguas naturais que até o momento se empregaron para a comunicación internacional.

Desta maneira, o proxecto verdadeiramente eficaz consiste na elaboración dunha lingua artificial realmente pensada para ser unha LIA, evitando os erros xa cometidos nos exemplos precedentes e baseando a súa construción nos universais da linguaxe, para que así o código resultante sexa igualmente respectuoso para todas as persoas, e coa que todas nos sintamos identificadas por igual, sen que sexa a lingua propia de ninguén. En efecto, a historia da lingüística é unha historia inacabada, unha historia en proceso que cómpre ser rematada; proba diso é o subapartado dedicado aos universais da linguaxe, que está aínda hoxe dando os primeiros chanzos, por moito que a súa utilidade en moi diversos eidos da sociedade estea sobradamente demostrada.

Ao respecto deste tema cómpre retomarmos o traballo de T. Moure (2005b). Resulta oportuno analizarmos a súa proposta debido ao seu interese e á orixinalidade do seu trato no eido da

comunicación internacional, alén de que a súa postura ficou mal interpretada en diferentes ocasións por parte da crítica e máis doutras persoas especialistas neste eido, polo que necesariamente debemos reparar nesta cuestión para salientarmos a verdadeira tese da autora e contribuírmos deste xeito á aclaración das análises erróneas. O feito de a autora respectar diferentes proxectos de linguas artificiais para a comunicación planetaria —como o é o caso do esperanto— fixo que se catalogase a autora como esperantista cando non é tal. De feito, a propia T. Moure (2005b: 98) sinala que:

[...] o esperanto non deixa de ser unha lingua de reciclaxe, construída con restos de linguas faladas nun anaco do mapa. O seu léxico e a súa gramática proceden dos léxicos e as gramáticas dunhas poucas linguas, todas elas indoeuropeas.

De acordo coa autora (2005b: 105), as persoas que até agora se propuxeron a creación de códigos de comunicación fixérono dun xeito non profesional, manifestando carencias na súa formación así como o descoñecemento dos universais da linguaxe, alicerce básico para a creación dunha lingua artificial verdadeiramente representativa da linguaxe humana. Moi ao contrario, case todos os proxectos existentes tenden a conservar as categorías gramaticais e léxicas propias das súas respectivas linguas de instalación, polo que a pretendida regularización queda convertida en manifesta simplificación. Deste xeito, a verdadeira proposta de T. Moure fundaméntase na defensa e promoción da linguo-diversidade ao tempo que sinala o emprego dunha LIA artificial, independente e respectuosa, como ferramenta para a salvar os conflitos que ocasiona a comunicación entre individuos de comunidades lingüísticas diferentes. Por este motivo a autora propón o emprego dunha lingua artificial como LIA para afrontar un problema concreto, nunca como substituto de lingua propia ningunha, nin como un medio con que interpretar o mundo, ao tempo que incide en que esta lingua carecería sempre de falantes con competencia nativa.

A defensa que T. Moure fai da elaboración dunha lingua artificial, entendida como un código comunicativo cuxa única motivación para a súa aprendizaxe reside na comunicación con persoas falantes doutras linguas moi diferentes da nosa, fundaméntase, tal e como podemos comprobar en T. Moure (2005b), no máis absoluto respecto polas linguas, dado que, segundo a súa tese, o conxunto de falantes de linguas minorizadas non sentiría a necesidade de abandonar a súa lingua propia en beneficio da maioritaria como un xeito de ascenso social e económico, pois contaría xa co coñecemento da LIA artificial para se comunicar con todas as persoas que non falasen a súa lingua propia. Deste xeito os procesos de substitución lingüística carecerían de sentido, dado que a presión

que as linguas dominantes exercen hoxe en día sobre as oprimidas perdería toda a forza e razón de ser.

Ademais, a autora salienta que o fomento dunha lingua artificial realmente igualitaria como a que suxire, eliminaría tamén a cuestión do emprego dunha lingua natural para a comunicación internacional, tal e como acontece co inglés na actualidade, ou co español e o latín outrora. Por todos estes motivos, a verdadeira postura de T. Moure resulta completamente eficaz e novedosa, entroncando coa liña de traballo respectuosa coa linguo-diversidade onde tamén poderíamos incluír, entre outras persoas, a T. Skutnabb-Kangas. Alén de contribuír a resolver a cuestión da comunicación entre comunidades lingüísticas diferentes, a construción dunha lingua sen territorio de referencia, isto é, unha lingua artificial como LIA, supón tamén un xeito de promover as linguas propias fronte ao inglés. Con todo, T. Moure (2005b: 108) insiste en que un proceso tan complexo como este está rexido por unha responsabilidade compartida entre especialistas e gobernantes, mais sen esquecer tamén ás persoas directamente afectadas nos procesos de substitución lingüística, isto é, a comunidade de falantes:

Se os lingüistas, ou os gobernantes, ou aínda mellor os falantes son conscientes do perigo de empobrecemento que supón a perda das linguas minoritarias, deben facer fronte a ese feito con accións efectivas e axeitadas. A promoción das variantes minoritarias desde as administracións dos estados, o seu uso nos medios de comunicación social, a súa promoción na escola, a súa normativización e normalización garantirían de xeito apropiado a súa supervivencia. En ningún caso ese perigo (por máis que certo) de extinción pode esgrimirse contra os intentos de comunicación internacional. A consolidación dunha LIA nas relacións internacionais non entorpecería a expansión das linguas minoritarias. Ao contrario, ao sensibilizarnos cara aos problemas lingüísticos, estarían traballando polo seu mantemento. E, en último caso, o argumento podería utilizarse en contra da expansión do inglés, ou de calquera outra lingua étnica, non cara a un proxecto elaborado que moi dificilmente os falantes dunha mesma comunidade ían usar nos seus intercambios cotiáns.

A posta en práctica desta estratexia non pode demorarse máis no tempo, xa que este sempre favorece o interlocutor máis forte nos procesos de substitución lingüística, o inglés neste contexto. T. Moure (2005b: 98) salienta a este respecto:

A situación do inglés parece, no entanto, máis estable pois o seu liderado é, por moito que poida desgustarnos, incontestable e o risco de que arrastre a concepción do mundo e o xeito de vida americano parece ser comunmente admitido coma un mal menor. No entanto, ademais da presión dos

poderosos estados onde se fala, non hai xustificación ningunha para que o inglés sexa aceptado como medio de expresión internacional axeitado.

Ademais, tal é como esta autora recoñece (2005b: 102), que o mundo sexa dun determinado modo non implica que non poidamos construírmos unha alternativa verdadeiramente ética e eficaz; isto é, facer da utopía unha realidade é cousa nosa. Con todo, baixo o noso punto de vista, unha das achegas máis salientábeis de T. Moure (2005b), que pasou practicamente desapercibida, é a defensa do coñecemento de moitas L₂, isto é, sen nos limitar a unha soa. Este argumento de capital importancia, por implicar a optimización do tempo no sistema educativo, a competencia lingüística en moitas linguas e a eliminación da actual preeminencia lingüística do inglés, foi terxiversado pola actual administración galega na aprobación do decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Pois, entrementes T. Moure (2005b) o propoñía como unha medida para a defensa da linguo-diversidade en xeral, e das linguas minorizadas nos seus territorios en particular, o actual goberno galego o emprega para promover un maior uso do inglés e, sobre todo, do español en Galiza; acoutando a presenza do galego e manipulando o verdadeiro significado do concepto de plurilingüismo, que en ningún caso implica a apropiación das funcións lingüísticas dunha lingua sen normalizar no seu propio país en beneficio doutra(s) foránea(s).

Doutra banda, a lingüista T. Skutnabb-Kangas, firme defensora da diversidade lingüística, tamén se pronunciou arredor da problemática da comunicación entre comunidades lingüísticas diferentes. De xeito análogo a T. Moure, a autora sinala reiteradamente en T. Skutnabb-Kangas (2000) a inviabilidade de utilizarmos unha lingua natural propia dunha comunidade lingüística concreta para a comunicación internacional, pois iso supón privilexiar un colectivo cuantitativamente minoritario, porén dominante, en detrimento do resto de individuos que por non a teren como lingua de instalación, forzosamente deberán facer un esforzo por a aprenderen, sendo ademais proclives a sufriren un proceso de aculturación.

En palabras de T. Skutnabb-Kangas (2000: 283), «I see Esperanto as a possible viable alternative to today's languages for international communication». Como vemos, a autora suxire tamén a alternativa dunha lingua artificial para salvar as dificultades da comunicación internacional, por ser unha opción respectuosa coa linguo-diversidade e non discriminatoria para ningún colectivo de falantes. T. Skutnabb-Kangas (2000) sinala unha serie de criterios que debe respectar o código

escolleito para os contextos comunicativos entre persoas falantes de linguas diferentes. Estes criterios son: igualdade, respecto pola diversidade cultural e lingüística, non discriminación, democracia e eficacia. De aplicarmos estes cinco criterios a calquera das linguas naturais empregadas para a comunicación internacional, descubriríamos que ningunha delas superaría ningún dos criterios. Nin o inglés na actualidade, nin o español ou o latín outrora, respecta(ba)n a igualdade entre as persoas por prestixiaren a comunidade de falantes que a posúe como lingua propia. Da mesma maneira tampouco non respectan a diversidade cultural nin lingüística, en tanto que a expansión dunha lingua natural contribúe á desaparición das linguas minorizadas nos múltiples contextos de substitución lingüística e dos procesos de aculturación ao estenderen planetariamente a cosmovisión propia da comunidade de orixe da lingua natural prestixiada, neste momento, o inglés.

O emprego dunha lingua como o inglés para a comunicación internacional resulta notoriamente discriminatorio por favorecer unicamente a comunidade de falantes que a posúan como lingua de instalación, desfavorecendo deste xeito ao resto da poboación mundial. Canto á natureza democrática do inglés, fica claro que non houbo elección ningunha, senón que, do mesmo xeito que as linguas internacionais precedentes, foi imposto polas súas comunidades de orixe como ferramenta de dominio, en primeiro lugar polo poder político e militar do imperio británico e, en segundo lugar, pola actual preeminencia económica dos Estados Unidos no vixente sistema económico capitalista. Ademais, para todas as comunidades de falantes que non teñen o inglés como lingua propia non resulta en absoluto eficaz o uso dela como lingua internacional, dado que aprender unha lingua natural, complexa e non regular, resulta moito máis custoso que a adquisición dun código artificial sinxelo e sen excepcións pensado para a comunicación internacional, tal e como T. Skutnabb-Kangas (2000: 284) afirma con respecto dos criterios sinalados previamente:

There is no doubt in my mind that a solution with English does not fulfill any of the criteria. Esperanto does. Esperanto is an additive, not subtractive language. Ignorance and prejudices may prevent useful solutions.

Como vemos a autora avoga pola alternativa dunha lingua artificial para solventar satisfactoriamente a cuestión da comunicación internacional, do mesmo xeito que o fai T. Moure (2005b). Porén, a diferenza de T. Moure (2005b), T. Skutnabb-Kangas (2000) defende o esperanto como lingua elixida para ocupar o posto de LIA; mais o certo é que tampouco o esperanto cumpre todos os criterios propostos por T. Skutnabb-Kangas (2000). En realidade non resulta

completamente igualitario, xa que foi elaborado a partir de retallos dun feixe de linguas do mundo non representativo da linguaxe humana, porque todas elas pertencen á familia indoeuropea. Con todo, por ser a lingua artificial con maior proxección, desenvolveremos brevemente a historia do esperanto sinalando as súas características máis salientábeis.

L. L. Zamenhof presentou en 1887, baixo o pseudónimo Doktoro Esperanto (‘Doutor Esperanzado’), unha primeira versión do que é até o momento o proxecto de lingua artificial máis estendido e consolidado. U. Eco (1994: 272) salienta que a elaboración desta lingua está determinada polas características definitorias da vida do propio autor, debido aos graves problemas de ocupación e movementos migratorios que afectaron tanto a Polonia en xeral, daquela sometida pola Rusia imperial, como a familia do propio L. L. Zamenhof en particular, un xudeu residente no actual territorio lituano.

Este contexto social provocou a confluencia de distintas tradicións, relixións e linguas, o que como é obvio condicionou notabelmente a personalidade de L. L. Zamenhof quen, desde moi novo, pensou na necesidade de crear un código auxiliar internacional baseado no respecto e favorecendo a comunicación entre estados e contribuíndo á supervivencia das linguas minorizadas. Debido a súa formación académica e a súa propia biografía, L. L. Zamenhof entrou en contacto con diferentes linguas indoeuropeas e de todas elas aprendeu innúmeras ensinanzas que lle serviron posteriormente para a elaboración dunha LIA artificial: o esperanto. Deste xeito, co francés comprendeu o pouco produtivo que resulta o artigo determinado, co polaco e o ruso concluíu que o número de raíces léxicas pode diminuír drasticamente de empregarmos prefixos e sufixos, e do inglés, que non cómpre considerarmos as declinacións e máis as conxugacións para a creación dunha lingua sinxela. Así, guiado sempre pola máxima da sinxeleza e regularidade, L. L. Zamenhof estableceu unicamente dezaseis regras básicas que rexen o esperanto e o consagran como un código perfecto, sen excepcións nin irregularidades

Alén das características lingüísticas específicas, un proxecto de LIA artificial tan ambicioso como este tivo que sortear dificultades concretas, como por exemplo o elevado custo que supoñía a súa publicación ou as importantes limitacións impostas pola censura. Ademais, L. L. Zamenhof renunciou aos dereitos de autor xerados polo proxecto do esperanto, considerando que forma parte do patrimonio universal, aínda sendo da súa autoría. Alén disto, U. Eco (1994: 272-273) sinala que o esperanto topouse con fortes dificultades de natureza política, dado que os núcleos de poder

homoxeneizador interpretaron esta lingua internacional como un impedimento para a súa correspondente expansión colonial.

Ao mesmo tempo existe tamén un movemento contrario ao esperanto, sendo o lingüista O. Jespersen unha das persoas máis críticas con respecto deste proxecto, aínda que inventou outra LIA; mais L. L. Zamenhof salientou desde o primeiro momento para tranquilizar o conxunto de falantes contrarios a este proxecto, que a súa pretensión era conseguir para o esperanto o estado de segunda lingua, e en ningún caso substituír ningunha lingua propia no seu territorio. Todo o contrario, incide en que o esperanto está concibido como unha LIA para solventar unicamente os conflitos da comunicación entre comunidades lingüísticas diferentes, isto é, un código auxiliar para o *hic et nunc*, sen ansias neo-imperiais, sen aspirar a suplantar o lugar de ningunha outra lingua natural nin a usurpar as funcións lingüísticas de ningunha lingua no seu propio territorio.

Porén, como comentabamos previamente, o esperanto posúe unha limitación transcendental que ten que ver coa súa propia natureza: certamente é unha lingua artificial sinxela e regular, pensada para a comunicación internacional, mais formada unicamente baixo a cosmovisión dun feixe de linguas indoeuropeas. Tanto é así que, tal e como T. Moure (2005b: 69) sinala:

O esperanto aseméllase (probablemente de máis) ás linguas da familia indoeuropea, das que toma a maioría do léxico, e algúns chegan mesmo a describilo coma o membro máis recente desa familia. O latín e as linguas románicas constitúen un 75 por cento do léxico do esperanto, as linguas xermánicas (especialmente inglés e alemán) conforman un 20 por cento, mentres que o 5 por cento restante correspondería a préstamos de todas as demais linguas. O ruso e o polaco, as linguas eslavas que falaba Zamenhof, non foron privilexiadas na constitución do esperanto: aínda que teñen unha lixeira presenza dentro dese ese 5 por cento, a súa pegada é máis visible na gramática que no léxico. Finalmente, as palabras transparentan bastante ben a súa orixe [...].

Sorprendentemente, U. Eco (1994: 276-277) sinala na súa obra a este respecto que o modelo occidental semella ser o único posíbel para a elaboración dunha código lingüístico destas características, dado que até agora é o único que alcanzou un maior éxito a nivel global:

Pero si una lengua a posteriori da por descontado que existe un sistema del contenido igual para todas las lenguas, este modelo del contenido acaba siendo inevitablemente el modelo occidental: aunque en algunos rasgos intente alejarse del modelo indoeuropeo, también el esperanto se atiende fundamentalmente a este modelo, tanto en el léxico como en la sintaxis, y «la situación habría sido

distinta si la lengua hubiera sido inventada por un japonés» (Martinet, 1991, p. 68). [...] Se decide que la deseada unificación lingüística no puede producirse más que mediante la adopción de un modelo lingüístico indoeuropeo [...]. La decisión se vería confirmada por los hechos, puesto que *por el momento* no se está produciendo de otro modo, ya que incluso el desarrollo económico y tencológico del Japón se apoya en la acepción de una lengua vehicular indoeuropea como el inglés.

Mais, baixo o punto de vista que rexe esta investigación, a cuestión non é exactamente así: que sexa o modelo indoeuropeo o máis estendido non quere dicir máis que na actualidade é o que goza dun maior recoñecemento e apoio por parte do poder, polo que resulta o máis espallado por razóns económicas e intereses imperiais, isto é, pola imposición de criterios de natureza sempre extralingüística. U. Eco (1994: 278) engade que:

Hasta ahora las lenguas vehiculares se han impuesto por la fuerza de la tradición (el latín vehicular de la Edad Media, lengua política, académica y eclesiástica), o por una serie de factores difícilmente ponderables (el suahili, lengua natural de un área africana, que gradualmente y espontáneamente, por razones comerciales y coloniales, se ha simplificado y estandarizado, convirtiéndose en lengua vehicular para amplias regiones limítrofes), o por hegemonía política (el inglés, después de la segunda guerra mundial).

Doutra banda, diversos especialistas salientaron que o esperanto está suxeito, como o resto de linguas, a procesos de dialectalización e transformación debido ao seu emprego como código comunicativo. Segundo U. Eco (1994: 278):

Defensores del esperanto como Martinet [...] han considerado como mínimo ingenua la pretensión de que una lengua auxiliar no se transforme y dialectalice en el curso de su difusión por áreas diversas. Pero si una LIA se mantuviera como lengua auxiliar, y no como lengua hablada en la vida cotidiana, se reducirían los riesgos de una evolución paralela. La acción de los medios de comunicación, que reflejarían las decisiones de una especie de academia internacional de control, podría favorecer el mantenimiento del estándar o, por lo menos, su evolución controlada.

A pesar de todo, o esperanto é con diferenza o proxecto de LIA artificial máis estendido por todo o mundo, e só por ese motivo merece ser considerado con respecto para aprendermos tanto das súas virtudes como dos seus defectos á hora da construción dunha nova LIA verdadeiramente internacional e respectuosa coa linguo-diversidade.

Por último, tal e como U. Eco (1994: 278) acertadamente sinala, «¿sería posible que una entidad supranacional (como la ONU o el Parlamento europeo) impusiera una LIA como lengua franca (o que reconociera una difusión que se ha producido de hecho, y la ratificara)?» Alén disto, máis unha vez de acordo co autor (1994: 279), «si hasta ahora no se ha tomado esta decisión política, y se ha considerado muy difícil solicitarla, esto no quiere decir que no se pueda tomar en el futuro». Do mesmo xeito que acontece con calquera outra lingua, os medios de comunicación teñen a potestade de difundir por todo o mundo unha LIA artificial tal e como o fan na actualidade con respecto do inglés. Así, de contarmos cunha planificación lingüística comprometida a nivel global con este modelo de lingua *ex novo* para a comunicación internacional, os medios de comunicación podería contribuir á súa difusión de xeito sinxelo.

Decote escoitamos, nesta sociedade definida polo consumismo desaforado e preocupada unicamente pola produción de novo capital, o tan citado argumento do custo que supón para unha sociedade manter unha lingua minorizada —tal e como previamente sinalamos neste traballo—, canto máis se existe un programa de planificación lingüística, debido ao orzamento que implica o desenvolvemento das súas propostas. Porén, son moi poucas as ocasións en que o contra-argumento ten cabida, isto é, ninguén fala nunca do custo —económico e social— que implican os procesos de substitución lingüística deseñados para eliminaren as linguas minorizadas nos seus territorios historicamente definidos, por exemplo o custe dos libros de texto en galego desbotados pola actual administración. A cuestión radica en que no sistema capitalista en que estamos inmersas todas as persoas, as carencias que se consideran son soamente aquelas que poden ser cuantificadas en termos económicos. É por iso que as privacións inmateriais, por grandes que sexan, son obviadas ou tidas por insignificantes. Deste xeito, podemos achegármonos ao ecoloxismo e sinalarmos, a modo de exemplo, casos de grandes perdas non cuantificábeis en termos do capital, mais que si teñen un elevado custo social: a deforestación das fragas, a construción dun encoro ou a destrución dunha montaña, entre outras moitas. Cuestións todas relacionadas có lingüicismo, ou asasinato dunha lingua, xa que non ocasionan perdas económicas ao sistema capitalista —senón todo o contrario, xa que para as grandes potencias resulta moito máis produtiva a explotación masiva dos recursos naturais e a aniquilación das linguas minorizadas para así estenderen o uso das súas linguas dominantes en novos territorios—, non ocasionan crise ningunha para a consecución dos seus intereses; porén, desencadean complexos conflitos ecolóxicos e alteran irremediabelmente a realidade en moi distintas esferas, propiciando o esgotamento do medio natural e a asimilación no eido cultural.

Acreditamos na necesidade de procurarmos un discurso anovador, definido por unha orientación ecolóxica, fronte ao proceso de mundialización, conscientes do prexudicial que resulta por mor da súa forza homoxeneizadora, contraria á natureza diversa que nos define en todos os niveis. Deste xeito, como comentabamos previamente, cómpre unirmos nun mesmo discurso as reivindicacións éticas de todos os conflitos, lembrando máis unha vez que todas as revolucións están unidas. Quere isto dicir que analogamente a como procuramos que se garanta o uso do galego para a poboación que morando neste territorio fala español ignorando a lingua que o poder lle usurpou, tamén procuramos alternativas ecolóxicas sostíbeis, incidindo en que o problema da alarmante diminución da diversidade lingüística non só afecta ao conxunto de falantes de linguas minorizadas, do mesmo xeito que a deforestación da selva do Amazonas non lles afecta só aos individuos que moren máis preto dela; facendo visíbel o feito de a homoxeneización ser unha cuestión universal, cuxas consecuencias sobordan con moito o eido local, contrariamente á visión que o sistema procura transmitir.

Este discurso ecolóxico que presentamos procura a unificación de todas as revolucións, baseándose na convicción de que todas elas están interrelacionadas e que este proceder pretende alterar a realidade co obxectivo de construímos un mundo que respecte a igualdade na diferenza. Ao mesmo tempo, este discurso fundaméntase en principios éticos, polo que en todos os contextos de conflito, sexa da natureza que for, sempre se postulará en prol do sector máis feble, defendendo en todo momento a relexitimación do colectivo minorizado.

Con todo, non podemos negar a existencia dun sector moi crítico coa liña comprometida que pretendemos aplicar á nosa investigación, sinalando que as linguas desaparecen practicamente desde o momento en que estas xurdiron; mais, o que non poden negar é que tanto o número como as circunstancias en que desaparecen difiren en gran medida, dado que na actualidade e desde hai xa algúns anos, o número de linguas que morren multiplicouse alarmantemente como consecuencia dun proceso concreto que se repite en toda a parte baixo un mesmo obxectivo: acadar un territorio cada vez maior para as linguas dominantes no mundo. Pese a todo, tal e como comentabamos previamente, este feito non provoca en absoluto a alarma social que cabería esperar, sobre todo vista a reacción que si suscita a perda de menos do dez por certo de especies animais no planeta. Como dicíamos previamente nesta investigación, en ningún momento pretendemos desviar a atención que na actualidade se presta á conservación das especies animais ameazadas, mais si

chamar a atención sobre a importancia de visibilizarmos o feito de que a drástica diminución da diversidade lingüística repercutirá notabelmente na evolución da humanidade, até o punto de que a redución da linguo-diversidade podería mesmo ameazar a nosa supervivencia, de acordo con C. Junyent (1998: 105), de tal xeito que a cada chanzo que avanza a perda de linguas, retroceden as posibilidades adaptativas da nosa especie, ao diminuíren o número de modelos interpretativos da realidade, cosmovisións ou xeitos únicos de construción do pensamento.

Este modo de proceder que define a nosa investigación pode ser inserido dentro dunha liña comprometida da lingüística que xorde no comezo da segunda metade do século XX da man de E. Haugen. O autor condensou en poucas liñas a esencia da ecoloxía da linguaxe ou ecolingüística, ao salientar (1987: 86):

Ecology, according to Webster, “is concerned with the interrelationship of organisms and their environments”. If we substitute “languages” for environments in this definition, we get a very acceptable definition of language ecology.

De acordo co autor, e avanzando un pouco máis no desenvolvemento da ecolingüística, coa hipótese da linguo-diversidade pretendemos estender a idea fundamental da importancia de conservarmos todos os elos da cadea co propósito de perpetuarmos o equilibrio ecolóxico, polo que resulta necesario defendermos todas as linguas minorizadas que sobreviven a día de hoxe nun contexto de substitución lingüística nos seus propios territorios, por moito que isto implique que a lingüística como ciencia se postule en contra daquelas linguas que procuran unha expansión neo-imperial á costa das oprimidas. Deste xeito, de acordo con C. Junyent (1998: 169):

Parteixo del fet que una planificació ecolingüística té com a objectiu la preservació de la diversitat lingüística, però no pas amb un agany proteccionista i conservacionista *per se*, sinó perquè entenc que la diversitat lingüística és necessària per a la humanitat i alhora és un bé al qual no hem de renunciar.

Con todo, o sistema económico en que vivimos determina unhas pautas concretas con respecto a realidades moi diversas, de tal xeito que a supervivencia dunha lingua vén determinada na práctica totalidade dos casos por criterios de poder. Na liña da xa clásica metáfora bélica que interpreta as linguas como dialectos con exército, W. F. Mackey (1994: 41) salienta a ausencia de estado como causa principal da diminución do número de falantes dunha lingua. Porén, por moito

que o capitalismo procure mercantilizar as linguas facéndoas pasar por instrumentos comunicativos ao servizo do imperio, o certo é que a linguo-diversidade xorde como resultado da adaptación dos seres humanos, polo que, segundo C. Junyent (1998: 36), esta relación entre as linguas e o ecosistema motiva que nos procesos de substitución lingüística, unha alteración do medio provoque o abandono da lingua propia por ser a minorizada en beneficio da dominante. Deste xeito prodúcese drasticamente un cambio social que resulta traumático para as persoas falantes das linguas oprimidas, que son as que padecen os efectos nocivos da aculturación, ao ver como a súa lingua e tradición cultural fican substituídas polas impostas pola comunidade foránea. Así, segundo W. F. Mackey (1994: 45):

[...] todas las lenguas menores pueden ser agrupadas en una única categoría y tratadas como una subclase. Pierden su individualidad al ser colocadas en un única categoría. La política es para hacerles olvidar a ellos y a sus hijos su identidad. Porque la lección del conflicto interétnico, de la que no faltan ejemplos, es que el recuerdo de las cosas pasadas puede facilitar el deseo y la motivación de rectificar la injusticia histórica, de recobrar una lengua agonizante y su cultura, y de ampliar el horizonte de una generación asimilada.

Por este motivo, cómpre lembrarmos novamente os principios éticos sinalados no comezo deste capítulo, e afirmarmos que a lexitimación das linguas minorizadas nos seus propios territorios constitúe un principio ético fundamental que a lingüística teórica ten que asumir e aplicar de xeito efectivo para garantir a conservación dos centos de linguas que na actualidade desaparecen ao non poder aturar a presión exercida polas grandes linguas; do mesmo xeito que P. Singer (1999) ou T. Moure (2008a) defenden medidas con que re-dignificar a existencia dos animais na Terra, dado que analogamente ás linguas, o sistema os converteu nunha mercadoría ao servizo dos seres humanos.

2.5 Conclusión

Ao longo deste capítulo pretendemos incidir na necesaria relación entre a lingüística e a ética, entendida como fundamento desta investigación. Por este motivo, comezamos presentando unha adaptación do dilema da persoa prisioneira ao eido da morte de linguas, facendo visíbel a difícil situación que deben afrontar todas as persoas falantes dunha lingua minorizada no seu territorio. Unha situación conflitiva que implica un verdadeiro dilema entre o que resulta mellor, tanto para nós propi@s, como para a nosa descendencia: continúo falando a miña lingua ou adopto a foránea, que conta cunha importante proxección internacional, millóns de falantes en todo o mundo, así como a posibilidade de unirmos a un mercado laboral, inexistente na miña lingua inicial?

Todas as persoas inmersas nunha situación de conflito lingüístico enfróntanse a este dilema, de aí que sexa esta, tamén, unha cuestión filosófica. Desde este traballo pretendemos aportar argumentos que contribúan a reforzar a precaria situación destas persoas, facendo ver que o abandono das linguas minorizadas non é nunca a mellor opción. Para facer desta situación unha realidade, resulta necesario difundirmos os principios éticos das linguas que neste capítulo presentamos, facendo fincapé en que, por moito que as administracións porfien en acoutaren o espazo das linguas minorizadas, somos as persoas implicadas en cada un dos procesos de substitución lingüística, quen, mediante unha actuación individual orientada a alcanzar o ben común, podemos resolver a situación de conflito, do mesmo xeito que no caso das persoas prisioneiras do dilema.

Logo de elaborarmos un repaso da interpretación tradicional dos dereitos lingüísticos, consideramos a necesidade de reformularmos esta categoría baseándonos tanto na reinterpretación de tres conceptos fundamentais —nación, individual e o propio de dereito lingüístico—, como no coñecemento adquirido tras comprobarmos que a hipótese inicial resultaba refutada. En efecto, a realidade manifesta que aplicación dos dereitos individuais nun contexto de substitución lingüística, resulta negativo por lexitimar o falso dereito a non falar a lingua propia do territorio. Opinión esgrimida polas persoas, institucións e colectivos antigalego, que, amparándose nun falso dereito lingüístico, procuran lexitimar o descoñecemento da lingua propia do país.

Esta situación supuxo a base para a reorientación deste traballo, de tal maneira que na hipótese definitiva salientamos a necesidade de aplicarmos a interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos como única posibilidade de recuperación das linguas minorizadas. Mais, sen esquecer que, do mesmo xeito que acontecía no caso do dilema, cómpre implicarmos o total da sociedade para que adquiran conciencia da importancia da súa participación neste asunto, e actúen individualmente orientándose cara á obtención do beneficio colectivo, cara á conservación da lingua propia do seu país, que constitúe un xeito único de representación da realidade, alén de as identificar como colectivo diferenciado e independente.

Aliás, non podemos esquecer que a loita pola conservación do galego, a nivel local, e da linguo-diversidade, a nivel planetario, non un feito illado. Na sociedade actual, dominada polos intereses económicos dos grupos dominantes, non podemos fragmentar as reivindicacións lexítimas; senón que, pola contra, debemos unir os esforzos de todas elas, asumindo unha perspectiva ecolóxica, acreditando en que todas as revolucións están conectadas, para acadarmos un mundo mellor onde vivir.

3. Planificando (lingüísticamente)

Coñécese co nome de resiliencia a capacidade de asumir con facilidade situacións conflictivas e sobreporse delas. Desta maneira, a pouco que reparemos neste concepto, fica claro que o poderíamos aplicar á lingua galega, debido á súa demostrada competencia para resistir durante tan longo tempo como lingua minorizada no seu territorio historicamente definido. Mais para que o galego consiga reporse completamente desta situación límite, cómpre desenvolver unha política lingüística verdadeiramente efectiva, que non se preocupe tanto das diagnoses, onde hoxe en día inviste excesivos recursos, no entanto de incidir máis nos tratos, tal e como sinala G. Sanmartín Rei (2009a: 52) ao respecto.

Certamente a planificación lingüística preséntase como unha ferramenta fundamental para o correcto desenvolvemento das linguas na actualidade, sobre todo das minorizadas, en tanto que os procesos de substitución, así como a feroz expansión das novas tecnoloxías e a difusión masiva a nivel planetario das linguas prestixiadas, fan que a supervivencia das minorizadas resulte cando menos complexa. Alén disto, a planificación lingüística desenvolvida até agora pola maior parte dos equipos de goberno galegos máis que procurar unha verdadeira normalización da lingua galega semella que pretendía —e pretende novamente na actualidade— practicar unha lobectomía parcial nas persoas falantes de galego para esqueceren estas que algún día tiveron unha lingua de seu, unha lingua propia que as definía como pobo independente, como nación e como colectivo cunha historia e tradición diferenciadas.

A este respecto cómpre non esquecer que a planificación lingüística, tal e como tradicionalmente se interpretou a nivel xeral, non fixo máis que contribuír ao avance das linguas dominantes nos territorios das oprimidas, xa que reproducía —e reproduce— o modelo de difusión das linguas maioritarias amparadas polo poder; o que corresponde xustamente co modelo de asimilación cultural e lingüística que toda proposta de planificación debería desbotar, tal e como C. Junyent (1998: 85-86) sinala:

[...] la planificación convencional ha optat per reproduir el model dictat pel poder, buscant solucions per fer-ho possible, i dificilment s'ha plantejat la recreació dels espais que contribuïn a preservar la diversitat. [...] Recuperar la tendència horitzontal en l'ús de les llengües és imprescindible per aconseguir la solidaritat que ens cal a tots plegats per preservar la diversitat lingüística.

Por este motivo, a nosa proposta fundaméntase en principios adoptados da ecolingüística e máis da ética das linguas formulada previamente nesta investigación; isto é, defendendo a redignificación das linguas minorizadas nos seus territorios e procurando a conservación da diversidade lingüística, mais sendo conscientes —do mesmo xeito que xa o sinalabamos con respecto da hipótese da linguo-diversidade— que de nada servirá a planificación máis respectuosa e rigorosa se o conxunto de falantes da lingua en cuestión non manifesta unha actitude positiva cara á recuperación da súa lingua. Por este motivo, novamente as actuacións responsábeis a nivel individual son fundamentais para acadarmos o obxectivo colectivo: a conservación das linguas propias en cadanseu territorio histórico. Do mesmo xeito que a resignación por parte do conxunto de falantes das linguas minorizadas, que asumindo a asimilación á lingua dominante como un paso necesario perante a inminente desaparición da minorizada, non fai máis que contribuír á aceleración do proceso de substitución lingüística, por moito que se conte cunha proposta de planificación respectuosa coa diversidade e deseñada especificamente para ese contexto. Cómpre, por tanto, sensibilizar a sociedade facendo que sexa consciente da urxencia de cambiarmos o actual modelo de planificación, ao demostrarse que alén de non acadar os seus obxectivos mínimos con respecto do galego, procura unha cada vez maior difusión do español.

Como dicíamos, ao longo dos anos as distintas administracións desenvolveron no país diversas propostas normalizadoras, mais que, con todo, nin no caso das máis acaídas conseguiron o que debería ser o seu obxectivo primordial, isto é, o pleno desenvolvemento do galego no seu territorio. O certo é que moitas políticas fracasaron por careceren dun modelo de planificación ou por interpretaren o bilingüismo como estado ideal para o galego e o español neste país; esquecendo a necesidade básica de restituír o galego no espazo que lexítimamente lle corresponde. A reasignación das linguas cooficiais constitúe unha cuestión fundamental para acadarmos a normalización do galego, que non poderá ser plena até que non recuperemos o monolingüismo social.

Desta maneira, contamos con catro posibilidades de actuación reais relativas á situación do galego na actualidade como lingua aínda sen normalizar no seu territorio histórico³⁶:

³⁶ Estas posibilidades lóxicas foron desenvolvidas por T. Moure (2008b) para analizar a linguaxe discriminatoria. Cremos lexítimo forzar o paralelismo co caso que nos ocupa.

a. Non normalizarmos o galego para non o salvarmos. Esta estratexia conservadora é a desenvolvida polas linguas dominantes que deteñen o poder nos procesos de substitución lingüística, posto que sendo conscientes da necesidade de as normalizarmos para garantir a súa supervivencia, obstaculizan en todo momento esta vía de restitución das linguas propias nos seus territorios.

b. Normalizarmos o galego para o salvarmos. Constitúe a única opción verdadeiramente comprometida co natural desenvolvemento dunha lingua minorizada no seu territorio, como o é o galego. Esta é a alternativa asumida pola lingüística verdadeiramente comprometida coa conservación da linguo-diversidade, que procura en todo momento restituír o espazo que lexitimamente lle corresponde así como as funcións lingüísticas usurpadas pola dominante no conflito lingüístico. Por tanto, esta é a escolla que desde esta investigación asumimos e defendemos, entendendo que a plena normalización das linguas nas súas comunidades resulta imprescindible para que a súa conservación estea garantida.

c. Normalizarmos o galego para non o salvarmos. Esta opción coincide co discurso do politicamente correcto. Consiste na aprobación de mediadas triviais e non operativas que non chegan a mudar a situación da lingua minorizada, isto é, non supoñen avance ningún, senón que contribúen a perpetuar a situación de desequilibrio entre ambas as dúas linguas en conflito. Este modelo podería aproximarse á escolla da actual administración galega, pois promove unha política lingüística con campañas —como *E logo!*, *Festa dos axóuxeres* ou *Bocaberta*— que non comprometen a nada .

d. Non normalizarmos o galego para o salvarmos. Esta última posibilidade supón acreditar en que é posíbel salvar a lingua sen a normalizar, en contra do postulado nesta investigación. Certamente, poderíamos salientar casos de linguas do mundo que sobreviven sen necesidade dunha política lingüística clara que as ampare ou sen un programa de normalización establecido que recolla punto por punto as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha lingua oprimida. Porén, estaríamos a falar sempre de linguas moi concretas que responden a un patrón determinado: linguas propias de comunidades illadas, separadas mesmo fisicamente, do poder occidental e dos seus intereses. Pola contra, esta proposta non sería viábel para linguas que, como o galego, loitan desde hai séculos por acadar un espazo

no mundo, ao seren minorizadas nos seus propios territorios por linguas dominantes con arelas neo-imperiais.

Conscientes, pois, da necesidade de normalizarmos o galego para o salvarmos, o certo é que por fracasarmos cunha determinada política lingüística ou por non acadar estes os resultados esperados, non temos que nos paralizar e pensar que xa non hai nada por facer. Proba disto é a propia historia do galego: non chega a se extinguir o colectivo de persoas convencido da necesidade de acadarmos unha política lingüística axeitada, pese ao tempo transcorrido e ás moitas dificultades externas que se presentan.

Con todo, a urxente necesidade de normalizarmos a nosa lingua non pode levarnos a aplicar modelos de planificación lingüística desenvolvidos con éxito noutras, simplemente por acadaren estes os seus obxectivos. Certamente esta é unha estratexia errónea, dado que adoptar propostas planificadoras deseñadas para outras linguas, nomeadamente cando se toman modelos aplicados en contextos de linguas dominantes, agoira o fracaso da normalización da lingua en cuestión ao tempo que supón o avance da lingua opresora. A este respecto C. Junyent (1998: 12) salienta:

[...] adoptar els models que funcionen en la difusió de les llengües dominants no fa altra cosa que obrir camins perquè aquestes puguin penetrar més fàcilment: n'hi ha prou d'adornar-se que la planificació tal com la coneixem només porta a la substitució o a la fragmentació (que no deixa de ser una manera més d'accelerar els processos de substitució).

En efecto, adoptar os modelos de planificación lingüística empregados coas grandes linguas para os plasmaren posteriormente nos contextos de linguas minorizadas supón un desatino; dado que este feito soamente pode contribuír a abrir un maior número de fendas de penetración nas linguas máis febles para o beneficio das dominantes, isto é, un maior número de posibilidades para levar a cabo a súa desestruturación desde dentro. Por este motivo, cómpre desenvolver programas de planificación lingüística dun xeito completamente diferente a como se vén facendo hoxe en día.

Doutra banda, tal e como comentabamos previamente no apartado 1.3.3.6, o número de falantes dunha lingua non pode determinar o desenvolvemento de medidas destinadas á súa conservación, do mesmo xeito que neste momento incidimos no feito de que tampouco non pode determinar a elaboración de propostas de planificación lingüística para unha lingua minorizada por moi reducido que sexa o seu número de falantes. Todas as linguas merecen por igual o

desenvolvemento de medidas —incluída a planificación— dirixidas á relexitimación destas en cadanseu territorio historicamente definido, independentemente do seu número de falantes ou de se a lingua conta ou non co apoio da administración. Esta afirmación constitúe en si propia un principio da nosa proposta de ética das linguas³⁷. A este respecto C. Junyent (1998: 20-21) salienta:

Nigèria és un bon exemple per plantejar-nos una altra qüestió. Atès que el poc nombre de parlants és sovint esgrimit com a argument per desestimar la planificació d'una llengua, cal pensar que els parlants d'aquestes 357 llengües amb menys parlants de Nigèria sumen més de deu milions. ¿És realment aquest un problema de nombre de parlants? Perquè si del que es tracta és de triar llengües, ¿per quina comencem? ¿En nom de qué podem decidir que una llengua ha de ser planificada i una altra no?

En efecto, de acordo coa autora, ningunha circunstancia pode determinar que unha lingua sexa normalizada e outra non; pola contra, posuír medidas encamiñadas a garantir un normal desenvolvemento das linguas nos seus territorios constitúe, como xa vimos, un principio ético básico. O paradoxo dos procesos de substitución lingüística radica en que aquelas mesmas propostas de planificación que motivan o ascenso das linguas dominantes contribúen á desaparición no caso das linguas minorizadas.

Mais os mecanismos do poder contan con fortes ferramentas, que ocasionan que co paso do tempo gran parte da poboación interprete, sen se inmutar, como algo normal a perda da diversidade lingüística, ignorando que as políticas lingüísticas das grandes linguas contribúen á homoxeneización. Por este motivo cómpre incidirmos na evidencia da normalidade de as linguas teren un número reducido de falantes, e que non é necesario nin preferíbel que posúan millóns de falantes para sobreviviren. Como vemos, mais unha vez retomamos a cuestión da importancia de concienciarnos a sociedade da súa fundamental intervención neste proceso.

Do mesmo xeito que xa comentabamos previamente neste apartado ao respecto das linguas que non precisaban a planificación lingüística para sobreviviren, por constituíren casos de linguas propias de comunidades quer illadas fisicamente, quer distanciadas dos grupos do poder, e que, por este motivo, non padecen procesos de substitución lingüística, que unha lingua minorizada conte cun sistema de escritura facilita en gran medida o proceso de normalización, ao posibilitar a elaboración dun estándar así como o uso da lingua no desenvolvemento de todas as funcións

³⁷ *Vid.* apartado 2.1.1.

lingüísticas, dado que a escrita é nestes casos a base mesma da estandarización. En efecto, haberá quen diga que hai moitos casos de linguas ágrafas que manifestan non precisar a escrita para se transmitiren de xeración en xeración, mais tal e como acontecía coas linguas que non necesitan dunha proposta de planificación lingüística para sobreviviren, trátase de linguas que non se atopan inseridas en procesos de substitución lingüística, dado que tal e como manifestan os datos de que dispoñemos as linguas ágrafas son moito menos resistentes á penetración das linguas foráneas que aquelas que si contan cun sistema de escritura.

Con todo, non esquezamos que toda planificación lingüística implica sempre a escolla dunha variante concreta, e esta mesma elección exclúe á súa vez o resto de opcións lingüísticas que resultan descartadas do estándar, do mesmo xeito que o fai a escritura, a imprenta ou calquera outro elemento xerarquizador das linguas, tal e como C. Junyent (1998: 87) sinala a este respecto. Por este motivo, cando nun territorio onde coexisten dúas ou máis linguas e a política lingüística da administración só se preocupa da promoción dunha delas, a supervivencia da outra ou outras queda supeditada á vontade do seu colectivo de falantes; canto máis no caso de a administración en cuestión promover o uso da lingua dominante, ficando a minorizada nunha situación aínda máis comprometida, e sendo o abandono dela por parte do conxunto de falantes máis probábel —paradoxalmente denominado como *voluntario* por parte do poder, como se realmente a escolla for libre ou non-condicionada. Na actualidade, cando na sociedade galega un colectivo de persoas preocupado pola promoción da lingua propia procura medidas que satisfagan este dereito, o poder torna esta lexítima reclamación en imposición, manipulando a opinión da sociedade ao respecto, xa que tal e como M. P. García Negro (2009b: 20) sinala neste sentido:

[...] confúndese deliberadamente “impoñer” con “poñer”. Porque o que até agora se fixo non foi máis que “poñer” o galego, minimamente, en certos lugares de uso público ou oficial, moito máis como presenza simbólica que como real en toda a extensión do termo. A chamada “imposición”, logo, non faría máis que cumprir un dos benéficos principios do bilingüismo e da cooficialidade que o sanciona legalmente: conceder igualdade simbólica aos dous idiomas.

Doutra banda, etimoloxicamente tanto normalizar como normalización proceden do adxectivo normal, isto é, *que é conforme á regra*, e súa vez de norma, entendida como variante lingüística preferíbel entre as moitas que constitúen unha lingua concreta. No marco do Foro Mundial da Educación —celebrado en Santiago de Compostela o 11 de decembro de 2010—, M. P.

García Negro expuxo que todos os procesos de planificación lingüística teñen que acadar o estado paradigmático de normalidade para toda lingua, definido por ela propia en cinco puntos:

- Ubicuidade. Toda lingua normal ten que estar presente, a un mesmo tempo, en todas os eidos da súa sociedade, isto é, toda lingua normalizada ten que figurar en todos os contextos dentro do seu propio territorio.
- Omnifuncionalidade. Toda lingua está capacitada para desenvolver a totalidade das funcións lingüísticas. Isto supón que os argumentos que incidían na necesidade de empregarmos o inglés para a investigación por resultar máis apropiado para os aspectos técnicos, están completamente obsoletos.
- Autosuficiencia. Todas as linguas son plenamente autónomas e non precisan as unhas das outras para a súa natural evolución. Calquera falante pode desenvolver a súa vida completamente sen ter que recorrer a linguas doutras comunidades.
- Flexibilidade perante calquera soporte. Todas as linguas son plásticas, no sentido de permeábeis a calquera formato ou soporte, por novidoso que sexa; polo que todas elas son igualmente competentes para desenvolveren a vangarda científico-tecnolóxica, cultural ou do tipo que for.
- Interclasismo. Toda lingua normalizada manifesta variedade interna por medio dos rexistros que caracterizan a súa comunidade de falantes; isto é, posúe marcadores lingüísticos segundo o lugar ou a clase social, porén a lingua non pode ser por si propia indicativa dunha clase social concreta.

Necesariamente a normalización do galego ten que cubrir estes cinco eidos co obxectivo de acadar o estado que lexítimamente lle corresponde a toda lingua no seu territorio. A continuación desenvolveremos brevemente algunhas das cuestións fundamentais que determinan a normalización dunha lingua calquera.

3.1 A importancia da consolidación do estándar en política lingüística

If normativity is an inalienable part of using language, to abandon prescription in the broad sense is to abandon language itself.

D. Cameron (1995: 10).

O primeiro chanzo de toda proposta de planificación lingüística ten que ser forzosamente a consecución dun patrón lingüístico consensuado, representativo das variedades internas da propia lingua e fundamentado en criterios rigorosos que procuren a unidade e consolidación da lingua recollendo sempre a súa diversidade baixo un ideal de calidade lingüística, que rache de xeito contundente e definitivo, no caso galego, co *esquirolismo non normativo* que caracteriza gran parte da nosa sociedade, tal e como G. Sanmartín Rei (2009a: 25) salienta.

A lingua galega conta a día de hoxe cun modelo lingüístico de referencia elaborado polas institucións competentes a tal efecto e referendado polo goberno galego. Porén, este modelo culto da lingua está lonxe de callar na sociedade: dunha banda recibe a hostilidade do sector especializado que o rexeita por o considerar insuficiente e comedido, entremetres, doutra, a sociedade non o asume por o interpretar como un construto alleo e estéril, propio da elite; demostrando que, tal e como acadamente sinala G. Sanmartín Rei (2009a: 27), semella que o galego está obrigado a pagar un *imposto de coloquialidade* para se identificar o seu conxunto de falantes nel. Ao mesmo tempo, a autora (2009a: 9) expón ás dificultades que supuxo a elaboración deste último patrón lingüístico:

Referímonos, en primeiro lugar, ao acordo normativo que se concretou na proposta de modificación, aprobada o 12 de xullo de 2003, das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* que puido representar (e, de feito, nalgúns sectores representou) un momento de construción colectiva desde a dignidade lingüística para provocar tanto a necesaria homoxeneidade da linguaxe administrativa como a aposta pola pluralidade e a procura de estilos propios e heteroxeneamente coincidentes na simboloxía común do noso proxecto de conformación dun modelo de lingua culto para o noso idioma.

Porén, G. Sanmartín Rei (2009a: 24) entende tamén que este novo modelo normativo pode ser rexeitado por un sector social comprometido coa lingua, que emprega determinadas formas lingüísticas connotadas como medida de resistencia perante unha variante estándar que non foi

asumida como debese. Pese a todo, sendo conscientes de que constitúe un modelo normativo que non acada o beneplácito xeral, o certo é que implica un primeiro e fundamental chanzo para a normalización dunha lingua minorizada nun proceso de substitución lingüística, como é o caso do noso idioma na actualidade. Pois, tal e como a autora sinala (2009a: 12):

Queremos, por tanto, contribuír con este traballo a demostrar que *aquí e agora* só desde a procura da calidade da lingua que empregamos estamos a contribuír a construción nacional, ou de o así preferirmos, estamos a facer país.

Asumidas as críticas ao modelo normativo actual, cómpre acadarmos a súa consolidación xeneralizada na totalidade da poboación, dado que é absolutamente necesario que o conxunto de falantes estea completamente seguro no modelo de lingua culta para completarmos o proceso de normalización lingüística tanto do galego, en particular, como de calquera outra lingua minorizada, en xeral. A este respecto, G. Sanmartín Rei sinala (2009a: 15, 17-18) sinala:

A seguranza no modelo de lingua que empregamos é unha peza chave no proceso de restauración e de conservación do idioma que foi sistematicamente desprezada, desde o punto de vista educativo, como factor de restitución lingüística [...]. A seguranza lingüística no modelo de galego que empregamos é fundamental para obtermos resultados no que respecta á súa transmisión e á súa difusión. Estou convencida de que ese é o aspecto que máis precisa a nosa atención, que máis reclama un tratamento profundo e radical. Profundo, porque de o interpretarmos superficialmente só suporá novos desgustos e frustracións que dicionarios e vocabularios facilmente poderían remediar. Radical porque implicaría verdadeiros cambios revolucionarios na maneira de as persoas usuarias — ocasionais ou conscientes— do noso idioma afrontaren a dura tarefa diaria de se manteren nel.

A normativa vixente de 2003 foi vítima dunha dupla conspiración: en primeiro lugar o silenciamento por parte da administración galega por tardaren tanto tempo en a daren a coñecer, por non a empregaren de xeito inmediato nos seus textos e máis por a ocultaren premeditadamente a sociedade galega; e, en segundo lugar, polo escarnio ao que foi sometida, ridiculizando algunhas das súas escollas, malgastando tempo e esforzos que deberían ser investidos na súa pronta aplicación para acadar o seu obxectivo principal: resituar o galego como lingua propia e primeira da nación. A cuestión é que ao galego fánelle esixencias que non cumpren moitas outras linguas, como por exemplo a acusación de artificialidade do estándar, cando como ben sabemos todos os estándares son, por definición, construcións artificiais que pouco ou nada teñen que ver coa evolución natural das linguas humanas, senón que responden a procesos de elección de gabinete,

consciente e premeditada, dunha opción lingüística sobre outras con valor prescritivo, de acordo con J. C. Moreno Cabrera (2008). Porén, estes ataques que se fan ao patrón normativo galego non se realizan para outras linguas plenamente normalizadas que contan xa cun férreo modelo lingüístico, como pode ser o caso do inglés, francés ou español. Porén non esquezamos que son estas linguas prestixiadas, e o prestixio lingüístico é, tal e como J. C. Moreno Cabrera (2008: 97) salienta:

[...] un valor inducido socialmente y que refleja las relaciones de poder en una sociedad determinada, es un factor muy importante que tiene innumerables repercusiones entre los miembros de una sociedad, entre ellas, las lingüísticas [...].

O estándar, pois, ten que ser interpretado baixo a óptica da ecolingüística, entendido como unha ferramenta con que evitar a disolución dunha lingua oprimida na dominante, como un medio con que impedir a intrusión forzosa da lingua opresora a través das filtracións léxicas, morfolóxicas e sintácticas que rematen por disolver as particularidades da lingua minorizada confundindo o conxunto de falantes que mesmo se teñen por utentes de segunda categoría vítimas dun duplo proceso de autoodio, ao se distanciaren do modelo normativo e, a un mesmo tempo, por non seren tampouco falantes da lingua dominante. Cómpre desbotar as interpretacións tradicionais do estándar como unha imposición, como unha férrea norma prescritiva inoculadora de medos e inseguranzas na súa propia comunidade de falantes, medorenta de a escribiren por temor a incorreren en erros. Neste sentido cómpre incidir en que cando salientamos a necesidade de estendermos o uso do estándar do galego a toda a sociedade non interpretamos o prescritivismo —de acordo con D. Cameron (1995)— nin como un elemento punitivo con que penalizar un erro lingüístico cometido involuntariamente, nin cunha perspectiva conservadora e elitista que entenda o dominio do estándar como unha característica de clase. Neste mesmo sentido G. Sanmartín Rei (2010: 103-104) sinala:

É evidente que na nosa construción lingüística as persoas dedicadas ao estudo das linguas transmitíronnos o seu antiprescritivismo e a súa defensa de ser esta ciencia descritiva, non prescritiva. Deste xeito, tal e como demostrou Cameron (1995: 5) o prescritivismo representa un termo negativo na lingüística por ser o elemento desfavorecido na oposición descritivo/prescritivo, pois é esta concepción binaria a que se elixiu para situar os parámetros da lingüística como ciencia. [...] Mais se numerosas análises remataron por demostrar que existe ideoloxía nas dúas perspectivas, que non existe a neutralidade e que a noción máis purista da lingüística como descrición é falsa ou confusa, máis relevante é considerarmos a normativización unha parte imprescindible dos nosos usos lingüísticos, unha cuestión que é substancial para o desenvolvemento das linguas sen normalizar. A idea que Cameron nos lembra a través do título de Hall, *Leave Your Language Alone*, presupón que a

lingua debe camiñar por uns vieiros e os/as utentes desa lingua por outro. Tamén iso foi frecuente no caso galego (como noutros exemplos de linguas en proceso de consolidación dun estándar) e deu lugar a numerosos discursos en que se valoraba como fundamental a naturalidade e a espontaneidade do idioma, un tema recorrente cada certo tempo [...].

En efecto, D. Cameron (1995) elabora unha acaída análise da parella descriptivismo/prescritivismo, incidindo no feito de que tradicionalmente o segundo termo foi criticado en beneficio do primeiro, de tal xeito que se identificaba con imposición, eliminación da diversidade intralingüística e homoxeneización, esquecendo que o prescritivismo resulta absolutamente pertinente nos procesos de recuperación das linguas minorizadas, dado que a defensa e promoción do estándar consolida a unidade do colectivo minorizado e dificulta a intromisión da lingua foránea. Alén disto, D. Cameron (1995) salienta que prescritivismo e planificación lingüística son conceptos que tradicionalmente ficaron separados na lingüística teórica, mais que realmente as súas características as achegan máis do que o conxunto de especialistas porfía en os separar. Tal e como a lingüista (1995: 8-10) salienta:

In theory, ‘prescriptivism’ could refer to any form of linguistic regulation, but in practice it is strongly associated with those forms that are most conservative, elitist and authoritarian. Attempts to promote an elite standard variety, to retard linguistic change or to purge a language of ‘foreing’ elements are the instances most readily evoked by the epithet ‘prescriptive’ for linguists and non-linguists alike. [...] Verbal hygiene comes into being whenever people reflect on language in a critical (in the sense of ‘evaluative’) way. The potencial for it is lantent in every communicative act, and the impulse behind it pervades our habits of thought and behavior. I have never met anyone who did not subscribe, in one way or another, to the belief that language can be ‘right’ or ‘wrong’, ‘good’ or ‘bad’, more or less ‘elegant’ or ‘effective’ or ‘appropriate’. [...] We are all of us closet prescriptivists — or, as I prefer to put it, verbal hygienists. [...] I hope it will be clear already that in saying this I am not suggesting that we are all closet elitists and authoritarians. Our norms and values differ: what remains constant is only that we *have* norms and values. There are, for example, many peolple who disapprove stongly of what they call ‘prescriptivism’, meaning the pedantry of traditional grammarians, while at the same time accepting the equally normative arguments of George Orwell’s ‘Politics and the English language’ (1946), and taking all due care to ensure their own usage is free from any taint of ‘bias’.

Ao respecto da carencia de rexistros característica das linguas minorizadas nos procesos de substitución lingüística, semella que aquelas que non son maioritarias nin exercen presión sobre outras para usurparen o seu territorio, tivesen que estar restrinxidas aos contextos informais e coloquiais tendo negado o dereito a posuíren rexistros. Da mesma maneira, desde hai xa certo

tempo algunhas persoas especialistas neste eido sinalan que o galego tampouco non os posúe, o que responde ao feito de a maior parte do conxunto de utentes non asumir o patrón da lingua escollido como estándar. Deste xeito, o uso coloquial desta esténdese en todas as funcións e contextos lingüísticos, facendo desaparecer as variedades determinadas, por exemplo, polo contexto; convertendo agora este feito nun marcador inequívoco do avance do proceso de substitución lingüística.

Por este motivo consideramos que cómpre promover na sociedade galega o coñecemento do estándar e a reflexión sobre o uso dunha lingua de calidade, como medida para afianzar o seu uso e, ao mesmo tempo, dominar os seus matices. Porque como xa dixemos, a política lingüística non se fai só desde os gabinetes da administración, senón que todas as persoas podemos propoñer alternativas para mudarmos a realidade da lingua galega desde o noso ámbito social, desde a nosa profesión, desde o asociacionismo a nivel máis primario ou desde a actuación a nivel individual, unha cuestión que constitúe non só un dereito, como un deber para as persoas conscientes e comprometidas coa lingua. Contribuíndo desde o nivel local a facer do uso do galego estándar algo normal, que non chame a atención, como cabería esperar dunha lingua propia no seu territorio histórico con recoñecemento de oficialidade por parte das administracións competentes.

Na actualidade semella, de acordo con G. Sanmartín Rei (2009a: 153), que o modelo vixente do galego necesita sustentarse en dous apoios manifestamente contrarios ao seu natural desenvolvemento como lingua. Referímonos dunha banda ao uso coloquial que dela se fai maioritariamente e, doutra, ao español como referente forzoso. Tal e como a autora salienta: «Nunca conseguirá manter o seu propio equilibrio e gozar da posibilidade de se mover só se ten que se valer desas dúas pezas que, no fondo, hoxe por hoxe, son traducidas, se o seren, na mesma».

Conscientes da necesidade de contarmos cun estándar que goce dunha aceptación social maioritaria, situamos no primeiro chanzo deste modelo de planificación lingüística a difusión e consolidación do patrón actual, co propósito de contribuír á recuperación do galego como lingua propia e primeira do país. Deste xeito, é preciso implantarmos un modelo monolingüe social en galego respectuoso co patrón de lingua actual, o que implicaría, en primeiro lugar, o recoñecemento e difusión oficial e real do estándar galego por parte da administración galega; seguidamente, unha postura responsábel por parte da administración galega precisa que a totalidade de organismos, entes, institucións públicas, empresas subcontratadas así como as persoas que traballen na función

pública, teñan competencia activa en galego de maneira total e efectiva, tanto a nivel oral como escrito; en terceiro lugar, toda a documentación, sinalización e relación coa cidadanía, sexa no organismo que for, farase única e exclusivamente de acordo co modelo normativo do galego actual, tanto na administración pública de calquera nivel, na sanidade como no sistema xudicial; e por último, o requirimento de coñecemento do estándar vixente de galego para poder acceder a calquera posto na función pública galega, garantindo o dominio do léxico técnico de cada eido mediante probas específicas segundo o tipo de traballo ao que se aspire, en contra do que acontece na actualidade debido á recente lexislación aprobada polo goberno galego, tal como podemos comprobar previamente no apartado 2.2.

Este tipo de medidas concretas manifestarían un verdadeiro compromiso por parte do goberno galego, responsábel directo da súa promoción e consolidación como lingua propia a nivel administrativo e legal, dado que é o garante dos dereitos lingüísticos do conxunto de falantes de galego. Neste sentido, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten que actuar como guía na política lingüística, convertendo a lexitimación da lingua galega nunha cuestión transversal a todos os eidos da sociedade, construíndo recursos e, dotando como di G. Sanmartín Rei (2009a: 81): «dun discurso homoxéneo, plural e coherente unha política da participación, da planificación e da profesionalización como eixes dunha reorientación da política lingüística vital para o futuro do idioma».

3.1.1 O galego no ensino

Tradicionalmente o sistema educativo ficou alleo a calquera tipo de contido relativo á linguo-diversidade. Deste xeito, como xa vimos previamente, ao longo dos cursos e materias o alumnado de ensino primario e medio recibe unha e outra vez información sobre os nomes dos estados, as súas capitais e cidades máis importantes, os ríos, montañas, lagos e cordilleiras que os conforman, as especies animais e vexetais que os caracterizan, ou a renda per capita, nivel de industrialización, volume de importación e exportación que os definen, entre moitos outros aspectos. No entanto, que acontece coa información sociolingüística destes mesmos territorios? Certamente, salvo contadísimas excepcións, semella non haber lugar no currículo académico para a linguo-diversidade, non xa para o estudo das familias lingüísticas máis numerosas ou daquelas que contan cun maior número de falantes, senón que nin sequera hai espazo para as quince, vinte e cinco ou cincuenta linguas máis faladas no mundo. E de seguro que nos sorprendería comprobar

que linguas integran este elenco, tal e como o podemos ver no apartado 1.3.3.6. Mais o certo é que este silenciamento da realidade non é casual, senón que responde aos intereses do poder, que non dubida á hora de empregar mesmo os dispositivos escolares para perpetuar a súa situación de dominio —*vid.* T. Moure (2003a).

Alén deste silenciamento da diversidade lingüística característico do ensino, o certo é que o sistema educativo constitúe ao mesmo tempo, como xa dixemos, unha útil ferramenta para alcanzarmos a plena normalización das linguas minorizadas nos seus propios territorios. Deste xeito, fica claro que cómpre interpretarmos a escola como un lugar onde fortalecermos os coñecementos xa adquiridos e ampliarmos as competencias do tipo que sexan, incluídas as lingüísticas. Consideramos básica a educación nas linguas minorizadas nos seus territorios porque, como é sabido, as persoas que dominan unha lingua rematan empregándoa por residiren no lugar onde esta se fala como lingua propia, quer en toda, quer en parte da poboación; de tal xeito que só o pleno coñecemento dela outórgalles ao seu conxunto de falantes a capacidade para elixiren que lingua falar. Alén de que podemos establecer unha relación inversamente proporcional entre, dunha banda, o nivel de dominio e uso dunha lingua, e, doutra, os prexuízos cara ela. De tal maneira que canto máis use un pobo a súa lingua propia e máis coñecemento teña dela, menor será o número de preconceitos sobre a lingua. Con todo, de acordo con G. Sanmartín Rei (2010: 100):

É evidente, neste sentido, que mesmo unha escola completamente galeguizada non tería por que garantir o emprego do galego fóra dese ámbito e que se precisarían outros apoios para os tempos de ocio. Porén, na escola tamén existen períodos e actividades de lecer e a lingua que empregamos nesta instancia para nos relacionarmos vainos acompañar se fóra frecuentamos persoas que coñecemos neste espazo. Tal e como indica Fishman (2001), un proceso de recuperación de linguas debe establecer unha prioridade de funcións e unha prioridade de ligazóns entre esas funcións.

Nun contexto de substitución lingüística, como o que vive o galego na actualidade, o poder acostuma empregar o sistema educativo como un medio con que incidir en maior medida na poboación e acelerar o proceso de asimilación á lingua e cultura opresoras, co obxectivo de satisfacer en maior medida os seus propios intereses. No caso concreto da lingua galega, a actual administración galega promove por medio da lexislación recentemente aprobada unha situación de conflito lingüístico entre as nais, pais, alumnado e profesorado, terxiversando falazmente o concepto de liberdade individual ao permitir a escolla da lingua do currículo académico. A administración galega non pode eludir a súa responsabilidade en competencia lingüística

lexitimando as nais e pais para elixiren a lingua dos currículos das súas crianzas, senón que esta decisión compete exclusivamente ao goberno, que debe actuar conforme á lexislación vixente; de tal xeito que o seu proceder non coadxuve en ningún momento á perda de linguas contribuíndo á invisibilización das minorizadas nos seus propios sistemas educativos, ao tempo que promove a preeminencia das dominantes.

Pese a todo, resulta necesario incidirmos en que no caso do ensino, como en moitos outros eidos da sociedade, as receitas universais non teñen sentido nin resultan en absoluto produtivas. Con esta afirmación pretendemos facer ver que as propostas suxeridas para un determinado contexto non teñen que gozar necesariamente dunha aplicación universal para seren consideradas acaídas ou pertinentes. Ao contrario, as situacións en que sobreviven as linguas minorizadas ao longo do planeta non poden ser solventadas en todos os casos aplicando as mesmas medidas concretas, dado que cada contexto necesitará unha proposta específica que se adapte ás súas características. Con isto pretendemos dicir, por exemplo, que as medidas sinaladas por T. Skutnabb-Kangas (2000) ao respecto da necesidade de implantarmos un sistema educativo bilingüe como estratexia para lexitimarmos o uso das linguas minoritarias, sabemos que resultaría completamente nociva para linguas minorizadas nos seus territorios, como o galego, en tanto que propoñer un ensino bilingüe no noso contexto non supón máis que avanzar un chanzo cara ao monolingüismo na lingua dominante. Desenvolvamos este caso.

T. Skutnabb-Kangas (2000: 569) sinala acertadamente que un dos dereitos humanos relativos ás linguas máis básicos das persoas pertencentes ás minorías é ou debería ser a adquisición dun alto nivel de bi- ou multilingüismo a través do sistema educativo. De tal xeito, a autora entende que o feito de ser cando menos bilingüe resulta fundamental para poderen as persoas membros de colectivos minorizados desenvolver outros dereitos básicos, interpretando o bilingüismo como un obxectivo educativo. Pois ben, a realidade é que unha estratexia como esta resulta moi proveitosa para un conxunto de linguas minoritarias en concreto, porén, no caso doutras, a realidade manifesta en innúmeras ocasións que o propósito de conseguirmos alcanzar un estado de bilingüismo para un pobo que sobrevive nun contexto de conflito lingüístico, non supón máis que un reforzamento do proceso substitutivo, sempre en beneficio da lingua dominante, claro, acelerando a asimilación da poboación sometida á lingua e cultura prestixiadas.

A estratexia do bilingüismo resulta de moito proveito para linguas minoritarias que se atopan nunha situación moi avanzada do proceso de substitución, en moitas ocasións sen unha lexislación que as ampare, ou cun número de falantes moi reducido. Neste contexto o recoñecemento do bilingüismo resulta a todas luces un avance cualitativamente moi importante no proceso de recuperación da lingua, porque acadar a presenza no ensino dunha lingua até o momento ausente nel presupón un gran logro, por moito que continúe estando nunha situación de evidente desequilibrio. Pola contra, esta útil estratexia no caso de linguas moribundas resulta ser improdutivo, e mesmo prexudicial, en linguas como a galega, en que a implantación dun modelo de ensino bilingüe na lingua propia e máis na foránea, supón unha clara involución que repercutirá notabelmente no proceso de re-dignificación da lingua, contribuíndo a estender o uso dos preconceitos lingüísticos, favorecendo o afastamento das persoas de menor idade con respecto da lingua propia do territorio onde moran, e provocando, en último termo, a ruptura da transmisión xeracional.

Este exemplo vén confirmar o noso argumento que incidía no feito de non podermos empregar de xeito universal as mesmas medidas concretas para erradicar os procesos de substitución lingüística. É certo que os principios xerais si que gozan dunha aplicación planetaria, isto é, a necesidade de transmitirmos as linguas propias nos sistemas educativos —enténdase sistema educativo nun sentido amplo, alén do concepto que del podemos ter na actualidade en Occidente— é común a todas as linguas do planeta; mais as medidas concretas das propostas de planificación lingüística forzosamente teñen que se adaptar ás necesidades de cada contexto específico.

T. Skutnabb-Kangas (2000: 579-622) elabora unha taxonomía dos distintos tipos de modelos educativos en que interveñen máis dunha lingua. Deste xeito a autora distingue tres grupos: *non-forms*, *weak forms* e *strong forms* de ensino bilingüe. O primeiro modelo favorece nos estados occidentais, de acordo coa autora, o monolingüismo na lingua dominante, de tal xeito que entrementes no alumnado falante da lingua maioritaria resulta practicamente nulo o contacto coa lingua recesiva fóra do sistema escolar, os esforzos que o alumnado falante da lingua oprimida fai motivan o abandono da lingua propia e a asimilación á dominante, de tal xeito que este modelo resulta ser xenocida, por procurar a eliminación do multilingüismo da sociedade. Como vemos, o sistema educativo galego insírese neste tipo de ensino bilingüe, por manter unha actitude contraria á

conservación das linguas minorizadas e contribuír a que as crianzas se convertan en monolingües na lingua maioritaria.

Doutra banda sitúase o tipo débil de ensino bilingüe, que se fundamenta no monolingüismo nunha das linguas implicadas —normalmente na maioritaria— ou nun bilingüismo limitado; aínda que na maior parte dos casos empregan as dúas linguas no ensino. Por último, o tipo forte de bilingüismo no ensino, que é o único que promove altos niveis de multilingüismo ou, como mínimo, bilingüismo; mais sempre procura fomentar a competencia lingüística cando menos en dúas linguas distintas. Segundo a autora, este último modelo de ensino bilingüe é o que ela recomenda, por ser o único que pode acadar os obxectivos dun ensino verdadeiramente bilingüe. A cuestión é que, segundo T. Skutnabb-Kangas (2000: 580) acaidamente sinala, o primeiro e máis o segundo tipo de ensino bilingüe sinalados pola autora non permiten niveis efectivos de bilingüismo real e violan os dereitos lingüísticos dos colectivos minorizados, a diferenza do tipo forte de bilingüismo no ensino, que si os respecta e garante, cando menos, un nivel de bilingüismo equilibrado.

Nun contexto lingüístico como o noso en que a lingua propia subsiste como minorizada nun proceso de substitución lingüística, os preconceptos están xa tan estendidos que gran parte da poboación se gaba do descoñecemento da lingua propia; o que posibelmente constitúa o máis elevado nivel de asimilación lingüística. Por este motivo, desde esta investigación salientamos novamente a necesidade de implantarmos aquí un modelo de ensino monolingüe, entendido como ferramenta efectiva para a normalización da lingua galega. Alén de que o galego é unha lingua románica, polo que ao aumentar o seu coñecemento entre o seu colectivo de falantes reforza notoriamente a competencia lingüística noutras linguas románicas.

3.1.2 Unha lingua de calidade

A calidade da lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico.

G. Sanmartín Rei (2009a: 36).

Moi relacionada co apartado anterior atópase a cuestión da importancia da consolidación social dun modelo de lingua de calidade. Do mesmo xeito que comprobamos que o emprego da lingua propia como vehicular no sistema educativo resulta fundamental para acadarmos a plena normalización do galego, a extensión dun patrón lingüístico de calidade entre o conxunto de falantes constitúe outro pilar básico dos procesos de recuperación das linguas minorizadas, en xeral, e do galego, en particular.

A este respecto, resulta necesario detérmonos brevemente no papel decisivo que ten para desenvolvermos acadamente o proceso de redignificación dunha lingua, o feito de difundirmos socialmente un modelo de lingua de calidade e conseguirmos que o colectivo de falantes se sinta seguro nel. G. Sanmartín Rei (2009a: 26) refírese tamén a este feito da seguinte maneira:

Na mesma liña negadora deste necesario recoñecemento colectivo nun modelo de lingua consensuado, entre a aparición de preconceitos sobre o idioma rara vez reparamos nun cada vez máis estigmatizado e que todos e todas, mesmo moitas persoas defensoras do idioma, estamos contribuindo a reforzar. Falamos do feito de ser a preocupación pola calidade da lingua algo propio non xa dos especialistas senón dun grupo moi reducido de persoas, algo *histéricas*, que sempre están descontentas que se realizan denunciando situacións imposibles de se modificaren.

Efectivamente, a difusión social do patrón lingüístico de calidade do galego entre a comunidade de falantes resulta fundamental para acadarmos a súa recuperación. Deste xeito conseguiríamos a seguranza lingüística do colectivo de utentes no modelo de calidade da súa lingua propia, facendo que deixasen de velo como unha abstracción, como un construto alleo menosprezado socialmente, que non cómpre ser empregado —tal e como xa puidemos comprobar. Cando, como sabemos, todas as linguas normalizadas da nosa contorna contan cun férreo modelo lingüístico e gozan dunha ampla protección por parte das súas correspondentes administracións — pensemos, por exemplo, no inglés, francés, alemán ou español, entre outras moitas. Mais o caso do galego é singular, xa que a diferenza do que acontece noutras linguas onde o emprego do rexistro

culto ou formal implica prestixio social, no caso galego dá pé á crítica e á mofa, tal e como G. Sanmartín Rei (2009a: 27) sinala: «Un discurso lingüístico de calidade é tan estraño dentro do galego que consegue espertar ou unha minoritaria admiración entusiasta ou unha maioritaria descualificación baixo a acusación de elitismo».

Na actualidade, o número de persoas que se identifican co estándar galego é moi limitado, son cuantitativamente poucas as persoas que se senten seguras ao empregaren a variante lingüística de calidade. Este feito implica o afastamento do modelo lingüístico formal, o que non fai máis que obstaculizar o normal desenvolvemento da lingua galega no seu territorio. A este respecto G. Sanmartín Rei (2009a: 156) salienta que: «temos que defender que só a procura da calidade lingüística presupón unha implicación que nos fai partícipes e corresponsables reais do proceso de recuperación do idioma galego». De acordo coa autora, resulta necesario implicar a sociedade na normalización da lingua, incidindo en que ao empregarmos o modelo de calidade e transmitíndollelo ás crianzas contribuímos a facer da lingua galega unha lingua de uso normal no seu territorio histórico ao tempo que coadxuvamos á construción da identidade colectiva. Cómpre atraermos o conxunto de falantes ao estándar actual do galego como medida fundamental que forzosamente ten que formar parte das propostas de planificación —tal e como de seguido comprobaremos.

A seguranza lingüística que sinalamos ten que se estender a todos os contextos e funcións lingüísticas posíbeis, de tal xeito que o uso da lingua de calidade non se limite á superación dun exame de lingua ou literatura galegas, á realización dun trámite coa administración, ou ao recoñecemento de calquera mérito para aumentar o currículo. En efecto, de non contarmos coa seguranza da poboación na variante lingüística de calidade, resultará inviábel tanto a difusión do propio estándar na sociedade como a transmisión xeracional. Ademais, desde esta investigación coidamos que as propostas de planificación lingüísticas da lingua galega desenvolvidas até o de agora non incidiron acidamente nesta cuestión da difusión dunha lingua de calidade. As medidas levadas á práctica até o momento non conseguiron estender o uso social dun modelo culto de lingua, por moito que baixo o noso punto de vista este feito constitúa un pilar básico para acadarmos a plena normalización da lingua galega.

Desta maneira, a loita actual do galego pasa irrefutabelmente polo enfrontamento coa abulia social, estendida como unha pandemia en gran parte da sociedade, que se sitúa nunha perspectiva

cómoda e inactiva en todo o que teña que ver coa realización do máis mínimo esforzo con respecto do achegamento á lingua propia. Porque non nos levemos ao engano, a adquisición dunha lingua de calidade implica esforzo para calquera falante; mais o caso do galego non é único no mundo, senón que do mesmo xeito que cómpre esforzarmos para adquirirmos un modelo lingüístico acaído para a lingua propia desta nación, tamén resulta necesario para adquirirmos calquera outro, como no caso do español ou do inglés. Isto é, o emprego dun estándar implica unha acción consciente por parte do conxunto de falantes, supón tempo e esforzo, algo que gran parte da poboación galega semella non estar disposta a facer e non só no uso cotiá e privado da lingua, senón tamén no caso do emprego público dela, mesmo por parte das persoas que nos representan na administración. Para comprobar este feito non temos máis que analizar superficialmente moitos dos discursos políticos, onde os erros gramaticais se producen mesmo no caso de seren estes lidos. Agora pensemos que pasaría se uns erros gramaticais parellos a estes do galego se producisen no mesmo discurso pronunciado en español. Probabelmente a imaxe pública desa persoa cambiaría e sería ridiculizado por este motivo, mais, é así no caso galego?

A resposta á interrogante é evidente: no caso da nosa lingua a ridiculización produciríase de ter empregado algunha forma connotada da vixente normativa de 2003. Os preconceptos son tan fortes e están tan instalados socialmente que a variante culta é a que fica menosprezada. Isto débese ao que G. Sanmartín Rei (2009a: 25) denomina *esquirolismo non normativo*, isto é, a actitude das persoas que non son quen de realizar o esforzo para empregaren unha lingua de calidade tanto no uso privado como, sobre todo, no público. Por este motivo, a proposta de planificación lingüística, que de seguido presentamos, procura en todo momento a difusión do estándar na sociedade galega contribuindo a aumentar a seguranza na lingua de calidade do conxunto de falantes dela, facendo que os prexuízos lingüísticos cara á lingua galega non sexan máis que unha característica dunha anterior etapa da historia do galego.

Con todo, non podemos rematar esta breve alusión á importancia da calidade da lingua nos procesos de normalización, sen aclarar que este non é un aspecto novidoso, senón que foi e é desenvolvido por un conxunto de especialistas agrupados en torno á área de Filoloxías galega e portuguesa da Universidade da Coruña. Desde esta área da UDC deféndese o emprego dunha lingua de calidade como ferramenta con que, dunha banda, combater o avance das linguas dominantes e, doutra, procurar a recuperación das linguas minorizadas nos seus propios territorios. Manifestan un compromiso coa lingua dificilmente comparábel a ningún outro, xa que non se limitan a empregar

unha lingua de calidade nas súas obras, senón que se caracterizan por difundir un modelo culto e comprometido tamén no seu uso oral: nas aulas, en congresos ou na presenza nos medios de comunicación, entre outros moitos.

Podemos sinalar, a modo de exemplo, o caso de X. R. Freixeiro Mato (2009a), por ser unha das obras máis recentes dedicada integramente á cuestión da calidade da lingua. Este autor (2009a: 6) sinala que o seu obxectivo é colaborar no proceso de construción dun modelo de lingua máis auténtico e, por tanto, con futuro. Deste xeito incide na necesidade de preservarmos trazos esenciais que garantan un galego liberado, como son a colocación tradicional e correcta dos pronomes átonos, o emprego do infinitivo flexionado, do infinitivo xerundial e do futuro de subxuntivo, a eliminación da preposición *a* con complemento directo, a eliminación de marcadores discursivos castelanizadores, ou a depuración do léxico, entre outros. Xa que, de acordo con X. R. Freixeiro Mato (2009: 6), «teño o convencemento de que sen estes e outros trazos o galego fica tamén sen alma e igualmente sen futuro».

A reivindicación dun modelo culto para a lingua galega por forza ten que elaborarse considerando as orixes da nosa lingua, que a aproximan ao portugués e non ao español. Pois, se na actualidade xa podemos falar dun modelo de lingua galego-español, de non estendermos socialmente un modelo de lingua de calidade, corremos o risco de nos converter nun dialecto do español, como temía R. Carvalho Calero. Dentro deste movemento normativo preocupado pola difusión dunha lingua de calidade, non podemos esquecer unha liña fundamental que procura un modelo lingüístico máis próximo ao portugués, focalizando a importancia nos moitos aspectos que nos unen e non tanto naqueles outros que nos separan. Este grupo de especialistas afirma que resulta improdutivo non aproveitarmos o apoio de grandes estados plenamente normalizados, como Portugal e Brasil, que pertencen ao noso sistema lingüístico.

Estas persoas entenden que o futuro do galego pasa necesariamente pola aproximación ao portugués, entendida como única posibilidade de supervivencia para a nosa lingua. Por este motivo, desde esta investigación recoñecemos o traballo desenvolvido desde o sector lusista ou reitegracionista, en tanto que, aínda non compartindo a súa estratexia, recoñécemola como unha vía que procura a conservación da nosa lingua, entendendo, ao mesmo tempo, que o debate académico sobre cuestións normativas, lonxe de nos afastar e dividir o proceso de normalización, constitúe un

claro sinal de estar viva a lingua. Proba diso é que coa vixente reforma de 2003 acadouse un consenso no ámbito académico, que desactivou en boa medida o prolongado conflito normativo.

Logo desta pequena reflexión sobre algúns aspectos esenciais, baixo o noso punto de vista, en política lingüística, cómpre elaborarmos unha proposta de planificación lingüística da lingua galega de acordo cos puntos principais desta investigación presentados previamente.

3.2 Proposta de planificación lingüística para o galego actual

A proposta de normalización que de seguido presentamos procura ser eticamente responsábel e respectuosa coas ideas salientadas ao longo desta investigación. Antes de continuarmos, resulta necesario salientar que decidimos non entrarmos no nivel máis específico característico dos modelos de normalización ao entender que para desenvolver acaidamente este traballo concreto contamos xa a día de hoxe cun amplo número de técnic@s de normalización lingüística, sobradamente formados para levar á práctica os principios teóricos aquí presentados. No entanto, consideramos tamén que unha investigación como esta, que toma postura manifestamente en contra do proceso de morte de linguas, debería formular unha proposta de planificación lingüística propia, sinalando os eidos máis importantes en que forzosamente cómpre reparar para restituír a lingua minorizada en cuestión no espazo que lexitimamente lle corresponde; sen importar que tradicionalmente as investigacións deste tipo non tratasen aspectos prácticos, senón aqueles unicamente teóricos.

Desta maneira, a proposta concreta de planificación do galego que presentamos pretende enmarcarse nun proceso de equilibrio da linguo-diversidade en xeral. A análise aséptica e obxectiva da situación sociolingüística galega manifesta, como xa comprobamos previamente, que se sitúa na categoría de lingua minorizada no seu territorio histórico, ao levar séculos sobrevivindo nunha situación de desvantaxe no conflito lingüístico en que se atopa; entre tanto o español rematou por se converter na lingua de instalación de practicamente a metade da poboación galega, sobre todo nos contextos urbanos así como nas vilas. Alén disto, como xa comentabamos, os últimos informes sobre a frecuencia de uso das linguas do país manifestan que a competencia oral en galego diminúe nas persoas de menor idade, do mesmo xeito que a competencia escrita o fai nas persoas de maior idade, demostrando que a transmisión interxeracional non está garantida para o galego, así como a grande importancia que ten a escolarización na lingua propia como medida normalizadora, respectivamente.

Unha situación sociolingüística como esta pon de manifesto a necesidade de desenvolvermos unha proposta de planificación fundamentada en aspectos como os seguintes: a consolidación real do estándar, a extensión do emprego dunha lingua de calidade, o cambio da opinión social maioritaria con respecto da lingua propia, o emprego exclusivo en todo o sistema educativo galego, o desenvolvemento de todas as funcións lingüísticas na lingua propia, a

promoción da lingua en todos os contextos, a documentación da lingua, a promoción internacional ou a vindicación da tradición, entre outros moitos. Mais, o eixo central desta proposta de planificación ten que consistir sempre en acadar de xeito real e efectivo o uso do galego en toda a sociedade, sen que criterios como a idade ou o lugar de procedencia supoñan un empezo nin un incentivo para falarmos galego.

Sabemos que esta é unha proposta complexa que necesita dun grande esforzo colectivo por parte do conxunto de falantes así como económico por parte da administración galega para ser desenvolvida con éxito; mais este feito non nos move ao desánimo, senón que do mesmo xeito que acontecía co desenvolvemento da hipótese da linguo-diversidade, as dificultades ou pexas que o sistema capitalista puxo e pon para a conservación das linguas minorizadas nos seus territorios históricos, non serán óbice para que desde os sectores comprometidos coa linguo-diversidade continuemos propoñendo alternativas reais.

Por este motivo presentamos aquí esta proposta normalizadora co obxectivo de rexenerar unha lingua minorizada concreta e, a un mesmo tempo, contribuír á recuperación da diversidade lingüística, incidindo fundamentalmente en dúas cuestións básicas, dunha banda, reforzar o galego nos contextos e funcións lingüísticas onde manifesta estar a día de hoxe asentado e, doutra, promover medidas que recuperen os contextos de uso e funcións lingüísticas perdidas en beneficio do español, que maioritariamente coinciden en ser os eidos que gozan dun maior recoñecemento social.

3.2.1 Contexto de aplicación

Esta proposta planificadora está concibida para ser aplicada en todo o territorio galego, sendo conscientes de que a situación sociolingüística de que partimos resulta ser manifestamente contraria á que debese caracterizar unha lingua como a nosa que posúe unha lexislación presuntamente favorábel —estamos a pensar, fundamentalmente, no Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, non nas medidas desenvolvidas pola actual administración— e, ao non afectar só a un ou varios sectores da sociedade, debido á súa transversalidade, necesariamente a proposta de planificación ten que abranguer no seu conxunto para poder achegar unha solución efectiva a tal efecto. Tal e como tivemos ocasión de comprobar previamente ao respecto do informe publicado polo Instituto Galego

de Estatística en 2010³⁸, a realidade do galego actual defínese por unha forte recesión na porcentaxe de falantes que empregan o galego habitualmente, en beneficio, como vimos, da preeminencia do español que gaña posicións en todos os contextos, aumentando a súa frecuencia de uso en todas as franxas de idade; consecuencias directas, ambas as dúas, do proceso de substitución lingüística que desde hai longo tempo procura lexitimar o emprego da lingua foránea estigmatizando a propia no seu territorio histórico.

Con todo, alén desta situación gravosa que define o estado actual da lingua, cómpre sinalar que nesta proposta de planificación defendemos a mesma idea que sinalabamos previamente na consideración dos dereitos lingüísticos colectivos característica da hipótese da *linguo-diversidade*³⁹, isto é, a necesidade de implicarmos individualmente todas as persoas para, neste caso concreto, acadarmos a plena normalización da lingua galega. Consideramos fundamental desenvolvermos un modelo de normalización lingüística que acade a concienciación da sociedade, para o que é necesario mudarmos a imaxe do galgo e racharmos os prexuízos actuais, que resultan ser moito máis fortes que as máis das campañas levadas a cabo até agora⁴⁰.

Unha proposta planificadora tan ambiciosa como esta —por non se centrar nun eido concreto da sociedade ou nun problema específico da lingua, senón que conta cunha aplicación global—, ten que facer fincapé, cando menos, nos seguintes aspectos, que aparecen por orde descendente en función do grao de importancia que lle outorgamos a cada un deles na nosa proposta de planificación dunha lingua; sendo os dous primeiros os que consideramos máis importantes e ao mesmo tempo definitorios deste modelo de normalización. Porén cómpre non esquecer que non por iso un dos aspectos situados nos primeiros postos abonda por si propio para podermos considerar que unha lingua está normalizada, senón que resulta necesaria a presenza do conxunto para que así sexa. Os aspectos que consideramos, pois, necesarios para a plena normalización dunha lingua son os que seguen:

1. Tal e como xa vimos previamente neste mesmo capítulo, resulta completamente necesario contribuír á difusión do estándar actual do galego en toda a sociedade, de tal xeito que non se interprete como unha norma flutuante en continua evolución que non paga a pena

³⁸ *Vid.* o apartado 2.3.4.5.8, onde desenvolvemos de xeito máis completo os datos relativos a este informe.

³⁹ *Vid.* apartado 2.3.4.5 para retomar o trato da hipótese.

⁴⁰ *Vid.* apartado 2.3.5.1, onde ampliamos a importancia da imaxe das linguas e os prexuízos lingüísticos.

coñecer, por abondar con empregar a variante dialectal propia de cadaquén, facendo pagar ao galego o imposto de coloquialidade —como sinala G. Sanmartín Rei (2009a)— para se identificar o seu colectivo de falantes nel. Moi ao contrario, cómpre achegar o rexistro formal a todas as persoas, para que deste xeito deixe de relacionarse o seu uso unicamente cos contextos informais, facendo que todas as persoas se sintan seguras ao empregaren unha lingua de calidade.

2. En segundo lugar consideramos a importancia fundamental que ten o ensino como ferramenta normalizadora dunha lingua minorizada. Desde esta investigación apostamos por un sistema educativo que empregue a lingua propia no total das horas lectivas, agás obviamente nas L2. Da mesma maneira, resulta necesario incluír contidos (socio)lingüísticos nos currículos académicos, de tal xeito que o alumnado asuma desde o comezo da súa etapa educativa a existencia da linguo-diversidade así como a diminución que caracteriza na actualidade o número de linguas do planeta debido aos innúmeros procesos de substitución lingüística. Ao achegar á realidade das linguas do mundo á poboación por medio do sistema educativo contribuiríamos en gran medida á visibilización da situación de conflito lingüístico en que realmente sobreviven ás máis delas na actualidade, tal e como acontece co galego no seu propio territorio.

3. Resulta necesario galeguizar eidos fundamentais da sociedade que estiveron tradicionalmente —e están aínda hoxe— supeditados ao español, como é o caso do poder xudicial. Tanto a redacción da lexislación como o trato coa cidadanía ten que se realizar na lingua propia do país. O feito de que o sistema xudicial estea dominado aínda na actualidade polo español fai que se perpetúe na cidadanía a idea de prestixio co español, de tal xeito que alentará as persoas que se cambiaron ao español ao seguir empregando e motivará que as galegofalantes adopten na maior parte dos casos a lingua dominante na súa relación coa xustiza. Do mesmo xeito cómpre facer do galego a lingua vehicular na sanidade, por constituír outro contexto social prestixiado onde o dominio do español constitúe unha realidade innegábel. Ambos os dous eidos, alén de outros moitos, teñen que adoptar o uso galego, por ser esta a lingua propia do territorio e seren elas institucións fundamentais da administración ao servizo da cidadanía, e non á inversa.

4. Como medio de promoción da lingua propia no ámbito científico-técnico, difundiremos o galego na universidade por medio tanto da produción das obras científicas na nosa lingua como mediante a tradución a ela das obras fundamentais redactadas noutras linguas. Tal e como xa comentamos previamente nesta investigación, a publicación das achegas científicas na lingua propia resulta notabelmente beneficiosa, facendo ver que é tan válida para a ciencia como calquera outra, ao tempo que contribuímos a non encomiar unha lingua natural como LIA⁴¹. Entendida esta promoción das linguas propias como unha valiosa estratexia encamiñada á modernización das linguas minorizadas nos seus propios territorios, cómpre tamén desenvolver todos os casos de neoloxismos desde, neste caso concreto, o galego. Resulta necesario difundir o noso idioma en todos os eidos técnicos para normalizarmos a súa situación, de tal maneira que non teñamos que acudir a outras linguas para nomear a realidade. Deste xeito resulta grandemente positiva a elaboración de vocabularios específicos en eidos como a medicina, a química, a botánica ou a bioloxía, manifestamente dominados na actualidade polo uso do español; mais tamén na historia, o xornalismo, a filoloxía ou a lingüística, onde aínda queda moito traballo que facer para normalizarmos a situación da lingua propia.

5. Co obxectivo de documentarmos a lingua cómpre recollermos todas as súas características definatorias de tal xeito que non se perdan como resultado do vixente proceso de substitución lingüística. Desta maneira, poderán ser incluídas no estándar todas as formas léxicas ou construcións morfosintácticas particulares, entre outras, que a definen como lingua independente e única ao tempo que a diferencian das demais, manifestando unha cosmovisión propia.

6. Sendo a literatura un xeito acaído para, dunha banda, construírmos a identidade colectiva dun pobo e, doutra, contribuírmos á elaboración e transmisión dun modelo lingüístico de calidade, resulta necesario promocionarmos neste momento a literatura galega, así como a tradución das obras foráneas á lingua galega sen que sexa necesario acudirmos a unha lingua ponte para nos achegar a outras linguas e culturas, estimulando en todo momento o hábito da lectura na sociedade en xeral, o que ademais repercutirá positivamente na difusión do

⁴¹ *Vid.* apartado 2.3.4.2.5, onde desenvolvemos a idea da transcendencia de publicarmos en galego, non en inglés, nin español, a produción científica; así como a epígrafe 2.3.2, onde tratamos as consecuencias de empregarmos unha lingua natural como LIA.

estándar na sociedade. Do mesmo xeito que cómpre apoiarmos tamén tanto o teatro como as producións audiovisuais en galego, xa que alén de contribuírmos á promoción de parte da nosa cultura, ambos os dous sectores contribúen en gran medida á normalización da lingua por estaren en contacto directo coa poboación e teren a posibilidade de lle achegar a variante estándar. Alén disto, resulta necesario fomentarmos a elaboración de ensaios en lingua galega, pois a publicación de reflexións sobre temas diversos na lingua propia está considerada na actualidade como un indicador da normalización das linguas; pensar é tamén pensar en galego.

7. A imaxe actual do galego fica manipulada debido aos preconceitos que sobre el se difunden xeración tras xeración. Por este motivo cómpre rachar con eles e reforzar a súa imaxe como lingua respectuosa co pasado e a tradición, mais tamén ligada ao futuro e á modernidade. Desta maneira, a promoción do galego na rede contribuirá notabelmente a mudar a imaxe que na actualidade de el se ten, ao tempo que se producirá unha maior aproximación ás persoas de menor idade que, segundo os datos de que dispoñemos, son as que manifestan estar máis distanciadas del. Cómpre difundirmos o feito de ser o galego unha lingua útil e proveitosa para o seu conxunto de falantes, sen que sexa necesario para ninguén acudir a outra lingua para desenvolver a súa vida completamente. Da mesma maneira que resulta fundamental mudarmos a imaxe do galego entre as persoas da súa propia comunidade de falantes, tamén cómpre reforzarmos a idea que desde outras nacións teñen de nós. Por este motivo debemos aumentar o prestixio internacional do galego desenvolvendo medidas que contribúan a este feito, como por exemplo acadar o pleno uso nas institucións tanto do Estado español —Congreso e Senado, entre outras moitas— e da Unión Europea, como das institucións galegas, caso do Parlamento galego, onde paradoxalmente o español pese a ser unha lingua foránea se emprega con normalidade; ademais de promocionar os intercambios entre centros educativos de diferentes latitudes ou os lectorados de lingua e cultura galegas por toda a parte. Alén disto, o certo é que a necesaria renovación da imaxe do galego achegándoo á modernidade e o progreso non pode, moi ao contrario, esquecer a súa tradición secular, senón que resulta fundamental o recoñecemento da súa historia por medio das persoas que a desenvolveron defendendo un trato digno para a lingua propia.

8. Esta proposta de planificación lingüística é, como todas debesen ser, laica e aconfesional. Porén, sendo conscientes da gran pegada que a relixión ten na nosa sociedade, non podemos

esquecer o importante papel normalizador que posúe a difusión da lingua desde o púlpito así como o desenvolvemento en galego de toda a relación da poboación coa(s) relixión(s).

9. Non debe tampouco esquecerse a promoción do galego nas distintas alternativas de lecer, como o cine, a música ou o teatro, a animación, as actividades de tempo libre e o deporte — na liña de actividades propostas pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, CTNL— mais tamén as festas populares tradicionais, así como os xogos, quer de mesa, quer electrónicos. Construírmos o tempo de lecer en galego contribuirá á difusión da idea de que non precisamos acudir a outras linguas para desenvolver as nosas vidas cotiás completamente, do mesmo xeito que fará contemplar o galego como unha lingua con que gozar do tempo de lecer, ao estar ligada ás alternativas de ocio e non só a outros contextos máis institucionalizados: como o ensino ou a administración.

3.2.2 Persoas a quen se destina

Esta proposta normalizadora está dirixida a toda a sociedade galega, sen importar factores como a idade nin a profesión ou o estrato social. Entendemos este modelo de xeito global, isto é, que abrangue toda a sociedade, porque a lingua non é propiedade exclusiva do sistema educativo, aínda que a maior parte das medidas normalizadoras desenvolvidas até o momento se circunscriban tradicionalmente a este ámbito, senón tamén ás persoas visitantes ou ás emigrantes, de quen podemos aprender as súas linguas, entre outras.

3.2.3 Recursos

Por moito que concibamos esta proposta como unha obra colectiva en que o conxunto de falantes ten un papel decisivo, resultaría moi proveitoso contar co apoio das institucións con competencias normalizadoras para que este proxecto sexa realmente efectivo. Desta maneira cómpre implicarmos a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Sistema Universitario Galego e os respectivos Servizos de Normalización Lingüística, así como as áreas de normalización que teñen un papel fundamental neste proceso por operar tamén a nivel local, isto é, por ser as máis próximas á realidade e ás necesidades específicas de cada contexto concreto.

Con todo, vivimos tempos difíciles, en que acadar o apoio por parte da administración para dignificar a lingua propia semella case imposíbel; mais isto non quere dicir que non poidamos desenvolver esta proposta normalizadora, xa que, como comentabamos, a forza deste proxecto radica na implicación do conxunto de falantes, isto é, propoñemos un modelo de planificación non baseado na direccionalidade tradicional —arriba (administración) - abaixo (falantes)—, senón que servíndonos da poboación consciente da realidade sociolingüística en que vivimos, esta actúa como auténtica forza normalizadora na dirección contraria —abaixo (falantes) - arriba (administración).

Os recursos desta proposta están directamente relacionados coa participación ou non da administración neste proxecto. Mais, de contarmos cunha partida orzamentaria, resulta necesario empregármola de xeito acaído, isto é, sen malgastarmos os cartos en cuestións superfluas como artigos promocionais sen sentido ningún e propostas carentes de significado que o único que pretendían era agasallarnos produtos que non contribuían en absoluto a modificar a realidade da lingua minorizada —como, por exemplo, os moitos deseñados ao abeiro da campaña *E logo!*. Pola contra, a organización de xornadas cuxo propósito sexa reflexionar sobre a lingua, o desenvolvemento de programas de inmersión lingüística en todos os niveis do sistema educativo ou campañas que liguen o uso da lingua propia tamén coa modernidade, a ciencia e a tecnoloxía, si constitúen medidas positivas que xustifican sobradamente o investimento de fondos públicos.

3.2.4 Obxectivos

3.2.4.1 Obxectivos xerais

- a. Visibilizar o contexto de substitución lingüística que determina o estado actual do galego como lingua minorizada no seu propio territorio despertando, do mesmo xeito, o sentido crítico no conxunto de falantes.

- b. Normalizar o uso do galego tanto oral como escrito en toda a sociedade galega, isto é, tanto nas persoas que a teñen xa como lingua habitual como naquelas asentadas no uso da lingua foránea; contribuindo a estender o feito de o galego ser non só a lingua propia de quen o empregar, senón tamén das persoas que ignorando o proceso de substitución lingüística existente adoptaron o uso español como lingua propia. Ao tempo que resulta

oportuno incidir en ser o emprego do galego necesario en si propio, alén de útil para a sociedade galega en xeral.

c. Cómpre promocionar o uso do galego procurando a eliminación de prexuízos que o relacionan unicamente con persoas dunha idade determinada, cunha ideoloxía concreta, nuns contextos de uso específicos ou nunhas profesións marcadas, entre outros moitos estereotipos falaces. O galego é, como todas as linguas, a lingua propia da súa sociedade, sen importar condicionante ningunha nin as funcións lingüísticas implicadas.

3.2.4.2 Obxectivos específicos

a. Aumentarmos a presenza da lingua en todos os sectores e profesións, demostrándonos que a lingua galega tamén é válida en calquera uso urbano, no ámbito da xustiza ou no da saúde; sen esquecer a importancia de implicarmos o conxunto de falantes, por ser quen determina, en última instancia, a presenza ou ausencia da lingua en cada contexto, tal e como F. Suay & G. Sanginés (2011: 28-29) salientan.

b. Incrementarmos a frecuencia de uso do galego sobre todo naqueles contextos máis asimilados ao español, como pode ser o caso da Coruña ou de Ferrol e a súa bisbarra.

c. Prestixiarmos o uso do galego naqueles sectores que timidamente comezan a apostar por el, caso das empresas que deciden o empregar tanto na súa relación coa administración como coa clientela, incidindo na necesidade de retomarmos medidas como as desenvolvidas pola anterior Dirección Xeral de Comercio, que subvencionaba aquelas iniciativas empresariais que usasen o galego na rotulación e demais información relativa á empresa⁴².

d. Relacionarmos a lingua coa tradición mais tamén co progreso e a modernidade; incentivando en contra do que acontece hoxe en día, a produción científica en galego, fomentando o acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación na nosa lingua, construíndo unha nova imaxe do galego que pase a ser interpretado tamén como unha vía cara ao futuro, incrementando as alternativas de ocio na lingua propia, sen ter que acudir ao español para recibirmos a literatura foránea, o cine ou calquera outra cuestión, de tal xeito

⁴² *Vid.* apartado 2.2.1.9.

que poda relacionarse co progreso, a moda ou as formas da cultura actuais, entre outras, do mesmo xeito que coa tradición e o folclore. Facendo da Compañía de Radio Televisión Galega un medio para todas as persoas, acomodado aos gustos de toda a sociedade, cunha programación aberta a todos os contidos, que non limite a imaxe da lingua, senón que a libere acollendo a diferenza.

3.2.5 Cronoloxía

Canto á cronoloxía, esta proposta planificadora non conta cunha duración determinada, senón que ten que se desenvolver ao longo do tempo, mais cómpre comezar de xeito inmediato. Co paso da ditadura militar á monarquía parlamentaria, o Estado español impuxo unha serie de restricións nos procesos de redignificación das linguas distintas do español, como por exemplo o principio de progresividade na normalización das linguas minorizadas, que se promocionaba como unha medida destinada a favorecer a re-integración das persoas nas linguas propias dos territorios onde moraban mais de xeito non abrupto. Con todo, logo de corenta anos de implantación deste tipo de medidas, fica claro que a súa utilidade é reducida ou, mellor dito, nula. Por este motivo, nesta proposta de planificación rachamos con calquera tipo de limitación na implantación, neste caso, do galego en Galiza, de tal maneira que as medidas propostas teñen que ser aplicadas de xeito completo e inmediato, sen podermos agardar por un futuro máis acaído, nin empregarmos alternativas como o principio de progresividade que anulen as posibilidades de actuación das propostas normalizadoras.

De xeito concreto, podemos explicar que medidas como a inmersión lingüística no ensino teñen que desenvolverse de xeito inmediato até que a sociedade galega se atope nun verdadeiro estado de monolingüismo social na lingua propia. Desta maneira, esta medida concreta tería unha aplicación coincidente co curso académico, debendo ter continuidade en cursos sucesivos, en tanto que non pode responder a unha actuación illada, como pode ser o caso doutro tipo de actividades normalizadoras.

3.2.6 Axentes normalizadores

Os axentes responsábeis do desenvolvemento desta proposta planificadora serían, entre outros, segundo os distintos sectores implicados en cada parte do proceso, os seguintes: o corpo de docentes de todos os niveis, desde o infantil até o universitario; tamén o funcionariado do poder xudicial; o conxunto de persoas que traballan no Servizo Galego de Saúde, desde as persoas encargadas das citas tanto telefónica como persoalmente até as especialistas médicas; o colectivo de persoas que traballan na normalización lingüística, tanto na administración ou no ensino como na empresa privada; mais sobre todo as persoas que constitúen a sociedade galega, que son quen verdadeiramente determinan o futuro da lingua con independencia das propostas normalizadoras deseñadas.

3.2.7 Avaliación

Alén disto, do mesmo xeito que acontece con calquera outra proposta de planificación lingüística, resulta completamente necesaria unha avaliación constante dela propia, de tal xeito que poidamos comprobar se se van cumprindo os obxectivos ou non. Cómpre facer un seguimento eficaz en todos os eidos de actuación alén da avaliación máis rigorosa efectuada ao remate de cada actividade concreta.

3.2.8 Proposta dobremente ecolóxica

Tendo sempre presente que esta proposta normalizadora se sustenta nos principios da ecolingüística, o proceder ecolóxico non pode resultar alleo a ela. Deste xeito propoñemos *reciclar* todos os traballos e iniciativas desenvolvidos até o momento e que verdadeiramente resultaron efectivos. Sen esquecer a importancia de actuacións que vaian do particular ao xeral, baseamos esta proposta de planificación nas actuacións a nivel local que repercuten notabelmente a nivel global.

3.3 Conclusión

Logo de elaborarmos un panorama teórico sobre o proceso da morte das linguas ao longo dos dous primeiros capítulos, neste terceiro e último propoñemos unha aplicación práctica dos argumentos suxeridos previamente. Desta maneira, presentamos unha proposta de planificación lingüística para unha lingua minorizada, como é o galego. Mais unha proposta fundamentada, ademais de nos principios éticos desenvolvidos previamente, en dous eixos fundamentais: a consolidación dun estándar academicamente consensuado, e a difusión social dun modelo de lingua de calidade.

En efecto, nesta investigación acreditamos na necesidade basearmos a proposta normalizadora, de calquera lingua minorizada no seu territorio, nestes dous aspectos. A elaboración dun estándar resulta imprescindible para a recuperación de linguas que, como o galego, se afanan por abandonaren a estado de oprimidas nos seus respectivos procesos de substitución lingüística. Para que o proceso de normalización sexa realmente efectivo, a elaboración do estándar debe de contar co consenso dos axentes implicados na súa construción. Cómpre contarmos cun modelo de lingua que sexa representativo de todas as variedades e, ao mesmo tempo, acolla todas as polas da academia implicadas na lexitimación da lingua. De non ser así, o estándar resultará un fracaso, por non ser sentido como propio.

Doutra banda, como dicíamos, resulta necesario difundirmos na sociedade un modelo de lingua de calidade. Entendemos que de nada serve contar cun estándar cando unha gran porcentaxe da poboación pofía en empregar unha variedade descoidada, inzada de castelanismos e carente de rexistros. Deste xeito, apostamos por trasladar ao conxunto de falantes unha actitude comprometida con respecto da súa lingua, entendendo que promocionarmos socialmente unha lingua de calidade, implica outorgarlle futuro ás linguas minorizadas, en xeral, e ao galego, no caso que nos ocupa.

Os plans de normalización lingüística deseñados para as linguas minorizadas nos seus respectivos territorios, veñen rachar coa idea de as linguas seren instrumentos comunicativos cunha vida útil determinada. O sistema capitalista basea o seu desenvolvemento no cosumo dos produtos que el propio crea, de tal xeito que, para poder aumentar a produción, limita a vida útil dos seus produtos, sabotándoos, facendo que sexa necesario adquirir outros novos nun período de tempo a cada vez menor. Esta estratexia, denominada obsolescencia programada, carece de sentido no eido

das linguas, en tanto que estas non son, nin poden ser, mercadorías. Idea con que, como dixemos, loitan as propostas de normalización, demostrando que as linguas non se rexen polos criterios do mercado e que, por tanto, non son produtos que sexa necesario desbotar e mudar por outros novos, cada certo tempo, máis axeitados ás necesidades que imprime o progreso.

Recapitulación

Neste momento comeza a última etapa da nosa ruta. Cómpre collermos folgos, porque o camiño foi longo e moitas veces adverso, mais esta última etapa, por ser a última, non é menos dura nin tampouco menos importante. En distintas ocasións avanzamos da man de falsas axudas e, noutras, collemos atallos que logo nos obrigaron a desandar o camiño. Mais, non estamos a falar de nada que non aconteza decote, mesmo nas rutas que soemos realizar a miúdo. Isto é, as pexas do camiño non desaparecen por seren estas coñecidas. Porén, a experiencia adquirida axuda a consideralas desde unha perspectiva diferente, ao tempo que achega solucións alternativas que previamente podíamos considerar non relevantes.

Por este motivo revisitamos agora os asuntos, baixo o noso punto de vista, máis salientábeis desta tese doutoral, cunha óptica diferente, máis madura e reflexiva; cunha visión anovada que vén determinada polo feito de nos achegar a eles no final do camiño. Como é obvio, todo traballo de investigación require unha evolución, e toda evolución implica cambio, alén de posíbeis variacións nos puntos de vista ou, cando menos, fai posíbel a consideración de matices.

Este traballo conclusivo ten ademais o obxectivo de harmonizar a investigación, achegándolle o necesario equilibrio entre as partes que a constitúen, ao tempo que o dota dunha estrutura circular, mais sen o obxectivo de nos levar exactamente ao punto onde partimos, senón que pretende dalgún xeito ampliar o foco de quen participe da súa lectura. Nesta última treito, en que o destino comeza a facerse visíbel, cómpre sermos prudentes e non cedermos ás ansias por chegar, co gallo de non o desandarmos. Por este motivo, de seguido sinalamos algúns dos aspectos máis destacábeis, para os reforzarmos antes de alcanzarmos a meta.

Unha das cuestións fundamentais, tratadas no comezo deste traballo, refírese á necesaria distinción entre *doxa* e *episteme* ou, se se preferir, entre opinión e coñecemento. Decidimos tratar este tema, pese a estar en certa medida distante dos obxectivos principais da nosa tese de doutoramento, debido ao estado de falta de compromiso que define gran parte do eido científico na actualidade. En contra dunha estendida tendencia na ciencia, en xeral, e na lingüística actual, en particular, caracterizada pola erudición ou a acumulación de coñecemento preexistente, desde este traballo avogamos por un modelo científico clásico baseado na formulación de coñecemento novo e non trivial. Isto é, procuramos en todo momento retomar o verdadeiro camiño da ciencia, tentando

aportar novas respostas a cuestións reais e concretas da sociedade. De tal xeito que, neste traballo, procuramos achegar algún matiz ou algún novo argumento, que poida ser tido en conta para afrontar a resolución do conflito lingüístico galego e máis a crise da linguo-diversidade, a nivel planetario; que son, alén disto, a razón de ser desta tese doutoral.

Doutra banda, en diversas ocasións sinalamos que a desaparición das linguas naturais responde a cuestións de distinta natureza, sendo só representativas do fenómeno analizado neste traballo, aquelas cuxo modelo de desaparición se inclúe dentro dos parámetros dos procesos de substitución lingüística. Baixo o noso punto de vista, a morte de linguas supón unha realidade que non pode ser negada, como até o de agora sucedía en moitas ocasións, nin a lingüística teórica pode seguir actuando como coartada do sistema económico imperante, subxugada aos intereses do mercado.

Ao chegarmos a este punto, estamos en disposición de afirmar que a desaparición das máis das linguas do mundo responde a cuestións de poder; de tal xeito que o estancamento da diminución da diversidade lingüística constitúe en si propio unha cuestión política, que desautoriza o emprego de falsos prexuízos lingüísticos para elixirmos as linguas que falar e, sobre todo, desleixarmos outras por as considerarmos non válidas para o desenvolvemento de todas as funcións lingüísticas.

Outro aspecto de radical importancia que consideramos oportuno tratar nesta investigación, é a hipótese de relatividade lingüística. Unha hipótese que resultou tan revolucionaria na lingüística que non chegou a acadar o status de teoría —que é o que verdadeiramente lle corresponde—, debido ao gran cambio de perspectiva que implica. Entendemos que nunha tese doutoral como esta non pode faltar a vinculación cunha hipótese que interprete de xeito tan revolucionario a relación existente entre a linguaxe e a realidade. É posíbel que a hipótese non fose ben acollida na lingüística teórica por coincidir cunha época en que a disciplina estaba completamente supeditada á tradición filolóxica, centrada na elaboración de estudos gramáticos nomeadamente das linguas da familia indoeuropea.

Esta complexa relación entre a linguaxe e a realidade determina unha interpretación das linguas moito máis ampla que a que tradicionalmente se transmite á sociedade, xa que resulta evidente que segundo este tipo de interpretacións —que nós subscribimos—, as linguas sobordan notabelmente a condición de simples instrumentos comunicativos. De tal xeito que, como xa vimos,

alén de serviren para o intercambio de comunicación entres as persoas, constrúen a realidade e transmiten, por tanto, unha cosmovisión única.

Da mesma maneira, as palabras ou termos que empregamos para estruturarmos a nosa propia visión da realidade tamén transmiten unha determinada interpretación do mundo, que realizamos, non a nivel colectivo, senón individual. Con isto queremos dicir que, por exemplo, a terminoloxía empregada no eido da morte de linguas determina a nosa postura perante esa cuestión. Así, de concordarmos coa interpretación característica desta tese doutoral, teríamos que empregar unha terminoloxía que faga visíbel o noso compromiso coas linguas do mundo; rexeitando en todo momento o uso de denominacións que contribúan a ocultar a responsabilidade dos axentes implicados nos milleiros de procesos de substitución lingüística vixentes na actualidade.

Un dos aspectos nucleares desta tese de doutoramento é a fusión que a maior parte das veces facemos entre a ciencia da linguaxe e a ética. O noso modo de facer lingüística, determinado pola escola ou tradición en que se inclúe, caracterízase pola necesidade de elaborarmos coñecemento novo que estea realmente comprometido coa realidade en que se asenta, así como destinado a solventar algún problema da sociedade. De aí a necesidade de considerarmos sempre a ética en todas as achegas desta póla da lingüística encabezada pola Dra. Teresa Moure Pereiro.

Este férreo vínculo entre ciencia e ética determina a interpretación do concepto de dereitos lingüísticos que fundamenta a nosa hipótese principal. De tal xeito que se certamente avogamos pola interpretación colectiva destes, resulta tamén imprescindíbel sinalar a fundamental implicación de toda a sociedade, a nivel estritamente individual, para afrontar os de maneira definitiva a morte das linguas nos seus respectivos territorios históricos, como consecuencia da imposición dunha lingua foránea nun proceso de substitución lingüística. Desde este traballo acreditamos en que a interpretación dos dereitos lingüísticos máis acaída para unha lingua discriminada nun contexto de conflito lingüístico, é a colectiva; mais sen esquecer a necesidade de implicarmos individualmente toda a comunidade para fomentar o compromiso de cada persoa no proceso, que resulta fundamental para acadarmos a relexitimación da lingua minorizada no seu país. Por este mesmo motivo propuxemos unha ética da linguaxe e das linguas, tal e como de seguido lembramos.

A linguaxe, como facultade humana básica, e as linguas, como plasmación dela, supoñen cuestións fundamentais que determinan as nosas vidas, polo que cómpre garantir o respecto destas

últimas en calquera situación. Por este motivo, consideramos necesario elaborarmos unha serie de principios éticos, de aplicación universal, co obxectivo de defendermos a dignidade de todas as linguas. Como dicíamos, a listaxe que propoñemos non está pechada, senón que é receptiva a novos principios que se axusten aos seus criterios básicos, como garantir a igualdade de todas as linguas en calquera circunstancia, ou impedindo que calquera delas sexa discriminada no seu territorio histórico.

Na actualidade fálase, erroneamente, da ética do mercado que rexe todas as esferas da realidade. Porén, tal e como xa comprobamos, o poder carece de toda ética e responde unicamente á satisfacción dos intereses dos colectivos dominantes. Por este motivo propoñemos a escisión con respecto dos criterios impostos polas leis do sistema capitalista, para construírmos unha sociedade fundamentada en principios éticos, sen esquecer o eido das linguas e a conservación da linguo-diversidade, que ficou tradicionalmente dominada polos intereses dos grupos de poder.

Outra cuestión fundamental que desenvolvemos nesta tese doutoral, refírese á ampla concepción que temos da aplicación dos dereitos lingüísticos, en si propia. Isto é, nun contexto de substitución lingüística, como o que define o galego na actualidade, non abonda, para saírmos del, con reclamar o dereito de vivirmos en galego para as persoas que xa o empregan na actualidade; pola contra, resulta fundamental defender o dereito a falar galego tamén para aqueloutras que empregan o español, ao ignoraren a lingua que o poder lles usurpou. Alén de que, dando un paso máis, no conflito lingüístico en que vivimos, falar galego non constitúe tanto un dereito, como un deber para o conxunto das persoas falantes, ou non, de galego, como xa vimos. Por ser esta a única propia de Galiza.

Este argumento, tomado de T. Moure (2011), resulta completamente revolucionario. Ao mesmo tempo, fundaméntase, máis unha vez, en principios éticos, ao se preocupar non só de nós propi@s, senón, tamén, da sociedade no seu conxunto, incluídas as persoas que abandonaron o uso da lingua propia en beneficio da foránea. Dicimos que constitúe unha interpretación revolucionaria porque vivimos nunha sociedade preocupada pola liberdade individual, interpretada unicamente baixo o prisma do liberalismo decimonónico; mais, ao estarmos convencid@s da lingua que o poder nos usurpou, temos a obriga de reclamarmos o dereito a vivirmos en galego non só para nós, que tamén, senón para todas as persoas que vivindo en Galiza empregan a lingua dominante no conflito lingüístico.

Por este motivo, do mesmo xeito que a antropóloga que chegou á comunidade onde estaba a piques de se producir un sacrificio humano para tentar calmar a erupción dun volcán, nós, hoxe, conscientes da lingua que nos furtaron, temos a obriga de procurarmos o ben común. O que neste caso pasa pola recuperación da lingua propia a nivel social, e non só para as persoas que xa o falan na actualidade. Porque a morte de persoas para aplacar a ira dun volcán, alén de inútil, resulta eticamente inaceptábel; aínda que estas asuman o sacrificio como unha sorte de recoñecemento social e divino.

Por último, non podemos deixar de sinalar a importancia de desenvolvermos unha proposta de planificación lingüística acorde cos argumentos esgrimidos nesta tese doutoral, para relexitimarmos cada unha das linguas minorizadas nos seus territorios, como o é o galego en Galiza. Deste xeito, as propostas normalizadoras deberán artellarse, asumindo en todo momento os principios éticos sinalados, de acordo con dúas premisas fundamentais: a consolidación dun modelo culto da lingua e a difusión dun uso social de calidade dela, tanto oral como escrito.

Deste modo, unha vez que chegamos a este punto, queremos propoñer unha última reflexión antes de concluír este camiño colectivo. Pode semellar que logo de tanto avanzar, non damos alcanzado o final, mais o certo é que esta andaina aínda non chegou ao seu destino, pois o camiño non remata até que chegue o día en que poidamos dicir, a nivel local, que o galego é unha lingua plenamente normalizada, e que, a nivel planetario, a conservación da linguo-diversidade está garantida. Por este motivo, como dicíamos, pretendemos convidar a todas as persoas a unha reflexión final, a modo de peche desta investigación, pois de seguro tiraremos proveito dela:

Conta unha antiga lenda que, hai moito tempo, había un rei que oíu falar no seu país da existencia dun sabio verdadeiro. Tan sabio era, segundo dicían, que falaba todas as linguas do mundo. Sabía escoitar os paxaros e entendíaos como se fose un deles. Sabía ler a forma das nubes e comprender de inmediato o seu significado. Calquera lingua que oíse, el respondía nela sen vacilar. Mesmo lía o pensamento dos homes e das mulleres, viñesen de onde for. O rei, impresionado por tantos méritos que se lle atribuían, chamou aquel home sabio ao seu pazo. E o sabio acudiu. Cando o tivo diante, o rei apresurouse a preguntar:

- É certo, bo home, que coñecedes todas as linguas do mundo?

- Si, Maxestade —respondeu.
 - É certo que escoitades os paxaros e comprendedes o seu canto?
 - Si, Maxestade.
 - E, tal como me dixeron, é certo que ledes o pensamento das persoas?
 - Si, Maxestade.
- O rei teña unha última pregunta...

E nós, que pregunta lle fariamos a aquela persoa sabia entre as sabias? Do mesmo xeito que o rei da lenda, podemos propor unha última pregunta a aquel sabio que coñecía todos as linguas do mundo.

O rei desafiouno coa mirada, como se quixera poñelo a proba, e lanzoulle a derradeira pregunta:

- Home sabio, nas mans, que están agochadas ás miñas costas, teño un paxaro. Respondédeme, está vivo ou morto?

A resposta do sabio diríxese non só ao rei, senón a todas as persoas do mundo. No noso caso, a todas as que teñan calquera responsabilidade na promoción das linguas minorizadas nos seus territorios, desde a militante até a escritora, desde a mestra até a encargada da lexislación, mais tamén a todas aquelas persoas que deciden o futuro da lingua mediante un emprego comprometido dela.

Porén, aquel sabio, de xeito inesperado, tivo medo. El sabía que fose cal fose a súa resposta, o rei podería matar o paxaro. Deste xeito, mirou o rei, e estivo longo tempo en silencio. Finalmente, respondeu con voz moi serena:

- A resposta, Maxestade, está nas vosas mans.

En efecto, a resposta está nas nosas mans.

Referencias bibliográficas

- Aikhenvald, A. Y. & R. M. W. Dixon, eds. (2003): *Studies in evidentiality*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins Publishing Company.
- Alegret Burgués, M. E., dir. (2006): *La discriminación positiva*, Madrid, Consejo General del Poder Judicial, Centro de documentación judicial.
- Alonso Montero, X. (1969): *O que cómpre saber da lingua galega*, Buenos Aires, Alborada.
- _____ (1973): *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*, Madrid, Akal.
- _____ (1991): *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Vigo, Edicións do Cumio.
- Amin, Samir (1978² [1974]): *Elogio del socialismo. El capitalismo: una crisis estructural. Feminismo y lucha de clases*, Barcelona, Anagrama, col. Cuadernos Anagrama.
- Anderson, B. (1983): *Imagined communities. Reflections on the origin and spread of nationalism*, London / New York, Verso. Trad. ao esp. de E. L. Suárez, *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*, México, D. F., Fondo de cultura económica, 2006³ [1993].
- Ansuátegui Roig, F. J. (2001): “Introducción. Reflexiones sobre un problema moral y jurídico: los derechos colectivos”, en F. J. Ansuátegui Roig, ed., 7-15.
- Ansuátegui Roig, F. J., ed. (2001): *Una discusión sobre derechos colectivos*, Instituto de Derechos Humanos “Bartolomé de las Casas” Universidad Carlos III de Madrid, Dykinson.
- Aracil, Ll. V.; M^a P. García Negro; F. Rodríguez Sánchez; P. Vázquez Cuesta & R. Carballo Calero (1980): *Problemática das linguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas / Asociación Sociopedagóxica Galega*, Santiago de Compostela, Xistral.
- Armas García, C. M. (2009): “A lingua no ensino: historia dunha imposición”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 159-183.
- Asher, R. E. & J. M. Y. Simpson, eds. (1994): *The encyclopedia of language and linguistics*, Oxford, Pergamon Press, 10 vols.
- Auroux, S. (1996): *La philosophie du langage*, Paris, Presses Universitaires de France.

- Axelrod, R. (1984): *The evolution of cooperation*, USA, Basic Books, Inc., Publishers. Trad. ao esp. de L. Bou, *La evolución de la cooperación. El dilema del prisionero y la teoría de juegos*, Madrid, Alianza, 1986.
- Bagno, M. (2006⁵ [2003]): *A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira*, São Paulo, Parábola.
- Bakunin, M. 1965: *La Liberté*, Utrecht, J. - J. Pauvert éditeur. Trad. ao esp. de H. Acevedo, *La libertad*, Buenos Aires, Proyección, 1975².
- Bastardas i Boada, A. (1996): “Política y planificación lingüísticas”, en C. Martín Vide, ed.(1996), 341-360.
- _____ (2000² [1996]): *Ecología de les llengües. Medi, contacte, i dinàmica sociolingüística*, Barcelona, Proa, col. La Mirada Social.
- Bastardas i Boada, A. & E. Boix, dirs. (1994): *¿Un estado una lengua? La organización política de la diversidad lingüística*, Barcelona, Octaedro.
- Bastardas i Boada, A. & E. Boix (1994): “Introducción”, en Bastardas i Boada, A. & E. Boix, dirs. (1994), 9-24.
- Bastida Freixedo, X. (2001): “Federalismo e construción nacional. Castelao e a teoría trascendental da nación”, en *Castelao. Co pensamento en Galiza. Actas do congreso*, Pontevedra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 81-114.
- Beiras Torrado, X. M. (1985): *Constitución española e nacionalismo galego: unha visión socialista*, A Coruña, Asociación Cultural Alexandre Bóveda.
- _____ (1998): “La cuestión nacional gallega”, en I. Urkullu; T. Montero; I. Goikoetxea & K. Garmendia, coods., *Nacionalismo vasco. Un proyecto de futuro con 100 años de historia. Vol. VIII: Una mirada en el espejo de otros nacionalismos*, Bilbao, Fundación Sabino Arana, 1998, 31-40.
- _____ (2001² [1996]): *Estado da nación*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- _____ (2003): “Dimensiones del Estado «nacional» y la redefinición de la ciudadanía”, en F. Quesada, ed., *Plurinacionalismo y ciudadanía*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2003, 49-69.
- Bembo, L.; X. Fortes; M. Gondar & C. Portela (1990): “Autodeterminación: a nova revolución política, necesaria e posíbel”, en *A Trabe de ouro*, ano 1, t. 2, 155-166.
- Beramendi, J. G., ed. (1991): *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Sada, Edicións do Castro.

- Beramendi, J. G. & X. M. Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.
- Billig, M. (1991): *Ideology and opinions. Studies in rhetorical psychology*, London / Newbury Park / New Delhi, Sage Publications.
- Blanchard, F. A. & F. J. Crosby, eds. (1989): *Affirmative action in perspective*, New York / Berlin / Heidelberg / London / Paris / Tokyo, Springer-Verlag.
- Blanco, C. (1995): *Mulleres e independencia*, Sada, Edicións do Castro.
- Blanco Echauri, X.; M. P. García Negro & G. Sanmartín Rei, eds. (2006): *Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte*, vol. 1, Servizos de Publicacións Deputación Provincial de Lugo.
- Bourdieu, P. & J. C. Passeron (1970): *La reproduction. Éléments pour une théorie du système d'enseignement*, Paris, Minuit. Trad. ao esp. revisada por J. Melendres & M. Subirats, *La reproducción: elementos para una teoría del sistema de enseñanza*, Barcelona, Laia, 1977.
- Bourdieu, P., dir. (1993): *La misère du monde*, Paris, Editions du Seuil. Trad. ao esp. de H. Pons, *La miseria del mundo*, Madrid, Akal, 1999.
- Brandt, R. B. (1959): *Ethical Theory. The problems of Normative and Critical Ethics*, Englewood Cliffs, New Jersey, Prentice-Hall, Inc. Trad. ao esp. de E. Guisán, *Teoría ética*, Madrid, Alianza, 1994² [1982].
- Brenzinger, M., ed. (1992): *Language death. Factual and theoretical explorations with special reference to East Africa*, Berlin / New York, Mouton de Gruyter.
- _____, ed. (2007): *Language diversity endangered*, Berlin / New York, Mouton de Gruyter.
- Bright, W., ed. (1966): *Sociolinguistics. Proceedings of the UCLA Sociolinguistics Conference, 1964*, The Hague, Mouton & Co., Publishers.
- Butler, J. (1990): *Gender trouble. Feminism and the subversion of identity*, New York, Routledge. Trad. ao esp. de M. Mansour & L. Manríquez, *El género en disputa. El feminismo y la subversión de la identidad*, Universidad Nacional Autónoma de México, Programa Universitario de Estudios de Género / Paidós Mexicana, 2001.
- Bunge, M. (1968 [1959]): *La ciencia. Su método y su filosofía*, Buenos Aires, Ediciones Siglo Veinte.
- _____(1972² [1960]): *Ética y ciencia*, Buenos Aires, Ediciones Siglo Veinte.
- _____(1973): *Method, model and matter*, Dordrecht / Boston, D. Reidel Publishing Company.

- _____ (1983): *Lingüística y filosofía*, Barcelona, Ariel.
- _____ (1999): *Social Science under Debate*, University of Toronto Press. Trad. ao esp. de H. Pons, *Las ciencias sociales en discusión: una perspectiva filosófica*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1999.
- Callón, C. (2010): *En castellano no hay problema*, Vigo, Xerais.
- _____ (2011): *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos*, Vigo, Xerais.
- Calvet, L. J. (1974): *Linguistique et colonialisme: petit traité de glottophagie*, Paris, Payot. Trad. ao gal. de X. Fuentes Castro, *Lingüística e colonialismo: pequeno tratado de glotofaxia*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1993.
- _____ (1987): *La guerre des langues et les politiques linguistiques*, Paris, Payot. Trad. ao gal. de X. M. Garrido Vilariño, *A guerra das linguas e a política lingüística*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1995.
- Calvet, L.-J. & L. Varela (2000): “XXI^e siècle: le crépuscle des langues? Critique du discours Politico-Linguistiquement Correct”, en *Estudios de sociolingüística*, vol. 1/2, 47-64.
- Cameron, D. (1995): *Verbal hygiene*, London/New York, Routledge.
- Campbell, G. L. (1991): *Compendium of the world's languages*, London, Routledge, 1991, 2 vols.
- _____ (1994): “Language death”, en Asher, R. E. & J. M. Y. Simpson, eds.: *The encyclopedia of language and linguistics*, Oxford, Pergamon Press, vol. IV, 1960-1968.
- Cañas, L. (2008): *El falso dilema del prisionero. Una visión más amplia de la decisiones racionales*, Madrid, Alianza.
- Carvalho Calero, R. (1979): “Sobre a nosa lingua”, en *Grial*, nº 64, 140-152.
- _____ (1981): *Problemas da lingua galega*, Lisboa, Sá da Costa Editora, col. Noroeste.
- _____ (1985): “O problema ortográfico”, en *Agália*, nº 2, 127-134.
- _____ (1990): *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Castells, M. (1997): *The information age. Economy, society and culture. Volume II: The power of identity*, Cambridge, Blackwell Publishers Inc. Trad. ao esp. de C. Martínez Gimeno, *La era de la información. Economía, sociedad y cultura. Vol. 2: El poder de la identidad*, Madrid, Alianza, 1999².
- Cavanagh, M. (2002): *Against equality of opportunity*, Oxford University Press.

- Cervera i Iglesias, A. (2007): *Outro mundo é posíbel: o reino da necesidade de Vandana Shiva*, A Coruña, Baía Edicións.
- Christian, D. (1988): “Languages planning: the view from Linguistics”, en F. Newmeyer, ed., *Linguistics: The Cambridge Survey, vol. IV: Language: The Socio-cultural context*, Cambridge Univ. Press, 193-209. Trad. ao esp. de M. L. Martín Rojo, *Panorama de la Lingüística moderna de la Universidad de Cambridge, vol. IV: El lenguaje: Contexto socio-cultural*, Madrid, Visor, 1992, 233-252.
- Chomsky, N. (2010): *Estados fallidos. El abuso de poder y el ataque a la democracia*, Barcelona, Público.
- Clayton, S. D. & S. S. Tangri (1989): “The justice of affirmative action”, en F. A. Blanchard & F. J. Crosby, eds. (1989), 177-192.
- Clifford, J. (1988): *The predicament of culture*, Cambridge (Massachusetts), Harvard University Press. Trad. ao esp. de C. Reynoso, *Dilemas de la cultura. Antropología, literatura y arte en la perspectiva posmoderna*, Barcelona, Gedisa, 1995.
- Cobarrubias, J. (1983): “Language planning: the state of the art”, en Cobarrubias, J. & J. A. Fishman, eds. (1983), 3-26.
- Cobarrubias, J. & J. A. Fishman, eds. (1983): *Progress in language planning. International perspectives*, Berlin, Walter de Gruyter.
- Comellas, P. (2006): *Contra l'imperialisme lingüístic. A favor de la linguodiversitat*, Barcelona, Edicions La Campana, col. Obertures 18.
- Comrie, B., ed. (1987): *The world's major languages*, London, Croom Helm.
- Consello da Cultura Galega (2010): *Ditame do Consello da Cultura Galega sobre as “Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”*. Versión electrónica dispoñíbel en http://consellodacultura.org/files/2010/02/ditame_ccg_bases_decreto.pdf [29-VI-2010].
- Cordal Fustes, X. (2009): “A ideoloxía reintegracionista (Notas de filoloxía política - 2.0)”, en *A trabe de ouro*, t. 3, vol. 79, III / 27 - III / 47.
- Coseriu, E. (1981): “La socio- y la etnolingüística: sus fundamentos y sus tareas”, en *Anuario de Letras*, vol. 19, Universidad Nacional Autónoma de México, 5-30.
- Costas, Xosé-Henrique, coord. (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega. Análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma*, Santiago de Compostela, Laiovento.

- Crystal, D. (1987): *The Cambridge encyclopedia of language*, Cambridge University Press. Edición española dirixida por J. C. Moreno Cabrera, *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*, Madrid, Taurus, 1994.
- _____ (1993² [1992]): *An encyclopedic dictionary of language & languages*, Oxford, Blackwell Publishers.
- _____ (2000): *Language death*, Cambridge University Press. Trad. ao gal. de M. Castro Eiroa, *A morte das linguas*, Vigo, Editorial Galaxia, 2003.
- _____ (2004): *The language revolution*, Cambridge / Malden, Polity Press Ltd.
- Dalby, A. (2002): *Language in danger*, London, Penguin Books.
- Davies, A. (1996): “Ironising the myth of linguisticism”, en *Journal of multilingual and multicultural development*, vol. 17: 6, 485-496.
- Denison, N. (1982): “A linguistic ecology for Europe?”, en *Folia Linguistica. Acta Societatis Linguisticae Europaeae*, vol. XVI/1-4, 5-16.
- Díaz-Carrera, C., dir. da ed. (1989): *El federalismo global*, Madrid, Unión Editorial.
- Díez, J. A. & C. U. Moulines (1997): *Fundamentos de filosofía de la ciencia*, Barcelona, Ariel.
- Dixon, R. M. W. (1994): *Ergativity*, Cambridge University Press.
- _____ (1997): *The rise and fall of languages*, Cambridge University Press.
- Dobao, X. A. L. (1993): “A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística (I)”, en *Cadernos de Lingua*, nº 7, 27-44.
- _____ (1994): “A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística (II)”, en *Cadernos de Lingua*, nº 9, 27-53.
- Dorian, N. C. (1973): “Grammatical change in a dying dialect”, en *Language*, vol. 49/2, 413-438.
- _____ (1977): “The problem of the semi-speakers in language death”, en *Linguistics*, vol. 191, 23-32.
- _____ (1980): “Language shift in community and individual: the phenomenon of the laggard semi-speaker”, en *IJSL*, vol. 25, 85-94.
- _____ (1994): Revisión de R. H. Robins e E. M. Uhlenbeck, eds. (1991), en *Language*, vol. 70/4, 797-802.

- Dorian, N. C., ed. (1989): *Investigating obsolescence. Studies in language contraction and death*, Cambridge University Press.
- Dovidio, J. F.; J. Mann & S. L. Gaertner (1989): “Resistance to affirmative action: the implications of aversive racism”, en F. A. Blanchard & F. J. Crosby, eds. (1989), 83-102.
- Dressler, W. U. (1988): “Language death”, en Newmeyer, F. J., ed.: *Linguistics: the Cambridge survey*, Cambridge University Press, vol. IV, 184-192.
- Eco, U. (1993): *La ricerca della lingua perfetta nella cultura europea*, Roma - Bari, Laterza. Trad. ao esp. de M. Pons, *La búsqueda de la lengua perfecta en la cultura europea*, Barcelona, Crítica, col. La construcción de Europa, 1994.
- Edwards, J. (1990): “Comparative analysis of language minorities: a sociopolitical framework”, en D. Gorter *et alii*, eds. (1990), 137-151.
- Enninger, W. & L. M. Haymes, eds. (1984): *Studies in language ecology*, Wiesbaden, Franz Steiner Verlag GMBH.
- Escudero Alday, R. (2001): “Los derechos colectivos, frente al disparate y la barbarie”, en F. J. Ansuátegui Roig, ed., 167-175.
- Etxebarria Aróstegui, M. (1995): *El bilingüismo en el estado español*, Bilbao, Ediciones FBV.
- _____ (2002): *La diversidad de lenguas*, Madrid, Espasa Calpe.
- Eusko Jaurlaritza-Gobierno Vasco, ed. (2009): *IV Mapa sociolingüístico*, Vitoria-Gasteiz, Eusko Jaurlaritzaren Argitalpen Zerbitzu Nagusia-Servizo Central de Publicacións do Gobierno Vasco. Disponible en: http://www.euskara.euskadi.net/r59-738/es/contenidos/informacion/argitalpenak/es_6092/adjuntos/MAPAcast.pdf [29-VI-2010].
- Extra, G. & D. Gorter, eds. (2001): *The other languages of Europe*, Clevedon, Multilingua Matters.
- Farrell, M. D. (1983): *Utilitarismo. Ética y política*, Buenos Aires, Abeledo-Perrot.
- Ferguson, C. A. (1959): “Diglossia”, en *Word*, vol. 15/2, 325-340.
- Fernán-Vello, M. A. & F. Pillado Maior (2005² [2004]): *A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*, A Coruña, Laiovento / Espiral Maior.
- Fernández, M. A. (1994): “Sociolingüística y visión del mundo”, en J. Calvo Pérez, ed., *Estudios de lengua y cultura amerindias I. Actas de las II jornadas internacionales de lengua y cultura amerindias. Valencia, 24-26 de noviembre de 1993*, Universidad de Valencia, Departamento de Teoría de los Lenguajes, 1994, 25-53.

- _____ (1998): “Lengua e identidade en el tercer milenio”, en B. Gallardo Paúls, ed., *Temas de lingüística y gramática*, Universitat de València, 1998, 23-37.
- _____ (2000): “Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidad múltiple en la modernidad reflexiva”, en *Estudios de sociolingüística*, vol. 1/1, 47-58.
- _____ (2000b): “Entre castellano y portugués: la identidad lingüística del gallego”, en G. Bossong & F. Báez de Aguilar González, eds., *Identidades lingüísticas en la España autonómica. Actas de las jornadas hispánicas 1997 de la Sociedad Suiza de Estudios Hispánicos*, Madrid, Iberoamericana, 2000, 81-105.
- _____ (2004): “Lenguas de contacto y preservación de la diversidad lingüística: algunas reflexiones a partir del caso del chabacano”, en M. Villayandre Llamazares, ed., *Actas del V congreso de lingüística general. León 5-8 marzo de 2002*, vol. 1, Madrid, Arco/Libros, 89-121.
- _____ (2006): “Una revisión crítica de los argumentos en pro del mantenimiento de la diversidad lingüística (y cultural)”, en J. de D. Luque Durán, ed., *Actas del V congreso andaluz de lingüística general. Homenaje al profesor José Andrés de Molina Redondo*, vol. 1, Granada, Granada Lingüística, 2006, 239-256.
- Fernández, M. A. & M. A. Rodríguez Neira, coords. (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do mapa sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Fernández Buey, F. (2004): *Guía para una globalización alternativa. Otro mundo es posible*, Barcelona, Ediciones B.
- Fernández Liria, C; P. Fernández Liria & L. Alegre Zahonero (2008³ [2007]): *Educación para la ciudadanía. Democracia, capitalismo y estado de derecho*, Madrid, Akal.
- Fernández Pérez, M. (1999): *Introducción a la lingüística*, Barcelona, Ariel.
- Fernández Salgado, B. & H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso da estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo, ed., *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia, 1995, 99-176.
- Ferreira Fernández, A. X.; A. Nogueira López (2004): “A lingua e o dereito”, en F. J. Sanjiao Otero & A. X. Ferreira Fernández, coords., *O feito diferencial galego no dereito*, Santiago de Compostela, Arcana · Veri Editorial, 191-212.

- Ferreira Fernández, A. X.; A. Nogueira López; A. Tato Plaza & L. Villares Naveira (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega*, Vigo, Xerais, col. Universitaria Manuais.
- Fishman, J. A. (1965): “Who speaks what language to whom and when?”, en *La Linguistique*, vol. 2, 67-88.
- _____ (1971): *Sociolinguistique*, Bruxelles / Paris, Labor / Nathan.
- _____ (1990): “What is reversing language shift (RLS) and how can it succeed?”, en D. Gorter *et alii*, eds. (1990), 5-36.
- _____ (1991): *Reversing language shift. Theoretical and empirical foundations of assistance to threatened languages*, Clevedon / Philadelphia / Adelaide, Multilingual Matters.
- _____ (1994): “Neo-marxist and post-structural critiques of «classical» language planning”, en P. Martel & J. Maurais, eds., *Langues et sociétés en contact*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1994, 41-47.
- Fishman, J. A., ed. (1999): *Handbook of language & ethnic identity*, New York / Oxford, Oxford University Press.
- _____, ed. (2001): *Can threatened languages be saved?*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Formoso Gosende, V. (2010): “Mudarmos o imaxinario comunitario sobre o galego: un reto alcanzable?”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 133-159.
- Freixeiro Mato, X. R. (2002⁵ [1997]): *Lingua galega: normalidade e conflito*, Santiago de Compostela, Laivento.
- _____ (2005): “A recuperación da topoantroponimia e a perda de referentes culturais para a mocidade”, en *Lengua e cidade. I Xornadas sobre lingua e usos*, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña, 2005, 191-204.
- _____ (2006a): *Lingua, nación e identidade*, Santiago de Compostela, Laivento.
- _____ (2006b² [2003]): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- _____ (2009a): *Lingua de calidade*, Vigo, Xerais.
- _____ (2009b): “A historia e dignidade do galego. De lingua enxalzada a lingua mortificada”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 31-66.
- _____ (2009c): “Paisaxe após a batalla electoral. Novos tempos e vellos perigos para a lingua galega”, en *Longalingua*, vol. 25, 20-23.

- _____ (2010): “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 13-53.
- Gabriel, N. de (2010): “Terra a nosa!.com. A ideoloxía da imposición e a imposición da ideoloxía”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 111-132.
- Gal, S. (1996): “Language shift”, en H. Goebel; P. H. Nelde & Z. S. Wolfgang Wölck, eds., *Kontaktlinguistik: Ein internationales handbuch zeitgenössischer forschung. Contact linguistics: An international handbook of contemporary research. Linguistique de contact: Manuel international des recherches contemporaines*, vol. 1, Berlin / New York, Walter de Gruyter, 1996, 586-593.
- Galanes, I. (2010): “O galego como lingua de especialidade. Usos estratéxicos para a valorización do status da lingua”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 55-77.
- García Negro, M. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vigo, Edicións do Cumio.
- _____ (1993): *Sempre en galego*, Santiago de Compostela, Laiovento, col. Ensaio.
- _____ (1995): “Direitos lingüísticos e control político”, en *Agália*, vol. 44, 409-418.
- _____ (1997a): “A interpretación do conflito lingüístico galego. Alternativa”, en G. Constenla Bergueiro, ed., *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra, 1997, 263-291.
- _____ (1997b): “A ficción da cooficialidade”, en G. Constenla Bergueiro, ed., *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra, 1997, 293-299.
- _____ (2000): *Direitos lingüísticos e control político*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- _____ (2009a): *De fala a lingua: un proceso incacabado*, Ames, Laiovento.
- _____ (2009b): “A lóxica do racismo lingüístico. A súa funcionalidade”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 11-30.
- _____ (2009c): “Retruque ao relatorio de M. Carme Junyent”, en H. Monteagudo, coord. (2009), 37-43.
- _____ (2010a): “En que consiste a normalización da lingua?”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 161-194.
- _____ (2010b): “Dúas subordinacións en paralelo”, en *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña, Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, 79-88.

- _____ (2010c): “A que e a quen queremos axudar?”, en *Terra e Tempo*. Publicación electrónica dispoñíbel en: <http://terraetempo.com/artigo.php?artigo=1159&seccion=13> [26-IV-2011].
- García Negro, M. P., ed. (2009): *Sobre o racismo lingüístico*, Santiago de Compostela, Laivento.
- Garner, M. (2004): *Language: an ecological view*, Bern, Peter Lang AG, European Academic Publishers.
- George, S. (2004): “¿Globalización de los derechos?”, en M. J. Gibney, ed. (2004), 23-38.
- Gibbs, W. W. (2002): “La conservación de las lenguas moribundas”, en *Investigación y ciencia*, vol. 313, 57-63.
- Gibney, M. J., ed. (2003): *Globalizing Rights*, Oxford Amnesty Lectures. Trad. ao esp. de H. Recassens Pons, *La globalización de los derechos humanos*, Barcelona, Crítica, 2004.
- González González, M., dir. (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- _____, dir. (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- _____, dir. (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II: Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- González Rei, B. (2004): *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova Editorial.
- Gordon, R. G., Jr., ed. (2005¹⁵ [1951]): *Ethnologue. Languages of the World*, Dallas, SIL International.
- Gorter, D.; J. F. Hoekstra; L. G. Jansma & J. Ytsma, eds. (1990): *Fourth International Conference on Minority Languages. Vol. 1: General Papers*, Clevedon / Philadelphia, Multilingual Matters LTD.
- Grimes, B. F., ed. (2000¹⁴ [1951]): *Ethnologue. Languages of the World*, Dallas, SIL Internacional.
- Grin, F. (1990): “The economic approach to minority languages”, en D. Gorter *et alii*, eds. (1990), 153-173.
- _____(1995): “Combining immigrant and autochthonous language rights: a territorial approach to multilingualism”, en T. Skutnabb-Kangas & R Phillipson, eds., (1995), 33-45.

- Grinevald, C. (2007): “Linguistic fieldwork among speakers of endangered languages”, en O. Miyaoka; O. Sakiyama & M. E. Krauss, eds., *The Vanishing languages of the Pacific Rim*, Oxford University Press, 35-76.
- Gugenberger, E. (2007): “Política de lenguas en sociedades plurilingües: el ejemplo del gallego / castellano y del occitano / francés”, en M. Schrader-Kniffki & L. Morgenthaler García, eds., *La Romania en interacción: entre historia, contacto y política. Ensayos en homenaje a Klaus Zimmermann*, Madrid / Frankfurt, Iberoamericana / Vervuert, 2007, 591-609.
- Guisán, E. (1992): “Utilitarismo”, en V. Camps; O. Guariglia & F. Salmerón, eds., *Enciclopedia iberoamericana de la filosofía vol. 2: Concepciones de la ética*, Madrid, Trotta, 1992, 269-295.
- Hagège, C. (2000): *Halte à la mort des langues*, Paris, Éditions Odile Jacob. Trad. ao esp. de A. Bueno, *No a la muerte de las lenguas*, Barcelona, Paidós, 2002.
- Hale, K; M. Krauss; L. J. Watahomigie; A. Y. Yamamoto; C. Craig; J. La Verne Masayesva & N. C. England (1992): “Endangered languages”, en *Language*, 68/1, 1-42.
- Haugen, E. (1966a): *Language conflict and language planning. The case of modern norwegian*, Cambridge, Harvard University Press.
- _____ (1966b): “Linguistics and language planning”, en Bright, W, ed. (1966), 50-71.
- _____ (1972): *The ecology of language*, ed. A. S. Dil, Stanford University Press.
- _____ (1983): “The implementation of corpus planning: theory and practice”, en Cobarrubias, J. & J. A. Fishman, eds., 269-289.
- _____ (1987): *Blessings of Babel. Bilingualism and language planning. Problems and pleasures*, Berlin, Mouton de Gruyter.
- Hempel, C. G. (1966): *Philosophy of natural science*, Englewood Cliffs, New Jersey, Prentice-Hall. Trad. ao esp. de A. Deaño, *Filosofía de la ciencia natural*, Madrid, Alianza, 1973.
- Herder, J. G. von (1784-1791): *Ideen zur Philosophie der Geschichte der Menschheit*. Trad. ao esp. de J. Rovira Armengol, *Ideas para una filosofía de la historia de la humanidad*, Buenos Aires, Editorial Losada, 1959.
- Hessel, S. (2010): *Indignez vous*, Montpellier, Indigène éditions. Trad. ao gal. de F. Moreiras, *Indignádevos*, Pontevedra, Faktoría K de libros - Kalandraka, 2011² [2011].

- Hinton, L. & K. Hale, eds. (2001): *The green book of language revitalization in practice*, San Diego / London, Academic Press.
- Humboldt, W. von (1836): *Über die Verschiedenheit des menschlichen Sprachbaues und ihren Einfluss auf die geistige Entwicklung des Menschengeschlechts*. Trad. ao esp. de A. Agud, *Sobre la diversidad de la estructura del lenguaje humano y su influencia sobre el desarrollo espiritual de la humanidad*, Madrid-Barcelona, Centro de Publicaciones del MEC / Editorial Anthropos, 1990.
- Iglesias Álvarez, A. (2002): *Falar galego: “no veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*, Vigo, Xerais.
- Jacobson, C. K. (1985): “Resistance to affirmative action: self-interest or racism?”, en *The Journal of conflict resolution*, vol. 29/2, 306-329.
- Janse, M. & S. Tol, eds. (2003): *Language death and language maintenance. Theoretical, practical and descriptive approaches*, Amsterdam, John Benjamins Publishing Company.
- Jáuregui, G. (2001): “Derechos individuales versus derechos colectivos: una realidad inescindible”, en F. J. Ansuátegui Roig, ed. (2001), 47-65.
- Joseph, J. E. (2006): *Language and politics*, Edinburgh University Press.
- Junyent, C. (1993): *Las lenguas del mundo. Una introducción*, Barcelona, Octaedro, col. Lenguaje y comunicación.
- _____ (1996^{3a} [1989]): *Les llengües del món. Ecolingüística*, Barcelona, Empúries, col. Biblioteca Universal.
- _____ (1996b): “Los derechos lingüísticos. La perspectiva ecológica”, en J. A. de Molina Redondo & J. de D. Luque Durán, eds., *Estudios de lingüística general (II). Trabajos presentados en el II Congreso nacional de lingüística general*, Universidad de Granada, 165-171.
- _____ (1998): *Contra la planificació*, Barcelona, Empúries.
- _____ (1999⁵ [1992]): *Vida i mort de les llengües*, Barcelona, Empúries, col. Biblioteca Universal.
- _____ (2009): “A perda da diversidade lingüística no mundo e os procesos de homoxeneirización lingüística”, en H. Monteagudo, coord. (2009), 19-36.

- Kant, I. (1788): *Kritik der praktischen Vernunft*. Trad. ao esp. de E. Miñana y Villagrasa e M. García Morente, *Crítica de la razón práctica*, Madrid, Espasa-Calpe, 1981.
- Katzner, K., ed. (2002): *The Languages of the World*, London, Routledge & Kegan Paul.
- Knowlson, J. (1975): *Universal language schemes in England and France 1600-1800*, University of Toronto Press.
- Kohn, H. (1944): *The idea of nationalism. A study in its origins and background*, New York, The Macmillan Company. Trad. ao esp. de S. Cossío Villegas, *Historia del nacionalismo*, México, D. F. / Madrid / Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica, 1984².
- Kontra, M. (1999): “‘Don’t speak Hungarian in public!’ —A documentation and analysis of folk linguistic rights”, en M. Kontra *et alii*, eds., 1999, 81-97.
- Kontra, M.; R. Phillipson; T. Skutnabb-Kangas & T. Várady, eds. (1999): *Language: a right and a resource*, Budapest, Central European University Press.
- Krauss, M. (1992): “The world’s languages in crisis”, in *Language*, vol. 68/1, 4-10.
- Kymlicka, W. (1995): *Multicultural citizenship. A liberal theory of minority rights*, Oxford, Clarendon Press. Trad. ao esp. de C. Castells Auleda, *Ciudadanía multicultural. Una teoría liberal de los derechos de las minorías*, Barcelona, Paidós, 1996.
- _____ (2002): *Contemporary political philosophy. An introduction*, Oxford University Press.
- Kymlicka, W. & A. Patten, eds. (2003): *Language rights and political theory*, Oxford University Press.
- Laponce, J. & W. Safran, eds. (1996): *Ethnicity and citizenship. The Canadian case*, London / Portland, Frank Cass & Co. Ltd.
- Ledo Andión, M. (2009): *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega*, Vigo, Galaxia.
- Lewis, M. P., ed. (2009¹⁶ [1951]): *Ethnologue: Languages of the world*, Dallas, SIL Internacional. Versión electrónica disponible en <http://www.ethnologue.com> [29-VI-2010].
- Linz, J. J. (1975): “Politics in a multi-lingual society with a dominant world language: the case of Spain”, en J.-G. Savard & R. Vigneault, eds., *Les états multilingues. Problèmes et solutions / Multilingual political systems. Problems and solutions*, Québec, Les Presses de L’Université Laval, 1975, 367-444.

- López Calera, N. (2000): *¿Hay derechos colectivos? Individualidad y socialidad en la teoría de los derechos*, Barcelona, Ariel.
- _____ (2001): “Sobre los derechos colectivos”, en F. J. Ansuátegui Roig, ed. (2001), 17-46.
- López Carreira, A. (2001): “O historicismo de Castelao: a xénese da nación”, en *Castelao. Co pensamento en Galiza. Actas do congreso*, Pontevedra, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 71-80.
- López García-Molins, Á. (2007): “La polisemia del término “común” aplicado a la lengua española”, en M. Schrader-Kniffki & L. Morgenthaler García, eds., *La Romania en interacción: entre historia, contacto y política. Ensayos en homenaje a Klaus Zimmermann*, Madrid / Frankfurt, Iberoamericana / Vervuert, 2007, 571-589.
- _____ (2010): “Análisis general: la política lingüística del Estado”, en *Seminario sobre lingua, sociedade e política en Galicia. Modelos de oficialidade, lingua e ensino*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- López Rivera, J. J. (1999): “Etnolingüística, antropoloxía lingüística: algunhas propostas recentes”, en R. Álvarez & D. Vilavedra, eds., *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo I: Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, Universidade de Santiago de Compostela, 565-586.
- _____ (2008): “Sobre o pluralismo na investigación científica”, en M. Brea; F. Fernández Rei & X. L. Regueira, eds., *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Universidade de Santiago, 385-392.
- López Rivera, J. J. & T. Moure (2002): “Ideoloxía e lingüística, un equilibrio inestable: o caso do *Ethnologue*”, en R. Lorenzo, coord.: *Homenaxe a Fernando Tato Plaza*, Universidade de Santiago de Compostela, 619-636.
- Lorenzo Suárez, A. M. (2005): “Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso do galego”, en *Cadernos de lingua*, vol. 27, 37-59.
- Löwy, M. (1999): *Patria ou Terra Nai? Ensaio sobre a cuestión nacional*, Santiago de Compostela, Laivento.
- Luxenmburg, R. (1963 [1913]): *La acumulación del capital*, Buenos Aires, Tilcara.
- _____ (2009 [1900]): *Reforma o revolución*, Barcelona, Público.
- Lyovin, A. V. (1997): *An introduction to the languages of the world*, Oxford University Press.

- Maalouf, A. (2009): *Le dérèglement du monde. Quand nos civilisations s'épuisent*, Paris, Grasset.
Trad. ao gal. de M. D. Torres París, *A deleiba do mundo. Cando as nosas civilizacións esmorecen*, Vigo, Xerais, 2009.
- Mackey, W. F. (1994): “La ecología de las sociedades plurilingües”, en A. Bastardas i Boada & E. Boix, dirs. (1994), 25-55.
- McRae, K. D. (1994): “El establecimiento de una política lingüística en sociedades plurilingües: cinco dimensiones cruciales”, en A. Bastardas i Boada & E. Boix, dirs. (1994), 75-98.
- Maffi, L., ed. (2001): *On biocultural diversity. Linking language, knowledge and the environment*, Washington, Smithsonian Institution Press.
- Máiz, R. (1989): “Volksgeist vs. raza: o concepto de nación en Castelao”, en J. G. Beramendi & R. Villares, eds., *Actas Congreso Castelao*, Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia / Fundación Castelao, 237-279.
- _____ (1990): “Federalismo e construción nacional en Galicia”, en *A Trabe de ouro*, ano 1, t. 2, 167-177.
- _____ (1991): “Federalismo y nación en el discurso del nacionalismo gallego de la II República”, en J. G. Beramendi & R. Máiz, comps., *Los nacionalismos en la España de la II República*, Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Siglo XXI de España Editores, 377-404.
- _____ (2004a): “Os alicerces políticos da diferenca: pensar a nación galega alén da dicotomía étnico/cívica”, en F. J. Sanjiao Otero & X. Ferreira Fernández, coords., *O feito diferencial galego no dereito*, Santiago de Compostela, Arcana · Veri Editorial, 2004, 45-70.
- _____ (2004b): “*Per modum unius*: más allá de la dicotomía nacionalismo cívico vs. nacionalismo étnico”, en A. Gurrutxaga Abad, ed., *El presente del Estado-Nación*, Bilbao, Servicio editorial de la Universidad del País Vasco, 2004, 107-127.
- _____ (2005): “Nation and deliberation”, en R. Máiz & F. Requejo, eds., *Democracy, Nationalism and Multiculturalism*, London / New York, Frank Cass Publishers, 2005, 58-78.
- _____ (2007): “Federalismo plurinacional e democracia republicana”, en *Grial*, vol. 175, 2007, 150-159.
- Mariño Menéndez, F. M. (2001): “Derechos colectivos y ordenamiento jurídico internacional”, en F. J. Ansuátegui Roig, ed. (2001), 77-94.

- Martín Vide, C., ed. (1996): *Elementos de lingüística*, Barcelona, Octaedro.
- Maurais, J., ed. (1985): *La crise des langues*, Québec / Paris, Gouvernement du Québec, Conseil de la langue française / Collection L'ordre des mots Le Robert Paris.
- Maurais, J., dir. (1987): *Politique et aménagement linguistiques*, Québec / Paris, Gouvernement du Québec, Conseil de la langue française / Collection L'ordre des mots Le Robert Paris.
- Maurais, J. & M. A. Morris, eds. (2003): *Language in a globalising world*, Cambridge University Press.
- Meillet, A. & M. Cohen, eds. (1924): *Les langues du monde*, Paris, Édouard Champion Editeur.
- Menéndez Pidal, R. (1947² [1945: “Carácter originario de Castilla”, en R. Menéndez Pidal, ed., *Castilla: la tradición, el idioma*, Madrid, Espasa-Calpe]): “Carácter originario de Castilla”, en R. Menéndez Pidal, ed., *Castilla: la tradición, el idioma*, Buenos Aires, Espasa-Calpe, 9-39.
- Mies, M. & V. Shiva (1993): *Ecofeminism*, Halifax, Nova Scotia / London, New Jersey, Fernwood Publications / Zed Books. Trad. ao esp. de M. Bofill e D. Aguilar, *La praxis del ecofeminismo. Biotecnología, consumo y reproducción*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Mill, J. S. (1858): *On Liberty*. Trad. ao esp. de P. de Azcárate, *Sobre la libertad*, Madrid, Alianza, 1997.
- _____ (1861): *Utilitarianism. The Science of Logic (Book VI - Chapter XII)*. Trad. ao esp. de E. Guisán, *El Utilitarismo. Un sistema de la lógica*, Madrid, Alianza, 1984.
- Millán Ibáñez, L. C. (2000): “As orixes teóricas do nacionalismo galego. O pensamento de Herder na obra de Ramón Villar Ponte”, en *Tempos Novos*, vol. 37, 42-44.
- Milroy, J. & L. Milroy (1987): *Authority in language. Investigating language prescription and standardisation*, London / New York, Routledge & Kegan Paul.
- Mohan, P. & P. Zador (1986): “Discontinuity in a life cycles: the death of Trinidad Bhojpuri”, en *Language*, vol. 62/2, 291-319.
- Monnerot-Dumaine, M. (1960): *Précis d'interlinguistique. Général et spéciale*, Paris, Librairie Maloine.
- Monteagudo, H. (2000): “Sociolingüística galega”, en *Gran Enciclopedia galega*, vol. 36, [= Apéndice 2000], A Coruña, Álvarez Conde, 61-73.

- Monteagudo, H., coord. (2009): *Sociedades plurilingües: da identidade á deversidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, H. & X. M. Bouzada Fernández, coords. (2002): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I: Política lingüística: análise e perspectivas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, H.; S. García Conde; H. López Ruíz de Castro & X. Subiela (2002): *A normalización lingüística a debate*, Vigo, Xerais, col. Peto.
- Monteagudo, H. & X. M. Núñez Seixas (2001): *La política de la lengua en Galicia. De la reivindicación nacionalista a la planificación gubernamental*, Universidad de Buenos Aires.
- Monteagudo, H. & A. Reixa (2010): *Por un proxecto de futuro para o idioma galego. Unha reflexión estratéxica*, A Coruña, Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA). Disponível en: http://igea.eu.com/fileadmin/publicaciones/igea_informe_00_def2_02.pdf [20-IV-2011].
- Moreira Barbeito, M. (2009): “A idoneidade da interpretación individual dos dereitos lingüísticos”, en *Do compromiso individual aos argumentos. V Curso de verán sobre dinamización lingüística, Traballando en lingua*, Carballo, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña. Publicación electrónica dispoñíbel en http://www.udc.es/snl/V_curso_veran_doc/Miguel_Moreira.pdf [29-VI-2010].
- _____ (no prelo): “Derechos lingüísticos: ¿individuales o colectivos? Por una interpretación más abarcadora”, en *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*, Universidad de Valladolid.
- Moreno Cabrera, J. C. (1987): *Fundamentos de sintaxis general*, Madrid, Síntesis.
- _____ (1990): *Lenguas del mundo*, Madrid, Visor, col. Lingüística y conocimiento.
- _____ (1991): *Curso universitario de lingüística general. I: Teoría de la gramática y sintaxis general*, Madrid, Síntesis.
- _____ (1996): “Las lenguas del mundo”, en C. Martín Vide, ed. (1996), 27-43.
- _____ (1997): *Introducción a la lingüística. Enfoque tipológico y universalista*, Madrid, Síntesis.
- _____ (2000): *La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*, Madrid, Alianza.

- _____ (2002): “Linguas en perigo e política lingüística”, en *Grial*, vol. 153, 91-101.
- _____ (2003): *El universo de las lenguas. Clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas*, Madrid, Castalia, col. Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica.
- _____ (2006): *De Babel a Pentecostés. Manifiesto plurilingüista*, Barcelona, Horsori.
- _____ (2008): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*, Barcelona, Península.
- _____ (2009): “Bilingüismo e lingua común”, en X. M. Mosquera Carregal & S. Pino Ramos, eds., *Lingua e docencia universitaria. V Xornadas sobre lingua e usos*, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña, 163-177.
- Moreno Cabrera, J. C.; E. Serrat; J. M. Serra & J. Farrés (2001): *Llengua i immigració. Diversitat lingüística i aprenentatge de llengües*, Generalitat de Catalunya.
- Moseley, M. & R. E. Asher, eds. (2007² [1994]): *Atlas of the world's languages*, London, Routledge.
- Mosley, A. G. & N. Capaldi (1996): *Affirmative action. Social or unfair preference?*, Lanham / Boulder / New York / London, Rowman & Littlefield Publishers, Inc.
- Moure, T. (2000): “Epistemoloxía lingüística”, en F. Ramallo; G. Rei-Doval & X. P. Rodríguez Yáñez, eds., *Manual de Ciencias da linguaxe*, Vigo, Xerais, 2000, 37-62.
- _____ (2001a): *Universales del lenguaje y lingüo-diversidad*, Barcelona, Ariel.
- _____ (2001b): *La lingüística en el conjunto del conocimiento. Una mirada crítica*, Lugo, Tris Tram.
- _____ (2003a): “A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización”, en *Grial*, nº 160, 19-29.
- _____ (2003b): “Ética y lenguaje”, en *Basilisco*, 2ª Época, vol. 33, 47-56.
- _____ (2005a): *A palabra das fillas de Eva*, Vigo, Galaxia.
- _____ (2005b): *Outro idioma é posible. Na procura dunha lingua para a humanidade*, Vigo, Galaxia.
- _____ (2006): “É o inglés imprescindible para a investigación? A necesidade de recoñecermos o plurilingüismo”, en *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*, Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, 93-108.

- _____ (2007): *O carácter revolucionario da escrita e das palabras*, Vigo, Xerais.
- _____ (2008a): *O natural é político*, Vigo, Xerais.
- _____ (2008b): “Xénero e linguaxe: unha cuestión estancada”, en *Festa da palabra silenciada*, vol. 24, 11-27.
- _____ (2010): “Falarmos galego as mulleres, por que non?”, en X. M. Mosquera Carregal, ed., *Xornadas sobre Lingua e Usos*, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña, 2010, 147-169.
- _____ (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética*, A Coruña, Universidade da Coruña - Servizo de Publicacións.
- Mühlhäusler, P. (1996): *Linguistic ecology. Language change and linguistic imperialism in the Pacific region*, London / New York, Routledge.
- _____ (2003): *Language environment, environment of language: a course in ecolinguistics*, London, Battlebridge.
- Mufwene, S. S. (2001): *The ecology of language evolution*, Cambridge University Press.
- Mufwene, S. S. (2008): *Language evolution. Contact, competition and change*, London / New York, Continuum.
- Murguía, M. (1974 [1891]): “Discurso de Manuel Murguía nos xogos froráis de Tui do 1891”, en *Grial*, vol. 43, 83-89.
- Nacoste, R. W. (1989): “Affirmative action and self-evaluation”, en F. A. Blanchard & F. J. Crosby, eds. (1989), 103-109.
- Naess, A. (1976): *Økologi, samfunn og livsstil*, Universitetsforlaget. Trad. ao ing. de D. Rothenberg, *Ecology, community and lifestyle*, Cambridge University Press, 2003¹⁰ [1989].
- Nettle, D. & S. Romaine (2000): *Vanishing voices. The extinction of the world's languages*, Oxford University Press.
- Nichols, J. (1992): *Linguistic diversity in space and time*, The University of Chicago Press.
- Ninyoles, R. L. (1971): *Idioma i prejudici*, Palma de Mallorca, Moll. Trad. ao gal. de M. P. García Negro e A. Molexón Domínguez, *Idioma e poder social*, Ames, Laiovento, 2005.
- _____ (1977): *Cuatro idiomas par un estado (El castellano y los conflictos lingüísticos en la España periférica)*, Madrid, Cambio 16.

- Ninyoles, R. L. (1994): “España como país plurilingüe: líneas de futuro”, en A. Bastardas i Boada & E. Boix, dirs. (1994), 141-154.
- Nogueira, C. (2000): “O galego-português-brasileiro e a política lingüística na Galiza”, en *Agália*, vol. 62, 111-117.
- _____ (2007): *A normalización e a universalidade do galego*. Dispoñíbel en <http://outraesquerda.blogspot.com/2007/12/camilo-nogueira-normalizacin-e.html> [29-VI-2010].
- Nogueira López, A. (2001): “Perpectivas xurídicas das linguas minorizadas na U.E.”, en *A Trabe de ouro*, vol. 47, 365-378.
- _____ (2002): “O galego no seo da UE: oficialidade lingüística na UE e liberdades comunitarias”, en *Actas dos IV Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 157-176.
- _____ (2006): “Avaliación da actividade investigadora e dereitos lingüísticos”, en *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña, Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, 65-77.
- _____ (2008a): “O dereito e o deber de coñecer o galego. Análise da doutrina constitucional”, en *Orencio Pérez González. Vocación galeguista dun xuíz*, Santiago de Compostela, Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, 115-132.
- _____ (2008b): “Dereito á educación, garantía de competencia lingüística e contido dos dereitos lingüísticos”, en J. Álvarez Yáñez & S. Lago Penas, coords., *A convivencia plural: dereitos e política de xustiza*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 85-99.
- _____ (2009): “Dereito e plurilingüismo. Evolución normativa e garantía dos dereitos lingüísticos”, en H. Monteagudo, coord. (2009), 77-99.
- _____ (2010a): “A incidencia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias na programación do sistema educativo”, en L. Villares Naveira, coord. (2010), 57-72.
- _____ (2010b): “O camiño desandado”, en L. Álvarez Pousa, dir., *Informe Galicia 2010*, Santiago de Compostela, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., 2010, 271-273.
- Nova Escola Galega (2009): “A cuestión lingüística”, en *Opina*, xuño de 2009, NEG.

- Ostler, N. (2005): *Empires of the word. A language history of the world*, New York, Harper Collins Publishers.
- Parfit, D. (1979): “Prudence, Morality, and the Prisoner’s Dilemma”, en *The Proceedings of the British Academy*, vol. LXV, 539-564. Trad. ao esp. de G. Gutiérrez López, *Prudencia, moralidad y el dilema del prisionero*, Universidad Complutense de Madrid, 2007² [1991].
- Parizet, S., dir. (2001): *Le Défi de Babel. Un mythe littéraire pour le XXI^e siècle*, Paris, Éditions Desjonquères.
- Pattanayak, D. P. (1986): “Educational use of the mother tongue”, en B. Spolsky, ed., 5-15.
- Pellerey, R. (1994): “Comenius: a lingua perfecta e a concordia universal”, en *A Trabe de Ouro*, ano 5, t. 2, vol. 18, 11-23.
- _____ (1997): “A traducción e as linguas perfectas: Destutt de Tracy e a pasigrafía de Maimieux”, en *A Trabe de Ouro*, ano 8, t. 4, vol. 32, 483-487.
- Pérez Luño, A.-E. (2006): *La tercera generación de los derechos humanos*, Cizur Menor, Thomson Aranzadi / Garrigues Cátedra - Universidad de Navarra.
- Péronnet, L. (1994): “L’immersion comme mesure d’aménagement linguistique”, en P. Martel & J. Maurais, eds., *Langues et sociétés en contact*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1994, 107-112.
- Phillipson, R. (1993² [1992]): *Linguistic imperialism*, Oxford University Press.
- _____ (1997): Review of C. Piron, *Le défi des langues: du gâchis au bon sens* [The challenge of languages: from mess to common sense], Paris, L’Harmattan, 1994, en *Language in Society*, vol. 26/1, 143-147.
- _____ (1999): “International languages and international human rights”, en M. Kontra *et alii*, eds. (1999), 25-46.
- _____ (2003): *English-only Europe? Challenging language policy*, London, Routledge.
- _____ (2009): “The tension between linguistic diversity and dominant English”, en T. Skutnabb-Kangas *et alii*, eds. (2009), 85-102.
- Phillipson, R.; M. Rannut & T. Skutnabb-Kangas (1995): “Introduction”, en T. Skutnabb-Kangas & R. Phillipson, eds. (1995), 1-22.

- Phillipson, R. & T. Skutnabb-Kangas (1994): “English, panacea or pandemic”, en *English only? in Europe/in Europa/en Europe, Sociolinguistica*, vol. 8, International Yearbook of European Sociolinguistics, 73-87.
- Phillipson, R.; T. Skutnabb-Kangas & H. Africa (1986): “Namibian educational language planning: English for liberation or neo-colonialism?”, en B. Spolsky, ed. (1986), 77-95.
- Pillado Maior, F. & M. A. Fernán-Vello (2000 [1989: *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, Barcelona, Sotelo Blanco]): *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, A Coruña, Laiovento / Espiral Maior.
- Platón (370 a. C.): Πολιτεία. Trad. ao esp. de M. Divenosa & C. Mársico, *República*, Buenos Aires, Losada, 2005.
- Polanyi, K. (1944): *The great transformation*. Trad. ao esp. de J. Varela e F. Álvarez-Uría, *La gran transformación. Crítica del liberalismo económico*, Madrid, La Piqueta, 1989.
- Prats, M.; A. Rafanell & A. Rossich (1990): *El futur de la llengua catalana*, Barcelona, Empúries, col. Biblioteca Universal.
- Ramón i Mimó, O. (1994): “Plurilingüismo en las comunidades europeas”, en A. Bastardas i Boada & E. Boix, dirs. (1994): *¿Un estado una lengua? La organización política de la diversidad lingüística*, Barcelona, Octaedro, 155-167.
- _____ (1998): *El texto y el proceso*, DUDL, Barcelona, Institut d’Edicions de la Diputació de Barcelona.
- Real Academia Galega (2010): *Análise académica das Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/notices/files/Bases_RAG_4.pdf [29-VI-2010].
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
- _____ (1995¹² [1982]): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña / Santiago de Compostela, Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- _____ (2003¹⁸ [1982]): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña / Santiago de Compostela, Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Regueira, X. L. (2006): “Política y lengua en Galicia: La “normalización” de la lengua gallega”, en M. Castillo Lluch & J. Jabatek, eds., *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología*

del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad, Madrid / Frankfurt, Iberoamericana / Vervuert, 2006, 61-93.

Risco, V. (2000 [1920: *Teoría do nacionalismo galego*, Ourense, La Región]): *Teoría do nacionalismo galego*, Santiago de Compostela, Fundación Vicente Risco / Sotelo Blanco.

Robins, R. H. & E. M. Uhlenbeck, eds. (1991): *Endangered languages*, Oxford, Berg.

Roca, I. M. (1997): "On language death and language survival: the case of Galician", en B. Fernández Salgado, ed., *Proceedings of the 4th international conference on Galician studies*, Oxford Centre for Galician Studies, 1997.

Rodríguez, F. (1998⁴ [1976: *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago de Compostela, Xistral, col. Alexandre Bóveda]): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago de Compostela, Laidvento.

_____ (2000): *Galiza razón de ser. Recopilación de artigos publicados na prensa diária, 1996-2000*, Santiago de Compostela, Edicións Terra e Tempo.

_____ (2009): "Lingua galega e cinismo español", en M. P. García Negro, ed. (2009), 185-188.

_____ (2010): "Estratexia da confusión", en *Terra e Tempo*. Publicación electrónica dispoñíbel en: <http://terraetempo.com/artigo.php?artigo=1131&seccion=13> [26-IV-2011].

Rodríguez, F. & R. L. Sueros (1978): *Problemática nacional e colonialismo. O caso galego*, Santiago de Compostela, Xistral.

Rodríguez Alonso, M. (2004): *O españolismo lingüístico*, A Coruña, Espiral Maior.

Rodríguez Castelao, A. D. (1944): *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, Edición "As Burgas".

Rojo, G. (1974): Revista de X. Alonso Montero, *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, Madrid, Akal, 1973, en *Verba*, vol. 1, 243-249.

Rotaetxe Amusatogui, K. (1982): "Normatividad y gramaticalidad", en *Revista Española de Lingüística*, vol. 12 (1), 1-16.

_____ (1987a): "L'aménagement linguistique en Euskadi", en J. Maurais, dir. (1987), 159-210.

_____ (1987b): "La norma vasca: codificación y desarrollo", en *Revista Española de Lingüística*, vol. 17 (2), 219-244.

_____ (1988): *Sociolingüística*, Madrid, Síntesis.

- _____ (1994): “Alternance codique et langue minoritaire”, en P. Martel & J. Maurais, eds., *Langues et sociétés en contact*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1994, 395-409.
- _____ (1996): “Lenguaje y sociedad: sociolingüística”, en C. Martín Vide, ed. (1996), 307-339.
- Royo, J. (1992): *Una llengua és un mercat*, Barcelona, Edicions 62. Trad. ao gal. de R. A. Martínez Seixo & M. Rubinos Conde, *Unha lingua é un mercado*, Vigo, Xerais, 1997.
- Ruhlen, F. E. (1987): *A guide to the world's languages*, London, Stanford University Press.
- Safran, W. (1998): “Introduction: nation, ethnies, region, and religion as markers of identity”, en W. Safran, ed., *Nationalism and ethnoregional identities in China*, London / Portland, Frank Cass Publishers, 1998, 1-8.
- _____ (1999): “Nationalism”, en J. A. Fishman, ed., *Language & ethnic identity*, New York / Oxford, Oxford University Press, 1999, 77-93.
- Safran, W. & R. Máiz, coords. (2000): *Identity and territorial autonomy in plural societies*, London / Portland, Frank Cass & Co. Ltd. Trad. ao esp. de R. Requejo, *Identidad y autogobierno en sociedades multiculturales*, Barcelona, Ariel.
- Sahlins, M. (1985): *Islands of History*, The University of Chicago. Trad. ao esp. de B. López, *Islas de historia. La muerte del capitán Cook. Metáfora, antropología e historia*, Barcelona, Gedisa, 1988.
- Sánchez Rei, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes*, Santiago de Compostela, Laidvento, col. Ensaio.
- _____ (1999b): “O uso da interpolación pronominal en galego durante os séculos escuros”, en *Verba*, vol. 26, 327-344.
- _____ (2009): “Ás voltas co significado da estandarización”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 95-121.
- Sanmartín Rei, G. (2002): “O agoiro profético dos novos tempos: reflexións sociolingüísticas nos prefacios de Ribalta”, en X. A. Fernández Roca & M. J. Martínez López, coords., *Vir bonus docendi peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*, Universidade da Coruña, 419-432.
- _____ (2009a): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade de lingua e planificación*, Vigo, Xerais.
- _____ (2009b): “(Re)Lexitimando a seguranza lingüística. Sobre a necesidade de afianzarmos un modelo culto para o galego”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 123-133.

- _____ (2009c): “Evolución dos datos sociolingüísticos na Galiza”, en *Xornada de formación en dereitos e estratexias lingüísticas*, Santiago de Compostela, Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua. Publicación electrónica dispoñíbel en: http://www.ctnl.org/upload/des/167-a-goretti_xornada_dereitos_estratexias_ctnl_27-6-09.pdf [29-VI-2010].
- _____ (2010): “Unha (re)visitación á planificación lingüística actual no ámbito educativo desde a perspectiva da ecolingüística. As posibilidades de construcións alternativas desde a diversidade”, en G. Sanmartín Rei, coord. (2010), 79-110.
- Sanmartín Rei, G., coord. (2006a): *Criterios para o uso da lingua*, Universidade da Coruña / Servizo de Normalización Lingüística, col. Manuais, vol. 22.
- _____, coord. (2006b): *Sobre a calidade da nosa lingua*, Universidade da Coruña / Servizo de Normalización Lingüística, col. Manuais, vol. 23.
- _____, coord. (2010): *Lingua e futuro*, Ames, Laiovento.
- Santamarina Fernández, A. (1995): “Norma e estándar”, en H. Monteagudo, ed., *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia, 1995, 53-98.
- _____ (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Sapir, E. (1921): *Language. An introduction to the study of Speech*, New York: Harcourt, Brace and Co. Trad. ao gal. de B. Fernández Salgado, *A linguaxe. Introducción ó estudo da fala*, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Fundación BBVA, 2010.
- Sarille, X. M. (2007): *A impostura e a desorientación na normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Candeia Editora.
- Sasse, H.-J. (1992a): “Theory of language death”, en M. Brenzinger, ed. (1992), 7-30.
- _____ (1992b): “Language decay and contact-induced change: Similarities and differences”, en M. Brenzinger, ed. (1992), 59-80.
- Saussure, F. de (1917) : *Cours de linguistique générale*, Paris, Payot. Trad. ao gal. de X. M. Sánchez Rei, *Curso de lingüística xeral*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2005.
- Schieben-Lange, B. (1977): “The language situation in Southern France”, en *Linguistics*, vol. 191, 101-108.

- Sende, S. (2007): *Made in Galiza*, Vigo, Galaxia.
- Simone, R. (1994⁵ [1990]): *Fondamenti di lingüística*, Roma, Editori Laterza.
- Singer, P. (1975): *Animal liberation. A new ethics for our treatment of animals*, New York, New York Review / Random House. Revisión da trad. ao esp. de C. Montolío, *Liberación animal*, Madrid, Trotta, 1999.
- _____ (1993a): *Practical Ethics: second edition*, Cambridge University Press. Trad. ao esp. de R. Herrera Bonet, *Ética práctica*, Madrid, Cambridge University Press, 2003a² [1995].
- _____ (1993b): *How are we to live? Ethics in an age of self-interest*, London, William Heinemann Limited. Trad. ao esp. de J. A. de Prada, *Ética para vivir mejor*, Barcelona, Ariel, 1995.
- _____ (2002): *One world*, New Haven, Yale University Press. Trad. ao esp. de F. Herreros, *Un solo mundo. La ética de la globalización*, Barcelona, Paidós, 2003b.
- Singer, P., ed. (1991): *A Companion to Ethics*, Oxford / Malden, Basil Blackwell Ltd. Trad. ao esp. de J. Vidal Rubio & M. Vigil, *Compendio de ética*, Madrid, Alianza, 1995.
- Singer, P. & R. Singer (1988): “The Ethics of Refugee Policy”, en M. Gibney, ed., *Open borders? Closed societies? The Ethical and Political Issues*, New York / Westport, Connecticut / London, Greenwood Press, 1988, 111-130.
- Skutnabb-Kangas, T. (1981): *Tvåspråkighet*, Lund, Liber Läromedel. Trad. ao ing. de L. Malmberg & D. Crane, *Bilingualism or not. The education of minorities*, Clevedon, Multilingual Matters, 1984.
- _____ (1986): “Who wants to change what and why — Conflicting paradigm in minority education research”, en B. Spolsky, ed. (1986), 153-181.
- _____ (1990): “Legitimizing or Delegitimizing New Forms of Racism— The role of researchers”, en D. Gorter *et alii*, eds. (1990), 77-100.
- _____ (1995): “Introduction”, en T. Skutnabb-Kangas, ed. (1995), 7-20.
- _____ (1996): “Educational language choice - multilingual diversity or monolingual reductionism?”, en M. Hellinger & U. Ammon, eds., *Contrastive sociolinguistics*, Berlin, Mouton de Gruyter, 1996, 175-204.
- _____ (1999): “Linguistic diversity, human rights and the “free” market”, en M. Kontra *et alii*, eds. (1999), 187-222.

- _____ (2000): *Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?*, New Jersey, Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- _____ (2009): “Multilingual education for global justice: Issues, approaches, opportunities”, en T. Skutnabb-Kangas *et alii*, eds. (2009), 36-62.
- Skutnabb-Kangas, T., ed. (1995): *Multilingualism for all*, Lisse, Swets & Zeitlinger Publishers B. V.
- Skutnabb-Kangas, T. & S. Bucak (1995): “Killing a mother tongue — how the Kurds are deprived of linguistic human rights”, en T. Skutnabb-Kangas & R. Phillipson, eds. (1995), 347-371.
- Skutnabb-Kangas, T. & O. García (1995): “Multilingualism for all - general principles?”, en T. Skutnabb-Kangas, ed. (1995), 221-256.
- Skutnabb-Kangas, T.; L. Maffi & D. Harmon (2003): *Sharing a world of difference. The Earth's linguistics, cultural and biological diversity*, Paris, UNESCO/World Wide Fund for Nature 2003/Terralingua.
- Skutnabb-Kangas, T. & R. Phillipson (1994): “Linguicide”, en R. E. Asher & J. M. Y. Simpson, eds., *The encyclopedia of language and linguistics*, Oxford, Pergamon Press, vol. IV, 1994, 2211-2212.
- Skutnabb-Kangas, T. & J. Cummins, eds. (1988): *Minority education. From Shame to struggle*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Skutnabb-Kangas, T. & R. Phillipson, eds. (1995): *Linguistic human rights. Overcoming linguistic discrimination*, Berlin, Mouton de Gruyter.
- Skutnabb-Kangas, T.; R. Phillipson; A. K. Mohanty & M. Panda, eds. (2009): *Social justice through multilingual education*, Bristol / Buffalo / Toronto, Multilingual Matters.
- Sowell, T. (2004): *Affirmative action around the world. An empirical study*, New Haven / London, Yale University Press. Trad. ao esp. de A. Debritto & M. Diago, *La discriminación positiva en el mundo. Estudio empírico*, Madrid, Gota a gota, 2006.
- Spolsky, B., ed. (1986): *Language and education in multilingual settings*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Suay, F. & G. Sanginés (2010): *Sortir de l'armari lingüístic. Una guia de conducta per a viure en catalá*, Barcelona, Angle Editorial.
- Subiela, X. (2008): “As razóns da lingua galega”, en *Grial*, vol. 179, 32-47.

- Swadesh, M. (1948): “Sociolinguistics notes on obsolescent languages”, en *International Journal of American Linguistics*, vol. 14/4, 226-235.
- Taibo Arias, C. (2008): *Fendas abertas. Seis ensaios sobre a cuestión nacional*, Vigo, Xerais.
- Taibo Arias, C., dir. (2007): *Nacionalismo español. Esencias, memoria e institucións*, Madrid, Libros de la Catarata.
- Thomason, S. G. (2001): *Language contact. An introduction*, Washington, D. C., Georgetown University Press.
- Thoreau, H. D. (1849): *Civil disobedience*. Trad. ao gal. de P. Seoane, *Desobediencia civil e Vida sen fundamentos*, Santiago de Compostela, Positivas, 2002.
- Tsuda, Y. (1986): *Language inequality and distortion in intercultural communication. A critical theory approach*, Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins Publishing Company.
- Tusón, J. (1989): *Mal de llengües a l'entorn dels prejudicis lingüístics*, Barcelona, Empúries. Trad. ao gal. de X. Sousa, *Mal de linguas. Arredor dos prexuícios lingüísticos*, Vigo, Ir Indo, 1991².
- _____ (2006² [2004]): *Patrimoni natural. Elogi i defensa de la diversitat lingüística*, Barcelona, Empúries, col. Biblioteca Universal.
- Varenes, F. de (1996): *Language, Minorities and Human Rights*, The Netherlands, Martinus Nijhoff Publishers, col. International Studies in Human Rights.
- _____ (1997): *Hablar o no hablar. Los derechos de las personas pertenecientes a minorías lingüísticas*, Documento de trabajo por el Grupo de Trabajo sobre las Minorías, Naciones Unidas. Versión electrónica dispoñíbel en: <http://www.unesco.org/most/In2pol4.htm> [29-VI-2010].
- _____ (1999): “The existing rights of minorities in international law”, en M. Kontra *et alii*, eds. (1999), 117-146.
- _____ (2004): *Diversidad lingüística, sostenibilidad y paz*, Barcelona. Versión electrónica dispoñíbel en: <http://www.barcelona2004.org/esp/actualidad/noticias/html/f046076.htm> [29-VI-2010].
- Vernet i Llobet, J. (1994): “La regulación del plurilingüismo en la administración española”, en A. Bastardas i Boada & E. Boix, dirs. (1994), 115-139.
- Vilar Ponte, R. (1977 [1951]): *A xeración do 16*, A Coruña, Publicacións da Real Academia Galega.

- Vilaverde Santamariña, B. (2009): “A necesaria perspectiva individual na defensa dos nosos dereitos”, en *Do compromiso individual aos argumentos. V Curso de verán sobre dinamización lingüística, Traballando en lingua*, Carballo, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña. Publicación electrónica dispoñíbel en http://www.udc.es/snl/V_curso_veran_doc/Beatriz_Vilaverde.pdf [29-VI-2010].
- Vilhar Trilho, X. (2000): “O contencioso basco e o dilema do prisioneiro”, en *Agália*, vol. 63/64 2º semestre, 231-242.
- Villares Naveira, L. (2009): “A inconstitucionalidade da segregación do alumnado por razón de lingua”, en M. P. García Negro, ed. (2009), 135-158.
- Villares Naveira, L., coord. (2010): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*, Ames, Laiovento.
- Weinreich, U. (1968⁶ [1953: *Languages in contact. Findings and problems*, Linguistic Circle of New York]): *Languages in contact. Findings and problems*, The Hague / Paris, Mouton. Trad. ao esp. de F. Rivera, *Lenguas en contacto*, Ediciones de la Biblioteca de la Universidad Central de Venezuela, 1974.
- Whorf, B. L. (1956): *Language, Thought and Reality*, Cambridge (Mass.), The Massachusetts Institute of Technology Press. Trad. ao esp. de J. M. Pomares, *Lenguaje, pensamiento y realidad*, Barcelona, Barral Editores, 1971.
- Wurm, S. A., ed. (2001² [1996]): *Atlas of the world's languages indanger of disappearing*, Paris, UNESCO / Pacific Linguistics. Trad. ao esp., *Atlas de las lenguas del mundo en peligro de desaparición*, Paris, Ediciones UNESCO / Pacific Linguistics, 1996.
- Žižek, S. (1989): *The sublime object of the ideology*, London / New York, Verso. Trad. ao esp. de I. Vericat Núñez, *El sublime objeto de la ideología*, México, D. F. / Buenos Aires / Madrid, Siglo XXI editores, 2008⁴.
- _____ (2008): *In defense of lost causes*, London / New York, Verso.

Anexo I

Índice de cadros e gráficas

Cadro 1: A hipótese da altura da pirámide de Keops	40
Cadro 2: As hipóteses da febre de post-parto	41
Cadro 3: Hipótese da linguo-diversidade	43
Cadro 4: Contratación da hipótese da linguo-diversidade	47
Cadro 5: Linguas (des)prestixiadas	68
Cadro 6: O cume da pirámide ou as grandes linguas do mundo	77
Cadro 7: Causas da morte das linguas	123
Cadro 8: As linguas do mundo segundo o Ethnologue	132
Cadro 9: As linguas naga	158
Cadro 10: O dilema da persoa falante dunha lingua minorizada	176
Cadro 11: A Unión Europea verdadeiramente diversa	211
Cadro 12: Interpretación tradicional dos dereitos individuais e colectivos	227
Cadro 13: Novos conceptos (W. Kymlicka: 1996)	240
Cadro 14: Hipótese dos dereitos lingüísticos individuais diferenciados en función do grupo	244
Gráfica 1: Situación actual de desequilibrio entre galego e español	269
Gráfica 2: Incremento proporcional do desequilibrio	270
Gráfica 3: Acción positiva	280
Gráfica 4: Proto-Contexto equilibrado	280

Anexo II

Imaxes de *De cabeza*, de C. Guo-Qiang⁴³



⁴³ Fonte das imaxes: <http://www.caiguoqiang.com> [2-VIII-2011].

Anexo de lexislación

Lexislación galega

Decreto 101/1985, de 23 de maio, sobre a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia.

Decreto 105/1994, de 16 de xuño, sobre a utilización do idioma galego nos produtos e información ao consumidor usuario. Versión electrónica dispoñíbel en: [http://www.xunta.es/dog/Dog1994.nsf/5168f626b2ff46e041256644003720d2/0597003fde8be245c1257513003087fb/\\$FILE/12000D001P003.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog1994.nsf/5168f626b2ff46e041256644003720d2/0597003fde8be245c1257513003087fb/$FILE/12000D001P003.PDF) [29-VI-2010].

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/22B3A?OpenDocument> [29-VI-2010].

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Versión electrónica dispoñíbel en [http://www.xunta.es/dog/dog.nsf/c7a004d8eff71862c125717600543011/6d6aedc0902df901c125772d00649755/\\$FILE/09700D002P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/dog.nsf/c7a004d8eff71862c125717600543011/6d6aedc0902df901c125772d00649755/$FILE/09700D002P006.PDF) [29-VI-2010].

Estatuto de autonomía de Galicia. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.xral-1.pdf> [29-VI-2010].

Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.xral-2.pdf> [29-VI-2010].

Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. Versión electrónica dispoñíbel en [http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ba7ce72fcc1b389fc12575de006e5d43/\\$FILE/12200D001P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ba7ce72fcc1b389fc12575de006e5d43/$FILE/12200D001P006.PDF) [29-VI-2010].

Plan xeral de normalización da lingua galega. Versión electrónica dispoñíbel en [http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/PNL22x24_textointegro\).pdf](http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/PNL22x24_textointegro).pdf) [29-VI-2010].

Lexislación catalá

Estatut d'autonomia de Catalunya (2006), Barcelona. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.parlament.cat/porteso/estatut/eac_ca_20061116.pdf [29-VI-2010].

Lexislación estatal

Constitución española. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/constitucionspanola.pdf> [29-VI-2010].

Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.boe.es/boe/dias/2010/03/04/pdfs/BOE-A-2010-3514.pdf> [17-V-2011].

Real Decreto 1468/1988, de 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos industriais. Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.boe.es/boe/dias/1988/12/08/pdfs/A34684-34686.pdf> [29-VI-2010].

Lexislación europea

Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.int-4_CartaEuropaLinguas.pdf [29-VI-2010].

Declaración universal de dereitos humanos. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.int-1_DeclUniversalDtos.pdf [29-VI-2010].

Declaración universal de dereitos lingüísticos. Versión electrónica dispoñíbel en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.int-3_DeclUnivDtosLgtcos.pdf [29-VI-2010].

Anexo de xurisprudencia

Tribunal Supremo

Sentenza do Tribunal Supremo 4683/2006, de 5 de xullo (denominación de municipio). Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.poderjudicial.es/search/doAction?action=contentpdf&databasematch=TS&reference=759952&links=&optimize=20060810> [29-VI-2010].

Sentenza do Tribunal Supremo 6347/2009, de 21 de outubro (sobre a non discriminación lingüística do decreto 127/2005). Versión electrónica dispoñíbel en <http://www.poderjudicial.es/search/doAction?action=contentpdf&databasematch=TS&reference=4956184&links=&optimize=20091112> [29-VI-2010].

Tribunal Constitucional

Sentenza do Tribunal Constitucional 84/1986, de 26 de xuño, sobre a lei de Normalización de Galicia.

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Sentenza de 28 de xullo de 1994 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (toponimia).

Sentenza 157/2006, do 23 de febreiro, da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo (sobre a Ordenanza municipal de normalización lingüística do concello das Pontes).

